ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Francisco M.
Sandoval Verea

Tese de doutoramento

Unha vella sociedade rural do interior coruñés: a comarca de Ordes entre o Antigo e o Novo Réxime (séculos XVIII-XIX)

Santiago de Compostela, 2022

Programa de Doutoramento en Historia, Xeografía e Historia da Arte

TESE DE DOUTORAMENTO

Unha vella sociedade rural do interior coruñés: a comarca de Ordes entre o Antigo e o Novo Réxime (séculos XVIII-XIX)

Francisco Manuel Sandoval Verea

ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL
DA UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN
HISTORIA, XEOGRAFÍA E HISTORIA DA ARTE

SANTIAGO DE COMPOSTELA 2022

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

DECLARACIÓN DO AUTOR DA TESE

Título da tese: *Unha vella sociedade rural do interior coruñés: as comunidades campesiñas da comarca de Ordes ante a caída do Antigo Réxime (séculos XVIII-XIX)*

Francisco Manuel Sandoval Verea

Presento a miña tese, seguindo o procedemento axeitado ao Regulamento, e declaro que:

1) A tese abarca os resultados da elaboración do meu traballo.
2) De ser o caso, a tese fai referencia ás colaboracións que tivo este traballo.
3) Confirmo que a tese non incorre en ningún tipo de plaxio doutros autores nin de traballos presentados por min para a obtención doutros títulos.
4) A tese é a versión definitiva presentada para a súa defensa e coincide a versión impresa coa presentada en formato electrónico

E comprométome a presentar o Compromiso Documental de Supervisión no caso de que o orixinal non estea na Escola.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2022

Asdo: Francisco Manuel Sandoval Verea

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DA DIRECTORA DA TESE

Dª. Ofelia Rey Castelao

En condición de directora da tese *Unha vella sociedade rural do interior coruñés: as comunidades campesiñas da comarca de Ordes ante a caída do Antigo Réxime (séculos XVIII-XIX)*

INFORMO:

Que a presente tese, correspóndese co traballo realizado por don Francisco Manuel Sandoval Verea, baixo a miña dirección, e autorizo a súa presentación, considerando que reúne os requisitos esixidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da USC, e que como director/titor desta non incorre nas causas de abstención establecidas na Lei 40/2015.

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2022

Asdo: Ofelia Rey Castelao

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Esta tese foi realizada no seo do proxecto de investigación CULTURAS URBANAS Y RESISTENCIAS EN LA MONARQUÍA HISPÁNICA EN LA EDAD MODERNA. Subproyecto: *Orden, conflicto y resistencias en el Noroeste peninsular ibérico en la Edad Moderna.* ENTIDADE FINANCEIRA: AXENCIA ESTATAL DE INVESTIGACIÓN E FONDOS FEDER DA UNION EUROPEA - REFERENCIA: PGC2018-093841-B-C31





USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

RESUMO

Durante o Antigo Réxime e primeiras décadas do Novo Réxime Liberal, Galicia amosa un panorama de ampla diversidade socioeconómica. Neste contexto, a Comarca de Ordes preséntase como unha terra de transición entre as zonas economicamente máis desenvolvidas do litoral, dos vales prelitorais e das zonas vitícolas do interior, e as áreas máis atrasadas do interior de Lugo e Ourense. A análise da evolución da organización do territorio e da relación das xentes co medio ofrece a imaxe dunha terra caracterizada por unha débil ocupación humana e unha dispersión extrema do hábitat e do poboamento rural. En ausencia de núcleos de poboación concentrada, a articulación do territorio recaía fundamentalmente nas feiras e nunha rede viaria que comunicaba Santiago de Compostela coas cidades e vilas litorais e prelitorais do norte da actual provincia da Coruña. A agricultura estivo bastante condicionada por uns factores climáticos pouco benignos que limitaron a variedade de cultivos e converteron a gandería nun sector fundamental da economía. Asemade, as actividades complementarias da labranza eran escasas. As baixas densidades de poboación que se rexistran foron consecuencia dun crecemento demográfico débil, truncado por frecuentes crises durante o período aquí estudado, sobre todo se se compara coa evolución demográfica da Galicia máis desenvolvida. Isto garda estreita relación coa mencionada limitada capacidade produtiva destas terras e cos patróns de organización social e económica. En consecuencia, a estrutura demográfica resultante preséntase pouco evolucionada e con nula autorregulación. A aproximación á organización socioeconómica e ao réxime de propiedade da terra descobre unha sociedade campesiña na que a presenza dos estamentos privilexiados era moi reducida e na que as diferenzas de riqueza eran máis acusadas que noutras zonas de Galicia. Esta situación era froito do predominio de contratos agrarios pouco favorables para o campesiñado, como o arrendamento e a parzaría, con limitada presenza do foro. A pesar de que a fisionomía global das familias é similar á do conxunto de Galicia, a súa análise detallada revela fortes contrastes dentro das comunidades parroquiais, que responden á polarización económica mencionada. Isto último tamén parece ser a causa dos baixos índices de alfabetización, que presentan os rexistros máis baixos que se coñecen para a Galicia daquel tempo, así como da precaria rede escolar que impedía o acceso da maior parte da poboación á aprendizaxe da lectura e da escritura.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESUMEN

Durante el Antiguo Régimen y primeras décadas del Nuevo Régimen Liberal, Galicia muestra un panorama de amplia diversidad socioeconómica. En este contexto, la Comarca de Ordes se presenta como una tierra de transición entre las zonas económicamente más desarrolladas del litoral, de los valles prelitorais y de las zonas vitícolas del interior, y las áreas más atrasadas del interior de Lugo y Ourense. El análisis de la evolución de la organización del territorio y de la relación de las gentes con el medio ofrece la imagen de una tierra caracterizada por una débil ocupación humana, una dispersión extrema del hábitat y del poboamento rural. En ausencia de núcleos de población concentrada, la articulación del territorio recaía fundamentalmente en las ferias y en una red viaria que comunicaba Santiago de Compostela con las ciudades y villas litorales y prelitorales del norte de la actual provincia de A Coruña. La agricultura estuvo bastante condicionada por unos factores climáticos poco benignos que limitaron la variedad de cultivos y convirtieron la ganadería en un sector fundamental de la economía. Al mismo tiempo, las actividades complementarias de la labranza eran escasas. Las bajas densidades de población que se registran fueron consecuencia de un crecimiento demográfico débil, truncado por frecuentes crisis durante el período aquí estudiado, sobre todo se se compara con la evolución demográfica de la Galicia más desarrollada. Esto guarda estrecha relación con la mencionada limitada capacidad produtiva de estas tierras y con los patrones de organización social y económica. En consecuencia, la estructura demográfica resultante se presenta poco evolucionada y con nula autorregulación. La aproximación a la organización socioeconómica y al régimen de propiedad de la tierra descubre una sociedad campesina en la que la presencia de los estamentos privilegiados era muy reducida y en la que las diferencias de riqueza eran más acusadas que en otras zonas de Galicia. Esta situación era fruto del predominio de contratos agrarios poco favorables para el campesiñado, como el arrendamiento y la aparcería, con limitada presencia del foro. A pesar de que la fisionomía global de las familias es similar a la del conjunto de Galicia, su análisis detallado revela fuertes contrastes dentro de las comunidades parroquiales, que responden a la polarización económica mencionada. Esto último también parece ser la causa de los bajos índices de alfabetización, que presentan los registros más bajos que se conocen para la Galicia de aquel tiempo, así como de la precaria red escolar que impedía el acceso de la mayor parte de la población al aprendizaje de la lectura y de la escritura.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ABSTRACT

During the Ancien Regime and the early decades of the new liberal State, Galicia presents a landscape of wide socio-economic assortment. In this context, the region of Ordes is shown as a transitional area between the coastal councils and the valleys near the littoral, as well as the viticulturist inland areas, more economically developed, in contrast to the more backward areas inside the provinces of Lugo and Ourense. The analysis on the development of the organization of this territory and people's relationship with it presents us the portrait of a faintly populated region with an extreme dispersion of rural settlements, along with a lack of proto-urban cores until the mid-nineteenth century. Agriculture was highly conditioned by unkind climatic conditions which restricted the farming diversity. Therefore, stockbreeding was promoted as an essential economic sector. In addition, the supplementary farming activities were scarce. The low population densities which have been registered were the result of a weak demographic growth, cut short by frequent crises along the researched period, especially if compared with the population increase in more developed Galician regions. All of these aspects are strictly related not only to the constrained productive capacity of the soil but also to the social and economic organizational patterns. As a consequence, the demographic structure becomes slightly evolved and with zero self-regulation. The approach to this land's socio-economic organization and ownership regime reveals a peasant society with a reduced presence of privileged social strata, as well as noticeable wealth differences compared to other Galician regions. This situation was the result of the prevalence of agrarian contracts, as the tenant farming and the sharecropping, which were not much profitable for peasantry, in addition to a limited presence of the *foro*. Despite the fact that the global structure of families is similar to the whole of Galicia, a deeper analysis discloses remarkable disparity inside parochial communities, which responds to the aforesaid economic polarization. That also seems the cause of the low levels of literacy, with the shortest ranges known in Galicia at that time due to the brittle school network, which hindered most people's access to the learning of reading and writing.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

Durante a prolongada fase de elaboración deste traballo foron moitas as persoas que dun modo ou doutro contribuíron coa súa desinteresada colaboración e cuxa cita sería demasiado prolixa. Pero non quero deixar de mencionar a aquelas das que son debedor nalgunha medida. En primeira lugar a directora desta tese de doutoramento, a profesora Ofelia Rey Castelao, que me guiou e orientou con paciencia infinita durante ese tempo e que no seu día me convenceu para que non abandonase o propósito de darlle fin a este traballo. Non me esquezo daquelas persoas que me facilitaron fontes que serven de base a este estudo, como os profesores Antonio Eiras Roel e Pegerto Saavedra, así como de Ana Framiñán, e daquelas outras que nalgún momento me fixeron indicacións valiosas: as xa citadas e os/as profesores/as Baudilio Barreiro Mallón, María Seijas Montero, José M. Vázquez Lijó, Camilo Fernández Cortizo, e Hortensio Sobrado Correa. Estou en débeda con Alfredo J. Conde Mariñas que se ocupou da revisión lingüística e da maquetaxe do texto, así como doutras tarefas relacionadas con aspectos formais da tese; con Diego Blanco Urbano que elaborou de maneira altruista parte da cartografía; con Araceli Gallego Blanco a través da que contactei con Diego e que tamén é responsable da xenerosidade do traballo deste; e co profesor José Ramón Seara Valero e con Amaya Villares Porto-Domínguez, que me orientaron sobre o proceso de formación da paisaxe natural. Agradezo a amabilidade e profesionalidade do persoal dos arquivos nos que investiguei e as facilidades que me brindaron unha serie de persoas para acceder a fondos documentais de distinta natureza que, no momento que os consultei, non se custodiaban en arquivos con servizo de consulta pública. Estoume a referir aos sacerdotes que me abriron as portas das casas reitorais para consultar os fondos parroquiais de Sta. María de Ordes (Víctor Maroño Pena) de Vilamaior-Barbeiros, (Manuel Álvarez), de Poulo-Buscás (Manuel Otero) e de Gándara-Vilarromarís (Jesús Balo); así como a Manuel Pena, funcionario do Concello de Frades, que me facilitou o acceso á consulta da documentación do arquivo dese concello; e tamén a Ángel Verea Blanco que puxo á miña disposición a documentación conservada da familia Fandiño de la Rúa, que ilustra algún apartado deste traballo. Por último e con especial cariño, non podo deixar de mencionar a aquelas/es amigas e amigos que me alentaron insistentemente para que rematase este traballo e ás que lle gardo o máis sincero agradecemento: Francisco Fariña Busto, María Seijas Montero, Arturo Iglesias Ortega, Frutos Fernández González, Mar Ordóñez Reboiras e José Ramón Seara Valero.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Á miña nai e ao meu pai, María Teresa e Marcos
A Alfredo

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE

INTRODUCIÓN.....21
ESTADO DA CUESTIÓN.....21
OBXECTIVOS E MÉTODOS.....24
UNHA PRIMEIRA OLLADA ÁS FONTES.....29

1. ESPAZO NATURAL E ESPAZO POLÍTICO.....33
1.1 AS FONTES.....37
1.2 O ESPAZO NATURAL: A PAISAXE.....38
1.3 O ESPAZO AGRARIO: A PAISAXE HUMANIZADA.....45
1.4 O ESPAZO POLÍTICO: DE XURISDICIÓNS A CONCELLOS CONSTITUCIONAIS.....49
1.4.1. Señores de vasalos e xurisdicións do Antigo Réxime.....51
1.4.2. Dereitos e administración señorial: o exemplo de Folgoso.....63
1.4.3. A primeira organización municipal: o *Ayuntamiento constitucional* de Folgoso durante a etapa "doceanista" (1808-1814) 66
1.4.4. O partido xudicial de Poulo, os concellos do Trienio (1820-1823) e a súa suspensión 72
1.4.5. A definitiva implantación dos concellos …….....74

2. CAMIÑOS, PONTES E BARCAXES: A REDE VIARIA COMO ELEMENTO VERTEBRADOR DO TERRITORIO.....81
2.1 AS FONTES 87
2.2 A REDE VIARIA E A XERARQUÍA DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN NA COMARCA DE ORDES 90
2.2.1 O camiño A Coruña-Santiago 93
2.2.2 Os camiños da zona oriental 107
2.2.3 Os camiños da zona occidental 111
2.2.4 Pontes, pontellas e pasais 113
2.2.5 As barcas do Tambre 118

3. O MERCADO: O PAPEL DAS FEIRAS NA ARTICULACIÓN ECONÓMICA DO TERRITORIO 123
3.1 AS FONTES 126
3.2 ORIXE, EMPRAZAMENTO E VOLUME DAS FEIRAS DA COMARCA DE ORDES 127
3.2.1 Feiras emprazadas no eixo Santiago-A Coruña 129
3.2.2 Feiras da zona occidental 134
3.2.3 Feiras da zona oriental 138
3.3 AS FEIRAS E MERCADOS DA CONTORNA E DO MUNDO URBANO 139
3.4 OS PRODUTOS 142
3.5 ARRENDAMENTOS, ARRENDATARIOS E ARANCEIS 143
3.6 RADIO DE INFLUENCIA DAS FEIRAS 144
3.7 DIMENSIÓN SOCIAL E FESTIVA: ERMIDAS E ROMARÍAS 145

4. POBOAMENTO E HÁBITAT RURAL 149
4.1 AS FONTES 151
4.2 DENSIDADES DE POBOACIÓN 153
4.3 HÁBITAT E POBOAMENTO A TRAVÉS DUNHA FONTE DE ÉPOCA ESTATÍSTICA: O *NOMENCLÁTOR DE 1860*.....154
4.4 COMPARATIVA DO HÁBITAT E DO POBOAMENTO EN 1723 E 1860 158

4.5 POBOAMENTO, HÁBITAT E RÉXIME DE PROPIEDADE 169
4.6 A ESTRUTURA DAS ALDEAS 171
4.7 EMPRAZAMENTO E TOPONIMIA DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN 177

5. ESPAZOS DE VIDA BAIXO TEITO: CASAS, PAZOS, IGREXAS, ERMIDAS E MUIÑOS 181
5.1 AS FONTES 183
5.2 A CASA DE MORADA CAMPESIÑA 185
5.3 AS MORADAS DAS ELITES: PAZOS, CASAS GRANDES E RECTORAIS 193
5.4 HÓRREOS E POMBAIS 203
5.5 ARQUITECTURAS DA AUGA: MUIÑOS E BATÁNS 206
5.6 ARQUITECTURA RELIXIOSA: IGREXAS E ERMIDAS 208
5.6.1 As igrexas parroquiais 208
5.6.2 As ermidas e as capelas 215

6. GRUPOS SOCIAIS E ACTIVIDADES ECONÓMICAS 219
6.1 AS FONTES 220
6.2 AS MINORÍAS SOCIAIS: ELITES RURAIS E CAMPESIÑADO CON OCUPACIÓNS COMPLEMENTARIAS 222
6.2.1 O clero 222
6.2.2 Nobreza absentista e fidalguía local.....225
6.2.3 Actividades complementarias da labranza e outras ocupacións 228
6.3 EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E RÉXIME DE PROPIEDADE DA TERRA 233
6.4 AS RENDAS DA TERRA 241
6.4.1 O perfil sociolóxico dos rendistas 246
6.4.2 Outras rendas sobre a produción agraria 247
6.5 O PARCELAMENTO.....250

7. APROXIMACIÓN ÁS ESTRUTURAS ECONÓMICAS: AGRICULTURA E GANDERÍA COMO BASES DO SISTEMA PRODUTIVO 255
7.1 AS FONTES 256
7.2 A ECONOMÍA LABREGA: ESPAZOS AGRARIOS, GANDERÍA E FORMAS DE EXPLOTACIÓN 256
7.2.1 A distribución das dedicacións da superfie agraria en 1752 257
7.2.2 Rotacións de cultivos 265
7.2.3 A produción de cereal a partir das declaracións decimais en 1752 268
7.3 GANDERÍA: ESPECIES E A SÚA IMPORTANCIA ECONÓMICA 273
7.3.1 A composición da cabana gandeira 276
7.3.2 A abundancia do gando *posto á ganancia* 280
7.3.3 Rendementos gandeiros 270

8. A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DURANTE OS SÉCULOS XVI-XIX: UNHA APROXIMACIÓN ÁS CONXUNTURAS 285
8.1 AS FONTES 272
8.2 CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIS DA POBOACIÓN A FINAIS DO ANTIGO RÉXIME 289
8.2.1 A estrutura demográfica en 1787 289
8.2.2 A estrutura demográfica en 1860 296
8.3 POBOACIÓN E POBOAMENTO A TRAVESO DE VECIÑANZAS, CENSOS, E RECONTOS 301
8.3.1 A evolución do número de veciños e habitantes 301
8.3.2 Número e dimensións dos fogares 206

8.4 A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA A TRAVÉS DAS FONTES PARROQUIAIS 207
8.4.1. A evolución secular das variables demográficas 207
8.4.2 Interpretación da dinámica demográfica a través das medias decenais 314
8.4.3 A medición das variables demográficas a través de varios indicadores.....317
8.5 ALGUNHAS CUESTIÓNS DE HISTORIA SOCIAL A PARTIR DAS FONTES PARROQUIAIS ...320
8.5.1 Ilexítimos e expósitos 320
8.5.2 A fluctuación estacional dos matrimonios 324
8.5.3 As estratexias nupciais da familia 326
8.5.4 A febleza do fenómeno migratorio 331

9. A FAMILIA: TAMAÑOS, COMPOSICIÓN, ESTRUTURAS E PATRIMONIO DOS FOGARES 337
9.1 AS FONTES 339
9.2 CARACTERÍSTICAS XERAIS DO AGREGADO DOMÉSTICO EN 1708, 1752 E 1852 340
9.3 XEFATURAS, TAMAÑOS E COMPOSICIÓN DO AGREGADO DOMÉSTICO 345
9.3.1 As xefaturas: distribución por sexo, idade e estado civil 345
9.3.2 Tamaños e aportes dos agregados familiares segundo o sexo e estado civil do/a xefe/a en 1752 e 1852 351
9.3.3 A evolución dos aportes do fogar ao longo do ciclo familiar en 1752 354
9.4 AS ESTRUTURAS FAMILIARES EN 1708 E 1752 357
9.4.1 Solitarios 357
9.4.2 Sen estrutura familiar (S.E.F.) 357
9.4.3 Nucleares 359
9.4.4 Parella conxugal 359
9.4.5 Parella conxugal con fillos 360
9.4.6 Viúvos/as con fillos/as 360
9.4.7 Solteiro/a con fillos 360
9.4.8 Estruturas complexas 361
9.4.9 Familias con estrutura extensa 362
9.4.10 Múltiples 364
9.5 ESTRUTURAS E DIMENSIÓNS DO GRUPO DOMÉSTICO AO LONGO DO TEÓRICO CICLO FAMILIAR EN 1752 367
9.6 GRUPOS SOCIOPROFESIONAIS E TIPOS DE FAMILIA 371
9.6.1 As elites parroquiais 371
9.6.2 As familias con actividades complementarias da labranza 373
9.7 O PATRIMONIO FAMILIAR: GRUPO DOMÉSTICO E EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA EN 1752 376

10. ALFABETIZACIÓN, ESCOLA E RENDA FAMILIAR 385
10.1 AS FONTES 386
10.2 A EVOLUCIÓN DOS NIVEIS DE ALFABETIZACIÓN 389
10.3 SINATURAS, FAMILIA E PATRIMONIO 391
10.4 ALFABETIZACIÓN E TERRITORIO 395
10.5 A REDE ESCOLAR 397

11. CONCLUSIÓNS 401

ABREVIATURAS.....423

BIBLIOGRAFÍA.....425

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FONTES IMPRESAS.....442

FONTES CARTOGRÁFICAS.....443

PUBLICACIÓNS E RECURSOS ELECTRÓNICOS.....443

FONTES HISTÓRICAS DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS.....445

APÉNDICES.....449
1. APÉNDICE CARTOGRÁFICO 449
2. APÉNDICE ESTATÍSTICO 459

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

ESTADO DA CUESTIÓN

En 2021 publicábase en Francia a obra de Enmanuelle Charpentier *Les campagnes françaises à l'époque moderne*[1], un libro que ven a dar sentido a esta tese en tanto que supón unha volta ao esquema tradicional da monografía rural pero cos avances que teñen aportado as novas liñas de investigación desenvolvidas desde os primeiros pasos da historia rural de base comarcal dados en Francia grazas a obras monumentais como a que serviu de modelo para a historia rural feita en Galicia, a de Pierre Goubert, discípulo de Marc Bloch, sobre o Beauvais[2]. Sen dúbida, Bloch foi o referente indiscutible coa súa obra *Les caracteres originaux de l'histoire rurale française*, publicada en 1931; rematada a Guerra Mundial e ata mediados os anos setenta do século XX desenvolveuse unha tarefa fundamental para o coñecemento do mundo rural[3]. Obras que darían un marco novo ao da historia, partindo da base campesiña que alimentaba e sostiña á sociedade do Antigo Réxime, fronte á historia clásica feita desde arriba e con perspectiva urbana. Entre 1975 e 1976 esa liña de análise deu como froito a xigantesca *Histoire de la France Rurale,* dirixida por Georges Duby e Armand Wallon[4], na que se facía unha completa perspectiva baseada nos traballos, xa moitos, que foran estudando peza a peza os territorios franceses; o segundo volume abarca do século XIV a 1789, periodización que ten a súa razón pero non para a Galicia que estudamos, que seguirá o seu curso polo Antigo Réxime ata 1833 ou aínda máis adiante. A importancia e os valores desa obra colectiva poden comprobarse nas súas reedicións, a última delas en 2018. O que fai Enmanuelle Charpentier non é unha síntese dese proxecto, é máis ben un apertado manual que reivindica ao rural e aos seus habitantes nun mundo, o actual, dun falso neo-ruralismo que non os comprende ou os interpreta mal. Esta autora subliña, como facía Goubert, a diversidade do mundo rural fronte a idea de homoxeneidade, as súas mutacións profundas, fronte a idea da inmobilidade, e as súas relacións cada vez máis intensas con outras realidades, fronte a idea de illamento ou auto-xestión; as ligazóns inevitables coas vilas e os poderes urbanos, a afirmación do poder monárquico, a alteración paulatina dos cadros tradicionais da familia, a comunidade, a parroquia, o señorío; a evolución, lenta pero imparable, das novidades nos cultivos e nas técnicas agrícolas, no consumo e na comercialización de produtos; a sociabilidade afectada polos efectos da cultura escrita e a trasfega de ideas, hábitos e costumes que eran froito da mobilidade e das migracións; a vulnerabilidade da vida cotiá, conmovida polas crises de produción ou polos contaxios, ou polos conflitos, pequenos ou grandes. En fin, un cadro complexo que en Galicia está bastante cuberto ao que esta tese pretende aportar unha peza máis para comprender a súa diversidade. Pola súa parte, Francisco García González apostaba en 2015 por un futuro prometedor para a historia rural na medida en que, partindo das ensinanzas do pasado, se incorporasen novos enfoques, se superase o "enclaustramiento" cronolóxio, superando os tradicionais compartimentos estancos das divisións académicas, e se rompesen as fronteiras disciplinares que durante moito tempo escindiran a historia social e económica da historia

[1] CHARPENTIER, E., *Les campagnes françaises à l'époque moderne,* París, 2021.

[2] GOUBERT, P., *Beauvais et le Beauvaisis: contribution á l'histoire sociale de la France du XVIIe siècle*, París, 1960.

[3] Véxase unha síntese de achegas e de obras desta época en "Introducción. La historia rural, entre la historia comparada y la renovación", capítulo de apertura da obra colectiva GARCÍA GONZÁLEZ, F., BÉAUR, G. e E BOUDJAABA, F. (eds.), *La historia rural en España y Francia (siglos XVI-XIX): contribuciones para una historia comparada y renovada,* Zaragoza, 2017, p. 9-34.

[4] NEVEUX, H.; DUBY, G.; JACQUART, J. e WALLON, A. (eds.), *L'âge classique des paysans, de 1340 à 1789*, Paris, 1975.

política e cultural. En termos parecidos se expresaba Hortensio Sobrado que apuntaba os retos da historia rural nesa data apuntando temas pendentes e abogaba pola necesaria interdisciplinariedade destes estudos, tantas veces demandada[5]. Parte das propostas destes autores incorpóranse nesta tese en tanto que o marco cronolóxico se move entre ás épocas moderna e contemporánea do mesmo xeito que se integran capítulos dedicados á organización política do territorio, aos niveis de alfabetización e á rede escolar, cuestións nos que no se profundizaba ou non estaban presentes nos clásicos estudos de historia rural.

A dilatada tradición dos estudos rurais de base comarcal permite, a día de hoxe, ter unha completa visión das características do Antigo Réxime do Noroeste peninsular. Por tanto, o tempo está a demostrar a congruencia do ambicioso proxecto de reconstrución histórica da Galicia da época moderna a partir de monografías comarcais, primeiro paso para a elaboración de traballos de síntese que ofrecesen unha completa imaxe do antigo Reino de Galicia, proxecto trazado e impulsado polo profesor Antonio Eiras Roel na década de 1970, como é de xustiza recordar[6]. Traballos pioneiros da década de 1970 como os de Hilario Rodríguez Ferreiro sobre Trasdeza e a xurisdición do Morrazo, o de Baudilio Barreiro sobre a terra de Xallas, o de José Manuel Pérez García sobre o Salnés marcaron o camiño a seguir[7]. Senda que camiñaron a finais desa década e durante a seguinte Pegerto Saavedra a través dos seus estudos sobre o Concello de Burón e a provincia de Mondoñedo, Ofelia Rey sobre A Ulla, Juan E. Gelabert sobre a Terra de Santiago e o de Ramón Villares sobre A Ulloa[8]. Posteriormente fóronse publicando obras de síntese en forma de monografía nas que a historia rural seguía tendo un peso importante[9] e simultaneamente apareceron proxectos editoriais sobre Historia de Galicia

[5] GARCÍA GONZÁLEZ, F., "Investigar historia rural en España y Francia en la época moderna. Immpulso y renovación desde la historia comparada", en REY CASTELAO, O. e SUÁREZ GOLÁN, F. (coords.), ***L****os vestidos de Clío: métodos y tendencias recientes de la historiografía modernista española (1973-2013),* Santiago de Compostela, 2015, pp. 172-203; SOBRADO CORREA, H**.,** **"**La historia rural en la España de la Edad Moderna, 1973-2013: retos actuales y perspectivas de futuro", en REY CASTELAO, O. e SUÁREZ GOLÁN, F. (coords.), ***L****os vestidos…,* op. cit., pp. 487-503.

[6] Foron un fito as *I Jornadas de Metodología Aplicada a las Ciencias Históricas* de 1973, nas que se presentaron varias achegas sobre Galicia, encontro científico a partir do cal viu a luz unha das primeiras achegas neste sentido: EIRAS ROEL, A. et al.; *Las fuentes y los métodos: 15 trabajos de historia cuantitativa serial de Galicia.* Santiago, 1977.

[7] RODRÍGUEZ FERREIRO, H., *La tierra de Trasdeza: una economía rural antigua: población y economía de la antigua Jurisdicción de Trasdeza en la primera mitad del S.XVIII,* Santiago, 1973 e a tese do mesmo autor publicada póstumamente, *A Xurisdicción do Morrazo: S. XVII-XVIII***,** Pontevedra, 2003; BARREIRO MALLÓN, B. *La jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII. Población, sociedad y economía*, Santiago, 1977; PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la península del Salnés*, Santiago, 1979.

[8] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón*, Santiago, 1979; e do mesmo autor*: Economía política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830*. A Coruña, 1985; REY CASTELAO, O., *Aproximación a la historia rural de la comarca de la Ulla. Siglos XVII-XVIII*, Santiago, 1981; GELABERT, J. E., *Santiago y la Tierra de Santiago de 1500 a 1640: contribución a la Historia Económica y Social de los territorios de la Corona de Castilla en los siglos XVI y XVII*, Sada-A Coruña, 1982; VILLARES PAZ, R., *La propiedad de la tierra en Galicia,* 1500-1836, Madrid, 1982. Entre as teses de licenciatura da década de 1980 caben citarse as de PEDROUZO VIZCAÍNO, O., *El arciprestazgo de Narla en el Antiguo Régimen. Un estudio de historia rural*, (tese de licenciatura inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 1980; e QUIROGA BARRO, G., *Evolución dunha estructura agraria na Galicia interior: a terra de Viana do Bolo, 1600-1820,* Ourense, 1988.

[9] EIRAS ROEL, A., *Estudios sobre agricultura y población en la España Moderna,* Santiago, 1990; SAAVEDRA, P., *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994; REY CASTELAO, O., *A Galicia clásica e barroca,* Vigo, 1998). A escola compostelá creada por Antonio Eiras rebordou as fronteiras de Galicia a través de menbros dela como Baudilio Barreiro ou José Manuel Pérez García, dirixindo teses entre as que cabe salientar dirixida polo primeiro sobre La Bañeza: RUBIO PÉREZ,

que incluían volumes dedicados á Idade Moderna nos que a historia rural tiña unha presenza salientable e nas que tamén se presentaban os coñecementos sobre o tema a partir das publicacións e teses de doutoramento e licenciatura existentes no momento da publicación destas obras[10]. Nas última décadas do século XX e primeira do XXI viron a luz novos estudos de historia rural en forma de tese de doutoramento como o de Hortensio Sobrado sobre o interior lugués e o de Camilo Fernández Cortizo sobre a Terra de Montes e a máis recentemente o de Delfina Rodríguez sobre a terra de Celanova, á parte de abundantes memorias de licenciatura sobre a mesma temática, algunhas publicadas e outras inéditas, tanto na Universidade de Santiago de Compostela como na de Vigo[11]. Pode dicirse que os traballos de historia rural foron desbravando o camiño –ou mellor, os camiños- polos que logo puideron transitar os modernistas galegos e dirixir a atención cara aspectos máis concretos sen por isto perder a mencionada perspectiva global, de maneira que dende a década de 1980 se cultivaron novas liñas de investigación como a historia política, da familia, das mentalidades, o estudo das elites sociais leigas e eclesiásticas, etc.[12]. É importante subliñar que non houbo proxectos desde o hispanismo francés de facer a historia rural de Galicia, pode que polo peso académico de Eiras Roel, como si os houbo para Castela, Cataluña ou Andalucía, pero si foi obxecto de atención dun senlleiro xeógrafo, Abel Bouhier, ao que debemos unha obra fundamental para a comprensión da relación entre espazo, poboación e agricultura na longa duración[13].

L., *La Bañeza y su tierra, 1650-1850. Un modelo de sociedad rural leonesa: (los hombres, los recursos y los comportamientos sociales)*, Universidad de León, 1987.

[10] VILLARES, R. (ed.), *Historia de Galicia*, Vigo, 1991, con capítulos de Pegerto Saavedra, Camilo Fernández Cortizo e José Manuel Pérez García; *Galicia, Historia,* A Coruña, 1992, cuxo tomo III, elaborado por Pegerto Saavedra, leva por título *La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y sociedad*; BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R, e VILLARES PAZ, R. (dirs.), *A Gran Historia de Galicia,* A Coruña, 2007, na que colaboraron Pergerto Saavedra (tomos 13 a 17) e Hortensio Sobrado (tomos 11 e 12). Virían logo outras sínteses nas que o rural foi perdendo protagonismo ao engadirse novas liñas de investigación dos modernistas galegos como en DUBERT, I., (coord.), , *Historia de la Galicia Moderna. Siglos XVI-XIX,* Santiago de Compostela, 2012. Non obstante, nesta obra o rural non está ausente: FERNÁNDEZ CORTIZO, C. J., "Población rural, mundo urbano y migraciones", Ibídem, pp. 39-93; e SAAVEDRA, P., "El mundo rural", Ibídem, pp. 151-216.

[11] SOBRADO CORREA, H.*, Vinculeiros, célibes y bastardos. Economía y organización familiar en las tierras lucenses, siglos XVI-XIX*, Universidade de Santiago, 1997, tese de doutoramento publicada pouco tempo despois baixo o título *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna: economía campesina, familia y herencia, 1550-1860,* A Coruña, 2001; FERNANDEZ CORTIZO, C., *La Tierra de Montes en el siglo XVIII: estructura demográfica y sistema familiar en una sociedad rural,* Santiago de Compostela, 2001 (tese de doutoramento inédita). Entre as teses de licenciatura publicadas ou inéditas cabe citar as de: CASTIÑEIRA CASTRO, V., *Dinámica sociodemográfica del Finisterre gallego (1600-1860)*, Santiago, 1996 (tese de licenciatura inédita); RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Delfina, *A terra e as xentes. Nacer, vivir e morrer na comarca de Celanova ó longo da Idade Moderna*, A Coruña, 1999; SEIJAS MONTERO, M., *Las Tierras de Trasdeza en el siglo XVIII: dominio del Priorato de Carboeiro*, Pontevedra, 2001; LÓPEZ ÁLVAREZ, Mª José, *A terra de Cea no antigo réxime. Formas de vida nunha comarca de transición ourensá,* Ourense, 2007; e GONZÁLEZ ABELLÁS, I. C., *La comarca de Monterrei en el Antiguo Régimen. Economía, demografía y familia,* Santiago de Compostela, 2010.

[12] Existen varios traballos nos que se abordan as liñas de investigación do modernismo galego entre as que caben citarse: SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "As aportacións á Historia Moderna de Galicia desde mediados da década dos oitenta" en GONZÁLEZ BERAMENDI, J. (coord.), *Galicia e a historiografía*, Santiago, 1993, pp. 107-121; GONZÁLEZ LOPO, D. L. e LÓPEZ LÓPEZ, R. J. (eds.), *Balance de la historiografía modernista: 1973-2001: actas del VI Coloquio de Metodología Histórica Aplicada (Homenaje al Profesor Dr. Antonio Eiras Roel*), Santiago de Compostela, 2003. Unha síntese en GRUPO DE HISTORIA MODERNA, "Grandes líneas de la produción historiográfica del modernismo gallego", en DUBERT, I., (coord..), *Historia de la Galicia…,* op. cit., pp. 407-429.

[13] BOUHIER, A., *La Galice. Essai Géographique d'analyse et interpretation d'un vieux complexe agraire*, La-Roche-Sur-Yon, 1979.

Na propia historia rural os cambios son importantes, desde o enfoque aportado por Pegerto Saavedra e Ofelia Rey sobre a xestión dos comunais e dos montes[14]; os que estudan a xestión da auga, dos regadíos e dos atrancos ás comunicación, atendendo ao curso dos grandes ríos e as súas concas, como a propia Ofelia Rey e Ramón Falcón Galiñanes[15]; a análise que realizou Rubén Castro Redondo das medidas que se empregaban nas aldeas para pagar as rendas ou trocar mercadorías ou vender unha leira[16]; a conflitividade, diversa, intensa e profunda, que ten dado unha visión ben distinta dun apracible mundo rural que descubriu Raquel Iglesias Estepa[17]; a mobilidade rural e as migracións estudadas por Antonio Eiras Roel e outros moitos investigadores galegos[18] e o protagonismo acadado polas mulleres na Galicia da Idade Moderna que puxeron en primeiro plano Serrana Rial García, Ana Sixto Barcia e Tamara González López[19]. Varios estados da cuestión publicados nos últimos anos permiten que non nos estendamos máis neste aspecto deixando a cita da abundante bibliografía galega no capítulo que lle corresponda[20].

Polo que se refire ao conxunto español, a situación actual é dun notable abandono por parte dos historiadores modernistas, tanto polo feito de que a historia urbana é seguida con máis interese, como porque a falta de dominio do francés fai que os novos investigadores non estean en condicións de seguir as publicacións xa mencionadas como as revistas que aínda se publican en Francia sobre o rural. Varias publicacións de síntese

[14] REY CASTELAO, O., *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago, 1995; REY CASTELAO, O., "Familia y acceso a la propiedad colectiva en dos comarcas de la Galicia atlántica" en *Preactas del Congreso Internacional "Historia de la Familia. nuevas perspectivas sobre la sociedad europea"*, Murcia, 1994, pp.721-731; SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. "Os montes abertos e os concellos rurais en Galicia nos séculos XVI-XVIII: aproximación a un problema" en SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Das casas de morada ao monte comunal,* Santiago, 1996, p 335 y ss.; e en publicacións de tema máis amplo: BOUHIER, A.: *La Galice...*, op. cit., p. 807 e ss.; SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P.: *Economía ...,* op. cit. p. 143 e ss.

[15] REY CASTELAO, O., "La lucha por el agua en el país de la lluvia (Galicia, siglos XVI-XIX), *Vínculos de Historia*, 1, 2012, pp. 45-72.; FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia y usos del agua en el noroeste de Galicia a finales del Antiguo Régimen: las cuencas fluviales,* Santiago de Compostela, 2018 [tese de doutoramento inédita],

[16] CASTRO REDONDO, R., *La conflictividad vecinal en la Galicia de fines del Antiguo Régimen: Los conflictos por medidas y límites,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2016; *Entre colmos, rebolas e dobres varas de medir: conflitos por medidas na Galicia Moderna (séculos XVI-XIX),* Valga (Pontevedra), 2016.

[17] IGLESIAS ESTEPA, R., *Las quiebras del orden cotidiano: comportamientos criminales en la sociedad gallega de fines del Antiguo Régimen,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2004; *Crimen, criminales y reos: la delincuencia y su represión en la antigua provincia de Santiago entre 1700 y 1834*, Vigo, Santiago de Compostela, 2007.

[18] EIRAS ROEL, A. (ed.): *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Santiago de Compostela, Xunta, 1992. EIRAS ROEL, A. y REY CASTELAO, O. (eds.), *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica, 1500-1900*, Santiago de Compostela, Xunta, 1994. REY CASTELAO, O., *El vuelo corto. Mujeres y migraciones en la Edad Moderna*, Santiago, 2021. O fenómeno migratorio tamén foi obxecto de moitos estudos de ámbito comarcal.

[19] RIAL GARCÍA, S., *Mujer y actividad económica en la Galicia moderna: la inserción de las mujeres en la produción económica rural y urbana,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2003; SIXTO BARCIA, A., *Mujeres y cultura letrada en la Galicia moderna,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2015; GONZÁLEZ LÓPEZ, T., *Prácticas colectivas en las comunidades parroquiales de la Galicia interior, siglos XVI-XIX,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2018.

[20] Referímonos, entre outros, a artigos de Hortensio Sobrado Correa, Isidro Dubert, Camilo Fernández Cortizo, Pegerto Saavedra, etc. que aparecen en GONZÁLEZ LOPO, D.L. e LÓPEZ LÓPEZ, R.J. (eds.), *Balance…* op. cit.

ou estados da cuestión fan fincapé nese abandono[21], aínda que é certo que se manteñen proxectos importantes como os sostidos por asociacións de historiadores, máis de Historia Económica que de Historia Moderna, en especial a publicación periódica, *Historia agraria. Revista de agricultura e historia rural*; os números máis recentes desta revista, que publica tanto artigos de investigación como interesantes achegas teóricas, permiten comprobar o peso crecente do período contemporáneo, o mesmo que se constata nos congresos das asociacións, como por exemplo, no celebrado en Salamanca en setembro de 2021.

OBXECTIVOS E MÉTODOS

Conforme aos presupostos que teñen movido a maioría destes traballos, non pretendemos quedarnos na exposición "localista" das características das comunidades rurais do interior coruñés, senón presentalas como un exemplo máis dos innumerables que conformaban as sociedades de Antigo Réxime da Europa occidental. A redución da escala de observación non debe facer perder de vista o contexto xeral no que se inscribe a realidade histórica analizada, senón que polo contrario, o que se pretende é explicar os comportamentos particulares de pequenas comunidades –xa sexan freguesías ou familias- dentro de marcos históricos amplos para demostrar como a vida das xentes que habitaban as aldeas desta comarca tanto ten que ver con acontecementos alleos a eles –dinámicas económicas e políticas- como coas estratexias vitais que as familias e os individuos deseñaban ante as distintas conxunturas que se lles presentaban acotío[22]. A historia local aporta exemplos concretos e tanxibles á historia xeral porque calquera territorio é un universo en si mesmo. En palabras de Marc Bloc a historia local é "una pregunta de historia general hecha a los datos proporcionados por un campo de experiencia reducido", ou dito con outras palabras"una pequeña sociedad pueblerina o urbana es como un pequeño espejo donde se reflejan todos los grandes acontecimientos históricos"[23]. Preténdese, en definitiva, enriquecer na medida do posible o coñecemento do pasado confirmando cuestións coñecidas e despexando outras máis neboentas a través do estudo dunha área xeográfica bastante desatendida pola investigación histórica.

O suxeito historiográfico deste traballo son as comunidades campesiñas da comarca de Ordes, é dicir, ven determinado por un espazo xeográfico concreto, como é común nos traballos de historia rural. Sobre a expresión "comunidades campesiñas" convén facer algunhas apreciacións. Utilízase o termo "comunidade" nun sentido plural, de maneira que tanto nos estamos a referir á comunidade familiar como ás comunidades aldeás ou as contidas dentro das parroquias, xurisdicións e municipios. Comunidades "campesiñas" porque a práctica totalidade da poboación está composta de xentes dedicadas á labranza da terra e ao granxeo de animais ou por persoas directamente relacionadas co mundo agrario. O cal non quere dicir que non se lles dedique atención a aqueles sectores sociais minoritarios que, en xeral, non traballaban a terra –clero, fidalguía- ou exercían actividades distintas da labranza.

O marco xeográfico ven dado por unha entidade que na actualidade carece de recoñecemento oficial, como é a comarca, pero que na década de 1990 foi a cerna dun destacado proxecto de ordenación do territorio promovido polo goberno galego. Na actualidade esa realidade territorial reflíctese na existencia da Mancomunidade de Ordes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[21] GARCÍA GONZÁLEZ, F.; BÉAUR, G. e E BOUDJAABA, F. (eds.), *La historia rural en España y Francia (siglos XVI-XIX): contribuciones para una historia comparada y renovada,* Zaragoza, 2017; SOBRADO CORREA, H., **"**La historia rural…, op. cit.

[22] LEVI, G. "Sobre microhistoria" en BURKE, P. (ed.), *Formas de hacer Historia*, Madrid, 1993, pp. XX.

[23] BLOCH, M., *La tierra y el campesino. Agricultura y vida rural en los siglos XVII y XVIII*, Barcelona, 2002, pp. 160 e 179.

que integra os municipios que formaron parte do primeiro partido xudicial de Ordes, exceptuando o do Val do Dubra. Trátase dun territorio cunhas características morfoclimáticas, económicas e sociais bastante homoxéneas e similares ás do conxunto da penichaira coruñesa. Neste sentido pódese que dicir que carece duns claros límites naturais nos seus flancos leste e oeste. Na parte sur o Tambre serve de perímetro a esta comarca pero pode dicirse que non existen diferenzas entre as parroquias ribeiráns dunha e outra marxe do río. En consecuencia hai que recoñecer que a súa delimitación física veu dada precisamente polo establecemento do partido xudicial de Ordes en 1834. De feito, o plan de comarcalización de Galicia da década de 1990 tomou esta demarcación como punto de partida para configurar a Comarca de Ordes. Pero, como veremos, isto non significa que a actual demarcación desta comarca careza de antecedentes históricos máis antigos que a do partido xudicial. Para algúns capítulos manexáronse fontes que nos aportan información relativa ao conxunto da comarca. Outros focalízanse nalgúns concellos como Ordes, Oroso e Frades e no tocante ao Antigo Réxime o territorio mellor estudado é a antiga xurisdición de Folgoso que reunía parroquias dos tres concellos mencionados e que se situaba na parte central da comarca, onde se poden atopar mais elementos de contraste que nas zonas oriental e occidental.

O marco cronolóxico, se ben abarca a totalidade da Idade Moderna e a primeira metade do século XIX, céntrase particularmente no século XVIII, debido á maior riqueza en número e calidade das fontes desta centuria para estudos de historia rural. Nese senso pódese dicir que é o *Catastro de Ensenada* vertebra este traballo, polo que para fuxir dunha a imaxe demasiado estática a súa información contrastouse coa doutras fontes como os *Expedientes de Hacienda* de finais do século XVI ou utilizáronse series parroquiais que apuntan algunhas liñas do que deberon ser as conxunturas dos séculos XVIII e XIX. A prolongación do estudo ate mediados do século XIX, excedendo o que, *strictu sensu,* se entende por Antigo Réxime ten a súa xustificación no feito de que a pesar dos cambios políticos que supuxo a implantación das reformas promovidas polo Estado Liberal, as estruturas económicas e sociais das comunidades rurais sufriron escasas alteracións. En contrapartida cóntase con fontes xeneralistas carácter bibliográfico como os dicionarios de Miñano e Madoz, recursos cartográficos como os mapas de Fontán e Coello e fontes de xeradas pola administración liberal como o censo e o nomenclátor de 1860 ou os padróns municipais de veciños, entre outras, o que permite facer comparacións coas do século XVIII a fin de avaliar os cambios e as permanencias.

O estudo da primeira metade do século XIX tamén permite describir o proceso de esmorecemento político do Antigo Réxime e o complicado parto que supuxo a definitiva instauración do Réxime Liberal co efecto que isto tivo na administración local dunha zona que carecía de calquera tipo de organización municipal. Etapa esta moi atractiva para o historiador porque condensa gran cantidade de sucesos que supuxeron mudanzas revolucionarias na organización política pero cuxos efectos prácticos na sociedade rural estiveron lonxe de ser tan radicais. As maiores novidades traídas polo novo réxime daranse na organización dos poderes locais ao ser substituídas as xurisdicións señoriais por concellos constitucionais. Pero outras medidas gobernamentais, como os procesos desamortizadores, de forte impacto noutras áreas de Galicia e España, tiveron na comarca de Ordes un efecto limitado toda vez que este territorio careceu da implantación de comunidades do clero regular ou de priorados ou granxas dependentes destas. Por outra parte, a inexistencia de institucións de carácter municipal durante o Antigo Réxime tamén contribuíu a que a desamortización civil tivese escasas consecuencias.

As datas límite do traballo, máis que por sucesos de calado político ou socioeconómico, veñen dadas polas fontes que poden informar sobre os aspectos socioeconómicos do mundo rural durante o século XVIII e primeira metade XIX. De aí

que a data final sexa 1860 porque é nese ano cando se elabora o primeiro censo de poboación español, con seu correspondente nomenclátor, que merecen maior confianza dos historiadores. Polo que se refire á data de comezo hai que dicir que, se ben o groso dos datos referidos ao Antigo Réxime proceden do século XVIII, tamén se toman referencias de fontes anteriores que completan ou ilustran certas cuestións. Nese sentido no capítulo, dedicado á evolución demográfica, pártese de finais do século XVI para ter a perspectiva da longa duración, e igualmente no capítulo final adicado á evolución dos niveis de alfabetización. Asemade bótase man dos *Expedientes de Facenda* de finais do século XVI, abondosos en textos ricos en apreciacións de tipo social ou económica que completan a imaxe da sociedade do Antigo Réxime extraída a partir das fontes do XVIII.

En calquera caso, como indicamos máis arriba, a información relativa ao ese século é tan superior á das outras épocas que a imaxe que se obtén a partir dela acaba ensombrecendo as dos demais períodos, incluso aos máis próximos no tempo como a primeira metade do XIX. Isto é debido á desbordante riqueza informativa do *Catastro de Ensenada*, unha fonte que nos permite reconstruír a sociedade de mediados do século XVIII cun grao de detalle dificilmente parangonable a outros períodos históricos anteriores ao último cuarto do XIX. Pódese afirmar, por tanto, que o *Catastro* vertebra este traballo na medida en que se converte no inevitable referente co que se establecen as comparacións de etapas posteriores e anteriores. Como contrapartida proxéctase unha imaxe bastante estática pese ao dinamismo que se trata de introducir cos datos relativos a outros momentos. Mencionamos aquí as fontes máis destacadas deste traballo, se ben cada capítulo conta cun apartado propio no que se analizan con máis profundidade as manexadas en cada un deles.

Algúns dos novos enfoques da historia rural sobre a Galicia do Antigo Réxime que fomos enumerando e que non estaban presentes nos primeiros traballos de historia rural incorpóranse aos obxectivos desta tese[24]. Así, ao tradicional estudo das conxunturas demográficas e das estruturas sociais e económicas que caracterizaban a aqueles traballos, engádense cuestións como a análise da organización do espazo atendendo a distintas variables[25]. Existen unha serie de elementos naturais ou antrópicos que en cada momento serviron como referentes para organizar o espazo nas mentes dos habitantes dun determinado territorio: a orografía, a hidrografía, a rede viaria, os encontros mercantís, as demarcacións políticas e relixiosas, os núcleos de poboamento rurais ou urbanos, etc. Por iso establecemos como primeiro obxectivo coñecer as características do espazo natural deste territorio no período estudado para a continuación abordar a organización que lle deron as comunidades humanas para a súa explotación económica, así como as demarcacións derivadas das formas de organización relixiosa e política no ámbito local e as súas transformacións durante a fase de transición do Antigo Réxime ao Réxime Liberal. A articulación do espazo de calquera sociedade é moito máis complexa que os seus límites político-territoriais e a organización e percepción de aquel ven dada por una serie de factores que poden ser distintos en cada comunidade -incluso en cada individuo-, e que non sempre son fáciles de descubrir. Partindo da idea de que o espazo se elabora a partir dunha noción de centro, pódese dicir que as comunidades que aquí imos estudar percibían o seu espazo en función do elemental núcleo de hábitat rural, a aldea, como centro, e que funcionaban como eixos vertebradores do espazo as utilidades económicas do solo, as vías de comunicación –camiños- e os obstáculos a esa propia comunicación –

[24] Historia política, da familia, das mentalidades, o estudo das elites sociais leigas e eclesiásticas. Para unha completa visión desta segunda etapa vid. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "As aportacións á Historia Moderna de Galicia desde mediados da década dos oitenta" en GONZÁLEZ BERAMENDI, J. (coord.), *Galicia e a historiografía*, Santiago, 1993, pp. 107-121.

[25] DUBERT, I., "Espacio..., op. cit.

elementos de fronteira coma ríos, montes...-, os núcleos urbanos próximos ou afastados, ou as periódicas reunións sociais de carácter económico ou festivo-relixioso (feiras e romarías)[26]. Os espazos económicos organizábanse en función dos usos dados á terra: bravo e manso, coas correspondentes subdivisións que se daban dentro destes espazos xenéricos. Na construción mental da paisaxe humana por parte das xentes que a poboaban eran fundamentais os "outros" núcleos de hábitat, -xa foran as aldeas na corta distancia, as outras parroquias, ou as cidades na media distancia- e a rede viaria que os comunicaba. Asemade, existían elementos simbólicos dos espazos de cada comunidade como as igrexas parroquiais cos seus camposantos, ou as torres e casas de audiencia que encarnaban non só a representación do señorío xurisdicional senón tamén o da monarquía, na medida en que a organización xurisdicional era utilizada como vehículo da administración do Estado moderno nas comunidades rurais de hábitat disperso. Neste senso, hai que recordar que na organización do territorio incidiron, ademais das xentes que o habitaban –a nivel comunitario ou familiar-, axentes externos como a Igrexa, as institucións señoriais e as dependentes da Coroa[27].

En definitiva, entendemos a aproximación ao territorio no sentido que o ten expresado Pegerto Saavedra: "una realidad objetiva, que no es otra que la forma que adoptan los hechos geográficos, biofísicos y humanos en la superficie de la tierra, pero sin olvidar los aspectos perceptivos y subjetivos, culturales y cambiantes en el tiempo por tanto, que otorgan al espacio un sentido concreto para quienes viven el él, lo van reconstruyendo y reconocen en sus accidentes al grupo"[28]. Por debaixo da comunidade aldeá, estaba o grupo familiar, cuxo espazo ven acoutado polo ámbito doméstico, a "casa de morada", e os demais espazos económicos que constitúen a explotación agraria familiar. En definitiva, espazos múltiples que en palabras de Isidro Dubert "se superponen o bien se interseccionan en la corta, media y larga duración"[29]. Por todo iso estableceuse como obxectivo pescudar o papel que xogaron a rede viaria e as feiras -xenuína manifestación da actividade mercantil no mundo rural- na articulación do territorio e ata que punto eses aspectos condicionaron o desenvolvemento ou declive de determinadas localidades que tiveron funcións importantes na organización territorial durante o período estudado. Do mesmo xeito propuxémonos coñecer con detalle as formas do poboamento e do hábitat rural, é dicir, a distribución no territorio das entidades de poboación, a estrutura destas e as transformacións que se puideran ter dado entre os séculos XVIII e XIX.

Unha vez que tivésemos unha visión de conxunto da organización do territorio consideramos que era preciso coñecer as formas de organización social e económica así como o número de efectivos humanos que poboaron ese territorio e a súa evolución numérica atendendo aos patróns demográficos e circunstancias que a condicionaron[30]. Neste punto e nos que seguen houbo que reducir o marco de observación posto que o baleirado e elaboración dalgunhas fontes, como as series de libros sacramentais, requiren

[26] Neste senso sintetízanse ben estas ideas en palabras de José Carlos Bermejo "Es evidente que el espacio propio se define en relación con el espacio ajeno, que ambos se estructuran en torno a centros o ejes y que para el desplazamiento en el seno de ambos, o para comunicarlos entre sí, será necesario seguir algún camino. Todas esas imágenes forman pues un sistema, al que podremos denominar *topología de la imaginación histórica.*" (BERMEJO BARRERA, J. C., "Sobre las dimensiones significativas del espacio" en *Concepcións espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia,* Santiago, 1993, pp. 5-22.)

[27] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "El paisaje desde 1500 a 1850: la creación por los campesinos de un «viejo complejo agrario»", en PEREIRA MENAUT, G. e PORTELA SILVA, E., *El territorio en la historia de Galicia. Organización y control. Siglos I-XXI,* Santiago de Compostela, 2015.

[28] Ibídem.

[29] DUBERT, I., "Espacio y comportamientos sociales en la Galicia de época moderna", en *Concepcions espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia*, Santiago, 1993, pp. 139-164

[30] O que non deixa de ser o estudo do espazo desde outras perspectivas: espazo social, espazos de poder, espazos económicos...- (Ibídem)

un esforzo inasumible para o total das parroquias que compoñen esta comarca. Ese marco de observación refírese ao territorio central e parte da oriental da comarca integrado durante o Antigo Réxime pola xurisdición de Folgoso e o partido de Poulo, cinco parroquias dependentes da xurisdición de Mesía. Despois da definitiva implantación do Réxime Liberal na década de 1830 neste espazo establécense os concellos de Frades, Ordes e Oroso. Esta área ofrece máis contrastes que a occidental e a oriental e presenta maiores transformacións ao longo do período estudado, de aí a súa elección para o estudo destes aspectos. Coñecida a evolución demográfica entendemos que a atención debíase dirixir cara o grupo doméstico, en tanto que célula básica da organización social, política e económica. Seguindo a metodoloxía propia deste tipo de análises propuxémonos coñecer as características estruturais das familias e das súas explotacións agropecuarias en distintos momentos dos séculos XVIII e XIX. Por último, para completar o coñecemento destas comunidades campesiñas pareceunos conveniente calibrar o grao de acceso que tiveron ao coñecemento da lectura e da escritura. De aí que outro dos obxectivos deste traballo fose coñecer os niveis de alfabetización e rede escolar existente nesas comunidades e a súa evolución ao longo do período estudado. Como é evidente, trátase duns obxectivos concretos que non comprenden todos os aspectos do inabarcable universo vital das comunidades rurais dun determinado territorio. Aínda así coidamos que esclarecendo estas cuestións poderase obter unha visión bastante completa da sociedade, da economía e da política da comarca de Ordes durante ese período. As respostas a estes obxectivos deron lugar a dez capítulos aos que hai que sumar o correspondente ás conclusións finais nas que se ofrece un corolario global de todas as cuestión que se foron debullando ao longo do texto. Para facer unha caracterización esquemática e introdutoria do territorio aquí delimitado pode adiantarse que se algo o define é a súa condición de espazo de transición[31] entre os trazos das áreas desenvolvidas do litoral e as estáticas do interior –salvando as zonas vitícolas do interior ourensán-, circunstancia que se ve reflectida no clima, nas formas de organización agraria ou no número e distribución dos habitantes.

Na medida en que este traballo se presenta como un estudo da globalidade de circunstancias que condicionan a organización dunhas comunidades rurais no amplo contexto da sociedade do Antigo Réxime e primeira metade do século XIX aplícanse o método comparativo e os propios da demografía, historia social e a historia económica, en especial o recurso á cuantificación que, se ben lle confire aridez ao texto –o que vai en perxuízo do lector-, imponse como método ineludible cando se traballa con fontes de tipo estatístico ou serial e proporciona rigor e solidez aos argumentos e conclusións presentados. Non se empregan cálculos complexos –por exemplo, reconstrución de familias-, pero sí ten unha base estatística que consideramos fundamental, de xeito que as cifras son a esencia de case todos os capítulos -series anuais, táboas de frecuencias, taxas e porcentaxes- e as gráficas e cadros que as sintetizan, na medida en que son a demostración de todo aquelo que caracteriza ao territorio que se analiza e que permite comparalo con outros territorios próximos e situar esta comarca no contexto diverso da Galicia do Antigo Réxime. A documentación de tipo narrativo ou cualitativo é igual de fundamental como ilustrativa de realidades, pero tamén como información crucial para explicar a vida interna desta comarca, facendo aparecer persoas, lugares e situacións concretas e expresivas.

[31] Aspecto compartido con outras comarcas estudadas de similares características como o Xallas (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit.), as terras intermedias ou de transición da provincia de Mondoñedo (SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía, política...*, op. cit.), ou de distintas como a Terra de Montes, (FERNÁNDEZ CORTIZO, C., *La jurisdicción de Montes en el Antiguo Régimen. estudo demográfico,* Santiago, 1978 [tese de licenciatura inédita]).

UNHA PRIMEIRA OLLADA ÁS FONTES

En todos os capítulos dedícaselle un apartado específico ás fontes utilizadas en cada un deles. Aquí só daremos unha visión de conxunto das utilizadas neste traballo. A maior parte delas son ben coñecidas para os modernistas galegos de maneira que teñen sido sometidas a rigorosa crítica en estudos precedentes. Pódese dicir que este traballo está vertebrado polo *Catastro de Ensenada*, unha fonte que, malia ser a máis explotada para os estudos socioeconómicos do século XVIII, está aínda lonxe de esgotar as súas posibilidades informativas. Cando Fernando VI rubricou o proxecto facendístico do marqués de la Ensenada é probable que considerara as posibilidades de fracaso de tan ambicioso plan, pero seguro que non era consciente da contribución heurística que estaba á facer aos historiadores do futuro. As *Respuestas Generales* son útiles para formarse unha idea global da realidade socioeconómica de mediados do XVIII, os *Libros Personales* para o coñecemento da realidade demográfica, en particular das características dos grupos familiares, e os *Libros Reales coas* súas correspondentes *Comprobaciones* e *Resúmenes Generales,* para reconstruír con gran precisión as estruturas económicas. A interrelación desta rica e variada información permite obter perspectivas desde diferentes ángulos de observación que ofrecen unha imaxe moi completa dos pobos da Coroa de Castela a mediados do século XVIII. Pero como en toda fonte fiscal a ocultación e infravaloración do declarado non están ausentes, cuestións que deben ser depuradas na medida do posible e que serán tratadas en cada un dos capítulos deste traballo[32].

Os *Expedientes de Hacienda* promovidos por Filipe II a finais do século XVI, utilizados preferentemente para estudos de fiscalidade e demografía, presentan serios problemas de fiabilidade e interpretación. A diferenza do *Catastro de Ensenada,* a súa calidade é moi desigual dunhas zonas a outras, e na mesma área pode variar segundo o ano de que se trate[33]. Tal é o caso da comarca aquí estudada que non se caracteriza nin pola riqueza destas fontes, nin no que respecta ao número de expedientes atopados –tres[34] nin no relativo ás súas declaracións. O conservado para Folgoso é o de maior pobreza informativa posto que só son aproveitables cuantitativamente os datos do número de veciños e cotizantes e o que paga cada un destes. As declaracións das testemuñas reproducen case literalmente o mesmo texto en todas as parroquias insistindo no grave estado de miseria dos naturais. Aínda así, este texto repetido máis de vinte veces ten algunhas pasaxes con información cualitativa de interese. Os dous expedientes de Mesía son máis ricos, particularmente o de 1588, aportando maior abundancia de datos tanto cuantitativos coma cualitativos. Os datos cuantitativos dos *Expedientes de Hacienda* serán

[32] En torno a estas cuestións PÉREZ GARCÍA, J. M., "Fuentes de control de los Catastros fiscales: las escrituras de protocolos" en EIRAS ROEL, A. et al.; *Las fuentes y los métodos: 15 trabajos de historia cuantitativa serial de Galicia.* Santiago, 1977, pp. 83-92; PÉREZ GARCÍA, J. M.,"Algunas reflexiones en torno a la utilización de los Resúmenes Generales de la Única" en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* XXI (1979-80), pp.117-166; "A agricultura galega a mediados do século XVIII a través dos seus rendementos. unha resposta alternativa", en *Revista Galega de estudos Agrarios,* 6 (1982); GALLEGO DOMÍNGUEZ (dir) e FERNÁNDEZ SUÁREZ, E. (col.), *El Catastro de Ensenada de la provincia de Orense*, Madrid, 1989; SAAVEDRA, P., "El Catastro de Ensenada en Galicia: tierras menguantes, ganados bastantes, vecinos sobrantes", en MARCOS MARTÍN, A. (Coord.), *Hacer historia desde Simancas homenaje a José Luis Rodríguez de Diego*, Valladolid, 2011, pág. 685; SAAVEDRA, P., "Reforma fiscal y control del territorioel Catastro de Ensenada -o "la confusión de Babel"- en Galicia", *Anuario de historia del derecho español*, Nº 77, 2007, pp. 771-844.

[33] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. "Os expedientes...; GELABERT, J. E., *Santiago y la tierra de Santiago de 1500 a 1640,* Sada -A Coruña, 1982.

[34] Para a xurisdición de Folgoso tan só atopamos o correspondente ao ano 1597 baixo o nome de partido de Montaos (AGS, EH, Leg. 130, carp. 9) e para o partido de Poulo (xurisdición de Mesía) os dos anos 1588 (AGS, EH, Leg. 87), e 1597 (AGS, EH, Leg. 126).

utilizados de modo preferente na parte demográfica, mentres na parte relativa ás cuestións económicas son de maior interese cuestións cualitativas que serven, a *grosso modo*, para introducir contrastes entre a realidade que se albisca a través deles e a máis diáfana que permiten as fontes do século XVIII.

Os rexistros parroquiais son a única fonte das aquí utilizadas que permiten unha análise diacrónica das conxunturas. Fundamentais para o coñecemento da dinámica da poboación na longa duración e das características dos comportamentos demográficos, permiten contrastar a fiabilidade dos recontos e censos da etapa pre-estatística. En xeral, o estado de conservación dos arquivos parroquiais desta comarca está por debaixo do que sería desexable. A súa calidade interna pódese cualificar de aceptable pese a presentar as deficiencias propias destas fontes como subanotación de párvulos defuntos. Dada a laboriosidade que impoñen o baleirado e tratamento deste tipo de fontes fíxose unha cata a través de catro parroquias que presentaban certos contrastes: San Paio de Buscás e Sta. María de Barbeiros, pertencentes ao concello de Ordes, e San Miguel de Gándara e Sto. Tomé de Vilarromarís, do concello de Oroso.

O *Compendio del Estado de Altamira*, manuscrito anónimo no que se catalogan as posesións, dereitos e ingresos da Casa condal do mesmo en Galicia e Asturias nas primeiras décadas do século XVIII,[35] aporta algunhas apreciacións cualitativas –paisaxe, bases económicas- e cuantitativas –montante os ingresos señoriais- que son de gran utilidade tanto para depurar cuestións pouco claras na documentación do *Catastro*, como para corroborar datos que aparecen neste, así como información moi útil sobre a administración señorial –oficiais señoriais, formas de provisión dos cargos...- de Folgoso e os restantes "estados". Tamén se atopan algúns datos interesantes sobre a paisaxe nos informes que algúns cregos lle remitiron ao cartógrafo Tomas López para o seu mapa e para un proxecto que este tiña de dicionario xeográfico de España[36]. Esta información é complementada polos breves testemuños de viaxeiros como Alexandre de Laborde para ou George Borrow, para a primeira metade do século XIX, así como polos artigos de prensa que en 1860 lle dedica a Ordes e Mesía o xornalista e escritor Antonio María de la Iglesia na revista *Galicia*[37].

Fontes cartográficas como o mapa de Galicia de Tomás López de 1784 e, sobre todo, a *Carta Geométrica* de Domingo Fontán impresa en 1845 e o mapa da provincia da Coruña de Francisco Coello, impreso en 1865, a primeira representación do territorio provincial na que este aparece individualizado, foron de gran utilidade para o estudo da rede viaria[38]. Tamén foron útiles para isto e para o estudo das feiras algunhas fontes

[35] O texto aquí manexado trátase unha copia mecanografada conservada orixinalmente no arquivo parroquial de S. Vicenzo de Vimianzo e que coñecemos grazas á amabilidade do prof. Dr. D. Pegerto Saavedra. Este autor data o mencionado documento en torno ao ano 1724 e coa súa información ilustra algunhas das cuestións desenvolvidas no seu artigo: "Régimen señorial y administración local en la Galicia de los siglos XVI-XVIII" en GALLEGO ANABITARTE, A., *II Simposio de Historia da Administración,* Santiago, 1994, pp. 29-62

[36] BNE, Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII]. Informes de Antonio Felipe Rodríguez sobre os arciprestados de Berreo de Arriba e Barbeiros e de Joseph Vicente de Mazoa sobre o arciprestado de Berreo de Arriba contidos en LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito].

[37] LABORDE, A. de, *Itinéraire descriptif de l'Espagne*, París, 1827-1831; BORROW, G., *Viaxe por Galicia,* Vigo, 2015; IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Mesía, 15 de noviembre de 1860", *Galicia: revista universal de este Reino, nº 10,* pp. 135-136; e "Galicia Rural. Ordenes, 20 de noviembre de 1860", *Galicia…,* op. cit.*, nº 10,* pp. 153-154. Sobre Antonio María de la Iglesia vid. SAURÍN DE LA IGLESIA, R. M., *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia: una biografía intelectual,* Santiago de Compostela, 2003.

[38] LÓPEZ, T., *Mapa Geográphico del Reyno de Galicia: contiene las pronvincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy. Dedicado al excelentísimo señor don Joseph Moñino, conde de Floridablanca …,* Madrid, 1784; FONTÁN, D., *Carta Geométrica de Galicia dividida en sus provincias de*

impresas publicadas por Lucas Labrada ou por Eugenio Larruga[39], así como os papeis de Cornide conservados no Arquivo do Reino de Galicia. Ademais para as feiras aportaron información de gran interese os expedientes sobre este tema conservados nos Arquivo Histórico Nacional e o Arquivo Xeral de Simancas[40].

Para o estudo dos niveis de alfabetización recorriuse ao *Donativo de 1635* e aos "Autos diminutos" das *Comprobaciones* do *Catastro de Ensenada* da década de 1760 onde asinan os cabeza de casa que o saben facer en cada freguesía. Esta documentación foi complementada pola consulta de contratos de compravenda en protocolos notariais de varios escribáns de localidades da comarca de Ordes que se conservan no Arquivo Histórico Universitario de Santiago.

As fontes de tipo estatístico da primeira metade do XIX, como os dicionarios de S. Miñano e P. Madoz[41], reflicten algunhas novidades chegadas co novo século permitindo establecer contrastes coa imaxe obtida a partir do *Catastro de Ensenada*. Porén, a escasa fiabilidade dalgúns dos seus datos como os relativos ao número de veciños e habitantes practicamente os invalida para esta utilización. Para ese período resultan máis fiables o *Censo* e o *Nomenclátor de 1860*[42]. Esta última fonte aporta moita e precisa información á que se lle sacou moito partido para coñecer o tipo de poboamento e de hábitat rural, establecendo comparación cos datos que aporta a enquisa titulada *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías del Arzobispado* encargada en 1723 polo arcebispo Herrero Esgueva. Ademais, para o achegamento á realidade de mediados do século XIX valémonos de fontes municipais como o *Padrón de habitantes* do Concello de Frades de 1852, a *Contribución rústica* dese mesmo ano e os expedientes de quintas de 1875[43].

Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra y subdividida en partidos y ayuntamientos presentada en 1854 a S. M. la reina gobernadora doña María Cristina de Borbón por su Secretario de Estado y del despacho de lo Interior. Levantada y construida en la escala del cien milesimo por el Dr. D. Domingo Fontan Director del observatorio Astronómico de Madrid ... ; grabada bajo la dirección del autor en 1845 por L. Bouffard (París); COELLO DE PORTUGAL Y QUESADA, F., *La Coruña por el Coronel de Ingenieros D. Francisco Coello. Las notas estadísticas e históricas han sido escritas por D. Pascual Madoz. Madrid, 1865.*

[39] LABRADA, L., *Descripción económica del Reino de Galicia,* Ferrol, 1804; (reed.) Vigo, 1971; LARRUGA, J., *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España,* Madrid, 1789.

[40] AHN, Consejos, Leg. 2919; AGS, DGR, 1ª R., Leg. 2063.

[41] MIÑANO Y BEDOYA, S., *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal,* Madrid, 1827; MADOZ, P. *Diccionario Geográfico-estadístico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, (c. 1845).

[42] Censo General de la población de España según el recuento verificado en 25-12-1860 por la Junta General de Estadística. Madrid, 1863; "Nomenclátor de la provincia de La Coruña", en JUNTA GENERAL DE ESTADÍSTICA, *Nomenclátor que comprende las poblaciones, grupos, edificios, viviendas, albergues, etc., de las cuarenta y nueve provincias de España: dispuesto por riguroso órden alfabético entre las provincias, partidos judiciales, ayuntamientos, y entidades de población*, Tomo II, Madrid, 1864, pp. 95-283.

[43] AMFrd, *Hacienda, Contribución Rústica, leg. 245* e *Servicios, Población, Padrones de Habitantes, leg. 338; Expedientes de Quintas, Leg. 2, ano 1858, 2º reemplazo.*

1. ESPAZO NATURAL E ESPAZO POLÍTICO

Como adiantamos na introdución, no caso dos traballos de historia local o territorio a estudar convértese no elemento que lle outorga unidade á diversidade de aspectos que se contemplan, na medida en que é o *locus* quen acouta ao propio *suxeito histórico*[44]. Por iso convén que antes de nada nos preguntemos sobre se o que hoxe chamamos comarca de Ordes ten sentido nun traballo referido ao período mencionado. En primeiro lugar hai que aclarar que a propia denominación e acoutamento físico da "comarca de Ordes" é algo bastante recente. A fixación e xeneralización deste apelativo pode dicirse que arranca do momento en que se elabora o mapa comarcal de Galicia na década de 1990 e se lle da oficialmente carta de natureza comarcal ao agregado dos oito concellos que dende 1834 formaban o Partido Xudicial de Ordes situados no centro do territorio adscrito á nova provincia da Coruña en 1833: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia, Trazo e *Buján*[45]. Non fai falla dicir que a nivel eclesiástico todos se inscriben dentro da arquidiocese de Santiago.

No mapa comarcal de Galicia elaborado na década de 1990 déuselle entidade comarcal a ese conxunto de concellos cunha breve interrupción a mediados do século XX conformaron dito partido xudicial, se ben en 2008 o Val do Dubra pasou a integrar a comarca de Santiago de Compostela[46]. Co transcurso do tempo a existencia do partido xudicial foi xerando unha articulación funcional do espazo operada fundamentalmente a partir das actividades terciarias e definindo con máis nitidez un espazo que, de partida, presenta notables similitudes morfoclimáticas, económicas e sociais cos territorios veciños do sur, leste e oeste. En todo caso pódense establecer unha serie de elementos orográficos e hidrográficos que marcan límites naturais dun territorio situado no centro da actual provincia da Coruña[47]: polo oeste o val do Río Dubra -que se inscribe na fosa meridiana que se estende de norte a sur dente Razo (Carballo) ata Tui- e o monte Castelo (569 m) que establecen a fronteira coa Comarca de Santiago, concretamente co concello do Val do Dubra (antigo *Buján*); pola banda norte e noroccidental o monte Xalo (514 m) e a Serra de Montemaior (400-600 m.), respectivamente, que son divisoria coa Comarca de Bergantiños, polo nodeste os Montes de Tieira (Concello de Mesía) na que se acadan os 565 m. no Monte Picoi e que marca o límite Comarca de Betanzos, e polo suleste e sur o val do Río Tambre que fixa os lindeiros coas comarcas de Santiago e Arzúa[48].

Con todo, salvo cara o norte, eses límites naturais non supoñen unha ruptura nas formas naturais da paisaxe nin nas características climáticas, económicas e sociais. Por iso, se houbese que buscar algún tipo de demarcación previa á do partido xudicial que se aproximase ao territorio que na actualidade compón esta comarca habería que mirar cara a

[44] Ao respecto destas cuestións *vid.* BERMEJO BARRERA, J. C., "Sobre…, op. cit.

[45] Un repaso á normativa e iniciativas de comarcalización en Galicia dende a década de 1990 en DOVAL ADÁN, Antonio, "La articulación comarcal y territorial de Galicia a principios del siglo XXI", en *Minius,* 2009, pp. 81-111.

[46] O Val do Dubra abadonou a Mancomunidade de Municipios de Ordes en virtude dunha *Orde do 30 de outubro de 2008* pola que se modificaban os estatutos de dita mancomunidade (DOG do 12 de novembro de 2008). Esta segregación fora solicitada polo pleno municipal do Val do Dubra o 25 de maio de 2000.

[47] As coordenadas aproximadas segundo o meridiano de Greenwich sitúanse entre os 43º 13' e 43º 14' de latitude norte e entre 8º 09' e 8º 43' de lonxitude oeste (RÍO REGOS, Mª J. del, *Estudio socioeconómico da Comarca de Ordes,* Santiago, 1989 (Tese de diplomatura inédita), p. 8. A comarca limita ao norte cos concellos de Carballo, Laracha, Culleredo, Carral, Abegondo e Cesures; ao leste con Curtis, Vilasantar e Boimorto; ao oeste con Coristanco e Val do Dubra; e ao sur cos concellos de Ames, Santiago de Compostela e O Pino.

[48] GABINETE DE PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA (GPDTP), *Comarca de Ordes: plan de desenvolvemento comarcal de Galicia*, Santiago, 1993, p. 15 e ss.

antiga organización territorial eclesiástica en arciprestados xa que ese territorio ven a coincidir practicamente co perímetro que sumaban os de Berreo de Arriba, Berreo de Abaixo e o de Barbeiros (Véxase mapa 2)[49]. Ata que punto puideron ser tidas en conta as demarcacións eclesiásticas para a configuración do partido xudicial a principios da década de 1830 é algo que se nos escapa. O caso é que esas tres circunscricións eclesiásticas derivan, á súa vez, das demarcacións de dúas das parroquias do século X da diocese de Iria que cartografou Fernando López Alsina -Montanis e Marzola (Véxase mapa 3)- que en 1177 xa se converteran en arciprestados, se ben nese momento as dúas parroquias sinaladas se agrupaban baixo a denominación de *Montanis*[50]. Por tanto, a pesar da homoxeneidade climática, paisaxística e de sistemas produtivos do conxunto da penichaira occidental galega pode dicirse que os antecedentes dos límites da comarca de Ordes poden buscarse na xeografía eclesiástica altomedieval, límites que se manterán nesta e tamén dalgún xeito na xeografía política do conxunto dos concellos que integran esta comarca.

Por outra parte, os límites comarcais do sur, oeste e noroeste tamén coinciden con poucas diferencias cos das xurisdicións do Antigo Réxime que reunían todas as súas parroquias dentro do perímetro dos límites da actual comarca, circunstancia que se dá con menos exactitude na parte sur e sueste da xurisdición de Mesía na que algunhas das súas parroquias se sitúan fora do actual perímetro comarcal. A superficie física que se engloba dentro desta bisbarra non só garda similitudes xeomorfolóxicas e climáticas indiscutibles senón tamén socioeconómicas e, sobre todo, interrelacións entre as súas comunidades humanas tanto no presente como no pasado; interrelacións artelladas xerarquicamente en torno a núcleos de poboación con maior ou menor forza de atracción[51]. Proba de que non se trataba dunha creación baseada unicamente nos criterios de racionalización administrativa dos liberais decimonónicos, foi a constitución na década de 1970 da Mancomunidade de Municipios de Ordes, precisamente como resposta das autoridades locais á supresión do partido xudicial uns anos antes. Se ben hai que recoñecer que a existencia do partido xudicial dende 1834 contribuíu a consolidar un espazo máis cohesionado e organizado funcionalmente a partir dunha cabeceira comarcal na que conflúen as principais vías de comunicación da parte noroccidental de Galicia. Neste sentido pode dicirse que a Mancomunidade supuxo a confirmación da existencia, polo menos entre os poderes locais, da conciencia de intereses comúns entre as comunidades deste territorio. Así pois, fronte a aparente artificialidade que se lle ten atribuído á conformación dos partidos xudiciais por parte dalgunhas correntes de opinión, o certo é que a delimitación da comarca de Ordes coincide con antiquísimos antecedentes históricos, límites que nos permitirían falar dunha comarca histórica. Outra cousa é que careza de características morfoclimáticas e socioeconómicas que a singularicen con

[49] Só queda fora dese perímetro a parroquia de Arxeríz (Tordoia) que forma parte do arciprestado de Dubra. e dúas parroquias do concello de Cesuras (Filgueira de Traba e Borrifáns) que pertencen ao arciprestado de Barbeiros. A raíz da remodelación do mapa eclesiástico da arquidiócese de Santiago de Compostela de 2009 os arciprestados de Berreo de Arriba e Berreo de Abaixo uníronse baixo a denominación de Arciprestado de Ordes.

[50] *Montanis*, o que posteriormente se coñecería como Terra de Montaos viría a coincidir cos arciprestados de Berreo de Arriba e Berreo de Abaixo (hoxe arciprestado de Ordes) e *Marzola* coa arciprestado de Barbeiros. Estas dúas parroquias formarían parte da rede parroquial iriense de mediados do século X que, segundo Fernando López Alsina, tería substistido así ata finais do século XI, cando se coverterían en arciprestados subdivididos en novas parroquias. En 1177, segundo un documento do arcebispo don Pedro, o o territorio que sumaban *Montanis e Marzola,* nese momento xa arciprestado, aparece baixo a denominación de *Montanis* (LÓPEZ ALSINA, F., *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago, 1988, pp. 164-167).

[51] Sobre todas estas cuestións GABINETE DE PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA (GPDTP), *Comarca*…, pp. e ss.

claridade ao respecto das comarcas veciñas da penichaira coruñesa. De feito, noutros traballos tense indicado que a división xudicial liberal respondeu en moitos casos a criterios comarcalizadores, pese a que os seus propios artífices non fosen conscientes diso[52].

Ao fío desta cuestión non pode deixar de mencionarse o caso do concello do Val do Dubra –antigo *Buján*- que supón, en certo modo, a excepción a todo o dito ate aquí. *Buján* adscribiuse ao Partido Xudicial de Ordes dende a súa creación, integrouse na Mancomunidade de Municipios -xa coa denominación de Val do Dubra-, e formou parte da actual Comarca ata a elaboración do definitivo mapa de comarcalización, momento no que pasou a integrarse na Comarca de Santiago. Este concello, pola súa inmediatez física, garda evidentes similitudes cos da Comarca de Ordes, pero o certo é que as súas relacións son moito máis intensas con Santiago dende as últimas décadas ou cos municipios do Xallas que co conxunto da Comarca de Ordes[53]. Neste traballo, atendendo á vinculación histórica do Val do Dubra coa comarca ordense, témolo en conta nalgunhas cuestións nas que as fontes nos aportan os datos por partidos xudiciais. A pesar da diminución da superficie territorial que supuxo a segregación do Val do Dubra, o certo é que a comarca de Ordes continúa a ser unha das máis extensas da provincia da Coruña cos seus 762 km^2 que supón o 9,6% da superficie provincial e o 2,6% da galega.

Mapa 1. Emprazamento da Comarca de Ordes e concellos que a integran[54]



Sen ir máis lonxe, á hora de enunciar os accidentes xeográficos cos que coinciden os límites comarcais reproducindo o texto máis antigo no que se enumeran -neste caso referidos ao Partido Xudicial- o territorio de *Buján* aparece loxicamente inserto dentro dos mesmos. O texto en cuestión, de mediados do século XIX, é o que se contén no *Diccionario geográfico estadistico* de Pascual Madoz debuxa o perímetro dos 871 km^2 e

[52] Neste sentido se manifesta CAL Y CORTINA, R. M. G. de, *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*, A Coruña, 1998, pp. 222 e ss. e FERREIRA FERNÁNDEZ, *La comarca en la historia: una aproximación a la reciente historia jurídica de la comarca.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2000.

[53] Algo que tamén se podería dicir dos concellos de Vilasantar ou Boimorto, similares e veciños de Mesía pero pouco relacionados co resto da comarca.

[54] Elaboración a partir de P. d. V. *Mapa de Galicia coas súas provincias, comarcas, concellos, capitais de concello e outros lugares importantes* (https://commons.wikimedia.org/wiki/File:Galicia._Comarcas_e_Concellos_(cropped).png)

89 parroquias[55] do partido coas seguintes palabras: "Colocado a la derecha del Tambre, que le baña por el Sur, y cubierto por el oeste con el monte del Castelo, al Noroeste la sierra de Montemayor [400-600 m., divisoria da Comarca de Bergantiños], al norte Castromayor y al Este los montes de la Tieira [565 m.]"[56]. Excluíndo Buxán, o propio val do río Dubra supón o límite oeste.

Pese ao abandono do plan de comarcalización de Galicia emprendido pola Xunta de Galicia na década de 1990, a comarca de Ordes segue mantendo entidade propia a través da Mancomunidade de Ordes composta polos municipios mencionados con exclusión do do Val do Dubra. En definitiva, a expresión "comarca de Ordes" trátase dunha denominación recente pero referida a unha realidade territorial de raíces medievais e, polo tanto, perfectamente válida para un estudo histórico que arranque da Idade Moderna. Como xa se indicou, aínda que este traballo toma como base física toda a comarca, faise maior fincapé na súa zona central por tratarse dun área máis rica en contrastes. Por alí pasaba o camiño que comunicaba de norte a sur á Galicia atlántica, xerando certo negocio naquelas localidades situadas ao seu carón, particularmente no caso das que xogaron o papel de capital de partido xudicial. De aí que os datos do Antigo Réxime se refiran en especial á xurisdición de Folgoso e ao partido de Poulo –integrante da xurisdición de Mesía-, e os da Idade Contemporánea aos concellos de Frades, Ordes e Oroso, o cales aportan elementos suficientemente representativos para toda a comarca. No caso do concello de Frades, como no da xurisdición de Folgoso, foi determinante para o seu maior protagonismo a existencia de fontes documentais que non foron localizadas para as restantes circunscricións.

Mapa 2. Arciprestados da comarca de Ordes antes da reorganización de 2009[57]



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[55] Hoxe tan só 87 parroquias debido á absorción de Sta. Aia de Faramilláns por S. Paio de Buscás e Sta. Susana de Arcai por Sta. Aia de Gorgullos.

[56] MADOZ, P, *Diccionario Geográfico-estadístico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, (ca. 1845)., p. 894. As interpolacións coas medidas altitudinais son nosas.

[57] Detalle do mapa de arciprestados de Galicia publicado en TORRES LUNA, Mª P., et PAZO LABRADOR, A.J., *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*, Santiago, 1994.

1.1 AS FONTES

Contamos con varios testemuños nos que se fan breves descricións ou simples apreciacións sobre este territorio referidas a distintas épocas. A máis antiga, de 1571 procede das respostas do Reino de Galicia ao interrogatorio de Filipe II para a distribución dos mouriscos granadinos. As máis abundantes son as datadas no século XVIII entre as que se atopa as do *Compendio del Estado de Altamira,* memoria manuscrita de principios dese século elaborada por un oficial do conde de Altamira no que se informa de distintos aspectos dos estados que este aristócrata posúe en Galicia. Os informes remitidos ao cartógrafo Tomás López na década de 1770 por dous sacerdotes residentes en parroquias do actual concello de Oroso aportan descricións algo máis amplas. O viaxeiro francés Alexandre de Laborde, deixounos unha curta pero poética impresión da paisaxe destas terras[58]. Pero para a reconstrución da paisaxe natural as *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* de mediados do século XVIII convértense na fonte que máis información aporta, concretamente para a paisaxe agraria e as súas formas de organización e explotación, aínda que a súa distribución por utilidades pode ser calculado con máis precisión a partir dos *Libros Reales* do *Catastro de Ensenada*. Para o século XIX hai que recorrer aos dicionarios de Sebastián Miñano e Pascual Madoz para atopar información máis ou menos detallada da paisaxe desta comarca[59]. Os datos destas dúas obras vense completados polo contido de dous artigos de Antonio María de la Iglesia publicados en 1860 na revista *Galicia* e dedicados a Ordes e á Terra de Mesía[60].

Polo que respecta á configuración do mapa político Os *Expedientes de Hacienda* do AGS de finais do XVI xa ofrecen a imaxe da organización xurisdicional da Idade Moderna pero conservan aínda unha toponimia de orixe medieval que será substituída durante os séculos seguintes nalgúns casos[61]. Tanto as *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* de mediados do XVIII como o *Nomenclátor de Floridablanca de 1787* son útiles para recompoñer a organización local político-administrativa de finais do Antigo Réxime, se ben o segundo permite unha máis rápida e cómoda utilización[62]. Ademais, nas *Respuestas Generales* se declaran as cuestións relativas ás cargas señoriais e o seu montante anual aproximado. Neste senso e como xa apuntamos pode contrastarse coa información do *Compendio del Estado de Altamira* para contrastar a verosimilitude de ambos, cotexo do que as primeiras non saen moi ben paradas.

Sobre os primeiros concellos constitucionais de 1812-1814 atopamos algunhas referencias na documentación do *xulgado de Folgoso* que puidemos consultar no arquivo parroquial de Buscás. Por último, os concellos do Trienio Liberal (1820-1823) e a definitiva planta municipal instaurada en 1836 veñen recollidos no *Boletín Oficial de*

---

[58] LABORDE, A. de, *Itinéraire descriptif de l'Espagne*, París, 1827-1831.

[59] MIÑANO Y BEDOYA, S., *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal,* Madrid, 1827; MADOZ, P. *Diccionario Geográfico-estadístico de España y sus posesiones de Ultramar*, Madrid, (c. 1845).

[60] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Ordenes, 20 de noviembre de 1860", *Galicia: revista universal de este Reino, nº 10,* pp. 153-154 e IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Mesía, 15 de noviembre de 1860", Ibídem, *nº 10,* pp. 135-136.

[61] A xurisdición de Folgoso aínda se nomea como "merindad de Montaos" e aparecen incoporadas a ela algunhas parroquias como S. Clemenzo de Cerceda que en realidade están adscritas a outras xurisdicións pero que, en tanto que vasalas do mesmo señor, se agregan a Folgoso nas cuestións fiscais.

[62] A reconstrución da cartografía xurisdicional de Galicia a partir destas dúas fontes foi realizada por Francisco X. Río Barja (RÍO BARJA, F. X., *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Santiago, 1990) a partir dos datos do *Nomenclátor de Floridablanca de 17887* e máis recientemente por Rubén Castro Redondo a partir das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* de mediados do século XVIII (CASTRO REDONDO, R., *Cartografía digital de Galicia en 1753. Jurisdicciones, provincias y Reino,* Santiago de Compostela, 2019).

Galicia e no *Boletín Oficial da Provincia de La Coruña*, respectivamente, e na bibliografía sobre o tema[63].

1.2 O ESPAZO NATURAL: A PAISAXE

No citado traballo de Pegerto Saavedra dedicado á paisaxe galega durante a Idade Moderna destacábanse estudos senlleiros sobre este tema como o do xeógrafo francés Abel Bohuier e evocábanse os escritos de Ramón Otero Pedrayo ao respecto "en cuyas páginas el paisaje es una realidad geográfica, un produto histórico, una vivencia profunda y un resumen de la esencia de Galicia, al condensar el trabajo de generaciones y la unión cósmica entre el campesinado y la naturaleza…". Tamén aludía ao rol que os membros da xeración *Nós* lle atribuíran á paisaxe como soporte dunha cultura material con valores pertencentes á cultura espiritual do país[64]. Porén, a visión da paisaxe que tiña o campesiñado estaba moi lonxe destas conceptualizacións e era ben distinta á que temos aqueles que non vivimos das actividades agropecuarias. Porque a beleza que percibían os labregos e labregas na súa paisaxe non tiña que ver con elaboracións intelectuais e razóns estéticas senón co feito de que os elementos que a compoñían fosen máis ou menos proveitosos para garantir a subsistencia e reprodución das súas familias e comunidades. Destes aspectos máis materiais e non da percepción estética emanaban as emocións que a paisaxe agraria suscitaba nas xentes que a habitaban[65].

Algúns dos testemuños antigos que temos sobre a comarca de Ordes, aínda que non procedan de xentes do campo, responden máis a esta visión. Neles adoitase facer mención ao seu carácter de terra de montaña pese á súa mediana altitude e suavidade da superficie. En 1571 a penichaira interior da actual provincia da Coruña -"Tierra de Montaos y Mesía, Folgoso, Sobrado y las Dos Casas y Arçua y Piloño, Ferreiros, Labacolla"- descríbese como "montaña de labradores, delgada tierra, cógese en ella trigo, centeno y mijo, hay ganados, viven esparcidos"[66]. Século e medio despois, en 1723, o cura de Castenda (Tordoia) aludía ás terras daquela zona como "montaña áspera"[67], e polas mesmas datas un oficial do conde de Altamira referíase á xurisdición de Folgoso como "tierra montuosa y fría, pero muy llana, de suerte que se puede usar coche, lo que no es practicable en algunas otras de las que componen el Estado (de Altamira)..."[68]. En 1773, o crego residente en Cardama (Oroso) Antonio Felipe Rodríguez nun informe que lle remite ao cartógrafo Tomás López para un proxectado dicionario xeográfico de España retrata así este territorio: "dicho país es tierra de montaña pero suave y llana si[n] haver en él puerto ni sierra … Esta tierra produce trigo, zenteno, maíz, mijo menudo y avenas, la mayor parte de ella está a monte de toxo, pero bajo, de una bara en alto y ay algunas arboladas de roble y castañales…". Dous anos despois, en 1775, Joseph Vicente de Marzoa, crego residente en Trasmonte (Oroso), envía outro informe a Tomás López describindo así o arciprestado de Berreo de Arriba: "digo que contiene 17 feligresías situadas en tierra montañosa y cada una se compone de varios lugares cortos y mui

[63] Neste punto é de especial utilidade FARIÑA JAMARDO, X., *Os Concellos galegos,* A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993.
[64] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "El paisaje…, op. cit.
[65] Ibídem.
[66] GONZÁLEZ, Mª C., *Galicia en 1571, población y economía: "Respuestas del reino al interrogatorio de Felipe II para el reparto de los moriscos granadinos",* Sada-A Coruña, 1982, p. 189.
[67] Ibídem Fol. 546.
[68] *Compendio del Estado de Altamira,* fol. 22; manuscrito anónimo de 1724, orixinalmente no arquivo parroquial de San Vicenzo de Vimianzo, e do que coñecemos unha copia mecanografiada grazas á amabilidade do prof. Pegerto Saavedra.

separados unos de otros mediando entre cada uno montes ásperos, pero tierra llana"[69]. En 1804 Lucas Labrada deixounos esta descrición da xurisdición de Mesía na que pon de manifesto a baixa ocupación reflectida na existencia de baldíos que se poderían poñer a producir:

> *La tierra de Mesía es de 3 leguas de largo y 4 de ancho, su produto es el centeno, maíz y poco trigo. La jurisdicción se compone de 47 parroquias, y aunque el territorio es montañoso, convinieron todos los mayordomos y hombres de probidad que ha convocado el Juez, en que los muchos terrenos que hai allí baldíos podrían reducirse a cultura y producir muy bien aquellos frutos, y aún formarse prados y arboledas*[70].

Distinta é a visión dos viaxeiros, máis próxima á que temos as persoas alleas á vida no rural, na que se valora máis a beleza estética da paisaxe que a súa fertilidade[71]. Así, en distintos momentos do século XIX o francés Alexandre de Laborde ou o británico George Borrow, quedaron cativados pola beleza da súa paisaxe cando transitaron o camiño entre Santiago e A Coruña. Laborde escribe a principios do século XIX: "o camiño é dunha gran beleza … a rexión cóbrese de outeiros que a elevan e a descenden, cuxa perspectiva non deixa de ter encanto"[72]. En 1837 Borrow fixo o traxecto inverso e deixounos impresións semellantes: "Foi un pracer atravesar un país do máis fermoso cunha rica variedade de montes e vales"[73]. Pola súa parte, como xa indicamos e veremos máis adiante, os dicionarios de Miñano e Madoz, así como dous artigos de Antonio María de la Iglesia referidos a Ordes e á Terra de Mesía ofrécennos unha imaxe bastante completa da paisaxe desta comarca a mediados do século XIX a medio camiño entre a visión que podía ter o campesiñado e a que reflicten os viaxeiros.

Se os primeiros testemuños que citamos aludiran ao alto grao de humidade destas terras, terían esbozado unha elemental pero completa panorámica das súas características morfoclimáticas. A comarca presenta una notable homoxeneidade paisaxística caracterizada pola suavidade do modelado da súa superficie amesetada á que se refiren os textos antigos que acabamos de reproducir. Esta morfoloxía pouco accidentada formouse por sucesivos movementos oroxenéticos e posteriores arrasamentos no zócalo hercínico de rocas cristalinas sobre o que se asenta e no que a erosión diferencial foi modelando esta paisaxe. A doada erosión que permiten os xistos metamórficos precámbricos sobre os que se asenta a maior parte destas terras facilitou este proceso dando lugar a esa superficie amesetada que só se ve interrompida por pequenos relevos e algunhas formas de acumulación de arxilas, areas e gravas depositadas en glacis máis ou menos extensos. En definitiva, trátase dunha antiga superficie de erosión situada na súa maior parte nas terras altas da conca hidrográfica do Tambre[74].

---

[69] Informes de Antonio Felipe Rodríguez sobre os arciprestados de Berreo de Arriba e Barbeiros e de Joseph Vicente de Mazoa sobre o arciprestado de Berreo de Arriba contidos en LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII], fol. 339 v. e fol. 486 r.

[70] LABRADA, L., *Descripción económica del Reino de Galicia,* Ferrol, 1804; (reed.) Vigo, 1971, p. 88-89

[71] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "El paisaje…, op. cit.

[72] Cita traducida da edición en francés (LABORDE, A. de, *Itinéraire* …., op. cit., tomo IV, p. 467).

[73] BORROW, G., *Viaxe por Galicia,* Vigo, 2015, p. 75. Nesta obra traducida por Salvador García Bodaño reprodúcense os capítulos que George Borrow dedicou a Galicia na súa coñecida obra *The Bible in Spain* publicada por primeira vez en Londres no ano 1843.

[74] CHANTADA ACOSTA, J.R., "Ordes", en OTERO PEDRAYO, R. (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, 1974, vol. 23, p. 55-59.

Presenta unha altitude media de 360 m, atopándose a maior parte da superficie entre os 200 e os 400 m de cota, se ben nos bordes occidental e oriental rexístranse elevacións que se moven entre os 500 e os 600 m. Asemade, obsérvase un lixeiro basculamento cara o sur (aproximadamente 20 m cada 15 km) conforme nos aproximamos ao Tambre que circula a uns 200 m ao seu paso por esta comarca. Entre as elevacións máis importantes caben destacarse o Pico Picoi na parte oriental, de 546 m, situado en Mesía nos Montes da Tieira, e a Pedra Cerdeira na parte occidental, de 595 m, elevación emprazada en Rodís (Cerceda) na serra de Montemaior. O punto máis baixo sitúase no tramo final do Tambre, no concello de Trazo, a 150 m sobre o nivel do mar. A zona central, integrada polos concellos de Ordes e Oroso, é a área de maior homoxeneidade litolóxica e estrutural de toda a comarca, ao coincidir co principal fragmento do afloramento de xistos coñecido como "Complexo de Ordes" no seu dominio de maior espesor[75]. É unha zona suavemente ondulada de val-interfluvio con altitudes que oscilan entre os 300 e os 400 m e cuxas liñas morfolóxicas descenden de norte a sur. Con esta zona central coinciden tamén os desenvolvementos lonxitudinalmente máis continuos dos sistemas fluviais, de sistemas de glacis e unha grande continuidade e degradación na superficie topográfica. As zonas oriental e occidental son máis movidas orograficamente pois nelas atópanse as elevacións que, como vimos, demarcan o perímetro comarcal. A oriental comprende os concellos de Mesía e Frades e está orientada cara ao suroeste, alcanzando a altitude máxima nos montes da Tieira (Pico Picoi, 546 m.), descendendo a partir de aquí ata alcanzar os 200 m nas beiras do Tambre ao seu paso polo concello de Frades. Trátase dun descenso descontinuo de suaves outeiros e pendentes pouco acusadas. A zona occidental, integrada polos concellos de Cerceda, Tordoia e Trazo descende desde as zonas montañosas do norte e nodeste situadas nos dous primeiros concellos (monte Xalo, montes de Montemaior e monte Castelo con altitudes que se moven entre os 450 e 600 m.) para acadar igualmente o seu punto máis baixo nas beiras do Tambre ao seu paso polo concello de Trazo[76].

O Tambre, arteria principal arredor da que se organiza a maior parte dos cursos fluviais da comarca, segue unha dirección leste-oeste entrando pola parroquia de Añá (Frades), bañando e marcando os límites das freguesías meridionais dos concellos de Frades, Oroso e Trazo e encaixándose paulatinamente conforme discorre cara ó oeste, en particular no territorio de Trazo. A conca deste río presenta unha marcada disimetría en favor da súa marxe norte, de xeito que a maior parte dos seus afluentes no tramo que linda con esta comarca se sitúan nela. A falta de grandes acuíferos, salvo o Tambre, a abundancia de precipitacións permiten a existencia dunha rede hidrográfica con multitude de pequenos ríos e regatos que verten as súas augas en dous ríos de certa entidade, o Lengüelle e o Samo, e outros dous de menor caudal, o Chonia na parte occidental e o Maruzo na oriental. Estes afluentes do Tambre, que abarcan practicamente a totalidade da cunca media deste último, discorren de norte a sur dando lugar a dous vales amplos (o do Lengüelle, e o propio do Tambre) e tres angostos (os dos ríos Chonia, Samo e Maruzo). O Maruzo, que recibe as augas do Gaiteiro, drena a o extremo leste da comarca en dirección nordeste-suroeste. O Samo drena as terras de Mesía oeste de Frades e leste de Ordes e

[75] Sobre o "Complexo de Ordes" véxase DÍAZ-GARCÍA , F., La evolución metamórfica de las rocas máficas y ultramáficas del sector occidental del complejo de Ordes (Órdenes) (NW de España)". *Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, 1988, 12, pp. 141-149.

[76] CHANTADA ACOSTA, J.R., "Ordes" …, op. cit; LÓPEZ GUZMAN, C. ET AL., *Galicia en comarcas: Bergantiños e Ordes.* A Coruña, 2005, p. 57-59; PAZO LABRADOR, A. J., "O marco natural", en SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. XV. Comarca de Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo,* A Coruña, 2020, pp. 20-24.
RÍO REGOS, Mª J. del, *Estudio…*, op. cit., pp. 18-19.

Oroso seguindo unha dirección leste-oeste e mudando a dirección cara ao sur unha vez que recibe as augas do río Traveso. O Lengüelle nace na serra de Montemaior, en Cerceda, onde recibe o nome de Manxarín, e atravesa o centro da comarca en dirección norte-sur conformando unha densa rede fluvial é a de maior extensión da cunca do Tambre. Ademais na parte oeste o Tambre conta con pequenos afluentes, como o Portaferreiro e o Vilariño, que drenan o concello de Frades[77]. O citado informe de 1773 de Antonio Felipe Rodríguez di ao respecto: "Le riegan y fertilizan los ríos Lengüello (sic) que está al norte, Samo y Maruzo, que se siguen tirando a el oriente y se unen a el famoso Tambre, que es el más oriental y caudaloso…"[78]. A mediados do século XIX o *Diccionario* de Madoz aporta a seguinte descrición das cuncas hidrográficas subsidiarias do Tambre no partido xudicial de Ordes:

> *De los montes que hemos indicado rodean a este partido bajan muchas aguas a enriquecer al Tambre: el rio Maruzo procedente de Arbijoi y falda ocidental del monte de la Tieira corre de Noroeste a Suroeste, al paso que el llamado Samo lleva su curso desde las vertientes del alto de Santa Cristina; de la sierra de Montemayor tienen origen diversos arroyos que unidos en los puentes de Santalla y recogiendo otras aguas forman el rio que pasa por entre Leobalde y Trasmonte …*[79].

Aparte destes ríos do sistema fluvial do Tambre hai que mencionar que nalgunhas parroquias do norte están drenadas por cursos fluviais que verten as súas augas caras as cuncas dos ríos Anllóns (arroios de Arxeriz-Tordoia) e do Mero que desembocan nas rías de Corme e do Burgo, respectivamente. De entre eses cursos fluviais o máis importante é o río Barcés, afluente do Mero. Nace na serra de Montemaior e suca parte do Concello de Cerceda, no extremo norte da comarca. Todos estes afluentes da cunca do Tambre e do Mero son ríos de curso pouco encaixado debido á doada alteración dos xistos e ao aplanamento do terreo[80], e o seu réxime, acorde co clima é de tipo pluvial oceánico, con máximo invernal e un mínimo estival simples. Precisamente é esta dinámica a que explica que sobre os terreos de pendentes tan pouco acusadas e de drenaxe deficiente, se produzan nos períodos chuviosos o encharcamento das ribeiras ocupadas por prados (brañas e gándaras). O *Diccionario* de Madoz insiste ademais na riqueza piscícola desta rede hidrográfica en todos e cada un dos concellos dicindo para o conxunto do partido xudicial "se pescan esquisitas truchas en los rios de que hemos hablado" [81].

En relación aos solos hai que dicir que se poden atopar distintas variedades en relación cos elementos que os configuran: roca nai, clima, vexetación e topografía. En canto á roca nai hai un predominio case absoluto dos xistos e algúns afloramentos graníticos. A humidade do clima e as abundantes precipitacións favoreceron os procesos de alteración da roca nai sobre todo nos lugares con menos pendente nos que se dá unha drenaxe máis demorada. No conxunto da comarca pódense atopar solos tipo ranker, lehm, terras pardas, veigas e solos hidromorfos, pero dominan as terras pardas, non sendo

[77] LÓPEZ GUZMAN, C. et al., *Galicia…*, op. cit., p. 60. PAZO LABRADOR, A. J., "O marco…, op. cit.
[78] Informe de Antonio Felipe Rodríguez sobre os arciprestados de Berreo de Arriba e Barbeiros contido en LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII], fol. 339 r.
[79] MADOZ, P., *Diccionario Geográfico-estadístico de España y sus posesiones de Ultramar. Galicia*, Madrid, 1986. Reed. fac. a partir do orixinal publicado ca. 1845, p. 894.
[80] O aplanamento do terreo permite que o Tambre se deslice levemente encaixado por unha superficie de 200-400 m. con dirección dominante E-OE hasta Portomouro, onde, aproveitando a Depresión Meridiana, cambia de dirección a N-S.
[81] MADOZ, P., *Diccionario...,* op. cit., p. 895.

infrecuente atopar solos hidromorfos en relación cona planitude topográfica[82]. Con respecto á aptitude agrícola destes solos tamén se atopa unha gran variedade pero, segundo a clasificación de Díaz-Feirros e Gil Sotres, os óptimos presentan unha superficie reducida (5,52%) e predominan os clase B (51,84%) que non presentan grandes limitacións para o desenvolvemento dos cultivos. Tamén están presentes, pero con menor superficie, os clases C (16,14%), D (19,49%), e E (5,92%) e G (1,10%), máis limitados para a labranza, xa sexa por ser pedregosos ou ou proclives a ser erosionados[83].

Polo que respecta á climatoloxía resulta difícil obter unha idea precisa das oscilacións climáticas do período aquí estudado a pesar da existencia dalgúns traballos de paleoclimatoloxía[84]. Para achegarnos a esta cuestión valémonos de datos da década de 1990, antes de que os efectos do cambio climático das últimas décadas alterasen notablemente as características climáticas. En tanto que a penichaira coruñesa é a primeira barreira física coa que se atopan os ventos de procedencia oceánica, convértese na principal depositaria das precipitacións que se producen polo arrefriamento e condensación destas masas de aire húmido. Tal abundancia de precipitacións[85] de carácter marcadamente estacional -a unha primavera moi seca e a un verán de corte seco seguían un outono extremadamente húmido e un inverno húmido- era a responsable de que o grao de humidade fose dos máis altos de Galicia caracterizando o clima destas terras dentro do tipo **"**oceánico hiper-húmido". A suavidade térmica[86] que resulta do influxo oceánico víase endurecida polos primeiros síntomas de continentalización: as xeadas[87] só deixaban libres os meses de verán e a seca estival obriga a recorrer ao regadío para satsifacer as necesidades de auga dalgúns cultivos. O manto vexetal deste territorio ven condicionado en gran medida polas características climáticas, os solos e a rede hidrográfica que

[82] CHANTADA ACOSTA, J.R., "Ordes" …, op. cit; PAZO LABRADOR, A. J., "O marco…, op. cit.; PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía rural del Municipio de Tordoya,* Tordoia (A Coruña), 1987, pp. 42-46; RÍO REGOS, Mª J. DEL, *Estudio…,* op. cit., p. 26-27.

[83] As porcentaxes das clases de solos foron achadas a partir da suma das superficies en Has. que presentan estes autores para os sete concellos da comarca de Ordes (DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. e GIL SOTRES, F., *Capacidad produtiva de los suelos de Galicia. Mapa 1 : 200.000,* Santiago de Compostela, 1984, p. 58-61).

[84] Os traballos de Díaz-Fierros refírense principalmente aos séculos XVI e XVII (DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. *Contribución a la climatología agrícola de Galicia*, Santiago, 1971) cando os datos agropecuarios cos que contamos neste traballo refírense fundamentalmente ao século XVIII. Máis recientemente os estudos paleoclimáticos cobraron protagonismo en referencia á pequena idade de xeo (SAZ SÁNCHEZ, M. Á., CREUS NOVAU, J. y CUADRATS PRATS, J. Mª (2004), «La Pequeña Edad de Hielo en Galicia. Reconstrución de las temperaturas de Labacolla entre los siglos XVI y XIX», Xeográfica, 4, pp. 141-161; FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "La pequeña edad de hielo en Galicia: estado de la cuestión y estudio histórico", Obradoiro de Historia Moderna, N.º 25, 9-39, 2016).


[85] Na estación meteorolóxica de Sta. Cruz de Montaos (306 m. de altitude) rexistrábase a principios de 1990 unha media de 150 días de precipitación ao ano e 1683 mm, valores que se atopaban por riba do valor medio de Galicia (+- 1400 mm), e son dos máis elevados da provincia da Coruña. Estacionalmente o periodo de baixas precipitacións vai de xuño a agosto (10.6% das precipitacións), e o período de altas precipitacións de outubro a maio (85% das precipitacións). ETP anual moderada a nivel rexional (intervalo porcentual do 25%-50%). Nos ventos, a N é a compoñente dominante (frecuencia do 28%); no verán: predominan os de compoñente N.-NE, en menor medida SO, en inverno: predominan os de compoñente S (S. SO.) e en menor medida NE. As compñentes S. danse con preferencia nos meses de novembro a marzo. O resto do ano presenta un predominio de ventos do N (GPDTP, *Comarca de Ordes...,* p. 116 e ss.).

[86] Na estación metereolóxica de Montaos rexistrábase na década de 1990 unha temperatura media anual 12.3 ºC (oscilación 12-13), unha amplitude térmica media de 11º e extrema de 21.2º. Ao longo do ano, Xullo é o mes no que se rexistra o valor máximo de temperatura media mensual (18.3ºC) e xaneiro o máis frío (7.1ºC). O período frío (5-10ªC) abarca desde decembro a marzo; o período fresco (10-15ªC) ten lugar nos meses de abril, maio, outubro e novembro; o período temperado (15-20ªC) céntrase nos meses de xuño a setembro (GPDTP, *Comarca de Ordes...,* op. cit., p. 116).

[87] Período libre de xeada mínima (temperaturas inferiores a 7º : 50-100 días; e período libre de xeada media (temperaturas inferiores a 0º): 200-250 días (CHANTADA ACOSTA, J.R., "Ordes" …, op. cit).

acabamos de ver. As condicións climáticas actuaron e actúan como condicionantes para o desenvolvemento da vexetación e dos cultivos, e así se explica que non se atopasen nas terras de Ordes plantas termófilas que aparecen a poucos quilómetros máis ao norte, nas Mariñas coruñesas e betanceiras.

Mapa 4. Hidrografía e relevo da Comarca de Ordes a partir da *Carta Geométrica* de Domingo Fontán (1845)[88]



Os testemuños antigos relativos á vexetación son escasos, e tan só das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* se obtén unha imaxe medianamente satisfactoria para mediados do século XVIII. Nestas terras de suaves pendentes e amplos vales o bravo dominaba sobre o manso, de xeito que era aquel quen definía a personalidade da paisaxe. A uniformidade altitudinal e climática limitaba a variedade de nichos, de xeito que a vexetación presentaba unha gran monotonía desde o punto de vista botánico e bioclimático e o número de especies era relativamente escaso en comparación coa riqueza da flora galega. A formación vexetal dominante era a landa atlántica de *tojales y jestales*[89]; os arboredos, exiguos, reducíanse a devesas de carballos e a escasísimos soutos

[88] A hidrografía foi remarcada con cor, así como os nomes dos ríos e principais elementos da orografía (traballo realizado por Diego Blanco Urbano) a partir do mapa de Fontán (FONTÁN, D., *Carta Geométrica de Galicia dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra y subdividida en partidos y ayuntamientos presentada en 1854 a S. M. la reina gobernadora doña María Cristina de Borbón* por su Secretario de Estado y del despacho de lo Interior. Levantada y construida en la escala del cien milesimo por el Dr. D. Domingo Fontan Director del observatorio Astronómico de Madrid ... ; grabada bajo la dirección del autor en 1845 por L. Bouffard [París]).


[89] Formacións vexetais de matorral denso (alianza cytisenion striati, asiciación Ulici europaei-Cytisetum striati), que ten unha estrutura que corresponde a un piornal de grande talla rico en fieitos, silvas e toxos: xesta (Cytisus striatus), toxo (Ulex europaeus subsp. latebarcteatus), silva (Rubus lusitanus), fieito (Pteridium aquilinum), etc. O matorral degradado son os ucedos que aparecen despois de lumes continuados. As comunidades de ucedo máis significativas desta serie son: Ulicetum latebracteato-minoris,

de castiñeiros, característica xeneralizable á maior parte de Galicia tal como ten demostrado Ofelia Rey[90]. O reducido número árbores frutais (pereiras e maceiras de moi mala calidade segundo a mencionada fonte de mediados do século XVIII) podíanse atopar esparexidas a carón das corredoiras e nas beiras dalgunhas hortas.

Imaxe 1. Paisaxe da parte occidental da Comarca de Ordes dende o Monte Cerdeira (Rodís-Cerceda)



Imaxe 2. Paisaxe agraria da parte oriental da Comarca de Ordes (concellos de Frades e Mesía)[91]



A mediados do século XIX, o *Diccionario* e P. Madoz describe o terreo do partido xudicial de Ordes lamentando o insuficiente aproveitamento da riqueza hidrográfica: "Las ramificaciones de los montes de que se ha hecho mérito y algunas frondosas colinas constituyen un terreno desigual, en parte regado naturalmente por las abundantes aguas que á cada paso se encuentran, si bien no aprovechadas como pudiera en favor de la agricultura ó de la industria fabril"[92]. As referencias de Madoz relativas a cada un dos concellos e parroquias son moi similares, cando non idénticas, facendo alusión á orografía de penichaira e á mediana ou incluso boa calidade da terra de cultivo con expresións deste

Erico umbellatae-Ulicetum minoris e Ulici-Ericetum cirenea) (GPDTP, *Comarca de Ordes* ..., op. cit. p. 141 e ss.).

[90] REY CASTELAO, O., *Montes...*, op. cit., p. 66 e ss.. O bosque de carballo, se é denso, pode levar unha certa cantidade de meluchos (quercus pyrenaica), acevros (ilex aquifolium), castiñeiros (castanea sativa), loureiros (Lauros nobilis) e cortizos (quercus suber). Existe un sotobosque arbustivo máis ou menos denso no que se adoita atopar o rusco (ruscus aculeatus), o érbedo (Arbutus unedo), estripo (Crataegus monogyna), abeleira (Carylus avellana), (GPDTP, *Comarca de Ordes...*, p. 141 e ss.). Os soutos de castiñeiros son moi escasos.

[91] AG, Fotografía Aérea y Terrestre, S.L. 1992-07-12. ES.GA.15078.AG/2.3.4.1.1//G06071/227

[92] MADOZ, P., *Diccionario…*, op. cit., p. 894.

tipo "El terreno aunque montañoso tiene llanos, y es de mediana calidad la parte destinada al cultivo" (Concello de Trazo) ou "El terreno en lo general es montuoso pero llano y bastante fértil" (San Clemenzo de Mercurín-Ordes). En Cerceda destácase o seu carácter montañoso por atoparse en parte deste concello a serra de Montemaior "pero participa de frondosos valles y cañadas fertilizados por las abundantes y buenas aguas que corren en distintas direcciones, contribuyendo a formar el r. Allones y enriqueciendo otras al Mero[93]. En relación ao arborado o mencionado *Diccionario* tanto pode remarcar a súa presenza como a súa escaseza ou mesmo ausencia, dependendo do concello ou parroquia do que se trate, tal como poderemos ver máis adiante de xeito máis detallado.

Coa mesma timidez das transformacións económicas que caracteriza á historia desta comarca, a paisaxe apenas experimentou modificacións substanciais ata ben entrado o século XX, momento no que se iniciaron as repoboacións masivas de pinos, e máis recentemente as plantacións de eucalipto, tomando os espazos antes ocupados polas tradicionais comunidades vexetais de xestal e toxal, e substituíndo en parte a utilidade gandeira do monte polo beneficio da explotación forestal. Aínda na década de 1930 a terra inculta seguía a ser maioritariamente monte baixo. Por exemplo, Eugenio Carré Aldao dinos na *Geografía General de Galicia* en relación ao Concello de Tordoia que "Aún no careciendo de arbolado, no hay bosque alguno". As repoboacións forestais masivas foron posteriores á Guerra Civil e afectaron sobre todo ás parroquias meridionais dos concellos máis desenvolvidos (Ordes e Oroso).

1.3 O ESPAZO AGRARIO: A PAISAXE HUMANIZADA

Dende a revolución neolítica o medio natural ven sendo modificado por actividades humanas con fin produtivo, dando lugar á paisaxe humanizada. Dende aquela, o progresivo incremento dos efectivos humanos –salvo nos períodos de crises demográficas- foi aumentando a capacidade das comunidades campesiñas para transformar e organizar o espazo que habitaban. En Galicia o proceso de humanización da paisaxe intensificouse dende finais do século XV e continuou ata mediados do XIX debido ao crecemento demográfico que se experimentou durante este período, se ben con distintos graos de intensidade segundo a zona da que se trate. O certo é que durante esa etapa se deu unha profunda humanización da paisaxe a través do traballo das comunidades campesiñas, fundamentalmente, que se ocuparon de cavar montes, introducir novos cultivos, modificar as rotacións destes, abrir camiños e construír novas vivendas conforme aumentaba a poboación. Ese intenso traballo xerou abundantes rendas detraídas polos titulares do dominio eminente das terras, uns avultados ingresos que permitiron a construción de templos parroquiais de nova planta ou a remoción ou ampliación das antigas igrexas de fábrica románica. Tamén fixo posible a aparición dos pazos da nova fidalguía que emerxeu nos primeiros séculos da Idade Moderna. Ese conxunto de elementos forma parte da humanización que caracteriza a paisaxe galega, tanto a intervención sobre a superficie agraria como a construción de arquitecturas propias desta terra. Neste senso, e como afirma Pegerto Saavedra, a paisaxe é un produto histórico resultado do traballo de xeracións que mantiveron unha "unión cósmica" coa natureza[94].

Nas comunidades rurais do pasado a percepción dese espazo organizábase a partir de elementos naturais (accidentes do relevo, ríos), da natureza humanizada (monte, campos de labor) e de elementos de construción humana: aldeas, igrexas, camiños,

[93] Ibídem, pp. 1278 e 303. As referencias dos outros concellos sobre este particular son moi similares. Así para o Concello de Frades afírmase que: "El terreno aunque en lo general montuoso, se presta al cultivo y no carece de arbolado", para o de Ordes que "El terreno es de mediana calidad, participa de monte y llano", para o de Tordoia: "El terreno es montuoso y llano" (Ibídem, pp. 579 e 894).

[94] SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.

pontes, e outras edificacións diversas (pazos, capelas, torres, castelos muíños...). Aparte destes elementos físicos na paisaxe campesiña tamén estaban presentes as demarcacións eclesiásticas e políticas –parroquias e xurisdicións- e toda unha serie de elementos puramente mentais pertencentes ao mundo mítico, pero non por iso menos presentes para as xentes do rural (lugares habitados por personaxes fantásticos, lugares de aparicións de santos e defuntos..., etc.)[95]; unha "realidade máxica" dificilmente reconstruíble a través de métodos de historiográficos que hai que deixar en mans da Antropoloxía e da Etnografía. Todos estes elementos articulaban dalgunha maneira o espazo e eran os referentes cotiás a partir dos cales os homes e mulleres rurais organizaban a percepción do seu hábitat.

Non existen fontes históricas que nos ofrezan unha integral visión da paisaxe pero, sen dúbida, a máis completa para a Idade Moderna é o *Catastro de Ensenada* de mediados do século XVIII. Facilítanos información sobre os espazos suxeitos ao aproveitamento agropecuario, aqueles que ocupaban un lugar principal nas mentes do campesiñado, así como a maior parte do seu tempo posto que deles dependía a supervivencia da familia. Dos *Libros Reales* do *Catastro de Ensenada* das parroquias de Barbeiros e Oroso[96] (Táboa I) pode extraerse unha idea xeral da proporción na que se repartían os distintos aproveitamentos do espazo agrario: 17,9% de labradío, 0,3% de horta, 1,5% de prado/pasto, 27,2% de monte pechado, 52,0% de monte aberto e 1,2% de devesa. Curiosamente non se declaran soutos. Pola súa parte a partir das cifras que ofrecen as *Respuestas Generales* do mesmo catastro para as 21 parroquias que compoñían a antiga xurisdición de Folgoso –incluída a de San Clemenzo de Mercurín- (Táboa 2) obtense unha distribución no que o conxunto de terra cultivada acada unha porcentaxe notablemente superior (30,30%) que a que ofrecen os mencionados *Libros Reales* nos que este non supera o 20%: 28% de terra laborable, 0,49% de horta, 1,64% de prado/pasto, 71,06% de monte, 0,75% de devesa e 0,05 de souto. Todas as especies de terra poden ser de tres calidades, excepto a devesa que só é de 1ª e 2ª; e só os prados son de regadío. Obtense a imaxe habitual propia dos países relativamente poboados onde a paisaxe ven definida polo dominio do monte sobre a terra de labor, se ben os *Libros Reales* aproxímanse máis ao peso que ten a terra cultivada neste tipo de territorios onde adoita moverse arredor arredor do 20%. En todo caso tanto nunha como na outra fonte evidenciase a abundancia de monte de xestal e toxal para alimentar a cabana gandeira e unha superficie cultivada que non entra en competencia con ela nin apenas lle presenta restricións.

Táboa 1. Distribución da superficie agraria segundo os *Libros reales* de Barbeiros e Oroso. 1752

	Labr.	Horta	Prado	CULTIVO	Mt. C.	Mt. A.	Devesa	INCULTO	TOTAL
R Legos	2 129,3	34,5	170,7	2 334,6	3 318,0	6 327,7	130,1	9 775,8	12 110,3
R Ecles.	155,5	1,0	19,0	175,5	146,5	300,0	22,5	469,0	644,5
TOTAL	2 284,8	35,5	189,7	2 510,0	3 464,5	6 627,7	152,6	10 244,8	12 754,8
%	17,9	0,3	1,5	19,7	27,2	52,0	1,2	80,3	100,0

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 2. Distribución da superficie agraria en Folgoso a partir das *Respuestas generales* do catastro de 1752

21 localidades	Labr.	Horta	Prado	CULTIVO	Monte	Devesa	Souto	INCULTO	TOTAL
Ferrados	16 984	312	1 039	18 335	41 714	491	28	42 233	60 568
%	28,00	0,49	1,64	30,3	68,9	0,75	0,05	69,7	100

[95] LLINARES GARCÍA, M., *Os Mouros no imaxinario popular galego*, Santiago, 1990.
[96] ARG, *Real Intendencia de Galicia,* Sta. Mª de Barbeiros (L. 298, 299) e S. Martiño de Oroso (L. 2049-2050).

Se nos atemos á descrición que nos ofrece a *Geografía General del Reino de Galicia* esta paisaxe agraria mantívose con poucas alteracións ata as primeiras décadas do século XX, salvo no tocante á presenza de novos cultivos como a pataca ou a avea:

> *… si bien no existen bosques propiamente dichos, cada vecino posee con más o menos extensión su dehesa de robles (carballos) y algunos castaños. Todo lo no cultivado es monte bajo que produce toxos (aliaga) y esquilmo para combustible y para cubrir el piso de los establos a fin de producir abono … Las producciones principales son trigo, centeno, avena, maíz, patatas, habichuelas y nabos: esta produción no es suficiente para el consumo de los habitantes, teniendo que provistarse de lo necesario para sua atenciones de los mercados inmediatos…*[97]

Gráfico 1. Distribución porcentual da superficie agraria segundo os *Libros Reales* de Barbeiros e Oroso. 1752





Gráfico 2. Distribución porcentual da superficie agraria segundo as *Respuestas Generales* das 21 parroquias de Folgoso en 1752



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE



Segundo as características morfoclimáticas de cada zona o espazo agrícola tiña as súas particularidades organizativas e non eran as mesmas as fórmulas de explotación as que se podían atopar, por exemplo, en terreos con déficit hídrico nos que había que

[97] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña", en CARRERAS CANDI, F. (dir), *Geografía General del Reino de Galicia,* Vol. VII, T. 4º. Barcelona, s.a., A Coruña, 1980 (ed. fac). p. 642.

recorrer ao regadío que as daquelas economías nas que a gandería tiña un papel primordial. Unha das grandes achegas de Abel Bouhier foi a de cartografar, definir e explicar con un grao de detalle admirable as variedades da paisaxe agraria de Galicia sistematizándoas en cinco grandes tipos: eidos dispostos en bancais e socalcos, eidos cerrados, eidos de agras, grandes *openfiels* e formas agrarias peculaiares.[98]. Estas últimas estruturas, que ocupan a inmensa maioría do territorio galego (80%) e da cornixa cantábrica, caracterizan a comarca que estamos a estudar.

Pola súa amplitude, a Galicia das agras ocupa territorios dispares que dan lugar, á súa vez, a sub-áreas específicas dentro deste gran dominio. A comarca de Ordes, na medida en que se sitúa no límite N. do mesmo, presenta características de transición que se concretan no territorio que Bouhier chamou "Zona das terras de *divisións cerradas* e de pequenas agras"[99], aínda que na súa parte meridional aparezan con máis pureza as características da Galicia das agras[100]. Así ao norte da comarca, e en contacto directo co dominio dos bancais e socalcos das Mariñas, podíanse atopar aldeas que organizaban o seu espazo agrario a través de cerrados tal como se pode observar nos exemplos das aldea de Vilar (Santiago de Vilamaior-Ordes) e Montouto (Sta. Mª. de Cumbraos-Mesía) que cartografou o propio Bouhier (Figuras 1 e 2)[101].

Figuras 1 e 2. Aldeas que organizaban o seu espazo agrario en cerrados

Vilar (Santiago de Vilamarior-Ordes)	**Montouto (Sta. Mª. de Cumbraos-Mesía)**
Eido no que a división en pequenos cerrados, realizada pola banda do leste, está a piques de progresar no interior do gran bloque do oeste	Eido de cerrados composto de dúas envoltas sucesivas que encaixan arredor da aldea
	
1-Terras de labradío; 2-Pastos; 3 Toxais; 4-Toxais repoboados con piñeiros; 5-Cerrumes das parcelas, 6-Límites das parcelas abertas no interior dalgúns cerrados; 7-Límites de formas diferentes de utilización do solo no interior dunha mesma parcela	1-Terras de labradío; 2-Prados; 3 Pastos; 4-Toxais; 6-Cerrumes das parcelas, 7- Límites das parcelas abertas no interior dalgúns cerrados

[98] BOUHIER, A. *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario.* Santiago de Compostela, 2001, pp. 1397-1400. A partir de aquí se citarán indistintamente as versións francesa e galega desta obra.

[99] Nesta comarca comprendería os concellos de Tordoia, Mesía e parroquias do N. de Ordes. O tamaño das pequenas agras se estima entre 3 a 6 Has. mentres as máis grandes móvense entre 15 e 22 Has. (Ibídem, p. 249 e ss.).

[100] Concellos de Frades, Oroso e Trazo (BOUHIER, A., *La Galice*..., op. cit., p. 314).

[101] Ibídem, pp. 271 e 273.

Tal e como se observa nos mencionados mapas, as paisaxes *cercadas* deste área non presentan perímetros regulares, senón que teñen un aspecto curvilíneo, ás veces case circular, así como unha distribución parcelaria interna máis irregular. A presenza destes deseños curvilíneos é debida á existencia de grandes espazos de *divisións cerradas* deixados a inculto, monte común en boa parte, tal como pode observarse no exemplo da aldea de Vilar (Santiago de Vilamaior-Ordes). Do mesmo xeito, a forma irregular do parcelamento viría dada por unha lenta e incerta progresión das terras de labor sobre o "toxal" e a unha tímida fixación, mediante peches, dos límites das terras rozadas[102].

As paisaxes *cercadas*, de por sí minoritarias nas parroquias do N., son progresivamente desprazadas polas pequenas agras, substitución que pode experimentarse a escala parroquial, aldea a aldea. Nas parroquias do sur da comarca, as agras, aquí xa de maior tamaño, eran a forma exclusiva de organización do terrádego. Na medida que as agras se atopaban delimitadas por valados onde crecían arbustos e algunhas árbores, a paisaxe presentaba trazos de *bocage,* algo infrecuente no conxunto de Galicia, circunstancia á que se alude nas *Respuestas Generales* do *Catastro* cando se refiren a que as escasas árbores se poden atopar nas "...márgenes de las tierras de labradío...". Bohuier restrinxe este tipo de peche ás chairas do curso medio do Tambre Ulla: Trazo, Oroso, O Pino, Touro, Arzúa, Terra Cha de Cospeito e algúns puntos illados máis occidentais como Silleda, no resto de Galicia o máis frecuente son os peches feitos de muros de pedra ou terra (valos ou valados) sen recubrimento vexetal destacable[103].

Nas parroquias con superficie máis elevada e movida –sempre dentro da suavidade orográfica destas terras-, os espazos de cultivo sitúanse en confluencias de pequenos vales tal como ocorre nos exemplos de Lesta e Mercurín (Ordes)[104]. Nos sectores máis baixos os espazos cultivados abandonan os fondos dos vales e dispóñense sobre as suaves pendentes delimitadas por ríos ou regatos afluentes dun mesmo tronco, como se pode ver no exemplo de Bascoi (Mesía)[105].

1.4 O ESPAZO POLÍTICO: DE XURISDICIÓNS A CONCELLOS CONSTITUCIONAIS

Utilizamos a expresión "espazo político" no sentido máis amplo posible, é dicir, como lugar no que habitan mulleres e homes que viven en sociedade, e desde esta perspectiva tanto nos podemos referir á aldea coma ao reino. Como xa se mencionou, é na forma de organización política na que se van producir maiores cambios durante o período estudado. Cambios nas institucións políticas locais que viñeron impulsadas polas mudanzas políticas que durante a primeira metade do século XIX afectaron á maior parte de Occidente e bautizadas pola historiografía como revolucións liberais.

En tanto que individuos constituíntes dunha determinada colectividade humana, os as mulleres e homes que habitaban estas terras eran membros das distintas comunidades que artellaban a sociedade. Igual que as bonecas rusas matrioskas encaixan unhas dentro doutras, cada un deles integrábase nunha determinada familia, vivía nunha aldea que agrupaba varios fogares que coa suma doutros conformaban unha freguesía. A condición de fregueses non só os convertía en membros dun dos milleiros de comunidades relixiosas da Cristiandade, senón que tamén facilitaba o goberno temporal dos poderes civís (señores xurisdicionais, rei, e logo do Estado liberal). Este carácter político-territorial da parroquia, propio do ruralizado noroeste peninsular, instituíuna en peza fundamental a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[102] Nestes grandes bloques de monte común consagrado a toxal os peches están en curso de progresar consonte a delimitación de trozos postos en labor mediante rozas de maneira episódica ou definitiva. Así estes terreos presentan un estado intermedio na vía do parcelamento e cercado (Ibídem, p. 269).
[103] Ibídem, p. 358.
[104] Ibídem, p. 253.
[105] Ibídem, p. 257.

partir da cal se organizou o entramado administrativo desde o Antigo Réxime hasta a actualidade, facendo posible durante moitos séculos que os tentáculos do poder e os seus valores e directrices ideolóxicas das elites relixiosas e políticas chegaran a boa parte das pequenas e illadas aldeas do finisterre atlántico da Península Ibérica[106]. Pegerto Saavedra reproduce nun dos seus traballos a definición que daba da parroquia Gabriel Le Bras no seu libro *L`Église et le village,* caracterización que se axusta perfectamente ás peculiaridades da parroquia rural galega: "la parroquia rural en una «célula en el mundo», la piedra angular de la administración eclesiástica, una entidad jurídica y al tiempo un ámbito de sociabilidad y de intercambios de variada naturaleza, un territorio bien definido y un grupo humano"[107]. Resulta asombrosa a estabilidade da rede parroquial que se conformou durante a alta Idade Media e que tivo poucos cambios na súa configuración territorial dende o final do medievo. O crecemento demográfico experimentado durante a Idade Moderna e as reformas tridentinas que fixeron obrigada a residencia do párroco na freguesía para conducir a súa "grey" estimulou a intensificación da vida dos fregueses arredor da igrexa parroquial promovendo tanto unha maior implicación dos fieis nas prácticas relixiosas como a aparición de formas profanas de sociabilidad no marco da parroquia[108].

Durante o Antigo Réxime, a pertenza a estas diversas comunidades supoñía, sobre todo, a existencia duns deberes cara señores temporais e espirituais –ou as dúas cousas a un tempo- que se materializaban na periódica contribución de determinadas cantidades detraídas da produción agrícola. Por exemplo, un veciño calquera, en tanto que cristián, entregaba a décima parte da súa colleita en concepto de "diezmo a Dios", aínda que ao final fose a parar na súa meirande parte ás arcas de señores temporais que gozaban de sinecuras, como o conde de Altamira ou o marqués de Montaos. A estes mesmos potentados se lles pagaban outros dereitos máis ou menos gravosos en recoñecemento do seu señorío, e como vasalos do rei contribuíase nas "rentas generales y provinciales". En contrapartida, o monarca e os señores comprometíanse a garantir unha sociedade xusta, labor encomendada aos oficiais reais e señoriais que se encargaban de dilucidar o que en cada caso era axustado a dereito e de executar, se procedía, as mesmas sentencias das xustizas. En definitiva, a administración da xustiza, o pago de impostos reais e señoriais, así como outras obrigas debidas ao rei e ao señor –levas militares, fiscalidade, montarías...- tiñan a súa aplicación no marco da xurisdición. Como comunidade humana estaba moi lonxe de ter a cohesión social da parroquia pero tiña gran utilidade para o exercicio do poder dos señores e da Coroa. Como ten afirmado Rubén Castro, "la base del sistema administrativo del Reino de Galicia es la unidad señorial y no la unidad parroquial, toda vez que son los conjuntos de aquellas las que conforman la forma de las instancias superiores de la administración territorial… Las unidades señoriales fueron a la administración territorial del Reino de Galicia lo que las parroquias a su población: su germen, su unidad básica, su principio generador"[109]. Ao marco administrativos eclesiástico de parroquias, arciprestados e arcediagados e ao marco señorial das xurisdicións engadíase hai que engadir o marco da administración facendística constituído polos partidos fiscais que determinaban os oficiais da Coroa. Este último marco superpoñíase sobre os outros e aínda que non coincidía necesariamente cos primeiros si

[106] A parroquia galega conta con abondosa bibliografía que se poderá atopar nunha monografía con achegas de distintos autores que se achegan a ela desde as múltiples perspectivas que permite esta realidade de múltiples facianas: VVAA, *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro,* Santiago de Compostela, 2009.

[107] SAAVEDRA, P., "El paisaje…, op. cit,

[108] SAAVEDRA, P., "A rede parroquial desde finais do século XV a mediados do XIX", en VVAA, *A parroquia…*, op. cit., pp. 77-104.

[109] CASTRO REDONDO, R., *Cartografía…,* op. cit., p. 47 e 109.

podía valerse deles como vemos nun exemplo do partido fiscal de Montaos. En todo caso, a existencia desta pluralidade de marcos administrativos non coincidentes mostra como distintas entidades de poder actuaban sobre un mesmo territorio e evidencia a complexidade do entramado administrativo do Antigo Réxime[110].

Como é sabido, a nivel teórico o réxime liberal partía de presupostos ideolóxicos moi distintos pero que na práctica non supuxeron o cambio radical que cabía esperar nas relacións entre administradores e administrados. Fronte aos cambios introducidos polas reformas liberais houbo entidades organizativas das comunidades humanas, como a parroquia, que en Galicia non só sobreviviron ao Antigo Réxime senón que serviron para artellar o espazo político da administración liberal. A coñecida dispersión do hábitat rural galego foi a maior dificultade que atopou o proceso de creación de concellos a partir do anárquico mapa xurisdicional do Antigo Réxime. A solución máis factible foi a de crear os concellos a partir da agregación de un determinado número de parroquias. Os sete concellos da actual comarca de Ordes reunían 77 parroquias que durante o Antigo Réxime se repartían entre dezaseis xurisdicións e coutos e que se agrupaban en catro circunscricións eclesiásticas superiores: os arciprestados de Berreo de Arriba, Berreo de Abaixo, Barbeiros e Dubra. Na actualidade o número de arciprestados redúcese a tres posto que os dous Berreos foron reducidos a un baixo o nome de arciprestado de Ordes. As parroquias tamén se reduciron a 75 ao ser suprimidas as de Sta. Aia de Faramilláns e Santa Susana de Arcai. A primeira foi anexo de S. Paio de Buscás ata que se integrou na súa matriz. Constituía o couto redondo pertencente ao señor do pazo de Galegos e a de Santa Susana de Arcai, hoxe absorbida por Sta. Aia de Gorgullos, que nese mesma data tamén era un couto redondo cuxo señorío pertencía á Universidade de Santiago de Compostela[111]. En 1835 a distribución de parroquias para crear os concellos constitucionais fíxose con de xeito bastante equilibrado de modo que, salvo Cerceda, os restantes municipios afástanse pouco da media de 10,7 freguesías que se obtén se se divide o número total entre o número de concellos.

1.4.1. Señores de vasalos e xurisdicións do Antigo Réxime

O *Nomenclator de Floridablanca de 1787* é a fonte que permite reconstruír máis comodamente o mapa xurisdicional do Antigo Réxime, se ben pode presentar algunhas discordancias coas declaracións das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada*. Na medida en que as variacións xurisdicionais foron escasas durante este período, resulta útil para obter unha idea bastante precisa do que foi a organización señorial do territorio durante toda a Idade Moderna. Segundo esta fonte, as 77 parroquias da Comarca de Ordes –hoxe 75, como dixemos- repartíanse entre dez xurisdicións e nove coutos distribuídos a nivel político entre as antigas provincias de Santiago e A Coruña e Betanzos. A nivel eclesiástico a práctica totalidade das freguesías se englobaban dentro dos arciprestados de Berreo de Arriba, Berreo de Abaixo e Barbeiros, se ben catro delas se adscribían aos de Bama (Gándara e Villarromarís), Bergantiños (Anxeriz) e Dubra (Vila de Abade); arciprestados que, á súa vez, formaban parte do arcediagado de Cornado.

Os únicos coutos e xurisdicións que incluían tódalas súas parroquias dentro dos actuais límites comarcais eran Folgoso, Montaos, Vilarprego, As Encrobas, Gorgullos, Monzo-Restande, Meirama, Sigüeiro do Deán, Sta. Eulalia de Faramilláns e Santa Susana de Arcai. A xurisdición episcopal de Mesía (371,25 km^2), pese a comprender a maior

[110] SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.

[111] Faramilláns xa desaparecera como parroquia a mediados do século XIX posto que no *Nomenclátor de 1860* aparece como unha aldea de San Paio de Buscás na que se rexistran 8 casas habitadas. Arcai aínda subusistía nesa época. Compoñíana as aldeas de Barral, Penedo, Rego de Arcay de abaixo e Santaiavedra nas que se rexistra un total de 18 casas habitadas.

parte do seu territorio dentro dos límites mencionados (215 km^2), e a ser o partido que máis territorio abarcaba dentro da bisbarra, aínda deixaba fora dos confíns comarcais boa porción das súas parroquias que se esparexían polas dúas veiras do Tambre nos actuais concellos de Arzúa, Boimorto, Cesuras, O Pino, Sobrado e Vilasantar[112]. A Mesía seguíana en extensión as xurisdicións de Folgoso (186 km^2) e Montaos (110 km^2). Os restantes coutos e xurisdicións non superaban os 100 km^2. Tal era o caso das situadas na banda oriental: Vilarprego (78.4 km^2) e As Encrobas (58.8 km^2), e por suposto dos coutos redondos como Gorgullos (22.6 km^2), Monzo-Restande (13.1 km^2), Meirama (11.8 km^2) e Sigüeiro do Deán (7.5 km^2)[113]. Existían outros pequenos coutos dos que as fontes manexadas non nos permitiron determinar a súa extensión, xa sexa porque foron parroquias suprimidas como Santa Susana de Arcai ou Sta Aia de Faramilláns, o ben porque eran minúsculos enclaves comprendidos dentro dunha parroquia e coincidentes cunha determinada aldea como son os casos de Vilagudín (Sto. André de Lesta-Ordes), Queis (Sta. Cruz de Montaos-Ordes) on Nouche (Sta. Mª de Beán-Ordes). Ademais hai que engadir aquelas parroquias que pertencían a xurisdicións que tiñan a maior parte do seu territorio fora da actual comarca de Ordes: Viladabade (28.26 km^2) integrada na xurisdición de Rus (provincia da Coruña), Cabrui (13.7 km^2) na de Sobrado (provincia de Betanzos), Anxeriz (16.1 km^2) en Xallas, ou Berreo (7.5 km^2) en Budiño, ambas na provincia de Santiago.

O señores xurisdicionais que máis territorio controlaban eran o Arcebispo de Santiago (254 km^2) o conde de Altamira (252 km^2), e o marqués de Montaos (180.8 km^2)[114]. A moita distancia aparecen aqueles que só tiñan o control dalgunha parroquia solta xa fose porque esta pertencía a unha xurisdición que tiña a maior parte do seu territorio fora do perímetro comarca -Mosteiro de San Martiño Pinario (28.6 km^2) e Mosteiro de Sta. Mª. de Sobrado (13.7 km^2), ou porque "señoreasen" coutos circunscritos a dúas parroquia como o prior da Colexiata de Santa María a Real de Sar en nome do rei (11.8 km^2)[115], ou a unha soa como D. Bernardo Basandre (11.8 km^2) o Deán de Santiago (7.5 km^2)[116], o Marqués de Bóveda de Limia e a Universidade de Santiago de Compostela. En razón do número de vasalos a primacía se decantaba a favor da Casa de Altamira (7.163 individuos), deixando nun segundo plano á Mitra (6.450 individuos), señora dos territorios de baixas densidades máis orientais, e á Casa de Montaos (4.459 individuos). Reprodúcese o panorama xeral da provincia de Santiago onde o Arcebispo e o conde de Altamira tamén son os señores máis importantes, aínda que a nivel provincial é a Mitra quen ocupa o primeiro lugar (61% da poboación) con bastante distancia respecto

[112] Polos actuais concellos de Arzúa, Boimorto, Cesuras, O Pino, Sobrado, Vilasantar.

[113] A extensión que se indica para Sigüeiro do Deán é a da parroquia de Trasmonte pero hai que ter en conta que a súa amplitude era algo superior xa que parte da freguesía de San Martiño de Oroso tamén se adscribía a este couto.

[114] A Mitra compostelá, ademais de Mesía, tiña xurisdición sobre o couto de Gorgullos e a parroquia de Anxeríz, pertencente á xurisdición de Xallas; o conde de Altamira era señor de Folgoso, As Encrobas (que as *Respostas Xerais* do *Catastro de Ensenada* aparece co outro título seu de marqués de Astorga) e da parroquia de Berreo, pertencente á xurisdición de Budiño; o marqués de Montaos era señor do territorio que lle daba nome ao marquesado e da xurisdición de Vilarprego que as *Respostas Xerais* do *Catastro de Ensenada* aparece co outro título seu de Conde de Grajal.

[115] Ao respecto do couto de Monzo e Restande os deponentes á segunda pregunta do *Interrogatorio* do *Catastro de Ensenada* "dixeron ser de señorío que pertenece al Reverendo Prior de Santa María la Real de Sar en nombre de Su Magestad y como Patronato Real suio" (AGS, CE, RG, L. 241). Por este motivo o señorío deste couto nalgúns casos se lle atribúe á Coroa (RÍO BARJA, F. X., *Cartografía* …, op. cit., p XX ou ao prior de Sar (CASTRO REDONDO, *Cartografía…*, op. cit., p. 269).

[116] En realidade, o deán de Santiago sumaba unha superficie lixeiramente superior pola parte da parroquia de Oroso que pertencía a Sigüeiro do Deán e polos minúsculos coutos que Queis e Nouche que no que atinxe á súa administración adscribíanse a Sigüeiro.

do Conde (28% da poboación). Pola súa banda o marqués de Montaos concentraba nesta comarca a práctica totalidade dos seus vasalos se temos en conta que a nivel galego reunía 5.682 individuos[117].

Táboa 5. Xurisdicións que se integraban total ou parcialmente na actual comarca de Ordes no século XVIII[118]

Xurisdicións	Señor xurisdicional	Provincias	Territorio	
			km²	%
Budiño	Conde de Altamira	Santiago	7,5	0,98
Encrobas, As	Conde de Altamira	A Coruña	58,8	7,65
Folgoso	Conde de Altamira	Santiago e A Coruña	186	24,19
Mesía	Arcebispo de Santiago	Santiago	215	27,97
Montaos	Marqués de Montaos	Santiago	110	14,31
Rus	Mosteiro de San Martiño Pinario	A Coruña	28,26	3,68
Sobrado	Mosteiro de Sta. Mª. de Sobrado	Betanzos	13,7	1,78
Vilarprego	Marqués de Montaos	A Coruña	78,4	10,20
Xallas	Arcebispo de Santiago	Santiago	16,1	2,09
Coutos				0,00
Monzo e Restande	Prior de Sta. Mª a Real de Sar	Santiago	13,1	1,70
Gorgullos	Arcebispo de Santiago	Santiago	22,6	2,94
Sigüeiro do Deán	Deán de Santiago	Santiago	7,5	0,98
Meirama	D. Bernardino Basandre	A Coruña	11,8	1,53
Arcai	Universidade de Santiago	A Coruña	¿?	¿?
Faramilláns	Marqués de Bóveda de Limia	Santiago	¿?	¿?
Vilagudín	Conde de Altamira	Santiago	¿?	¿?
Queis	Deán de Santiago	Santiago	¿?	¿?
Nouche	Deán de Santiago	Santiago	¿?	¿?

Fontes: Río Barja, F. X. (1996); Castro Redondo, R. (2019)

Táboa 6. Señores, extensión e nº de vasalos das xurisdicións da comarca de Ordes a partir do *Nomenclátor de Floridablanca* de 1787[119]

Señores xuridicionais	Territorio		Individuos	Individuos/km²
	km²	%	nº	
Arcebispo de Santiago	254,1	33,3	6 450	25,4
Conde de Altamira	252,4	33,1	7 163	28,4
Marqués de Montaos	180,8	23,7	4 459	24,7
Mosteiro de San Martiño Pinario	28,6	3,8	688	24,1
Mosteiro de Sta. Mª. de Sobrado	13,7	1,8	315	23,0
Prior de Sta. Mª a Real de Sar	13,1	1,7	299	22,8
Deán da Catedral de Santiago	7,5	1,0	227	30,3
D. Bernardo Basandre	11,8	1,5	¿?	¿?
Marqués de Bóveda de Limia	¿?	¿?	¿?	¿?
Universidade de Santiago	¿?	¿?	¿?	¿?


Fonte: Eiras Roel, A. (1996)

[117] Datos extraídos de EIRAS ROEL, A., *La Población de Galicia, 1700-1860: crecimiento, distribución espacial y estrutura de la población de Galicia en los séculos XVIII y XIX*, A Coruña, 1996; do mesmo autor, "El señorío gallego en cifras. Nómina y ranking de los señores jurisdiccionales" en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* vol. XXXVIII, nº 103, año 1989, pp. 113-132; e de SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "Régimen..., op. cit.

[118] Non foi posible concretar a extensión territorial dos coutos de Arcai, Faramilláns, Vilgudín, Queis e Nouche porque se trata de parroquias que foron suprimidas ou partes dunha parroquia. En todo caso tratábase de entidades de superficie moi reducida que non sobrepasaría o 1% do total do territorio comarcal.

[119] Non foi posible concretar a extensión territorial nin o número de vasalos dos coutos que estaban baixo o señorío da Universidade de Santiago (Sta. Susana de Arcai) e do Marqués de Bóveda de Limia (Sta Aia de Faramilláns) porque se trata de parroquias que foron suprimidas.

Gráfico 3. Territorio porcentual cotrolado polos señores xurisdicionais da comarca de Ordes a partir do *Nomenclátor de Floridablanca* de 1787[120]



O poder do señor, encarnado nas xustizas locais, tiña a súa representación simbólica máis evidente en casas de audiencia onde o xuíz ordinario, meiriño ou alcalde maior, ademais de residir, impartía xustiza acompañado do escribán de número, cobraba as rendas tanto xurisdicionais coma territoriais. Tamén servía de cárcere pública e de lugar de reunión dos veciños para atender aos requirimentos do rei ou do señor[121]. Nas xurisdicións máis importantes as casas de audiencia estaban instaladas en torres de orixe medieval, como o castelo de Mesía (S. Cristovo de Mesía) a torre de Folgoso (Pereira-Ordes), a fortaleza de Bardaos (Tordoia) e as torres e pazo de Lestrobe (Benza-Trazo). Este último edificio, construído nas últimas décadas do século XV, relegou nesa función á fortaleza baixomedieval de Castenda (Tordoia) cando a principios do século XVI o señor de Montaos fixou en Lestrove a capital administrativa do señorío[122]. A fortaleza de Bardaos converterase en casa de audiencias e cárcere señorial da xurisdición de Vilarprego, tamén do señor de Montaos, "en que ay una cadena gruesa y larga con sus arropeas y tres pare de grillos"[123]. En moitos casos estas torres acabaron dándolle nome á xurisdición como sucedeu en Folgoso e posiblemente tamén en Mesía. No caso de Folgoso, topónimo orixinario da aldea da parroquia de Sta. Aia de Pereira (Ordes) onde se erguía a fortificación, ese proceso pódese documentar. Así se deduce dos termos nos que se refire a este territorio a *Concordia de 1554* entre o Arcebispo e o conde de Altamira -"la tierra de Montaos, llamada vulgarmente merindad de Folgoso"[124]-. A principios do

[120] Faltan a Universidade de Santiago e o Marqués de Bóveda de Limia polas razóns que se deron na nota 92.

[121] Sobre a organización interna dos estados señoriais vid. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "Régimen señorial..., op. cit.; e MIGUÉS, V. M., *A fidalguía galega: un breve enxergar histórico a través da Casa de San Fiz de Asma e agregadas no Antigo Réxime*. Santiago, 1997 p. 105 e ss.; e PRESEDO GARAZO, A., *Nobleza y régimen señorial en Galicia: la Casa de Montaos en los siglos XVI y XVII*, Santiago de Compostela, 2011, pp, p. 59-64.

[122] Unha detallada descrición deste inmoble no que residen temporalmente os señores de Montaos ata 1569 e ao que siguen acudindo ocasionalmente en PRESEDO GARAZO, A., *Nobleza…*, op. cit. p. 104.

[123] Ibídem, p. 217.

[124] Resumen de la Bulla confirmatoria de la concordia entre el conde de Altamira y el Arzobispo de Santiago, 22 de enero de 1554, AHSP., Fondo Condado de Altamira, leg. 3-A-1, doc. nº 4, fol. 2r-3v. Contamos coa transcrición deste documento grazas á amabilidade da nosa compañeira Ana Framiñán, a quen queremos agradecer as súas orientacións ao respecto de este tema.

século XVIII esta torre debía estar ruinosa e foi substituída por unha casa de audiencias e cárcere que seguiu coñecéndose polo nome de torre ata ben entrado o século XIX. Así nolo relata o *Compendio del Estado de Altamira*[125]*:*

> *La casa de Folgoso, fabricada en el año de 1715, conserva el nombre de Torre, por la antigua que se arruinó en dicho año, y está situada a distancia de quatro leguas de la Ciudad de Santiago, y seis de La Coruña, a la vista del Camino Real, de una a otra, en una llanada rodeada de montes, en sitio muy frío.*

Esta substitución da torre arruinada por unha simple casa de audiencias representa simbolicamente o proceso que sufriu o poder señorial durante a Idade Moderna. A fortaleza representaría as reminiscencias dos usos medievais no exercicio do poder caracterizados pola brutalidade e arbitrariedade dos poderosos que aínda se documentan na primeira metade do século XVI, mentres a súa ruína e a construción dunha casa de audiencias no mesmo lugar sería o síntoma da burocratización do poder señorial que se observa ao longo da Idade Moderna na que este pasa a estar progresivamente controlado por un órgano da Coroa como a Real Audiencia de Galicia[126]. Como exemplos dos usos da torre de Folgoso pódense mencionar testemuños da súa función de cárcere como cando en 1743 Juan de Mondragón, veciño de Sta. Aia de Moar, estaba "preso en la cadena gruesa de dha carcel... a muchos días por cantidades de maravedís que está deviendo..." [127]. Non menos importante era a función destas capitais administrativas do poder local como lugar de reunión dos vasalos da xurisdición cando eran requiridos polas autoridades locais ou polos representantes da Coroa para distintos fins. Nos *Expedientes de Hacienda* de 1597 documéntase como se convocou nesa data con fins fiscais aos vasalos de Folgoso para facer a repartición das alcabalas exemplificando como a administración fiscal se valía da administración señorial para a recadación de impostos. Tamén se evidencia que unha non coincidía coa outra na medida en que no partido de Montaos, aparte dos vasalos de Folgoso tamén se incluía aos do coto de Queis, pertencente ao deán de Santiago[128]:

> *En la torre de Folgoso a cattorze días del mes de março de mil e quinientos e nobenta e siete años, en presencia de mi escribano,... Sancho Lopez de Pardiñas, merino e justiçia en Tierra de Montaos por el conde de Altamira, en conplimiento de lo a él mandado por el Rei, nuestro señor., ... hizo benir y parecer delante si para aberiguar de lo contenido en la provisión Real del Rei nuestro señor librada por los del su Real Consejo de Azienda zerca de las alcabalas deste reino y del dicho partido de Montaos a Gregorio Vasquez e Gregorio Vello e Gregorio d'Uzal e Bertolo da Boujuya, vezinos de la feligresía de Santa Cruz de Montaos y coto de Queize...,*

A torre de Mesía, emprazada na Pobra de Mesía (parroquia de San Cristovo de Mesía) tamén lle daba nome a ampla xurisdición de señorío episcopal do mesmo nome. En 1607 o visitador Jerónimo del Hoyo deixounos unha breve descrición do estado no que se atopaba:

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[125] *Compendio* …, op. cit...
[126] SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.
[127] AHUS, Protocolos notariais, Leg. 915, 8. A mediados do século XIX mantiña a función de cárcere do Concello de Ordes que contaba con outra na vila: "hay 2 cárceles, una malísima en Ordenes y otra en Bean, perteneciente á la ant. jurisd. de Folgoso." (MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 894).
[128] AGS, EH, Leg. 130-9, Tierra de Montaos.

La fortaleça de Mesía está siete legoas de la ciudad de Santiago, hacia Betanços. Tiene las paredes muy fuertes y unos derrumbiaderos por toda ella alrededor y por la parte del Oriente y septentrión la cerca un río, y sólo la entrada por la puerta tiene llana. Tiene algunos aposentos y raçonable bibienda, pero muy lóbrega y melancólica[129].

Ademais de centro político-administrativo, o lugar onde se atopaba a torre podían ser tamén centro económico na medida que alí se celebraba algunha das feiras da xurisdición, de novo é válido o exemplo de Folgoso, a Póboa de Mesía, ou o lugar de Lestrobe (Benza-Trazo), lugar de celebración das San Lucas.

Mapa 1. Cartografía xurisdicional da Comarca de Ordes segundo o *Nomenclátor de Floridablanca* de 1787



Elaboración propia

Os señoríos xurisdicionais supuñan a subrogación do poder da monarquía en favor da nobreza ou do clero que patrimonializou ese poder na maior parte do territorio de Galicia. Estas institucións foron substituíndo ao final da Idade Media e principios da Moderna aos señoríos medievais ou antigas "terras" e ás inmunidades eclesiásticas. O señor e os seus oficiais presentábanse como representantes da Coroa e, por tanto, como garantes da xustiza da seguridade e da paz[130]. Os estudos relativos a este tema teñen posto o acento sobre a complexidade do sistema xurisdicional e a conflitividade que disto se

[129] HOYO, J. del, *Memorias del arzobispado de Santiago,* edición de B. Varela Jácome e A. Rodríguez González, Santiago, s.a, p. 11
[130] PRESEDO GARAZO, A., *Nobleza…*, op. cit., p. 205.

derivaba[131]. Así, por exemplo, a xurisdición de Mesía debuxada por un perímetro amorfo, caprichoso e con varias freguesías illadas do núcleo central, contiña dentro dela pequenos coutos como o de Faramilláns con só 47 habitantes en 1787 (freguesía anexa á de S. paio de Buscás). Pola súa banda, Folgoso incluía no seo das súas parroquias varios coutos doutros señores xurisdicionais (Nouche, Queis, ou Sigüeiro do Deán) ao tempo que tiña como anexo o couto de Vilagudín, pertencente á parroquia de Sta. Aia de Gorgullos que, á súa vez, era un couto redondo do arcebispo de Santiago. Caso peculiar era o da parroquia de de S. Clemenzo de Mercurín que, segundo de que documentación se trate, unhas veces aparece como couto redondo, e outras adscrita ben a Folgoso, ben a Vilarprego. Así, no Nomenclator de Floridablanca aparece como pertencente a Folgoso, mentres o *Catastro de Ensenada* non pode ser máis confuso: as *Respuestas Generales* adscríbena a Folgoso, mentres os libros particulares inclúena en Vilarprego. Para colmo, o Diccionario de S. Miñano, nun dos seus xenuínos erros, localízaa na "jurisdicción de Lendorio, arrabal de Santiago... provincia de La Coruña"[132].

Boa parte do *puzzle* xurisdicional desta comarca resultou da fragmentación e usurpación dos dominios do arcebispo de Santiago pola nobreza, en particular polos Moscoso de Altamira e os Bermúdez de Montaos, porque o seu carácter estratéxico como zona sucada polos camiños que conectaban Compostela coas cidades da Coruña e Betanzos convertíana nunha terra cobizada. Este territorio que a principios da Idade Moderna estaba constituído polas terras de Montaos e Mesía, adscribírase en distintos momentos da Idade Media á imprecisa terra de Trastámara e á Terra de Santiago no intre de maior expansión desta. Como dicía Antonio López Ferreiro: "aunque la Tierra de Santiago, en su constitución civil y política no experimentó alteración substancial, en la extensión de su territorio sufrió considerables desmembraciones … Por de pronto el primitivo Coto redondo que de antiguo rodeaba por todas partes a Santiago, dejó de formar un todo continuo por la interposición más ó menos justificada de otros señoríos, como los Moscosos, los Bermúdez, Ulloas y otros" [133]. O propio López Ferreiro explica como a forma de organizar o goberno da extensa Terra de Santiago polos arcebispos composteláns favoreceu a intromisión destas familias a través de contratos feudovasalláticos que favoreceron a apropiación por parte destas de boa parte dos dominios da Mitra compostelá: "Después que la *Tierra de Santiago* adquiró considerable extensión, fue dividida en varios distritos, que ordinariamente conservaban la misma demarcación que tenían antes de su incorporación á los estados de la Iglesia compostelana. Los Prelados conferían, ya por tiempo determinado, ó por tiempo indefinido, bajo el nombre de *mandationes, honores, beneficia, prestimonia*, *tenentiae,* el régimen de estos distritos á caballeros, hijos de Nobles, ó á otras personas notables, las

[131] Deben citarse neste punto os traballos de GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. *La organización administrativa territorial de la antigua provicia de Ourense a mediados del siglo XVIII,* Ourense, 1988; SAAVEDRA, P., *Señoríos y comunidades campesinas: aportaciones a la Historia Rural de la España Moderna,* A Coruña, 2003, traballo no que se recompilan diversos artigos deste autor sobre o tema en cuestión.; SAAVEDRA, P., *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria. Sobre a división e o controldo territorio na Galicia moderna*, A Coruña, 2013; CASTRO RENDONDO, *La Conflictividad…,* op. cit; e CASTRO REDONDO, R., *Cartografía…,* op. cit. Sobre esta cuesión no tránsito da Idade Media á Moderna POUSA DIÉGUEZ, R., "Del señorío medieval a la jurisdicción señorial en Galicia: transformaciones y cambios entre los los siglos XIV y XVI", *Medievalismo,* nº. 28, 2017, pp. 175-202.

[132] Neste sentido, a xurisdición de Folgoso é tratada como exemplo de caso peculiar en CASTRO REDONDO, R., *Cartografía…,* op. cit., pp. 66-67. Tanto neste traballo como no de Francisco X. Río Barja se adscribe Mercurín á xurisdición de Folgoso (RÍO BARJA, F. X. *Cartografía…,* op. cit., p. 72).

[133] LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros municipales de Santiago y su Tierra,* Santiago, 1895. Cito pola edición de Herederos de López Ferreiro, Madrid, 1975, p.658.

cuales, en muchos casos gobernaban sus respectivos distritos por medio de vicarios ó mayordomos (*majorini)*[134].

En varios documentos medievais localízanse algún destes espazos con maior ou menor precisión que, como vimos máis atrás, veñen a coincidir cos límites dos actuais arciprestados de Ordes[135] e Barbeiros e que na baixa Idade Media se corresponderán aproximadamente coa Terra de Montaos e a Terra de Mesía. Así, sobre a Terra de Montaos, que parece que tamén incluíu o territorio de Mesía durante a alta Idade Media, existen referencias documentais moi antigas. Unha doazón de Fruela II datada en 924 a sitúa vagamente na área comprendida entre o Tambre e o territorio de Nendos[136]: "...est conmisso de montanos ab integro ...de tamare usque in nemitos...". Posteriormente e por un tempo parece que formou parte do impreciso e amplo territorio de Trastámara que abarcaría todo o espazo noroccidental de Galicia ao norte do Tambre baixo o control da familia dos Traba[137]. En 1123, Afonso VII restituía Montaos á Igrexa se Santiago arrebatándolla aos dominios desa poderosa liñaxe. Na doazón na que se concreta esa operación, datada en 1123, aparece unha delimitación máis precisa deste[138]:

> ...*incipit per illam stratam de ponte sequarii* [Ponte Sigüeiro] *et ducit ad quercum sancti michaelis* [S. Miguel de Gándara] *et inde ad incruzeladan desuper sancto thome* [Sto. Tomé de Vilarromarís] *et vadit per stratam de beiam* [Sta. Mª. de Beán] *et inde inter beian et villamonte et pertinxit ad mulas de recouso* [Recouso-S. Martiño de Marzoa] *et recta strata dirixit ad incruzelatam de super anseriz* [Anxeriz-Sta. Mª de Barbeiros] *et inde ad furcam barveyros et per cautum de flamilianos* [couto de Sta Aia de Faramillans] *et per illam heremitan de Ramalonga* [S. Lorenzo de Bruma], *deinde hec divisio fiat per suos antiquos terminos, scilicet per pausaduram de Sumio* [Santiago de Sumio] *et per lacunam de Ialio et per pedem de mula, et per campum concagatum et per Spinitam et per pignam de domino Cesario et per lamas campeianas et per memoriale de domina Visclavara et per catadorium de casale de Xenlo et per congostrum de Covas et per illam parameiram et per VII harbores et per palmam kagare et per saldoirum et per patronem de taix et per lamam malam. Spent? continuatur: cum terminis vestris de Dubria* [Val do Dubra] *et correximus superiores terminos de illa furca de barveyros* [Sta. Mª. de Barbeiros] *ad villam maiorem* [Santiago de Vilamaior] *et per portum de adrian* [Adrán, Santiago de Vilamaior], *et per couas de latrones* [Cavoladrón- Mesos] *et ferit in heremitam de Ramalonga...*

---

[134] Ibídem, pp. 152-153.

[135] Recórdese que o arciprestado de Ordes é una demarcación eclesiástica creada en 2009 a partir da integración dos antiagos arciprestados de Berreo de Arriba e Berreo de Abaixo.

[136] Documento no que o rei Fruela II confirma o couto das doce millas e outorga o condado de Montaos, , Santiago, ano de C. 924, Tumbo A, fol. 11 vuelto. en LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela.* Santiago, 1905-1911, apéndices p. 106-107.

[137] As primeiras mencións de Trastámara dátanse no século XII, cando Pedro Froilaz, conde de Traba, tamén se intitula "comite in Trastamar" (POUSA DIÉGUEZ, R., "Trastámara: el dominio tenencial de los Traba", en OLIVERO GUIDOBONO, S. (coord.), *El devenir de las civilizaciones: interacciones entre el entorno humano, natural y cultural* / coord. por, 2021, pp. 35-58. Máis información sobre os avatares do condado de Trastámara en POUSA DIÉGUEZ, R., "Simbología y realidad de un condado bajomedieval: Trastámara", en OLIVERO GUIDOBONO, S. (coord.), *El devenir…*, op. cit., pp. 91-92.

[138] Doación do rei Alfonso VII na que éste entrega a terra de Montaos á Igrexa de Santiago. Santiago, 18-5-1123, Tumbo C de Santiago, fol 113; compulsado no preito que sobre a xurisdición das fegresías de S. Martín (¿) e Sta. Cruz de Montaos, sostivo cara o año 1543 o Deán D. Diego Tabera co Arcebispo D. Gaspar de Abalos; LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de...*, op. cit., tomo IV, p. 9.

A influente familia Traba non debeu admitir de bo grao a doazón dunhas terras que consideraban propias xa que algúns anos despois, en 1159, asinábase un convenio entre o conde Gonzalo Fernández de Traba e o Arcebispo e Cabido de Santiago no que o primeiro renunciaba aos dereitos que di ter sobre a terra de Montaos[139]:

> *...Se uero de peregriantione reuersus uel de expulsione restitutus fuero prerrecuperem omnem terram ipsam in iuri meo. Et ego teneam illam in bona iustitia sicut pater meus eam tenuit...Determinatum omne esse concedo quod quicquid petrus cresconii archidcns. et sucessores eius in terra illa habuerint in uestro. et uestri archidcni. iure integrum permaneat...*

Pero os conflitos non remataron aquí e as disputas entre a Igrexa compostelá e unha parte da nobreza galega polo control da Terra de Santiago foron unha constante durante todo o medievo véndose acrecentadas durante a baixa Idade Media polas estratexias de usurpación despregadas por certas familias, personificadas neste territorio polos Moscoso e os Bermúdez en particular. Durante ese período, os Moscoso de Altamira desempeñaran un papel protagonista na órbita da Mitra compostelá, como evidencia o feito de que varios membros desta familia ostentaran o cargo de pertigueiro maior da Terra de Santiago. Pero as relación dos Moscoso, como as de boa parte da nobreza desta época, cos arcebispos composteláns foi voluble e inestable con momentos de turbulencia e confrontación que tiñan como fondo as manobras dos primeiros para usurpar os dominios episcopais[140]. No caso dos Moscoso, ata 1554 non se puxo fin a eses vellos conflitos, resoltos mediante a firma dunha concordia que asinaron o arcebispo don Juan de Toledo e o conde de Altamira, don Lope Osorio de Moscoso, na que o prelado lle entregaba e foro perpetuo unha serie de territorios que lle pertencían. Na práctica era unha renuncia definitiva ao señorío pero como a concesión deste era unha atribución propia da Coroa utilizábase esa fórmula do foro perpetuo para darlle unha forma xurídica aceptable á transmisión do mesmo entre señores xurisdicionais[141]. A través deste documento, confirmado posteriormente polo papa Julio II, clarificábanse os dominios de cada quen neste territorio e a antiga terra de Montaos se repartía, tal e como se mantivo durante o resto do Antigo Réxime, nos seguintes termos[142]:

> *...por quanto entre dichos señores y sus antecesores auia auido y a lo de presente auia pleito pendiente en la Chancillería de Valladolid y ante otros jueces sobre un espolio y la detención y ocupación de algunos lugares, castillos, y fortaleças y otros uienes que dicho señor conde tenia poseidos y detenidos pertencientes al señor arçobispo como anejos a la dignidad*

[139] Convenio sobre a terra de Montaos entre o Arcebispo e Cabido de Santiago e o Conde D. Gonzalo Fernández de Traba, Montaos, ano de 1159?, Tumbo C, fol 96, LÓPEZ FERREIRO, A. , *Historia de...*, op. cit., Tomo IV, p. 76-77

[140] GARCÍA ORO, J., *La nobleza gallega en la baja Edad Media,* Santiago de Compostela, 1981, pp. 181-213. GALBÁN MALAGÓN, C. J., "Relaciones de poder y memoria de un linaje. La intervención de la Casa de Moscoso en la Compostela de los siglos XIV-XVI", *Madrygal*, 2015, 18 pp. 13-31.

[141] Este tipo de cesión de señoríos pola vía de foro perpetuo é citada para outros casos en LÓPEZ DÍAZ, M., "Alteraciones en el mapa jurisdiccional gallego durante la edad moderna: las desmembraciones eclesiásticas del siglo XVI", *Estudios mindonienses*, N. 7 (1991); p. 559-588 e FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "El señorío rural gallego en tiempos de Felipe II", en EIRAS ROEL, A. (coord..), *El reino de Galicia en la monarquía de Felipe II*, Santiago de Compostela, 1998, pp. 379-408.

[142] Resumen de la Bulla confirmatoria de la concordia, AHMP, fondo Condado de Altamira, leg. 3-A, doc. nº. 4, fol. 2r-3v. Contamos coa transcrición deste documento grazas á amabilidade da nosa compañeira Ana Framiñán, a quen queremos agradecer as súas orientacións ao respecto de este tema. Este documento tamén é citado en LÓPEZ FERREIRO, A., *Los fueros…*, op. cit. 661.

arçobispal y a la Iglesia de Santiago ...por lo qual auia auido muchos pleitos y gastos y antes que se ultimasen auian sucedido riñas, heridas, rapiñas, homicidios y otras cosas diversas ... se conuinieron en la forma siguiente mediante o beneplácito de Su Santidad y el del señor emperador Carlos 5º: Que dicho señor arzobispo da en foro perpetuo a dicho señor don Lope Moscosso la tierra de la Maya con su castillo o fortaleça de Altamira ... también la tierra de Montaos, llamada vulgarmente merindad de Folgosso, valle de Barcia, las Encrobas y Queixas ... con todo el imperio, administración, juridiccion, derecho de percibir renta de los colonos y habitadores con los frutos y rentas de todas estas tierras, jurisdicciones, cotos y fortaleças....

Mapa 4. Parroquias que integraban a xurisdición de Folgoso e o partido de Poulo ou "cinco feligresías del camino francés"



Elaboración propia

A cambio da confirmación de todos e cada un dos territorios que durante a Idade Moderna ía "señorear" a Casa de Altamira, o Conde tan só se obrigaba a ceder en favor da Mitra as terras de "... Poulo, Buscás, Moscosso, del Hospital, y la otra tierra que vulgarmente se llaman las cinco feligresías del camino francés con todos sus derechos y pertenencias ..." comprometéndose por si e os seus sucesores a "... defender y ampar*ar*

dicha Iglesia y sus arzobispos en todas y qualesquiera sediciones, alborotos, riñas, guerras...y que jamás en ninguna ocasión, causa o pretexto, tomara las armas contra dicha Iglesia...". Ao final engadíase unha pintoresca e feudalizante cláusula en sinal de homenaxe ao Arcebispos composteláns pola que o conde había de entregar anualmente "... el día de Santiago a 25 de jullio, un cauallo o ecanea con su freno, silla y ornamentos decentes..." baixo pena de perder os dereitos que nesta concordia se lle recoñecían. As cinco freguesías do camiño francés son as catro mencionadas no propio documento (Poulo, Buscás, Hospital e Moscosso) máis a de Sta. Mª. de Leira. Hospital fai referencia a S. Lorenzo de Bruma -onde houbera, como vimos, unha vella institución asistencial deste tipo-, e Moscosso non é outra que S. Pedro de Ardemil. En realidade Moscoso trátase dun lugar de Ardemil onde se erixía unha das dúas fortalezas medievais desta parroquia pertencentes á dinastía do mesmo nome, logo condes de Altamira, e onde algúns autores estiman que se debe situar o solar fundacional da Casa de Altamira[143]. Por tanto tampouco sería de estrañar que o Hospital de Bruma, veciño do lugar de Moscoso, fora de fundación dalgún antepasado desta liñaxe.

As razóns que levaron ao arcebispo a reservarse na *concordia* as cinco parroquias do Camiño Francés de Poulo sonnos descoñecidas, aínda que pode ter que ver o feito de atoparse aquí o núcleo de poboación máis importante do Camiño Real que levaba da Coruña a Santiago -Calle de Poulo-, dende sempre final da primeira xornada das dúas que levaba percorrer andando esta ruta e onde os camiñantes adoitaban facer noite. Non é casualidade, polo tanto, que nas inmediacións deste lugar se atopara dende moi antigo o hospital[144] mencionado na "concordia" e que, polo menos dende o século XVI, existan pousadas para os transeúntes[145]. Xa foran razóns piadosas de protección de pobres, enfermos e camiñantes, ou motivos máis temporais de tipo estratéxico ou económico[146], o caso é que o Arcebispo mantivo o control destas cinco parroquias ata a extinción do Antigo Réxime agrupadas baixo denominación de partido de Poulo e adscritas á xurisdición de Mesía, se ben sen continuidade territorial co núcleo daquela. Ademais, os Moscoso de Altamira tamén eran señores da xurisdición das Encrobas que nas *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* aparecen como de señorío dos marqueses de Astorga. Non nos consta que esa xurisdición entrase a formar parte dos estados de Altamira con motivo do enlace en 1707 do VIII conde de Altamira coa XIII marquesa de Astorga. Máis ben parece que se trate da arbitrariedade desa fonte á hora de usar os distintos títulos dun mesmo señor segundo da xurisdición da que se trate. De feito, a xurisdición de Vilarprego se presenta como señorío dos condes de Grajal de Campos cando é sabido polos traballos de Antonio Presedo que pertencía á Casa de Montaos antes de que esta entroncase cos primeiros.

Precisamente, a través dos estudos de Antonio Presedo sobre esa Casa podemos coñecer a vía pola que Vilarprego e Montaos, as dúas xurisdicións máis importantes da parte occidental desta comarca, ficaron baixo o dominio dos Bermúdez de Montaos. Como veremos, tratase dun proceso que responde ás típicas manobras de usurpación que despregaron distintas casas nobiliarias, como xa vimos no caso dos Moscoso de Altamira, para apropiarse dos dominios da Mitra compostelá. Segundo o citado autor, os Bermúdez de Montaos xa formaban parte do elenco nobiliario galego do último cuarto do século

[143] GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., *El arzobispado de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media [1150-1400]*, Sada-A Coruña, 1996, p. 188.

[144] Citado na documentación desde o século XII: Cesión que en 1175 fai Pedro Martínez a favor do Hospital de Santiago da parte que lle correspondía no de Bruma, ano de 1175, Tumbo C., fol 80. LÓPEZ FERREIRO, A. *Historia de...*, op. cit., p.117-118.

[145] AGS, EH, leg. 87, Tierra de Mesía.

[146] De feito esta finalidade parece estar clara noutras localidades, como a vila de Fisterra que, se reserva a Mitra neste documento.

XIV que, como os Moscoso, se movía na órbita dos arcebispos de Santiago antes da renovación nobiliaria de Enrique II. Ambas liñaxes de raíz galega superaron con éxito ese proceso de renovación, manténdose na órbita do arcebispo compostelán durante toda baixa Idade Media, se ben con sonoros altibaixos[147]. A mediados do século XIV os Prego de Montaos, que posteriormente adoptan o patronímico de Bermúdez de Montaos, xa se documentan no ámbito do señorío episcopal compostelán e en tanto que nese momento incorporan o topónimo Montaos ao seu patronímico evidencian a súa identificación con esta terra[148]. A comezos do século XV xa se rexistra a relación feudovasallática entre esta familia e a Mitra compostelá, momento no que os Bermúdez de Montaos comezan a controlar as merindades de Dubra, Vilarprego e parte da de Montaos. A mediados desa centuria xa se autodenominan como señores de Montaos apropiándose das funcións xurisdicionais do seu señor, o arcebispo de Santiago. Paulatinamente irán consolidando o núcleo do estado de Montaos sobre o que fundan un morgado en 1504. Desde principios do século XV ocupan merindades do señorío episcopal compostelán, circunstancia que aproveitan para ir apropiándose delas. Ao igual que vimos cos Moscoso de de Altamira, tiveron unha relación inestable coa Mitra, de xeito que o mesmo participaban en faccións contra o prelado como se reconciliaban con el, como sucede una segunda metade do século XV. No século XVI xorde un novo e último enfrontamento, este por vía xudicial, cando o arcebispo Juan de Tavera inicia un preito cos Montaos en 1527 pola posesión das xurisdicións de Montaos e Penaflor que se resolverá a finais do século XVI a favor da Casa de Montaos[149]. Deste xeito consolidan o seu poder sobre os territorios usurpados á Mitra formando parte do seu núcleo de dominio en Galicia as xurisdicións de Montaos e Vilarprego. De aí que no primeiro cuarto do século XVI fixen a capitalidade administrativa dos seus estados nas torres e pazos de Lestrobe, (Benza-Trazo), en territorio da xurisdición de Montaos, lugar no que o alcalde maior ten a súa casa de audiencias como "caveza del dicho estado"[150].

A terra de Mesía tamén foi obxecto de disputas entre nobreza e o arcebispo de Compostela. Dende a súa fortaleza, a máis importante desta comarca durante a baixa Idade Media, controlábase o territorio dependente dela, atravesado por vías estratéxicas que comunicaban Santiago con Betanzos e A Coruña con Arzúa e co interior meridional de Galicia de onde se importaban os viños do Ribeiro. Unha inscrición atribuía construción do castelo a Gonzalo Díaz de Mesía[151] que se adoita datar entre finais do século XIII e principios do XIV. Porén, parece que este personaxe tan só ocupou nesas datas a alcaldía da fortaleza en nome do arcebispo, sen que se poida establecer outro vínculo entre a liñaxe Mesía e a fortaleza do mesmo nome[152]. A fortaleza e o seu territorio foron obxecto de desexo de distintas familias nobiliarias do que se derivaron sucesivos conflitos, amén da súa destrución durante as revoltas irmandiñas. Reconstruída e tomada en posesión por Alonso I de Fonseca[153] volveron as disputas entre o prelado compostelán

[147] Sobre este proceso véxase GARCÍA ORO, J., *Galicia en los siglos XIV y XV,* A Coruña, 1987 e do mesmo autor *La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Las casas nobles y sus relaciones estamentales,* Santiago de Compostela, 1981. Ademais, o P. García Oro publicou con Mª. José Portela algúns traballos sobre a Casa de Montaos como GARCÍA ORO, J., et PORTELA SILVA, Mª. J., "La casa de Montaos en el siglo XVI. Vida y muerte en una casa señorial gallega" en *V e VI Semanas Galegas da Historia: Morte e sociedade no Noroeste peninsular. Un percorrido pola Galicia cotiá,* Santiago, 1998, pp. 61-98.

[148] PRESEDO GARAZO, A., *Nobleza…,* op. cit., pp. 59-64.

[149] Ibídem, pp. 67-79.

[150] Ibídem, p. 104.

[151] IGLESIA, A. M. de la, *El idioma …,* op. cit., p. 39.

[152] APONTE, V. de, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia.* Introducción y edición crítica a a cargo de Díaz y Díaz, M.C., García Oro, J. et. al. , p. 35 e 160-161.

[153] RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., *Las fortalezas de la Mitra compostelana y los"Irmandiños",* 1984, p. 579

e o bando nobiliario que se coligou contra el, volvendo a perder por un tempo fortaleza e xurisdición. Finalmente, unha e outra volveron a mans da Mitra que a conservou ata o final do Antigo Réxime. Será o único territorio desta comarca que o arcebispo de Santiago consiga salvar das usurpacións nobiliarias, aparte do couto redondo de Gorgullos que se administraba como anexo desa xurisdición[154]. Abolidos os señoríos un particular comproulle o castelo á ao arcebispado "por un pedazo de pan", segundo informa Antonio María de la Iglesia en 1860. O novo propietario desmantelou a fortaleza vendendo a pedra "á cuatro cuartos el carro", o que feriu fondamente a sensibilidade romántica do escritor cando contemplou as ruínas. Proba da carraxe que lle producíu son as palabras coas que califica o feito: "Da ira saber y ver esas porquerias"[155].

1.4.2. Dereitos e administración señorial: o exemplo de Folgoso

A xurisdición de Folgoso estaba constituída por vinte parroquias e a ela tamén se asimilaba o couto de Vilagudín, o que en conxunto sumaba uns 172 km^2 [156]. Nos *Expedientes de Hacienda de 1597* a "Tierra de Montaos, merindad de Folgoso" aparece integrada por dezanove das vinte parroquias que no sucesivo a constituirán –posto que non aparece Deixebre-, incluíndo ademais a S. Clemenzo de Mercurín, S. Martiño de Cerceda[157], e outros coutos que se agregan a esta xurisdición á hora de tributar ao rei[158]. Este conxunto parroquial mantívose estable durante toda a Idade Moderna tal como se contrasta en fontes sucesivas -Padrón Calle-Hita (1708), Compendio do Estado de Altamira (c. 1724), o Catastro de Ensenada (1752) e o Nomenclator de Floridablanca (1787)- e perdurará ata a disolución do Antigo Réxime.

A segunda pregunta do *Interrogatorio* do *Catastro* de 1752 inquire sobre as cuestións relativas ao señorío xurisdicional. As orixes do señorío son xeralmente descoñecidos polos peritos que se limitan a indicar o nome do señor e a natureza e montante seus dereitos. Por fortuna, o *Compendio* adoita detallar a razón e o momento no que o conde adquiriu o control de cada un dos seus estados, aínda que no caso particular de de Folgoso afirma non poder dar ese dato porque "no se halla principio al señorío de la mayor parte de esta jurisdición, siendo tradición constande de padres a hijos en el país que fue patrimonial, casa solar de la antiquísima familia de Moscoso". Como xa indicamos, os medievalistas composteláns admiten como certa tal declaración ata o punto de que o propio apelido desta liñaxe procedería da torre de Moscoso, situada no lugar de idéntico nome dentro da parroquia de S. Pedro de Ardemil.

Como ocorría na xeneralidade de Galicia a finais do Antigo Réxime, as rendas señoriais de Folgoso eran pouco gravosas: pagábase unha cantidade insignificante en recoñecemento do señorío ou vasalaxe -entregaba cada veciño entre un real e real e medio[159] e se se trataba dunha viúva "una gallina u por ella un real en que esta ajustada"-,

---

[154] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 645-646. APONTE, V. de, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia.* Introducción y edición crítica a a cargo de Díaz y Díaz, M.C., García Oro, J. et. al. , p. 35.

[155] IGLESIA, A. M., de la, "Galicia Rural. Mesía…, op. cit.

[156] Se se inclúe a parroquia de S. Clemenzo de Mercurín, couto que o *Nomenclator* e as *Respuestas Generales* do *Catastro* inclúen en Folgoso, o total serían 186 km^2.

[157] É posible que non só se trate da parroquia de S. Martíño de Cerceda e que se inclúa baixo este topónimo a toda a xurisdición de Encrobas. Ao respecto dos problemas que presenta a xeografía fiscal dos *Expedientes de Hacienda* vid. SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. "Algúns problemas que presentan as fontes fiscais do século XVI do Arquivo Xeral de Simancas referidas a Galicia" en *A facenda Real na Galicia do Antigo Réxime*, Santiago, 1993,. pp. 17-37.

[158] Trátase dos coutos de Queize (Pereira), Nouche (Beán) Pazos (Ordes) e Couto do Deán, coñecido tamén como Sigüeiro do Deán (Trasmonte e Oroso).

[159] Non todos os veciños pagaban este gravame. Nalgunhas parroquias tan só o facían algúns poucos (en Barbeiros, 4; en Bean, 6), e outras como Ordes, Parada, Vilamaior, Oroso e Deixebre estaban exentas. Sobre

e se ben a luctuosa -"facultad de cobrar de cada vecino que muere con conveniencias en esta dicha feligresía veinte y dos reales ..., y de el que se muere sin ellas, seis"- era o dereito señorial máis oneroso para as familias, resultaba menos pesado que noutros lugares. No conxunto das parroquias o importe da luctuosa ascendía a unha media de 19 reais se o morto era un veciño rico "con conveniencias", ou a 7 reais se o veciño non o era, é dicir "sin conveniencias". Sen ir máis lonxe na inmediata xurisdición de Montaos, os veciños pagaban sesenta reais os ricos, trinta campesiños medios e cinco os pobres. Consonte as declaracións dos mesmos "peritos" nas *Respuestas Generales,* o conde de Altamira percibiría anualmente uns 293 reais de vellón en concepto de luctuosa e uns 576 como recoñecemento de vasalaxe. En Poulo os veciños "hacendados de mayor caudal" pagaban 22 reais e os de "menor caudal" pagan once. En total e conforme o *Compendio* o ingresado polo Conde ascendía a unha media de 5.800 reais anuais, incluídos bens mostrencos e penas de cámara[160].

Salvo a elección de procurador xeral, aos veciños non se lles recoñecía ningún tipo de iniciativa no nomeamento e control dos poderes locais. A designación de xuíz ordinario, que non tiña porque ser natural da xurisdición, era prerrogativa exclusiva do conde, previa proposición do candidato polo alcalde maior dos estados de Altamira.

> *Cuando vacan las merindades, escribanias u otra ocupación de las que comprende la incubemcia del alcalde mayor, este da cuenta a su Excelencia proponiendo el sujeto o sujetos que le parecen apropósito para servirlas y ficado de la aprobación de Su Excelencia manda despachar los títulos que vienen y deven venir a la Contaduría del Estado para copearlos en ella, tomar la razon y escusar con esta diligencia los inconvenientes que se ha experimentado con lo contrario que alguna vez ha sucedido por descuido o por no tenerlos presentes*[161].

O xuíz ou meiriño, ademais de impartir xustiza en primeira instancia, administraba as rendas do conde "y por ello goza el usufruto de el lugar que circunda la referida torre (de Folgoso), con 300 reales, que uno y otro agregado a los derechos de judicatura le dan el util de 1.500 reales cada año". Asemade: "Los administradores se obligan a la administración de las rentas sabidas de su partido y a dar cuenta con pago como también a la de las sincuras que no se arrienda dando fianzas para uno y otro a satisfacion del alcalde mayor y contador cuya copia debe este asegurar en el archivo antes de entregar a la parte su nombramiento"[162]. Xunto a xuíz nomeaba doce mordomos que actuaban como xuíces pedáneos, dous procuradores de causas, un ministro, un alcaide de cárcere e un escribán de número cuxo oficio estaba valorado en 2.000 reais. As penas de cárcere impostas polos xuíces ordinarios cumpríanse na torre de Folgoso e outro tipo de sancións executábanse na picota, a columna de pedra ou de fábrica que era símbolo da mesma xustiza señorial na que mesmo se podían expor as cabezas dos axustizados cando se trataba da pena máxima. Segundo algunhas testemuños que recolle Mª del Rosario Valdés, na primeira metade do século XVI a picota de Folgoso situábase na ponte Pereira, no camiño que ía de Santiago á Coruña, nas proximidades da torre e cárcere da xurisdición, dende onde eran conducidos os presos para ser axustizados[163]. En todo caso,

a administración señorial nun determinado territorio véxase PRESEDO GARAZO, A., *Nobleza…*, op. cit. e POUSA DIÉGUEZ, R., *El señorío de San Pedro de Lobás en la Edad Moderna,* Ourense, 2016 e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F., *Historia de San Clodio,* Santiago de Compostela, 2021.

[160] *Compendio...*, op. cit., fol. 22.

[161] Ibídem, fol. 53 e ss..

[162] *Compendio...*, op. cit., fol. 53 e ss.

[163] Segundo esta autora aínda se conserva o topónimo "A Picota" referido a unhas fincas situadas xuto á ponte Pereira. A información procede dun preito sobre as freguesías da terra de Montaos, adscritas á

hai que ter en conta que estes exemplos están datados no século XVI cando o poder dos señores dentro das súas xurisdicións era practicamente omnímodo e aínda se exercía con reminiscencias da brutalidade medieval. Como xa indicamos, no transcurso da Idade Moderna ese poder foi moi erosionado pola Coroa a través dun órgano xudicial e de goberno como a Real Audiencia do Reino de Galicia, creado no tránsito do século XV ao XVI, de xeito que a finais do Antigo Réxime o poder xurisdicional dos señores atopábase moi achicado polo control e supervisión que exercía sobre el aquel órgano integrado por oficiais e xuíces nomeados pola monarquía[164].

Táboa 3. Sinecuras pertencentes ao conde de Altamira na xurisdición de Folgoso

Parroquia	Porción do Décimo	Cantidade en Reais	
		c. 1724	1752
Barbeiros	2/3	3 300	1 093
Deixebre	1/3	450	334
Frades	3/8	500	297
Galegos	1/4	180	206
Gándara	1/3	600	208
Lesta	1/2	1 000	674
Ordes	5/6	3 500	2 588
Oroso	2/3	2 000	509
Vilamaior	1/8	250	199
Total		11 780	6 107

O conde de Altamira non só gozaba do señorío xurisdicional senón que tamén posuía un patrimonio territorial que sumaba "27 lugares enteros y parte de otros, cuatro molinos, y diferentes heredades sueltas" polo que percibía de rendas, incluíndo a parte de voto de Santiago que lle correspondía, 470,5 ferrados de trigo, 657 de centeo, 14 galiñas, 46 capóns e un carneiro[165]. Ademais contaba co padroádego de nove parroquias de Folgoso coas súas sinecuras que lle rendían, segundo o *Compendio,* 11.700 reais ao ano a principios do século XVIII e co dereito de presentación nos curatos de Oroso, Gándara, Ordes e Senra que conxuntamente valían 12.260 reais[166]. Se se contrasta o montante das sinecuras declarado no *Compendio* cos datos de 1752 a diferenza resulta escandalosa, xa que a cantidade consignada nesta data supón pouco máis da metade da do *Compendio*. E se a isto se lle engade que os prezos do cereal se incrementaron aproximadamente nun 38% desde os anos vinte do setecentos ata a metade do século, a ocultación que se fixo da cantidade de cereal decimado revélase aínda moito máis elevada –62%-[167].

xurisdición de Folgoso, entre o arcebispo don Pedro Sarmiento e o conde de Altamira entre 1539 e 1543. Algunha das testemuñas deste preito tamén sitúa a picota de Folgoso no "Carballo de Poulo", o que entraría en contradición coas declaración doutras testemuñas. VALDÉS BLANCO-RAJOY, M. R., "Las fortalezas medievales que jalonaban la ruta jacobea entre Santiago y Betanzos", Criado de Val, Manuel (ed. lit.), *Caminería Hispánica. Actas del VIII Congreso Internacional.* Madrid: 2008, pp. 1-19.

[164] SAAVEDRA, P., "El paisaje...,op. cit.

[165] Sobre estas e outras cuestións vid. BAZ, Mª J., "A lexitimación das casas nobiliarias galegas no tránsito á Idade Moderna" en *Galicia fai dous mil anos: o feito diferencial galego*, Santiago, 1998, pp. 31-72.

[166] Oroso 1.760 reais, Gándara 4.400 reais, Ordes 1.700 reais, Senra 4.400 reais (*Compendio...*, op. cit., fol. 53 e ss.).

[167] O descoñecemento da data exacta de redacción do *Compendio* impide un contraste seguro. Hachouse a media anual dos prezos da década dos vinte e comparouse coa da década que vai de 1742 a 1751. Os datos dos prezos foron tomados de EIRAS ROEL, A. et Usero, R., "Precios de los granos en Santiago de Compostela y Mondoñedo" en *Las fuentes...,* op. cit., pp. 243-288. Ese 62% de ocultación resulta de aplicarlle ao montante do *Compendio* o 38% de incremento que sufriron os prezos entre unha e outra época.

1.4.3. A primeira organización municipal: o *Ayuntamiento constitucional* de Folgoso durante a etapa "doceanista" (1808-1814)

Entre 1810 e 1814 as comunidades campesiñas que durante séculos non coñeceran outro sistema sociopolítico que a monarquía absoluta e o sistema señorial viron conmovidos os alicerces daquela sociedade tradicional escasamente afectada polas reformas borbónicas. A primeira alteración desta orde secularmente estable veu de alén dos Pirineos, cando as tropas napoleónicas invadiron Galicia a principios do ano 1809. A intrusión violenta dos franceses na vida cotiá campesiña debeu impactar máis no ánimo dos labregos que as noticias sobre a fuxida da familia real e os sucesos de Baiona, pois rara foi a comunidade que non sufriu algún ataque da soldadesca gala. O episodio máis dramático que se ten documentado nesta comarca é o fusilamento de doce homes da parroquia de San Cristovo de Mesía o 12 de febreiro de 1809, xunto á capela de Arxán, de aí que sexan coñecidos como "mártires de Arxán"[168]. Máis común foron os actos vandálicos de todo tipo, en particular a destrución de arquivos dos estamentos privilexiados e dos arquivos parroquiais, asimilados polos franceses aos primeiros. O párroco de Sta. María de Ordes deixounos un breve testemuño dos sucesos acontecidos no Reino e, en particular, no arquivo da súa freguesía[169]:

> *Las tropas francesas que entraron en el Reyno de Galicia en el mes de Henero del año de mil ochocientos nuebe, han hecho en las casas, e Yglesias y en las cosas de ellas quantos improperios se le ofrecieron, y este libro lo han derrotado como se be, que las partidas puestas pocas han dejado, y de las certificaciones que en el estaban no quedo una, y para que conste a lo futuro se anota. Agosto, 24 de 1809.*

Os cregos e demais elites rurais coidaban que coa retirada dos franceses se recuperaría a orde perdida, pero houbo cousas que xa nunca volverían a ser como antes. O principio do fin do Antigo Réxime acababa de comezar. Reunidas as Cortes xerais extraordinarias en Cádiz desde setembro de 1810, emprenden unha revolucionaria obra lexislativa que culminará coa Constitución de 1812: a soberanía deixa de residir no monarca para pasar á Nación e se consagra o principio de división de poderes.

Entre as máis destacadas normas que emanan das cortes gaditanas está o *Decreto LXXXII de incorporación de los señoríos de 6 de agosto de 1811,* ou o que é o mesmo, a abolición dos señoríos xurisdicionais[170]. O poder local dos señores, un dos moitos residuos feudais da sociedade do final do Antigo Réxime, parecía ver o seu fin. Ademais, a nova configuración do poder local se verá contemplada no Título VI da Constitución de 1812 "Del gobierno interior de las provincias y los pueblos"[171]:

> Art. 307 *Para el gobierno interior de los pueblos habrá ayuntamientos compuestos del alcalde ao alcaldes, los regidores y el procurador síndico, y presididos por el jefe político donde le hubiere, y en su defecto por el alcalde ao primer nombrado entre estos, si hubiere dos.*
>
> Art. 308 *Se pondrá ayuntamiento en los pueblos que no lo tengan y en que convenga que le haya, no pudiendo dejar de haberle en los que por sí ao con su*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[168] ERIAS MARTÍNEZ, A., "A invasión francesa de 1809 vista desde Betanzos (I)", *Anuario brigantino*, Nº. 30, 2007, págs. 263-300.
[169] APOrd., Libro II de casados, fol. 41-v.
[170] Sobre o acaloramento que rodeou a aprobación deste decreto vid. FONTANA, J., *La crisis del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1983, pp.86 e ss.
[171] Cito por CAL Y CORTINA, R.M.G. de, *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*, A Coruña, 1998, p. 122.

comarca lleguen a 1.000 almas, y también se les señalará término correspondiente.

Estes artigos da Constitución tiveron rápido desenvolvemento normativo a través do *Decreto CLXIII de formación de los Ayuntamientos Constitucionales de 23 de mayo de 1812* completado por outro da mesma data referido ás Deputacións provinciais. Era preciso contar canto antes cos resortes de poder que permitiran organizar as eleccións a Cortes ordinarias que se convocaban o mesmo 23 de maio. O apresuramento co que se valoraba a constitución dos novos concellos parece indicar que se tomaron como referente as antigas xurisdicións, sen embargo, como poderemos ver máis adiante no caso da xurisdición de Folgoso non foi así. En calquera caso o que sí resulta probado é que as xurisdicións fixeron as veces de circunscricións electorais básicas nas eleccións das Cortes ordinarias de 1813[172]. Outra cousa clara é o papel da parroquia como circunscrición de partida para a configuración dos novos concellos tal como se desprende da circular que a recentemente constituída Deputación de Galicia emite o 13 de marzo de 1813 a todos os "pueblos" que desexaren constituír concello indicando que "pueden los mismos Pueblos formar dichos Ayuntamientos por Jurisdicciones, con tal de que lleguen á mil almas con su comarca, sin necesidad de que el lugar de su residencia sea la cabeza de su jurisdicción, sino aquel que convenga como más proporcionado para los Pueblos, Caseríos o cotos que compongan su población"[173]. Este uso da parroquia permitiu paliar as eivas que se derivaban da mencionada dispersión do hábitat.

Uns meses máis tarde se completaba a lexislación relativa ao réxime local coa *Instrucción para el gobierno económico-político de las provincias, de 23 de junio de 1813* inspirada nos principios do primeiro liberalismo: uniformidade, centralización e subordinación das distintas administracións. Os concellos, mediante a tutela da Deputación e o Xefe Político da provincia, dependen directamente do goberno central. A figura do alcalde apenas se regula, e pese a que se intenta "desxudicializalo" de acordo co principio de división de poderes, segue a desempeñar funcións de xuíz de primeira instancia, dado que os partidos xudiciais non chegaron a ser dotados de persoal competente.

Polo que respecta aos partido xudiciais, a súa inicial finalidade era a de materializar no ámbito local o principio de división de poderes, algo non conseguido nesta etapa por tratarse dunha idea tan allea á teoría e á práctica do poder durante o Antigo Réxime. Por tanto, non resulta extraño que as súas funcións non foran ou non quixeran ser comprendidas polas propias autoridades locais. En virtude da *Instrucción de 1810 para a elección de diputados a Cortes*, Galicia fora dividida en 69 partidos xudiciais -a provincia de Santiago en 21- configurados a partir das vellas xurisdicións. Entre estes partidos pensados inicialmente como circunscricións electorais, figuraba o de Mesía[174]. En cumprimento da *Orden de 2 de mayo de 1813*, aínda se elaborou outro proxecto de división xudicial que non chegará a ter aplicación práctica, e na que se reduce o número de partidos a 47, que a ser posible "tuviesen una figura circular o cuadrada, para evitar las distancias superfluas, y conciliar la de las capitales con la menor incomodidad de sus habitantes". As sete antigas provincias se reducen a tres –A Coruña, Lugo e Ourense- e entre os 15 partidos nos que se divide a primeira atópase o de S. Xiao de Poulo. Xa vimos máis atrás como durante o século XVIII Poulo foi o núcleo de poboación máis importante da comarca tanto no que se refire a número de habitantes como ás actividades económicas. Que a cabeza do partido xudicial se establecera nesta localidade non foi en

[172] Ibídem, p. 145 e 160.
[173] Ibídem, p. 199.
[174] Ibídem, p. 165.

absoluto unha arbitrariedade. Outra cousa é que neste momento se atopara xa en decadencia, unha vez que o novo trazado do camiño carreteiro Santiago-Coruña xa non a atravesaba.

Con este último e malogrado proxecto se pretendía, segundo Rosa Mª. de Cal, dividir Galicia con criterios comarcalizadores para facilitar a implantación das reformas liberais e romper co "esqueleto de la sociedad estamental". A calidade do mesmo, así como o seu axuste á realidade galega, próbao o feito de que esa división xudicial/comarcal segue vixente con poucas modificacións[175]. Outra cousa distinta é que existira una idea consciente de comarcalización nas mentes dos reformadores liberais posto que, como ten advertido Beatriz López Morán, tal idea "parecía estar en contra do movemento moderno de uniformidade e centralización, xa que as comarcas parecían remitir a unidades sociais e históricas preexistentes, algo que na mentalidade de todo administrativista liberal soaba a feudalismo, privilexio, señorío, preeminencias aristocráticas e eclesiásticas, etc..."[176]

Se se ten en conta que a maior parte das xurisdicións contaban con máis de 1.000 almas –salvo os coutos redondos-, estarían na obriga de facelo, outra cousa é que isto se levara a efecto pois as elites locais do vello sistema (fidalgos, cregos parroquiais, xuíces ordinarios) obviamente non estaban pola labor de facilitar un proceso que pretendía desmantelar os fundamentos do seu poder. É moi pouca a información que se ten ao respecto da creación dos concellos rurais durante esta etapa. Se se ten en conta que a maior parte das xurisdicións da comarca de Ordes contaban con máis de 1.000 almas –salvo os coutos redondos-, estarían na obriga de crear concello, outra cousa é que isto se levara a efecto pois as elites locais do vello sistema (fidalgos, cregos parroquiais, xuíces ordinarios) obviamente non estaban pola labor de facilitar un proceso que pretendía desmantelar os fundamentos do seu poder. A isto hai que sumar as dificultades propias que presentou a dispersión do hábitat rural, particularmente acusada na comarca aquí estudada

Sabemos da existencia, polo menos, dos concellos de Montaos[177], Gándara e Folgoso. Por fortuna, no caso deste último consérvanse algúns expedientes, maioritariamente xudiciais, do que foi escribán de número da xurisdición e secretario do concello do mesmo nome durante esta etapa e o Trienio e que aportan datos de interese. O expediente máis substancioso é un de xullo do ano 1814 no que se trata sobre o cobro da contribución de guerra, datado o 18 de xullo de 1814, a menos de dúas semanas para que se publicara o Decreto de 30 de xullo que restituía os dereitos xurisdicionais dos señores e suprimía os concellos constitucionais. No expediente se menciona que a xurisdición de Folgoso fora dividida en varios concellos –sen indicar cales- a principios de 1814, é dicir, que cando a organización municipal liberal é abolida o 30 de xullo dese mesmo ano, os concellos nacidos a partir desta xurisdición contaban cuns seis meses de vida. O propio expediente versa sobre cuestións relativas á clarificación das novas competencias do Concello de Folgoso. Consta dun oficio do Intendente remitido ao alcalde de Folgoso no que apremando a este para o cobro da contribución extraordinaria de guerra correspondente aos últimos 5 meses. É resposta a un oficio previo do alcalde de Folgoso dirixido ao Intendente no que parece que pregunta sobre se se debe seguir a cobrar este

[175].Ibídem, p. 224 e ss.. Vid. ademais a este respecto LÓPEZ MORÁN, B., *A comarcalización histórica de Galicia no século XIX*, Santiago, 1995

[176] LÓPEZ MORÁN, B., *A comarcalización…,* op. cit., p. 47.

[177] No *Libro de Resoluciones de la Diputación y su Comisión permanente* do período comprendido entre o 9 de xullo de 1813 e o 7 de xaneiro de 1814 (A.R.G., fondo de la Junta de Armamento y Defensa de Galicia, caja 52) aparece mencionado o concello de Montaos (fol. 8) e Folgoso, este último sen facer mención de que se constituíra en concello (fol. 19). Cito por CAL Y CORTINA, R. M. G. de, *Nacimiento…,* op. cit., pp. 201-202.

imposto dado que a guerra cos franceses deuse por concluída, *de facto* que non *de iure*[178], coa firma do tratado de Valençay entre Napoleón e Fernando VII o 11 de Decembro de 1813:

> *La contribucion de guerra debe continuar cobrandose hasta que el Rey nuestro señor tenga a bien de suprimirla; por consiguiente no haviendo havido orden de suspender dicha cobranza debio Vm. haverla executado desde febrero en adelante y por lo mismo es Vm. responsable de los perjuicios del atraso, limitandose a hacerla a las parroquias de su distrito por ahora, pues los demas Ayuntamientos de esa jurisdicion tienen obligacion* (roto) *la que les corresponda en el suyo hasta fin de Junio ultimo; con lo que contesto al oficio de Vm. de 14 de este mes. Dios guarde a Vm. muchos años. Coruña 18 de Julio de 1814.*

Son momentos de incerteza política dado que a Constitución xa foi abolida pero aínda non se suprimiron institucións orixinadas a partir da mesma como os concellos constitucionais. En cumprimento deste oficio o alcalde de Folgoso emite un auto o día 20 de xullo no que di[179]:

> *... despáchense circulares a los mayordomos de este distrito, se junten a las dos de la tarde del dia 23 del corriente en la casa de audiencia de esta jurisdiccion a efecto de instruirles de la orden comunicada para cobrar los 5 meses de contribución extraordinaria de guerra ... aprontando el importe en mano al termino de 3º día ... y respecto a que no consta hasta aora el encabezado de las tres parroquias de S. Julian de Poulo, S. Lorenzo de Olas y S. Esteban de Abellá ... D. Pedro Vilarelle, alcalde del partido de Folgoso, 20-7-1814, escribano D. Josef Antonio Sanchez.*

O Alcalde de Folgoso non sabe se ten que seguir a recadar o imposto nas 20 parroquias que compuñan a xurisdición ou unicamente nas sete nas que integran o concello en 1814 e dirixe un novo oficio ao Intendente para aclarar esta cuestión.

> *... respecto la xurisdición* (Folgoso) *se dividió en Aiuntamientos formados desde entrada del año, en el caso de que deban cobrarse los más meses bencidos, he de proceder por el total de la xurisdición o solamente por las parroquias asignadas a este Distrito de Folgoso, cabeza de la antigua jurisdición. Pues mientras tanto no recibo la resolucion de V.S. en razón de ambos particulares no puedo dar expedición a su circular segun corresponde.*

Neste intre Folgoso está integrado por dez parroquias, sete das cales xa formaban parte da vella xurisdición (Barbeiros, Bean, Deixebre, Marzoa, Montaos, Pereira, Vilamaior) e tres que proceden da xurisdición de Mesía (Olas, Abellá, Poulo). Por tanto, Poulo non é capital de concello en 1814 pese a ser cabeza do partido xudicial no proxecto de 1813[180]:

> *El Aiuntamiento constitucional de la ciudad de Santiago con fecha 10 de noviembre ultimo, comunico al alcalde constitucional y Aiuntamiento de la*

[178] Este tratado non foi recoñecido polas Cortes posto que o rei non tiña potestade constitucional para asinar o tratado sen requirir a previa aprobación das Cortes.
[179] APBsc, *Xulgado de Folgoso. Papeis soltos.*
[180] Ibídem.

antigua xurisdicion de Folgoso orden para el comparto y exaccion de 4.611 reales que se le recargaron por el haber de dietas de los siete señores diputados en las Cortes Xenerales y extraordinarias, cuxa orden recivio el antecesor alcalde de Folgoso en 26 de Diciembre y me ha pasado a tiempo que ya se havian instalado otros nuebos aiuntamientos con distinto termino del que conprendia el de dicha xurisdicion. De modo que conponiendose en quanto a lo gubernatibo, de 20 parroquias se alla reducido en el dia el aiuntamiento de su cabeza a siete feligresias de la antigua xurisdicion pasando las trece restantes a otros aiuntamientos por cuxa razon no es posible ni alla alcanze de la autoridad de este aiuntamiento de Folgoso berificar el conparto de toda la cantidad entre las 20 parroquias sugetas a su pago...

Só sabemos que un deses "restantes ayuntamientos" era o de Gándara grazas a unha certificación emitida polo alcalde de Folgoso o 4 de febreiro de 1814 en relación a un auto do alcalde de Gándara[181]. Parece o máis lóxico que este "ayuntamiento constitucional de Gándara" incorporaría parroquias do actual concello de Oroso, e quizais algunhas de Frades, se temos en conta que o límite sur do mesmo tiña que ser necesariamente o río Tambre, e no norte o propio Folgoso.

No expediente, o alcalde alude á "acostumbrada desobediencia" do mordomo pedáneo de S. Xiao de Poulo e envía outro oficio ao alcalde primeiro do Concello de Santiago pedindo axuda para apremar ao mordomo pedáneo de Poulo, Rosendo de Veiras, para que pague a parte que lle corresponde a esta parroquia. Cabe preguntarse se esta tal desobediencia pode estar relacionada co malestar que puido causar na localidade de Poulo non ser elixida capital do concello. Neste sentido causa certa confusión o feito de que nun expediente de 1811 se mencione o xulgado de Poulo, o que podería indica que se tivese trasladárase aquí a capital da xurisdición de Mesía. Como se ve tampouco están claras as relacións de subordinación entre os novos concellos e as autoridades superiores. Para certas materias (contribución de guerra) as instrucións veñen dadas polo Intendente, pero para outras (dietas dos deputados) as instrucións son do alcalde primeiro de Santiago. En definitiva, subordinacións administrativas propias do Antigo Réxime, como é a dependencia dos concellos das capitais provinciais, se solapan con outras máis racionalistas (Intendente) nun momento en que se está a restaurar de novo o Antigo Réxime.

Algo no que insiste a historiografía deste período é na convivencia de elementos do Antigo e do Novo Réxime e pese aos cambios políticos parece que certas familias e individuos seguiron a controlar o poder local, particularmente no ámbito rural onde as elites eran máis reducidas e probablemente menos imbuídas ideoloxicamente que no mundo urbano[182]. En 1814 é alcalde xurisdicional de Folgoso é don Pedro Vilarelle, posiblemente membro da familia coñecida como "os Vilarelles", saga de escribáns que de maneira regular e de pais a fillos ocuparon o cargo de xuíces ordinarios de Folgoso durante o Antigo Réxime e que aínda ocuparán algúns cargos nos poderes locais da etapa isabelina. Tamén na etapa doceanista será alcalde de Gándara don Tomás Antonio de la Iglesia, posteriormente xuíz de Folgoso durante o Sexenio Absolutista. Do mesmo xeito que os xuíces do réxime señorial pasaron a ser alcaldes constitucionais, os escribáns de

[181] Certificacion de auto del alcalde constitucional de Gándara (4-2-1814), Thomas Antonio de la Yglesia (por consentimiento del Sr. D. Pedro Vilarelle que lo es del de Folgoso) por el que se nombra a Juan Vermas, (Oroso), defensor de bienes del ausente en paradero desconocido Manuel Uzal (Oroso) por pleito sobre la pertenencia de los bienes de este. (APBsc, Xulgado de Folgoso)

[182] Por exemplo, este feito foi observado por Xosé Ramón Veiga Alonso no concello de Viveiro. VEIGA ALONSO, X. R. *Poder e política na Galiza vilega, 1790-1833.* Provincias de Lugo e Mondoñedo, A Santiago de Compostela, 2017, p. 151.

número convertéronse en secretarios municipais. É o caso de D. Joseph Antonio Sánchez Barallobre, escribán de número de Folgoso durante un longo período do final do Antigo Réxime e que durante as etapas constitucionais ocupou o cargo de secretario de concello. Don Tomás Antonio de la Iglesia será denunciado en varias ocasións polos seus abusos de poder, mesmo durante o Sexenio Absolutista. Así, en agosto de 1816 Antonio de Otero, soldado natural de S. Martín de Oroso referíase a el nestes termos na denuncia que presentou ante o capitán xeral de Galicia contra o mencionado xuíz e o taberneiro de Oroso despois de ser abatanado por este, nos seguintes termos[183]:

> *No se puede dar, Exmo. Señor, ultrage y desafuero militar mas circunstaciado ni juez que tan abiertamente falte a los deberes de su empleo y obligacion protegiendo delinquentes tan facinerosos e incorregibles con que se da margen a que aumenten sus vicios y se fomenten en los pueblos con tan mal exemplo; en esta atencion el exponente ... recurre a la proteccion militar de V.E.....*

Do meso xeito que houbo continuidade entre as elites políticas locais do Antigo Réxime e as do período doceanista, os antigos edificios da administración señorial albergaron as novas institucións municipais. Así, a corporación de Folgoso séguese a reunir na antiga Casa de Audiencias á que se lle segue chamando por unha cuestión de inercia "Torre de Folgoso", pois como xa se indicou máis atrás a torre se derrubara a principios do século XVIII. Este edificio aínda é mencionado como cárcere a mediados do século XIX no *Diccionario* de Pascual Madoz[184]. A interrupción do proceso municipalizador do mundo rural parece reflectirse nun documento inconcluso que fai referencia á que debeu ser a última reunión da -corporación "doceanista" celebrada -quizais só convocada- o 19 de agosto de 1814, momento no que estas institucións xa foran abolidas polo Decreto do 30 de xullo:

> *En la torre de Folgoso a diez y nuebe dias del mes de Agosto, año de mil ochocientos y catorce, yo D. Pedro Vilarelle, alcalde constitucional del Ayuntamiento de Folgoso en reunion de los concejales que lo componen con aistencia del Sr. Procurador General que los es D. Jacinto Quintas, vecino de S. Martin de Marzoa* … (inconcluso neste punto)

Como é ben sabido, a vida destas reformas fora truncada pola reacción absolutista encabezada por Fernando VII que pronto se ocupou de facer táboa rasa de toda a obra gaditana "como si no hubiesen pasado jamás tales actos y se quitasen de en medio del tiempo"[185]. As normas "doceanistas" foron anuladas unha a unha, os concellos restituíronse á situación de 1808 alí onde existían –Decreto de 30 de xullo- e os señores xurisdicionais recuperaron todos os seus antigos dereitos sobre as antigas xurisdicións –Real Cédula de 15 de setembro-. Daba inicio un período de persecución política dos liberais e as súas ideas así como a tradición hispana do pronunciamento, ensaiada polo propio Fernando VII en 1808 no motín de Aranjuez, e posta en práctica en 1814 abolindo a Constitución. As réplicas liberais en forma de pronunciamento militar non se fixeron esperar e o 19 de setembro de 1815 o xeneral Porlier proclamou a Constitución na Coruña. Como cita anecdótica, cabe mencionarse que este primeiro intento de volver á

[183] APBsc, *Xulgado e Folgoso, Papeis soltos*.
[184] MADOZ, P, *Diccionario…*, op. cit., p. 894.
[185] Extracto do *Decreto de 4 de mayo de 1814*. Cito por CAL Y CORTINA, R.M.G. de, *Nacimiento...* op. cit., p. 249.

lexitimidade gaditana foi abortado precisamente no lugar de Merelle, na parroquia de Sta. María de Ordes, concretamente no coñecido como Mesón de Viqueira onde pernoctaba o militar "rebelde"[186].

1.4.4. O partido xudicial de Poulo, os concellos do Trienio (1820-1823) e a súa suspensión

O levantamento protagonizado por Riego, Quiroga e López Baños en xaneiro de 1820 tivo mellor sorte que o de Porlier. Proclamouse de novo a Constitución de 1812 e de novo se deu inicio ao proceso de desenvolvemento lexislativo da carta magna. Polo que se refire ao tema municipal, o 13 de abril de 1820 aprobouse pola *Junta Superior de Gobierno de Galicia* un documento denominado *Instrucciones sobre la formación de los ayuntamientos constitucionales para el presente año de 1820*, o que evidenciaba a urxencia das novas autoridades por constituír canto antes poderes locais de corte liberal. Polo *Decreto de 3 de marzo de 1820* se retoma provisionalmente a división en 47 partidos xudiciais proxectada en 1813 para artellar a partir dela a constitución dos concellos constitucionais. Dous días despois, o 5 de marzo de 1820, son nomeados xuíces de primeira instancia para cada un dos partidos para que puideran facerse cargo dos seus xulgados antes de que se nomearan os alcaldes posto que estes últimos pola inercia das prácticas do Antigo Réxime poderían interferir nas funcións xudiciais.[187]. O 22 de marzo de 1820 convocáronse eleccións a Cortes ordinarias e os partidos xudiciais fixeron ás veces de circunscrición electoral.

Na comarca de Ordes o partido xudicial seguiu mantendo a capital en Poulo, nome polo que era coñecido. Integrábano 9 concellos: Poulo, Pasarelos, Montaos, Encrobas, Val de Barcia, Dubra, Vilarprego, Folgoso e Mesía. Como se pode apreciar conservan os nomes das xurisdicións do Antigo Réxime, e en boa medida tamén o mesmo territorio. Non obstante, aparecen novas circunscricións municipais como a de Poulo ou a de Pasarelos. Poulo constitúese a partir das 5 parroquias que durante o Antigo Réxime formaban o chamado "partido del francés de Poulo" dependentes da xurisdición de Mesía, e ás que se lle agregaban outras que se desgaxaban de Folgoso. Pasarelos a partir de parroquias de Folgoso e Mesía. Parece que esta atomización das circunscricións que se rexistra en todo o territorio galego –o que Rosa Mª. de Cal chama a "inframunicipalización de Galicia" foi buscada deliberadamente polos liberais co fin de contar co maior número de centros de poder coa súa correspondente "milicia nacional" afectos á causa liberal e así poder contrarrestar de forma máis efectiva o acoso realista[188]. Facíase distinción agora entre os concellos "cabeza de partido" e os restantes co fin de que os primeiros fixesen de ponte entre as autoridades provinciais –Deputación e Xefe Político-e os segundos.[189].

> Art. 3º: *los ayuntamientos de cabezas de partido se compondrán de los Alcaldes, doce regidores y dos procuradore síndicos por cuanto la población de cada uno de ellos excede de 4000 vecinos y no llega a 10000; pero debiendo subsistir ... los ayuntamientos que hay en los pueblos no cabezas de partido, con tal que lleguen a 1000 almas de población reunida, se tendrá presente en este caso, es decir,*

[186] O apresameto de Porlier en Ordes é un suceso documentado pola historiografía deste período e recordado tópicamente como un dos fitos históricos deste concello. Un detallado relato do suceso en CARBALLAL LUGRÍS, J., *Porlier*, A Coruña, 1997, p. 90.

[187] En 1821 se elaborará unha nova división de 43 partidos xudiciais que non chegará a ser aprobada polas Cortes. CAL Y CORTINA, R.M.G. de, *Nacimiento...* op. cit., pp.282 e ss.

[188] Ibídem, p. 321 e ss.

[189] Ibídem,., p. 279.

cuando sucede haber u subsistir ayuntamientos en pueblos no cabeza de partido, se habrán de rebajar del total de vecinos del Partido respectivo los comprendidos en tales pueblos, a fin de proporcionar al resto del vecindario el número de regidores que deba tener el ayto principal o de la cabeza de Partido.

O partido de Poulo intégrase de novo na provincia da Coruña, unha das catro nas que se divide o territorio galego en abril de 1822 coas súas correspondentes Deputacións –as restantes eran Lugo, Ourense e Vigo- e que coincide practicamente coa división realizada pola administración "afrancesada" de José I. A partir dos papeis da xurisdición de Folgoso que se conservan no arquivo parroquial de San Paio de Buscás coñecemos os nomes das autoridades municipais e xudiciais dos novos concellos: D. Antonio Garaboa, alcalde de Folgoso, D. Miguel Varela, alcalde primeiro de Poulo, e D. Manuel Vilomara, xuíz de primeira instancia de Poulo que xa está no seu cargo o 6 de novembro de 1820[190]. A Na mesma documentación percíbese algún exemplo de persecución das elites que controlaran o poder local durante o Sexenio Absolutista (1814-1820), como foi norma xeral durante o Trienio. Así ocorreu con don Tomás Antonio de la Iglesia, que fora xuíz de Folgoso antes da invasión francesa, alcalde de Gándara no período dos primeiros concellos constitucionais (1812-1814), e de novo xuíz de Folgoso no Sexenio. Neste último período encabezou a partida de veciños desta xurisdición que prenderon a Juan Díaz Porlier en 1815, contribuíndo ao fracaso do pronunciamento liberal deste militar[191]. Por iso non debeu de ser casualidade que durante o Trienio algúns aproveitaran para denunciar a D. Tomás Antonio como fixo Juan de Lagares, veciño de Vilarromarís o 20 de outubro de 1820 ante o alcalde de Folgoso D. Antonio Garaboa. Juan Lagares, foreiro de D. Tomás de la Iglesia fora desaloxado dolosamente en 1816 da facenda que usufrutuaba polo foreiro valéndose da súa condición de xuíz de Folgoso:

... por cuxo motivo y el de ser juez de la avolida jurisdicion de Folgoso de su propia autoridad me expilio y hecho fuera del el citado lugar dejandome a la inclemencia, sin tierras que cultivar y sin cosecha alguna ... de modo que las tropelias y atropellamientos que conmigo hizo y hace tienen escandalizado al pueblo y a mi aniohisado (sic) y no pudiendo mirarlos con indiferencia ni tolerarlos por mas tiempo a Vm. lo represento...

O 20 de agosto de 1823 D. Joseph Antonio de la Iglesia contou coa confianza das autoridades fernandinas e volve a aparecer como xuíz real da xurisdición de Folgoso e seguirao sendo nos anos sucesivos salvo algún intervalo no que aparece algún membro da familia Vilarelle[192].

Xa nos últimos días do Trienio, o 3 de febreiro de 1823, o goberno promulga unha *Instrucción* que pode considerarse como a primeira lei española que regula o réxime local de maneira precisa. O alcalde se ve bastante desxudicializado pero, tal como ocorría na etapa "doceanista" aínda conserva algunhas prerrogativas deste tipo.[193]. De feito en Folgoso o alcalde seguiu actuando como xuíz de primeira instancia durante todo o período. En Abril de 1823 entran de novo as tropas francesas en España chamadas polo propio Fernando VII para poñer fin a un réxime político que non encaixaba na Europa da "Restauración" absolutista. Ábrese de novo un período de persecución dos liberais, -a chamada "Década ominosa"- máis brutal aínda que a do "Sexenio" e de novo son abolidas

[190] APB, *Xulado de Folgoso, papeis soltos*.
[191] BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Historia de la ciudad de La Coruña,* A Coruña, 1996, p. 530)
[192] En 1825 é xuíz de Folgoso D. Jacobo Vilarelle. APB, Papeis de Folgoso.
[193] *Ibid*, p. 342 e ss..

todas as reformas do Trienio. Sen embargo, agora non se torna, como en 1814, á exacta situación de 1808. Así, no que respecta ao tema que aquí nos ocupa hai que sinalar que os señoríos xurisdicionais non volven a ser reintegrados aos señores senón que pasan a ser controlados pola Coroa, de modo que a partir de agora os xuíces "reais" –ese é o nome que reciben- seguirán sendo nomeados polas autoridades gobernativas.

1.4.5. A definitiva implantación dos concellos

Houbo que esperar á morte do rei, ocorrida o 29 de setembro de 1833, para ver luz no final do túnel do absolutismo. Sen embargo, o camiño que quedaba por recorrer non ía estar exento de atrancos. O partido absolutista, nucleado en torno á figura do infante D. Carlos, non recoñecía como lexítima sucesora a Isabel II, unha nena de 3 anos, esgrimindo a Ley Sálica, de xeito que a hostilidade cara á Rexente non tardou en converterse en enfrontamento armado. A raíña Rexente apoiouse nos liberais pero os sucesivos gobernos deste signo se moveran dentro dun reformismo morno que evitara a aparición de máis inimigos.

Mapa 5. Concellos e parroquias da actual Comarca de Ordes[194]



O artellamento dunha administración baseada nos principios liberais foi unha das medidas máis urxentes adoptadas polo primeiro goberno da Rexente. Así, o 30 de novembro de 1833 procedeuse á nova división provincial conforme a criterios uniformadores e centralistas entendendo que "para que sea eficaz la acción de la

[194] Elaboración propia a partir do mapa da provincia da Coruña contido en TORRES LUNA, Mª P. e PAZO LABRADOR, A. J., *Parroquias…*, op. cit.

administración debe ser rápida y simultánea"[195]. O 21 de abril de 1834 se subdividen as provincias en partidos xudiciais, de novo circunscricións electorais, e se decreta o cese do exercicio da xustiza por parte dos alcaldes dos concellos cabeza de partido no momento en que sexa nomeado o xuíz correspondente. Os alcaldes dos restantes concellos seguirán exercendo funcións xudiciais de primeira instancia dentro do seu municipio. Os partidos xudiciais servirán de circunscricións electorais, fiscais, de recrutamento militar e representación provincial[196]. A división de 1834 coincide en número coa de 1813 pero introduce algunhas modificacións na composición dos partidos que os adecúan mellor á realidade comarcal[197]. No caso da Comarca de Ordes, comeza por cambiárselle o nome e a situación da capital municipal que pasa da parroquia de Poulo á de Sta. María de Ordes; ademais perde o territorio da vella xurisdición e concello de Val de Barcia, agora concello de Carral. Intégrase xa definitivamente na provincia de A Coruña, unha das catro en que se divide Galicia en 1833, división que se mantén ata a actualidade.

Táboa 4. Extensión dos concellos e número actual de parroquias

Concellos	km^2	Parroquias	
		Número	Tamaño medio
Cerceda	114,0	6	19,00
Frades	81,5	12	6,79
Mesía	109,0	12	9,08
Ordes	160,0	13	17,20
Oroso	72,3	11	6,57
Tordoia	126,0	10	12,60
Trazo	99,2	11	9,02
Total	762	75	
Media	108,86	10,71	10,16

O 7 de xuño de 1835 se promulga o *Real Decreto para el arreglo provisional de los ayuntamientos* que leva que nos anos sucesivos se xeneralice o réxime municipal a toda Galicia a partir da subdivisión dos partidos xudiciais e se concrete a súa identidade física e xurídica de maneira practicamente definitiva. Nunha Galicia de poboación dispersa e mal comunicada os concellos, como antes fixeran as xurisdicións señoriais, convértense en pezas fundamentais para que a acción do goberno chegue ao mundo rural, ou o que é o mesmo na "Administración por antonomasia" no agro[198]. Pero agora, desde presupostos acusadamente centralistas, os concellos son considerados como apéndices da Administración do Estado baixo o estrito control que pode exercer o goberno a través da figura do alcalde. O 23 de abril de 1835 publícase no *Boletín Oficial de la Provincia de La Coruña* a primeira relación de concellos elaborada pola Deputación a fin de que se presenten as alegacións oportunas. A distribución das superficies dos novos concellos do que será a comarca de Ordes foi bastante equilibrada, cunha media de 108,86 km^2 obtida a partir de cifras que oscilan entre os 72 km^2 de Oroso e os 160 km^2 de Ordes. O número de parroquias tamén tivo un reparto bastante regular, oscilando entre as 13 de Ordes e as 6 de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[195] Exposición de motivos del R.D. de 30 de noviembre de 1833. Cito por CAL Y CORTINA, R.M.G. de, *Nacimiento...* op. cit., p. 378.
[196] Ibídem, pp. 389 e ss.
[197] FARIÑA JAMARDO, X.,*Os concellos…*, op. cit. *Parte xeral*, p. 386.
[198] NIETO GARCÍA, A., "Régimen Local durante la Regencia de María Cristina" en *II Simposio de Historia de la Administración*, Santiago de Compostela, 1994. Cito por CAL Y CORTINA, R.M.G. de, *Nacimiento...* op. cit., p. 389.

Cerceda, cunha media de 10,71. Salvando algúns o tamaño das parroquias vai diminuindo conforme nos movemos cara o sur. Isto explica que a superficie das parroquias de Cerceda, o concello más norteño, case duplique á da media comarcal -19 km^2 frente a 10,71 km^2-, circunstancia que se ve compensada polo menor número de freguesías deste concello en relación cos restantes, que presentan cifras moi próximas á media. Todo parece indicar que ese maior tamaño das freguesías do norte estea relacionado coa súa maior altitude e terreo máis movido, o que tería propiciado unha menor densidade de poboación que daría lugar a esa diferenza de tamaños cando se configurou a rede parroquial na alta Idade Media. A única modificación con respecto á primeira proposta foi a transferencia da parroquia de S. Pedro de Ardemil de Mesía a Ordes[199]. Para evidenciar o máis posible a ruptura co pasado, os novos concellos bautizáronnse co nome da parroquia onde se estableceu a sede da capital municipal[200], rexeitando os nomes das antigas xurisdicións salvo no caso de Mesía. Precisamente este concello fórmase case exclusivamente a partir dalgunhas das freguesías que integraban a xurisdición de igual nome, mesmo retendo a pequena parroquia de San Lourenzo de Bruma fora de toda lóxica, pois non presenta continuidade territorial co resto do concello senón que queda como un enclave illado entre o concello de Ordes e os de Carral e Abegondo. As razóns que levaron a decidir esta adscrición inexplicable sonos descoñecidas.

Táboa 5. Composición das corporacións locais do partido xudicial de Ordes segundo o *Diccionario* de Madoz. ca. 1845

	Alcaldes	Tenentes Alcalde	Rexedores	Síndicos	Suplentes	Alcaldes Pedáneos
Buxán	1	1	8	1	7	12
Cerceda	1	1	8	1	7	6
Frades	1	1	8	1	7	12
Mesía	1	1	8	1	7	12
Ordes	1	1	8	1	7	13
Oroso	1	1	6	1	6	11
Tordoia	1	1	6	1	6	11
Trazo	1	1	6	1	6	10
Total	8	8	58	8	53	87

Como é natural as demarcacións dos novos concellos non van coincidir cos das vellas xurisdicións que, como vimos, era un mosaico que non respondía a criterios minimamente racionais. Con todo, pódense albiscar algunhas coincidencias coa cartografía eclesiástica e xurisdicional do Antigo Réxime. O concello con perímetro máis próximo a unha vella xurisdición é o de Trazo xa que se corresponde practicamente coa antiga Montaos máis a freguesía de Berreo –procedente da xurisdición de Budiño- e o couto de Monzo-Restande. No que respecta á cartografía eclesiástica hai que dicir que as divisorias dos tres antigos arciprestados dividen a comarca en tres franxas que veñen a delimitar con bastante coincidencia as agrupacións dos concellos occidentais e orientais. Así, o arciprestado de Berreo de Arriba está constituído polas parroquias de Trazo e Tordoia –salvo Arxeriz que pertence a Bergantiños- e polas dúas freguesías meridionais de Cerceda. O arciprestado de Barbeiros agrupa todas as dos concellos orientais (Frades e Mesía), salvo San Lourenzo de Bruma que, como vimos, ao igual que Arxeriz é un caso peculiar. Porén, o arciprestado de Berreo de Abaixo, que se sitúa na parte central, reúne

[199] Boletíns da Provincia nº 115 e 126, publicados en FARIÑA JAMARDO, X., op. cit. *Parte Xeral,* pp. 150 e ss.
[200] CAL Y CORTINA, R.M.G. de, *Nacimiento…,* op. cit., pp XX.

parroquias de Cerceda, Ordes e Oroso pero todos estes concellos sitúan boa parte das súas freguesías nos arciprestados veciños.

Ordes créase a partir do partido de Poulo (xurisdición de Mesía), algunhas parroquias de Folgoso e os coutos de Mercurín e Vilagudín. As restantes freguesías desta xurisdición se reparten entre Oroso e Frades que xunto con outras tomadas de Mesía e o couto de Sigüeiro do Dean conforman os seus contornos municipais. Cerceda agrega freguesías das Encrobas e Vilarprego xunto co couto de Meirama. E por último, Tordoia, o concello que suma parroquias de máis diversa procedencia, abarca o couto de Gorgullos freguesías das xurisdicións de Xallas, Rus, Montaos e Vilarprego. No caso da configuración deste concello o máis cuestionable é a incorporación ao mesmo da parroquia de Anxeriz, pertencente durante o Antigo Réxime á xurisdición do Xallas, xa que esta freguesía mantivo e mantén lazos máis intensos coa terra do Xallas, hoxe Tanto hoxe inserida da comarca de Santa Comba, como coa comarca de Bergantiños. Non é de estrañar se se observa o seu emprazamento físico que se presenta como un apéndice do concello de Tordoia que se introduce anomalamente entre os de Carballo e Val do Dubra. No que respecta á composición das corporacións, hai novidades como a existencia dun só alcalde ou a creación da figura dos tenentes de alcalde, pero tamén permanencias do Antigo Réxime como o cargo de procurador do común. Son elixidos por sufraxio censitario directo e o alcalde nomeado polo gobernador civil entre os tres candidatos máis votados. As funcións dos concellos irán desde as mencionadas competencias dos alcaldes, pasando pola orde pública a organización da Milicia nacional e o recrutamento militar.

Táboa 6. Electores e elixibles no partido xudicial de Ordes segundo o *Diccionario* de Madoz. ca. 1845

Concellos	Veciños	Electores		Elexibles	
		número	%	número	%
Buxán	565	277	49,0	170	30,1
Cerceda	576	276	47,9	268	46,5
Frades	590	286	48,5	266	45,1
Mesía	554	272	49,1	218	39,4
Ordes	820	364	44,4	338	41,2
Oroso	488	250	51,2	230	47,1
Tordoia	393	211	53,7	200	50,9
Trazo	416	228	54,8	112	26,9
Total	4 402	2 164	49,2	1 802	40,9

Os antigos edificios da administración señorial deberon albergar en moitos casos as institucións municipais durante as dúas primeiras etapas constitucionais. Así, a corporación de Folgoso seguiuse a reunir na antiga Casa de Audiencias á que se lle seguiron chamando, por pura inercia, "Torre de Folgoso", pois xa se indicou máis atrás que a torre desaparecera a principios do século XVIII. Pero na definitiva municipalización dos anos trinta ao igual que se racha cos vellos nomes das xurisdicións tamén se abandonan estes edificios para usos consistoriais. Había que abandonar, polo menos nas formas externas, os referentes do mundo señorial. A "torre de Folgoso" aínda está en pé a mediados do século XIX aínda que non sabemos se co uso carcerario que lle atribúe o *Diccionario* de Pascual Madoz[201]. Este abandono dos vellos edificios señoriais xunto co desprazamento das capitais municipais a parroquias que non estiveran relacionadas cos centros do poder local do Antigo Réxime levou a que os concellos careceran durante

[201] MADOZ, P., *Diccionario,* op. cit., p. 895.

moito tempo de casas consistoriais estables. No *Diccionario* Madoz se explicita esta carencia polo menos nos casos de Oroso, Frades e Trazo. O propio baile de sede municipal que experimentaron os concellos do partido de Ordes –salvo no caso da capital xudicial- ata ben entrado o século XX vén a corroboralo e a reflectir a precariedade destes primeiros tempos do municipalismo no mundo rural. Segundo Fariña Jamardo en Frades foron capitais os lugares de Fernández, Valiño e San Mauro; en Cerceda: os lugares de Guntín, Rabadeira, Coence, Pedreira, Antemil e Campo da Feira; en Mesía: os de Xanceda Vella, Póboa de Mesía e Vila; en Oroso: Couso, Sigüeiro, A Igrexa, Senra e Castro; en Trazo: as aldeas de Baixa, Cuca e Viaño pequeno; e en Tordoia: Seixan e Pontepedra[202].

En ausencia de núcleos minimamente urbanizados, salvo no caso de Ordes as restantes capitais municipais da comarca recaeron en simples aldeas que en moitos casos nin sequera eran as máis poboadas do concello ou da súa parroquia e que en 1860, tres décadas despois da creación dos concellos constitucionais, non mostraban síntomas de que a capitalidade xurdira algún efecto dinamizador[203]. Neste momento os concellos tiñan a capital na parroquia do seu nome salvo en Oroso e Tordoia que radicaban nas freguesías de Senra e Cabaleiros respectivamente. O propio *Nomenclátor,* aducindo "motivos de centralización u otras causas no menos atendibles", advirte desta circunstancia pouco frecuente na provincia da Coruña e que tamén se dá nos concellos de Alvedro (actual Culleredo), Bugalleira (actual Ponteceso), Buxán (actual Val do Dubra), Cabana de Bergantiños, Santiso, Teo e Toques[204].

Táboa 7. Emprazamento das capitais dos concellos da Comarca de Ordes segundo o *Nomenclátor* de 1860

Concello	Capital		Parroquia	Casas habitadas
	Topónimo	**Clase**		
Cerceda	Rabadeira	Casa	Cerceda (San Martiño)	1
Frades	Os Fernández	Lugar	Frades (San Martiño)	4
Mesía	Póboa	Lugar	Mesía (San Cristovo)	4
Ordes	Ordes	Vila	Ordes (Sta. María)	46
Oroso	Couso	Lugar	Senra (Sta. Eulalia)	6
Tordoia	Seixán	Lugar	Cabaleiros (San Xián)	15
Trazo	Baixa	Lugar	Trazo (Sta. María)	20
Tamaño medio				13,71

Salvo no caso de Ordes ou Mesía non é doado determinar cales foron as razóns da elección dunha determinada localidade e parroquia para ser sede da capital municipal e darlle nome ao concello. Si se pode dicir que o lugar no que recae a capitalidade en 1860,

[202] FARIÑA JAMARDO, X., *Os Concellos…,* op. cit., p. 267 e ss.

[203] Pegerto Saavedra ten sinalado isto con carácter xeral para distintos lugares de Galicia : "... Os municipios creados na década de 1830 superaban ampliamente o números de cidades e vilas ... e a moitas delas houbo que asignarlles por capital unha aldea, que ás veces nin era sede da igrexa parroquial ... ... despois de tres décadas posuíndo a capital dos novos municipios, certos núcleos distaban de consolidarse como principais poboacións da circunscrición ... O "favor" político-administrativo, por si só, resultaba insuficiente para localidades sen dinamismo económico ... SAAVEDRA, P., "O hábitat no noroeste peninsular nos ss. XVI-XIX", *Semata,* nº. 9, (1997), 173-193)

[204] "Los ayuntamientos de esta provincia tienen sus capitales en la ciudad, villa o parroquia que lle va su nombre, escepto Santiso, Toques y Touro del pardido de Arzúa, Bugalleira y Cabana del pardido de Carballo, Alvedro del de la Coruña, Bujan, Oroso y Tordoya del de Órdenes, y Teo del de Padron, que por motivos de centralización u otras causas no menos atendibles situaron sus capitalidades en diferentes parroquias de sus respectivos distritos". *Nomenclátor…*

salvo nos casos de Frades, Mesía e Oroso, coincide ou está moi próximo á igrexa parroquial, como xa observara Pegerto Saavedra nalgúns municipios de Lugo na mesma data. O que non parece tan claro e que estas localidades estiveran consolidadas nese momento "como centros articuladores do espacio" como afirma este autor no mesmo punto[205] porque había outros núcleos nos mesmos concellos, e ás veces na mesma parroquia, con máis habitantes, mellor situados á beira de vías de comunicación e con aparencia de maior dinamismo económico pola celebración de feiras.

No *Nomenclátor de 1860* as capitais municipais desta comarca aparecen clasificadas co nome de "lugar" salvo no caso de Ordes, que como capital do partido xudicial recibe o título de vila, e Cerceda cuxa capital se clasifica como "casa" dado que a entidade na que radica a capital non ten máis que un edificio habitado emprazado no lugar da Rabadeira. Segundo o *Nomenclátor* A Rabaderira distaba 0 km da aldea da "Vila da Iglesia", onde se atopa a parroquial, que nesa data contaba con 9 casas habitadas e hoxe está a poucos metros da actual da capital municipal, sita xunto ao campo da feira. Parece probable que esa casa da Rabadeira que faría as funcións de casa consistorial fose o domicilio dalgunha familia da elite local, e moi posiblemente o do alcalde de sempre. Resulta curiosa esta distinción de aldeas e lugares na clasificación das entidades de poboación cando na introdución do *Nomenclátor* se di que "Siendo sinónimos en esta provincia los cualificativos de Lugar y Aldea que se aplican indistintamente a toda entidad rural, empléase este último en la generalidad de los casos por ser el que más comunmente se usa con relación a las poblaciones de esta clase. Aldeas o lugares son aquellos grupos de casas que, diseminadas sin concierto ni armonía alguna, forman la primera categoría de población en el orden jerárquico: un número más o menos grande de lugares, apartados entre sí por labrantíos, montes, caminos o accidentes naturales del terreno, constituyen la parroquia, y dos o más feligresías forman los que se llaman distrito municipal" [206].

En Frades, Mesía e Oroso a capital tamén se empraza en aldeas de pequeno tamaño: entre 4 e 6 casas habitadas. No caso de Mesía trátase dunha inercia histórica xa que na Pobra, o lugar onde se sitúa a capital, pese a ter só 4 casas habitadas en 1860 erixíase dende a Idade Media a torre de Mesía, fortaleza que durante a Idade Moderna fixo as veces de casa de audiencias e polo tanto foi cabeza da extensa xurisdición de Mesía durante ese período. Tamén era lugar de celebración dunha feira dende tempo inmemorial como se documenta a finais do século XVI nos expedientes de Facenda do AGS[207] e situábase á beira dun camiño que unía Santiago con Betanzos. Resulta difícil de entender cales foron as motivacións que levaron a situar a capital de Frades na aldea dos Fernández (San Martiño de Frades) tendo en conta que que á altura de 1860 só contaba con 4 casas habitadas e que nese concello xa existían nese momento 17 localidades de entre 10 e 17 casas. A capitalidade tampouco estimulou o desenvolvemento desta localidade ata o punto de que na actualidade é unha aldea deshabitada[208]. O caso de Oroso é diferente xa que a lóxica tería sido radicar a capital en Sigüeiro, dentro da mesma

[205] "... resulta interesante comprobar como á altura de 1860 nalgúns municipios de Lugo aparecen consolidadados como centros articuladores do espacio os núcleos sede da igrexa parroquial" (SAAVEDRA, P., "O hábitat no noroeste peninsular" en TORRES LUNA, Mª P. et al. [coord.], *Espacios rurais e sociedades campesiñas*, *Semata: Ciencias Sociais e Humanidades,* vol. 9, 1997, pp.173-194).

[206] *Nomenclátor…*

[207] Na actualidade a casa consistorial de Mesía sitúase na parroquia de Xanceda, xunto á igrexa parroquial, a 5 km da Pobra.

[208] O lugar dos Fernandes aparece no Nomenclátor da Xunta de Galicia pero non figura nos datos de poboación do INE, polo que cabe supoñer que se trata dunha aldea deshabitada. Na actualidade a capital municipal de Frades atópase en Cimadevila, una localidade que en 1860 contaba con 9 casas habitadas e que no *Nomenclátor estatístico de Galicia* do ano 2019 contaba con 23 habitantes.

parroquia de Oroso, sendo como era en 1860 o núcleo máis habitado do concello, con 22 casas habitadas. Porén, a capitalidade sitúase na aldea de Couso de 6 casas, sito na parroquia de Senra. Con posterioridade trasladarase ao lugar da Igrexa (con 17 casas habitadas en 1860) e xa década de 1980 a Sigüeiro, nestes dous últimos casos na parroquia de S. Martiño de Oroso. En 1860, as capitais de Tordoia e Trazo xa teñen unhas dimensións máis acordes con esa función. No primeiro caso situábase na aldea de Seixán, onde se atopa a parroquial de S. Xian de Cabaleiros, que nesa data era a localidade más poboada do Concello con 15 casas habitadas[209]. En Trazo a capitalidade recaía na aldea de Baixa, situada a 500 m. da parroquial de Sta. Mª de Trazo; sen ser a localidade máis crecida (contaba con 15 casas habitadas) si estaba entre as de maior tamaño de todo o concello[210]. En todo caso, estas localidades non se consolidaron como capitais definitivas. A infraestrutura municipal nestas capitais era mínima ata o punto de que ningún concello, nin sequera a capital do partido, contaba con casa consistorial a mediados do século XIX segundo se indica no *Diccionario* de Madoz. En Ordes si había cárcere aínda que segundo Madoz era "malísima". Esta ausencia de casas consistoriais en boa parte destes concellos aínda se constata nas primeiras décadas do século XX a través da *Geografía General del Reino de Galicia.*

Para rematar este apartado convén recordar que a autonomía municipal estivo a mercé das convulsións políticas do reinado de Isabel II. Así, en agosto 1836, un novo pronunciamento militar, o motín de La Granja, posibilitou a instalación no goberno dos liberais progresistas. Proclamouse de novo a Constitución de 1812 e desempoouse a lexislación "doceanista", de talante máis liberal que a emitida desde 1833. Os decretos relativos aos concellos abren un paréntese de exercicio democrático a nivel municipal que dura ata 1843. Os moderados, de novo no goberno en 1837, elaboran un proxecto de lei municipal que supón unha volta atrás no que se refire á perda de liberdade e autonomía municipal. Este texto será o detonante da intervención de Espartero e da súa asunción da Rexencia. O golpe de Estado que en 1843 o expulsa da Rexencia supón a volta dos moderados ao goberno e o punto final da peculiar Revolución liberal-burguesa española. O proxecto de *Ley municipal do ano 1840* é promulgado estabilizándose a normativa que regula o réxime municipal despois da "avalancha normativa" dos anos precedentes. Iso si, a costa da limitación da autonomía municipal e do férreo control dos concellos por parte duns gobernos marcadamente reaccionarios.

USC Universidade de Santiago

[209] Na actualidade a capital de Tordoia emprázase en Pontepedra, apenas a un km de Seixán, á beira da estrada que une Santiago de Compostela con Carballo atravesandoTrazo e Tordoia.

[210] Só a superaban en tamaño as aldeas de Merelle (S. Cristovo de Xavestre) con 16 casas, Millarada (Sta. Mª de Chaián) con 18 casas e Oa (San Cristovo de Xavestre) con 25 casas. Na actualidade a capital municipal está radicada na localidade de Viaño Pequeno (7 casas en 1860), distante 3 km da Baixa e á beira da estrada que une Ordes, a cabeceira comarcal, con Santiago de Compostela, un caso similar á capitalidade de Tordoia.

2. CAMIÑOS, PONTES E BARCAXES: A REDE VIARIA COMO ELEMENTO VERTEBRADOR DO TERRITORIO

Da análise da organización política do territorio pasamos a unha perspectiva espacial relacionada coa circulación de persoas e mercadorías por ese territorio para observar o papel que xogou a rede viaria na articulación do territorio. Non é un tema ao que os modernistas galegos lle teñen prestado especial atención salvo traballos puntuais que abordan cuestións ou períodos concretos, botándose en falla un traballo de conxunto que aborde este tema durante a Idade Moderna, se ben neste punto son de salientar as monografías de Manuel García-Fuentes referidas ao século XVIII[211]. Si existen obras de conxunto relativas á Idade Media, como o coñecido traballo de Elisa Ferreira Priegue ou aqueles que abordan a historia da rede viaria galega dende a perspectiva da enxeñería como os traballos de Carlos Nárdiz Ortiz, obras que foron de gran utilidade para a redacción deste capítulo[212].

Como o sangue flúe polo sistema circulatorio dos seres vivos, ao longo do tempo persoas, mercadorías, noticias e ideas transitaron pola rede viaria facendo circular riqueza e dando vida aos espazos que atravesaban. Ás veces tamén as transitaron invasores que deixaron morte e destrución ao seu paso ou malfeitores que roubaban e maltrataban aos transeúntes, en particular aos mercadores, moitas veces instigados polos propios señores xurisdicionais. Isto último foi combatido polo poder real ao que lle interesaba a paz nos camiños para o desenvolvemento da economía de intercambio e para afianzar o propio poder da monarquía[213]. Durante a primeira metade do século XIX as guerras e o bandoleirismo introduciron máis inseguridade nos camiños[214]. As arterias ou camiños

[211] Entre os traballos de modernistas hai que citar os de EIRAS ROEL, A. e GELABERT GONZÁLEZ, J. E., "Contabilidades hospitalarias como fuentes de los transportes internos: costos de transporte del Real Hospital de Santiago", en EIRAS ROEL, A. et al.: *Las fuentes y los métodos. 15 trabajos de historia cuantitativa serial de Galicia*, Santiago de Compostela, 1977, pp. 323-344; GELABERT GONZÁLEZ, J. E., "Aspectos del sistema de transporte entre Galicia y Castilla en los siglos XVII y XVIII", *Archivos Leoneses. Revista de estudios y documentación de los Reinos Hispano-Occidentales*, núm. 63, 1978, pp. 109-121); EIRAS ROEL, A., "El comercio de Galicia y con Galicia en la economía mundial del siglo XVIII. Para un estado de la cuestión", *Obradoiro de Historia Moderna*, núm. 17, 2008, pp. 155-178; SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos estruturales al desarrollo de los intercambios comerciales en la Galicia de la Edad Moderna", *Obradoiro de Historia Moderna*, núm. 17, 2008, pp. 303-324. Tamén existen traballos de medievalistas que se internan na Idade Moderna como o de FERREIRA PRIEGUE, E. M., "La villa de Pontevedra y el comercio de Galicia en la primera mitad del siglo XVI", en EIRAS ROEL, A. (coord.), *El reino de Galicia en la época del emperador Carlos V*, Santiago de Compostela, 2001, pp. 581-606 ou de historiadores da Economía como BARREIRO GIL, M. J., "O atraso económico e o sistema de transporte terrestre na Galicia do século XIX", *Revista galega de economía. Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais*, vol. 10, núm. 1, 2001, pp. 63-82; e DOPICO GUTIÉRREZ DEL ARROYO, F., "Os camiños da provincia de Santiago. Introducción ao estudio do transporte na Galicia do Antigo Réxime", en *Museo de Pontevedra*, Tomo XXXII, 1979, pp. 171-187. Manuel García-Fuentes foi pioneiro á hora de publicar un monografías referidas aos camiños da Galicia no século XVIII (GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, M., *El camino de acceso a Galicia en el siglo XVIII.* A Coruña, 1987; *Galicia incomunicada por red viaria en el siglo XVIII;* A Coruña,, 1999) continuando o estudo da rede viaria do século XIX noutros en traballos (GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, M., *La red viaria interior de Galicia en el siglo XIX (1840-1865)*, A Coruña, 1995.

[212] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos medievales de Galicia*, Ourense, 1988; e NARDIZ ORTIZ, C., *El territorio y los caminos en Galicia. Planos históricos de la red viaria,* Santiago de Compostela, 1992.

[213] Elisa Ferreira documenta como en 1469 o conde de Altamira auspiciaba os ataques a mercadores que se dirixían de Santiago a Betanzos e á Coruña ao seu paso pola terra de Montaos, á altura da torre de Mede (FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…,* op. cit., pp. 49-51 e 132.)

[214] A este respecto xa citamos o testemuño da destrución dos libros parroquiais de Ordes polas tropas francesas ou o caso dos coñecidos como "mártires de Arxán" na parroquia de san Cristovo de Mesía (ERIAS MARTÍNEZ, A., "A invasión…, op. cit.). Sobre o carlismo e o bandoleirismo nesta comarca vid.

principais conectaban cun incontable número de vías de distinta categoría –vereas, corredoiras e camiños agrícolas- que como capilares chegaban aos máis recónditos currunchos do territorio conforme a presenza humana o foi conquistando. Este símil serve para captar a importancia que a rede viaria ten na vertebración do territorio. Como vimos, durante o Antigo Réxime as entidades urbanas eran inexistentes nesta comarca e a calidade das vías de comunicación, salvo o camiño Coruña-Santiago, foi bastante deficiente ata ben entrado o século XX. Non obstante, o seu carácter de terra de paso de rutas terrestres que comunicaban algunhas das cidades e vilas máis importantes de Galicia propiciou que fose asucada por unha rede viaria bastante densa, en particular na súa metade leste, e que por esa razón fose, como vimos, un territorio estratéxico apetecible para os magnates do medievo e principios da Idade Moderna. Vías principais e secundarias, vereas, corredoiras e congostras permitiron a circulación das comunidades rurais que habitaron estas terras, xa fose nos curtos desprazamentos para facer labores nas súas leiras e pastorear os seu animais ou para socializar nas variadas cerimonias relixiosas da igrexa parroquial, como en itinerarios máis longos para acudir a encontros comerciais e/ou festivos, como feiras e romarías, ou de longa distancia como as migracións estacionais. Ao ser unha terra de paso, esas vías tamén foron transitadas por unha variada gama de viaxeiros foráneos que se desprazaban polos motivos máis diversos de tipo comercial, militar, político, administrativo ou relixioso, entre moitos outros. Todos estes desprazamentos facíanse a pé pola inmensa maioría da poboación xa que só unha minoría posuía monturas para viaxar a lombos dun animal.

Por outra parte, a rede de camiños en relación coa distribución espacial das feiras –do que nos ocuparemos no capítulo seguinte- e os núcleos de poboación circundantes foron determinantes na organización do territorio á hora de conformar áreas de mercado e consecuentemente a xerarquía funcional de certos núcleos de poboación. Camiños e feiras retroalimentáronse ao longo do tempo xa que os primeiros favoreceron a aparición e permanencia das segundas e permitiron a circulación de mercadorías nunha economía eminentemente autárquica pero que globalmente xerou máis volume de transaccións e de mercancías que os fluxos comerciais polos que circulaban produtos máis caros e destinados a mercados máis exquisitos[215]. Asemade, foron elementos dinámicos ao longo do Antigo Réxime e na primeira metade do século XIX en relación con factores de tipo económico e político, dinamismo que, como veremos, se reflectiu en melloras da rede viaria e en cambios de trazado dalgúns camiños. Todo iso incidiu nas transformacións da estrutura territorial e da paisaxe do medio rural e reflectiuse nos levantamentos cartográficos dos territorios e dos núcleos atravesados polas vías de nova planta ou nas que se fixeron melloras, como é o caso do plano da estrada Santiago-Coruña de 1775[216].

Como explica Carlos Nárdiz, a conformación da rede viaria galega foi un proceso de longa duración que afunde as súas raíces nas rutas naturais polas que transitaban as poboacións paleolíticas. Aproveitando estas rutas e restos de camiños das épocas megalítica e castrexa e de tramos das vías romanas, configurouse a rede medieval que seguiu transitándose durante a Idade Moderna. Os principais condicionantes do desenvolvemento da rede viaria foron os obstáculos do medio físico de xeito que desde o principio dos tempos buscáronse itinerarios que permitisen franquealos. A orografía foi

BARREIRO FERNÁNDEZ, J. R., *El carlismo gallego*, Santiago de Compostela, 1976 e LÓPEZ MORÁN, B., *El bandolerismo gallego en la primera mitad del siglo XIX,* Sada, A Coruña, 1995.

[215] SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos…, op. cit.; MORENO FERNÁNDEZ, J. R., "La articulación y desarticulación de regiones económicas en la época de la Revolución Liberal", en *VII Encuentro de didáctica de la Historia Económica*, Murcia, 2003.

[216] NÁRDIZ ORTIZ, C., *La construcción de los bordes de las carreteras de Galicia: la ordenación y el proyecto de las villas carreteras en la provincia de A Corula,* Santiago-A Coruña: 2008, p. 49-50 e NARDIZ ORTIZ, C., *El territorio …,* op. cit., p. 209

salvada de distintas formas segundo os avances e coñecementos da enxeñería de cada época, o mesmo que e a rede hidrográfica para a que se construíron pontes ou se utilizaron barcas emprazadas nos lugares máis axeitados para salvar os cursos fluviais que interrompían as vías terrestres. As pontes de orixe romana ou medieval serviron para fixar rutas que permanecen ata a actualidade e que en moitos casos foron construídas en lugares de vao ou nos que antes houbera un porto para barcas[217]. A estas obras de enxeñería de distinta envergadura dedicarémoslles o seu apartado neste capítulo, o mesmo que ás barcaxes que, a falta de pontes, permitían cruzar determinados puntos do río Tambre.

Os trazados medievais e modernos foron practicamente os mesmos porque entre unha e outra época apenas variaron os núcleos que comunicaban, como se poderá exemplificar no caso concreto desta comarca. Aínda no século XIX hai unha gran permanencia da rede viaria medieval, como evidencia a *Carta Geométrica* de Domingo Fontán, rede sobre a que se van superpoñer as estradas dos séculos XIX e XX[218]. Con todo, o aumento do tráfico comercial e a mellora dos medios de transporte esixiron transformacións que se concretaron con claridade nos séculos XVIII e XIX a partir de políticas públicas que planificaron a construción -executada parcialmente- dunha rede de viaria que pretendía responder a aquelas necesidades. En realidade ata o século XIX só se pode falar de tres momentos nos que existiu unha verdadeira planificación pública neste punto: a de época romana, a do século XVIII –que tivo efectos decisivos na comarca de Ordes- e a do Estado Liberal que retoma a anterior a mediados do XIX. Salvando esas tres etapas, a conformación da rede viaria careceu dun plan preconcebido e respondeu ás transformacións do hábitat e do poboamento humano ao longo do tempo coa consecuente aparición ou expansión de determinados polos de atracción -xa fosen núcleos de poboación, mosteiros, santuarios, feiras e mercados, etc.- ou ao declive e desaparición doutros, de xeito que unhas vías se viron potenciadas e outras perderon importancia. En definitiva, dende a época romana e ata o século XVIII descoñeceuse a capacidade das obras públicas e da rede viaria para ordenar o territorio[219].

É ben coñecido que o mal estado dos camiños españois, e en concreto dos galegos, foi denunciada dende o século XVI toda vez que a os poderes públicos e señoriais facían recaer a responsabilidade do mantemento da rede viaria nos veciños dos territorios que comunicaban, o que non favoreceu a conservación desta. Entre outras consecuencias, ese mal estado provocaba con frecuencia a rotura dos eixos dos coches ou das patas das mulas[220]. Durante o século XVIII e principios do XIX recruouse a denuncia dese mal estado, así como a existencia doutros obstáculos á circulación de mercancías como as peaxes, aduanas interiores e dereitos de paso, na voz de coñecidos ilustrados como frei Martín Sarmiento, Joseph Cornide Saavedra, Vicente Vázquez del Viso, Pedro Antonio Sánchez ou Lucas Labrada. Estas críticas céntranse nas deficiencias que presentaban os camiños de ferradura herdados do medievo para adecuarse ás necesidades do transporte rodado que comeza a aumentar dende o século XVI, o que supuña un serio obstáculo para o desenvolvemento económico do reino, circunstancia que corroborou posteriormente a historiografía contemporaneísta como unha das principais causas do estancamento económico español e galego durante o século XIX[221]. Unha rede mal vertebrada representaba unha barreira para o transporte de mercadorías e propiciaba unha desarticulación do territorio que favorecía a proliferación de feiras pequenas e dispersas

[217] Ibídem., p. 172 e p. 179
[218] Ibídem, p. 211-214.
[219] Ibídem., pp. 169-170.
[220] SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.
[221] NARDIZ ORTIZ, C., *El territorio …*, p. 210 e BARREIRO GIL, M. J., "O atraso…, op. cit.

xeradoras de reducidas áreas de mercado en prexuízo dun mercado rexional e mesmo comarcal, como veremos no caso das feiras das terras de Ordes no seguinte capítulo. Non obstante, en opinión de Hortensio Sobrado sobrevalóranse os efectos destas deficiencias da rede camiñeira no bloqueo da expansión do mercado, toda vez que había outros obstáculos estruturais de carácter socioeconómico non menos importantes. Refírese este autor á incapacidade do conxunto da economía galega do Antigo Réxime para xerar excedentes produtivos comercializables ou á feble demanda de bens de consumo pola curtedade de liquidez das economías campesiñas[222]. Os ilustrados ven a necesidade de mellorar a rede viaria interior para propiciar unha intercomunicación entre as distintas comarcas de Galicia e destas cos núcleos de poboación importantes que favorecesen a creación dun mercado interior, a dinamización do medio rural e, con iso, o desenvolvemento económico do país[223]. Neste sentido afirmaba Lucas Labrada en 1804 que "mal puede adelantar la cultura de la tierra, ni dar salida a sus produtos" nun territorio "por la mayor parte montuoso cual Galicia, con los peores caminos transversales que se pueda imaginar"[224].

Pero máis alá da privilexiada visión destes autores, as xentes do común non percibían a mellora da rede viaria como unha necesidade perentoria na medida en que estaban adaptadas a transitar polos mesmos camiños polos que circularan as xeracións que as precederan con carros do país ou coa axuda de animais de carga cando era preciso, do mesmo xeito que estaban afeitas a un sistema de intercambio baseado en feiras e mercados de proximidade. Esta indiferenza do campesiñado pola mellora dos camiños evidenciábase no desinterese que mostraban no mantemento dos camiños de uso habitual e mesmo na desconformidade que podía rematar en conflito cando as autoridades os obrigaban a contribuír na recomposición dos camiños xa fose a través de xornadas de traballo ou de contribucións económicas[225]. E dicir, en palabras de García Lombardero "si no se construían o reformaban los caminos era porque resultaban innecesarios"[226]. Iso non quere dicir que non se demandasen camiños de rodas "de la anchura que puedan pasar dos carros juntos", como documenta Laura Fernández Vega, en substitución dos de ferradura para aqueles itinerarios polos que circulaban mercancías de longa distancia, como eran o pescado, o sal, ou o viño, principalmente, e dende o último cuarto do século XVIII os coloniais que entraban polo porto da Coruña para abastecer á cidade de Santiago[227]. En definitiva, durante séculos a práctica totalidade dos camiños foron de ferradura ou de bestas, é dicir non pavimentados e nos que non era posible o tránsito rodado -salvo o dos carros do país ou nalgúns tramos concretos carretas ou coches de cabalos- e nos que o transporte de mercadorías de longa distancia facíase ao lombo de recuas de mulas "jacos galicianos"[228]. De feito, na guía de camiños de 1760 de José Matías Escribano, na que se distinguen por primeira vez os camiños de rodas dos de ferradura, só reciben o primeiro cualificativo os que comunicaban Santiago con Ponferrada e con Pontevedra[229]. Non hai

[222] SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos…, op. cit.; NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio,* op. cit. p. 230

[223] BEIRAS TORRADO, X. M., "Notas previas para una Economía Política de la Ilustración gallega", en *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez,* op. cit., pp. 54-25.

[224] LABRADA, J. L., *Descripción económica del reino de Galicia,* 1804, reed. Vigo, 1971, p. 153.

[225] BARREIRO GIL, M. J., "O atraso…, op. cit. e SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos…, op. cit.

[226] GARCÍA LOMBARDERO, J., *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen,* Madrid, 1973, p. 6.

[227] FERNÁNDEZ VEGA, L., *La Real Audiencia de Galicia, órgano de Gobierno en el Antiguo Régimen*, A Coruña, 1983, p. 53. FERREIRA PRIGUE, E., *Los caminos…,* op. cit., p. 53-55; LABRADA, L., *Descripción…,* op. cit., p. 87.

[228] SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.

[229] ESCRIBANO, J. M., *Itinerario español, o guía de caminos para ir de Madrid a todas las ciudades y villas más principales de España; y para ir de unas ciudades a otras; y a algunas cortes de Europa,* 2ª ED, Madrid, 1760. Cito por NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…,* op. cit., p. 212

que entender isto como un gran obstáculo para a comunicación, salvo no que respecta ao transporte de mercadorías de longa distancia, xa que o tránsito da poboación rural realizábase a pé, coa axuda dunha mula ou asno se había que transportar artigo pesado ou en cabalgadura para aquel privilexiado que contase con egua ou cabalo. De aí que a ausencia de camiños de rodas non fose un problema para as comunicacións da poboación rural cuxos carros do país podían circular por corredoiras e camiños de ferradura para transportar cargas pesadas ou voluminosas en traxectos curtos como colleitas, pedra ou madeira[230].

Aínda así, dende o século XVI a Real Audiencia de Galicia realizou repartición para sufragar obras de pontes e calzadas que permitiron converter algúns camiños de ferradura en camiños de rodas, melloras insuficientes para a circulación polas zonas montañosas que non permitiron o acceso do tráfico rodado dende a Meseta ata finais do século XVIII[231]. Non é o caso de penichairas como a do interior coruñés nas que o tráfico rodado podía circular con con máis facilidade por camiños de ferradura como se indicaba no xa citado *Compendio del Estado de Altamira* de 1724 cando se facía referencia á orografía pouco accidentada da xurisdición de Folgoso: "esta jurisdicción es tierra montuosa y fría, pero muy llana, de suerte que se puede usar coche, lo que no es practicable en algunas otras de las que componen el Estado [de Altamira]"[232]. E, en efecto, a orografía non condicionou demasiado a rede viaria da comarca de Ordes do mesmo xeito que a rede hidrográfica tampouco foi un gran escollo salvo no caso do río Tambre que a delimitaba polo sur e sueste.

A mencionada planificación viaria do século XVIII arrinca do ambicioso plan de modernización dos camiños que se inicia baixo o reinado de Fernando VI e se plasma no *Real Decreto de 1761, expedido para hacer caminos rectos y sólidos en España* co que se pretendía mellorar a comunicación interior das provincias a fin de estimular o comercio interior, dándoselle prioridade a Extremadura, Galicia e Valencia. Como indica Carlos Nárdiz, neste decreto, nas instrucións e nos regulamentos para os proxectos e construción destas estradas sitúase a orixe da rede radial con centro en Madrid que, ademais da intención comercial mencionada, pretendía conseguir unha rápida comunicación entre capital da Monarquía Hispánica e as provincias con claros fins políticos e militares, neste último aspecto co arsenal de Ferrol en particular. Detrás desta política viaria caracterizada polo afán centralizador propio dos estados modernos e, en particular, dos do século XVIII en diante, tamén estaba a pretensión de conseguir unha maior eficiencia das comunicacións en xeral recollendo as propostas dos arbitristas camiñeiros franceses de mediados desa centuria[233]. Segundo Nárdiz, é a primeira etapa na construción de estradas modernas en España e supuxo unha transformación total da rede viaria anterior de camiños de ferradura, sendo o *Camino Real de Galicia* entre Madrid e A Coruña unha das seis vías radiais recollidas no RD de 1761, cobrando maior interese para a Coroa dende que en 1764 se habilita o porto herculino para o envío de buques correo a Barlovento y Mar del Plata[234]. Dentro desta planificación modernizadora proxectáronse outros camiños chamados transversais entre os que estaba o *Camino Nuevo* de *La Coruña a Santiago* que terá un trazado completamente novo no tramo que atravesa a comarca de Ordes. Estes ambiciosos plans viarios do século XVIII executáronse parcialmente tanto por falta de

[230] NARDIZ ORTIZ, C., *El territorio…,* op. cit., p. 211-214. FERREIRA PRIGUE, E., *Los caminos…,* op. cit., p. 54-55.
[231] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio,* op. cit. p. 30.
[232] *Compendio…,* op. cit.
[233] Esa política recollía as propostas dos arbitristas camiñeiros das décadas de 1740 e 1750 que imitaba o modelo francés iniciado en 1720 de estradas de 19,60 m. de ancho e cuns firmes que pretendían imitar os romanos. NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …,* op. cit., p. 219-222.
[234] SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.

recursos económicos como polo deficiente coñecemento cartográfico do territorio e por limitacións técnicas e boa parte deles tiveron que adiarse ata un século despois cando a cartografía e os medios técnicos avanzaran substancialmente e a mellora nos medios de transporte de tracción animal como a dilixencia que permitían maior velocidade esixiron melloras nas vías de comunicación. En todo caso, estas políticas viarias soñadas polos ilustrados foron posibles grazas á decidida intervención do Estado para avanzar na súa articulación territorial tanto con fins políticos e militares como para estimular o crecemento económico, seguindo experiencias ensaiadas en países europeos máis desenvolvidos[235].

A partir de 1840, unha vez rematada a primeira guerra carlista, ábrese unha nova etapa na que os gobernos liberais promoven unha transformación intensa da rede viaria coa creación de estradas provinciais e locais e cuxo resultado se ve reflectido parcialmente no mapa da provincia da Coruña de Francisco Coello (1865)[236]. Neste período a *Ley de Carreteras de 1851* ("Ley Arteta") as clasifica segundo a quen correspondía competencialmente o seu mantemento: "carreteras generales y transversales", "carreteras provinciales" e "carreteras locales", cuxo mantemento dependía do goberno central, das deputacións ou dos concellos respectivamente. Posteriormente a *Ley de Carreteras de 1857* ("Ley Moyano") as clasifica como estradas de primeiro, segundo e terceira orde, en correspondencia coa clasificación de Arteta[237].

Para rematar este apartado dedicamos unhas liñas aos medios de comunicación que tiveron un papel importante na circulación de persoas e mercancías e no caso dos medios de transporte de rodas condicionaron o desenvolvemento da rede viaria que se foi adaptando para facilitar a súa circulación segundo evolucionaban tecnoloxicamente. O privilexiado emprego do cabalo, xa fose como montura, animal de carga ou forza de de tiro, foi transcendental sen esquecer o máis democrático auxilio de mulas e asnos para o transporte de mercancías ao lombo cando o tráfico se realizaba a pé que, debe reiterarse, foi a forma máis habitual dos desprazamentos humanos ata ben entrado o século XX, recaendo sobre as recuas de arrieiros o transporte da maior parte das mercadorías polo interior de Galicia ata a chegada do ferrocarril[238]. Pero aínda máis importante foi o papel do gando bobino como animal de tiro no carrexo das colleitas no ámbito rural ou doutras mercadorías polos escasos camiños carreteiros que existiron en Galicia ata o século XIX, estimando Carlos Nárdiz que o transporte movido por este gando chegou a supoñer o 90% do total[239]. Asemade, as melloras tecnolóxicas dos vehículos de rodas e tiro animal foron outro dos aspectos que condicionaron o arranxo de certos camiños. Así, segundo Nárdiz, as novas vías construídas no século XVIII van utilizar o trazado en ladeira buscando unha pendente uniforme e moderada axeitada ao tráfico rodado, aínda que iso supuxese incrementar o percorrido, fronte aos trazados rectos e con fortes pendentes de época medieval que unían poboacións distantes. Ata a aparición das dilixencias o transporte de mercadorías en vehículos de tracción animal supuxo un freo ao desenvolvemento económico, sobre todo pola mala conservación dos camiños que se facían intransitables nos meses de inverno. As dilixencias, que presentaban substanciais melloras técnicas con respecto dos vehículos terrestres anteriores foron substituíndoos na primeira metade do século XIX naquelas estradas que se fixeron transitables para elas. Este medio de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[235] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit., p. 32 e p. 215.
[236] Ibídem, p. 270.
[237] Ibídem, p. 272.
[238] Sobre os arrieiros en Galicia vid. FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Arrieros y traficantes en la Galicia rural de la época moderna", *Obradoiro de Historia Moderna*, nº. 17 (2008); p. 325-352.
[239] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit, p. 231 e 170

transporte acurtou notablemente a duración das viaxes de xeito que, por exemplo, a finais do século XIX o percorrido entre A Coruña e Santiago reducírase a dez horas[240].

2.1 AS FONTES

Sobre os camiños do Antigo Réxime atopamos algunhas apreciacións de interese en relación cos tipos de transeúntes nos *Expedientes de Hacienda* do século XVI referidos ás terras de Montaos e Mesía que se conservan no AGS. Para o século XVIII e principios do XIX son útiles os escritos sobre camiños de José Andrés Cornide ou os de Lucas Labrada na súa *Descripción económica del Reino de Galicia* nos que mencionan os trazados dalgúns camiños que atravesan a comarca de Ordes[241]. Tamén os das viaxes de frei Martín Sarmiento realizados en 1745 e 1754 nos que vai anotando a xeito de diario os lugares polos que pasa, indicando os seus itinerarios con datos toponímicos e elementos dos camiño percorrido como as pontes, se ben bótase en falta información sobre o estado dos camiño no que se refire a esta comarca[242]. No apartado dos testemuños de viaxeiros son de destacar os aportados Lorenzo Magalotti e Pier María Baldi, membros do séquito que acompañaba a Cosme III de Médici na súa viaxe pola península ibérica[243]. A noticia textual de Magalotti é moi parca pero a acuarela que realizou Baldi da localidade de Poulo aporta un testemuño gráfico de gran valor por tratarse da representación gráfica máis antiga que coñecemos dunha localidade desta comarca. Para a primeira metade do século XIX aporta algún dato de interese George Borrow[244]. No AGS tamén consultamos os expedientes relativos ás obras de melloramento dos camiños de Galicia executadas durante o reinado de Carlos III[245] e nos que aparece información relativa ao novo trazado dun tramo do camiño Santiago-A Coruña que será transcendental no desenvolvemento da xerarquía funcional de certos núcleos de poboación entre as dúas últimas décadas do século XVIII e a primeira metade do XIX.

A cartografía da Idade Moderna é de nula utilidade ata principios do século XVIII para o coñecemento da rede viaria. Por exemplo, un mapa do "Itinerario de Postas" de España de 1720 sitúa a única casa de postas que se rexistra nesta comarca[246]. A obra de máis calidade dese século, o mapa de Galicia de Tomás López de 1784[247], mellora substancialmente os anteriores, se ben presenta aínda unha notable falta de precisión tanto na ubicación das localidades como na representación dos camiños xa que non se realizou a través de traballos de campo senón que foi elaborado a partir de mapas anteriores,

---

[240] A dilixencia, vehiculo de catro rodas tirado por entre seis u outo cabalos o mulas, podían trasportar arredor de quince persoas, aparte das equipaxes e mercadorías acomodadas na baca e un peso de ata 2.500 kg. Aproveitaban os servizos de postas, onde facían parada obrigada. Ibídem, p. 260-262.

[241] LABRADA, J. L., *Descripción económica del Reino de Galicia*, Ferrol, 1804, reed. Vigo, 1971. Os textos de Cornide extraidas dos *Papeles de Cornide*, leg. 13 e do *Informe sobre los caminos de Galicia presentados por D. José Andrés Cornide,* leg. 188 que se conservan no ARG cítanse a partir de NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …*, op. cit..

[242] Os textos das viaxes de frei Martín Sarmiento por Galicia están publicadas en ÁLAMO, M. DEL e PÉREZ DE URBEL, J (transcrición); SÁNCHEZ CANTÓN, F. J. e PITA ANDRADE, J. M. (ed. lit), *Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755)*, Santiago de Compostela, 1950 e SARMIENTO, Fr. M., *Viaje a Galicia, 1755.* Edición preparada por J. L. PENSADO, Salamanca, 1975.

[243] CAUCCI VON SAUCKEN, P., *El viaje del príncipe Cosimo dei Medici por España y Portugal*, Santiago de Compostela, 2004.

[244] BORROW, G., *Viaxe…,* op. cit., p. 75.

[245] AGS, S.S.Hacienda, Leg. 910-914

[246] Este mapa é reproducido por Carlos Nárdiz (NARDÍZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit. , p. 258) a partir dunha reconstrución do mesmo publicada en MADRAZO, S., *El sistema de transporte en España, 1750-1850. T. I.*

[247] LÓPEZ, T., *Mapa Geográphico del Reyno de Galicia: contiene las pronvincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy. Dedicado al excelentísimo señor don Joseph Moñino, conde de Floridablanca …,* Madrid, 1784.

información remitidas por autoridades civís e relixiosas, planos de enxeñeiros militares, etc. Este mapa realizada co método dun "cartógrafo de gabinete", inscríbese por unha parte nun ambicioso proxecto de cartografado do territorio español, seguindo a finalidade das cartas xeográficas francesas de finais do século XVII de coñecer o territorio para poder intervir nel, e por outra, no obxectivo de elaborar un dicionario xeográfico de España a partir das respostas recibidas a un interrogatorio de quince preguntas remitida ás mencionadas autoridades[248]. A documentación reunida para ese proxecto consérvase na Biblioteca Nacional de España e, entre ela, atopamos os manuscritos relativos aos arciprestados de Berreo de Arriba e Barbeiros remitidos entre 1773 e 1775 por dous sacerdotes, Antonio Felipe Rodríguez, residente en Santa María de Cardama e Joseph Vicente de Marzoa, residente en Sto. Estevo de Trasmonte, parroquias do actual concello de Oroso. Nos informes descríbense con bastante sobriedade os camiños principais, as pontes e os ríos de parte dos mencionados arciprestados; veñen acompañados de dous bosquexos nos que se reflicte con pouca exactitude a localización das parroquias, ríos e camiños[249].

Para mediados do século XIX o *Diccionario de Pascual Madoz* informa do estado da rede viaria con xuízos xenéricos de carácter e bastante negativos na xeneralidade dos casos. Esa información aparece a nivel de partido xudicial, concello e, ás veces tamén nas entradas dedicadas a algunhas parroquias. Entre as fontes cartográficas é de gran utilidade neste capítulo a *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán, obra que aínda que foi rematada en 1834 non sen imprimiu ata 1845[250]. Nela aparece reflectida con precisión a rede viaria de mediados do século XIX incluíndo as pontes da rede fluvial e as barcas. E ben sabido que esta obra supón un fito sen parangón na cartografía española da primeira metade do século XIX porque este cartógrafo, a diferenza dos anteriores, realizouna a través dun vangardista e metódico traballo de campo, percorrendo e medindo palmo a palmo o territorio con instrumentos novos cos que non se contaran para os anteriores levantamentos cartográficos: teodolito, transportador de ángulos, péndulos, etc. Foi a a primeira obra cartográfica científica completa dun territorio español á que dedicou case un cuarto de século. A transcendencia da obra de Fontán na historia da cartografía española, e en particular da galega, fíxoa merecedora dunha abundante publicidade[251]. A

[248] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …,* op. cit., p. 217 e p. 237. Sobre Tomás López vid. LITER MAGAYO, C., "Aproximación a la vida y obra del cartógrafo Tomás López", en *CT: Catastro,* Nº 8, 1991, pp. 21-27.

[249] LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII]; Joseph Vicente de Marzoa describe o arciprestado de Berreo de Arriba e os cursos e pontes dos ríos Lengüelle e Cabrón (fols. 394-395 e 485-487) e Antonio Felipe Rodríguez parte dos de Berreo de Arriba e Barbeiros, así como (fols. 337-340). Sobre a orixe e organización desta documentación véxase LÓPEZ GÓMEZ, A., "El método cartográfico de Tomás López. El interrogatorio y los mapas de España", *Estudios Geográficos*, *57* (225), 1996, pp. 667–710; e para o caso concreto de Galicia MÉNDEZ MARTÍNEZ, G., "A representación da parroquia na cartografía antiga", en VVAA, *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro,* Santiago de Compostela, 2009, pp. 373-390.

[250] FONTÁN, D., *Carta Geométrica de Galicia dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra y subdividida en partidos y ayuntamientos presentada en 1854 a S. M. la reina gobernadora doña María Cristina de Borbón* por su Secretario de Estado y del despacho de lo Interior. Levantada y construida en la escala del cien milesimo por el Dr. D. Domingo Fontan Director del observatorio Astronómico de Madrid ... ; grabada bajo la dirección del autor en 1845 por L. Bouffard (París).

[251] Á figura de Fontán e a súa obra dedicáronselle un abondoso número de artigos e monografías dos que citamos algúns: OTERO PEDRAYO, R. et al., D. *Domingo Fontán y su mapa de Galicia en el primer centenario de su publicación,* Santiago de Compostela, 1946*;* MÉNDEZ MARTÍNEZ, G., "Domingo Fontán (1788-1866) e a cartografía galega do século XIX", *Ingenium*.-- N. 2 (primavera 1990) ; p. 9-21; VILA FARIÑA, X. L., *Vida y obra de Domingo Fontán*, [Pontevedra], 2004; MÉNDEZ MARTÍNEZ, G.,

rede viaria que representa Fontán no seu mapa e que se corresponden cos do primeiro terzo do século XIX, reflicte na súa inmensa maioría camiños de ferradura nos que o único tráfico rodado que podía transitar por eles era o dos carros do país. Só os camiños reais do XVIII e as estradas xerais do XIX eran as únicas vías podían considerarse camiños de rodas, é dicir, transitables por vehículos deste tipo. Tamén incorpora a recentemente implantada planta provincial pero non as restantes división político-administrativas: "No se grabó la división de los Partidos y Ayuntamientos en razón de su interinidad"[252]. Hai constancia de que xa en 1820 a igrexa de Chaián (Traxo) lle serviu como elemento de referencia para tomar medidas dende o monte Pedroso entre ese ano e 1822 percorreu o camiño Santiago-A Coruña debuxando un tramo deste entre Santa María de Leira e o Mesón do Vento (Ordes) e tomando anotacións sobre distancias e presión atmosférica nesta última localidade e na de Sigüeiro (Oroso)[253].

O mapa da provincia da Coruña de Francisco Coello publicado en 1865 é debedor do de Fontán como recoñece o propio autor nunha nota do mapa, pero xa engade a nova xeografía política do Estado Liberal plasmada nos concellos constitucionais e os partidos xudiciais[254]. Supón outro fito da cartografía española, neste caso a nivel estatal xa que forma parte, xunto ao das 47 restantes follas con mapas doutras provincias, dun *Atlas de España y sus Posesiones de Ultramar* que se presentou como complemento do *Diccionario* de Madoz, de quen fora colaborador dende 1846. O feito de que os mapas deste cartógrafo militar se realicen por provincias segundo a división político-administrativa liberal evidencia a clara intencionalidade política de reforzar esa nova división do Estado. Este carácter provincial, que reflicte unha superficie moito menor que a do conxunto de Galicia, permitiulle descender a detalles como a incorporación de camiños menos importantes que Fontán non considerou pertinente debuxar pero dos que tiña que ser coñecedor posto que, por exemplo, na comarca de Ordes si indica o lugar das pontes que formaban parte deses camiños. Tampouco hai que descartar que se produciran melloras nalgúns camiños secundarios entre a elaboración do mapa de Fontán nas primeiras décadas do século XIX e a confección do de Coello a mediados desa centuria. Así, este mapa incorpora unha serie de camiños, a maior parte deles en sentido leste-oeste, que reflicten unha mellor vertebración interna da rede viaria estritamente comarcal. Tamén é máis rico toponimicamente que o de Fontán incorporando o nome de máis aldeas. Acompaña o mapa con notas explicativas sobre distintos aspectos do territorio (divisións administrativas, historia, beneficencia, instrución pública, "carácter, usos y costumbres", pesos e medidas, industria e comercio, feiras e mercado, etc) e datos estatísticos sobre a provincia e sobre as localidades máis importantes extraídos do

Domingo Fontán, Santiago de Compostela, 2005; FORTES LÓPEZ, A., *A viaxe xeométrica de Domingo Fontán,* Santiago de Compostela, 2021; BRANDALISE, V. H., "Tralos pasos de Domingo Fontán", *Murguía: revista galega de historia*, nº. 26 (xullo-dec. 2012); p. 27-77. Ademais pode atoparse Información precisa sobre as características da *Carta Geométrica* así como acceso a unha reproducción da mesma na Cartoteca Virtual del Instituto Geográfico Nacional. Galicia. Mapas generales. 1845 [https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/resources/html/002693.html] (Consultado o 04/10/2021)

[252] NÁRDIZ ORTÍZ, C., *El territorio…*, op. cit., p. 243

[253] BRANDALISE, V. H., "Tralos…, op. cit.; CAMARGO SÁNCHEZ, C., "Domingo Fontán, viaje a Sargadelos", *Blog da Fundación Domingo Fontán* [https://www.fundaciondomingofontan.es/viaje-a-sargadelos.html], 2014.

[254] "Todas las situaciones y principales detalles de este mapa están tomadas de la magnífica carta de Galicia por D. Domingo Fontán, habiéndonos limitado a añadir todos los planos particulares y muchos pormenores, por otros varios datos que hemos reunido … Por las descripciones del *Diccionario de Madoz,* y sobre todo por los datos reunidos para este, hemos podido añadir muchos nombres y pormenores interesantes, haiéndonos auxiliado con sus conocimientos varias personas del país." COELLO DE PORTUGAL Y QUESADA, F., *La Coruña por el Coronel de Ingenieros D. Francisco Coello. Las notas estadísticas e históricas han sido escritas por D. Pascual Madoz. Madrid, 1865.*

Diccionario de Pascual Madoz. Tamén incorpora mapas de detalle dalgunhas rías e planos das cidades e vilas máis importantes da provincia[255].

Por último, a información que proporciona o tomo dedicado á provincia da Coruña na *Geografía General del Reino de Galicia* publicada na década de 1930[256], aporta apreciacións sobre a rede viaria e ás feiras que aínda que son extemporáneas á cronoloxía deste traballo, permite coñecer con detalle aspectos que cambiaran pouco dende mediados do século XIX; de aí que esas apreciacións sexan útiles para comprender o illamento e as limitacións ás que estaban sometidos os desprazamentos de persoas e mercadorías dalgunhas zonas desta comarca dende tempo inmemorial.

2.2 A REDE VIARIA E A XERARQUÍA DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN NA COMARCA DE ORDES

Pode afirmarse que o feito que máis condicionou a configuración da rede viaria desta comarca foi o crecemento urbano de Compostela a raíz da *inventio* do sepulcro do apóstolo Santiago ata converterse na principal cidade de Galicia grazas ao auxe das peregrinacións medievais e á importancia relixiosa e política que adquiriu grazas a esta circunstancia. Como ten afirmado Carlos Nárdiz, este feito distorsionou a rede viaria herdada de época romana e organizada arredor de Lugo dando lugar a unha rede radial que nalgúns casos aproveitaba camiños anteriores para comunicar Santiago co resto de Galicia así como co resto da Península Ibérica e do occidente europeo. As vías que van atravesar o territorio aquí estudado dende a Idade Media non terán outra finalidade que comunicar Compostela coas vilas e cidades prelitoriais e costeiras do norte dende Fisterra a Viveiro establecendo relación comerciais entre elas máis ou menos intensas e permitindo o tránsito de peregrinos e todo tipo de transeúntes que chegaban por vía marítima. Estes camiños de orixe medieval que atravesaban o río Tambre a través de barcas e pontes como Ponte Albar e Ponte Sigüeiro vanse consolidar durante a Idade Moderna[257].

Dende o punto de vista viario esta bisbarra foi máis que nada un lugar de paso moi transitado por camiños que serviron de estímulo económico, favorecendo a aparición de feiras e tabernas ao seu carón, como se documenta nas épocas moderna e principios da contemporánea. A maioría destes encontros comerciais serviron para intercambios de ámbito local pero tamén para inserir en circuítos máis amplos producións como a gandeira na que esta comarca era excedentaria. Porén, este tránsito non conseguiu xerar ningún núcleo que se poida cualificar de urbano e que lle sacase máis proveito a ese transitar de xentes e mercancías. O carácter de terra media entre Santiago e a costa reforzou os camiños en dirección norte-sur en detrimento das vías leste-oeste que na súa maioría foron camiños de ferradura ata ben entrado o século XX[258]. Polo tanto, as comunicacións neste sentido fixéronse a través de camiños secundarios que non figuran no mapa de Tomás López de 1784 e que apenas aparecen reflectidos na *Carta Geométrica* de Domingo Fontán de 1845 pero que teñen maior presenza no mapa da provincia da Coruña de Francisco Coello de 1865. Non parece que a ausencia destes camiños na cartografía de Fontán se deba a inexistencia dos mesmos senón ao feito de que neste punto o mapa de

[255] CONDE-GARCÍA, J., *Atlas de paisajes de la memoria: Galicia 1579-1865,* A Coruña, 2015 (tese de doutoramento), p. 123-148. Cartoteca Virtual del Instituto Geográfico Nacional. La Coruña (Provincia). Mapas generales. 1865 [https://www.ign.es/web/catalogo-cartoteca/resources/html/030464.html] (Consultado o 04/10/2021)


[256] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit.

[257] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio* …, op. cit, pp. 153, 165 e 169.

[258] Segundo Elisa Ferreira, o predominio do eixo norte-sur é extensible ao resto da rede viaria interior de Galicia e o eixo leste-oeste é máis propio das vías que penetran do exterior como o "Camiño Francés" (FERREIRA PRIGUE, E., *Los caminos…*, op. cit., p. 65-66.)

Coello é máis detallado ao tratarse dun mapa provincial mentres que o de Fontán abarca todo o territorio de Galicia. En todo caso, a extrema dispersión do poboamento desta comarca deu lugar a unha densa rede viaria composta na súa inmensa maioría por camiños angostos e de mala calidade que só permitían o tráfico necesario para o normal funcionamento da economía e vida campesiña.

Mapa 2. Estradas e veredas que atravesaban a comarca de Ordes na *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán (1845)



Elaboración de Diego Blanco Urbano

A pesar do mal estado xeral destes camiños, circunstancia común ao conxunto de Galicia, hai que dicir que no último cuarto do século XVIII esta comarca pasa a contar

cunha das mellores vías do noroeste peninsular como era a que comunicaba A Coruña con Santiago; unha das poucas vías galegas que foran modernizadas no plan de mellora da rede viaria impulsada dende mediados do século XVIII. Resultado deste plan executado parcialmente eran o Camiño Real de Galicia, que unía A Coruña con Madrid atravesando a actual provincia de Lugo, e os chamados camiños transversais da Coruña a Santiago e de Santiago a Ponte Sampaio, no actual concello de Pontevedra. Estes últimos prefiguran a futura estrada A Coruña-Tui ou N-550 que deu lugar ao actual corredor atlántico de Galicia. A estes camiños transversais sumábase un tramo do camiño da Coruña a Fisterra que chegaba ata Paiosaco, localidade con feira importante radicada no actual concello de Arteixo. O resto da rede viaria galega non era apta para o tráfico rodado máis alá dos carros do país, que eran máis pequenos que os actuais en proporción ao menor tamaño dos animais de tiro daquel tempo e que podían realizar grandes percorridos cando era necesario[259]. Como é natural, a cartografía dos séculos XVIII e XIX tamén representa o camiño Santiago-A Coruña como a vía principal da comarca, primacía que lle viña de antigo posto que é un das rutas galegas que aparecen mencionadas nos repertorios de camiños do século XVI de Juan de Villuga (1546) e de Alonso de Meneses (1576), o que fai supoñer que tamén era un dos de maior calidade naquela época[260].

As fontes cartográficas permiten identificar os camiños máis importantes pero non o incontable número de vereas e corredoiras que se entrelazaban con aqueles e que comunicaban o crecido número de pequenas aldeas diseminadas por un territorio de baixa densidade de poboación[261]. Estas vías que comunicaban as aldeas entre si e permitían o acceso dos campesiños aos campos de labor. Ata a *Carta Geométrica* de Domingo Fontán publicada en 1845 non é posible ter unha visión medianamente completa da rede viaria desta comarca, toda vez que no mapa de Tomás López están ausentes algúns camiños de certa relevancia que xa existían nesa época, e o novo trazado que levaba de Santiago á Coruña que xa se construíra en 1784 aparece mal representado debido á imprecisa información que recibiu este cartógrafo sobre os camiños do arciprestado de Berreo de Arriba[262]. Todos eles mostran como no trazado da maior parte dos camiños primaba a comunicación norte-sur ficando en condicións moi precarias o tránsito leste-oeste, cuxas vías de mala calidade carecen de plasmación cartográfica na súa maioría ata o mapa de Coello. Por iso pode afirmarse que durante o Antigo Réxime e ata ben entrado o século XX a articulación viaria intracomarcal debeu ser bastante deficiente, en particular na parte oeste, o que dificultaba unha aceptable comunicación interna e xeraba o illamento da parte noroeste da bisbarra. A carta de Domingo Fontán, aínda que publicada en 1845 fora rematada unha década antes, polo que presenta o que sería a rede viaria do territorio da actual comarca de Ordes de finais do Antigo Réxime. Así, á vista deste mapa pode dicirse

[259] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…,* op. cit., p. 224. SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.

[260] Nestes repertorios cítanse os camiños de acceso a Galicia dende a Meseta, os camiños que saen de Santiago cara á Coruña e Fisterra e o camiño da Coruña a Fisterra (SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos… e SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos…, op. cit. e NARDIZ ORTIZ, C., *El territorio* …, op. cit., p. 209)

[261] As publicacións sobre a rede viaria ao referirse ao conxunto de Galicia informan sobre as principais vías sen descender ao detalle das de segunda e terceira orde: GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, M. J., *El camino…*, op. cit.; do mesmo autor pero xa para o século XIX *La red…,* op. cit. A un nivel máis concreto, referido á provincia de Santiago, debe citarse a DOPICO GUTIÉRREZ DEL ARROYO, F.,"Os camiños…, op. cit. Traballo especialmente completo e rigoroso é o de Elisa Ferreira Priegue que, se ben está referido á Idade Media, non deixa de ser igual de útil para a época moderna. De feito algúns dos camiños que describe e cartografía esta autora son reconstruídos a partir de documentación desa época (FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos*…, op. cit.).

[262] LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López. 1775, fol. 487.

que o camiño de rodas A Coruña-Santiago que tiña unha lixeira orientación sueste a dividía en dous espazos aproximadamente iguais que só contaban con camiños de ferradura e outras vías de menor categoría. Este camiño atravesaba as xurisdicións de Mesía e Folgoso e posteriormente os concellos de Oroso e Ordes que por esta razón eran os mellor comunicados. No mapa de Fontán deste camiño saía algún ramal de entidade cara o leste, pero non cara o oeste, circunstancia que se ve parcialmente corrixida no mapa de Coello, xa sexa porque houbo melloras nese lapso de tempo ou, máis ben, porque Fontán non representou camiños de menor entidade. A franxa oeste contaba cunha rede de viaria máis pobre que a do resto da comarca, comunicando de sur a norte o territorio dos actuais concellos de Trazo, Tordoia e Cerceda e parte dos de Ordes e Oroso. Por último, a franxa leste que comprende os concellos de Frades e Mesía e tamén parte dos de Ordes e Oroso era a que presentaba mellores comunicacións posto que nesta zona se observa unha rede de camiños máis densa que no resto da comarca.

2.2.1 O camiño A Coruña-Santiago

Como xa adiantamos, o camiño, e máis tarde estrada, que dende o medievo unía Santiago con vilas e cidades prelitorais e costeiras do norte (A Coruña, Betanzos, Pontedeume, Ferrol e Neda) a través de distintos ramais chegou a ser a principal vía desta comarca na medida en que tanto os seus transeúntes como as mercadorías que por ela circulaban eran máis variados e tiñan máis volume que as dos restantes camiños que atravesaban esta comarca en dirección norte-sur. Asemade vertebraba parte da rede viaria destas terras pois del saían distintos ramais, facéndose máis evidente esa vertebración no a nivel comarcal no mapa de Francisco Coello de 1865 e co con meridiana claridade tras a construción de estradas de dirección leste-oeste que conectaban coa capital do partido xudicial nas primeiras décadas do século XX. Como veremos, tivo un importante papel no devir histórico da comarca, se ben non todo o que cabería esperar durante o período aquí estudado

É a vía que temos mellor documentada e era con diferenza, como xa adiantamos, a de maior calidade, sobre todo dende que fora mellorada entre as décadas de 1760 e 1780 no marco da política de modernización viaria iniciada por Fernando VI e continuada por Carlos III[263]. Recibiu diferentes nomes e asignáronselle distintas categorías nas clasificacións oficiais de estradas. Sabemos que polo menos dende o século XVI era coñecido como camiño francés de Poulo, debido a que en nesta localidade, "donde los caminantes que ban por este camino açen jornada y paradero" -en expresión dos expedientes simanquinos de 1588[264]-poñerse fin á primeira das dúas tiradas que podía levar percorrer a pé o traxecto entre Santiago e A Coruña. Dita denominación dedúcese da citada concordia asinada entre o arcebispo de Santiago e o conde de Altamira asinada en 1554 na que se fai mención a "la otra tierra que vulgarmente se llaman las cinco feligresías del camino francés": Ardemil, Bruma, Buscás, Leira e Poulo[265]. Os *Expedientes de Hacienda* de 1597 que se conservan no Arquivo de Simancas tamén se refiren a esta vía como "camino francés" e, do mesmo xeito, nas *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* esas cinco parroquias adscríbense ao "Partido del Francés de Poulo", en alusión ao camiño que as atravesaba. Como vimos, esta circunscrición administrativa pertencente á xurisdición de Mesía atopábase separada do resto do territorio desta e con esta denominación outórgaselle certa personalidade diferenciada á

[263] GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, M. J., *El camino…*, op. cit.

[264] Cita referida á localidade de Poulo nos *Expedientes de Hacienda de 1588* AGS, EH, leg. 87, Tierra de Mesía.

[265] Resumen de la Bula confirmatoria de la concordia entre el conde de Altamira y el Arzobispo de Santiago, 22 de enero de 1554, AHMSP, Fondo Condado de Altamira, leg. 3-A-1, doc. nº 4, fol. 2r-3v..

que xa se aludía na concordia entre o arcebispo de Santiago e o conde de Altamira[266]. As expresións "camiño francés" ou "camiños franceses", que afloran na documentación antiga tanto desta comarca como doutros territorios, refírense ao feito de que contaban con mellor firme favorecendo o tránsito: "caminos medievales, anchos y con algún empedrado"[267]. Elisa Ferreira afirma que é a partir do século XVI cando se xeneraliza este termo para designar con bastante imprecisión aos camiños reais, termo que, á súa vez, non aparece ata o século XV[268]. No proxecto de mellora das estradas de Galicia que se executa neste itinerario durante a década de 1770 ten categoría de "camino transversal" fronte á de "camino real" reservado á estrada de entrada a Galicia dende a Meseta e que unía Madrid, capital da Monarquía, coa Coruña, capital administrativa do Reino de Galicia en tanto que sede dos órganos representativos do poder real: Capitanía Xeral e Real Audiencia. Aínda que neste proxecto recibe o cualificativo de "Camino Nuevo de La Coruña a Santiago" acabará recibindo tamén o nome de "camino real" de maneira xenérica ao igual que os outros que foron afectados polas obras de mellora do citado proxecto, na medida en que se tratou dunha iniciativa da Coroa. Pola súa parte, José Cornide no seu *Informe sobre los caminos de Galicia* de 1789 englóbao dentro dos dez "caminos públicos" que saían de Santiago[269]. Na *Carta Geométrica* de Domingo Fontán de 1845 aparece como "carretera provincial" fronte aos restantes camiños que se presentan como vereas, se ben outras fontes coetáneas como o *Diccionario* de P. Madoz aínda recolle terminoloxía antiga como a de "vereda real" para referirse a ela e nas clasificacións das leis de estradas da década de 1850 encádrase dentro do grupo das estradas de segunda orde. No mapa de Coello de 1865, represéntase con categoría de "Camino carretero" mentres os restantes camiños englóbanse no grupo de "Camino de herradura o senda", é dicir, camiños de bestas, o que significa que a mediados do século XIX o tráfico rodado de pasaxeiros e mercancías só era practicable por esta vía. Por último, hai que facer mención á denominación de "camiño inglés" referido na actualidade ao antigo trazado desta vía, previo ás obras borbónicas, e, polo tanto, camiño medieval de peregrinación a Compostela que transitaban os romeiros que viñan de Escandinavia e principalmente das Illas Británicas. Fronte a crenza xeneralizada de que se trata dunha denominación antiga hai que aclarar que foi acuñada por Elisa Ferreira Priegue en 1988 na súa monografía sobre os camiños medievais de Galicia[270], cualificativo que se popularizou ao abeiro do auxe das peregrinacións xacobeas durante as últimas décadas do século XX e que cobrou carácter

[266] Aí, as respostas xerais ao *Interrogatorio* de San Xiao de Poulo comezan así: "En la feligresía de San Julián de Poulo, del Partido del Francés, jurisidición de Mesía …" (AGS, CE, RG. L. 243, fol. 165 r.). Na resposta á primeira pregunta do *Interrogatorio* da freguesía de Santa María de Leira indícase que esta se atopa "compreensiva en Partido del Francés de Poulo que compone parte de dicha jurisdición de Mesía" (AGS, CE, RG. L. 243, fol. 48 v).

[267] Veremos máis adiante como tamén recibe o apelativo de "francés" no *Diccionario* de Madoz un camiño que partido de Agualada (Marantes) levaba ata Ponte Castro (Arceo-Boimorto) sucando, paralelo ao Tambre, parroquias dos actuais concellos de Oroso e Mesía. Cando Eugenio Carré fai referencia a este "camino francés" xustifica este apelativo polo feito de ser un "camino empedrado al estilo romano" (CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit. 640). Fernando Urgorri afirma: "Algunas personas creen que la frase "camino francés" ha de significar, forzosamente, un camino de preregrinación, pero no es así; como alcara muy bien Gonzalo Menéndez Pidal en su *Historia de los Caminos de España* se trata tan solo de caminos medievales, anchos y con algún empedrado. Naturalmente se dio este nombre a las vías romanas, que aún se utilizaban (URGORRI CASADO, F. "Puentes y caminos en la provincia de La Coruña", *Revista.* Instituto "José Cornide" de estudios coruñeses, Vol. 5-6, 1969-1970, pp. 199-246).

[268] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…*, op. cit. pp. 33 e 57.

[269] CORNIDE, J., *Informe sobre los caminos de Galicia* (1789), ARG, *Papeis de Cornide,* leg. 188, nº 216. Cito por NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio* …, op. cit., p. 233.

[270] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos* …, op. cit., p. 126.

oficial na normativa reguladora dos camiños de Santiago emitida pola Xunta de Galicia[271].

Atravesaba de sur a nordeste ou de norte a suroeste o territorio central da comarca dividíndoo en dúas partes de similar superficie con dous fitos que lle dan inicio e final. Ao norte arranca no lugar de Canedo, na parroquia de Ardemil (Ordes) na zona máis alta do traxecto –arredor de 430 m.- ao que se chega despois dunha abrupta subida dende as mariñas coruñesas e o val de Barcia. Dende alí este primitivo camiño medieval descendía suavemente atravesando as parroquias de Ardemil, Bruma, Buscás, Poulo, Pereira, Montaos, Deixebre e Oroso ata chegar á ponte medieval de Sigüeiro -230 m.-, onde o río Tambre demarca polo sur esta bisbarra (Mapa 2 do apéndice cartográfico). Despois do cambio do trazado efectuado na década de 1770 pasa a discorrir por Ardemil. Leira, Buscás, Ordes, Montaos, Deixebre e Oroso cun percorrido de 28 quilómetros, se ben Joseph Vizente de Marzoa acurta de maneira imprecisa esta distancia en catro leguas na información que lle remite a Tomás López en 1775 sobre o arciprestado de Berreo de arriba: "Tiene de largo este arcisprestazgo comenzando en el … lugar de de la Puente Sigüeiro, siguiendo la bereda al norte asta el lugar do Canedo … 4 leguas". Pola súa parte, Antonio Felipe Rodríguez nun informe do mesmo tipo datado en 1773 refírese a esta vía como "la famosa calzada que modernamente se ha fabricado desde la ciudad de La Coruña a la de Santiago que empieza en Cabeza de Lobo, por el norte, y va por Leyra a Órdenes, Santa Cruz y Sigüeiro, donde está el puente sobre el río Tambre"[272]. Durante o Antigo Réxime sucaba as xurisdicións e coutos de Mesía, Folgoso e Sigüeiro do Deán e tras a constitución definitiva dos actuais concellos na década de 1830, os de Ordes e Oroso. No primitivo camiño e no novo trazado situáronse as contadas localidades que en distintos momentos destacaron en diversidade económica e peso demográfico: Sigüeiro, Ordes e Poulo. Coa implantación dos concellos constitucionais no primeiro terzo do século XIX, tamén foron as de maior importancia política, en tanto que aquí se situaron, como vimos, as capitais dos partidos xudiciais, primeiro de Poulo –durante o Trienio Liberal- e definitivamente en Ordes a partir de 1834. Pascual Madoz indicaba no seu *Diccionario* que este camiño "de segundo orden" se atopaba "perfectamente compuesto en 1849". Segundo esta mesma fonte os camiños secundarios conectaban con esta vía: "Los caminos vecinales dan paso en varias direcciones y los más enlazan con la vereda que desde Santiago se dirige a la Coruña". En termos similares se refería á freguesía de Santa María de Ordes: "Los caminos locales vienen a enlazar con la indicada vereda sobre la cual hay un puente de cantería"[273].

---

[271] A *Lei 3/1996, do 10 maio, de protección dos Camiños de Santiago*, (DOG núm. 101, do 23 de maio) di no seu artigo 1 que: «Para os efectos da presente lei, enténdese como Camiño de Santiago todas as rutas históricas recoñecidas documentalmente. No mesmo artigo establécese que a ruta principal é o "Camiño Francés", e que as outras rutas que se enmarcan na denominación xeral de "Camiño de Santiago" se corresponden coas actualmente coñecidas como "Camiño Portugués", "Ruta da Prata", "Camiño do Norte", "Camiño de Fisterra", "Camiño Inglés" e "Ruta do mar de Arousa e Ulla"». O "camiño inglés foi demarcado no *Decreto 110/2014, de 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés* (DOG núm. 178, do 18 de setembro de 2014, p. 41.520) no que se di: "O Camiño Inglés é polo tanto unha das rutas históricas recoñecidas como Camiño de Santiago. Existe documentación histórica abundante sobre peregrinacións marítimas durante o século XII e seguintes desde Escandinavia e as illas Británicas, que arribaban na costa galega para continuar viaxe por terra ata a tumba do apóstolo Santiago. Os dous lugares costeiros de Ferrol e A Coruña, pola súa excepcional localización estratéxica, son os puntos de partida das dúas alternativas desta ruta terrestre".

[272] Informes de Antonio Felipe Rodríguez sobre os arciprestados de Berreo de Arriba e Barbeiros e de Joseph Vicente de Mazoa sobre o arciprestado de Berreo de Arriba contidos en LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII], fol. 339 r. e fol. 487 r.

[273] MADOZ, P., *Diccionario …,* op. cit, pp. 1195, 894 e 897.

Como xa mencionamos, o plan de mellora viaria dos Borbóns que se inicia na década de 1760 afectou de cheo a este camiño que era dos camiños transversais proxectados nese plan. Enlazaba co de Santiago a Pontevedra e co de Pontevedra a Ponte Sampaio dando lugar a unha nova estrada norte-sur que será o xermolo do corredor atlántico de Galicia concretado posteriormente na N-550. Á súa vez, este camiño enlazaba na Coruña ou a través de vías transversais secundarias co camiño radial Coruña-Madrid converténdose na vía máis moderna que podía comunicar boa parte de Galicia coa capital da Monarquía Hispánica, xa que a estrada Vigo-Ourense-Madrid que atravesaría algunhas das comarcas máis ricas de Galicia non chegou a construírse neste momento[274]. Estas obras de mellora supuxeron un ancheamento do camiño Santiago-Coruña e o arranxo dos pasos difíciles para converter o que era un camiño de ferradura ou camiño de bestas nun camiño de rodas. No proxecto, aprobado por Carlos III o 28 de abril de 1768, este camiño pasaba por Poulo, pero en 1770 o enxeñeiro director da obra, Feliciano Míguez, solicitou o cambio do trazado neste punto argumentando que así se conseguía "...más breve camino...con tal bentaja, que contándose en el día desde el Lugar de Canedo, pasando por Poulo, a puente Sigüeiro, quatro grandes leguas, quedan reducidas a tres y medio cuarto..." e para reforzar a proposta engade que o novo trazado atravesa un territorio máis cómodo para os viaxeiros "... por ser un terreno firme, poblado..." ademais de "... que la carretera por esta parte será causa del maior fomento en la Población y cultivo de algunas tierras que ay yncultas"[275]. Estes argumentos recollen o espírito que inspiraba a normativa borbónica sobre camiños no sentido de acurtar distancias e fomentar o desenvolvemento económico do territorio que atravesaban[276]. O enxeñeiro militar Fernando de Gáver levantou un plano do novo trazado que asina o 31 de agosto de 1775 baixo o título "Camino Nuevo de La Coruña para Santiago desde el lugar de Canedo a el Puente Sigüeiro", xunto cos proxectos doutros tramos do camiño de Santiago ata Pontevedra (Véxase Plano 1 do apéndice cartográfico)[277]. O plano indica o estado das obras deste tramo do camiño nese momento: "El camino señalado de carmín es el que se concluyó en los años anteriores en la estención (sic) que comprende este plano. 2ª, el denotado con línea de carmín y color de tierra desde Sta. María de Ordes hasta fronte a Revoredo, es una de las porciones recompuestas en este año. 3ª el remarcado con líneas y amarillo manifesta la dirección del camino abierto. É dicir, dende Canedo[278] a Reboredo (Ordes) –arredor de 15 km- o camiño atopábase nesta última situación e dende Reboredo (Ordes) a Ponte Sigüeiro –uns 14 km- estaba rematado, salvo o pequeno tramo da valgada de Guindibó (Montaos, Ordes) por onde flúe o leito do río Cabrón –afluente do Lengüelle-, que estaba tamén estaba aberto pero sen rematar, seguramente á espera de construír a ponte sobre o río.

[274] NÁRDIZ ORTIZ, C., *La construcción…,* op. cit., p. 48.

[275] AGS, S.S. Hacienda, Leg. 912.

[276] Así, o *Real Decreto de 1761* dicía: "el ingeniero encargado de mis Reales Obras paracticará por sí … un exacto reconocimiento del terreno, y parajes más conducentes por donde puedan dirigirlos, bien sea siguiendo el actual camino, o mudándolo para acortar su distancia, facilitando la práctica con el menor dispendio, y más segura permanencia de la obra" levantando "con prolija exactitud, y en escala bastante comprensible el plano del terreno". Cito por NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …,* op. cit., p. 223.

[277] "Plano del Camino nuevo de la Coruña para Santiago desde el lugar de Canedo a el Puente Sigüeiro aprovado por S. M. en 19 de octubre de 1770". Sobre este e os restantes planos dos camiños transverais vid. NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…,* op. cit., p. 377-384.

[278] Neste camiño e actual estrada N-550 atópanse próximos e consecutivamente tres lugares co nome de Canedo: Canedo de Arriba, O Canedo e Canedo. Os dous primeiros na parroquia de Ardemil (Concello de Ordes) e o terceiro na parroquia de Beira (Concello de Carral). Se nos atemos estritamente á toponimia o que aparece mencioado na documentación antiga debería ser este último. En todo caso é unha cuestión bastante irrelevante xa que as tres localidades están practicamente pegadas.

O novo trazado plasmado neste plano apartábase por completo do itinerario de orixe medieval seguindo os novos métodos e técnicas da enxeñería de camiños do século XVIII que inspiraban estas obras, o que supuña abandonar a penichaira que domina o val do río Lengüelle para descender a zonas de val das parroquias que atravesaba. Respondendo á finalidade de construír camiños "rectos y sólidos" do plan borbónico, o trazado proposto por Míguez e debuxado por Gáver presentou maiores dificultades á hora da súa execución pois necesitou da construción de muros de borde para soster un camiño que ocupaba terreos agrícolas inundables[279]. Como explica Carlos Nárdiz, ata mediados do século XVIII os itinerarios principais intentaron salvar no posible os vales e as ribeiras dos ríos por este motivo, preferindo as penichairas dos interfluvios e as depresións tectónicas que permitían aforrar obras de fábrica, evitar zonas inundables e non invadir terras de cultivo. O novo trazado do camiño Santiago-A Coruña na década de 1770 serve como exemplo do cambio de criterios que se deu no deseño a rede viaria a partir do século XVIII, momento no que o avance tecnolóxico xa permitía realizar movementos de terras máis ambiciosos e obras de fábrica desbotadas no pasado. Como é natural, a preferencia das penichairas para as vías principais non excluía a existencia de camiños de servizo para as labores agrícolas nos propios vales e nas marxes dos ríos, camiños que en moitos casos acabaron conectando coas cabezas dos vales e coas divisorias de augas e as penichairas para establecer comunicación con outros vales, dando lugar a numerosos camiños medievais que se continuaron utilizando en época moderna. Finalmente, moitos destes camiños deron lugar á rede provincial ou de terceira orde a finais do século XIX e primeiras décadas do XX configurada arredor de núcleos que acadaron superior xerarquía funcional no ámbito de comarcas agrícolas como as de Ordes, Carballo ou Chantada, entre outras[280]. Outros itinerarios caeron en desuso e foron borrados total ou parcialmente polas concentracións parcelarias ou por modernas infraestruturas viarias como a autoestrada AP-9, como é o caso do tramo do camiño medieval Santiago-A Coruña comprendido entre Canedo -(Sta. María de Beira, Carral), limítrofe con San Pedro de Ardemil (Ordes)- e Sigüeiro (Oroso). En definitiva, uns itinerarios foron potenciados ao superpoñerse sobre eles as novas estradas e outros esquecidos cando perderon a súa funcionalidade (Véxanse mapas 2 e 3 do apéndice cartográfico).

En 1804 Lucas Labrada loaba esta política viaria iniciada por Fernando VI e continuada polos seus sucesores: "Desde él han sido los caminos una de las principales atenciones del Gobierno. Desde entonces há visto Galicia, que sin intermisión se han continuado por sus gloriosos sucesores los que ha dexado comenzados, y se han franqueado y proyectado otros cuya conclusión será bastante monumento para perpetuar la memoria y el reconocimiento a las bondades del Augusto Soberano que nos gobierna, y de su celoso Ministerio". Ao respecto do camiño que aquí nos ocupa, ao que consideraba un dos máis importantes de Galicia, dicía que "[s]e ha franqueado y construido con la mayor solidez uno que va desde la Coruña a Santiago" e aplicaba as mesmas apreciacións ás restantes vías modernizadas durante este período: "se ha hecho lo mismo con el que desde la misma ciudad se dirige a Madrid, pasando por las de Betanzos y Lugo. Se ha construido también otro desde la Ciudad de Santiago hasta la Villa de Pontevedra, y desde esta al Puente de San Payo y Tuy, gran parte del cual ha sido obra del difunto arzobispo de Santiago, el Excelentísimo señor don Sebastián Malvar"[281]. Labrada tamén apunta o efecto que estas melloras dos camiños tiveron sobre a economía:

[279] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit, pp. 228 e 377.
[280] Ibídem, pp. 169-173 e 280.
[281] LABRADA, L., *Descripción* ..., op. cit. p. 159.

La grande utilidad que de estas obras ha resultado al público solo puede graduarla el que compare su estado anterior con el presente … notando la diferenza que hay en el día de hacer cómodamente los transportes de frutos y efectos de unos a otros pueblos de los que caen en estos caminos, con la penalidad con que antes se veían obligados a conducirlos a lomo: circunstancia que tanto agravaba los precios de los géneros que se transportaban[282].

É posible que estas opinións de Labrada pecasen de excesivo optimismo posto que estes camiños, a pesar da súa evidente mellora, presentaban defectos para o tráfico rodado e a súa conservación non foi a óptima, polo menos á altura de 1789, cando José Cornide escribe seu *Informe sobre los caminos de Galicia* na que daba unha visión menos positiva do estado do camiño A Coruña-Santiago ao afirmar que "aunque se ha fabricado de mucho, el abandono en que se encuentra le ha conducido a tal estado…"[283]. A mediados do século XIX o xuízo do informante de P. Madoz para o partido xudicial de Ordes tampouco era de todo positivo: "La vereda real que desde La Coruña se dirige a Santiago y las distintas que vienen a enlazar con ella cruzan diversos puentes, pero así estos como aquellas en lo general están mal cuidados". Pola contra, o informante do concello concello de Oroso móstrase máis benévolo: "el [camino] real que pasa por el puente de Sigüeiro se encuentran en mediano estado"[284].

A pesar da capacidade dinamizadora que teñen os camiños na xeración de riqueza -como manifestaba Lucas Labrada nas liñas precedentes- e no estímulo demográfico dos núcleos que atravesan, chama a atención o escaso efecto que durante o Antigo Réxime, e mesmo na primeira metade do XIX, tivo esta vía nas parroquias sucaba nesta comarca. Pénsese que dende a Idade Media era paso obrigado de mercadorías de todo tipo entre Betanzos, os portos da Coruña, Neda e Ferrol e Santiago, sen que iso dese lugar á aparición de ningunha vila como si ocorrera noutras terras da penichaira coruñesa atravesadas por outras vías como o Camiño Francés, como son o caso de Arzúa ou Melide. Xa no século XVI unía as localidades máis poboadas de Galicia -Pontevedra, Santiago e A Coruña- ás que se engadirá Ferrol durante o XVIII que a consecuencia da construción do arsenal se converterá na localidade máis poboada de Galicia, con arredor de 30.000 habitantes na década de 1780[285]. Durante esta centuria A Coruña, aparte da importancia militar e administrativa que xa tiña dende o XVI, como sede da Capitanía Xeral e a Real Audiencia, cobra maior importancia económica cando en 1764 se habilita o seu seu porto para o envío de buques correo a Barlovento e Mar del Plata. Deixando aparte o caso das localidades de Sigüeiro, Poulo e Ordes o único estímulo económico que se observa durante o período estudado no territorio que atravesa este camiño é a maior abundancia de tabernas ou os maiores ingresos destas –estimados a partir da cantidade na que están arrendadas polos veciños, coincidente coa cantidade na que tiñan encabezada a sisa do viño- e, en particular, nas parroquias situadas no punto medio do traxecto Santiago-Coruña, establecementos que servían aos transeúntes para facer unha parada e recuperar forzas saciando a sede e o bandullo[286]. A partir da información que aporta a pregunta 24 das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* para mediados do século

[282] Ibídem. p. 159.
[283] CORNIDE, J., *Informe …*, op. cit.. Cito por NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …*, op. cit., p. 232-233.
[284] MADOZ, P., *Diccionario…*, op. cit., p. 896 e 937.
[285] Nesa cifra inclúense os habitantes da Graña. MARTÍN GARCÍA, A., "El Ferrol y su tierra durante el Antiguo Régimen. Un estudio sobre población y sociedad", *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 10 (2001), pp. 197-223.
[286] Sobre o funcionamento das tabernas como bens do común utilizados para sufragar os impostos das parroquias rurais vid. GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., "Las tabernas orensanas como monopolios y bienes del común en el antiguo régimen", *Boletín auriense*, T. 26 (1996), pp. 123-144.

XVIII, das vinte e cinco freguesías e un couto que integraban a xurisdición de Folgoso e o partido do Francés de Poulo –integrado, á súa vez, na xurisdición de Mesía- resulta que as sete freguesías e un couto atravesados polo camiño (Ardemil, Bruma, Buscás, Deixebre, Oroso, Pereira, Poulo e Sigüeiro do Deán) presentan unha media de 1,88 tabernas por parroquia que case duplica á cifra das restantes freguesías que só contaban cunha taberna cada unha. Asemade cando o propio *Catastro* informa da situación destas tabernas, a maior parte destas emprázanse a carón do camiño, coincidindo con localidades citadas polo P. Sarmiento nos seus diarios de viaxe[287].

Táboa 1. Tabernas situadas no camiño Santiago - A Coruña a mediados do século XVIII

Parroquias e couto de Sigüeiro	Tipo*	Número Tabernas	Arrendamento en reais	Lugar onde radican as tabernas
Ardemil	p	4	624	Mámoas, Cabeza de Lobo, A Piolla, Canedo
Bruma	p	1	114	Hospital
Buscás	p	2	435	Rúa e Vilariño
Deixebre	p	2	255	Boafora e A Santiña
Oroso	p	1	242	Villalbarro
Pereira	p	3	330	O Carballo, Ponte Pereira e Fraga da Galiña
Poulo	p	1	3 330	Calle de Poulo
Sigüeiro do Deán	c	1	200	Ponte Sigüeiro
Total		16	5 530	
Media		1,88	691,25	

* p = parroquia, c = couto

San Pedro de Ardemil (Ordes), situada a media distancia no camiño que levaba de Santiago á Coruña e parroquia onde arrincaba o ramal que se dirixía cara Betanzos e Ferrol chega a contar con catro tabernas nas que se estima que se consumen unhas 464 canadas de viño ao ano. Pereira conta con tres, Buscás e Deixebre con dúas e as restantes parroquias deste grupo cunha soa. Pero aínda é máis significativa a cantidade na que os veciños arrendaban as tabernas, dato indicativo da rendabilidade destas. Así, compróbase que a media na que se arrendan os establecementos do camiño a mediados do século XVIII ascendía a 691,25 reais anuais mentres que a das restantes freguesías situábase en 105 reais. Hai que advertir que a media das tabernas do camiño se dispara polo arrendamento da taberna da Calle de Poulo que ascendía a 3.330 reais anuais e na que, aparte de viño, tamén se vendían comestibles: "hay una taberna en la Calle de Poulo en donde se vende vino todo el año por menor, la que está a cargo de Benito de Uzal, y juntamente en ella tiene éste tienda de grosería, aunque en corta cantidad y por dicha taberna y tienda paga en cada un año tres mil trescientos y treinta reales de vellón a dicha feligresía y sus vecinos, cantidad que aplican para aiuda de los derechos de sisa y alcabala de ella"[288]. Pero aínda excluíndo do cómputo a Poulo, as restantes parroquias do camiño triplicaban os arrendamentos das restantes freguesías: 314,29 reais de media fronte aos 105 que xa indicamos.

Por esta vía circularon transeúntes de toda clase e condición: labregos, mercadores, artesáns, mendigos, peregrinos, alto e baixo clero baixo, fidalgos e nobres

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[287] O *Catastro de Ensenada* sitúa estas tabernas nos seguintes lugares: As Mámoas, Cabeza de Lobo, Mámoas, Piolla e Canedo (Ardemil: AGS, CE, RG, L. 243), Rúa (Buscás: AGS, CE, RG, L. 242), A Santiña (Deixebre: AGS, CE, RG, L. 241), Vilalbarro (Oroso: AGS, CE, RG, L. 241), Ponte Pereira (Pereira: AGS, CE, RG, L. 241), Ponte Sigüeiro (Coto do Deán: AGS, CE, RG, L. 251, fol. 641 r.) e Calle de Poulo (Poulo: AGS, CE, RG, L. 243).

[288] AGS, CE, RG, L. 243, fol 178-179.

titulados, soldados e oficiais reais, así como príncipes, reis e raíñas. Dalgúns persoeiros quedou testemuño do seu paso e pernocta nalgunha das localidades desta comarca e doutros só cabe supoñelo pois sábese que a cruzaron nas súas viaxes. Dos peregrinos, que tanto interese despertan na actualidade, atopamos poucas mencións o que non resulta estraño se se ten en conta que durante a Idade Moderna as peregrinacións entraran nunha fase de decadencia, en maior medida as que viñan por vía marítima a través dos portos atlánticos que comunicaban con paises da órbita protestante, como ten demostrado Ofelia Rey[289]. As escasas referencias que atopamos á peregrinaxe refírense a romeiros de ámbito local que é ao que se reducíu maiormente a peregrinación xacobea neste período.

A consolidación da cidade da Coruña como baluarte militar da costa atlántica dende o século XVI e como sede definitiva da Real Audiencia de Galicia propiciou unha tipoloxía de transeúntes que si deixaron pegada documental, positiva e negativa. Entre os que deixaban mal recordo estaban as tropas que transitaban estes camiños e que debían ser aloxadas nas casas da contorna, circunstancia que se converteu nunha carga insoportable nos tempos da política belicista de Filipe II, tal como informan os *Expedientes de Hacienda* de 1597 da Terra de Montaos nos que os veciños insisten na agobiante presenza dos militares dicindo "...estaren mui fatigados e destruydos con el alojamiento de los soldados que alojan y de hordinario ban y bienen para la çibdad de La Coruña y Santiago y otras partes por estaren las dichas felegresías junto al camino francés por donde pasan los soldados...", ata o punto de que algúns veciños de San Martiño de Oroso "...se fueron y dexaron las casas por seren pobres y les molestaren y destruyren los dichos soldados, y no se poderen sustentar..."[290]. Dous séculos máis tarde, en 1809, a invasión das tropas napoleónicas volveu a ser un pesadelo para aquelas localidades próximas ás vías de comunicación que, como veremos, tamén foron testemuñas das escaramuzas militares que durante a inestable primeira metade do século XIX tiveron lugar ao longo deste camiño.

Outro dos aspectos que careacerizan a esta vía é o tránsito de persoeiros acompañados de séquito abundante, principalmente no caso de príncipes, reis e raíñas, circunstancia que tamén tivo as súas vertentes positiva e negativa. Positiva na medida que rompían a monotonía da vida campesiña permitindo observar o paso "de moita xente que causaba admiración" e que en nada tiña que ver cos habitantes destas terras polo seu estatus, comportamento e indumentaria[291]. Pero negativa pola obriga de aloxar nas súas casas a parte do séquito e á soldadesca que os escoltaba nos lugares nos que se decidía facer noite. Durante a Idade Moderna percorreron este camiño os Reis Católicos cando en 1486 se desprazaron dende Santiago á cidade da Coruña. En 1501 faríao a súa filla Catalina de Aragón para embarcar cara Inglaterra onde casaría co príncipe de Gales[292]. Tamén tiveron que transitar pola comarca de Ordes a irmá de Catalina, Xoana I e o seu home Filipe I, cun séquito de 536 persoas, cando en 1506 arribaron á Coruña en 50 navíos procedentes de Flandes para facerse cargo da gobernanza da Coroa de Castela e se

[289] REY CASTELAO, O., *Los mitos del Apóstol Santiago,* Gijón, 2011, pp. 97-95.
[290] (AGS, EH, Leg. 130-9, Montaos). Sobre estas cuestións vid. SAAVEDRA VÁZQUEZ, Mª C., *Galicia en el camino de Flandes*, Sada-A Coruña, 1996.
[291] Por exemplo Joseph Michelli relata que na viaxe realizada entre A Coruña e Betanzos por Xoana I e Felipe o Fermoso o 28 de maio de 1506 ían acompañados "acompañados de moita xente que causaba admiración" MICHELI MÁRQUEZ, J, *Breve vida de don Phelipe el Hermoso, primer rey de los Austriacos en España,* 1694, f. 237 v., Cito por BARRIOCANAL LÓPEZ, Y., *Xornadas galegas de Xoana I de Castela e Filipe o Fermoso: segunda viaxe a España, quinto centenario 1506-2006,* Ourense, 2007, p. 117.
[292] BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Historia de la ciudad de La Coruña,* A Coruña, 1996, pp. 184 e ss. e p. 293.

desprazaron dende Betanzos a Santiago[293]. En 1520 o seu fillo Carlos I fixo o camiño inverso dende Santiago a Coruña para zarpar cara Flandes, non sen antes celebrar as polémicas Cortes de Santiago e da Coruña onde o emperador electo conseguíu arrincar financiamento aos procuradores das cidades da Coroa de Castela para a súa aventura imperial. Todos estes monarcas cos seus avultados séquitos tiveron que facer parada e pernocta nalgún lugar desta comarca, probablemente en Poulo ou na súa contorna con toda a parafernalia que supuña o desprazamento e aposentamento dos séquitos reais. No caso de Xoana e Filipe non se documenta con exactitude o lugar e maneira desta parada obrigada e no caso de Carlos I cítase como lugar de pernocta o Hospital de Bruma[294].

Ilustración 1. Inscrición e brasón da casa de Poulo na que pernoctou Filipe II en 1554[295]



Si quedou constancia epigráfica do tránsito, parada ou pernocta doutros dous monarcas de época moderna. A máis célebre foi a do futuro Filipe II cando en 1554 –data na que aínda non cinguía a coroa da Monarquía Hispánica- se dirixía cara ao porto da Coruña para zarpar rumbo a Inglaterra onde casaría con María Tudor e se convertería en rei consorte dos británicos. A familia fidalga que hospedou na súa casa ao herdeiro máis importante dos reinos de Occidente quixo deixar para a posteridade o acontecemento cunha inscrición que acompañaba ao seu brasón no lintel da porta principal: "En esta casa posó el rei don Phelipe 2º a 25 de iunio de 1554". A casa, que tiña que ser con diferenza a mellor do lugar non se distigue polo seu tamaño e simpleza da dun labrego acomodado do século XVIII, polo que se a estrutura que presenta na actualidade se aproxima á que tiña a mediados do século XVI, pode dar unha idea da humildade e sinxeleza das vivendas veciñas nesa época.

A inexistencia neste camiño dunha casa para aposentar dignamente a persoas da realeza debeu ser a causa de que en 1690 a raíña Mariana de Neoburgo -casada por poderes con Carlos II- que viaxaba dende a Coruña a Santiago cun séquito de 1.500 persoas, buscara aloxamento no pazo de Galegos, desviándose uns 10 quilómetros do camiño: "entramos ya por nuestros passos contados al Camino de Santiago, siguiendo con Afecto fiel a Nuestra Augusta Romera, que desde este Dia 15 siguio su Real Iornada,

[293] Joseph Michelli non concreta o percorrido da comitiva real entre Betanzos e Santiago xa que Yolanda Barriocanal indica que a "ruta que conmunmente tomaban os peregrinos ata Santiago, a dúas xornadas de distancia, despoboada e sen un lugar apto para pasar a noite, a non ser o pequeño hospital de Bruma, non parecía a máis apropiada" (BARRIOCANAL LÓPEZ, Y., *Xornadas*…, op. cit., p. 119). Porén, entre Betanzos e Santiago non había outra opción que atravesar a comarca de Ordes, salvo que se dese un gran rodeo por Présaras e, cruzado o Tambre, se tomase o camiño de Sobrado en dirección Santiago, terra non máis poboada que a de Ordes.


[294] A pernocta de Carlos I en Hospital de Bruma on 13 de abril de 1520 menciónase sen indicar a fonte de procedencia do dato en PAZOS GÓMEZ, M., *Os camiños antigos do Concello de Oroso; guia do antigo Camiño Real ou "Inglés"*, [Oroso (A Coruña)?], 1996, p. 24.

[295] Esta reprodución da inscrición e do brasón foi publicada Eugenio Carque quen indica que a inscrición estaba orixinalmente no lintel da porta e que foi resituada nunha das xambas desta cando se modificou o portal (CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 618). Esta reproducción do brasón servíu de modelo para o escudo que utilizou o Concello de Ordes entre mediados do século XX e principios do XXI.

haciendo Noche en San Martín de Gallegos"[296]. Ao igual que ocorrera coa pernocta de Filipe II en 1554, os Mosquera Pimentel do pazo de Galegos quixeron deixar testemuña epigráfica da estancia da raíña nunha inscrición no lintel do portón de entrada do pazo. Como recompensa o rei concedeulle a esta casa o dereito de usar cadea de refuxio[297]:

> "*En 15 de abril de 1690 durmió en esta casa la reina nuestra señora doña Mariana de Neuburgo, muger del rey nuestro señor don Carlos 2º, viniendo de La Coruña en romería a nuestro santo Apóstol Santiago. Siendo dueños de esta casa don Antonio Mosquera Pimentel Rivadeneira, casado con doña Baltasara Antonia de Luna Lovera y Valladares. Ad majorem Dei gloriam."*

Ilustración 2. Acuarelas de Poulo e do Val de Barcia realizadas por Pier María Baldi[298]



En 1669, Pier Maria Baldi, -pintor e arquitecto que formando parte do séquito de Cosme de Médici documentou a viaxe do futuro soberano da Toscana na súa viaxe pola península Ibérica- deixou o máis antigo testemuño gráfico da Calle de Poulo no que se distingue con claridade a ermida da Mercé[299]. Os debuxos que realizou Baldi nesta viaxe caracterízanse por un elevado grao de detalle e fidelidade. No caso de Poulo, aínda que se poida tratar dunha recreación máis ou menos libre ten o gran valor de ser a única imaxe

[296] *Tercera noticia diaria, en qve se prosigve la real jornada de la Reyna nuestra señora Doña Maria-Ana de Babiera y Neoburg, Dignisima Esposa del Rey nuestro señor D. Carlo Segundo (que Dios guarde) desde Sabado 8 de abril, que quedo su Magestad en la Coruña, hasta Miercoles 19, de dicho Mes, que salió con su Real Familia de la Ciudad de Santiago, después de aver cumplido su Romería, y Real Devocion. …. Publicada Martes 25 de Abril de 1690,* p. 7. Este impreso forma parte dunha serie de caderniños publicados en Madrid como "relación de sucesos" que relatan a viaxe de Mariana de Neoburgo. Están publicados en forma facsimilar en ESCRIGAS, G. (ed. lit.), *Viaxe da Raiña Dona Mariana de Neoburgo por Galicia (1690)*, Santiago de Compostela, 1998.

[297] Ibídem, p. 26.

[298] Acuarelas de Poulo e do Val de Barcia realizadas por Pier María Baldi durante a viaxe de Cosme de Médici por España e Portugal en 1669. Publicadas en CAUCCI VON SAUCKEN, P., *El viaje* ..., Vol. II, op. cit., p. 525.

[299] CAUCCI VON SAUCKEN, P., *El viaje* ..., Vol. II, op. cit., p. 525.

daquel tempo coa que contamos dunha localidade desta comarca, e o privilexio de ser incluida entre os 130 debuxos que só retratan algunhas das incontables vilas e cidades visitadas polo príncipe herdeiro da Toscana na súa viaxe por España e Portugal. Lorenzo Magalotti, encargado de redactar o diario da viaxe, fai unha lacónica referencia ao paso por Poulo o 6 de marzo do séquito do futuro Cosme III, integrado por uns cincuenta acompañantes: "Il di 6 dettto fu S. A. a udir Messa nella Chiesa del Convento dove per esser la prima mattina di Quaresima prese anco le ceneri e partì imediatamente andando a desinaree a Povolo borgo di poche case, sottoposto all´Arcivecovo". A diferenza doutros viaxeiros non fixeron noite aquí senón uns quilómetros máis adiante, no Val de Barcia: "La será alloggiò in un miserabilissimo tugurio detto Valle de Varzia"[300]. Porén, o feito de que Baldi fixese unha acuarela de Poulo evidencia que tiveron que facer un descanso nesta localidade antes de partir cara o Val de Barcia.

Máis alá destes acontecementos episódicos, a parada e pernocta dos transeúntes habituais carecía daquela pompa pero tiña mellor acollida pois lonxe de conlevar obrigas onerosas supuña un dos beneficios económicos que deixaba o camiño nestas terras. Así, a tenor da declaración do propietario dunha das dúas tabernas que había na Calle de Poulo en 1588 eran os litigantes que se dirixían á Real Audiencia de Galicia e os seus oficiais os que deixaban máis ganancias: "...si la Real Audiencia deste Reino no residiese en La Coruña no se gastaría la mitad destas cosas en la dicha benta por que las gentes que gastan estos mantenimientos son los pleiteantes que ban y bienen a la dicha Audiencia y los ofiçiales della que pasan por este paso..."[301].

A mediados do século XVIII o padre Sarmiento describiu con detalle o itinerario que fixo por este camiño en tres ocasións, unha en 1745 e dúas en 1755, cando se dirixía de Santiago a Ferrol e de Ferrol a Santiago, pernoctando en Poulo nas viaxes de ida e na de volta na segunda data[302]. Esta é a descrición que o sabio bieito fixo do tramo do camiño entre Sigüeiro e As Travesas na viaxe de ida a Ferrol que iniciou o 10 de xuño:

> *Al Puente Sigoeyro, sobre el Tambre, que nace en Sobrado, siete leguas de aquí. Legua. Mediodía. El puente tiene seis arcos; en el borde del más alto hay una piedra con letrero. Oí que este puente divide el coto del Deán azia La Coruña, del coto de San Martín hacia Santiago. La piedra tiene como dos suportes figuras. Hacia La Coruña, uno vestido de sacerdote; y al otro lado, otro como vestido de monxe, singular.- El letrero es del siglo XIII, o XII. Nada leí porque estaba yo de priesa, y el rótulo está raído. Débese tentar, leerlo y copiarlo. Al Norte, río abaxo, le entra el río Lenguellos* [Lengüelle]*, que dicen que es muy grande. Mediodía.- A Ponte Illoa, río, en lo alto hay Mámoas, a la derecha e izquierda del camino.- A Villarbarro* [Villalbarro].*- A la Santiña, legua .- A Caga Boy na fonte en Santa Cruz*

[300] Segundo os testemuños doutros membros do séquito Cosme de Médici aloxouse nunha simple habitación, mentres o resto dos acopañantes tiveron que facelo en cortes (Ibídem, Vol. I, p. 32 e pp. 315-316.

[301] AGS, EH, leg. 87, Tierra de Mesía.

[302] En 1745 deixábanos esta outra descrición: *"El día 6 de agosto, día de la Transfiguración, salí de Santiago para el Ferrol. De Santiago a puente, río y lugar de Gionlla* [Sionlla] *legua. Agualada. Ponte Sigueiro, de Santiago dos leguas; río Tambre. Santiña, feligresía de Santa María de Cixebre* [Deixebre]. *Legua. Caga boi na fonte feligresía de Santa María de Órdenes. Ponte Pereira. Poulo, cuatro leguas de Santiago. Mediodía. Ponte das Táboas. Buscás. Cabeza de Lobo, una legua horrorosa desde Poulo. Aquí dejé a la izquierda el camino real de La Coruña, al principio la cuesta de Rabo de Egoa, y tomé a la derecha el camino de Betanzos y Zarandones* [Sarandóns]. *De Cabeza de Lobo a San Lorenzo y Hospital de Gruma* [Bruma]. *A San Bartolomé das Trabesas, dos leguas de Poulo. A Zarandones tres leguas de Poulo y poco antes, a la izquierda quedó Peito Bordel".* Desta vez pernoctou en Sarandóns. Transcrición publicada en SARMIENTO, Fr. M., *Viaje.*…, op. cit. pp. 52 e ss.

de Montaos.- A Venta do Cepo.- A Ponte Pereira, río.- Al Carvallo de Poulo (aldea).- A Poulo, legua. Noche.

Hoy 11 de junio. Miércoles. A Ponte de Vilariño.- A San Pelayo de Buscás. La campana está en un Carvallo.- Al Porto y río .- A Cabeza de Lobo, legua .- Al Hospital de Bruño [Bruma] .- A las Travesas, legua. Vése las Mariñas …"[303]

O P. Sarmiento non indica a casa onde se aposentou aínda que o máis probable é que fose na reitoral xa que o mesón que rexentaba Benito de Uzal en Poulo naquela época non reunía condicións apropiadas para aloxar a un monxe bieito, se atendemos á sucinta descrición que se fai deste establecemento nas *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada:* "que en esta feligresía y su término sólo hai un mesón que lo tiene Benito de Uzal, pero este solo sirve para tal qual pasagero de vaxa esfera por no thener la desencia necesaria ni capacidad"[304].

A pesar das súas modestas dimensións A Calle de Poulo, que en 1723 contaba con 25 veciños, convertérase na localidade máis importante deste camiño, e tamén de toda a comarca durante o Antigo Réxime, debido á dispersión e pequeno tamaño dos restantes núcleos de poboación. No citado manuscrito de Joseph Vizente de Marzoa datado en 1775 no que remite información sobre o arciprestado de Berreo de Arriba ao cartógrafo Tomás López refírese á freguesía se San Xiao de Poulo e ao lugar da Calle con estas palabras: "se hallan sus casas entre montes como las demás y solo contiene un lugarcillo de alguna nota llamado Poulo"[305]. Pero a súa situación estratéxica no traxecto Santiago-Coruña/Betanzos/Ferrol/Neda, onde os camiñantes adoitaban facer noite ou realizar unha parada para descansar e recuperar forzas, favoreceu ese maior tamaño en relación ás restantes localidades da comarca, circunstancia reforzada coa existencia dunha feira mensual. Poulo e as parroquias inmediatas tiveran dende a Idade Media esa función de lugar de parada dos transeúntes que circulaban entre Santiago e A Coruña como evidencia a presenza dun establecemento asistencial medieval na parroquia de San Lourenzo de Bruma, no lugar que aínda conserva o topónimo "Hospital"[306]. En 1571 cítase por última

[303] Transcrición publicada en ÁLAMO, M. del e PÉREZ DE URBEL, J (transcrición); SÁNCHEZ CANTÓN, F. J. e PITA ANDRADE, J. M. (ed. lit), *Viaje …*, op. cit., pp. 52-53 e 69-70. Entre os días 30 e xuño e 1 de xullo fai o mesmo camiño en dirección inversa volvendo a facer noite en Poulo.

[304] AGS, CE, RG, L. 243, fol. 178. A deficiencia das pousadas e camiños en Galicia apuntouna John Adams cando atravesou a provincia de Lugo en 1779 indicando que o país "está cien años por detrás de la Bahía de Massachusetts en lo que atañe a reparación de caminos y a todas las comodidades para viajar … Entramos en la cocina, con piso de tierra … paja pisoteada por hombres, cerdos, caballos, mulas, etc. y convertida en fango … No había chimenea … El humo, tan denso como es posible, llenaba cada rincón de la cocina, de modo que era difícil ver o respirar". Cito por SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.

[305] LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López. 1775, fol. 486 v.

[306] Antonio López Ferreiro menciona un diploma de Afonso VII datada o 26 de xuño de 1140 no que acouta os termos do convento e hospital que fundara o arcediago de Nendos, don Pedro Crescóniz, no monte de *Rania Longa* (Rañalonga), na parroquia de San Lorenzo de Bruma. O emperador incluirá nesta acoutación bens que don Bermudo Pérez de Traba lle donara ao convento e hospital e aos cóengos regulares de Santo Agostiño que o habían de rexer (LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia...*, op. cit., libro terceiro, p. 222). Porén, non consta que estes relixiosos se chegaran a facer cargo do dito hospital. De feito, o mesmo autor informa que en 1175 este establecemento estaba vinculado ao da cidade de Santiago, tal como se desprende da cesión que en 1175 fixo Pedro Martínez a favor do Hospital de Santiago da parte que lle correspondía no de Bruma *...ego Petrus Martinz et uxor mea Orraca Ruderiquiz et omnis vox nostra facimos scripturam firmitatis et cartam donationis de omni portione nostra ipsius hospitalis de Gruma (sic) quod est situm in Rania longa hospitali ecclesie bti. Jacobi in perpetuum ualituram...Et Archidiaconus qui ipsi parti et terre prefuerit semper nos defendat et adiuuet et circumiacentes plebes doceat ut in letaniiss et temporibus anni de elemisinis suis nos adiuuent...Nos vero et sucessores nostri pro posse et facutate loci deo et quod laborauerimus et augmentare arque adquirere potuerimus in solemnitate natalis domini annuatim servitium*

vez un centro deste tipo, agora sito xa na propia freguesía de S. Xiao de Poulo, presumiblemente no lugar da Calle. Estaba instalado nunha casa de dúas plantas que dispoñía de catro camas para pobres en dous aposentos da planta alta, reservando o baixo para fogar da hospitaleira. Como tantos outros desapareceu a principios da Idade Moderna, tal como teñen documentado Baudilio Barreiro e Ofelia Rey[307].

A través do *Catastro de Ensenada* sabemos que a mediados do século XVIII Poulo era a localidade que, con diferenza, contaba con maior diversificación económica, sempre dentro dunha gran modestia. En xeral trátase de actividades relacionadas con negocios relacionados cos transeúntes –mesón e alquiladores de bestas- e de redistribución de mercancías –a feira máis importante da comarca, a única cortaduría e a única tenda de "grosería" ou tenda de comestibles que compartía espazo coa taberna-. Ademais nela residían algúns oficiais reais coma o administrador das rendas do tabaco, varios notarios, e un dos tres mestres que nesa época se documentan nas trinta freguesías dos actuais concellos de Frades, Ordes e Oroso. Tamén en Poulo se atopaba unha das dúas casas de postas que se documentan no "Itinerario de Postas" de 1720 na estrada Santiago-Coruña, distantes unhas doutras entre 3 a 5 legoas (arredor de 25 km). A outra casa deste tipo emprazabase en Carral, no actual concello do mesmo nome, lugar da parroquia de Santo Estevo de Paleo que a mediados do século XVIII contaba con dous mesóns, catro tabernas e presentaba unha composición socioprofesional similar á de Poulo, se ben carecía de feira[308]. As postas, que desapareceran durante a Idade Media, foran recuperadas no século XVII como un servizo público de correo máis rápido e seguro xa que nas casas de postas se relevaban os animais que transportaban o correo.[309].

Esta primacía de Poulo como localidade máis poboada xa a perdera a mediados do século XIX despois de que os transeúntes foran abandonando o vello camiño medieval en favor do tramo da nova vía carreteira construído na década de 1770. Isto supuxo á larga un golpe mortal para a centralidade económica e política desta localidade que viu como o negocio hosteleiro se desprazaba á veciña freguesía de Sta. María de Ordes e perdía a capitalidade do partido xudicial que ostentara durante o Trienio Liberal a favor de Ordes, que acabará por se converter na cabeceira comarcal cando en 1835 pase a ser capital do concello e do partido xudicial do mesmo nome. Recórdese que en 1723 o xermolo de Ordes non era máis que unha pequena aldea de cinco veciños (uns vinte ou vintecinco habitantes) coñecida como A Igrexa e que en 1860, xa con categoría de vila e con 46 casas habitadas, multiplicara por nove o número de lumes, arredor de 200 habitantes. Ata que punto perderá importancia o antingo camiño francés de Poulo converténdose nunha simple vía de tránsito local revélao o feito de non aparecer na *Carta Geométrica* de Fontán de 1845 e só algúns tramos no mapa de Coello de 1865. Este cambio na xerarquía dos núcleos de poboación evidencia o importante papel dos camiños como ordenadores do territorio como xa apuntaran os ilustrados do século XVIII e principios do XIX.

---

et adiutorium hospitali bti. Jacobi ad refugium pauperum persoluamus. Bruma, ano de 1175, Tumbo C., fol 80 (Ibídem, pp.117-118).

[307] BARREIRO MALLÓN, B. e REY CASTELAO, O, *Pobres, peregrinos y enfermos: la red asistencial gallega en el Antiguo Régimen,* Santiago, 1998., p 82.

[308] Nas *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* aos mesóns de Paleo, presumiblemente localizados en Carral, lles regulaban de utilidade ao ano 700 reais a cada un, a mesma cantidade que ao de Poulo. Ademais na parroquia de Paleo había catro tabernas ás que en conxunto lles regulaban 850 reais de utilidade ao ano, menos da metade que os 1.800 reais que lle regulaban á de Poulo, se ben desta cantidade 800 reais eran pola venda venda de produtos da tenda de "grosería" que había na taberna. En todo caso a taberna de Poulo estaba arrendada e 3.330 reais, o que nos dá idea do volume de negocio que se lle calculaba, lonxe dos 1800 declarados polo arrendatario Benito de Uzal. (Paleo: AGS, CE, RG, L. 241, fol. 208 r. e v.; Poulo: AGS, CE, RG, L. 243, fol. 178 r. e v.).

[309] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit., p. 259.

En 1815 documéntase a casa de postas en Ordes, no Mesón de Viqueira ou Mesón de Deus, establecemento no que tivo lugar a captura do mariscal de campo Juan Díaz Porlier, se ben o máis lóxico é que se trasladase a esta localidade no pouco despois de rematarse o novo trazado do camiño carreteiro construído na década de 1770. Ademais do correo, o servizo de postas incorporou o transporte de viaxeiros naqueles camiños acondicionados para a circulación de vehículos de pasaxeiros. Precisamente, a transformación dalgúns camiños de ferradura impulsada polo Estado, como o que nos ocupa, terán como finalidade a súa conversión en camiños de rodas que permitisen o tráfico regular de "coches al galope", obxectivo que non chegará a materializarse ata a aparición das dilixencias nas primeiras décadas do século XIX, un vehículo que mellora substancialmente aos precedentes medios de tranporte de tracción animal pero que era caro e de limitada capacidade. Dende esa época esta vía contaba cun servizo regular de carruaxes para persoas e mercancías a través do cal se recibía o correo dende a estafeta de Santiago. Segundo Madoz, a mediados do XIX as dilixencias saían de luns a sábado de Santiago cara A Coruña ás seis da mañá e as que saían diariamente desta cidade cara Compostela chegaban ás doce do medio día[310]. En 1837 George Borrow relata que esa mesma viaxe duraba día e medio, o que parece excesivo. Tal discordancia entre os datos de Madoz e Borrow, de ser veraz o relato deste último, poderíaa explicar a mellora do estado estrada e da calidade das propias dilixencias nese intervalo de tempo. Ademais destas dilixencias regulares podían percorrer este camiño "algunos carruajes más o menos cómodos y galeras, que sin periodo fijo transportan personas y efectos, como también lo hacen los maragatos con sus recuas y mulares" como tamén indica Pascual Madoz. O correo chegaba a Ordes os martes, xoves e sábados e saía os luns, mércores e venres. Dende esta vila recibíase e remitíase o correo ás capitais dos restantes concellos do partido xudicial[311].

Pode dicirse que a mencionada captura de Porlier é o episodio político de máis transcendencia histórica rexistrado no concello Ordes durante o período aquí estudado. A detención foi realizada polo xuíz de Folgoso, don Tomás Antonio de la Iglesia coa colaboración dun grupo de paisanos desta xurisdición na madrugada do día 22 de setembro de 1815, cando este militar que lideraba primeiro pronunciamento liberal de España pernoctaba no citado Mesón de Viqueira ou Mesón de Deus situado no lugar de Fonte Estrei, detención coa que se conseguía abortar a sublevación[312]. Tamén pertence á historia política deste camiño na primeira metade do século XIX o tránsito e os encontros en Sigüeiro das tropas sublevadas en 1846 baixo o liderado de Miguel Solís coas forzas gobernamentais mandadas polo xeral Puig Samper. O primeiro encontro, incruento, tivo lugar o 8 de abril, e o segundo, o 13 do mesmo mes, deixou cerca dun centenar de mortos[313]. Para pechar estas mencións de acontecementos cabe citar outro de diferente cariz, como tivo que ser o paso da raíña Isabel II coa súa familia e séquito cando se desprazou entre o 5 e o 7 de setembro de 1858 dende A Coruña a Santiago no transcurso da viaxe que realizou a Galicia naquel ano, un tipo de viaxes promovidos polo goberno da Unión Liberal (1856-1857) de O'Donell para mellorar a desacreditada imaxe da monarca

[310] Nesta época as dilixencias que cubrían o traxecto Santiago-A Coruña pertencían ao empresario catalán José Pon, con sede en Compostela. MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 894 e NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit., p. 259.

[311] MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 894.

[312] Esta casa de postas é moi citada mesmo en bibliografía da Historia de España (FONTANA, J., *La crisis del Antiguo Régimen, 1808-1833,* Barcelona, 1979, p. 129). A participación do xuíz e veciños de Folgoso na detención consta no Libro de Consistorios de Santiago de 1815 (AMS-AHUS), fol. 264 e ss. segundo de Xosé Ramón Barreiro (BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Historia…*, op. cit., p. 530)

[313] PORTO, J. do, *Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia,* Madrid, 1946, p. 68 e ss.

aproximando a familia real ao pobo segundo estratexias da *nation-building* propias da cultura liberal daquel tempo[314].

Por último, reproducimos as impresións de George Borrow nas que relata a súa viaxe dende A Coruña a Santiago en agosto de 1837 facendo fincapé na inseguridade dos camiños nesa época a causa do bandoleirismo e da inestabilidade propiciada pola primeira guerra carlista:

> *Viaxei dende A Coruña a este lugar* [Santiago de Compostela] *na dilixencia ou correo semanal escoltado por unha forte partida de soldados como consecuencia do estado de confusión no campo, infestado de bandidos. Dende A Coruña a Santiago a distancia é soamente de dez leguas, non obstante, a viaxe durou día e medio… o camiño estaba en moitos lugares asombrado por varios tipos de árbores cubertas da máis exuberante follaxe. Centos de viaxeiros, a pé ou a cabalo, aproveitáronse da seguridade que a escolta ofrecía: o medo aos bandidos era intenso. Ao longo da viaxe déronse dúas ou tres alarmas, non obstante chegamos a Santiago sen ser asaltados*[315].

2.2.2 Os camiños da zona oriental

Xa se mencionou como na parte norte do camiño Santiago-A Coruña, na parroquia de Ardemil (Ordes) arrincaba cara á metade leste da bisbarra o ramal que levaba a Betanzos e de alí a Pontedeume, Ferrol e Neda, ruta pola que dende o medievo se documenta o tránsito de mercadores que ían de Santiago a Betanzos, que a mediados do século XVIII describe frei Martín Sarmiento e que aparece reflectida na guía de camiños de José Matías Escribano publicada en 1760[316]. O P. Sarmiento sitúa a bifurcación na aldea de Cabeza de Lobo mentres que o mapa de Coello, un século posterior e cando xa cambiara o trazado do camiño Santiago-A Coruña fixa este cruce no Mesón do Vento, lugar no que se atopa na actualidade. Na parte sur do itinerario Santiago-A Coruña, unha vez cruzada a ponte de Sigüeiro, partía outro camiño de ferradura cara ao nodeste que unía de maneira máis directa Santiago con Betanzos e coas localidades costeiras citadas atravesando as xurisdicións de Mesía e Folgoso (posteriormente concellos de Oroso, Frades e Mesía) funcionando como vía alternativa ao citado ramal que saía do camiño Santiago-Coruña a altura de Ardemil. Tratábase tamén dun itinerario de orixe medieval que coincide practicamente cos límites orientais da terra de Montaos segundo aparecen no citado privilexio de 1124 polo que Afonso VII doa ese territorio á Catedral de Santiago, o que evidencia a utilidade dos camiños, ao igual que os ríos, para establecer límites naturais[317]. Pola súa parte, Lucas Labrada describe en dirección norte-suroeste este camiño na súa *Descripción económica del Reino de Galicia* de 1804:

> *El que pasando por la jurisdicción de Mesía va desde Betanzos a Santiago, entra en ella en la feligresía de San Vicente de Carres, sigue a San Miguel de Filgueira*

---

[314] BARRAL MARTÍNEZ, M., *A visita de Isabel II a Galicia en 1858: Monarquía e provincialismo ao servizo da nacionalización*, Santiago de Compostela, 2012. A crónica da viaxe en RADA y DELGADO, J. de D. de la, *Viaje de SS.MM. y AA. por Castilla, León, Asturias y Galicia, verificado en el verano de 1858*, Madrid, 1860.

[315] BORROW, G., *Viaxe…,* op. cit., p. 75. Como xa se indicou, nesta obra traducida por Salvador García Bodaño reprodúcense os capítulos que Borrow dedicou a Galicia na súa coñecida obra *The Bible in Spain* publicada por primeira vez en Londres no ano 1843.

[316] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…,* op. cit., p. 128; SARMIENTO, Fr. M., *Viaje…*, op. cit. pp. 52 e ss; ESCRIBANO, J. M., *Itinerario …*, op. cit. Cito por NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…,* op. cit., p. 212.

[317] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…*, op. cit., pp. 36 e 127.

[parroquias do actual Concello de Oza-Cesuras], *de allí a San Cristobal de Mesía, a donde hay un puente inútil llamado Berxa* [que cruza o río Samo], *desde éste va al lugar de Abellá, a cuya salida se halla el puente nombrado de los Carros [igualmente sobre o Samo] también inútil, entrando luego en la jurisdicción de Folgoso, y juntándose con el que va de La Coruña a Santiago en el puente de Sigüeiro*[318].

Nada di sobre a calidade deste itinerario nin sobre o seu grao de conservación pero si menciona o mal estado das pontes. A Pobra de Mesía era un nó de comunicacións –onde ademais se celebraba unha feira documentada xa a finais do século XVI- de xeito que o camiño de ferradura que estamos describindo podía continuar en varias direccións. Así, podía proseguirse ata Curtis e dende alí cara os portos de Bares e Viveiro a través de Torrelavandeira e Ponte Aranga[319]. Tamén podía tomarse unha vía que cruzaba o Camiño Real Madrid-A Coruña a altura da venta de "La Castellana" -na fronteira entre os concellos de Curtis e Aranga- que se bifurcaba na Serra da Loba cara Vilalba e Mondoñedo respectivamente (véxase mapa 4 do apéndice cartográfico). Dende o cruce de "La Castellana" podía tomarse cara A Coruña ou cara Lugo a través do Camiño Real que as unía. No tramo do itinerario Santiago-Betanzos ou nas súas proximidades atopábanse as feiras de Folgoso (Pereira, Ordes) e Mesía (A Pobra, Mesía). No mapa de Fontán sae desta vía Santiago-Betanzos un ramal en dirección norte nas proximidades da igrexa de Barbeiros (Ordes), probablemente no lugar do Cruceiro, que pasando por Vilamaior (Ordes) e Visantoña (Mesía) cruzaba nas Travesas (Beira, Carral) –lugar de feira- o ramal que saindo do camiño Santiago-A Coruña á altura da Adina, e posteriormente do Mesón do Vento, -tamén con feira- levaba en dirección a Betanzos, Ferrol e Neda. Unha vez superado este cruce de ramais, o que agora estamos describindo empalmaba coa vía Santiago-Betanzos antes de comezar o abrupto descenso que levaba ata o val de Barcia. No mapa de Coello documéntase outra variante que desenbocaba en Herves (Beira, Carral). Tanto o itinerario Santiago-Betanzos como este ramal que empalmaba co de Santiago-A Coruña documéntanse na Idade Media, sendo máis antigo este último, que se apoiaba na penichaira que une os vales do Tambre e o Mero atravesando Barbeiros. Nesa época circulaban por estes camiños mercancías e persoas, que podían vir en peregrinaxe, procedentes das Illas Británicas e dos países nórdicos[320].

Aparte do camiño Betanzos-Sigüeiro que acabamos de describir, Fontán e Coello representan outra verea de ferradura que arrincando do lugar de Agualada (parroquia de Enfesta, no antigo concello do mesmo nome, hoxe Santiago de Compostela) en dirección nodeste, atravesaba a freguesía de Barciela, cruzaba o Tambre pola ponte Carollo e despois de sucar Cardama e Senra (Oroso) bifurcábase pouco despois de franquear o río Samo pola ponte de Senra. Unha das vereas que saían desa bifurcación redirixíase lixeiramente en dirección norte atravesando o concello de Frades ata chegar ao nó de comunicacións da Pobra de Mesía; a outra en dirección máis nodeste e case paralela ao curso do Tambre, pasaba pola Garabanxa -lugar de feira-, atravesaba parroquias dos concellos de Oroso (Calvente, Ánxeles e Pasarelos), Frades (Aiazo, Gafoi e Céltigos) e Mesía (Boado e Castro), e despois de cruzar a estrada provincial Arzúa-Betanzos/Melide-Betanzos á altura da parroquia de San Sebastián de Castro morría no lugar de Ponte Castro, na freguesía de Arceo (Boimorto) onde, segundo os mapas de Fontán e Coello, se celebraba outra feira. Aínda que na catografía que manexamos neste capítulo este camiño morre aquí, o certo é que tanto a documentación medieval como o *Diccionario* de Madoz

[318] LABRADA, L., *Descripción …*, op. cit., pp. 170-171.
[319] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …*, op. cit, p. 155.
[320] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…*, op. cit., p. 128.

o fai chegar ata o Mosteiro de Sobrado, indicando este último que recibía o nome de camiño "Francés". Dende Sobrado poderíase chegar ata a cidade de Lugo conectando coa verea real que polo sur do Tambre unía esta cidade con Santiago de Compostela[321]. O feito de que non se represente nos mapas mencionados o tramo de Ponte Castro a Sobrado parece indicar que a mediados do século XIX ese tramo carecía de calidade suficiente como para ser reflectido na cartografía.

Na parte norte da estrada Santiago-A Coruña saía un ramal cara o sueste a altura de Canedo en dirección a Arzúa que se cruzaba en forma de "xe" coas vereas Santiago-Betanzos que acabamos de describir. Atravesaba Vilamaior (Ordes) e varias parroquias do Concello de Mesía (Bruma e Olas) e do de Frades (Abellá, Mesos, Frades, Papucín e Gafoi). En Gafoi cruzaba o río Tambre pola Ponte Carreira, como antes cruzara o Samo pola ponte Carballo (Olas, Mesía). Trátase do único camiño que representa Tomás López na zona leste desta comarca e que no seu mapa vai dende Bruma a Ponte Carreira continuando cara o sur en dirección en dirección á Terra do Deza cruzando o camiño Santiago-Sobrado sen pasar por Arzúa, cara onde sairía un ramal. Porén, Elisa Ferreira apoiándose nos informes de Floridablanca indica que dende Arzúa saía un camiño cara o sur cruzando o Ulla polo que transitaban os viños dos ribeiros ourensáns cara A Coruña e Betanzos[322]. Sen dúbida trátase da vía que representa Tomás López, o camiño dos arrieiros que como dicía Pascual Madoz a mediados do século XIX "se dirige desde la Coruña á Orense, Cea y otros puntos"[323], é dicir que un tramo do camiño de travesía que describía Cornide resaltanto a súa transcendencia económica:

> *… es importantísimo, pues por el se conduce la mayor parte del vino de las Riberas de Miño y Avia que se consume en La Coruña, y que embarca para la América y cuyo transporte que no solo suele ser a lomo, sino en carro, se puede disminuir recompuesta esta carretera, plena hasta ahora de embarazos no solo por varios arroyos, sino por los dos grandes ríos, Tambre y Ulla que la cortan, y que sólo tienen unos peligrosos puentes de madera…*[324]

Como diciamos, o mapa de Coello ao ter carácter provincial pode reflectir máis detalles que o de Fontán, de xeito que figuran camiños que este non documentou. É o caso de dous que saen da parroquia de Ordes en dirección á Pobra de Mesía e que se unen unha vez pasada a parroquia de Poulo para empalmar coa vía Sigüeiro-Betanzos que describimos máis arriba. Debía tratarse de travesías de mala calidade, razón pola que seguramente non as plasmou Fontán no seu no mapa. Unha delas arrincaba da vila e pasaba polas proximidades da igrexa parroquial de Poulo e a outra saía da estrada Santiago-Coruña algo máis ao sur para cruzar pola Calle de Poulo, lugar de celebración da feira e onde se empraza a ermida da Mercé. Con posterioridade foron o arranque das estradas que comunicarán a vila de Ordes coa estrada Lavacolla-Curtis no lugar do Empalme de Lanzá (Lanzá, Mesía) e coa Ponte Carreira (Gafoi, Frades), respectivamente, e, polo tanto, precursoras da rede radial que terá por centro a cabeza do partido xudicial

[321] Elisa Ferreira referencia unha venta de heredades na vila de *Heeroso* [Oroso de Abaixo, Sto. Tomé de Gándara, Oroso] "que est de voce de Bean et est inter caminum de Crunia et caminum de Superado, et est in concurrrentia Sancti Michaelis de Gandara" (ACS, Tombo C I, fol. 114 v.; citado por FERREIRA PRIEGUE, E, *Los caminos…,* op. cit., p. 127). MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 594. Na *Geografía General del Reino de Galicia,* Eugenio Carré Aldao tamén indica que por Gafoi (Frades) pasa "el camino llamado *francés* … que de Sobrado iba a Santiago", se ben é probable que este dato proceda do *Diccionario* de Madoz (CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit., p. 640).

[322] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…,* op. cit., p. 126.

[323] MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 594.

[324] Cito por NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …,* op. cit., p. 235

para comunicala co resto da bisbarra e con outras estradas principais que a bordean. No mapa de Coello tamén figuran algúns tramos do vello camiño medieval Santiago-Coruña. Trátase de viais curtos utilizados agora para comunicar localidades próximas como Canedo con Bruma ou Ardemil con Buscás pero entre os que xa non existe continuidade na cartografía. Dende Buscás a Sigüeiro volve a desaparecer o rastro do antigo camiño medieval, o que parece evidenciar que a mediados do século XIX estaba completamente desdebuxado e perderá toda importancia como vía de comunicación.

A partir dos mapas de Fontán e Coello obsérvase que a rede viaria da parte leste desta comarca era máis densa que a da parte oeste, algo que resulta aínda máis acusado no mapa de camiños medievais elaborado por Elisa Ferreira[325]. Sen dúbida débese ao feito de ser atravesada polos itinerarios que comunicaban de maneira máis directa a cidade de Santiago con importantes vilas e cidades do norte de Galicia como Betanzos, Pontedeume, Neda, Ferrol, Mondoñedo, Vilalba ou Viveiro[326]. Algúns destes camiños mesmo continuaban cara outras destacadas localidades do norte de España, como Oviedo ou Xixón. O camiño que levaba a Arzúa tamén conectaba a esta parte da comarca con Melide e co antigo Camiño Francés que viña polo norte de Castela. Dende Arzúa tamén a comunicaba co sueste de Galicia a través de Lalín permitindo o paso cara a cidade da Coruña dun tráfico tan importante como o dos viños dos ribeiros ourensáns. Á vista disto pode afirmarse que os actuais concellos de Frades, Mesía e Oroso, aos que se pode sumar unha parte do de Ordes, eran os mellor comunicados a mediados segundo a cartografía de mediados do século XIX, circunstancia que se pode retrotraer ao Antigo Réxime posto que a *Carta Geométrica* de Domingo Fontán fora rematada en 1834 e ata a segunda metade do XIX non se produciron cambios substanciais na rede viaria. A mellor comunicación coa vila de Ordes, en comparación co que imos ver na parte oeste, permite afirmar que a rede radial con centro nesta vila que se configura posteriormente estaba parcialmente prefigurada antes da creación do partido xudicial de Ordes en 1835, ao contrario do que ocorría nos concellos do oeste.

Aínda que o *Diccionario* de Madoz indica que a mediados do século XIX toda a rede viaria do concello de Mesía estaba en mal estado non quere dicir que estivese mal comunicado, senón todo o contrario posto que boa parte das vías que describimos nas liñas precedentes pasaban pola súa capital municipal, A Pobra de Mesía[327]. De feito, no mapa de Fontán esta minúscula aldea aparece destacada con letra maiúscula de igual tamaño que a das vilas de Arzúa e Melide, cando ningunha outra localidade da comarca –nin sequera a vila de Ordes- son resaltadas desa maneira. Todo parece indicar que Fontán quixo suliñar con isto o seu carácter de importante nó de comunicacións. Pese a isto e a contar coa mencionada feira que se documenta xa no século XVI -ainda que de pouco volume a mediados do XVIII-, A Pobra de Mesía non sacou partido da súa privilexiada posición. Xunto á Calle de Poulo é un dos estraños casos de localidades que reunindo condicións para converterse en importantes núcleos de poboación durante a Idade Moderna e primeira metade do século XIX non pasaron de ser unha aldea grande –caso da Calle- e dun pequeño núcleo de sete casas habitadas no caso da Pobra.

Como xa vimos máis atrás, a opinión sobre os camiños de Oroso no mesmo *Diccionario* son dos máis benévolos que se poden atopar en toda a comarca: "Los

[325] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…*, op. cit., mapa anexo da provincia da Coruña.

[326] Sobre a distinta importancia das vilas e cidades portuarias do norte de Galicia no século XVI véxase BARREIRO MALLÓN, B., *Las ciudades y villas costeras del norte de Galicia en el contexto internacional del siglo XVI. Lección inaugural en la solenme apertura del Curso Académico 1999-2000 de la Universidade da Coruña,* A Coruña, 1999.

[327] "Los caminos que arrancan desde Mesía para Betanzos, Venta de la Castellana en la carretera de Madrid a La Coruña; el que se dirige a Curtis y el que alcanza hasta Santiago, enlazan con otros que ponen en comunicación todo este territorio; pero se hallan en mal estado" (MADOZ, P., *Diccionario* …, pp. 812).

caminos municipales y el real que pasa por el puente de Sigüeiro se encuentran en mediano estado". Como vimos, a estrada Santiago-Coruña era, con diferenza, a de maís categoría e calidade e aínda que o seu estado de conservación non fose o óptimo tiña que ser mellor que os das restantes vías que atravesaban este concello en dirección Betanzos,Viveiro e Mondoñedo atravesando Mesía, como representa Fontán na súa carta xeométrica. Porén, como acabamos de ver, estas vías recibían peor xuízo por parte do informante de Madoz para este concello[328]. Polo que respecta á rede viaria do Concello de Frades o xuízo de Madoz non é mellor que o que ofrece sobre a de Mesía: "Los caminos más generales son los que corren a unirse con la carretera de Santiago a La Coruña, pero así estos como los vecinales están mal cuidados"[329]. Segundo a *Geografía General del Reino de Galicia* (ca. 1930) a situación dos camiños deste concello era similar no primeiro terzo do século XX e aínda que este testemuño é extemporáneo ao marco cronolóxico deste traballo, cremos interesante reproducilo porque ao ser máis detallado dá idea do estado desas vías un século antes, que en ningún caso sería mellor que no período aquí estudado: "Están en comunicación unas parroquias con otras por caminos locales, generalmente descuidados, y los más de esos caminos van a parar a la carretera de Santiago a La Coruña. Los medios más rápidos de transporte son, para los viandantes, el uso de caballerías, de las que cada vecino posee las necesarias, y para las mercancías, los carros del país"[330].

2.2.3 Os camiños da zona occidental

Para a rede viaria da metade oeste contamos con menos testemuños escritos relativos ao Antigo Réxime e algún deles non se ve reflectido na cartografía de Fontán e Coello. Esta menor información escrita outorga máis valor ao mapa de Tomás López de 1784 e especialmente ao de Domingo Fontán de 1845 e ao de Francisco Coello de 1865. Tomás López representou un camiño que saindo de Sigüeiro se dirixía cara Malpica atravesando parroquias dos actuais concellos de Oroso, Trazo e Tordoia en dirección noroeste. Máis ao norte saía outro ramal do camiño Santiago-A Coruña a altura de Poulo que pasaba pola freguesía de Ordes e Mercurín para volverse a unir ao citado camiño á altura de Ardemil, todas parroquias de Ordes. É sabido que o mapa de Tomás López incurre en numerosas imprecisións pola maneira en que recolleu a información. De feito unha vez consultada a fonte da que se valeu para trazar estes camiños enténdese a confusión que presenta á hora de representar o novo camiño real Santiago-A Coruña[331]. Tampouco plasma no seu mapa o camiño que unía a cidade de Santiago con Bergantiños cruzando o Tambre pola Ponte Albar, cando a finais do século XVIII segundo o testemuño de José Cornide era un itinerario importante que o ilustrado coruñés inclúe entre os dez camiños públicos que saían de Compostela. Cornide indica que atravesaba as xurisdicións de Montaos, Dubra, Rus, Vilarprego e Bergantiños, resaltando a súa categoría na medida en que era "mui

[328] Ibídem, pp. 937.
[329] Ibídem, pp. 579.
[330] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, p. 636.
[331] No informe remitido a Tomás López por Joseph Vizente de Marzoa sobre o arciprestado de Berreo de Arriba inclúe un bosquexo do camiño Santiago-A Coruña e o ramal que dende Ordes comunicaba con Poulo e Buscás aproveitando parte do antigo camiño de orixe medieval. A imprecisión e falta de claridade deste bosquexo debeu ser a causa da mala interpretación que fixo Tomás López que non chegou a representar correctamente o novo trazado da vía Santiago A Coruña. LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López. 1775, fol. 487.

frecuentado, porque por el entra mucho trigo y leña para el consumo de esta ciudad" en referencia a Santiago de Compotela[332].

Nos mapas de Fontán e Coello podemos coñecer con máis precisión o traxecto deste camiño e dos seus ramais (véxase mapa 5 do apéndice cartográfico). Segundo a *Carta Geométrica* do primeiro esta vía cruzaba o Tambre pola Ponte Albar e se dirixía cara o norte atravesando parroquias dos concellos de Trazo (Restande e Monzo) e Tordoia (Vila de Abade, Tordoia e Andoio). Á altura desta última parroquia bifurcábase en dúas vías, unha cara Malpica e Carballo e outra cara A Coruña pasando antes polos lugares de celebración das feiras de San Mamede da Silva (Rodís, Cerceda) e de Paiosaco (Lestón, A Laracha). Desta estrada saía un ramal en dirección noroeste a altura da parroquia de Trazo que deixando á súa esquerda as Torres de Lestrove e atravesaba outras freguesías do concello de Trazo (Benza, Restande e Monzo) e Tordoia (Vila de Abade e Anxeriz). En Vila de Abade bifurcábase ao oeste cara Anxeriz con dirección Santa Comba, onde empalmaba coa estrada que ía de Noia a Bergantiños cruzando a comarca do Xallas dende onde saían ramais cara as vilas da Costa da Morte (Corcubión, Fisterra, Camariñas e Laxe). A outra bifurcación seguía cara o noroeste en dirección Carballo, Malpica e Corme, atravesando as feiras de Rus (Carballo) e Buño (Mapica). Desta estrada que unía Santiago con Bergantiños e A Coruña saía unha verea cara o nodeste a altura da aldea de Piñeiro (Vila de Abade) que atravesando Bardaos (Tordoia) e Xesteda (Cerceda) ía morrer na parroquia de Queixas (Cerceda), cerca da torre de Boedo. A partir de aquí a conexión coa capital de Cerceda e as restantes parroquias do norte deste concello (Meirama e as Encrobas) continuarían por camiños de peor calidade que non aparecen representadas na *Carta Geométrica* de Fontán[333]. Non obstante, no mapa da provincia da Coruña de Francisco Coello de 1865 esta verea si continúa ata as Encrobas (Cerceda) pero sen pasar pola capital municipal de Cerceda que queda completamente illada a uns quilómetros ao oeste desta vía. Nas Encrobas bifúrcase en dúas vías que atravesan os concellos de Carral, Culleredo e Cambre, subdividíndose á súa en varias vereas que emplaman coa estrada Santiago-A Coruña en Herves, Ponte Lago, (Concello de Carral) e Altamira (Anceis, Cambre). Os camiños descritos que partindo de Santiago e atravesando o Tambre por Ponte Albar sucan levan a Bergantiños xa os documenta Elisa Ferreira na Idade Media con trazados similares dos que algúns tramos serían antigas vías romanas[334].

Outro dos dez camiños públicos que segundo Cornide saían de Santiago era o que en dirección norte cruzaba o Tambre pola barca de Chaián pasando por Numide (Trazo), Mercurín e Ardemil (Ordes) para unirse a altura desta última parroquia ao camiño Santiago-Coruña[335], itinerario que non aparece reflectido deste xeito no mapa de Fontán pero que coincide parcialmente con trazados que figuran no de Coello. Sen descartar que este camiño que describe Cornide atravesara o Tambre pola barca de Chaián, o máis lóxico sería que coincidise parcialmente coa verea que figura nos mapas de Fontán e Coello cruzando o Tambre pola barca de Busto, posto que se trata dun traxecto moito máis directo, salvo que se evitase esta última barca pola súa menor capacidade para transportar mercancías con respecto á de Chaián. A vía que aproveita a barca de Busto nos mapas de Fontán e Coello saía da estrada Santiago-A Coruña a altura de Meixonfrío (San Caetano, Santiago) atravesando freguesías do Concello de Enfesta (Berdía e Busto) e unha vez sobrepasado o Tambre pola barca mencionada, situada máis ao leste que a de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[332] CORNIDE SAAVEDRA, J., *Informe sobre los caminos de Galicia 1785-1786*. ARG, Cornide, Leg. 216 A, núm. 13, cito por NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit., p. 235.

[333] No seu traballo sobre os camiños de Galicia, Cornide sinala a necesidade de mellora desta vía (FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia…*, op. cit., p. 412).

[334] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…*, op. cit., p. 133-134.

[335] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit., p. 235.

Chaián, atravesaba en dirección norte parroquias dos concellos de Trazo (Berreo, Morlán e Campo), Tordoia (Numide, Gorgullos) e Cerceda (Xesteda e Queixas). En Queixas uníase á verea, xa citada, que viña do camiño Santiago-Malpica para morrer nesta parroquia cerca da torre de Boedo segundo a *Carta Geométrica* de Fontán. Como xa comentamos, no mapa de Francisco Coello de 1865 ese camiño continúaba ata As Encrobas, bifurcándose en dous nesta parroquia en ramais que acababan empalmando coa estrada Santiago-A Coruña. Esta vía non figura no mapa de Tomás López de 1784 nin é documentado por Elisa Ferreira entre os camiños medievais, polo que é posible que sexa un camiño que adquiriu maior importancia a finais do século XVIII.

Ademais, o mapa de Francisco Coello de 1865 incorpora unha serie de camiños, a maior parte deles en sentido leste-oeste, que se concentran sobre todo no Concello de Trazo, nas parroquias máis occidentais de Tordoia (Gorgullos, Numide e Leobalde) e nalgunhas occidentais de Ordes como Mercurín, Parada e Montaos. No resto desta parte leste que se corresponde co resto de Tordoia e coa totalidade de Cerceda só engade un tramo que une a parroquia de Xesteda (Cerceda) coa de Tordoia. Estes camiños permiten a comunicación máis ou menos directa da capital do partido xudicial coas capitais municipais de Trazo e Tordoia, pero non coa capital de Cerceda que se atopaba bastante illada do resto do territorio comarcal debido ao carácter montañoso destas parroquias do norte[336]. De feito, a pésima calidade da rede viaria da maior parte do territorio do actual Concello de Cerceda convertíao no peor comunicado de toda a comarca a mediados do século XIX. En xeral, os xuízos que para esa época fai P. Madoz no seu *Diccionario* sobre as vías de comunicación destes concellos do oeste non son nada positivos. No concello de Cerceda di que "son vecinales y malos", sobre os de Tordoia que "son veredas y malas trochas" se ben "el menos malo es el que desde Santiago se dirige a Baños de Carballo". Sobre os de Trazo –que, como vimos, era o que contaba coa mellor rede viaria desta parte da comarca segundo o mapa de Coello-indica que que tanto os locais como os veciñais son malose nalgunhas parroquias deste concello como Santa María de Trazo ou San Cristovo de Xavestre especifícase que o mencionado camiño que leva aos Baños de Carballo e á feira de Paiosaco, un dos principais desta parte oeste, está mal coidado[337]. Esta situación mantívose polo menos ata as primeiras décadas do século XX xa que na *Geografía General del Reino de Galicia* nos concellos de Cerceda, Tordoia e Trazo só se distingue como "carretera" –é dicir, non un simple camiño veciñal- a que partindo da vila de Ordes, enlazaba a N-550 coa estrada Santiago-Malpica á altura de Portomouro, atravesando os concellos de Tordoia e Trazo. As demais vías seguían sendo "antiguos caminos y veredas, de los que el mejor es el que de Santiago va a Carballo. La carretera más próxima es la de Coruña a Santiago, que pasa por su limítrofe ayuntamiento de Ordes". Nestas vías as condicións de transporte para os viaxeiros era "utilizando caballerías, y para las mercaderías, los carros del país"[338].

En conclusión, esta parte da comarca contaba con unha rede viaria menos densa que a da parte leste, como xa reflectira Elisa Ferreira para a Idade Media[339], e os camiños eran de peor calidade, sobre todo nas parroquias do actual Concello de Cerceda. Este contraste debíase a que os itinerarios que partían de Santiago atravesando esta zona morrían, en última instancia, en vilas costeiras de menor relevancia. Ademais, salvo cara Malpica, Corme e Caión, existían outras vereas alternativas como as que cruzaban o Val

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


[336] "El terreno es montuoso pasando por los termimos meridionales una gran corrdillera que desde el desfiladero de las Pías, sigue hasta los cabos de Finisterre y Touriñán". MADOZ, P., *Diccionario…*, pp. 303.
[337] Ibídem …, pp. 303, 1265 e 1278.
[338] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, pp. 631, 660-661, e 667.
[339] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…*, op. cit., pp. 133-135.

do Barcala ou a comarca do Xallas que partindo de Santiago conducían de xeito máis directo cara as vilas mariñeiras da Costa da Morte. Pola contra, algúns camiños da zona leste, máis alá de levar a portos e cidades como Betanzos, tiñan continuidade cara importantes localidades do norte de España e cara o sur comunicábanse con vilas como Melide ou Arzúa e a través desta co sueste de Galicia. Por último, outro elemento que sen dúbida dificultou a existencia de camiños en mellores condicións foi o carácter máis montuoso desta zona, en particular nas parroquias do norte.


2.2.4 Pontes, pontellas e pasais

A rede viaria galega da Idade Moderna estaba condicionada por unha densa rede hidrográfica constituída tanto por ríos máis ou menos caudalosos como por pequenos regatos que obstaculizaban as comunicación. Os transeúntes tiñan que salvar estes obstáculos a través de pontes, pontellas ou barcaxes e, onde estes non existían, realizar traxectos máis prolongados que facían máis longas as viaxes. As pontes antigas adoitan ser obras de enxeñería de orixe romana ou medieval construídos en lugares onde antes puido haber unha barca ou un vao. Moitas foron remozadas ou reconstruidas durante as épocas modena e contemporánea despois de ser destruídas por riadas ou deterioradas por deixadez na súa conservación. A súa antigüidade é indicativa de lugares de paso de camiños medievais e nese sentido axudan a identificar esas vías e as de época moderna. Durante o Antigo Réxime, o estado de conservación destas infraestruturas foi bastante deficiente, atopándose moitas delas derruidas. Cornide manifestaba nos seus escritos a necesidade de arranxar as que estaban en mal estado e construír outras novas[340].

Plano 1. Alazado da Ponte Sigüeiro[341]



Plano 2. Alzado da Ponte Albar[342]



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[340] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…,* op. cit., p. 30 e FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia…,* op. cit., pp. 412-413.
[341] Plano alzado da Ponte Sigüeiro publicado en URGORRI CASADO, F. "Puentes y caminos en la provincia de La Coruña", *Revista.* Instituto José Cornide, Vol. 5-6, 1969-1970, pp. 199-246.
[342] Plano alzado da Ponte Albar. AG, Inventario do Patromonio Moble de Galicia, Planeiro PV05668.

Habida conta do caudal do Tambre este supuña o obstáculo máis considerable para as comunicacións desta comarca cara o sur, particularmente con Santiago. Este río era salvado polas principais pontes desta comarca que permitían a comunicación desa cidade coas vilas e cidades litorais e prelitorais do norte e noroeste de Galicia. José Cornide describía así as pontes máis importantes do Tambre que se podían atopar entre o seu nacemento e a desembocadura: "...el Tambre nace en los contornos de monasterio de Sobrado y, recorriendo las aguas de tierra de Mesía y algunas de la de Arzúa, pasa caudaloso por Sigüeiro (a donde tiene su primer puente de piedra), baja luego a los puentes de Albar, Portomouro, Maceira y Nafonso, una legua antes de la villa de Noia"[343]. Destas, as dúas que están situadas no tramo deste río que demarca o sur-surleste da comarca de Ordes son as de Sigüeiro (Oroso) e Ponte Albar (Trazo). Como xa se mencionou, a primeira formaba parte do camiño Santiago-A Coruña e a segunda do que levaba dende a cidade do apóstolo cara Bergantiños e a Costa da Morte.

A Ponte Sigüeiro ou "ponte Sequarii" aparece documentada dende o século X pero as súas orixes poderían datar de época romana posto algúns autores afirman que un ramal da vía XX do Itinerario de Antonino que unía a mansio *Grandimiro* con Brigantium Flavium atravesaría o Tambre por esta zona, do mesmo xeito que o faría o que viña de Iria Flavia na mesma dirección[344]. A fábrica actual é unha construcción medieval que conta con catro arcos de medio punto dos séculos XII ou XIII e un arco oxival que se pode datar no XIV e que se correspondería coa parte financiada por Fernán Pérez de Andrade de acordo coa inscrición epigráfica encaixada na mesma ponte que acompañaba ás armas dos Andrade que di "Fernán Pérez de Andrade acabou esta Ponte"[345]. Segundo a lenda, a de Sigüeiro sería unha das construídas por este nobre, alcumado "o Bo" pola edificación nas súas terras de sete pontes, sete mosteiros, sete igrexas e sete hospitais para comunicar os seus señoríos[346]. A pesar da súa importancia e antigüidade non aparece mencinada no *Catastro de Ensenada* pero nesas mesmas datas, como vimos, é descrita polo P. Sarmiento[347] e citada por Cornide como a primeira ponte de pedra que se atopaba

[343] FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia…,* op. cit., p. 412.

[344] José Cornide xa situaba unha ponte romana nas proximidades de Sigüeiro (FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia…,* op. cit., p . 412). *Gradimiro* era cuarta *mansio* da vía romana da via XX do Itinerario de Antonino, *Item Per Loca Martítima*. Segundo Eugenio Carré, certos autores sitúana en Taragoña (Rianxo) e outros en Catoira. Desta localidade sairía un ramal da vía XX cara ao nordeste, que despois de cruzar o Tambre atravesaría o territorio das actuais parroquias de Berreo, Trasmonte, Montaos e Poulo en dirección a Brigantium Flavium (Betanzos). Neste camiño sitúan eses autores a *mansio Trigundum* que uns emprazan na freguesía de Busto, outros en Sigüeiro e outros en Berreo (CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"… op. cit., p. 669). Carlos Nárdiz propón un ramal secundario desa vía que partindo de Iria Flavia pasaría pola Compostela romana e atravesaría o Tambre por Ponte Sigüeiro cara *Brigantium Flavium*, nas proximidades de Betanzos. Outros autores apuntan o paso dunha vía romana por este territorio que uniría *Aquis Celenis* (Caldas de Reis) con *Brigantium Flavium* e que atravesaría o Tambre nas proximidades de Sigüeiro por Ponte Carollo e seguiría polo territorio de Barbeiros (NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …,* op. cit. pp. 164-165).

[345] A inscrición, que xa non se conserva, está recollida en IGLESIA, A. de la, *El idioma gallego su antigüedad y vida*, A Coruña, 1886, Tomo II, p. 58. O P. Sarmiento menciona esa inscrición que por ir con presa non se parou a transcribir pero recomenda o interese da mesma: "El letrero es del siglo XIII, o XII. Nada lei porque estaba yo de priesa, y el rótulo está raído" ÁLAMO, M. del e PÉREZ DE URBEL, J (transcrición); SÁNCHEZ CANTÓN, F. J. e PITA ANDRADE, J. M. (ed. lit), *Viaje…,* op. cit., p. 52.

[346] Máis alá da lenda Fernando Urgorri sostén que Fernán Pérez "O Bo" fixo unha serie de obras públicas que, aparte de cuestión de prestixio e doutro tipo, tiñan como fin asegurar o control das súas terras de señorío. A Ponte Sigüeiro non lindaba con elas pero si permitía a comunicación destas con Santiago (URGORRI CASADO, F. "Puentes…, op. cit.). Neste traballo faise unha pormenorizada descrición desta ponte aparte de aportar o debuxo que reproducimos.

[347] Recordamos a descrición xa aparecida máis arriba que fai o P. Sarmiento da Ponte Sigüeiro: "El puente tiene seis arcos; en el borde del más alto hay una piedra con letrero. Oí que este puente divide el coto del

no Tambre dende o seu nacemento[348]. Como vimos encadrábase no camiño que levaba de Santiago a cidades e vilas da costa norte de Galicia: A Coruña, Betanzos, Pontedeume, Neda, Ferrol e Viveiro. Unía as parroquias de Barciela –pertencente durante o Antigo Réxime ao couto de Sigüeiro de San Martiño e dende o s. XX ao concello de Enfesta- e a de Oroso –repartida entre o couto de Sigüeiro do Deán e a xurisdición de Folgoso e integrada posteriormente no concello de Oroso-. O *Diccionario* de Pascual Madoz dedícalle unhas liñas nas entradas correspondentes a ditas parroquias: "...en el lugar de Sigüeiro se halla el puente de su nombre, sobre el indicado Tambre, dando paso al camino real…", "un puente de piedra con 6 arcos y 20 varas de elevación"[349].

A Ponte Albar documéntase na Idade Media dando paso ao camiño que comunicaba de maneira máis directa Santiago coa terra de Bergantiños e os portos de Malpica e Corme[350]. Como vimos, á altura das Torres de Lestrove (Trazo) saía un ramal cara o oeste que lebava cara aos portos da Costa da Morte e na parte norte do concello de Tordoia outro ramal dirixíase cara o leste en dirección ao Burgo de Faro e á Coruña atravesando o territorio dos actuais concellos de Cerceda e Carballo[351]. Esta ponte que unía as parroquias de Fecha (xurisdición do Xiro da Rocha e despois concello de Enfesta) e Xabestre (xurisdición de Montaos e despois concello de Trazo) aparece mencionada nas *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* da primeira parroquia*:* "...y aunque en sus riachuelos ai algunos puentes en la feligresía de San Juan de Fecha uno más grande nombrado Puente Albar, no se paga portazgo ni otra cosa"[352]. Ao respecto da non cobranza de portazgo, máis propiamente pontaxe, hai que dicir que aínda que durante a Idade Media era habitual que sobre as pontes pesaran dereitos de paso, á altura do século XVIII nesta comarca desapareceran, como documentou Ramón Falcón. O motivo podería estar no desinteresser que xeraba a cobraza desta carga pola súa curta rendabilidade[353]. Aínda que a fábrica actual da Ponte Albar non é medieval, a tradición popular si documenta a súa existencia durante o reinado de Afonso VIII, no século XII, a través da lenda do conde Albar[354]. Cornide di del que "parece mui bien fabricado, pero que no obstante tiene resentido uno de sus pilares cerca del cimiento"[355]. Este mal estado da ponte debeu ser a causa da súa reedificación na segunda metade do século XIX con cinco arcos rebaixados, sendo de menor tamaño os dos extremos e con piastras que actúan de rompeaugas. Coa de Sigüeiro era a máis importante do tramo do Tambre que demarca esta comarca[356].

As demais pontes do Tambre eran de menor magnitude posto que conforme se ascende polo río curso arriba este presenta menor caudal. Estas e as restantes que se podían atopar nos afluentes do Tambre que asucan a parte central e oriental da comarca

---

Deán azia La Coruña, del coto de San Martín hacia Santiago. La piedra tiene como dos suportes figuras. Hacia La Coruña, uno vestido de sacerdote; y al otro lado, otro como vestido de monxe, singular" (Ibídem)

[348] Cornide tamén cita nun lugar próximo os restos restos de "la Puente Breyo, hoy arruinada, media legua más abajo de Sigüeiro" (FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, op. cit., p. 412) También podría tratarse del puente que el mismo Cornide relata en su Informe como el "puente en el Tambre más arriba de Mezonzo" para el que se precisarían 60 mil reales para su reparación de "urgente necesidad"

[349] MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., pp. 973 (Oroso) e 106 (Barciela).

[350] Elisa Ferreira documenta a Ponte Albar nun testamento datado en 1480 (FERREIRA PRIGUE, E., *Los caminos…*, op. cit. p. 133.

[351] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit., p. 155.

[352] AGS, DGR, Catastro de Ensenada, Respuestas Generales, Libro 240/333. Cito por FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, p. 416.

[353] Ibídem, p. 426.

[354] CARRÉ ALVARELLOS, L., *Las leyendas tradicionales gallegas,* Madrid, 1977, pp. 163-166.

[355] Cito por NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit., p. 235.

[356] O Inventario do Patrimonio Inmoble de Galicia data a fábrica actual no século XX (AG, Inventario do Patromonio Moble de Galicia, Planeiro PV05668.

eran de madeira en 1773 segundo refire Antonio Felipe Rodríguez no informe que lle remite ao cartógrafo Tomás López para a elaboración do seu mapa de Galicia: "y aunque en ellos [os ríos] ay algunos puentes, son de madera, para el uso y tránsito ordinario, y sólo hay uno bien fabricado en piedra en el sitio que llaman Sygüeyro"[357]. Entre a a barca de Chaián e a de Busto aparece a ponte Lobre no mapa de Coello ao que se chegaba dende o ramal que ía cara a segunda barca. Debía ser unha ponte de pouca importancia, seguramente de madeira a mediados do XIX, porque Fontán non a recolle. A uns 6 km de Sigüeiro atopábase a ponte Carollo que comunicaba as parroquias de César (antigo concello de Enfesta) e Cardama (Oroso). Cornide non a menciona entre as pontes de pedra do Tambre, polo que, coincidindo co testemuño de Antonio Felipe Rodríguez, era de madeira. Segundo Carlos Nárdiz trátase dunha ponte de orixe medieval con pilares de pedra e plataforma de madeira, dos que aínda se conservan os primeiros se ben a madeira foi substituida por formigón na segunda metade do século XX[358]. Non se cita no *Catastro de Ensenada* pero Ramón Falcón atopou documentos no fondo da Real Audiencia de Galicia nos que aparece referenciada. Segundo este autor, en 1567 os veciños de Cardama e Cerceda presentan unha reclamación na que solicitan a construción dunha ponte nova sobre o Tambre, solicitude que foi atendida en data descoñeciada[359]. A finais do século XVIII os veciños de Cardama e de César presentan outra reclamación na que piden a reparación desta ponte, probablemente deteriorada polas riadas que afectaron a outras construcións deste tipo nesa época[360]. Como vimos, servía de paso á verea que saía do camiño Santigo-Coruña a altura de Agualada (Marantes, Enfesta) con dirección a Betanzos. A seguinte que se atopaba río arriba era a Ponte Carreira, no tramo inicial do Tambre. Comunicaba as parroquias de Pastor (O Pino) e Gafoi (Frades) e encadrábase na verea que e que unía a vila de Arzúa coa estrada Santiago-A Coruña á altura de Canedo (Ardemil, Ordes) atravesando os concellos de Frades e Mesía. Posiblemente sexa a perigosa ponte de madeira que menciona Cornide ao describir o camiño que unía a cidade da Coruña con Ourense e os Ribeiros[361]. Documéntase con claridade xa no mapa de Tomás López de 1784 e aparece reflectida a mediados do século XIX nos mapas de Fontán e Coello, así comono no *Diccionario* de Madoz. Neste último, na entrada da parroquia de San Lorenzo de Pastor indícase que nela "se halla el Puerto Carreira ..., por el citado puente pasa el camino que desde la Coruña por el Carral viene á Arzúa"[362]. Seguindo o curso do Tambre cara o seu nacemento atópase a Ponte Castro no camiño que levaba de Arzúa a Betanzos, unindo as parroquias de Arceo (Boimorto) e Castro (Mesía) e da que Lucas Labrada menciona a necesidade de reparación en 1804[363]. Tratábase dunha ponte de madeira que a mediados do século XIX só servía para o paso de viandantes e cabaleirías, segundo nos informa o *Diccionario* de Madoz, do que se deduce que non era apta para o tráfico rodado, algo que debía ser común ás restantes pontes de madeira[364]. No

[357] Informe de Antonio Felipe Rodríguez de parte dos arciprestados de Berreo de Arriba e Barbeiros contido en LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII], fool. 339 r.
[358] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio…*, op. cit. p. 181.
[359] Chama a atención que os veciños de Cerceda se interesen na construción dunha ponte situada nun lugar tan afastado desa parroquia. Porén, como indica Ramón Falcón, non eran infrecuentes este tipo de reclamacións cando os habitantes dun lugar, por afastado que estivese, consideraban que unha obra dese tipo favorecería os seus intereses (FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, op. cit., p. 416).
[360] Ibídem, p. 416.
[361] NÁRDIZ ORTIZ, C., *El territorio …*, op. cit., p. 235
[362] "Puerto Carreira" é unha clara errata xa que unhas liñas antes menciona o lugar de "Puente Carreira" (MADOZ, P., *Diccionario …*, op. cit., p. 978).
[363] "En la Jurisdicción de Arzúa y Parroquia de San Vicente de Arceo, se necesita componer el Puente nombrado de Castro…" LABRADA, L., *Descripción …*, op.. cit, p. 133.
[364] MADOZ, P., *Diccionario …*, op. cit., p. 57.

mapa de Fontán localízanse outras pontes sobre o Tambre na zona leste da comarca ás que non se asocia ningún camiño, se ben é evidente que si formarían parte de vías que este cartógrafo non considerou merecedoras de reflectir por non estimalas de suficiente relevancia. No mapa de Francisco Coello, máis exahustivo á hora de documetar camiños de menor importacia, figuran algunhas desas vías que botamos de menos no de Fontán. É o caso das pontes de Ponte Canizas entre O Pino e Cardama, Ponte Carneiro entre Gonzar e Os Ánxeles, e Ponte Boado, entre Boado (Mesía) e Buazo (Boimorto) que son atravesadas por camiños que empalman coa verea real que levaba de Santiago a Sobrado. O *Diccionario* de Madoz tamém indica que esta última ponte era de madeira, como o serían todas as demais que acabamos de citar que se sitúan na parte alta do Tambre no que o menor caudal deste permitía ese tipo de pasos[365].

As pontes dos afluentes do Tambre son máis difíciles de documentar na cartografía xa que nos mapas de Fontán e Coello só aparecen reflectidas as de máis entidade, e nos ríos de pouco caudal as que se atopan próximas á súa desembocadura. Na estrada Santiago-A Coruña Coello recolle a ponte de Guindibó sobre o río Cabrón pero non a que tamén existía na mesma estrada e sobre o mesmo río pouco antes de chegar á vila de Ordes. Na parte occidental da comarca localízanse no río Lengüelle a ponte da Pontraga entre as parroquias de Numide (Trazo) Parada (Ordes) e as de Santaia na parroquia de Gorgullos (Tordoia) onde próximas á desembocadura do río Paradela no Lenguelle se atopaban no mesmo lugar de Santaia dúas pontes "a distancia de bala de fusil … que llaman Puentes Santayas" segundo nos informa Joseph Vicente de Marzoa en 1775[366]. Máis ao norte tanto Fontán como Coello documentan no río Paradela a ponte Bostelo, nas proximidades de Vilagudín (Lesta, Ordes). En 1775 Joseph Vicente de Marzoa fai relación de toda unha serie de pontes dos ríos Lengüelle, Cabrón e afluentes deste que non aparecen na cartografía: a ponte Vilariño (Buscás, Ordes), a de Labandeira (Poulo, Ordes) ou a ponte Pereira na parroquia ordense do mesmo nome[367]. Fontán non reflicte ningunha no río Chonia, pero si o de Francisco Coello que en 1865 sitúa a ponte de San Xosé cerca da desembocadura deste afluente do Tambre a altura de Xabestre (Trazo). Na parte oriental, no río Samo, o mapa de Fontán reflicte a ponte Senra na verea que levaba de Agualada (Marantes, Enfesta) a Betanzos unindo as parroquias de Senra e Os Ánxeles (Oroso), perto da desembocadura no Tambre. Indicamos máis atrás as pontes sobre o Samo que menciona Lucas Labrada: a ponte Berxa en San Cristovo de Mesía e a ponte dos Carros na freguesía de Abellá. Ambas, con toda seguridade de madeira, atopábanse inútiles segundo di este autor a principios do século XIX. Na cartografía non se documentan as pontes do río Maruzo a pesar de na parroquia dos Ánxeles (Oroso) próximo á súa desembocadura é atravesado pola verea que levaba dende Agualada (Marantes, Enfesta) a Ponte Castro (Arceo, Boimorto). A escaseza de pontes nestes afluentes do Tambre evidencia a existencia de pontellas ou pontillóns que non se reflicten na cartografía, é dicir, pontes pequenas e estreitas construídas con piastras de pedra ou cepas de madeira sobre as que asentaban grosas lousas de xisto no primeiro caso ou ben estruturas de madeira. Asemade, estes regatos de menor caudal contarían con pasais, pasadoiros ou poldras, é dicir, pedras ou bloques de pedra colocadas en fila que permitían atravesar o río saltanto dunha a outra e que, como é natural, tampouco aparecen na cartografía. Ás veces, estes pasos podían ser restos dos piares dunha ponte derribada. As

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


[365] "le cruza un puente de madera del nominado (sic) Boado" (Ibídem, p. 171).
[366] Informe de Joseph Vicente de Marzoa sobre os ríos Lengüelle e Cabrón contido en LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito], BNE. Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII], fol. 394 v.
[367] Ibídem.

partes medias e altas dalgúns destes destes cursos fluviais tamén era posible cruzalas por zonas de vao[368].

2.2.5 As barcas do Tambre

En ríos caudalosos como o Tambre as pontes non eran suficientes para as necesidades de comunicación. Moitas veces as propias pontes atopábanse intransitables, xa fose por quedar danadas despois dunha riada ou polo deterioro debido a un deficiente mantemento[369]. As barcas suplían o insuficiente número de pontes e substituían o servizo daquelas cando permanecían intransitables por períodos máis ou menos longos. Algunhas situábanse en lugares próximos a pontes que aínda estando transitables convivían con barcas de pasaxe, como era o caso da Ponte Albar e a barca de Chaián. Os señores titulares das xurisdicións ribeiregas obtiñan substanciosos ingresos arrendando ou aforando a prestación do servizo de barcaxe a un ou máis barqueiros e a rendabilidade deste negocio propiciaba que eos propios señores destatenderan a súa obriga de reparar as pontes cercanas, de xeito que, como afirma Ramón Falcón as desaparecidas taxas de pontádego foron substituídas en boa medida polas de barcaxe, se ben, como sinala o mesmo autor –de quen procede a maior parte da información deste apartado-, debe advertirse que se trata de taxas de natureza distinta pois no primeiro caso é un imposto neto e no segundo inclúese o pagamento do servizo dos barqueiros[370].

Mapa 2. Pontes e barcaxes no Tambre de desembocacudura dos seus afluentes na *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán (1845)



Elaboración de
Diego Blanco Urbano

[368] FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos…*, op. cit., pp. 41-42.

[369] Ramón Falcón sinala que durante o Antigo Réxime naquelas pontes que unían dúas ribeiras controladas polo mesmo señor xurisdicional a quen lle correspondía o mantemento da ponte, a desidia polo mantemento destas infraestruturas era maior debido, en certa medida a que os ingresos por pontaxe eran curtos. Como exemplo disto en relación ás pontes da comarca de Ordes cita a ponte Carollo, correspondente ao conde de Altamira, e a de Boado, correspondente ao arcebispo de Santiago. (Ibídem, pp. 426-427).

[370] FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, pp. 426-428. Sobre as barcas e barcaxes en Galicia é de cita obrigada GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., *As barcas e os barcos de pasaxe da provincia de Ourense no Antigo Réxime,*Ourense, 1999.

Entre a Ponte Albar e a Ponte de Sigüeiro documéntanse as barcas de Chaián e a de Busto. A primeira, situada no Porto das Partidas, era a a principal barcaxe do Tambre no tramo que demarca a comarca aquí estudada e estaba a uns catro quilómetros da Ponte Albar unindo por un camiño secundario o que levaba de Santiago a Queixas (Cerceda) co de Santiago-Bergantiños que atravesaba a Ponte Albar. Nos períodos nos que esta ponte se atopaba intransitable servía para facer posible ese itinerario, pese a que obrigaba a desviarse ata a parroquia de Trazo por por vías de mala calidade[371]. Comunicaba as parroquias de Grixoa e Chaián que durante o Antigo Réxime pertenceran respectivamente as xurisdicións de Xiro da Rocha e Montaos e dende a implantación dos concellos constitucionais aos de Enfesta e Trazo. Nas *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* indícase que estaba aforada en 300 reais e servía "para transportar Gente y cavallería a la ciudad de Santiago" para o que había que pagar "por cada persona un ochavo [2 maravedís], y por cada cavallería ocho maravedíes"[372]. Esta mesma fonte informa que a mediados do século XVIII estaba aforada a Juan Ramos en 300 reais polo conde de Amarante, quen detentaba a titularidade da barca nese momento a pesar de que unía parroquias pertencentes a xurisicións do marqués de Montaos e do arcebispo de Santiago e de que os declarantes afirman que antiguamente se tiña por un ben do común[373]. As ganancias que lle reportaba a Juan Ramos polo servizo que ofrecía reducíase a trinta reais anuais. Ramón Falcón documenta esta barca no século XVII, época na que xa era arrendada polo conde de Amarante por un período de tres anos e unha renda anual de doce ferrados de trigo[374].

A barca de Busto, a uns sete ou oito quilómetros da de Chaián e da Ponte Sigüeiro aparece referida na pregunta 29 das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* de varias freguesías da contorna[375]. Menciónase como "un bote o barca pequeña" propiedade de Thomas Paradela e empregada "por costumbre de sus causantes para pasar la gente de aquella feligresía a la de San Mamed de Berreo, y cultivar sus vecinos de ambas las tierras que tienen de parte a parte, porque pasan para ello libre"[376]. O *Catastro* indica que só os forasteiros pagaban unha pasaxe dun ochavo – equivalente a dous maravedíes-, estando exentos deste pago os veciños das parroquias ribeiregas, motivo polo que era pouco rendible posto que os transeúntes eran "mui pocos por no ser vereda real". Eses curtos ingresos, uns 30 reais de vellón, destinábanse para a conservación da barca. A pesar disto, é mencionada nas *Respuestas Generales* das parroquias da contorna (Nemenzo, Barciela, Marantes e Berdía), do que se deduce que a súa utilidade transcendía á dos veciños das freguesías ribeiregas[377]. Durante o Antigo Réxime as freguesías de Busto e Berreo pertenceran ás xurisdicións de Xiro da Rocha e Budiño, respectivamente, respectivamente, e e na época constitucional aos concellos de Enfesta e Trazo. No mapa de Fontán de 1845 encádrase na verea que saindo de Santiago se dirixía ao norte para

[371] FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, op. cit., p. 431.
[372] AGS, DGR, Catastro de Ensenada, Respuestas Generales, Libro 240/469. Cito por FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, op. cit.,, p. 427-428 e 431.
[373] Ibídem, p. 440.
[374] "...tienen noticia que la yncluió, en la renovación de un foro con otros vienes en estos ultimos años echo el conde de Amarante a un vecino de dicha feligresía llamado Juan Ramos pero no saven el título con que dicho conde se la yncluió respecto de que antiguamente se thenia por el del comun cuxa barca saven que el expresado Juan Ramos paga por ella en virtud de foro referido trescientos rs vellón al año que de satisfechos por el solo le quedarán de utilidad treinta reales de vellón cada año" AGS, DGR, Catastro de Ensenada, Respuestas Generales, Libro 240/469. Cito por FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, op. cit.,, p. 431.
[375] Parroquias de Nemenzo, Barciela, Verdia, Marantes, Bando e Berredo. AGS, DGR, *Catastro de Ensenada, Respuestas Generales*, Libro 253, fol. 692 r.
[376] AGS, DGR, *Catastro de Ensenada, Respuestas Generales*, Libro 240, fol. 334
[377] FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, op. cit.,, p. 432.

morrer na parroquia de Queixas (Cerceda), despois de atravesar os concellos de Trazo e Tordoia, vía que no mapa de Coello de 1865 ten continuidade cara o nodeste en dirección á cidade da Coruña (véxase mapa 5 do apéndice documental).

A partir das tarifas destas barcas declaradas no *Catastro de Ensenada* sabemos que a mediados do século XVIII a de Busto só transportaba persoas mentres que a de Chaián tamen tiña capacidade para transbordar bestas, coa obriga de pagar oito maravedís por animal[378]. Comparando a rendabilidade das barcas do río Tambre a partir da información que ofrece a citada fonte, Ramón Falcón estima que eran moito menos rendibles que as do río Ulla –un promedio de 40 reais anuais fronte aos 250 do Ulla-[379]. No tramo do Tambre que demarca a comarca aquí estudada tamén se podían atopar barcas pequenas destinadas ao traslado de poucos individuos como a que menciona Alonso Romero en Cardama, de forma triangular e fondo plano. Pero a existencia desta non está documentada para a Idade Moderna nin aparece referenciada na *Carta* de Fontán a diferenza do que ocorre coas outras dúas[380]. Dado que estaría moi próxima ao ponte Carollo -que une as parroquias de Budiño e Cardama- é probable que funcionase nos momentos nos que esta se atopase intransitable. Segundo Falcón, os propietarios destas barcas –salvando o caso do conde de Amarante- adoitaban ser veciños das parroquias que precisaban da autorización do señor xurisdicional para exercer de barqueiros, xa fose a tempo completo ou a tempo parcial como actividade complementaria da agricultura[381].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[378] Ibídem, p. 443.
[379] Ibídem, p. 442.
[380] ALONSO ROMERO, F., "Las barcas del río Tambre (Galicia): Estudio comparativo con las barcas del Támega y otras embarcaciones fluviales", en *Jornadas de Estudo de Marco de Canaveses*, 1988-1989, Vol.1, pp.65-79. Cito por FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia*…, op. cit., p. 430.
[381] Ibídem, p. 440.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

3. O MERCADO: O PAPEL DAS FEIRAS NA ARTICULACIÓN ECONÓMICA DO TERRITORIO

Este capítulo é complementario do anterior na medida en que o tráfico mercantil necesita da rede viaria para a súa circulación e non pode tratarse sen facer mención ás vías de comunicación que o facían posible. De feito, o máis importante efecto comercial da rede camiñeira no mundo rural foi o de xerar feiras. Nuns casos porque facilitaba o tránsito de mercancías pero tamén á inversa, porque cando os camiños de certas zonas eran de moi mala calidade, dificultando a comunicación co exterior, favorecían a aparición de feiras de curto radio de atracción que permitían o intercambio de produtos a nivel moi local. Vimos no capítulo anterior como estamos ante unha terra de paso que comunicaba importantes centros económicos do noroeste peninsular. Por tal razón circularon por ela fluxos comerciais de distinto cariz, se ben a maior parte deles non tiñan aquí os seus puntos de partida e de destino. Para xerarquizar eses fluxos do tráfico comercial seguimos a clasificación en distintas capas superpostas que estableceu José Ramón Moreno[382]. De acordo coa mesma, a rede de intercambios estaría coroada polo comercio transcoceánico, moi rendible pero con pouca transcendencia para o conxunto da poboación, en particular para o mundo rural. Esas mercadorías atravesaron esta comarca dende portos como o da Coruña en dirección Santiago -en particular dende que en 1764 se habilitou ao porto da Coruña para comerciar coa América colonial a través dos correos marítimos- pero non tiveron máis efecto que as ganancias que podían deixar os transportistas nas tabernas e pousadas do camiño. Por debaixo deste estaría o tráfico de bens de luxo e de manufacturas de calidade destinado aos mercados urbanos e que tamén atravesaría esta comarca co mesmo efecto mencionado para o comercio transoceánico. A un nivel inferior atopamos o tráfico intercomarcal e interrexional de produtos como o viño, o gando, a la ou a artesanía rural, entre outros. Este si tería nestas terras puntos de partida e destino xa que o viño procedente do Ribeiro ou das mariñas de Betanzos abastercía as súas tabernas, mentres esta comarca ofertaría o gando do que era excedentario, dirixido especialmente cara o consumo urbano, así como as típicas manufacturas rurais que se producían nos poucos teares que se documentan a mediados do século XVIII.

As feiras sitúanse na base da mencionada rede de fluxos comerciais e se ben o súa área de influencia podía ser máis ou menos ampla, dependendo da importancia de cada unha, o certo era que estes encontros comerciais eran os que xeraban maior número de transaccións no conxunto dos fluxos comerciais. Os intercambios que se producían neste nivel non brindaban a acumulación de beneficios a curto prazo que se daban nas outras capas da rede de tráfico comercial pero mobilizaban un volume de mercadorías moi superior que globalmente podía acadar un valor superior ás dos outros fluxos comerciais[383]. Como é evidente estes intercambios tiñan unha transcendencia socioeconómica fundamental nas sociedades rurais pois neste nivel circulaban os excedentes agropecuarios e as manufacturas rurais[384]. Os fluxos mercantís que distingue Moreno podían interconectarse de xeito que, como veremos, a algunhas feiras chegaban produtos procedentes de fluxos de mercado superiores como certos artigos de luxo -como veremos nas feiras de Cerceda e A Silva (Rodís-Cerceda)- do mesmo xeito que mercadorías que se vendían nelas, como os excedentes agropecuarios e manufacturas rurais, podían acabar en niveis superiores do tráfico comercial. En todo caso, as feiras

[382] MORENO FERNÁNDEZ, J. R., "La articulación..., op. cit.
[383] Ibídem.
[384] SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos…, op. cit.

representaban un modelo de mercado moi fragmentado que apenas transcendía ao ámbito local e na maior parte dos casos de nula proxección rexional. Hortensio Sobrado relaciona esta debilidade dos fluxos comerciais na Galicia do Antigo Réxime con factores estruturais relacionados coa feble capacidade dunha rexión básicamente agraria para xerar excedentes produtivos comercializables e cunha limitada demanda que dinamizase os consumos. Non podía ser doutro xeito nunha economía rural baseada no autoconsumo familiar e nunha limitada capacidade de compra[385].

En consonancia co dito ata aquí, as feiras en tanto que expresión dunha economía autárquica de ámbito comarcal e local, constituíron un dos máis importantes ámbitos da actividade económica das sociedades das épocas medieval e moderna. De feito, en comarcas rurais carentes de núcleos urbanos e con malas comunicación na maior parte do seu territorio, como foi a que nos ocupa durante o período aquí estudado, concentraron a vida mercantil das súas comunidades campesiñas pois só a través delas podían transformar en numerario certos excedentes das súas explotacións agropecuarias e adquirir outros bens e servizos. Na inmensa maioría dos casos, feirantes e mercadorías chegaban a estes encontros a través de camiños secundarios –vereas ou camiños veciñais- cuxa mala calidade non debe restarlles importancia pois por eles circulaba un considerable volume de xentes, animais e demais produtos cos que mercadear[386]. Nas feiras dábanse cita labradores, comerciantes, artesáns, etc. de distintas parroquias, mesmo de diferentes áreas xeográficas, que ademais de comprar e vender produtos intercambiaban bens inmateriais, pois nelas se daban todo tipo de contactos persoais nos que se transmitían novas de actualidaden e eran lugar para a festa e o lecer. Toda comunidade campesiña anhelaba contar cunha feira propia xa que facilitaba os intercambios sen grandes desprazamentos ao tempo que os gravames cos que se cargaban as transaccións eran tamén unha fonte de ingresos coa que esa comunidade podía satisfacer as cargas fiscais, de aí o interese daquelas en establecer este tipo de reunións mercantís[387].

A historiografía sobre o tema coincide en destacar o gran número de feiras que se celebraban en Galicia durante os séculos XVIII e XIX, como xa manifestara nun informe de 1790 o intendente Bañuelos: "el punto de las ferias en Galicia es un laberinto de difícil comprensión … Pasan de cuatromil las que anualmente se celebran"[388]. Pegerto Saavedra calculou que a finais do XVIII estes encontros comerciais acadaban o número de 395, o que equivalía a unhas 5.700 xornadas feriais ao longo do ano. A maior parte eran de tipo mensual e só na provincia de Santiago tiñan lugar vinteunha feiras anuais, oitenta e sete mensuais e dazaseis semanais[389]. O mesmo autor considera que a abundancia deste tipo de reunións mercantís durante ese período é indicativo de certo desenvolvemento económico e de diversificación dos recursos das economías familiares pero tamén dun retroceso do

[385] Ibídem.
[386] Ibídem.
[387] SAAVEDRA, P., *A Facenda …,* op. cit., p. 163-168; GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., "Ferias y mercados en la provincia de Orense", *Boletín Auriense,* XVII (1987), pp. 131-203.
[388] Cito por SAAVEDRA, P., "La consolidación de las ferias como fiestas profanas en la Galicia de los siglos XVIII y XIX", en NÚÑEZ RODRÍGUEZ, M., (ed. lit.), *El rostro y el discurso de la fiesta,* Santiago de Compostela, 1994, pp. 279-296. Aparte de Pegerto Saavedra, trataron este tema, entre outros, FRAGUAS FRAGUAS, A., "Emplazamiento de las ferias en Galicia a fines del siglo XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* 1968, p. 200-223; RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., "Ferias en el Partido de Santiago de Compostela en 1813" en *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela,* nº. 75-76 (1967-68), pp. 357-384; GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., *Ferias…*, op. cit. e MIRALBES BEDERA, M. R. e CASAS TORRES, J. M., *Mercados periódicos de Galicia. Distribución espacial, frecuencia, rango y área de influencia, 1974.* Para fora de Galicia existen monografías sobre o tema como PÉREZ ÁLVAREZ, Mª J., *Ferias y mercados en la provincia de León durante la Edad Moderna*, León, 1998.
[389] FRAGUAS FRAGUAS, A., "Emplazamiento…, op. cit..

autoconsumo por insuficiencia dunhas explotacións agropecuarias asfixiadas pola presión fiscal e polo excesivo parcelamento, se ben isto último non é o caso desta comarca durante o período aquí estudado. Tamén hai que sumar a necesidade de liquidez dos campesiños para satisfacer as cargas fiscais pero, sobre todo, para pagar as rendas decimais e forais que con frecuencia pagaban con cartos[390].

Como se apuntou máis atrás, aparte da intrínseca dimensión económica que supuña o intercambio de produtos, as feiras eran un ámbito de sociabilidade que pola súa súa periodicidade favorecía a realización de contratos e a programación de encontros con familiares e amigos. Tamén permitían o acceso a servizos que se concentraron nas capitais municipais ou de partido xudicial dende a definitiva implantación dos concellos constitucionais na década de 1830 como a consulta do médico, os despachos dos abogados ou as notarías. Ademais as feiras tiñan un claro compoñente lúdico e festivo, similar ao das romarías e festas rurais, circunstancia mirada con recelo polas autoridades políticas e relixiosas na medida en que este tipo de "festividade profana" escapaba do seu control. Implicaban desprazamentos, viaxes, que sacaban aos homes e ás mulleres rurais da súa contorna e da monotonía da vida rural, contribuíron a monetarizar a economía dos campesiños, a familiarizalos coa contabilidade e a crearlles a necesidade dunha alfabetización elemental[391].

Neste capítulo veremos a distribución espacial das feiras, en relación coa rede de camiños que as comunicaban cos núcleos de poboación circundante e valoraremos ata que punto incidiron na organización do territorio á hora de conformar áreas de mercado e a xerarquía funcional da certos núcleos de poboación. Como vimos no primeiro capítulo, as reformas políticas promovidas polos gobernos liberais que ocuparon o poder de xeito descontinuo entre 1812 e 1835 tiveron un efecto transcendental na nova configuración do poder local e na ordenación dos territorios rurais que con anterioridade careceran de organización municipal. Este factor político non só incidíu no reforzamento e no declinar dalgúns núcleos de poboación, senón que tamén condicionou a transformación da rede viaria e favoreceu a desaparición dalgunhas feiras e a aparición doutras reconfigurando as áreas de mercado herdadas do Antigo Réxime. Neste contexto, algúns dos núcleos preurbanos que durante o Antigo Réxime tiñan unha lixeira pero superior diversificación económica grazas ás feiras e a unha comunicación viaria máis favorable, e, como consecuencia disto, certa concentración demográfica, foron os elixidos nalgúns casos como cabeceiras municipais e capitais de partido xudicial, circunstancia que non fixo máis que reforzar e dinamizar a situación de partida, como ten sinalado Pegerto Saavedra[392]. Cando non foi así inicialmente a propia forza dos feitos acabou por conseguilo como exemplifica o caso de Sigüeiro que sendo a principal entidade de poboación dende o Antigo Réxime do territorio que ocupa o actual Concello de Oroso, non conseguíu reter a capitalidade de forma definitiva ata 1981[393]. Poderemos ver como localidades con capitalidade municipal ou non como Ordes, Sigüeiro, Cerceda, A Silva, O Mesón do Vento ou Ponte Carreira son exemplos de como as feiras foron decisivas no seu maior desenvolvemento con relación ás localidades circundantes. Pero tamén é certo que non faltan exemplos de entidades de poboación como A Pobra de Mesía ou A Garabanxa nos que a existencia de antigas ferias e unha privilexiada situación na rede camiñeira non foron quen estimular o seu desenvolvemento.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[390] SAAVEDRA, P., "La consolidación...., op. cit.
[391] Ibídem. e SANTOS SOLLA, J. M., "Fiestas…, op. cit.
[392] SAAVEDRA, P., "La consolidación...., op. cit.
[393] FARIÑA JAMARDO, X., *Os concellos…*, op. cit., vol. VI, p. 482.

3.1. AS FONTES

O *Catastro de Ensenada* ofrece información bastante sistemática sobre as feiras de mediados do século XVIII. A pregunta 29 do *Interrogatorio* das *Respuestas Generales* informa xeralmente sobre o día e periodicidade destas, sobre os produtos que nelas se venden, as cantidades nas que están encabezadas e arrendadas e aporta os nomes dos arrendatarios. A información pode ser máis ou menos completa segundo a localidade da que se trate e, ás veces, mesmo omite os datos mencionados pero, a cambio, pode indicar outros datos de interese como o arancel que se pagaba nas transaccións.

Existen fontes específicas como son os *Expedientes do AHN* e do *AGS* relativos ás feiras de Galicia. En ambos casos informan sobre as datas de celebración destes encontros, sobre a orixe dalgúns deles, as distancias que os separaban doutros da contorna, sobre os produtos que se comercializaban e sobre as cantidades en que estaban encabezados e arrendados ou os aranceis que se cobraban nas transaccións. Tamén emiten xuízos sobre a súa viabilidade dos mesmos e sobre os abusos que en ocasións cometían os arrendatarios na imposición dos aranceis[394]. Estes expedientes xeráronse a finais do século XVIII con fin de establecer control fiscal sobre estes encontros comerciais no marco das reformas promovidas promovidas polo secretario de Facenda Lerena na década de 1780[395]. Fontes impresas como as *Memorias políticas y económicas* de Eugenio Larruga complementan esa información, sobre todo no que ten que ver coas datas de celebración e produtos comercializados, se ben hai que apuntar que este autor obtivo parte da información que aporta das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* posto que no caso dalgunhas feiras reproduce de maneira literal o texto destas[396]. Lucas Labrada na súa *Descripción Económica del Reino de Galicia* publicada en 1804 tamén fai unha relación das feiras, se ben a información que aporta de cada unha delas é máis xenéricas que a de Eugenio Larruga e bótanse en falta algunhas feiras que tiveron continuidade pois aparecen documentadas a mediados do século XIX[397]. A maior virtude destas fontes impresas é a de ofrecer agrupada esa información permitineo obter unha visión de conxunto e facilitando moito o acceso a uns datos que noutro tipo de fontes aparece dispersa.

Para mediados do século XIX o *Diccionario de Pascual Madoz* tamén sinala as feiras que se celebran nese momento, a súa periodicidade e os produtos que se poden atopar nelas. Porén, hai que dicir que omite algunhas que outras fontes documentan para esa época como os mapas de Fontán e de Coello. Nalgún caso, como é o da feira da Garabanxa (Calvente-Oroso), este encontro comercial non se menciona na entrada da súa parroquia pero si no doutras freguesías veciñas. Polo tanto, pódese dicir que aínda que o *Diccionario* de Madoz aporta datos de interese sobre as feiras, non é unha fonte rigorosa en canto á enumeración de todas elas. Tanto a *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán de 1845 como o mapa da provincia da Coruña de Francisco Coello de 1865 aportan a situación dalgunhas feiras, dato interesante de por si que pode corroborar a permanencia dalgunhas delas a mediados do XIX[398]. Non obstante, ningún destes mapas é exahustivo xa que omiten encontros comerciais dos que hai constancia da súa existencia nesas datas a partir do *Dicccionario* de Madoz. Dado que estas fontes foron analizadas con máis profundidade en capítulos precedentes remitímonos ás valoracións feitas ao respecto nos seus respectivos apartados.

usc
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[394] AHN, Consejos, Leg. 2919; AGS, DGR, 1ª R., Leg. 2063.
[395] Sobre os motíns da década de 1790 vid. SAAVEDRA, P., *A Facenda real …*, op,. cit., p. 162.
[396] LARRUGA, E., *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España,* Madrid, 1789, Tomo XLIII, p 113 e ss.
[397] LABRADA, L., *Descripción…*, op. cit., p. 91-93.
[398] FONTÁN, D., *Carta …,* op. cit.; COELLO DE PORTUGAL Y QUESADA, F., *La Coruña…*, op. cit.

Por útimo, a *Geografía General del Reino de Galicia* publicada na década de 1930[399], aporta información sobre as feiras, información extemporánea á cronoloxía deste traballo, pero que axuda a confirmar a permanencia dalgunhas ferias que omiten fontes como o *Diccionario* de Pascual Madoz e a corroborar o apoxeo que mantiñan estes encontros comerciais nas primeiras décadas do século XIX que, no que respecta a esta comarca, se viron incrementados con respecto ao número que se documenta entre mediados do século XVIII e mediados do XIX.

3.2 ORIXE, EMPRAZAMENTO E VOLUME DAS FEIRAS DA COMARCA DE ORDES

As fontes manexadas para o período aquí estudado ofrecen información máis ou menos precisa sobre o momento no que se estableceron catro das dez feiras que se documentan na comarca de Ordes. A máis antiga con orixe documentada é a de San Martiño de Cerceda creada a finais do século XVI por privilexio real a solicitude de don Juan Álvarez Amor, receptor da Real Audiencia de Galicia. Tamén a finais dese século se documenta a feira da Pobra de Mesía pero neste caso non nos consta cómo nin cando se orixinou, de xeito que a súa antigüidade podería ser maior[400]. Na segunda metade do século XVII, en concreto en 1660, tería aparecido a de San Amaro da Silva, segundo informan as *Memorias* de Eugenio Larruga, e a finais do XVIII a do couto de Monzo e Restande[401]. A última da que coñecemos a súa data de orixe é a da parroquia de Santa María de Ordes, aprobada polas Cortes de Cádiz en 1812[402]. As dúas últimas consta que foron concedidas previa solicitude veciñal.

Táboa 1. Feiras da comarca de Ordes entre mediados do século XVIII e do XIX

Lugar	Parroquias	Xurisdición do A. R.	Concello actual	Día do mes	Arrendo en reais[403]
A Silva	Rodís	Vilarprego	Cerceda	3º domingo	1 600
Campo da Feira	Cerceda	Encrobas	Cerceda	Último domingo	1 100
A Pobra	Mesía/Bascoi	Mesía	Mesía	Último domingo	280
A Calle	Poulo	Mesía	Ordes	2º domingo	2 011
Adina	Ardemil	Mesía	Ordes	3º sábado	1 260
Folgoso	Pereira	Folgoso	Ordes	1º sábado	1 100
A Igrexa	Ordes	Folgoso	Ordes	Mércores da 2ª semana	---
Garabanxa	Calvente	Mesía	Oroso	Último sábado de mes	---
Lestrobe	Benza	Montaos	Trazo	18-20 de outubro, "Pascuilla e 11 de xuño	1 700
---	Monzo e Restande	Monzo e Restande	Trazo	1º domingo	---
Media dos arrendos en reais					1 293

[399] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit.

[400] A orixe da feira de Cerceda aparece mencionada nun informe contido nos expedientes sobre feiras do Consello de Facenda (AHN, Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza). O informe está datado en 1790 en el indícase que a feira fora fundada douscentos anos antes, sen precisar a data exacta. Pola súa parte, a existencia da feira da Pobra de Mesía menciónase nos Expedientes de Facenda de finais do século XVI do AGS (AGS, EH, leg. 87, Tierra de Mesía).


[401] LARRUGA, E., *Memorias* …, op. cit., p. p. 148-149. Os veciños do couto de Monzo e Restande solicitan unha feira ao Consello de Facenda en 1783 (AHN, Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza)

[402] RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., "Ferias…, op. cit.

[403] As cifras dos arrendamentos proceden das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* de 1752. Non contamos con ese dato para as feiras da Garabanxa, xa que non se indica nesa fonte, nin para a de Ordes e do couto de Monzo e Restande, que apareceron con posterioridade a esa data.

Nos restantes casos non atopamos mención ao momento no que se estableceron pois as fontes ou non fan referencia ou aluden á súa antigüidade coa coñecida e imprecisa fórmula de que datan "de tiempo inmemorial". Cando non é posible concretar documentalmente a orixe destes encontros comerciais o máis probable é que se creasen a partir dunha iniciativa veciñal sen solicitude nin autorización administrativa. É dicir, este tipo de feiras teríanse implantado sen a necesaria licenza conseguindo consolidarse consuetudinariamente co transcurso do tempo, como foi común en toda Galicia segundo advertían a finais do século XVIII o intendente Bañuelos e don Diego López de Parella. Precisamente, esta circunstancia daba lugar a unha falta de control fiscal que se intentou remediar a través das reformas promovidas polo secretario de Facenda Lerena na década de 1780, o que foi causa dos coñecidos motíns de principios da década de 1790, dos que, polo momento, non atopamos referencias documentais para o caso das feiras desta comarca[404].

Mapa 1. Feiras da comarca de Ordes entre mediados do século XVIII e do XIX[405]



[404] Sobre os motíns da década de 1790 vid. SAAVEDRA, P. *A Facenda real …*, op,. cit., p. 162.

[405] O tamaño dos círculos é proporcional á cantidade na que estaba arrendada cada feira segundo a pregunta 29 das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada.* Os círculos de cor gris reflicten os casos nos que carecemos dese dato (A Garabanxa, Monzo-Restande e Ordes) e aplicóuselle o tamaño que lle correspondería á media que se obtén do total dos arrendamentos, é dicir 1.293 reais.

Ao igual que no conxunto de Galicia, o número feiras da comarca de Ordes era bastante nutrido xa que reunía varias das características que propiciaban aparición destes encontros comerciais: extremada dispersión do poboamento, especialización gandeira e malas comunicacións, salvando neste último punto o territorio atravesado polo camiño A Coruña-Santiago e parcialmente a zona leste. Eran o principal canal de comercialización dos excedentes agropecuarios desta comarca e a mediados do século XIX a área de influencia da maior parte delas era limitado, segundo indica o *Diccionario* de Madoz cando fai referencia ao tráfico comercial do partido xudicial de Ordes: "El comercio, en la compra y cambio de sus ganados y la importación de vinos de la provincia de Orense, es el tráfico conocido en este país; si esceptuamos algunas insignificantes tiendas de abacería hay también mercados y ferias mensuales como en los demás pueblos de Galicia, pero reducidas al beneficio del ganado, aperos de labranza, frutos del país, no concurren a ellos sino la vecindad de las feligresías inmediatas"[406]. Os dez encontros comerciais de distinta relevancia que se computan entre mediados do século XVIII e mediados do XIX na comarca de Ordes equivalían a 111 xornadas de feira ao ano, unha densidade de 0,013 feiras/km^2 e 0,15 xornadas de feira/km^2, magnitudes relativas moi próximas ás que se rexistran para o conxunto do territorio galego (0,013 e 0,19, respectivamente)[407]. Como veremos, entre mediados do século XIX e mediados do XX desapareceron algunhas destes encontros mercantís pero naceron outros tal como se rexistra na *Geografía General del Reino de Galicia* (ca. 1930). Nestas últimas datas todos os concellos contaban con feiras propias a diferenza do que ocorría no período que estudamos aquí no que os territorios dos actuais municipios de Tordoia e Frades carecían de encontros comerciais deste tipo. O fomento dos propios concellos e a mellora dalgúns camiños debeu favorecer a súa aparición.

3.2.1 Feiras emprazadas no eixo Santiago-A Coruña

Como xa se reiterou neste e no capítulo anterior os camiños eran lugares propicios para o establecementos de feiras, canto máis unha vía de especial importancia como a que comunicaba Santiago coa Coruña e outras localidades urbanas e costerias do norte de Galicia que favorecía maior a concurrencia de xentes. Así, no tramo deste camiño que atravesa a comarca de Ordes ou nas súas proximidades, xa fose no seu trazado medieval ou no construído na década de 1770, localízanse catro encontros comerciais durante o período aquí estudado: A Calle de Poulo, A Adina, Folgoso e Ordes. Este camiño divide a comarca en dúas metades, occidental e oriental, cuxas feiras se tratarán en seguintes apartados. Como se pode comprobar na táboa 1, a feira máis importante de todas era a de Poulo, localidade que neste punto tamén marcou a súa primacía dentro deste territorio durante o Antigo Réxime. Arrendada a Benito de Uzal en 2.011 reais, celebrábase, segundo nos di o *Catastro de Ensenada* en 1752, "todos los segundos domingos de cada mes, la que se hace en la referida Calle de Poulo y se compone de ganado maior y menor de todas expecies a exsceupcion de ganado cavallar..."[408]. A de Adina tiña lugar na aldea deste nome (Ardemil-Ordes), o terceiro sábado de cada mes a uns dous quilómetros do cruce onde o camiño que viña de Santiago se bifurcaba en dirección Coruña e Betanzos-Ferrol. Segundo o *Catastro de Ensenada* no "lugar de Adigna" se compraban e vendían "... ganado grueso, bueys, bacas, novillos, cerdosos, trigo, centeno, mijo grueso, menudo,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[406] MADOZ, P., *Diccionario …,* op. cit., p. 896-897.
[407] Computouse a feira de Lestrobe como mensual, se ben ata data indeterminada celebrábase cinco veces ao ano: entre os días 18 e 20 de outubro, domingo de Pascuilla e 11 de xuño (San Bernabeu). A cifras do conxunto de Galicia refírense a finais do século XVIII e proceden de SAAVEDRA, P., *A Facenda…,* op. cit., p. 166.
[408] AGS, DGR, 1ª R., L. 241, fol. 165.

linaza, castañas, abas...”[409]. Distante uns doce quilómetros da de Poulo e situada tamén na xurisdición de Mesía, ocupaba o cuarto lugar no *ranking* se se atende á cantidade na que estaba arrendada, 1.260 reais, neste caso a Francisco Gómez de Rioboo, escribán real residente na veciña parroquia de Vilamaior.

O primeiro sábado de mes celebrábase outra feira no lugar da torre de Folgoso (Sta. Aia de Pereira-Ordes), cabeza da xurisdición do mesmo nome, emprazada nun camiño transversal que empalmaba o camiño Santiago-Coruña, á altura da Calle de Poulo, coas vereas que dende alí levaban en dirección Betanzos pasando pola Póboa de Mesía. Segundo Eugenio Larruga, nesta feira mercadeábanse “... ganados y otras menudencias del país, sin que concurran géneros de ningunos extrangeros...” e o *Catastro de Ensenada* infórmanos que estaba encabezada a Andrés de la Iglesia, veciño de Senra, en 1.100 reais, é dicir, no quinto lugar de importancia económica. Con motivo do arranxo das feiras de Galicia promovidas polas reformas de Lerena na década de 1780, don Antonio Gómez de Moscoso, xuíz desta xurisdición, remitía en 1790 un informe ao Consello de Facenda no que indicaba ao respecto deste encontro que:

> *… se celebra y ha celebrado siempre con el maior sosiego, buen orden y armonía de los concurrentes. No se sabe si tiene o en algún tiempo ha tenido concesión o privilegio Real por lo mismo que es antigua y de tiempo ynmemorial … Dista un quarto de legua de la feria de Poulo, una legua de la de Garabanxa, dos leguas de la de Mesía, y otras dos de la de Adina, ynclusas estas quatro en la xurisdicción de Mesia, confinante. Es dicha feria de Folgoso mui útil al comercio ynterior del Reino y se considera muy necesaria su continuación y susistencia…*

Como vemos, todas estas ferias situábanse a pouca distancia, inferior ás catro ou cinco leguas que estimaban como distancia mínima desexable os encargados da administración de rendas da Facenda real nun informe de 1772 sobre as feiras de Galicia[410]. A pesar dos bos desexos que manisfesta o xuíz de Folgoso sobre a viabilidade deste encontro comercial o certo é que *Diccionario* de P. Madoz xa non o menciona, como tampouco aparece reflectido nos mapas de Fontán e Coello, polo que puido desaparecer arredor do primeira metade do século XIX. É posible que o concello constitucional de Ordes, creado en 1835, racionalizase o número de feiras radicadas no seu territorio e decidise suprimir este encontro comercial. Poderían ter pesado razóns políticas, xa que Folgoso perdera nese momento a capitalidade municipal –que mantivera durante os períodos doceanista e Trienio Liberal- en favor da vila de Ordes, pero tamén razóns económicas, xa que tiña menor peso que as de Poulo e Adina –e probablemente tamén que a de Ordes-, e un emprazamento máis desfavorable: estas últimas localizábanse na propia estrada Santiago-Coruña o nas súas proximidades antes do cambio de trazado de 1770, mentres a de Folgoso situábase nun camiño secundario a uns tres quilómetros e medio do camiño primitivo e a cinco quilómetros dende o cambio de trazado desa vía.

A diferenza da feira de Folgoso, a de Adina mantiña a mesma data e lugar a mediados do século XIX, segundo nos informa P. Madoz: “En el término de esta aldea se celebra feria el penúltimo sábado de cada mes; dura unas seis horas, y no obstante concurren á ella los vecinos de 3 ao 4 leguas en contorno; el principal objeto es la compra y venta de ganados, aunque tambien se encuentran algunos granos”[411]. Tanto Folgoso como Adina nunca deixaron de ser dúas pequenas aldeas nas que as feiras –e a

[409] AGS, CE, RG, L. 243, fol. 252, o mesmo texto en LARRUGA, E., *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España,* Madrid, 1789, Tomo XLIII, p. 124.
[410] SAAVEDRA, P., *A Facenda,* op. cit., p. 174.
[411] MADOZ, P., *Diccionario,* op. cit., p. 12.

capitalidade xurisdicional e municipal no caso de Folgoso- foron incapaces de xerar desenvolvemento económico e demográfico. A primeira contaba con seis casas en 1723 e cinco casas habitadas en 1860 e a segunda rexistraba tres casas "junto a la Ermita de Nuestra Sra. la Digna" en 1723 e cinco casas en 1860[412].

Durante a segunda metade do século XVIII e primeira do XIX deuse un proceso de extraordinaria multiplicación de feiras mensuais en toda Galicia debido, en opinión de Pegerto Saavedra, non só a razóns económicas senón tamén a outras de natureza social e cultural. Entre as primeiras sinala o aumento dos intercambios e do monetarismo da economía campesiña reflectidos na crecente importancia que acada a produción e comercialización de gando e lenzos na economía campesiña, así como unha ascendente demanda de apeiros de labranza, roupas, sal e pezas de menaxe caseiro. Calcula este autor que entre 1790 e 1850 o incremento moveuse entre o 25 e o 35 por cen, fenómeno común á cornixa cantábrica, Bretaña ou rexións de París e Tolouse. Asemade, sinala que a relación entre este auxe das feiras e a pequena explotación campesiña manifestase no feito de que a maior parte deles se localicen no ámbito rural na medida en que a súa creación foi tamén iniciativa das comunidades campesiñas[413]. Con todo, ese aumento dos intercambios estaba limitado pola debilidade das economías campesiñas para xerar excedentes comercializables e pola súa feble capacidade de demanda de bens de consumo, como ten sinalado Hortensio Sobrado, e precisamente nestas debilidades radicaba a fragmentación do mercado e da proliferación de feiras[414]. Algunhas das feiras que aparecen na comarca de Ordes e arredores durante esta etapa vanse situar no camiño Santiago-A Coruña, corredor que unía os dous polos máis desenvolvidos da Galicia atlántica. Así, en 1768 o Consello de Facenda autorizaba unha feira para a localidade de Sigüeiro de San Martín, (S. André de Barciela), separada de Sigüeiro do Deán (S. Martiño de Oroso) pola ponte que atravesa o río Tambre. Tiña lugar o día 24 de cada mes, motivo polo que o lugar onde se celebraba inicialmente, á beira do camiño real, recibe aínda hoxe o nome de O Vintecatro. Na década de 1790 encabezábase en 750 reais, o que indica que non tiña gran volume de negocio[415].

A concesión doutra feira en 1812 aos veciños de Sta. Mª. de Ordes os mércores da segunda semana de cada mes pon de manifesto a importancia do axeitado do seu emprazamento para a viabilidade económica destes encontros. O feito de que a nova estrada se apartase do vello camiño medieval no tramo que atravesaba esta comarca internándose na parroquia de Ordes, debeu de empuxar aos veciños desta freguesía, en unión cos de San Clemenzo de Mercurín, a solicitar unha feira no contexto da guerra contra os franceses alegando que a necesitaban para vender o seu gando e así poder aboar ás contribucións extraordinarias ás que tiñan que facer fronte por causa da guerra:

> *… Habiendo solicitado los vecinos de la feligresía de Santa María de Órdenes, del partido de Santiago, y coto de Mercurín, del de La Couña, ambos en la provincia de Galicia, que se les conceda el establecimiento de una feria mensual en que poder beneficiar la industria de ganados, único auxilio a que pueden acudir para el pago de las contribuciones que se les imponen por causas de las urgencias del día, designando aquellos para la celebración de dicha feria los miércoles de la segunda semana de cada mes; fue parecer de la Comisión de*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

412 En 2019 Adina rexistraba 51 habitantes e Folgoso 36. Instituto Galego de Estatística, *Nomenclátor estístico de Galicia. Ano 2019* (https.://www.ige.eu.)

413 SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "Feiras, rendas provinciais e motíns na Galicia de finais do século XVIII", en *A Facenda real…*, op. cit., pp.155-222.

414 SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos…, op. cit.

415 AHN, Consejos, Leg. 2919, 3ª peza.

Hacienda de que se accediese a las expresadas solicitudes, declarando por punto general, que se permita celebrar ferias y mercados sin exención de derechos a todos los pueblos que lo soliciten, siempre que la Regencia lo estime oportuno, oyendo antes a la Diputación provincial. Quedó aprovado este dictamen …[416]

A solicitude foi atendida polas Cortes reunidas en Cádiz no mesmo ano no que alumbraron a primeira constitución española. Curiosamente esta petición dos veciños de Ordes e Mercurín levou ás Cortes a autorizar á Rexencia do Reino a potestade discrecional de conceder as feiras que considerase oportuno, de xeito que 25 freguesías solicitaron feira en 1813, entre elas Bembibre (Val do Dubra), co mesmo argumento da necesidade de venda de gando vacún [417]. Por lóxica, a nova feira de Ordes tivo que emprazarse xunto á aldea da Igrexa, lugar polo que pasaba o novo trazado do camiño Santiago-A Coruña e que será o xerme da futura vila. Aínda que de acordó coa concesión de 1812 este encontro debía celebrarse os mércores da segunda semana do mes, a mediados de século xa se trasladara aos terceiros domingos de mes, día que se manterá ata 1967, momento no que se convirten en mercados semanais que retornaron aos mércores[418]. Descoñecemos ata que punto ese novo encontro mercantil puido prexudicar ao de Poulo, a só dous quilómetros de distancia, a pesar de celebrarse en distinto día, pero sen dúbida foi un elemento máis que favoreceu a posición de Ordes á hora de arrebatarlle a Poulo a súa primacía como localidade máis importante da comarca. O caso é que a feira desta localidade pervivíu durante moito tempo posto que a mediados do século XIX o *Diccionario* de P. Madoz informa que aínda se mantiña nese lugar. Pero finalmente acabou sendo trasladada á nova vila de Ordes, pero sen perder popularmente o seu antigo nome de "feira de Poulo", denominación que mantiveron as feiras de Ordes celebradas os segunos domingos de mes, durante boa parte do século XX[419]. En definitiva, ese traslado á vila de Ordes, foi reforzando así o seu papel de substituta das funcións económicas da Calle de Poulo en detrimento desta localidade que perdeu así o último vestixo que lle quedaba da preeminencia que mantivera durante o Antigo Réxime.

O cambio do trazado do camiño Santiago-A Coruña no tramo mencionado produxo un fenómeno parecido entre o lugar de Adina e O Mesón do Vento (Ardemil-Ordes), aínda que máis tardío e cun efecto bastante máis moderado. O feito de que esta última localidade non se mencione en 1723 entre as aldeas de Ardemil, así como o propio topónimo, apunta a que se orixinou a raíz da construción do novo trazado da estrada Santiago-A Coruña e nun lugar no que se tería establecido un establecemento hosteleiro do mesmo nome[420]. En 1822 xa o documenta Domingo Fontán nos bosquexos de campo

[416] Actas de Cortes do 19 de febreiro de 1812. Este mandato das Cortes tomou forma no Decreto de 22 de febreiro de 1812 no que se autoriza á Rexencia do Reino a conceder a celebración de feiras. Unha resolución das Cortes de 1 de marzo de 1812 dispuxo que a Rexencia expedise ordes para que se celebrasen feiras e mercados en todos os pobos que o solicitasen. Cito por RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., "Ferias ..., op. cit.

[417] Ibídem. Sobre o número de feiras concedidas en 1813: SAAVEDRA, P., "La consolidación …, op. cit.

[418] MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 894. En 1974 a feira de Ordes convertérase nunha das máis importantes da provincia da Coruña (MIRALBÉS BEDERA, R. e CASAS TORRES, J. *Mercados periódicos de Galicia,* Santiago de Compostela, 1974, pp. 27). A conversión das ferias dominicais en mercados semanais os mércores foi promovida pola maioría dos comerciantes e aprobada pola corporación municipal en 1967 como figura no correspondiente expediente do Arquivo Municipal de Ordes. Agradezo a Yolanda Castro Mosquera, funcionaria do Concello de Ordes, terme facilitado a información contida nese expediente.

[419] MADOZ, P. , *Diccionario …,* op. cit., p. 1065). Sobre o nome de cada unha das feiras da vila de Ordes a principios do século XX vid. CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 166.

[420] A teoría de que o topónimo procede da existencia dun establecemento deste tipo que xa no seu día apuntou Abelardo Moralejo é a máis estendida e plausible (MORALEJO LASSO, A., *Toponimia gallega y*

preparatorios do seu famoso mapa e en 1825 aparece reflectido no mapa de arciprestados da Arquidiócese de Santiago elaborado por Ángel Marín, polo que todo parace indicar que xurdíu entre finais do século XVIII e principios do XIX[421]. En 1860 esta localidade aínda era unha pequena aldea de tres casas habitadas, unha das cales sería o mesón que lle deu nome ao lugar. Co tempo, a feira da Adina, situada a quilómetro e medio do Mesón, acabou sendo trasladada a esta nova localidade mellor emprazada, pero mantendo o antigo nome ata a actualidade. A celebración deste encontro comercial no Mesón, xunto ao seu emprazamento na beira da estrada Santiago-A Coruña, contribuíu á que durante o século XX esta entidade de poboación se convertese na de maior tamaño dentro do Concello de Ordes, despois da capital municipal, desbancando á Calle de Poulo que aínda ocupaba esa posición arredor de 1930[422].

Na *Geografía General de Galicia* publicada arredor de 1930 menciónanse algunhas feiras que non se documentan nas fontes documentadas durante o Antigo Réxime e primeira metade do século XIX, do que se deduce que terían aparecido na segunda metade desta centuria ou primeiras décadas do XX. En xeral, trátase de encontros mercantís radicados en concellos que carecerán deles no pasado e que quererían telos no seu propio territorio municipal. Sitúanse preferentemente á beira de camiños transitados ou xunto a pontes como é o caso da feira da Foca de Sigüeiro celebrada o primeiro martes de cada mes[423]. Este encontro comercial tiña lugar nas proximimdades da ponte sobre o Tambre o mesmo día que tiña lugar unha feira homónima no lugar da Foca, anaco de terreo que a parroquia de Barciela tiña na marxe dereita do río, lindando co Sigüeiro de Oroso. Todo parece indicar que a feira primixenia sería a da Foca de Barciela, que tomou o nome do lugar de celebración, e que Sigüeiro aproveitou a proximidade dese emprazamento para prolongar o encontro comercial no territorio de Oroso[424]. A modo de hipótese, é posible que a orixe da feira da Foca de Barciela estivese relacionada coa solicitude que os veciños de Barciela dirixiron ao Consello de Facenda para pedir o cambio de emprazamento da feira do "Vintecatro", antes mencionada, debido ao seu inaxeitada localización a carón do Camiño Real segundo argumentan os propios veciños desa parroquia:

leonesa, Santiago de Compostela, 1977, p. 18). Porén, Fernando Cabeza Quiles afirma que a orixe dalgúns topónimos "Mesón" sexa un topónimo orográfico derivado de lugar amesetado (CABEZA QUILES, F., *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia a súa orixe e o seu significado*, Vigo, 1992, p. 263-264). Máis controversia hai ao respecto da segunda parte do topónimo que algúns autores interpretan como alusivo ao nome dun suposto propietario de nome Bento –en cuxo caso habería que escribilo con "b"- e outros da palabra vento, é dicir, aire en movemento. Desta última opinión son o Abelardo Moralejo Fernando Cabeza, así como Fernando Urgorri e Lucindo Fembiella. Estes dous últimos autores apoianse no feito de que nun libro do Catastro de Ensenada correspondente á parroquia de Oroso –cabe pensar que o real de leigos- aparece un lugar que indistintamente recibe os nomes de "Casa do Vento" e "Casa do Aire" (URGORRI, F. e FEMBIELLA, L., *El antiguo…*, op. cit., p. 35).

[421] BRANDALISE, V. H., "Tralos…, op. cit. MARÍN, A., *Mapa Geográfico de el Arzobispado de Santiago: Dividido en treinta y seis Arciprestazgos : Contiene las Provincias de Santiago, Coruña y parte de la de Betanzos, Lugo y Tui. Dedicado al Exmo. Sr Dn. Fr Rafael de Velez..*, Santiago de Compostela, 1825.

[422] En 2019 a vila de Ordes rexistraba 6.133 habitantes, seguida polo Mesón do Vento con 290 habitantes. Instituto Galego de Estatística, *Nomenclátor estatístico de Galicia. Ano 2019* (https://ige.eu).

[423] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 166.

[424] Esta feira deixouse de celebrar durante parte do século XX pero recuperouse como mercado urbano a finais dese século na parte de Sigüeiro que pertence ao Concello de Oroso. No ano 2005 o Consello da Xunta de Galicia aprobou a segregación de 68 hectáreas do territorio da parroquia de Barciela (Santiago de Compostela) ao Concello de Oroso, territorio que incluía o lugar da Foca. Pese a isto, no *Nomenclátor de Galicia* segue figurando ese lugar no Concello de Santiago de Compostela, se ben despoboado.

> … *aunque la concesión* [da feira] *hera para todo género de comercio vendible solamente concurre a ella ganado bacuno en los meses de abril y maio hasta octubre inclusive, y en los más restantes de hivierno quasi o sin quasi ninguno o por la mala situación donde se zelebra en la Calle vereda Real que ba de la ciudad de la Coruña a la de Santiago y otras partes del Reino causando molestia y detención, no solo de los transeúntes, son también a los naturales y obcurrentes a dicha feria por que tiene Su Merced por conveniente se trasladase su celebración a otro sitio más cómodo del mismo pueblo …*[425].

Non sabemos se se atendeu a esa solicitude veciñal pero podería ser que a raíz desta reclamación se emprase no lugar da Foca a partir de certo momento, no mencionado anaco de territorio que Barciela tiña na outra beira do Tambre. De ter ocorrido ese cambio de emprazamento axudaría a explicar o crecemento que experimenta o lugar de Sigüeiro -no couto do Deán, na marxe dereita do Tambre- que pasou de cinco veciños en 1723 a 22 casas habitadas en 1860[426]. Pascual Madoz informa que a mediados do século XIX mantíñase como "mercado de ganado vacuno el día 24 de cada mes" na parroquia de Barciela, sen indicar o lugar no que se reunían os feirantes, e na *Geografía* de Eugenio Carré explicítase que esa feira se celebraba no lugar orixinario do "Vintecatro", o que podería refutar a hipótese que acabamos de presentar; se ben tamén puidera ter ocorrido que despois do suposto traslado desta feira ao lugar da Foca se recuperase o primixenio lugar de celebración, contando a parroquia de Barciela arredor de 1930 coas dúas feiras que se indican na citada *Geografía:* a da Foca e a do Vintecatro[427].

Polo que respecta ao Concello de Ordes, entre a segunda metade do século XIX e primeiras décadas do XX non só trasladou á capital municipal a feira de Poulo senón que creou unha feira nova o cuarto domingo de mes de xeito que arredor de 1930 se celebraban tres feiras ao mes: o segundo domingo de mes a "feira de Poulo" o terceiro domingo a propia de Ordes –especializada na compravenda de mulas- e o cuarto domingo a "Feira Nova". Nesas datas a feira da Adina xa fora trasladada ao Mesón do Vento con nome de "Adina Vella" e tiña lugar o sábado véspera do primeira domingo de mes. Asemade creárase outra no mesmo lugar con nome de "Adina Nova" celebrada o terceiro sábado de mes[428].

3.2.2 Feiras da zona occidental

Na parte occidental da comarca, integrada polos concellos de Cerceda, Tordoia e Trazo, compútanse catro feiras, o mesmo número que na parte central e o dobre que na parte oriental: Monzo-Restande (Trazo), Lestrobe (Benza-Trazo), Cerceda e A Silva (Cerceda). Trátase dunha zona máis montañosa e peor comunicada, como vimos no capítulo anterior, illamento que dificultaba os desprazamentos e, polo tanto, os intercambios comerciais destas comunidades campesiñas con áreas lonxanas, favorecendo encontros mercantís no propio territorio. Como veremos, estas son as razóns que aducen os veciños do couto de Monzo e Restande (Tordoia) para solicitar unha feira en 1783. Desas catro feiras sobreviven dúas na actualidade, a de Cerceda e a da Silva, que sen dúbida contribuiron a que estas dúas localidades sexan na actualidade as máis poboadas

[425] AHN, Consejos, Leg. 2919, 3ª peza.

[426] A parte de Sigüeiro que se situaba na marxe esquerda do Tambre, na parroquia de Barciela (antigo couto de San Martiño e posteriormente concello de Enfesta) contaba con 20 casas habitadas no *Nomenclátor* de 1860.

[427] MADOZ, P., *Diccionario…*, op. cit., p. 106; CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 164..

[428] "En la villa de Órdenes, la feria «de Poulo» el segundo domingo de cada mes; la «de Órdenes» el tercer domingo y la «Feria Nueva» el cuarto. Todas estas ferias son de contratación general" (CARRÉ ALDAO, E. *Geografía…*, op. cit., p. 166). Se o mes tiña cinco domingos a do cuarto saltaba ao quinto.

do Concello de Cerceda e poidan recibir o cualificativo de urbanas. Pola súa parte, Lestrobe, cuxa feira desapareceu na década de 1970 despois de ser trasladada á localidade da Brea en determinado momento, tamén é unha das entidades de maior tamaño de Trazo, pero por debaixo da Brea que é a segunda máis grande despois da capital municipal (Viaño Pequeño). Ao contrario do que veremos na zona oriental, mellor comunicada que esta no período aquí estudado, as feiras do Antigo Réximen incidiron con claridade no desenvolvemento de certos núcleos de poboación, sen necesitar para isto da concurrencia de boas vías de comunicación que non aparecen ata ben entrado o século XX.

Nun dos ramais do camiño que levaba de Santiago a Bergantiños pola Ponte Albar, pouco despois de atravesar o río Chonia pola coñecida como ponte da Ruxida, tiña lugar a feira de Lestrobe (Benza-Trazo), con toda probabilidade xunto á que se denomina "ponte da Feira" que cruza o río Benza, afluente do Chonia. Como xa vimos, en Lestrobe tamén radicaba a cabeza da xurisdición de Montaos posto que alí se levantaban as torres ou pazo dese nome, casa principal dos marqueses de Montaos en toda a franxa territorial que "señoreaban" nesta zona oriental da comarca. Segundo nos di un informe do Consello de Facenda de 1797 esta feira celebrábase "de tiempo antiguo inmemorial" entre o 18 e o 20 de outubro[429], coincidindo coas famosas feiras de Mondoñedo, non só nas datas e na especialización gandeira –neste caso vacún- senón tamén no nome, as San Lucas ou "Sanluca", como aparece nas fontes. Neste tempo de outono, cando o traballo agrícola é menos intenso, os labregos procuraban vender o gando vello ou o que non poderían alimentar durante o inverno[430]. Ademais, a feira de Lestrobe repetíase no domingo de "Pascuilla" e por San Bernabeu (11 de xuño)[431]. Este tipo de feiras de periodicidade máis ampla que as mensuais tamén tiñan un maior radio de atracción de aí que este encontro comercial, pese a contar inicialmente con só con tres convocatorias anuais, fose a segunda en volume de negocio da actual comarca de Ordes xen tanto que en 1752 estaba encabezada en 1.700 reais, algo menos que a de Poulo que era mensual[432]. En 1790 rebaixárase o encabezamento a 1.000 reais, o que parece indicar que neses corenta anos perdera importancia económica[433]. Isto encaixa co que din os veciños de Benza en 1797 cando solicitan que a feira se convirta en mensual: "se fue minorando quanto a estos días la concurrenzia de ganados de suerte que apenas se tiene para tal feria en lo respective a ellos … y tienen por conveniente al común en este país el que dicha feria subsista los citados tres días de el de San Lucas anualmente y aún el que se entablase mensualmente…". Non nos consta en que momento foi atendida esta petición, mesmo se esta feira desapareceu por un tempo, xa que non se menciona no *Diccionario* de Madoz, pero a principios arredor de 1930 si se documentan as feiras de San Lucas, nese momento mensuais e trasladadas á veciña aldea da Brea, situada a dous quilómetros de distancia[434]. Larruga dinos que se compraban e vendían "ganados, bueyes, bacas, novillos, herrages, y otras herramientas de fierro y labranza, paños, telas de sarga y estameña, y otras mercaderías de que usan los naturales deste Reyno"[435]. En 1723 a aldea de Lestrobe contaba con nove fogares e en 1860 con sete casas habitadas, polo que durante o período

[429] AHN, Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza.
[430] GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., "Ferias …, op. cit. e SAAVEDRA, P., "La consolidación …, op. cit.
[431] Esta feira chegou a ter periodicidade mensual (día 26 de cada mes) e subsistiron ata 1976 na localidade da Brea, na mesma parroquia de Benza (Trazo).
[432] AGS, DGR, L. 252, fol. 600.
[433] Ibídem e AHN. Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza.
[434] MADOZ, P.. *Diccionario…*, op. cit., p. 138; Arredor de 1930 Eugenio Carré informa que no concello de Trazo "[s]e efectúan varias ferias: los días 26 en San Lucas y los primeros lunes también en San Lucas, conociéndose estas últimas por la feria de Retorno" (CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit., pp. 168 e 667).
[435] LARRUGA, E., *Memorias* …, op. cit., p. 123.

aquí estudado a feira non incidíu no crecemento desta localidade. Non obstante, a día de hoxe si é unha das entidades de poboación máis habitadas do Concello de Trazo[436].

A uns catro quilómetros de Lestrobe e nas proximidades do camiño que levaba de Santigo a Carballo e Malpica tiña lugar os primeiros domingos de mes a feira do couto de Monzo e Restande (Trazo), couto integrado polas dúas parroquias dese nome –matriz e anexo-, sen que conste nas fontes manexadas neste traballo a localidade concreta na que se celebraba. Cando os veciños deste couto solicitan a feira ao Concello de Facenda en 1783 aluden á lonxanía destas reunións mercantís -posto que a de Lestrobe aínda non era mensual- e ao mal estado dos camiños para desprazarse a elas: "cuios avitantes … no tienen a donde recurrir para su tráfico y granjeo son a mui larga distancia pues la feria más ynmediata que tienen es de tres leguas [probablemente a da Silva] y de mui mal camino, con que deja de verse que necesitan maiormente en tiempo de ynvierno emplear dos días y más para las otras de mayor distancia verificándose verse precisados a concurrir algunas veces a las de quatro y más leguas"[437]. O *Diccionario* de P. Madoz reitera o mal estado dos camiños destas parroquias de terrreo "quebrado y montuoso" pero xa non menciona a feira que tampouco aparece reflectida nos mapas de Fontán nin de Coello; tampouco na *Geografía General del Reino de Galicia* (ca. 1930) o que fai pensar que ese encontro comercial que non debeu sobrevivir por moito tempo[438].

Arredor de dezasete quilómetros ao norte, no lugar de San Amaro da Silva (Rodís-Cerceda), celebrábase feira os terceiros domingos de mes, tal como documenta o *Catastro de Ensenada* en 1752[439]. Con orixe en 1660, segundo Larruga, a mediados do século XVIII estaba encabezada en 1.600 reais a Antonio das Pallas, ocupando o terceiro lugar en volumen de negocio só por detrás das feiras de Poulo e Lestrobe[440]. Pola información que aporta Larruga sería a feira coa oferta máis variada da comarca, ou polo menos onde esta fonte detalla con máis minuciosidade os xéneros que se vendían, porque aos produtos habituais "bueyes y vacas, algunas caballerías, cerdos, gallinas, todo género de pan cocido, buriel de la tierra y manteca" engade que a ela concurren "algunos plateros con arracadas, sortijas, relicarios y algunas caxas para Lignum Crucis. También concurren algunos de la Ciudad de Santiago y de la Villa de Noya, los que traen acuestas en banastas algunas menudencias"[441]. A mención a estes veciños de Santiago e Noia dános idea das distancias que podían percorrer estes mercadores para vender os seus produtos en feiras de mediadno tamaño como esta. Téñase en conta que A Silva atópase a uns 40 quilómetros de Santiago e a uns 60 de Noia. Na actualidade esa localidade emprázase nun cruce de camiños que comunica as comarcas do Xallas, Bergantiños e as mariñas coruñesas, pero nos mapas de Fontán e Coello non se plasmaron vías que pasasen plas súas proximidades. Disto dedúcese que se chegaría ata ela a partir de camiños veciñais, o que non foi inconveniente para que acadara a importancia económica que presenta a mediados do século XVIII, posto que, como vimos no capítulo anterior, este tipo de vías podían ser moi transitadas polas xentes do país. Aínda que no *Diccionario* de Madoz non

[436] No *Nomenclátor* do IGE de 2020 Lestrobe rexistraba 75 habitantes e 95 a veciña aldea da Brea, lugar a onde se trasladou a feira. Esta última era nesa data a localidade máis poboada do Concello de Trazo, con 95 habitantes, despois da capital municipal, Viaño Pequeño, con 133 habitantes (https://www.ige.eu). Nin en 1723 (*Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías de el Arzobispado,* AHDS, Estadística, L. 13), nin no *Nomenclátor de 1860* se documenta o lugar da Brea, polo que esta entidade de poboación tivo que xurdir posteriormente. As feiras das San Lucas perduraron ata 1976.

[437] AHN. Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza. Este mesmo argumento utilizan 25 freguesías en 1813 para solicitar unha feira (SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *La consolidación,* op. cit.)

[438] MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 1278. CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., pp. 670-671.

[439] AGS, CE, RG, L. 166, fol. 1018 v.

[440] AHN, Leg. 2919, 3ª pieza.

[441] LARRUGA, E., *Memorias,* op. cit., p. 148-149.

se consigna esta feira, todo parece indicar que seguiu celebrándose como se deduciría do crecemento experimentado por esta localidade entre 1723 e 1860, que pasa de seis a catorce casas entre 1723 e 1860, e da súa mención na *Geografía General del Reino de Galicia* na década de 1930[442]. Este desenvolvemento sostívose ata a actualidade ata converterlo no segundo núcleo con máis poboación do Concello de Cerceda, despois da capital municipal, manténdose unha feira na mesma data na que se celebraba a mediados do XVIII, factor que non debeu de ser alleo a ese crecemento[443].

A uns nove quilómetros da Silva en dirección nodeste tiña lugar o último domingo de mes a feira de Cerceda, na parroquia e concello do mesmo nome. O seu emprazamento máis probable serían as proximidades do lugar de Vila da Igrexa, entidade a partir da cal se desenvolveu o núcleo da capital municipal que precisamente recibe na actualidade o nome de "Campo da Feira". Segundo di o informe sobre este encontro mercantil remitido ao Consello de Facenda na década de 1790, fora fundada douscentos anos atrás por don Juan Álvarez Amor, receptor da Real Audiencia, con privilexio real de ser franca durante os catro primeiros anos. Polo tanto, coa de Mesía sería das máis antigas da comarca. Despois encabezouse en 100 ducados e o fundador estableceu que, unha vez satisfeita esa cantidade á Coroa, que o restante se gastase en ornamentar a capela que mandara erixir. Segundo os expedientes do AHN nela vendíanse "bueyes, cerdos, frutos y algunas producciones del país" ao que Larruga engade "pan, trigo, mijo grueso y menudo, vino, lienzo, estopa y estopilla, beatillas, paño de somonte y parrilla, algunas sargas …"[444]. En 1752 estaba encabezada en 1.100 reais a unha muller, Alberta Gómez, e ocupaba o quinto lugar en volume de negocio entre as documentadas no territorio da actual comarca de Ordes[445]. Dado o illamento que carecterizou á parroquia de San Martiño de Cerceda ata ben entrado o século XX e tendo en conta que a mediados do XVIII o seu volumen de negocio estaba algo por debaixo da media, todo parece indicar que se trataba dun encontro comercial ao que concurrirían fundamentalmente os veciños da contorna, aínda que como no caso da Silva se terían que achegar mercadores de lugares afastados se atendemos aos produtos ofertados. O mesmo que no caso da Silva, a feira de Cerceda non se documenta no *Diccionario* de Madoz nin nos mapas de Fontán e Coello, pero si na *Geografía General de Galicia* (ca. 1930), polo que cabe supoñer que tivo continuidade, máxime dende que a capital municipal se instalou nesta parroquia cando se constituíu o concello en 1835[446]. Ademais tamén os datos do *Nomenclátor de 1860* valerían de argumento para corroboralo posto que nesa data, tanto A Silva, con 14 casas, como a "Vila da Iglesia" – moi próxima á onde se situaba a casa consistorial en 1860- con 12 casas, eran as dúas das localidades máis poboadas do Concello de Cerceda, dimensións que destacaban nun territorio municipal que naquela data rexistraba como media 3,79 veciños por aldea[447].

Como deciamos no apartado anterior na *Geografía General de Galicia* (ca. 1930) menciónanse feiras que non se documentan no marco cronolóxico aquí estudado polo que tiveron que aparecer con posterioridade, creadas por concellos en cuxos territorios non

[442] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 164.

[443] A Silva, con 514 habitantes en 2020 (https://www.ige.eu), celebra dúas feiras mensuais, unha no primeiro sábado de mes e a outra no terceiro domingo, coincidindo esta última coa data de 1752 (https://www.cerceda.org)

[444] AHN, Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza e LARRUGA, E., *Memorias,* op. cit., p. 148.

[445] AGS, DGR, L. 165, fol. 259 v.

[446] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit., p. 164. Na actualidade a feira de Cerceda ten lugar nas vésperas do segundo e do último domingo de mes. A da Silva celébrase o primeiro sábado de mes e o terceiro domingo. Fonte: https://www.cerceda.org.

[447] Na actualidade A Silva e a actual capital municipal, situada no lugar do "Campo da Feira" seguen a ser as dúas entidades con máis poboación do concello, con 514 e 1.379 habitantes respectivamente. *Nomenclátor estatístico de Galicia*. *Ano 2019* (Instituto Galego de Estatística: www.ige.eu)

existían ou desapareceran estes encontros mercantís. Así, no concello de Tordoia, aparece un novo encontro deste tipo na parroquia de Vila de Abade e outro en Santaia (Gorgullos), tamén xunto ás pontes que salvaban dous ramais do río Lengüelle que se unen nas proximidades desta localidade, coñecidas como pontes Santaia[448].

3.2.3 Feiras da zona oriental

Na parte leste da comarca de Ordes, constituída polas parroquias máis orientais de Ordes e Oroso e polos concellos de Mesía e Frades, documéntanse dúas feiras mensuais: a da Pobra de Mesía e a da Garabanxa. No apartado anterior utilizamos o argumento das malas comunicacións, apoiado nas fontes, como razón da maior proliferación de feiras, polo que unha rede viaria máis tupida como a do territorio da zona oriental e o máis fácil acceso das súas xentes tanto ás feiras da zona central da comarca como a algunhas que se sitúan na contorna da zona leste da bisbarra puido contribuír a xerar menos encontros comerciais deste tipo. Xa vimos como A Pobra de Mesía se emprazaba nun cruce de camiños: os dous que unían as cidades de Santiago e Betanzos, atravesando de sur a nodeste a xurisdición de Mesía, o que saía da Pobra para empalmar na "Venta de la Castellana" coa estrada que levaba de Madrid-A Coruña Coruña e o que levaba ata Curtis. Asemade, recordemos que a Pobra era a cabeza da xurisdición por estar alí a fortaleza medieval que servía de casa de audiencias e que durante o século XIX e parte do XX foi capital municipal. A feira aparece mencionada nos *Expedientes de Hacienda* de Simancas a finais do século XVI e, polo tanto, sería coa de Cerceda unha das máis antigas que documentamos nesta comarca, mesmo anterior a esta[449]. A finais do século XVIII vendíanse nela "cerdosos, bueis, bacas, terneros, paños y otras mercadurías" e estaba arrendada en 280 reais a don Jazinto Andrés de Ron -fidalgo local da casa grande de Alvite-, do que se deduce que era a que tiña menor volume de negocio de toda a comarca[450]. En 1804 Lucas Labrada completa a gama de produtos con "gallinas, pollos, manteca y huevos"[451]. Igual que sucedeu en Folgoso, nin feira, nin camiños, nin capitalidade xurisdicional e municipal conseguiron estimular á Pobra de Mesía para que deixase de ser unha pequena aldea de sete casas habitadas a mediados do século XIX, como rexistra o *Nomenclátor de 1860*[452]. Esta feira aínda se documenta no primeiro cuarto do século XX, data na que se celebraba nos primeiros e últimos sábados de mes segundo informa Eugenio Carré que tamén sinala a pouca importancia deste encontro comercial e a celebración na capela dese lugar da romaría do Carme o 16 de xullo[453].

A feira da Garabanxa (Calvente-Oroso) tiña lugar o último sábado de mes e situábase no ramal que saía do camiño Santiago-A Coruña á altura de Agualada (Marantes-Santiago de Compostela) e corría case paralelo ao Tambre polo territorio dos actuais concellos de Oroso, Frades e Mesía. Despois de cruzar novamente o Tambre por Ponte Castro (Arceo-Boimorto), podíase chegar ata o Mosteiro de Sobrado e dende alí á cidade de Lugo. Segundo o *Catastro de Ensenada* nesta feira "el maior comercio se compone de ganado bacuno y demás menudencias de comestible"[454]. É mencionada en 1804 por Lucas Labrada, aparece rexistrada no mapa de Domigo Fontán de 1845 pero curiosamente non a recolle o coetáneo *Diccionario* de Madoz nas entradas

[448] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit., p. 168.
[449] AGS, EH, leg. 87, Tierra de Mesía.
[450] AHN, Consejos, 2919, 3ª pieza.
[451] LABRADA, L., *Descripción…*, op. cit. p. 91.
[452] Debe advertirse que a aldea da Pobra estaba repartida entre as parroquias de San Cristovo de Mesía e Santiago de Bascoi con catro casas habitadas na primeira e tres na segunda en 1860. O actual *Nomenclátor de Galicia* asigna esta localidade a Santiago de Bascoi.
[453] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit., p. 647.
[454] AGS, CE, RG, L. 242, fol 347.

correspondentes á parroquia de Calvente e ao Concello de Oroso pero si no do Concello de Mesía cando detalla o curso do río Maruzo[455]. Este é un dos exemplos que nos leva a desconfiar da omisión doutras feiras neste dicionario que si se documentan en fontes coetáneas ou posteriores. Nas primeiras décadas do século XX seguía celebrándose o último sábado de cada mes[456]. A Garabanxa é outro dos casos nos que nin a existencia dun encontro comercial nin o feito de estar á beira dun camiño de relativa importancia servíu para estimular o seu desenvolvemento: en 1860 esta localidade contaba con catro casas, tres na parroquia de Calvente (Oroso) e unha na de Moar (Frades)[457].

Con posterioridade ao marco temporal deste traballo créanse novas feiras no Concello de Frades seguramente coa vontade de contar con encontros mercantís propios. Así, na *Geografía General de Galicia* (ca. 1930) cítanse as feiras de Moar e da Ponte Carreira. A primeira situada na parroquia do mesmo nome, xunto á ermida de San Roque –a catro quilómetros da da Garabanxa (Calvente-Oroso)- e a seis da segunda. Esta última, situada na parroquia de Gafoi xunto a unha das pontes do Tambre, favorecerá que Ponte Carreira se convirta durante o século XX no núcleo máis poboado do concello, circunstancia á que tamén contribuíu decisivamente o paso por esta ponte da nova estrada que conectou Compostela coa liña férrea A Coruña-Lugo, tramo inaugurado en 1875, a través da estación de Curtis.

3.3 AS FEIRAS E MERCADOS DA CONTORNA E DO MUNDO URBANO

Ademais da mencionada feira do "Vintecatro", radicada fora dos límites do territorio aquí estudado, débense citar outras situadas nos límites ou proximidades da actual comarca porque a elas tamén acudían as xentes do desta a vender o seus produtos e mercar aqueles que non se daban nestas terras de montaña. Dada a amplitude territorial desta comarca, sobre todo de leste a oeste, e as malas comunicacións entre a zona occidental e a oriental parece lóxico que os veciños de Arxeriz (Tordoia) frecuentasen as feiras da comarca do Xallas e non as da xurisdición de Mesía. Do mesmo xeito os de Mesía acudirían con máis facilidade ás de Curtis e Boimorto que ás da zona occidental. Cando os desprazamentos eran a ferias situadas ao norte da comarca producíase o contacto das xentes da montaña ordense coas dos vales e as das mariñas intercambiando produtos dos seus lugares de procedencia e contrastando a idiosincrasia propia dos habitantes de áreas xeográficas de natureza tan diversa, o que tamén supuña un intercambio de tipo inmaterial. Pola súa parte, as feiras e mercados urbanos como os de Santiago, A Coruña e Betanzos eran un punto de encontro entre o mundo rural e o urbano permitíndolle penetrar ás xentes do campo en ámbitos alleos aos da súa vida cotiá, o que sen dúbida lles supuña unha experiencia enriquecedora no plano do inmaterial: unha sociabilidade con usos e costumes diferentes e uns espazos urbanos cuxa arquitectura monumental os debía impresionar, sobre todo no caso Compostela, cando se visitaban por vez primeira.

Cara o norte a máis próxima destas feiras era a das Travesas, na parroquia de Sta. Mariña de Beira (Carral), limítrofe con Ardemil e emprazada na ruta que levaba a Betanzos dende o ramal que saía do camiño Santiago-A Coruña. Celebrábase os primeiros domingos de mes e "en ella se benefician todo xénero de granos, ganados maiores y menores y más comestibles que produce la tierra, y con abundancia por allarse por allarse en medio de la Montaña y Mariña, de cuya feria se abastece la ciudad de La Coruña,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[455] MADOZ, P., *Diccionario …*, op. cit., p. 812.
[456] CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña" …, op. cit., p. 654.
[457] O *Nomenclator de Galicia* (https://www.xunta.gal/nomenclator) mantén repartida esta localidade entre as mencionadas parroquias e concellos, pero o *Nomenclátor* de 2020 do Instituto Galego de Estatística (https://www.ige.eu) so a rexistra na parroquia de Moar (Frades) e sen habitantes.

Betanzos y mas pueblos de las ynmediaciones..."[458]. Esta situación entre a montaña e a mariña conferíalle especial importancia xa que alí chegaban os famosos produtos hortofrutícolas das mariñas de Betanzos que non se daban na comarca de Ordes polas súas características morfoclimáticas. Ao mesmo tempo permitiría conducir a esas cidades os excedentes pecuarios da comarca de Ordes que abastecerían de carne os seus mercados urbanos. Esta feira mantívose ata o século XX e é mencionada por Lucas Labrada, Pascual Madoz e Eugenio Carré[459]. Máis ao norte, lindando con Sto. André de Meirama (Cerceda), tiña lugar a de Celas de Peiro (Culleredo) os segundos domingos de mes e que a finais do século XVIII di contar con 130 anos de antigüidade[460]. Ao noroeste hai que mencionar a feira de Paiosaco que se celebraba os primeiros domingos de mes na freguesía de Lestón (A Laracha) e que a mediados do século XIX era "muy concurrida de las gentes del país", segundo o *Diccionario* de Madoz, "cuyo tráfico principal es de ganado vacuno, frutos, legumbres y utensilios de cocina"[461]. Pola súa situación, nun dos ramais do camiño que unía Santiago con Bergantiños atravesando a parte occidental da comarca de Ordes –que, á súa vez se unía á estrada A Coruña-Fisterra-, e pola información que nos aporta o *Diccionario* de Madoz, funcionaba como centro de intercambio de produtos da montaña –o gando- e dos vales prelitorais –froitos e legumes-, ao igual que ocorría na feira das Travesas. A súa importancia nesa época revélaa o feito de ser citada por Pascual Madoz como un dos lugares de destino do citado camiño Santiago-Bergantiños[462]. Ao norte, A Coruña é a capital máis próxima para as parroquias do actual concello de Cerceda (arredor de vintecinco quilómetros), polo que as feiras de Santa Lucía, que tiñan lugar entre o 13 o 21 de decembro, e os mercados semanais dos mércores e sábados desta cidade atraerían ás xentes das mencionadas freguesías, así como as do norte de Ordes e Mesía, pois eran encontros cunha maior demanda que as feiras rurais nos que podían colocar os seus excedentes agropecuarios ao tempo que se podían abastecer de artículos que só ofertaban os mercados urbanos. A principios do século XIX Lucas Labrada di que a de Santa Lucía fora unha feira moi concurrida e cunha amplísima gama de produtos nacionais e extranxeiros pero que nese momento a oferta era moi reducida e que case todos os artículos viñan de Santiago[463]. Porén, case medio século despois o *Diccionario* de Madoz volve a ofrecer unha imaxe moi puxante deste encontro[464].

As parroquias do oeste e noroeste da comarca contaban con feiras rurais moi próximas como a de Cernadas en (Portomouro-Val do Dubra), e a de Rus (Rus-Carballo) fundada por concesión real en 1778. Polo sur hai citar a da Agualada, na parroquia de San Vicente de Marantes (Santiago de Compostela), próxima a Sigüeiro, que tiña lugar o 16

[458] AHN. Consejos, Leg. 2919.
[459] LABRADA, L., *Descripción…*, op. cit, p. 91; MADOZ, P., *Diccionario…*, op. cit., p. 1301; CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 164.
[460] AHN. Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza.
[461] MADOZ, P., *Diccionario…*, op. cit., p. 709.
[462] Cando o *Diccionario* de Madoz menciona a situación da parroquia de Sta. María de Trazo di: "situada sobre la derecha del camino que desde Santiago se dirige a Baños de Carballo y feria de Payo-saco" Ibídem, p. 1278)
[463] LABRADA, L., *Descripción…*, op. cit., p. 51.
[464] Ao respecto destes encontros comerciais o *Diccionario* de Madoz di o seguinte: "Desde el día 13 al 21 de diciembre se celebra el la c. de la Coruña la feria llamada de Sta. Lucía, una de las mas concurridas por el gran surtido que en ella se presenta de géneros nacionales y extranjeros, alhajas, utensilios y efectos de oro, plata, cobre, hierro y otros metales, telas del país, pieles curtidas y demás prod. de la agricultura y fáb.: se celebra también mercado todos los miércoles y sábados del año, y en ellos se negocian iguales géneros, aunque con especialidad los artículos de consumo, tales son: granos, semillas, legumbres, hortlizas, frutas, carnes y pescados… (Ibídem, p. 123).

de cada mes "la que se compone únicamente de ganado bacuno"[465]. Segundo Lucas Labrada, a principios do século XIX tiña lugar os primeiros domingos de mes e nela non só se podía atopar gando vacún, senón tamén "trigo, centeno, maíz … gallinas pollos, huevos, manteca y quesos"[466]. Ao sur do Tambre e á altura da parroquia de Gándara (Oroso) celebrábase no lugar de Dúas Casas (Arca-O Pino) outra feira especializada na comercialización de liño, mentres no couto de Medín (Medín-O Pino), no lugar de San Gregorio, organizábase o día 22 dos meses que van de abril a setembro outra que se reducía "solamente a bueyes grandes, medianos y pequeños desde que ya tienen un año en adelante"[467]. Os mercados francos de Santiago dos primeiros xoves de cada mes, os mercados urbanos que se celebraban os xoves de todas as semanas e as ferias do Apóstolo e da Ascensión "en las que el maior comercio es en ganados bacuno y caballar"[468], que duraban tres días –se ben Lucas Labrada di que a principios do século XIX se prolongaban durante oito xornadas-, debían atraer aos veciños da metade sur da comarca[469]. En Compostela podían abastecerse dun amplo surtido de produtos, non só nas feiras e mercados senón tamén no rico comercio da cidade[470]. Asemade esas mesmas xentes podían darlle saída aos excedentes gandeiros nas feiras do Apóstolo e da Ascensión e nos mercados francos dos primeiros xoves de mes, excedentes que nestes casos podían canalizarse cara fluxos de mercado de máis amplo alcance, igual que ocorrería nos encontros mercantís da Coruña[471].

Ao leste, lindando coa xurisdición de Mesía, a famosa feira da Illana (Fisteus-Curtis) tiña lugar o cinco de cada mes "a la qual concurre todo xénero de ganados maiores y menores, manteca, capones, quesos y más comestibles, tiendas de paños y otras de quinquillería, vienen a ella jentes de varias partes y expecialmente del contorno", segundo Larruga, "de dos leguas en contorno". A mediados do século XVIII estaba arrendada en 2.711 reais, é dicir, por 700 reais máis que a de Poulo, volume de negocio que a debía facer máis atractiva que esta aos poboadores da parte leste da comarca[472]. Tamén ao leste atopamos a de Sta. Mª de Mezonzo (Vilasantar) os terceiros domingos de mes "en la que se venden ganados vacunos, cerdosos, gallinas, pollos, perdices, manteca, huevos, frutas, pan, vino, herramientas y algunos paños de lana de Castilla, aunque en poco número, telas de burel y estopa de la tierra", arrendada en 2.000 reais, é dicir coa mesma categoría que a de Poulo[473]. A feira de Ponte Castro (Arceo-Boimorto) tiña lugar á beira do río Tambre, xunto á ponte deste nome, lindando coa parroquia de San Sebastián de Castro (Mesía). Aparece indicada nos mapas de Fontán e Coello pero non hai noticia dela nin no *Castastro de Ensenada* nin no *Diccionario* de Pascual Madoz. A súa pervivencia nas primeiras décadas do século XX, documentada na *Geografía General del Reino de*

[465] AHN. Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza.
[466] LABRADA, L., *Descripción…*, op. cit., p. 91.
[467] LARRUGA, E., *Memorias* ...., op. cit. p. 130. AHN, Consejos, Leg. 2919, 3ª peza.
[468] AGS, CE, RG, L. 240, fol. 19 r.
[469] LABRADA, L., *Descripción…*, op. cit., p. 92.
[470] O *Diccionario* de Madoz indica que a mediados do século XIX Santiago contaba con "42 tiendas de quincalla, 51 de abacería, 60 de paños y tejidos de seda y un sin número de tiendas de otras clases" (MADOZ, *Diccionario*…, op. cit., p. 1195).
[471] No Catastro de Ensenada só se apunta a duración de tres días para as feiras do Apóstolo, do 25 ao 27 de xullo (Ibídem), pero a mediados do século XIX Madoz xa indica esa duración para as dúas feiras (MADOZ, *Diccionario*…, op. cit., p. 1195).
[472] AHN, Consejos, Leg. 2919, 3ª peza. LARRUGA, E., *Memorias…*, op. cit., p. 123; AGS, CE, RG, L. 158, fol. 1.697 v..jpg
[473] LARRUGA, E., op. cit. p. 124; AGS, CE, RG, L. 243, fol. 43 r.

Galicia, confirma a súa existencia e o feito de que Madoz omite destes encontros comerciais[474].

Por último, ao nodeste da comarca, as feiras da cidade Betanzos celebradas cada primeiro de mes, ademais da do 11 de novembro, así como os mercados que tiñan lugar todos os xoves, atraerían sobre todo ás xentes das parroquias do actual Concello de Mesía igual que as de Santiago atraerían aos do sur da comarca e as da Coruña ás das parroquias do norte. Aparte dos produtos que non se atopaban nos encontros comerciais do mundo rural eran especialmente aprezadas as sementes ofertadas na cidade brigantina. Segundo o *Diccionario* de Madoz nela podían atoparse: "toda clase de granos, semillas y legumbres; ganado vacuno, caballar y de cerda; aves domésticas y silvestres; aperos de labranza; obras de cerrajería y carpintería, quincalla, paños de todo género de ropa, como también otros art. de consumo"[475]. Do mesmo xeito que na feira das Travesas ou as de Paiosaco serían lugar de intercambio de produtos da montaña e da mariña.

3.4 OS PRODUTOS

Como vimos, a mercadoría máis importante destas feiras da comarca e da súa contorna era o gando vacún -"la principal industria del labrador", en palabras de Ángel Rodríguez,- algo común ás restantes feiras de Galicia, e en particular as das bisbarras do interior[476]. Segundo Eugenio Larruga algúns destes encontros comerciais limitábase a esta mercadoría, como o de Agualada (Marantes-Santiago), Cernadas (Portomouro-Val do Dubra), Lestrobe (Benza-Trazo) ou San Gregorio (Lardeiros-O Pino). Isto hai que poñelo en relación coa intensificación no granxeo de gando vacún que se deu en comarcas interiores como a de Ordes no século XVIII. O restante gando maior e menor, así como as aves de corral, non estaban ausentes pero son menos citados nas fontes. O feito de que só Lucas Labrada mencione o tráfico de mulas na feira da Illana[477], cando se sabe polo *Catastro de Ensenada* que era un gando abundante na comarca e que a súa comercialización resultaba un negocio substancioso, podería indicar que éste se realizaba directamente en feiras de máis envergadura coma as de Santiago, inserindo este gando en fluxos comerciais de máis longo alcance como o da exportación[478]. Neste sentido, a exclusión explícita da venda de gando cabalar na feira de Poulo pode ter o mesmo significado[479], se ben na feira da Silva aparecen os cabalos na oferta de gando. Ademais ofertábanse outros produtos procedentes dos escasos excedentes agropecuarios do campesiño medio: trigo, centeo, millo máiz, millo miudo, castañas, fabas, ovos, manteiga, queixos, pan cocido, liño fiado e por fiar e algún que outro lenzo[480]. Aparte dos xéneros mencionados, os campesiños abastecíanse daqueles outros estritamente necesarios que non se producían na maioría destas comunidades aldeás: viño, tecidos diversos (panos de Castela; buriel; sarga; estameña; *beatillas*, estopa en tela...), ferraxes, ferramentas e apeiros de labranza. Excepcionalmente, aqueles que tiñan posibles podían adquirir bens suntuarios como os que se ofertaban na feira da Silva (Rodís-Cerceda): "arracadas,

[474] Arredor de 1930 celebrábase o primeiro sábado e o último domimgo de mes. CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 649.

[475] As ferias e mercados de Betanzos xa tiñan a regularidade sinalada a mediados do século XVIII, segundo as *Respuestas generales del Catastro de* Ensenada (AGS, CE, RG, L. 156, fol. 430) e mantíñana a mediados do século XIX segundo informa o *Diccionario* de Madoz (MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 149).

[476] RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., "Ferias…, op. cit.

[477] LABRADA, L., *Descripción …,* op. cit., p. 91.

[478] EIRAS ROEL, A., "Hautes terres et basses terres en Galice: la concetration réxional du bétail", en *Élevaxe et vie pastorale*, Clermont-Ferrand, 1984, pp. 120-150.

[479] "ganado maior y menor de todas expecies a exsceupcion de ganado cavallar..." (AGS, DGR, 1ª R., L. 241, fol. 165)

[480] Por exemplo, a feira de Dúas Casas (Arca-O Pino) estaba especializada na comercialización de liño (LARRUGA, E., *Memorias...,* op. cit., p. 126).

sortijas, relicarios y algunas caxas para Lignum Crucis..."[481]. En todas estas feiras bótase en falta a mención á venda de pescado curado que si se menciona nos encontros comerciais doutras zonas nos textos de Eugenio Larruga e Lucas Labrada.

3.5 ARRENDAMENTOS, ARRENDATARIOS E ARANCEIS

Nas liñas precedentes vimos como as feiras eran arrendadas polos veciños das parroquias a individuos que se facían cargo das cantidades nas que estaban encabezados estes encontros mercantís. Dese xeito -e tamén co arrendo das tabernas- facían fronte ao pagamento de cargas fiscais como as rendas provinciais[482]. A partir do valor deses arrendamentos pódese estimar o volume de negocio de cada un destes encontros comerciais e establecer rangos e comparacións non só entre as feiras da comarca senón tamén con outros de distintas zonas de Galicia. Á súa vez, o volume de negocio é indicativo da capacidade de convocatoria e da área de influencia de cada feira. Como vimos na táboa 1, os arrendamentos das feiras desta comarca movíanse entre os 2.011 reais da feira de Poulo e os 280 da da Pobra de Mesía, o que indica que o volume de negocio podía ser moi dispar. Este estaría en relación co tipo de mercadorías que se ofertaban, coa duración das feiras -varios días como as San Lucas de Lestrobe, unha xornada ou medio día- e co seu radio e capacidade de convocatoria. O valor medio resultante dos sete arrendamentos que coñecemos é de 1.293 reais, o que nos indica que no seu conxunto se trataba de encontros comerciais de rango medio, na liña da feira da Fonsagrada, encabezada en 1.248 reais, pero moi distante da media de 4.411,50 reais que se obtén a partir dos valores dos arrendos de 1751 que nos ofrece Olga Gallego para a provincia de Ourense[483]. As feiras de Poulo, Lestrobe, A Silva ou Adina situábanse por riba desa media das do territorio da actual comarca de Ordes, ao mesmo nivel doutras da penichaira coruñesa situadas na contorna comarcal, como a de Mezonzo (Vilsantar), pero por debaixo doutras tamén próximas como a da Illana (Fisteus-Curtis) arrendadas en en 2.000 e 2.711 reais respectivamente a mediados do século XVIII. Estes valores palidecen fronte ás cifras de encontros ourensáns como os do Carballiño, Xinzo de Limia ou Allariz, arrendados en 14.983, 12.250 e 6.030 reais, na mesma orde[484].

No caso da feira da Garabanxa (Calvente-Oroso), as *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* non indican a cantidade na que estaba encabezada nin arrendada pero si o arancel que o arrendador lle aplicaba a certos produtos: "y los derechos de ella son cobrando tres por ciento del importe de dicho ganado bacuno y de los cerdozos a dos maravedís por cada real y por cada capón o gallina quatro maravedís, de una libra de lino o una vara de lienzo o estopa otros quatro maravedís"[485]. O gravame que se lle aplicaba ao gando vacún non era excesivo pois sitúase entre o 1% e o 4% que documentou Pegerto Saavedra para distintas feiras de Galicia[486]. Porén, o aplicado ás aves de corral duplícabase ao situarse cerca do 6%, incremento que se volvía a duplicar no caso do liño, lenzos e estopa disparándose ata o 11,76%. Algúns informes dos expedientes do Consello de Facenda de finais do século XVIII non só nos dan noticia dos aranceis que se aplicaban senón que tamén denuncian os abusos nos que incurrían os arrendatarios. Así, na feira da Silva (Rodís-Cerceda) pactárase un gravame do 3% "hasta que con el tiempo y las ventajas de las posturas se han hecho aquellos bibos aranceles cobrando lo que se les antojaba". Do mesmo xeito na de Lestrobe (Benza-Trazo) os arrendadores cometían

[481] Ibídem., p. 149
[482] GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., "Ferias …, op. cit. e GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., "Las tabernas…
[483] O dato da feira da Fonsagrada procede de SAAVEDRA, P. "Feiras, op. cit., e os de Ourense de GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., "Ferias …, op. cit.
[484] Ibídem.
[485] AGS, CE, RG, L 242, fol. 317.
[486] SAAVEDRA, P., *A Facenda…*, op. cit., p. 174.

abusos no cobro das taxas: "sin observancia de regla fija ni aranzel que en ningún tiempo se manifestase, conceptuándose que los mismos arrendatarios se excedían"[487]. En definitiva que, dependendo do artículo, o arancel podía variar substancialmente. Polos exemplos que nos aporta a feira da Garabanxa dedúcese que se lle aplicaba un gravame reducido a aqueles produtos de maior valor, pero conforme se reducía este se incrementaba o arancel. Por outra parte, os gravames pactados non sempre eran respectados polos arrendatarios das feiras que os incrementaban conforme pasaba o tempo para engordar as súas ganancias. Vimos que cando se creou a feira de Cerceda a finais do século XVI contou co privilexio real de ser franca durante os primeiros catro anos, é dicir, que os concurrentes estaban exentos do pago de gravames para a Coroa. Outorgábaselle así un incentivo para avivar a asistencia inicial de xentes que garantise o éxito de partida co fin de favorecer a consolidación do novo encontro comercial. Non temos noticia de que ningunha outra feira desta comarca gozase dese privilexio para todos os asistentes pero si para os veciños do lugar no que se celebraba, como é o caso da da Silva, algo que non era infrecuente neste tipo de encontros mercantís.

Os arrendatarios das feiras formaban un colectivo diverso pero de intereses común; negociantes de ámbito local que responden aos perfís que se poden atopar no resto de Galicia, dende o fidalgo que tiña arrendada a feira da Pobra de Mesía, pasando polo escribán real que levaba as de Adina (Ardemil-Ordes) ata a muller que se ocupaba da de Cerceda. Caso a destacar é o do pouleiro de Benito de Uzal, verdadeiro home de negocios do mundo rural, quen aparte de ter o arrendo da feira máis importante da comarca, a de Poulo, tamén levaba o da taberna e tenda de "groçería" e "mercendaría", é dicir un colmado, e era dono do mesón, establecementos situados na Calle de Poulo.

3.6 RADIO DE INFLUENCIA DAS FEIRAS

O informe sobre a feira das Travesas (Beira-Carral) conservado no AHNtamén revela a área de influencia deste encontro comercial ao indicar que abastecía ás cidades da Coruña e Betanzos[488], situadas a uns 30 e 20 quilómetros respectivamente desa localidade. "en ella se benefician todo xénero de granos, ganados maiores y menores y más comestibles que produce la tierra, y con abundancia por allarse por allarse en medio de la Montaña y Mariña, de cuya feria se abastece la ciudad de La Coruña, Betanzos y mas pueblos de las ynmediaciones... "[489].

No contexto de fragmentación do mercado que supuña a proliferación de feiras, cada feira xeraba a súa propia área de mercado. A partir das fontes utilizadas non resulta posible concretar cal era ese radio de influencia en cada caso, se ben para algunhas feiras se indican as leguas que transitaban as xentes que concurrían a elas en determinado momento o que nos dá unha idea da cal podía ser o seu perímetro de de atracción. O escrito dos veciños do couto de Monzo e Restande (Trazo) dirixido ao Consello de Facenda solicitando unha feira en 1783 aporta información de interese a este respecto. Para solicitar o novo encontro comercial argumentaban que o máis próximo estaba a tres leguas –uns quince quilómetros- e que ás veces concurrían a outras que estaban a catro ou máis leguas. Debido á mala calidade dos camiños e á curtidade dos días en inverno podían necesitar de dous ou máis días para chegar a estas últimas[490]. Sen descartar que esta solicitude conteña certa carga de esaxeración no que se refire ao tempo que necesitaban para chegar ás feiras máis lonxanas o certo é que outras fontes falan de distancias

[487] AHN. Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza.
[488] Ibídem.
[489] Ibídem.
[490] Ibídem.

similares. Así, a mediados do século XIX e segundo o *Diccionario* de Madoz á feira da Adina (Ardemil-Ordes) concurrían xentes procedentes de tres a catro leguas da contorna.

Tomando o valor do arrendamento da feira como referencia do seu volume de negocio e, en consecuencia, do seu grao de atracción e concurrencia, e poñéndoo en relación coa distancia percorrida polos concurrentes segundo fontes coetáneas poderíase establecer unha correlación entre valor do arrendamento e distancia percorrida. Só contamos con estes dous datos para a feira da Illana (Fisteus-Curtis) que cun arrendamento de 2.700 reais a mediados do século XVIII atraía, segundo Eugenio Larruga, a xentes de dúas leguas da contorna. A exactitude dos datos de Larruga parace dudosa pois resulta un radio de influencia moi reducido para un encontro dese calibre, sobre todo se o comparamos co da feira da Adina a mediados do XIX, salvo que esta tivese incrementado o seu volume de negocio entre mediados do século XVIII –cando se arrendaba en 1.260 reais- e mediados do XIX, o que non é descartable grazas á proximidade desta ao novo camiño carreteiro Santiago-A Coruña. Sexa como fose parécenos arriscado facer extrapolacións deste tipo sen unha mostra máis ampla, de xeito que o máis prudente é concluír que a capacidade das feiras rurais entre mediados do século XVIII e mediados do XIX podían atraer a xentes dunha contorna que podía oscilar entre dúas e cinco leguas ou, o que é o mesmo, entre dez e vinte cinco quilómetros. A área de influencia das feiras de carácter anual que duraban varios días, particularmente as do ámbito urbano, tería que ser superior.

Os mercadores que acudían a estas feiras aínda percorrían distancias moito máis grandes como se deduce da oferta de certos artículos que procedían de fora da comarca. A mención que se fai nas *Memorias* de Larruga sobre mercadores oriundos de Santiago e Noia que vendían os seus produtos na feira da Silva (Rodís-Cerceda) a mediados do século XVIII dá idea das distancias que estes podían transitar –entre 40 e 60 quilómetros- para asistir a este tipo de encontros comerciais[491]. Algúns dos artículos ofertados, como certos tecidos, procedían de fora de Galicia polo que non hai que descartar a presenza de mercadores foráneos, se ben tamén podían ser comerciantes galegos que os compraban en mercados de máis alcance para revendelos despois nestas feiras medianas ou pequenas. A este respecto Lucas Labrada informa que algúns mercadores de Santiago saían polas feiras da provincia para a venda de lenzos do país e de panos e telas procedentes de Castela, Cataluña e Valencia[492].

3.7 DIMENSIÓN SOCIAL E FESTIVA: ERMIDAS E ROMARÍAS

Era frecuente que nos campos das feiras houbese capelas ou ermidas construídas coas esmolas dos feirantes ou por fundación dalgún particular como vimos no caso de Cerceda. Na honra dos santos venerados nesas capelas celebrábanse romarías anuais tanto máis sonadas canto máis importante era a feira e o seu radio de atracción[493]. Estas romarías, igual que as propias ferias, eran ocasións para socializar con veciños e amigos pero tamén para ampliar as amizades e mesmo para o cortexo das parellas. As danzas, expresión da cultura popular propia das romarías, propiciaban cortexos que podían rematar en relacións de noivado e casamento, cando este non era concertado polos petrucios da parella, compromiso que tamén se podía pactar con ocasión dalgunha feira ou romaría. O carácter

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[491] LARRUGA, E., *Memorias…,* op. cit., p. 148-149.
[492] LABRADA, L., *Descripción…,* op. cit., p. 88.
[493] Sobre os distintos tipos de ermidas e campos de romaría véxase MINGOTE RODRÍGUEZ, F., *A rede…,* op. cit. pp. 199 e ss.

de día extraordinario que tiñan as feiras e romarías manifestábase tamén no vestir e tanto campesiños como señores acodían a elas coas súas mellores galas[494].

Imaxe 1. Espazo feiral da Garabanxa (Calvente-Frades) con carballeira, capela e taberna



Documéntanse capelas ou ermidas para seis das dez feiras que se tiñan lugar nesta comarca entre mediados do século XVIII e mediados do XIX. Nalgúns casos aínda se conservan ermida e romaría, noutros desapareceron ambas, e non hai que descartar que a existencia doutras que non se puideron documentar nas fontes manexadas para este traballo. A capela máis antiga da que temos constancia foi a mandada levantar por don Juan Álvarez Amor, receptor da Real Audiencia de Galicia, no campo da feira de Cerceda a finais do século XVI. Tamén mandou que o que sobrase da cantidade na que se encabezou a feira "había de invertirse en ornatos de la capilla que fundó el mismo en el campo donde se zelebra la feria" [495]. Na Calle de Poulo erixiuse no século XVII unha ermida dedicada á Nosa Señora da Mercé, unha das de maior tamaño e calidade artística da comarca ata o punto de que na actualidade se desenvolven nela as funcións propias da igrexa parroquial. Aínda que a feira foi trasladada á vila de Ordes a romaría seguiu celebrándose o 24 de setembro no lugar que fora campo da feira, mantendo unha atracción proporcional á importancia que gozara aquela no pasado, de xeito que ata a segunda metade do século XX o "vintecatro de Poulo" foi unha das festividades deste tipo máis concurridas da comarca. Pero entre as feiras desaparecidas é a da Garabanxa a que mellor conserva os elementos característicos dos lugares de celebración destes encontros comerciais: a ermida da Nosa Señora da Mercé, con romaría o 8 de setembro, a carballeira onde tiñan lugar as transaccións e o edificio da taberna onde os feirantes comían, bebían e mesmo podían pechar algún trato. A mediados do século XIX, o escritor Antonio María de la Iglesia dicía ao respecto desta feira "que se hace en un campo y *devesa* o robleda mejor que la de Padrón, entre tres ríos que son Samo, Tambre y Maruzo"[496]. Na Pobra de Mesía a ermida na que hoxe se celebra a festa na honra da Virxe do Carme leva as armas dos Fonseca, como sinal de pertenza á Mitra compostelá. Por último, entre as ermidas desaparecidas hai citar a existente na Adina (Ademil-Ordes), "ermita de Nuestra Sra. la

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[494] SAAVEDRA, P., "La consolidación …, op. cit. e SANTOS SOLLA, J. M., "Fiestas, op. cit. Unha descrición da vestimenta dos campesiños desta comarca a mediados do século XIX en IGLESIA, A. M. de la, "Galicia rural. Mesía…, op. cit.

[495] AHN. Consejos, Leg. 2919, 3ª pieza.

[496] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Mesía…, op. cit. Tamén é citada en MINGOTE RODRÍGUEZ, F., *A rede…*, op. cit. pp. 208 dentro da tipoloxía de "Ermidas de fonte e braña".

Digna" da que podería proceder o nome do lugar, e a da Silva (Rodís-Cerceda) onde había outra dedicada ao Espírito Santo[497].

Cando as feiras caían en domingo, nestas capelas oficiábase misa de xeito que os feirantes podían cumprir co precepto. Téñase en conta que das dez feiras desta comarca, cinco tiñan lugar en domingo, unha proporción superior á que se documenta para o conxunto de Galicia que a finais do século XVIII rondaba o 35%. Esta circunstancia preocupaba ás autoridades relixiosas pois implicaba a inasistencia dos labregos ás misas dominicais das súas respectivas parroquias ou a falta da debida atención a esta celebración litúrxica cando se oficiaba na capela do campo da feira[498]. A este respecto, Pegerto Saavedra ten sinalado a dificultade de deslindar o plano sagrado do profano nestes encontros comerciais, xa que moitas veces a devoción ao santo da ermida era anterior á mesma feira, pero conclúe que o elemento profano se impuxo ao relixioso para disgusto do clero que perdía así o control destas novas modalidades de sociabilidade que se engadían ás relixiosas[499]. Non obstante, a pesar das reticencias das autoridades relixiosas e mesmo civiles ao respecto da mala influencia das ferias para os costumes da xente tamén había quen as vía como un medio de socialización que servía para "civilizar" aos rústicos. Neste sentido se expresaba en 1798 o Diputado Xeral do Reino: "se debe también a los mercados … el que se hagan más sociables aquellos naturales, saliendo de entre los montes escabrosos que dificultan su comunicación"[500].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[497] A "ermita de Nuestra Sra. la Digna" é mencionada na enquisa sobre *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías de el Arzobispado* de 1723 (AHDS, Estadística, L. 13). No lugar da Adina aínda se conserva o campo da feira e un caseto no que a tradición oral di que estaba a taberna que daba servizo aos feirantes.

[498] SAAVEDRA, P., "La consolidación …, op. cit.

[499] Ibídem.

[500] Cito por SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

4. POBOAMENTO E HÁBITAT RURAL

A parroquia rural galega, división territorial eclesiástica con funcións que exceden a dimensión estritamente relixiosa, reúne un número variable de entidades de poboamento: os lugares ou as aldeas que serían, en palabras de J. Fariña Tojo, as formas de organización física do marco básico da parroquia[501]. Polo tanto, a parroquia e a aldea son as entidades de referencia á hora de aproximarnos á distribución espacial da poboación rural de Galicia. Segundo Abel Bouhier, a primeira é unha unidade humana que "engloba unha certa porción continua do espazo agrícola ou varios pequenos anacos deste mesmo espazo, rigorosamente cerrados e separados por extensións de monte" ao tempo que "conserva o seu papel de cimento espiritual e as súas función de unificadora da vida de tódolos días"; mentres a segunda se presenta como "a célula base do poboamento"[502].

Despois da familia, a comunidade formada polos membros da aldea é a que presenta solidariedades máis fortes, e desde o punto de vista físico a que se pode visualizar con maior grao de materialidade a través das casas de morada e as construcións anexas propias das explotacións campesiñas. Como teñen escrito varios xeógrafos composteláns a aldea é a realidade "que posee más representación sobre el territorio y más fuerza y personalidad para el que la habita"[503]. Asemade, a pesar das mudanzas de toda índole acontecidos durante os últimos 160 anos, pode dicirse que xunto á parroquia é un dos vestixios máis permanentes do mundo rural medieval e moderno, unha vez que a paisaxe tradicional está totalmente transformada polo efecto das concentracións parcelarias, o abandono do rural e o cambio nos usos agrícolas do solo. As aldeas, moitas xa totalmente abandonadas, son hoxe dos poucos restos visibles daquel milenario modelo de sociedade rural hoxe desaparecido, asentamentos ruinosos en número crecente a cuxo esmorecemento progresivo asistimos na actualidade.

O tamaño, estrutura interna e distribución destas entidades de poboación sobre un territorio concreto conforman un determinado tipo de poboamento e de hábitat rural. Ambas nocións teñen sido obxecto de debate conceptual entre os xeógrafos igual que as cuestións de "concentración", "dispersión" e "diseminación", así como a relación destas coas tipoloxías dos asentamentos e as formas de organización agraria[504]. Na liña dos traballos dos modernistas galegos sobre esta cuesión, aquí seguimos a distinción que de ambos conceptos fixo Xosé Manuel Souto entendendo por poboamento a forma de distribuirse as entidades de poboación no territorio –que, á súa vez, pode ser concentrado

[501] FARIÑA TOJO, J., *Los asentamientos rurales en Galicia,* Madrid, 1980, p. 35. Fariña Tojo tamén analiza os distintos termos utilizados en Galicia para designar aos asentamentos rurais. En relación a "aldea" e "lugar" reproduce a definición que dá o *Nomenclator de 1970* correspondente á provincia da Coruña: "La aldea, primer germen del Municipio rural de la provincia, es una agrupación de casas de población agrícola, en torno a un mismo cultivo, enclavada en un pequeño valle o en una ladera de escaso declive, instalda originariamente, las más de las veces, por una escritura foral. Por lugar hay que entender la agrupación de aldeas, aunque excepcionalmente equivalga la aldea a lugar cuamdo éste no conste más que de una sola de aquéllas. En estos casos cabe cabe el empleo de ambos nombres a modo genérico para designar una sola aldea o un solo lugar" (INE, *Nomenclátor de las ciudades villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de la provincia de La Coruña,* Madrid, 1973, p. 4). Como veremos máis adiante, o significado que ten lugar nesta comarca é o de aldea de unha a tres casas aproximadamente, aínda que os nomenclátores non o recollan dese xeito.

[502] BOUHIER, A., *Galicia…,* op. cit., p. 83.

[503] TORRES LUNA, M. P. de, et al, *Geografía de Galicia*, A Coruña, 1986, p. 198.

[504] Un resumo do estado da cuestión en SOUTO GONZÁLEZ, X. M., "Encol do hábitat e do poboamento: o caso de Galicia". *Cuadernos de Estudios Galegos*, 98, (1982), pp. 7-63 e FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas y caseríos a tiro de mano de piedra: los asentamientos rurales en el arzobispado de Santiago (siglos XVI-XVIII)", *Espacio, Tiempo y Forma, Serie IV, H. Moderna,* t 7, 1994, 211-226, de onde proceden boa parte das ideas aquí expostas.

ou disperso-, e o hábitat como a configuración interna das entidades de poboación que tamén pode ser concentrada –como ocorre en áreas da provincia de Ourense- ou dispersa, máis propia das áreas costeiras de Galicia[505]. Como é natural, este tema ten atraido a atención preferente dos xeógrafos e no ámbito da Historia foron os medievalistas os que primeiro se aproximaron a el e con posterioridade apareceron algunhas achegas de modernistas, sen chegar a ser abondosas[506].

A configuración do poboamento e do hábitat está estreitamente relacionada coa densidade de poboación e as dinámicas demográficas, coa organización social, o grao de desenvolvemento do sistema agrario e as formas de organización da paisaxe; tamén coa estrutura de propiedade e os tipos de cesión do usufruto da terra, co exercicio do poder e, en última instancia, con factores como o relevo, a altitude ou a a calidade do solo. Resumindo con palabras de Pegerto Saavedra: "o económico, o demográfico, o social e o cultural mestúranse nunha madeixa nada fácil de desentrañar..." [507]. Os autores que abordaron o estudo do hábitat e o poboamento rural galegos estiman que a orixinalidade destes reside en tres factores: elevado número de asentamentos, pequeno tamaño dos mesmos e complexidade das formas de habitación[508]. Trátase, en definitiva, dun hábitat disperso de raíces medievais, mesmo prehistóricas para algúns autores, cunhas características compartidas en boa medida coa cornixa cantábrica e, en xeral, coa Europa atlántica que contrastan co poamento e hábitat de tipo concentrado que predomina no

[505] Por exemplo, P. George define "habitat" como o xeito de estar distribuídos os lugares habitados no interior dunha mesma rexión o que restrinxe en exceso o seu significado a "xeito de poboamento" (GEORGE, P., *Geografía rural*. Barcelona, 1977, p. 179), de maneira que a distinción de X. M. Souto entre hábitat e poboamento acomódase mellor ao noso traballo (SOUTO GONZÁLEZ, X. M., "Encol..., op. cit.)

[506] Entre os traballos que abordaron a evolución do hábitat e o poboamento algúns aportan unha visión global sobre este proceso histórico (BOUHIER, *La Galice. Essai Géographique d'analyse et interpretation d'un vieux complexe agraire*, La-Roche-Sur-Yon, 1979; FARIÑA TOJO, *Los asentamientos.*. op. cit.; SOUTO GONZÁLEZ, X.M., "Encol ..., op. cit. e máis recientemente PEREIRA-MENAUT, G. e Ermelindo PORTELA SILVA, E. (eds.) El territorio en la historia de Galicia: organización y control, siglos I-XXI, Santiago de Compostela: 2015. Outros traballos refírense a espazos temporais máis acoutados. Entre os referentes á Idade Media, cabe citar os seguintes: PORTELA, E. e PALLARES, Mª del C., *Galicia. Historia II. Galicia en la época medieval*. A Coruña, 1991, ANDRADE CERNADAS, J. M. "Las *villae* en la Galicia de la mutación feudal: el caso de Celanova", en *III e IV Semanas Galegas de Historia. A guerra en Galicia. O rural e o urbano na Historia de Galicia.* Santiago de Compostela, 1996, pp. 277-290, e, especialmente, SÁNCHEZ PARDO, J. C., *Territorio y poblamiento en Galicia entre la Antigüedad y la Plena Edad Media*. Tese de doutoramento inédita. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2008. Pola súa parte, realizaron achegas ao estudo da estrutura do hábitat e do poboamento de Galicia na Idade Moderna: FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas..., op. cit., SAAVEDRA, P., "O hábitat no noroeste peninsular nos ss. XVI-XIX", *Espacios rurais e sociedades campesiñas (Semata),* 9, (1997), 173-93; RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D., "Aldeas y parroquias. La estruturación del territorio en la comarca celanovesa a lo largo de los tiempos modernos", en MORILLO REBOREDA, S. (ed.), en *Homenaxe á profesora Lola F. Ferro: estudos de historia, arte e xeografía*, Ourense: Universidade de Vigo, 2005, 536-555, SAAVEDRA, P., "Algunhas diversidades internas na Galicia dos séculos XVI-XIX: o hábitat, o sistema agrario e a herdanza", en ÁLVAREZ, R., DUBERT, F. e SOUSA, X. (eds.), *Língua e territorio,* Santiago de Compostela, 2006, pp. 103-129; e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. e SANDOVAL VEREA, F., "A evolución do hábitat no Ribeiro de Avia. Articulación dun territorio rural sobre a economía do viño", *Boletín Auriense*, Tomo 41-42, 2011-2012, págs. 577-617. Os modernistas citados coincidiron en aproveitar como material de partida diversas veciñanzas da época de Filipe II elaborados por motivos fiscais, que, ao dar conta do número de veciños de cada aldea, presentan grande utilidade para establecer comparacións coas fontes dos séculos XVIII e XIX

[507] FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit. e SAAVEDRA, P., "O hábitat..., op. cit.
BOUHIER, A., *La Galice…*, op. cit., p. 261 y ss.

[508] Como sinala A. Bohuier, foron J. Dantín Cereceda e R. Otero Pedrayo quen na década de 1920 salientaron a dispersión do hábitat como unha das características xeográficas que definen a fisionomía agraria de Galicia e que diferencian a España húmida da España seca (BOUHIER, A., *Galicia* …, op. cit., p. 82)

resto da Península Ibérica[509].

Dentro da propia Galicia obsérvanse distintas fórmulas de ocupación do territorio, de maneira que nas comarcas interiores, caracterizadas por densidades de poboación baixas ou medias, o hábitat e o poboamento son máis descontinuos que nas zonas de altas densidades como o litoral ou os vales fluviais onde se observa unha rede máis complexa de asentamentos. Abel Bohuier estableceu relación entre estes contrastes e as formas de organización da paisaxe agraria, a estrutura da propiedade e os tipos de cesión do usufruto da terra[510]. Esas relacións xa se constatan na Galicia de principios da Idade Moderna como teñen demostrado os traballos que acabamos de citar e nas liñas que seguen poderemos desenvolvelas en relación á comarca de Ordes presentando as súas características e a súa relación con outros factores específicos deste territorio.

4.1 AS FONTES

Antes da etapa estatística non é doado aproximarse á organización do poboamento e do hábitat de Galicia debido a escaseza de fontes que informen sobre o número de veciños das aldeas que compoñen cada parroquia. O común é contar co dato correspondente a estas últimas xa que as fontes eclesiásticas ou fiscais que aportan información relativa a aldeas e parroquias adoitan referirse a determinadas circunscricións e non ao conxunto de Galicia, circunstancia común a outros territorios da España atlántica. Por exemplo, os libros persoais do Catastro de Ensenada dalgunhas freguesías permiten coñecer a composición das aldeas cando agrupan aos veciños polo lugar no que habitan, pero non é algo frecuente nin que atopásemos para as parroquias desta comarca para as que se manexou esta fonte[511]. Por sorte, consérvase no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago unha enquisa de 1723 sobre *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías de el Arzobispado*[512] a través do que é posible coñecer o tamaño das aldeas de boa parte das parroquias desta comarca. Trátase dunha enquisa remitida aos párrocos polo arcebispo Miguel Herrero Esgueva (1723-1727): "a fin de informarse invidualmente de las felibresías, yglesias, beneficios, rendas eclesiásticas y sazerdotes que ai en ellas, anejos y número de feligreses, el nombre de el cura, presentacion de el veneficio, numero de sinples, sincuras, quien las prove e quantos clérigos presvíteros ai ordenados de orden sacro con sus nonbres, rentas que tienen o si son o no confesores, las capellanías que ai fundadas, quien las goza, a donde viven y que renta segura y cierta cada una dellas…"[513]. Por iso a partir desta fonte é posible coñecer o número de veciños de cada parroquia, xeralmente o número de aldeas e, no mellor dos casos, os habitantes de cada aldea. Ao non existir criterios unívocos á hora de responder a esta enquisa por parte dos párrocos, a súa información non sempre é aproveitable ou, polo menos, no mesmo grao. A calidade das respostas é moi variable e depende do nivel de detalle ao que descende cada rector. A pesar de todo o dito esta fonte permite unha aproximación fiable ao tipo de poboamento e

[509] Esta estrutura configurouse na Idade Media, aínda que as súas orixes máis remotos poden buscarse nas aldeas galaico-romanas ou, segundo algúns autores, mesmo en etapas prehistoricas como se sostén en BOUHIER, A. *La Galice* …: pp.1169-122, SOUTO GONZÁLEZ, X. M., "Encol..., op. cit. e SÁNCHEZ PARDO, J. C. *Territorio*..., op. cit.).

[510] BOUHIER, A., *La Galice* …, op. cit., p. 261 e ss.

[511] SAAVEDRA, P., "O hábitat…, op. cit. Algunhas fontes fiscais de finais do século XVI referidas a determinadas circunscricións si permitiron a aproximación ao hábitat e o poboamento das mesmas nesa época como reficten os traballos de FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas …, RODRÍGUEZ FERNÁDEZ, D., "Aldeas…, op. cit. e FERNANDEZ GONZÁLEZ, F. e SANDOVAL VEREA, F., "A evolución…, op. cit. C. Fernández Cortizo tamén utilizou no mencionado traballo os libros persoais do *Catastro de Ensenada* referidos a parroquias da Lanzada, da Terra de Montes e da xurisdición de Arzúa onde os veciños si aparecen agrupados por aldeas.

[512] AHDS, Estadística, L. 13.

[513] AHDS, Estadística, L. 13, fol. 707 r.

ao tamaño dos núcleos de hábitat da nosa área de estudo no primeiro cuarto do século XVIII, fiabilidade que ven corroborada pola concordancia que presentan os seus datos cos do *Nomenclátor de 1860*.

Para mediados do século XIX, o *Diccionario* de P. Madoz enumera os lugares que compoñen as parroquias pero non sempre indica o número de veciños de cada unha delas nin a información é moi fiable, polo que non é válido para coñecer de maneira precisa o hábitat e o poboamento. Unha fonte útil e utilizada noutros traballos referidos a este tema é o *Nomenclátor de 1857,* o primeiro elaborado en España, porén os especialistas neste tipo de fontes consideran o *Nomenclátor de 1860* como o mellor de todos os publicados na medida en que ofrece a relación máis exhaustiva de localidades habitadas[514], se ben esta virtude pode mudar en defecto no caso de aldeas polinucleares nas que as entidades que as integran poden aparecer disgregadas, o que sobredimensiona a dispersión do poboamento e do hábitat. Publicado en 1863 pero correspondente ao Censo de 1860, este nomenclátor serviranos para contrastar a imaxe que ofrece a enquisa de 1723 coa situación de mediados do século XIX, unha época para a que fontes estatísticas como os nomenclátores aportan información máis homoxénea para todo o territorio. Os datos que aporta van referidos a edificios, non a número de veciños ou habitantes, salvo a cifra total de habitantes de cada municipio que procede do Censo de 1860, razón pola cal foi desbotado nalgún traballo[515]. Pero na medida que precisa o número de edificios habitados e deshabitados resulta útil para coñecer o poboamento ao asimilarse aos primeiros con veciños ou fogares. Na parte do nomenclátor de 1860 referida aos concellos do partido xudicial de Ordes utilízanse distintos termos para denominar de maneira unívoca ás entidades de poboación (casa, aldea, lugar, vila). As entidades cunha soa vivenda cualifícanse como "casa" e se teñen máis dunha como "aldea". En dous casos aparece a palabra "casilla" para denominar a dous "albergues" ou casetos illados. O termo "lugar" aplícase ás capitais municipais e resérvase o título de "vila" para a capital do partido xudicial. O sentido que se lle dá aquí ao termo "lugar" non concorda co máis usual que tanto pode ser equivalente a "aldea" como a vivenda illada. En concreto na comarca de Ordes hai que precisar que o termo "lugar" se reserva para as localidades de non máis de tres casas, como sinala o antropólogo Gustav Henningsen en relación á parroquia de Ardemil (Ordes)[516].

A terminoloxía do *Nomenclátor* descrita para o caso de Ordes coincide co que se atopa para o resto da provincia da Coruña, salvo no caso do termo "vila" que non se reserva á capital do partido xudicial naqueles casos nos que existen núcleos de poboación que viñan recibindo esta denominación dende o Antigo Réxime como poden ser, por

[514] "Nomenclátor de la provincia de La Coruña", en JUNTA GENERAL DE ESTADÍSTICA, *Nomenclátor que comprende las poblaciones, grupos, edificios, viviendas, albergues, etc., de las cuarenta y nueve provincias de España: dispuesto por riguroso órden alfabético entre las provincias, partidos judiciales, ayuntamientos, y entidades de población*, Tomo II, Madrid, 1864, pp. 95-283. Armando Melón y Ruíz de Gordejuela considérao o máis completo: "Ningún Nomenclátor pariguala ni con mucho al del 60" (MELÓN Y RUÍZ DE GODEJUELA, A., "Los modernos nomenclatores de España (1857-1950), Madrid, 1958, p. 23). Similar opinión recóllese en BURGUEÑO, J. et al., "El poblamiento de Cataluña en 1860 a partir de la información del Nomenclátor de 1860", en DE LA RIBA, J., IBARRA, P., MONTORIO, R., RODRÍGUES, M. (Eds.), *Análisis espacial y representación geográfica: innovación y aplicación,* Zaragoza, 2015, pp. 531-539: "El *Nomenclátor* de 1960 contiene la relación de nombres de lugar más extensa jamás publicada referida al conjunto del Estado … En conjunto es un documento bastante exacto que ilustra muy bien la diversidad de las formas del poblamiento tradicional (preindustrial) de Cataluña".

[515] RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D., "Aldeas.., op. cit.

[516] "La población está muy esparcida. Las casas de los labradores aparecen más bien solitarias, pegadas de dos en dos, lo que se llama un lugar. Cuando hay más de dos o tres lo llaman aldea." HENNINGSEN G., "Informe sobre tres años de investigaciones etnológicas en España", *Ethenica: Revista de Antropología*, 1, 1971, p. 61-89.

exemplo, as vilas do Caramiñal ou de Camariñas nos partido xudiciais de Noia e Corcubión, respectivamente. Porén, noutras provincias galegas, como é o caso de Ourense, o *Nomenclátor de 1860* presenta, aparte dos termos que atopamos na provincia da Coruña, outros cualificativos para distingur os tipos de asentamento como "caserío", "casa de labor", etc.. sin reservar o termo "lugar" para as capitais municipais, de xeito que se tomamos este nomenclátor para o conxunto de Galicia presentaría a falta de homoxeneidade terminolóxica sinalada por Pegerto Saavedra para outros nomenclátores de mediados do século XIX[517].

Para rematar, hai que advertir que a heteroxeneidadade de todas estas fontes, debida en particular á utilización de criterios diferentes á hora de recoller a información, como teñen apuntado outros autores, dificulta a comparación dos datos que ofrecen e "agachan diverxencias internas das que se nos escapa a expliación" como afirma Pegerto Saavedra e como teremos oportunidade de ver ao longo das liñas que seguen[518].

4.2 DENSIDADES DE POBOACIÓN

Esta comarca amesetada, a pesar de non ser unha zona marcadamente montañosa, en tanto que penichaira, nin tampouco periférica –era atravesada por unha das principais vías de comunicación de Galicia-, manifesta unha acentuada ruralización e un baixo nivel de humanización tanto polas curtas densidades demográficas que se rexistran en comparación co conxunto de Galicia como polo gran predominio do inculto. Poderemos ver que no período aquí estudado, en ausencia de núcleos que poidan cualificarse de urbanos, o seu poboamento e o seu hábitat rural estiveron constituídos exclusivamente por aldeas moi dispersas e de pequeno tamaño ata que na segunda metade do século XIX a vila de Ordes comezou a adquirir certo desenvolvemento protourbano. Esta acentuada ruralización era compartida coas restantes comarcas da penichaira coruñesa –Xallas, Arzúa, Melide- e tamén, aínda que con menor intensidade, coas bisbarras do centro xeográfico de Galicia -zonas limítrofes das actuais provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra- caracterizadas, como a de Ordes, por ter un sistema agrario pouco evolucionado en tanto que zonas de transición entre a Galicia da agricultura desenvolvida de cultivo continuo e a agricultura máis arcaica de barbeito bienal[519].

Antes de introducirnos na análise do hábitat e do poboamento e co fin de analizar un dos factores que inciden na distribución espacial da poboación vexamos con cifras esa baixa ocupación do territorio a través das densidades que se documentan en distintos momentos dos séculos XVIII e XIX comparándoas coas do território da actual provincia da Coruña, coas de Galicia e coas do conxunto de España. A mediados do XVIII calcúlase a partir do *Castastro de Ensenada* unha relación de 28 hab./km^2 para a xurisdición de Folgoso (integrada por parroquias dos concellos de Frades, Ordes e Oroso), cando en Galicia se estiman en 44 hab./km^2. Ampliando o ámbito de observación a todo o partido xudicial de Ordes e a partir da información que oferece o *Nomenclátor de Floridablanca de 1789,* o profesor Eiras Roel calculou unha densidade de 25,74 hab./km^2, cifra máis baixa que a de Folgoso a mediados do XVIII porque as restantes xurisdicións cuxos territorios pasaron a formar parte dese partido xudicial rexistraban densidades

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[517] P. Saavedra detalla a problemática terminolóxica dos nomenclátores desta época (SAAVEDRA, P., "O hábitat ..., op. cit).

[518] Esta circunstancia sinálase en Ibídem, RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D. "Aldeas … e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. e SANDOVAL VEREA, F., "A evolución …, op. cit., entre outros.

[519] SIXTO BARCIA, A. M. e FERNÁNDEZ GOLÁN, F., "¿De villa a ciudad? La conversión de las villas gallegas en capitales municipales, (1750– 1850)", en FERREIRA, A. et al. (Coord.), *I Congresso Histórico Internacional As Cidades na História: População. Cidade Moderna*, vol. III, 2, Guimarães, pp. 147-168.

inferiores[520]. Este grao de humanización do territorio supuña aproximadamente a metade da que se documenta nesa mesma época para o da actual provincia da Coruña (52,06 hab./km^2) e para toda Galicia (45,39 hab./km^2), e algo superior á do conxunto de España (20,34 hab./km^2). Unha ocupación do territorio que está a unha distancia abismal de comarcas intensamente pobooadas dende o século XVI, como A Lanzada ou o Ribeiro de Avia que a mediados do século XVIII presentan densidades de 93,2 e 188 hab./km^2, respectivamente[521]. Por último, en 1860 nos concellos de Frades, Ordes e Oroso rexistrábanse 38,80 hab./km^2 e no conxunto do partido xudicial de Ordes 35,37[522], cando na provincia da Coruña e en Galicia seguían sendo case o dobre (69,46 e 60,94 hab./km^2 respectivamente) e en España uns puntos menos (31,05 hab./km^2)[523]. A comparación da densidade de poboación desta comarca a mediados do século XVIII coa de mediados do XIX revela un moderado crecemento demográfico que se move arredor dos 10 puntos como moito, ou o que é igual, un incremento próximo ao 36%. Esa moderación da expansión demográfica poderase comprobar no capítulo 8 a partir de varias series parroquiais que concordan coas características do modelo 7 Valdeorras, subtipo Arzúa, tipificado polo profesor Eiras Roel a partir do censo de 1787; un modelo demográfico pouco evolucionado, reducida vida media, só regulado por unha alta mortalidade e sen emigracion apreciable[524].

En relación con estas baixas densidades de poboación, e como xa vimos no capítulo anterior, cabe mencionar que as parroquias presentan un tamaño medio (10,2 km^2) superior aos de zonas máis poboadas de Galicia -que se moven arredor dos 6 e os 4 km^2-[525], se ben a maior parte das freguesias do norte son de maior tamaño que as do sur. Por concellos destaca con diferenza o de Cerceda cuxas parroquias (19,1 km^2) case duplican o tamaño medio comarcal, mentres Oroso e Frades se aproximan á metade deste (6,6 e 6,8 km^2), observándose unha correlación inversa entre extensión parroquial e densidade de poboación, consecuencia do axuste do tamaño destas circunscricións eclesiásticas ao número de fregueses, circunstancia común a toda Galicia.

4.3 HÁBITAT E POBOAMENTO A TRAVÉS DUNHA FONTE DE ÉPOCA ESTATÍSTICA: O *NOMENCLÁTOR DE 1860*

Como xa indicamos máis atrás, o *Nomenclátor de 1860* aporta información exhaustiva sobre as edificacións existentes nesa data, información máis fiable e completa que a da época preestatística. Ademais ofrece os datos completos e homoxéneos das 75 parroquias que integran a comarca, a diferenza da enquisa sobre *Lugares, frutos, iglesias … etc.* do arcebispado de Santiago realizado en 1723; de aí que comecemos presentando a imaxe

[520] A partir do *Nomenclátor de Floridablanca de 1789* o profesor Eiras calculou as seguintes densidades de poboación para o territorio das antigas xurisdicións que na actualidade integra a comarca de Ordes: Encrobas (28,35), Folgoso (27,90), Montaos (24,70), Mesía (27,80), Rus (27,11), Vilarprego (24,29), EIRAS ROEL, A., *La población de Galicia, 1700-1860. Crecimiento, distribución espacial y estrutura de la población de Galicia en los siglos XVIII y XIX,* A Coruña, 1996, pp. 508 e 521.

[521] Datos da Lanzada e do Ribeiro de Avia tomados de FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit. e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. e SANDOVAL VEREA, F., "A evolución…, op. cit.

[522] Buján (36,96), Cerceda (33,72), Frades (40,36), Mesía (35,93), Ordes (36,40), Oroso (42,50), Tordoia (26,21) e Trazo (35,54). Ibídem, p. 652-653. Excluíndo a Buján (actual Val do Dubra) a densidade comarcal apenas varía (35,14). EIRAS ROEL, A., *La población.…*, op. cit., p. 652

[523] Ibídem., p. 295.

[524] EIRAS ROEL, A., *La población.…*, op. cit., p. 257.

[525] As parroquias utilizadas por C. Fernández Cortizo no seu traballo sobre o hábitat rexistran un tamaño medio de 6,75 km^2 nas Rías Baixas e de 6,00 km^2 na Ulla (FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit.). Máis pequenas son aínda as freguesías ourensás de zonas densamente poboadas como a de Celanova (3,83 km^2) (RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D., "Aldeas, op. cit.) ou a xurisdición de San Clodio no Ribeiro de Avia (3,50 km^2) (FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. e SANDOVAL VEREA, F., "A evolución…, op. cit.)

que ofrece esta fonte para, a continuación, comparala coa que se extrae da fonte de 1723. O nomenclátor distingue entre edificios habitados e inhabitados, polo que desbotamos os segundos para calcular o número real de veciños. Arredor de 1860, segundo esa fonte, nas 75 parroquias que integran os concellos da Comarca de Ordes rexistrábase unha media de 15,1 aldeas por parroquia -o que equivale a 1,5 entidades/ km^2- cun tamaño medio de 4,3 casas habitadas por aldea. É dicir, unha baixa ocupación do territorio, como xa vimos coas densidades de poboación, e unha gran dispersión do poboamento rural que contrasta coas oito aldeas de media por parroquia que se rexistra para o conxunto de Galicia a finais do Antigo Réxime e, desde logo, co hábitat concentrado das comarcas galegas máis densamente poboadas[526]. Estariamos, polo tanto, ante un dos graos máis extremos de dispersión do poboamento e do hábitat rural que se coñecen para Galicia, algo que coincide coa parte oriental da penichaira coruñesa, pero que presenta un carácter menos intenso que o das montañas setentrionais, nas terras norteñas e limítrofes das provincias da Coruña e Lugo[527].

Táboa 1. Poboamento e hábitat rural da Comarca de Ordes en 1860

	Nº parroquias	Media km^2/ parroquia	Nº aldeas /parroquia	Nº veciños /aldea	Nº aldeas /km^2	Nº veciños /km^2
Cerceda	6	19,1	31,2	3,8	1,6	6,2
Frades	12	6,8	12,3	4,6	1,8	8,4
Mesía	12	9,1	17,2	3,8	1,9	7,3
Ordes	13	12,3	17,8	4,0	1,4	5,8
Oroso	11	6,6	9,2	5,4	1,4	7,6
Tordoia	10	12,6	13,6	4,6	1,1	5,0
Trazo	11	9,0	11,0	5,0	1,2	6,1
Norte	26	13,7	21,3	3,8	1,6	5,9
Sur	49	8,3	11,8	4,9	1,4	6,9
Total	75	10,2	15,1	4,3	1,5	6,4

O tamaño medio que presentan as aldeas de Ordes en 1860 aproxímanse aos documentados para a veciña xurisdición de Arzúa (4,9 veciños/entidade) a mediados do XVIII, ou para zonas do interior e da montaña luguesa como Sarria con 4,3 veciños/entidade un século despois[528]. O contraste é abismal con outras comarcas de Galicia nas que a finais do século XVI xa se rexistraban tamaños medios superiores –entre o 6,27 veciños/aldea de Cervantes e os 31 do Bolo-, de xeito que as características do hábitat de Ordes eran máis próximas ás documentadas nesas comarcas a principios da Idade Moderna que as que se coñecen para as mesmas zonas para mediados do XVIII, período durante o cal se modificou substancialmente a estrutura interna das entidades de poboación desas bisbarras[529]. No que respecta ao número de entidades de poboación por

[526] A finais do Antigo Réxime, Galicia tiña arredor de 30.000 aldeas repartidas entre 3.600 parroquias, de onde resulta unha media de 8,33 aldeas/parroquia (SAAVEDRA, P., "O hábitat…, op. cit.)

[527] BOUHIER, A., *Galicia…*, op. cit., p. 250 e 271.

[528] A mediados do século XVIII C. Fernández Cortizo documenta na xurisdición de Arzúa, situada na penichaira occidental galega e con concomitancias coa de Ordes, unha media de 6,40 veciños/km^2 e 4,90 veciños/aldea, cifras moi próximas no primeiro caso e idéntica no segundo ás que imos atopar un século despois na comarca de Ordes. (FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas …, op.cit.). O dato de Sarria, extraído do *Nomenclátor de 1857* procede de SAAVEDRA, P., "O hábitat…, op. cit.

[529] A mediados do século XVIII os tamaños medios das aldeas das seguintes comarcas eran: Salnés: 20,3; Montes: 16,1; Samos: 7,4; Cervantes: 4,7; Caurel: 24,6; O Bolo: 31, San Clodio do Ribeiro de Avia: 15. Datos procedentes de FERNANDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit; SAAVEDRA, P., "O hábitat…, op. cit.; e FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. e SANDOVAL VEREA, F., *A evolución …*, op. cit.

km^2 obsérvase que a media de Ordes en 1860 (1,5) está por riba das que se rexistran tanto na xurisdición da Lanzada como na de Arzúa a mediados do XVIII (1,19 aldeas/km^2) pero por debaixo da documentada para Celanova a mediados do século XIX (2,87 aldeas/km^2)[530].

Dentro da mesma comarca de Ordes obsérvanse contrastes. Se trazamos unha liña imaxinaria que divida pola metade o territorio de norte a sur observamos que as parroquias setentrionais case duplican en tamaño ás do sur (13,7 fronte a 8,3 km^2) o que pode estar relacionado coa maior altitude das primeiras, dada a inclinación norte/sur da penichaira, e o carácter máis montañoso dalgunhas delas[531]. Pese a isto a distribución dos asentamentos é bastante homoxénea, mesmo cunha lixeira maior abundancia de aldeas no norte que no sur (1,6 e 1,4 aldeas/km^2 respectivamente), a diferenza do que observou Camilo Fernández Cortizo noutras áreas de Galicia nas que as as parroquias de maior extensión reunían menor número de aldeas entre finais do século XVI e mediados do XVIII[532]. Pero a imaxe é diferente se atendemos ao tamaño dos núcleos de poboamento xa que os das parroquias septentrionais presentan un menor tamaño medio respecto das meridionais: 3,8 fronte aos 4,9 veciños/aldea. Aínda é máis evidente ese contraste se agrupamos os datos por concellos: os norteños presentan maior dispersión con entidades de poboamento de pequeno tamaño, (3,8 vec./aldea en Cerceda e Mesía) mentres os máis meridionais rexístran aldeas máis grandes (5,4 en Oroso e 5 vec./aldea en Trazo). En definitiva, poboamento bastante homoxéneo entre o norte e o sur, na medida en que o número de asentamentos por km^2 é bastante regular, e contraste no tipo de hábitat, con aldeas máis pequenas na metade setentrional.

Este contraste coincide coa relación que observou Bouhier entre o tamaño das aldeas e as variacións nas formas de organización da superficie agraria conforme nos desprazamos de norte a sur nesta comarca e que retrotrae, como mínimo, a mediados do século XIX. Como vimos no capítulo anterior, a parte norte correspóndese coa zona perimetrada polo autor francés na que coexisten os eidos de cerrados cos eidos de pequenas agras e a parte sur encrávase xa na zona central de grandes agras. Bouhier constatou o menor tamaño das aldeas vinculadas aos eidos cercados fronte ás maiores dimensións das aldeas vencelladas ás agras e a tendencia ao crecemento paralelo de aldeas e agras, o que explicaría ese contraste norte/sur que se observa no tamaño dos asentamentos en 1860. Á súa vez, ese maior tamaño dos núcleos vencellados ás agras leva aparellado unha redución do número de células de poboamento na metade sur da comarca respecto á parte norte, é dicir, unha maior concentración do hábitat[533]. Esa correlación entre o o tamaño das agras e das aldeas non se cumpre en todas partes, como sinalou o propio Bohuier e posteriormente Pegerto Saavedra, pero o certo é que no caso de Ordes

[530] Segundo Camilo Fernández Cortizo, no litoral de Galicia o número de entidades/km^2 pasara de 1,14 a finais do século XVI a 1,19 en 1752. A xurisdición de Montes, de transición ao interior, pasa de 0,55 a 0,62 aldeas/km^2 e a xurisdición de Arzúa, de características similares á de Ordes, de 0,98 en 1582 a 1,19 entidades/km^2 en 1752 (FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit.). Pola súa parte, Delfina Rodríguez aporta para Celanova, un territorio que pouco ou nada ten que ver coa comarca de Ordes, 10,56 aldeas/parroquia e 2,87 aldeas/km^2 en 1860 (RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D., "Aldeas…, op. cit.)

[531] Con diferenza as parroquias máis grandes e máis septentrionais son as de Cerceda cun tamsño medio de 19,1 km^2 que case duplica a media comarcal de 10,2 km^2. Séguenas en tamaño algunhas freguesías de Tordoia (Anxeriz, Tordoia, Cabaleiros e Gorgullos) as do norte de Ordes (Ardemil, Leira, Lesta, Mercurín) e algunhas do norte de Mesía (Mesía, Cabrui e Xanceda).

[532] FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit.

[533] "cara mediados do século XIX … estas correspondencias poñen claramente de relevo a propensión das aldeas grandes a ser aldeas de agras e a dos núcleos de hábitat moi pequenos a constituír, dun xeito case exclusivo, os puntos de dominio dos eidos de cerrados" BOUHIER, A., *Galicia…,* op. cit., pp. 273-274 e p. 300.


encaixa cos datos que ofrecen as fontes manexadas neste capítulo[534].

Tamén se observan diferenzas entre o leste e o oeste se atendemos á dispersión do poboamento detectable a través do número de aldeas por km^2: nos concellos do leste (Mesía e Frades) sitúanse por riba da media (1,9 e 1,8 respectivamente), o que indica maior dispersión, mentres nos do oeste (Trazo e Tordoia) as cifras son inferiores á media (1,1 e 1,2 respectivamente). Cerceda está só un punto por riba da media (1,6) e Ordes e Oroso, situados na parte central da comarca, un punto por debaixo (1,4). A posible clave deste contraste tamén nola aporta Bouhier, quen a partir do censo agrario de 1960 constatou que nos concellos de Mesía e Frades a presenza da parzaría aínda se movía arredor do 20% do territorio, entre os máis altos se rexistraba naquela época en Galicia. Segundo explica o mesmo autor, esta modalidade de contrato agrario retrocedera moito nos vinte ou trinta anos anteriores, polo que se pode presumir que nos séculos pasados o seu peso era superior como se constata en distintas fontes que mencionaremos máis adiante. A isto hai que engadir a notable importancia que presentaba o arrendamento neses mesmos concellos no censo agrario de 1960 –máis do 20% do territorio-, circunstancia que tamén compartían cos concellos de Ordes e Oroso. En definitiva, en 1960 nos concellos de Mesía e Frades máis do 40% do terreo agrícola se atopaba cedido en arrendo ou parzaría. Como se explicará máis detidamente, este tipo de contratos tivo que favorecer a proliferación de lugares acaseirados, en particular o de parzaría, polo que parece moi posible que este sexa un dos factores que expliquen a maior dispersión do poboamento e do hábitat neses concellos[535].

Táboa 2. Ranking de tamaños das aldeas da comarca de Ordes en 1860

Nº de casas	Número de		%	
	aldeas	casas habitadas	aldeas	veciños
1	227	227	20,14	4,63
2	186	372	16,50	7,59
3	178	534	15,79	10,89
4	130	520	11,54	10,61
5	91	455	8,07	9,28
6	88	528	7,81	10,77
7	62	434	5,50	8,85
8	47	376	4,17	7,67
9	26	234	2,31	4,77
10	25	250	2,22	5,10
11	19	209	1,69	4,26
12	8	96	0,71	1,96
13	10	130	0,89	2,65
14	7	98	0,62	2,00
15	7	105	0,62	2,14
16-20	12	208	1,06	4,24
21-46	4	126	0,35	2,57
Total	1 127	4 902	100,00	100,00

Gráfico 1. Ranking porcentual de tamaños en 1860



Un *ranking* dos distintos tamaños das aldeas permite despexar a diversidade que

[534] Pegerto Saavedra pon como exemplo dista discordancia o centro da provincia de Lugo, zona típica de agras onde como en Ordes abundaba o casarío illado (SAAVEDRA, P., "O hábitat …, op. cit.)
[535] BOUHIER, A., *Galicia…,* op. cit., pp. 1.057-1.063.

ocultan as medias. Como vemos na táboa 2, o grupo máis numeroso era o dos lugares cun só veciño (20,14%) e que conforme vai aumentando o tamaño das entidades de poboación a proporción destas vai descendendo progresivamente. Se facemos grupos de aldeas de varios tamaños vemos que máis da metade destas tiñan entre 1 e 3 fogares (52,44%)[536]. A outra metade repartíase de maneira moi desigual: as aldeas de entre 4 e 10 casas sumaban o 41,61% do total e as que contaban con 11 ou máis veciños eran unha minoría (5,94%). Neste último grupo as 16 localidades que reunían 16 ou máis fogares non eran máis que o 1,42% do total. Como vimos no capítulo anterior, entre elas figura a capital do partido xudicial (Ordes) con 46 casas habitadas, a que ostentara esa mesma categoría en 1812-1814 e en 1820-1823 (Calle de Poulo, Ordes) con 35 fogares, a capital municipal de Trazo en 1860 (Baixa) con 20 familias, e entidades situadas á beira da estrada Satiago-Coruña, como A Igrexa de Oroso e Sigüeiro, con 17 e 22 casas habitadas respectivamente, que tamén serán capitais municipais de Oroso en determinados períodos do século XIX e XX. Un século máis tarde Bouhier calculou que o tipo de núcleos de poboación de 1 a 5 casas era o máis abundante (70-72%), e poucas aldeas superaban as 10 casas. Así pois, o tipo de poboamento variara pouco se temos en conta que en 1860 as entidades entre 1 e 5 casas supoñían o 72,05 % do total e que superaban as 10 casas o 5,94% (Táboa 2).

4.4 COMPARATIVA DO HÁBITAT E DO POBOAMENTO EN 1723 E 1860

Os datos que nos ofrece para 1723 a enquisa sobre *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías del Arzobispado* non son tan exhaustivos como os do *Nomenclátor de 1860* pero, en contrapartida, ofrece testemuños cualitativos de gran interese que aportan claves interpretativas sobre a dispersión do hábitat e do poboamento desta comarca relacionados co réxime de propiedade da terra. Como xa se indicou, a calidade das respostas é dispar xa que os párrocos non utilizaron criterios unívocos á hora de cumprimentar esta enquisa polo que a información que aportan non sempre é aproveitable ou, polo menos, no mesmo grao. Así, algúns limítanse a escribir unhas liñas indicando o número total de fogares da parroquia e outros o número de veciños e o total de aldeas, o que permite calcular o tamaño medio das aldeas, concretamente para o Concello de Frades. Mesmo hai algún rector, como o de Bascoi e do seu anexo de San Cabrui (Mesía) que chega a facilitar os nomes dos veciños de cada aldea, as rendas que pagan e a quen, etc. Nalgunhas parroquias infórmase do número de "caseteiras" que as habitan diferenciándoas dos veciños pero non queda claro se nas freguesías nas que se dan cifras globais de veciños tamén se inclúen nelas a esas mulleres, aínda que todo parece indicar que si. En definitiva, na fonte de 1723 só resultan aproveitables os datos de 40 parroquias (53,33 %) para coñecer o tamaño medio das aldeas e o número de localidades por km^2, proporción que consideramos representativa, aínda que teña unha distribución algo desequilibrada no conxunto do territorio xa que os concellos do oeste teñen maior presenza (18 parroquias) que os do centro (13 parroquias) e os do leste (9 parroquias). Tamén hai que advertir que a exclusión desas freguesías de dispersión extrema na que os párrocos só dan números totais de veciños introduce un sesgo que aminora lixeiramente o grao de dispersión, sesgo que se pode calibrar contrastando o os datos de 1860 referidos a esas 40 parroquias (Táboas 3 e 4) cos das 75 freguesías da comarca (Táboa 1).

A primeira vista, a comparación dos datos de mediados do século XIX cos do primeiro cuarto do XVIII parece indicar que a trama do hábitat e do poboamento se mantiveron bastante estables, toda vez que, como xa se indicou, o crecemento

[536] Cifras próximas obsérvanse no concello de Sarria onde en 1857 o 25,6% das entidades de poboación eran casas illadas e as aldeas de 1 a 4 veciños sumaban o 56,5% do total (SAAVEDRA, P., "O hábitat…, op. cit.) pero a estas alturas o tamaño medio das aldeas deste concello era de 6,3 veciños, notablemente máis alto que o da Comarca de Ordes, onde as aldeas de 1 a 4 veciños sumaban o 63,97% do total.

demográfico desta comarca durante este período foi moi moderado. Porén, se descendemos ao detalle si é posible detectar diferenzas máis ou menos salientables. Como pode verse na táboa 4 en 1723 rexístranse unhas medias de 11,28 entidades de poboación por parroquia e de 1,13/km^2, cifras inferiores ás que se documentan nesas 40 parroquias en 1860 (14,10 e 1,41, respectivamente)[537]. É dicir, entre unha e outra data tería aumentado o número de aldeas nun 25,06%, ao pasar de 451 a 564 asentamentos mentres o número de fogares teríase incrementado nun 43,55%, que pasan de 1798 a 2581. Como diciamos, trátase da consecuencia lóxica dese moderado crecemento demográfico que, como veremos, non alterou substancialmente nin a forma de poboamento nin a de hábitat posto que se manifestou, sobre todo, na proliferación de novos lugares acaseirados e nun lixeiro engrosamento das aldeas que en 1723 rexistraban un tamaño medio de 3,99 fogares/aldea e en 1860 4,58 casas habitadas/endidade de poboación.

Táboa 3. Poboamento da Comarca de Ordes en 1723 e 1860 (I)

Concello	parroquias		Nº aldeas			Nº casas habitadas		
	Nº	Media km^2	1723	1860	Incremento %	1723	1860	Incremento %
Cerceda	2	21,85	47	66	40,43	177	308	74,01
Frades	4	5,15	24	34	41,67	107	196	83,18
Mesía	5	10,74	66	95	43,94	189	311	64,55
Ordes	9	12,74	131	159	21,37	536	725	35,26
Oroso	4	7,35	33	38	15,15	148	227	53,38
Tordoia	6	9,23	64	72	12,50	225	348	54,67
Trazo	10	8,24	86	100	16,28	416	466	12,02
Total	40	10,00	451	564	25,06	1 798	2 581	43,55

Táboa 4. Poboamento da Comarca de Ordes en 1723 e 1860 (II)

Concello	aldeas/km^2		aldeas/parroquia			casas habitadas/aldea		
	1723	1860	1723	1860	Incremento %	1723	1860	Incremento %
Cerceda	1,08	1,51	23,50	33,00	40,43	3,77	4,67	23,92
Frades	1,17	1,65	6,00	8,50	41,67	4,46	5,76	29,30
Mesía	1,23	1,77	13,20	19,00	43,94	2,86	3,27	14,32
Ordes	1,14	1,39	14,56	17,67	21,37	4,09	4,56	11,44
Oroso	1,12	1,29	8,25	9,50	15,15	4,48	5,97	33,20
Tordoia	1,16	1,30	10,67	12,00	12,50	3,52	4,83	37,48
Trazo	1,04	1,21	8,60	10,00	16,28	4,84	4,66	-3,66
Total	1,13	1,41	11,28	14,10	25,06	3,99	4,58	14,79

A diferenza é menor no que respecta ao tamaño medio das aldeas, 3,99 en 1723 e 4,58 en 1860 veciños/entidade (Táboa 4), o que indica que ao longo deste período se produxo certo engrosamento das mesmas, se ben algo inferior ao que se documenta para a veciña xurisdición de Arzúa entre 1582 e 1752 (pásase de 4,0 a 4,90 vec./aldea) e moito menos intenso que o que se rexistra noutras áreas de Galicia como a Lanzada ou a Terra de Montes, onde as aldeas multiplican por tres o seu número de veciños entre finais do s. XVI e mediados do XVIII[538]. Non obstante, cabe salientar que no Concello de Trazo diminuíu lixeiramente o tamaño medio das aldeas (-3,66%, vid. Táboa 4), consecuencia

[537] Recórdese que as cifras referidas ás 75 parroquias eran de 15.1 aldeas por parroquia e de 1.5 aldeas/km^2.
[538] FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas … op. cit.

dun maior crecemento relativo do número de fogares en relación ao do número de asentamentos (Táboa 3). Isto debeuse a un acusado aumento extensivo do número de lugares acaseirados dunha ou dúas casas que non se viu compensado por un engrosamento das aldeas de máis tamaño na mesma proporción[539]. O que se mantén bastante estable en ámbalas dúas datas é o contraste norte-sur no que se refire ao tamaño medio das entidades de poboación. Así, como pode verse na Táboa 4, o territorio correspondente aos concellos situados máis ao norte -Cerceda, Mesía e Tordoia- é o que presenta maior dispersión con entidades de poboamento de pequeno tamaño (medias entre 2,86 e 3,77 veciños/aldea en 1723) -casas illadas nunha alta proporción- e superior número de aldeas por km^2 no caso de Mesía (1,23).

Gráfico 2. Tamaño das aldeas en 1723 e 1860 por concellos





Gráfico 3. Aldeas/km^2 en 1723 e 1860 por concellos




De feito, como xa se dixo, os curas do 46% das parroquias dan o número total de

[539] No caso anómalo de Trazo que observa un crecemento das súas variables moi inferior á media comarcal, o número de casas incrementouse o número de casas habitadas nun 12,02% mentres o número de aldeas tivo un crecemento superior (16,28%), á inversa do que ocorríu nos restantes concellos (Táboa 3). O caso de Trazo responde á afirmación de Pegerto Saavedra de que "as comparacións globais … agachan diverxencias internas das que se nos escapa a explicación: o feito de que as familias dun concello aumenten non impide que determinadas aldeas perdan fogares, e, por outra banda, o crecemento dunhas e doutras tampouco é uniforme" (SAAVEDRA, P., "O hábitat…, op. cit.)

veciños sen especificalos por aldeas, limitándose a indicar que vivían en casas separadas, razón pola cal entenden que sería demasiado prolixo enumeralas todas[540]. Por iso, como tamén se advirtiu, é probable que en 1723 a dispersión fose algo superior xa que no cómputo non se incluíron esas freguesías de dispersión extrema nas que os párrocos non indicaron o tamaño de cada unha das aldeas. E polo mesmo motivo é posible que esta sexa a causa de que en 1723 non resulte tan acusado o contraste norte/sur en relación ao tamaño medio das aldeas e número de aldeas por km^2 que viamos en 1860. Con todo, Mesía segue presentando nesa data o menor tamaño medio das aldeas (3,27 veciños/aldea) e maior número de aldeas/km^2 (1,23) ao tempo que o suroccidental concello de Trazo rexistra o menor número de aldeas/km^2 (1,04) e aldeas de maior tamaño (4,84 veciños/aldea). Tamén os restantes concellos meridionais, Frades e Oroso, rexistran aldeas con tamaños medios superiores (4,46 e 4,48 veciños/aldea, respectivamente). Pola súa parte, os concellos septentrionais (Cerceda, Mesía e Tordoia) contan con aldeas máis pequenas (3,77, 2,86 e 3,52 veciños/aldea, respectivamente).

Gráfico 3. % de aldeas segundo o seu tamaño en 1723 e 1860



Como deciamos, algúns dos curas que non detallaron o tamaño das aldeas aportaron testemuños valiosos nos que describen a dispersión do hábitat e do poboamento e, como veremos, mesmo dan claves para explicalos. O reitor das Encrobas (Cerceda) sinalaba que: "... y quanto a los lugares que S. Sª. Yllma. manda se declaren con individualidad digo que en esta feligresía hestán los vecinos separados unos de otros cada uno de por sí..."[541] e en similares termos informaba o de S. Cristovo de Mesía: "...cada vecino hace casi lugar aparte por estaren las casas muy separadas las unas de las otras y ser tierra montañosa..." [542]. Pola súa parte, o reitor de Albixoi (Mesía) poñía en relación a dispersión coa pobreza dos veciños informando da existencia nesa parroquia de "treinta y quatro vecinos acasarados en barios lugares que lo más se compone de a dos casas, los más destos son pobres y algunos ostiatim"[543].

Todos os autores que estudaron a evolución do poboamento e do hábitat rural en distintas zonas de Galicia durante a Idade Moderna constataron que o número de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[540] As parroquias nas que non se indica o número de veciños de cada aldea non foron incluídas no cómputo das táboas 3 e 4, de aí que en Cerceda só foron aproveitables 2 freguesías, en Frades e Oroso 4 por concello, mentres que en Ordes e Trazo foron útiles 9 e 10 paroquias respectivamente


[541] AHDS, Estadística, E. 13, Fol. 568.

[542] Ibídem, fol. 730

[543] Ibídem, fol. 723

entidades sufriu pouca variación ao longo do tempo e que o crecemento demográfico se reflectiu no engrosamento desas entidades de poboación[544]. Pola contra, a comparación dos datos de 1723 e 1860 correspondentes á Comarca de Ordes indican que o modesto desenvolvemento demográfico experimentado non se traduciu tanto no engrosamento das aldeas -que aquí tivo menor intensidade: incremento do 14,79%, cun tamaño medio que pasa de 3,99 a 4,58 fogares/aldea[545]- como no aumento do número de entidades de poboación que si experimentou un crecemento moi superior ao do resto de Galicia: o 25,06% a nivel comarcal, sendo máis pronunciado nas parroquias dos actuais concellos de Cerceda, Frades e Mesía con porcentaxes que rondan o 40% mentres o resto dos concellos se sitúan por debaixo da media (entre o 12,50% de Tordoia e o 21,37% de Ordes).

Gráfico 4. Número de aldeas segundo o seu tamaño en 1723 e 1860



Ese maior crecemento do número de aldeas en relación a outras zonas de Galicia pode constatarse en traballos nos que o incremento é notablemente inferior, aínda que non coincidan co período aquí estudado. Por exemplo, Camilo Fernández Cortizo calcula que entre finais do século XVI e mediados do XVIII se produxo o aumento dun 15,8% e apunta que nos casos nos que creceu o número de asentamentos rurais se debeu fundamentalmente á aparición de casaríos illados. En todo caso observa unha notoria diminución deste tipo de asentamentos nas xurisdicións da Lanzada e Terra de Montes[546]. Pola súa parte, Delfina Rodríguez si detectou un notable incremento deste tipo de células de poboación na primeira metade do século XIX na comarca de Celanova que padsan do 8,16% de 1790 ao 18% das entidades en 1860, se ben as claves interpretativas dun e

[544] "Básicamente estable el número de asentamientos rurales entre fines del XVI y mediados del XVII, la ocupación humana progresa vía concentración de un creciente número de vecinos en los núcleos preexistentes". FERNANDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit., Por exemplo Bohuier observou unas diferenzas do 10-25%-25 na trama do hábitat con respecto aos datos do *Diccionario* de P. Madoz para quen a creación de novos centros non pasaría do 5-10%-10 (BOUHIER, A., *La Galice…, op. cit*., p. 261 y ss.).

[545] O incremento global do 14,79% oculta grandes contrastes por concellos: Tordoia (37,48%), Oroso (33,20) e Frades (23,30) e Cerceda (23,92%. Mesía e Ordes siutúanse próximas á media e Trazo, como vimos, rexistra unha diminución do 3,66%. O sesgo apreciado en 1860 nas 40 parroquias da mostra é máis claro nos concellos de Cerceda Frades e Mesía (arredor dunha décima) no que se refire tanto a número de aldeas/km^2 como ao tamaño das mesmas, polo que se pode inferir que ambas cifras tamén debían de ser algo maiores en 1723.

[546] FERNANDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit.

doutro caso son ben distintas, dadas as diferenzas entre ambas comarcas. Esta autora interpreta o caso de Celanova como consecuencia do crecemento demográfico rexistrado nese período nun espazo que xa estaba fortemente humanizado, o que obrigaría a algunhas familias a buscar novos solares para o seu asentamento[547]. Non é en absoluto o caso de Ordes, onde, como vimos, a presión demográfica sobre o territorio era reducida tanto pola baixa densidade de poboación –sobre todo se a comparamos coa de Celanova- como polo tipo de hábitat rural no que as aldeas aínda tiñan capacidade de crecer, a diferenza do que ocorría na comarca ourensá. Isto foi sinalado por Abel Bouhier para as zonas de agras nas que abundaban as aldeas elementais de orde frouxa, como na comarca de Ordes, que podían expandirse a través da ampliación do espazo cultivado a costa do mato[548]. Polo tanto hai que buscar a explicación desa multiplicación de aldeas noutras razóns.

Táboa 5. Ranking de tamaños das aldeas da comarca de Ordes en 1723 e 1860

Nº de casas	aldeas		casas		% aldeas		% incremento
	1723	1860	1723	1860	1723	1860	aldeas
1	70	100	70	100	16,99	19,69	42,86
2	77	78	154	156	18,69	15,35	1,30
3	82	76	246	228	19,90	14,96	-7,32
4	47	65	188	260	11,41	12,80	38,30
5	48	39	240	195	11,65	7,68	-18,75
6	29	42	174	252	7,04	8,27	44,83
7	15	36	105	252	3,64	7,09	140,00
8	16	21	128	168	3,88	4,13	31,25
9	7	14	63	126	1,70	2,76	100,00
10	7	10	70	100	1,70	1,97	42,86
11 a 15	9	19	108	238	2,18	3,74	111,11
16 a 20	4	5	69	89	0,97	0,98	25,00
21 e máis	1	3	25	103	0,24	0,59	200,00
Total	412	508	1 640	2 267	100,00	100,00	23,30

Se temos en conta que en 1723 arredor do 17% dos asentamentos eran lugares acaseirados formados por casas illadas, produto en boa medida de contratos de arrendamento e parzaría ao terzo da colleita, que en 1860 ese tipo de entidades rodaban o 20% e que o incremento de aldeas dunha casa ascendeu a cerca do 43% entre ambas datas, parece lóxico pensar que o incremento do número de aldeas se dese a través dun tipo de crecemento extensivo[549] consistente na aparición de novos lugares acaseirados, xa que a inciativa de crear eses novos asentamentos correspondería aos donos da terra para dar resposta ao crecemento demográfico que se produciu entre 1723 e 1860. Con todo, non hai que descartar que parte dese aumento do número de aldeas rexistrado entre ambas

[547] Delfina Rodríguez interpreta que o esaxerado incremento de casaríos illados ente 1790 e 1860 é indicativo "de una tendencia de renovado interese entre las familias celanovesas hacia la creación de nuevos asentamientos … No parece extraño que ante ese nuevo esfuerzo demográfico realizado sobre la base de un espacio ya muy fuertemente humanizado, algunas familias quizás se vieran obligadas a la búsqueda de nuevos solares para logar su asentamiento" (RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D., "Aldeas …, op. cit.)

[548] BOUHIER, A., *Galicia…,* op. cit., p. 323 e 325-326.

[549] Camilo Fernández Cortizo documenta no litoral crecementos extensivos a base de lugares acaseirados en etapas de expasión económica e demográfica, como os que se rexitraron a finais do século XVI ou no XIII e principios do XIV, etapas nas que se ocupan "parcelas ganadas al inculto y la reocupación de "lugares" y "casales" hasta este momento abandonados" (FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit.).

datas se deba á falta de homoxeneidade entre as fontes. Sabemos que o *Nomenclátor de 1860* individualizou máis entidades de poboación que ningún outro, polo que moitas das novas células de poboamento poden ser casas ou conxuntos de casas que en 1723 se inscribían dentro de aldeas polinucleares como teremos oportunidade de ver máis adiante.

Como vimos máis atrás, a comparación das cifras de 1723 e 1860 presenta un panorama de conxunto aparentemente pouco contrastado, se ben cando baixamos ao detalle se detectan algunhas variacións interesantes. Así, na comparación do *ranking* de tamaños das aldeas en 1723 e 1860 vemos que en ambas datas se reflicte o predominio absoluto das entidades de menor tamaño: as de 1 a 3 veciños suman o 55,58% do total en 1723 (máis do 50% rexistrado en 1860) e se lles sumamos as localidades de 4 veciños ascende ao 66,99% (62,80% en 1860). Na mostra de 35 parroquias utilizadas para estes cálculos[550] obsérvase que en 1860 o número de casas illadas é inferior ao que se documenta para o conxunto das 75 freguesías da comarca (19,69% fronte a 20,14%), polo que de novo se detecta o sesgo que produce a exclusión das freguesías de dispersión extrema na que os cregos non individualizaron o tamaño de cada aldea. É dicir, pode presumirse que en 1723 a porcentaxe podería ser medio punto superior, arredor do 17,50%. Dentro do grupo de aldeas de 1 a 3 veciños obsérvase un notable incremento dos lugares dunha soa casa (42,86%). Tendo en conta que en 1723 ese tipo de entidades eran case o 17% do total queda en evidencia, cono vimos, que foron as que contribuíron substancialmente ao aumento total do número de aldeas (23,30%) entre esa data e 1860.

Como tamén se indicou máis atrás, tanto as cifras de 1723 como as de 1860 están a unha enorme distancia do documentado para outras zonas de Galicia e aproxímanse máis ás referidas para finais do século XVI que ás de mediados do XVIII en áreas litorais como A Lanzada ou en comarcas de transición como Terra de Montes. Así, na última data os asentamentos de 1 a 4 veciños supoñían nestas zonas o 2,6% e o 18,2%, respectivamente, cando en Ordes eran do 67% en 1723, e este tipo de entidades diminuíu entre finais do XVI e mediados do XVIII nas ditas comarcas. A mediados do XIX, a comparación co hábitat desa Galicia máis desenvolvida evidencia de maneira máis esaxerada o forte contraste con respecto á comarca de Ordes, de xeito que, por exemplo, en 1865 no partido de Pontecaldelas as aldeas de 1 a 4 veciños non sumaban máis do 7,4% e o 80% das familias residían en núcleos de vinte ou máis veciños, cando no Ordes de 1860 as aldeas de 1 a 4 casas ascendían ao 62,80% e as localidades de 20 ou máis veciños no pasaban do 0,79% (4 entidades)[551]. Con respecto ás comarcas interiores das provincia de Lugo obsérvanse concomitancias con zonas co concello de Sarria onde as aldeas de 1 a 4 veciños supuñan o 56,5 % e as localidades de 20 ou máis veciños non superaban o 6%, pero grandes diferenzas con zonas de montaña como Cervantes, máis condicionadas pola orografía, onde as aldeas de 1 a 4 fogares sumaban so o 7,7% e as localidades de 20 ou máis veciños supuñan o 16,70% do total[552]; e o mesmo contraste se dá ao respecto do

[550] Hai que advertir que para este cálculo houbo que excluír cinco parroquias que foron aproveitables para os cálculos anteriores pero que non o son para este xa que para 1723 non indican de maneira individualizada o número de veciños de cada aldea senón que os párrocos ofrecen o número total de aldeas e veciños. Trátase de catro freguesías do concello de Frades (Aiazo, Añá, Gafoi e Mesos) e unha do concello de Ordes (Leira). A mostra de parroquias descende a 35 ofrecendo unha diferenzas no cómputo do incremento do número de aldeas, que coa mostra de 40 parroquias era do 25,06% e coa mostra de 35 parroquias é do 23,30%.

[551] Trátase de Baixa con 20 casas habitadas -capital do Concello de Trazo en 1860-, Sigüeiro (Oroso) con 22 casas habitadas, A Calle (Poulo, Ordes) con 35 casas habitadas e a vila de Ordes con 46 casas habitadas. Os datos de Pontecaldelas proceden de SAAVEDRA, P., 1997, "O hábitat…, op. cit.).

[552] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "O hábitat..., op. cit.

poboamento e hábitat da provincia de Ourense[553], en particular o no extremo oriental enmarcado na zona de grandes *openfiels* que perimetrou Abel Bouhier[554].

Como é lóxico, conforme aumenta o tamaño dos núcleos de poboación diminúe a súa proporción, de xeito que en 1723 as entidades de 5 a 8 veciños suman o 26,21% e as de 9 ou máis casas habitadas o 6,80%. Entre esa data e 1860 produciuse unha evidente reestruturación interna nestes grupos cun aprezable aumento no caso do primeiro –rexístrase un incremento do 27,78%[555]- e cun máis que notable crecemento no segundo (82,14%). Hai que ter en conta que en 1723 o número de localides con 9 ou máis veciños partía dunha cifra moi reducida (28 entidades), o que explica ese incremento, que non por iso supuxo que ese tipo de localidades deixasen de ser minoritarias en 1860, un total de 51 nas 35 parroquias que nos serven de mostra, o que supón o 10,04%. E xa non digamos se nos cinguimos ás entidades de 16 ou máis veciños que non pasan de 5 en 1723 (o 1,21%) e que se ben se duplican en 1860 en termos absolutos non superan o 1,79% en termos relativos. Nestes grupos si que se observa engrosamento do tamaño das aldeas que ben puido realizarse nas formas que observou Bouhier entre mediados do século XIX e mediados do XX, xa fose porque as agras podían absorver ese crecemento ou porque se ampliaron os espazos cultivados roturando toxais. Os contrastes con zonas máis desenvolvidas de Galicia volven a manifestarse nestes tipos de asentamentos. Así, entre finais do século XVI e mediados do XVIII, na Lanzada en en Terra de Montes as aldeas de 5 a 9 veciños diminuiron en favor das de maior tamaño como consecuencia do crecemento demográfico derivado da introdución do maíz e as transformacións agrarias conseguintes.

As localidades con 20 ou máis veciños son casos excepcionais en Ordes, cando no Ribeiro de Avia supuñan a finais do século XVI nada menos que o 19,37% e a mediados dos séculos XVIII e XIX rondaban o 30%. Pola súa parte, na Lanzada e Montes se movían entre o 40% e o 30% a mediados do XVIII[556]. En 1723 tan só se documentan dúas aldeas deste tipo na comarca que nos ocupa, ambas no territorio do actual concello de Ordes: A Calle de Poulo, con 25 veciños e "La Llanura" con 20. O privilexiado emprazamento da primeira no camiño que levaba de Santiago á Coruña e Betanzos e a celebración dunha das feiras máis importantes da comarca explican estas dimensións, como se poderá ver detidamente no seguinte capítulo. Sen embargo, no caso de "La Llanura", na parroquia de Pereira, todo parece indicar que se trata dunha aldea polinuclear cuxo nome caeu en desuso cando os núcleos que a compuñan adquiriron entidade propia, xa que ese topónimo non se documenta nin non *Nomenclátor de 1860* nin con posterioridade[557].

Aínda que se documentan outras aldeas polinucleares, non debía de tratarse dunha estrucura frecuente, se damos por válidos con carácter retrospectivo os cálculos de Alberto J. Pazo Labrador que na década de 1980 cuantificou no concello de Tordoia que as polinucleares supuñan o 2,3% e as binucleares o 6,4% do total[558]. Un exemplo claro

[553] Por exemplo en Celanova xa se rexistran 11,60 veciños/km^2 e 2,13 aldeas/km2, 5,45 veciños/aldea, índices superiores aos das comarcas litorais e prelitorais (RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D., "Aldeas…, op. cit.

[554] BOUHIER, *Galicia…*, op. cit., pp. 460 e ss

[555] O aumento dáse fundamentalmente nas aldeas de 7 casas que rexistran un 140% de incremento, mentres as de 5 casas diminúen nun 18,75%.

[556] As cifras do Ribeiro de Avia proceden de FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. e SANDOVAL VEREA, F., "A evolución …, op. cit. e as da Lanzada e Montes de FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas…, op. cit.

[557] Tampouco se documenta ningún topónimo similar en galego. Para unha comparación máis acorde cos datos de 1860 excluíuse á parroquia de Pereira da mostra de 40 freguesías. Estas variacións toponímicas constatounas A. Bouhier a partir de enquisas de campo (BOUHIER, A., *Galicia…,* op. cit. p. 125 e 321).

[558] PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía…*, op. cit. 312.

deste tipo de aldeas parece o de Nouche, na parroquia de Beán (Ordes), na que se computan 17 veciños en 1723 e 14 en 1860. A súa configuración polinuclear aínda pode constatarse na actualidade contrastando o *Nomenclátor de Galicia* cos mapas topográficos do *Instituto Geográfico Nacional* (IGN) accesibles en liña a través do visor *Iberpix 4* e que reproducimos máis abaixo. Nestes mapas pódese observar como Nouche agrupa varios lugares diseminados de poucas casas (Areal, Cruz de Nouche, O Outeiro, O Pumar e Tesós) mentres no actual *Nomenclátor de Galicia* só figura Nouche como entidade de poboación[559]. Cabe supoñer que tanto en 1723 como en 1860 a súa estrutura fose similar –Bouhier estima que estas aldeas conformáronse con anterioridade á segunda metade do século XIX[560]- e así tamén deben interpretarse casos de entidades próximas aos vinte veciños que en 1860 non presentan dimensións tan aultadas posto que son repartidas en aldeas diferentes. Neste sentido hai que entender o feito de que o cura de Sta. Cruz de Montaos só enumere en 1723 catro lugares (Fosado, Guindibó, Queis e Santa Cruz) e que no *Nomenclátor de 1860* se rexistren 24 aldeas na mesma parroquia entre os cales non se atopa Queis. Todos eles son exemplos da sinalada falta de homoxeneidade nos criterios de recollida de datos en 1723 e 1860, o que presenta algunhas dificultades á hora de establecer comparacións, razón pola que parroquias como Pereira ou Montaos foron excluídas á hora de realizar os cómputos para conseguir maior coherencia nos resultados. A. Bouhier advertíu desta problemática en relación a este tipo de aldeas que se pode deber tanto a variacións toponímicas como ao agrupamento baixo o mesmo nome de entidades veciñas: "Estes deslizamentos toponímicos, duradeiros ou fuxidíos, non significan de ningún xeito que nazan novas células de poboamento, ou que nazan e desaparezan na realidade. Son moi amolados cando se quere estudia-la evolución do hábitat e deben levarnos a estrema-la prudencia"[561].

En 1860 a situación cambiara pouco en relación ao número de entidades con máis de 20 fogares xa que tan só atopamos 5 localidades deste tipo. A máis poboada é a capital do partido xudicial, a nova vila de Ordes, que con 46 casas habitadas multiplicara por nove o seu tamaño (en 1723 só contaba con 5 lumes), seguida da Calle de Poulo, con 35 casas habitadas, é dicir con 10 fogares máis que en 1723. Pese a perder a centralidade económica que tivera durante o Antigo Réxime e a político-administrativa das primeiras etapas liberais (1812-1814 e 1820-1923), aínda mantiña peso demográfico a mediados do século XIX. As tres restantes –Baixa (capital de Trazo en 1860), Sigüeiro (Oroso) e Oa (Xavestre, Trazo)- teñen entre 20 e 23 veciños cando en 1723 Sigüeiro contaba con 5 lumes e as outras dúas localidades nin aparecen nomeadas. No territorio dos actuais concellos de Cerceda, Frades, Mesía e Tordoia ningunha localidade alcanzaba os 20 fogares, nin en 1723 nin en 1860, o que evidencia o acusado carácter rural que algúns deles mativeron ata o século XX e que outros nunca perderon.

[559] Este tipo de asentamento encaixaría no tipo de aldeas de núcleos múltiples que define Bohuier como "agrupacións non apertadas de varios grupos de casas", encadrándose en concreto nas de formas máis sinxelas que contan con un número reducido [de casas] (4 a 5), de moderado grosor (de 3 a 8 casas) e amplamente espaciados (ata 130-150 m.)… Os elementos que compoñen a aldea polinuclear están unidos entre si por un entramado de camiños … Non é raro que os núcleos constituíntes sexan desigandos por nomes propios. En xeral, o uso destes nomes só e puramente oral … e esvaése diante do nome que se aplica ao conxunto da aldea" tal como ocorre no actual *Nomenclátor de Galicia* pero non nos mapas do IGN. Bouhier pon a Cabrois (San Estevo de Paleo, Cambre), nas proximidades da comarca de Ordes, como exemplo deste tipo de aldeas. BOUHIER, A., *Galicia…,* op. cit. p. 125.

[560] Ibídem. p. 254. Ainda que Bouhier considera difícil de precisar a orixe das aldeas polinucleares cre factible que se trate dunha evolución progresiva a partir de aldeas elementais de orde frouxa se ben tampouco exclúe unha formación por eclosións sucesivas a partir dun núcleo único (Ibídem, p. 320).


[561] Ibídem e p. 321.

Planos 1 e 2. Aldeas da Igrexa (Sta. Mª de Ordes) e de Sigüeiro (S. Martiño de Oroso) en 1775[562]





Mapa 1. Aldea polinuclear de Nouche (Sta. Mª de Beán-Ordes)[563]



O que marca a diferenza entre estes concellos e o de Ordes e Oroso é o feito de que polo territorio destes discorre a principal vía de comunicación que unía a cidade de Santiago coas da Coruña e Betanzos. Precisamente, nun plano asinado en Santiago en agosto de 1775 polo enxeñeiro militar Fernando de Gaver no que se reflicte a variante que se realizou nesas datas no tramo do camiño real entre as localides de Canedo (Ardemil, Ordes) e Ponte Sigüeiro, contamos coa representación gráfica que se fai das aldeas da Igrexa de Ordes –xermolo da futura vila de Ordes- e de Sigüeiro, entre outras que se sitúan a carón deste camiño. Se o número de casas que se debuxan en cada aldea

[562] Detalles do "Plano del camino nuevo de La Coruña para Santiago desde el lugar de Canedo a el Puente Sigüeiro" elaborado por Fernando de Gáver, Centro Geográfico del Ejército, Archivo Cartográfico y de Estudios Geográficos, p. 183.

[563] Aldea polinuclear integrada polas entidades de Areal, Cruz de Nouche, O Outeiro, O Pumar e Tesós. Fonte: https://www.ign.es/iberpix2/visor/

responden á realidade de 1775 contariamos cun dato intermedio entre 1723 e 1860 para ambas localidades. O certo é que o número de edificacións que se representan no devandito plano, 7 en Ordes –excluída a igrexa marcada cunha cruz- e 4 na parte da aldea de Sigüeiro que se atopaba na marxe dereita do Tambre (parroquia de Oroso), aproxímanse moito aos cinco veciños cos que contaban cada unha delas en 1723[564]. Neste plano debuxáronse con detalle as curvas de nivel e os cursos fluviais de pequeno caudal, aparte do Tambre. Se a representación do tamaño das aldeas presentase a mesma fidelidade viría a corroborar que o crecemento destas localidades produciuse despois de 1775 a consecuencia dos estímulos derivados dese novo trazado do camiño real, crecemento reforzado con posterioridade cando recaeu en Ordes a capitalidade do partido xudicial e en Sigüeiro a capitalidade municipal de Oroso durante algún momento do século XIX[565].

A presenza do poder señorial encarnado durante o Antigo Rexime en torres e casas de audiencias que lle daban categoría de cabeza de xurisdición ás localidades onde estaban emprazadas non supuxo un estímulo para o crecemento destes asentamentos; tampouco a capitalidade de concello municipal nin sequera cando a esa condición se unía a de ser lugares de celebración de feiras, como ocorreu en Folgoso ou na Pobra de Mesía. A aldea de Folgoso (Pereira, Ordes), cabeza da xurisdición dese nome que tamén chegou a ser capital municipal no Trienio Liberal, só contaba con seis casas en 1723 e 5 en 1860, data na que xa perdera a feira e a función político-administrativa. Pola súa parte, A Póboa, cabeza da extensa xurisdición de Mesía, conservaba a condición de capital municipal en 1860, data na que rexistraba sete casas habitadas. Descoñecemos o seu tamaño en 1723 porque o informe que facilita o párroco para a enquisa sobre *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc.* non especifica o tamaño de cada aldea. A mediados do século XIX os seus veciños repartíanse –e repártense- entre as parroquias de Bascoi e Mesía. Das sete casas que se computan en 1860, tres situábanse na primeira e catro na segunda. Como vimos no capítulo anterior, este nulo efecto da capitalidade municipal dábase nos restantes concellos -salvo na capital do partido xudicial-, de xeito que en 1860 non son máis que aldeas que presentan un tamaño medio de 8,33 fogares/entidade -13,71 fogares/entidade incluindo a vila de Ordes-, tal como tamén constatou Pegerto Saavedra en concellos moi ruralizados do interior lugués[566].

O mesmo pode dicirse dos núcleos onde radicaba a igrexa parroquial, a diferenza neste caso do que observaron Abel Bouhier e Pegerto Saavedra en distintos concellos de Lugo a mediados do XIX, onde esas entidades tiñan un tamaño notablemente superior á media e actuaban de centros articuladores do espazo[567]. Os topónimos "Iglesia (La)", "Eirege" ou "Vila da Iglesia" de aldeas que aparecen no *Nomenclátor* permiten localizar eses núcleos e nalgún caso no que a poboación non leva un destes nomes indícase no apartado "Su clase", cando se trata de iglesias solitarias ou acompañadas por unha casa. Polo que respecta ás igrexas parroquiais, rexístranse 10 illadas ou acompañadas por unha sóa casa deshabitada –o que supón o 13,30% do total das 75 parroquias-[568]. As restantes

[564] A localidade de Sigüeiro repatíase e repártese entre as parroquias de Oroso e Barciela, á marxe dereita e esquerda do río Tambre respectivamente, que á súa vez pertencían cada unha delas aos coutos de Sigüeiro do Deán e Sigüeiro de San Martiño. Segundo a representación que aparece no plano de 1775 a parte correspondente á parroquia de Oroso (Sigüeiro do Deán), con catro casas, era algo máis pequena que a parte de Barciela que contaba con sete.

[565] FARIÑA JAMARDO, X., *Os concellos..,* op. cit., p. XX

[566] SAAVEDRA, P., "O hábitat…, op. cit.

[567] Ibídem.

[568] Dos 10 templos que se atopan nesta situación en 1860 eran igrexas completamente illadas como as de Bascoi (Mesía), Barbeiros (Ordes), Os Ánxeles (Oroso), Senra (Oroso) e Castelo (Trazo). A outra metade estaban acompañados dunha casa deshabitada, un en Lanzá (Mesía) e os restantes no Concello de Frandes:

formaban parte de entidades de poboación que podían ir dunha a 17 casas habitadas no caso nos que o topónimo se identifica como "Iglesia (La)", "Eirege" ou "Vila da Iglesia" (49,33% do total de parroquias). Destas a maior parte (78,37%) non superan as seis casas, de xeito que o tamaño medio destas aldeas era de 4,14 casas.

4.5 POBOAMENTO, HÁBITAT E RÉXIME DE PROPIEDADE

Algúns dos informes cos que respostaron os párrocos á enquisa de 1723 sobre *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc.* poñen en relación a dispersión poboacional co réxime de propiedade da terra. É o caso do cura de Abellá (Frades) cando indica que os veciños viven dispersos e que a maior parte deles traballan terras a través de contratos de parzaría ao terzo da colleita, poñendo énfase na precariedade das economías campesiñas sometidas a este tipo de contratos:

> *... En la feligresía de san Esteban de Abellá ai sesenta y tres vecinos acaserados, casi todos caseros de tercio, y los más pobres, que después que pagan las rentas y siembran no les queda que comer, viven en diversos lugares que los más se componen de una o dos casas por cuxa rasón no merecen nombres de tales y me parece prolijidad el repetirlos...*[569].

Outros, como o rector de Vilamaior (Ordes) non fai referencia á dispersión poboacional pero si abunda algo máis sobre o réxime de propiedade:

> *Los beçinos de que se compone dicho beneficio son çinquenta fuegos con las cabaneras; y entre heste número los seis dellos thienen sus lugares propios con algunas pensiones y los cultivan por sus personas o sus criados y los demás de todo lo que coltiban y labran dan el tercio a los dueños de los lugares, tampoco no tienen ningunos ganados suyos sino que sea tal qual y los que tienen son los dueños de dhos lugares...*[570].

Na mesma liña se expresaba o párroco de San Cibrán da Vila de Abade e ou seu anexo de San Xoán de Tordoia, ambas do actual concello de Tordoia, cando declaraba:

> *… que este mi curato de Villa de Abad, que está en el arçiprestazgo de Dubra, tendrá hasta ochenta vecinos, casados, viudas y pobres, de los quales solo uno tiene asiento propio, seis por fuero de el Monasterio de San Martín de Santiago y todos los demás por arriendos trienales o a alvedrío de los dueños útiles …*
>
> *El anexo a este, San Juan de Tordoya (que está en el arciprestazgo de Berreo) tiene diez y seis vezinos casados y viudas, de los quales solo dos tienen algún corto derecho de fuero, los demás viven por arriendos*[571].

Pero, como xa se indicou, o informe máis exhaustivo é o do párroco de Santiago de Bascoi e o seu anexo de San Martiño de Cabrui (Mesía); tanto que permite coñecer con exactitude o réxime de propiedade e cuantificar o peso da propiedade plena e dos distintos contratos agrarios, corroborando con cifras as apreciacións cualitativas dos outros cregos. Así, dos 82 veciños que habitan estas dúas freguesías, once son propietarios plenos de toda ou de parte da súa explotación (13,41%), pois seis deles tamén traballan terras ao

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Frades, Galegos Lanzá, Moar e Vitre. As que forman parte dunha aldea son 34 con topónimo "Iglesia (La)", 2 con topónimo "Eireije" e 1 con topónimo "Vila da Iglesia".

[569] Ibídem, fol. 715 r.

[570] Ibídem, fol. 726 r.

[571] Ibídem, fol. 539 r.

terzo da colleita, de xeito que somente cinco (6,10%) son propietarios do todo o terreo que posúen. Os foreiros tamén son unha minoría, en total nove (10,98%), a mesma cifra que se documenta para os contratos de arrendatarios. Os restantes labradores son caseiros que traballan as terras en réxime de parzaría ao terzo da colleita, en total 48 cabezas de casa que supoñen o 58,54% dos fogares. Se a estes lles sumamos os seis propietarios plenos que tamén posúen a metade das súas explotacións en réxime de parzaría, o peso dos campesiños que traballan terras a través deste contrato ascende ao 64,63%. Por último dáse conta dun ferreiro que non se indica que se adique á labranza e de sete pobres, algúns deles *ostiatim* e outros que poderían ser xornaleiros xa que non se lle aplica aquel adxectivo. O párroco de Bascoi e Cabrui pecha o seu informe con estas palabras: "y en dichas feligresias no hay otra cosa de que pueda dar quenta, solo el constarme que los más de los feligreses son pobres". Retomando os datos que aportaba o reitor de Santiago de Vilamaior (Ordes), vemos que a parzaría aínda presentaban un maior peso nesa parroquia, pois afectaría ao 88% dos labregos, mentres que os que traballaban terras de seu supuñan o 12% do campesinado, sen que se mencionen foreiro ningún.

Pola súa parte, a trama do hábitat destas parroquias que resulta da enquisa de 1723 revela unha dispersión extrema pois o tamaño medio das 32 aldeas que integran as de Bascoi e Cabrui é de 2,53 fogares/entidade e de 1,31 aldeas/km^2. No 78% dos casos trátase de lugares acaseirados de 1 a 3 veciños. Con toda probabilidade esta cifra era superior, xa que todo parece indicar que as dúas das aldeas de maior tamaño, Piñeiro de Arriba (5 veciños) e Piñeiro de Abaixo (9 veciños) son asentamentos polinucleares, xa que o párroco as subdivide en lugares acaseirados. A relación entre o réxime de propiedade e a dispersión parece evidente xa que a parzería favorece a existencia de lugares acaseirados pertencentes ao mesmo dono que non adoitan pasar de 3 fogares. Mesmo nalgunhas das poucas localidades que acadan 5 veciños como Vilarensal e o lugar de Mou (Cabrui), 3 son caseiros ao terzo e dous son pobres en cada unha delas. No lugar do Regueiro os cinco veciños tamén son caseiros ao terzo pero as terras de tres deles pertencen a Sebastián de Sánchez e as dos restantes a María Sánchez, viúva. É dicir que o propietario da metade do lugar o ten entregado en parzaría a máis dunha familia. Tampouco hai que descartar que a coincidencia do apelido dos propietarios das terras desta aldea resulte da partición dunha herdanza, polo que é probable que en orixe todo o lugar pertencese ao mesmo propietario. Como para Vilamaior non contamos co tamaño das aldeas en 1723 recorremos ao *Nomenclátor de 1860.* Nesa data o tamaño medio dos asentamentos era de 2,80 fogares/aldea e había 2,26 aldeas/km^2.

Os contratos de arrendamento tamén parecen responder ao mesmo patrón. Por exemplo, os cinco veciños do lugar de Vilar Vello (Bascoi) traballan as terras que lles ten arrendadas un mesmo propietario, don Carlos de la Torre. En relación a este tipo de contratos viamos máis arriba no informe do reitor das parroquias da Vila de Abade e de Tordoia que o 90,61% dos veciños destas freguesías gozaban das terras a través de contratos de arrendos trienais "o a alvedrío de los dueños útiles", expresión na que é posible que inclúa a parzaría. En todo caso, queda claro que que os campesiños que traballan a terra a través de contrato foral ou como propietarios plenos son unha exigua minoría (8,33% e 1,04% respectivamente). Este informe non permite coñecer o tamaño das aldeas destas últimas parroquias pero recorrendo ao *Nomenclátor de 1860* observamos que a mediados do século XIX a dispersión do hábitar era bastante alta pois o tamaño medio de cada asentamento era de 3,66 fogares/aldea e o 70% das mesmas non sobrepasaban os catro veciños, se ben o número de aldeas era bastante menos abuntante que no conxunto da comarca: 0,96 aldeas/km^2.

Como vimos, os tetesmuños dos cregos corroboran a relación que establecera Bohuier entre tipo de hábitat rural e réxime de explotación da terra, quen, a través do

censo agrario de 1960 constatou o considerable peso que aínda tiña a parzaría no concello de Mesía e o arrendo no de Tordoia, como reflicten os informes de 1723 en parroquias deses municipios. Aínda que no capítulo correspondente se profundizará neste aspecto, adiantamos aquí que os datos obtidos para estas catro parroquias a partir deses informes están na liña dos que se extraen para as 21 freguesías da xurisdición de Folgoso a partir do Padrón Calle-hita de 1708: 9,73% de propietarios plenos, 4,75% de foreiros, 70,6% de arrendatarios e 11,5% de parceiros. É dicir, que os campesiños que traballaban terras de seu ou a través de contratos forais eran minoritarios fronte ao predominio dos arrendatarios e da presenza, difícil de determinar en moitas parroquias, das explotacións en parzaría. É certo que os contratos forais que se estableceron dende a Plena Idade Media foron fixando a poboación e, polo tanto, cofigurando o poboamento rural, pero dado o seu carácer enfitéutico os titulares do dominio directo non puideron condicionar o desenvolvemento das aldeas na medida que o fixeron os donos das terras cedidas en arrendamento e parzaría, de xeito que a capacidade dos arrendatarios ou parceiros para constituír fogares neolocais era practicamente nula a difenrenza do que ocorría no casos dos foreiros e, por suposto, no dos propietarios plenos. Era o dono da terra o que decidía onde se establecía a vivenda arredor da cal se organiza a explotación agraria –lugar acasarado- e, en consecuencia, quen condicionaba en certa medida o tipo de poboamento e de hábitat rural, non só no momento de establecerse o contrato senón de maneira permanente xa que os contratos se renovaban anualmente no caso da parzaría e trienalmente ou quinquenalmente no caso dos arrendos. A capacidade que tiña o foreiro de subdividir hereditariamente a terra que posuía por varias xeracións permitía a aparición de novos fogares e, polo tanto, o crecemento da aldea, liberdade vedada a arrendatarios e e parzeiros. Como xa apuntaran os medievalistas, resulta claro neste caso como o exercicio do poder –neste caso o poder económico dos donos da terra- foi un dos factores que condicionaron a organización do territorio[572], neste caso non só do poboamento senón tamén do hábitat. En definitiva, o réxime de propiedade baseado no arrendo e na parzaría unido ás baixas densidades de poboación que se rexistran -ao redor de 28 hab./km^2 a mediados do XVIII- deu como resultado un poboamento de gran dispersión con práctica ausencia de núcleos de hábitat concentrado.

4.6 A ESTRUTURA DAS ALDEAS

A través da documentación manexada neste traballo non é posible reconstruír a estrutura exacta das aldeas, pero partindo dos seus tamaños e da observación da actual trama de hábitat que permiten os mapas do IGN é factible aventurar a clasificación desas estruturas a través dunha mirada retrospectiva. Seguindo a clasificación dos asentamentos rurais proposta por Abel Bouhier, nesta comarca atoparíanse en primeiro lugar aldeas grandes, que segundo este autor poden ser de estrutura moi compacta ou polinucleares. Trataríase daquelas aldeas de máis de 15 fogares que, como vimos, eran moi escasas tanto en 1723 como en 1860 (1,21% e 1,57%, respectivamente), e que nalgún caso serían polinucleares, tipoloxía que constamos no caso de Nouche (Beán, Ordes) e que tratamos máis atrás. Porén, outras, como Seixán (Cabaleiros, Tordoia), A Baixa (Trazo), Oa (Xavestre, Trazo), A Carballeira (Visantoña, Mesía) presentan na actualidade estrutura compacta e dado que están apartadas de vías principais cabe pensar que esa podería ser tamén a súa estrutura en 1860.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Moito máis frecuentes serían as aldeas elementais, entidades que segundo Bouhier rexistran entre 5 e 15 moradas, e que en 1723 e 1860 supoñen o 31,80% e o 35,63% respectivamente. Este autor distingue neste grupo as de tipo compacto e as de estrutura frouxa, resultando incerto cal sería o peso de cada tipo nos séculos XVIII e XIX na

[572] SAAVEDRA, P., "O hábitat…, op. cit.

comarca de Ordes, se ben, dada a tendencia á dispersión do hábitat que aínda se observa na actualidade parece máis lóxico que predominasen as de estrutura frouxa como tamén observou o autor francés nas décadas de 1960/70[573]. En todo caso, como xa vimos, trataríase dun predominio gradual que iría diminuindo conforme nos desprazamos de norte a sur, do mesmo xeito que se constata na actualidade. Por último, os agregados sinxelos de menos de 5 fogares serían a gran maioría, 66,99 en 1723 e 62,80 en 1860, dando lugar en moitas freguesías ao que Fariña Tojo chama "parroquias en enjambre", xa sexa con "adea-núcleo" ou non[574].

O moderado crecemento demográfico experimentado durante a segunda metade do século XVIII e primeira do XIX tería contribuido a certa compactación das aldeas pero sen chegar a orixinar grandes cambios na estrutura do hábitat nin diluir o contraste norte/sur. Isto último tamén estaría conectado coa correspondencia que estableceu Bouhier entre o tamaño das aldeas e as formas da organización da paisaxe agraria, tratado máis atrás, de maneira que no norte desta comarca, que el inscribe na zona dos eidos de cerrados en mistura con eidos de pequeñas agras, as aldeas eran de menor tamaño e no sur, xa na zona de central das agras, as aldeas eran máis grandes, poñendo en relación o tamaño das aldeas co das agras[575]. Salvo nos núcleos de maiores dimensións, as vivendas rara vez se atopaban adosadas senón que adoitaban gardar distancias de entre vinte e oitenta metros, situadas en torno a un camiño que actuaba como eixo da agrupación e estaba apoiado, á súa vez, por unha rede de corredoiras secundarias que se unían a el, e nas que o conxunto de eiras e hortas dependentes das distintas vivendas cobrirían os espazos comprendidos entre elas[576]. Segundo Bouhier, algunhas das casas que se atopaban instaladas nos extremos das pezas de labradío, apartadas relativamente no núcleo aldeán, podían pertencer a campesiños acomodados que escapaban así da tutela da aldea pero sen alonxarse demasiado para non perder as vantaxes que ofrece a vida en comumidade[577].

A partir disto pódese afirmar que no marco xeral de poboamento disperso que caracteriza a toda a comarca encontramos zonas de hábitat máis disperso no norte e máis concentrado no sur. Estes contrastes aínda perviven na actualidade como pode apreciarse nos mapas do *Instituto Geográfico Nacional* que reproducimos a partir do visor *Iberpix 4,* pese ás alteracións que dende a década de 1970 experimentou o hábitat rural. Ao mesmo tempo, estes contrastes no hábitat conectan coa maior dispersión do poboamento que se apreciaba nas parroquias setentrionais en comparación coas meridionais evidenciado na maior proporción de aldeas de pequeno tamaño no norte e o maior número de aldeas por km^2.

Outra tipoloxía que se pode atopar nesta comarca é o que Bouhier chama "hábitat de route" ou aldeas de estrada, -entidades lineais, segundo Pazo Labrador- é dicir, o aliñamento de casas ao carón dos camiños, fenómeno que era documentado desde antigo segundo recollen os *Expedientes de Hacienda* de 1597 ao dicir sobre os veciños da xurisdición de Folgoso que "...los mas dellos bebían en caminos franceses..."[578]. Na década

[573] Segundo Bouhier nas décadas de 1960/70 as aldeas elementais de orde compacta eran "conxuntos limitados de casas, que non están unidas pero que están moi achagadas unhas ás outras", mentres que as aldeas elementais de estrutura frouxa estaban "formadas de casas moi espaciadas, situadas a distancias dun mínimo de 30 m ata un máximo, de aproximadamente 140 m, e máis frecuentemente de 50-70 m", (BOUHIER, A., *Galicia*..., op. cit, p. 123). Recoñecendo a difucultade de establecer o límite entre unhas e outras di que lle parece lóxico "dete-la categoría das aldeas elementais nos formatos da orde de 10 a 12, como máximo 14 moradas". Tamén indica que as aldeas elementais de orde frouxa son bastante numerosas "na parte setentional das mesetas occidentais (Ordes, Frades, Boimorto, Melide, Toques)" (Ibídem, p. 316).

[574] FARIÑA TOJO, J., "Los asentamientos…, op. cit., pp. 56-57.

[575] BOUHIER, A., *Galicia*..., op. cit, p. 300.

[576] LLANO CABADO, P. del, *Arquitectura popular en Galicia.* Santiago, 1989, vol II, p. 160.

[577] BOUHIER, A., *Galicia*..., op. cit, p. 254.


[578] AGS, EH, Leg. 130, carp 9, Montaos.

de 1980, Pazo Labrador observou no concello de Tordoia que este tipo de estrutura non só aparecía seguindo as vías de comunicación importantes, senón en calquera lugar[579]. Con esta tendencia a asentarse á beira da rede viaria poden relacionarse algúns dos núcleos máis crecidos que se documentan en 1723 situados ao carón do camiño real que levaba de Santiago á Coruña e a Betanzos, como a Calle de Poulo, localidade que como xa se dixo, reunía maior número de habitantes nesa data, sen que por isto deixase de ser unha aldea grande: 25 veciños, o que viría a equivaler a 100 ou 110 habitantes.

Mapa 2. Estrutura das aldeas en Santiago de Bascoi (Mesía), exemplo de hábitat disperso nas parroquias do norte da comarca[580]



Mapa 3. Estrutura das aldeas en Sta. María de Cardama (Oroso), exemplo de hábitat concentrado nas parroquias sur da comarca[581]



[579] PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía…*, p. 212.
[580] Fonte: https://www.ign.es/iberpix2/visor/
[581] Ibídem

Esta estrutura de hábitat é observable na actualidade en certos núcleos, nalgúns casos de configuración reciente e noutros presumiblemente antiga. Entre estes últimos caben citarse a mencionada Calle de Poulo como a Rúa de Buscás, ambas no actual concello de Ordes, cuxa toponimia alude a esa configuración e nas que si é posible atopar casas adosadas a carón do camiño[582]. Entre as localidades deste tipo de configuración máis reciente hai que mencionar as actuais capitais municipais da comarca ou asentamentos como o Mesón do Vento (Ardemil, Ordes) nacida á beira do novo trazado do camiño real que viamos no plano de 1775, onde aínda non aparece esta entidade de poboación, e que en 1860 só contaba con tres casas habitadas. Tamén outras como A Silva (Cerceda) nas que a celebración de feiras e o carácter de encrucillada de camiños contribuíron a esa estrutura e ao crecemento deste núcleo entre 1723 que contaba con 6 casas habitadas en 1723 e 13 en 1860. Para mediados do século XIX Bohuier menciona outros exemplos como os de Fonte-Estrei (Sta. Mª. de Ordes) - actualmente unida ao casco urbano da vila-, Castrelos (Sta. María de Leira, Ordes) ou o citado Mesón do Vento (Ardemil), indicando que este tipo de localidades foron escasas no conxunto[583]. A propia vila de Ordes presentou esta estrutura de forma moi marcada ata o último cuarto do século XX e aínda é recoñecible no plano actual, estrutura que non se observa no plano de 1775 e que con toda probabilidade se comezou a formar a partir desa data. Segundo o autor francés as casas que se instalaban á beira das estradas podían ser moi humildes pero tamén se podían atopar casas importantes construídas no século XIX como a casa grande situada no lugar da Igrexa de S. Martiño de Oroso.

Bohuier tamén se detivo en formas de emulsión do hábitat como os casetos, moradas moi humildes construídas polos campesiños/as máis pobres que vivían do xornal, os/as caseteiros/as. Segundo este autor, trataríase de "operacións de supervivencia" polas que este proletariado campesiño podía evitar temporalmente a emigración instalándose nos bordes das toxeiras ou do monte coa anuencia das comunidades aldeás ou parroquiais, contribuíndo deste modo ao afrouxamento da aldea e, polo tanto, ao do hábitat[584]. De acordo coas nocións de hábitat e poboamento que presentamos de partida, tomadas de Xosé Manuel Souto, os casetos podían ser factores de dispersión dun ou doutro. Se estaban asociados a unha aldea, incidían na dispersión do hábitat e se eran casas illadas con nome de seu e desvinculadas dun determinado asentamento –ainda que en orixe estivesen ligadas a unha aldea nai- contribuían á dispersión do poboamento, como documenta Bouhier na Terra Cha vilalbesa. En todo caso, este autor presenta a unas e outras como formas de emulsión do hábitat, é dicir vinculadas a unha aldea matriz, sinalando as primeiras como frecuentes nos concellos de Mesía, Ordes e Tordoia, zonas nas que as comunidades aldeas ou parroquiais toleraron a mencionada usurpación de terras incultas por parte dese proletariado campesiño para a instalación das súas infravivendas, o que non supuxo roturacións que deran lugar ao establecemento de novos eidos individualizados e permanentes que transformasen a organización preexistente[585].

A frecuencia de casetos na comarca de Ordes constátase xa nas declaracións dos curas que remitiron informes á curia compostelá en 1723, xa sexa con apreciacións cualitativas como con cifras. Así, por exemplo, nas parroquias de Campo (Trazo) e Leobalde (Tordoia) ademais dos setenta viciños habitaban "...algunas pobres caseteras

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[582] O lugar da Rúa de Buscás, anexo á igrexa parroquial, aparece con nome de Ramos-Rúa no *Nomenclátor de 1860* con 9 casas habitadas. Na fonte de 1723 únicamente se rexistra o lugar dos Ramos con un veciño, polo que nese momento aínda non tiña trazado de entidade lineal.

[583] Este fenómeno é frecuente tamén na Terra Chá (Baamonde, Vilasuso, Francés...) (BOUHIER, A., *Galicia*..., p. 255).

[584] Ibídem, p. 254.

[585] Ibídem.

retiradas a vida solitaria que viven de limosna y son de ninguna utilidad...".[586]. En Berreo (Trazo) tamén se citan "... algunas pobres retiradas a vida solitaria en tigurios (sic) o casetos que viven de limosna y de algún jornal..."[587]. En Gorgullos (Tordoia) aos 82 veciños que viven noutros tantos lugares separados súmanse "... más veinte y dos casetas que habitan oficiales y otras mugeres pobres que viven unicamente los unos de su oficio y las otras de su jornal ayudando al trabajo de los labradores", e en Xesteda (Cerceda) compútanse "cinquenta y tres vecinos de labranza y once de caseta", é dicir, case o 27% do total da veciñanza de Gorgullos e o 17,18% de Xesteda[588]. Nalgúns casos os propios curas precisan que se trata de viúvas ou solteiras, ás veces acompañadas dalgunha filla, que ademais de dedicarse ao xornal ou a pedir polas portas tamén se poden empregar na costura. Así, o cura de Xesteda (Cerceda) dinos que no couto de Ledoño, que formaba parte desa freguesía, "con los dichos diez vezinos distantes unos de los otros (menos quatro que están juntos) una carrera de caballo, a que se añade una caseta que ocupa una moza soltera con una hija costurera y otra soltera también costurera" [589].

No apartado do *Nomenclátor de 1860* titulado "Albergues" dedúcese que se anotaron os casetos xa que encaixan na definición que esta fonte fai dese tipo de construción: "las entidades que están también habitadas, pero no son edificios, ya se clasifiquen con ese nombre, ya con el de «caseta, cueva, choza» etc."[590]. Isto corrobórao o feito de que nos dous casos nos que estes "albergues" aparecen como entidades illadas o *Nomenclátor* as cualifica como "casilla" en lugar de utilizar a palabra "aldea"[591]. Pero a fiabilidade dos datos relativos a este tipo de vivendas ofrece bastantantes dúbidas xa que non se debeu aplicar o mesmo criterio en todos os concellos á hora de recollelos como evidencia o feito de que en Mesía non se documente ningún e en Oroso só tres. No conxunto da comarca rexístranse 402 vivendas deste tipo que en termos relativos supoñen o 8,20% das casas habitadas (9,79% se excluímos do cómputo a Mesía). Por concellos apréciansе notables contrastes: Frades e Ordes dobran a porcentaxe comarcal (17,23% e 16,72% do total das moradas, respectivamente) mentres que Cerceda e Oroso están por debaixo da metade desa porcentaxe (2,68% e 0,55% do total de edificios habitados, respectivamente). De novo, parece probable que contrastes tan fortes se deban ás diferenzas de criterio das persoas que anotaron os datos de campo á hora de cualificar a determinadas casas terreñas como "casetos", toda vez que en 1723 a información dos párrocos de freguesías dos actuais concellos de Cerceda inciden no elevado número de caseteiras e Bouhier sinala a Mesía –ainda que sexa nas décadas de 1960/70- como un concello no que abundaba este tipo de vivenda. Tanto eses contrastes entre concellos á altura de 1860 como o feito de que en Mesía non se rexistren casetos permite presumir que a nivel comarcal a porcentaxe deste tipo de vivendas sería con largueza superior ao 10%.

Aos dous casos mencionados nos que este tipo de vivenda aparece completamente illada hai que engadir outros dous vinculados a aldeas de 3 casas –incluído o caseto- nos que as restantes vivendas estaban deshabitadas. Algo máis da metade dos casetos (55,22%) pertencían a aldeas de 1 a 7 casas, ascendendo ao 75,62% se lle sumamos as

[586] AHDS, Estadística, L. 13, fol. 551.
[587] AHDS, Estadística, L. 13, fol. 553.
[588] AHDS, Estadística, L. 13, fol. 555 e 561.
[589] AHDS, Estadística, L. 13, fol. 561. Sobre o caso das mulleres solteiras ou viúvas que vivían "de sobre si" gañando a vida a través de oficios relacionados coa manufactura textil, vid. RIAL GARCIA, S. M., *O traballo das mulleres na Galicia rural do Antigo Réxime*, Santiago de Compostela, 2009, p. 22 e pp. 95-106).
[590] *Nomenclátor*…, op. cit., p. XX.
[591] Trátase dos lugares de Mato na parroquia de San Martiño de Cerceda e o lugar de Outeiro na de Sta. María de Castelo (Trazo).

aldeas de 8 a 10 casas e ao 89,30 se incluimos as que contan con ata 13 fogares (Táboa 7). En aldeas de máis tamaño a presenza dos casetos cae bruscamente, rexistrándose o 3,48% nas aldeas de 14 a 16 vivendas e o 7,21% en entidades de 17 ou máis casas (Ibídem). En definitiva, o máis frecuente é que este tipo de vivendas formen parte de aldeas de tamaño pequeno ou medio –o grupo de aldeas de 5 a 7 casas rexistra a maior porcentaxe: 28,61%- e que sexan máis infrecuentes en aldeas de 11 ou máis casas. A diferenza do que observou Bouhier na Terra Cha vilalbesa, a práctica totalidade dos casetos están asociados a unha aldea e non aparecen como lugares autónomos no *Nomenclátor*.

Táboa 6. Albergues (casetos) no *Nomenclátor de 1860* por concellos

	km²	Albergues	Edificios habitados	% de albergues	Albergues/km²
Cerceda	114,3	19	752	2,68	0,17
Frades	81,5	118	746	17,23	1,45
Mesía	108,8	0	850	0,00	0,00
Ordes	160,1	156	945	16,72	0,97
Oroso	72,3	3	582	0,55	0,04
Tordoia	125,8	45	686	7,14	0,36
Trazo	99,2	61	630	10,10	0,61
Total	762,0	402	5191	8,20	0,53

Táboa 7. Albergues (casetos) no *Nomenclátor de 1860* segundo o tamaño das aldeas

Tamaño aldeas	Nº casetos	Nº casas	Nº aldeas	casetos/aldea	% casetos	% casetos/aldea
1	4	4	4	1,00	1,00	100,00
2 a 4	103	246	80	1,29	25,62	41,87
5 a 7	115	414	71	1,62	28,61	27,78
8 a 10	82	356	40	2,05	20,40	23,03
11 a 13	55	237	20	2,75	13,68	23,21
14 a 16	14	88	6	2,33	3,48	15,91
17 o más	29	171	7	4,14	7,21	16,96
Total	402	1 516	228	1,76	100,00	26,52

Táboa 8. Albergues (casetos) no *Nomenclátor de 1860* segundo o número de casetos por aldea

Casetos por aldea	Nº casetos	Nº casas	Nº de aldeas	% aldeas
1	122	618	122	53,51
2	132	442	66	28,95
3	72	211	24	10,53
4	36	87	9	3,95
5	20	80	4	1,75
6	12	66	2	0,88
8	8	12	1	0,44
Total	402	1 516	228	100,00

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En conxunto, os casetos supoñen pouco máis da cuarta parte das vivendas das 228 aldeas nas que se documentan -26,52% casetos/aldea (Táboa 7)-. Pero como é natural nas entidades de pequeno tamaño o seu peso cobra máis importancia e conforme os núcleos de poboación crecen ese peso vai perdendo relevancia, de xeito que a súa presenza non é

proporcional ao tamaño das localidades senón que na inmensa maioría dos casos (92,98%) non superan o número de tres por aldea (Táboa 8). Na metade dos casos non son máis dun por aldea (53,51%), unha porcentaxe que se vai reducindo drásticamente conforme aumenta o número de casetos por localidade (Ibídem). As maiores acumulacións (de 5 a 8 casetos) danse en aldeas de tamaño grande, se ben se trata dun número moi reducido de casos. Por exemplo, tan só podemos atopar 6 casetos en dúas localidades: Baixa (Sta. María de Trazo) e a vila Ordes, capitais dos seus respectivos concellos en 1860. O caso máis chamativo é o da aldea de Arriba, en San Pedro de Benza (Trazo) onde das 12 casas habitadas que a compoñen, 8 son casetos. Fora deste caso excepcional, a regla xeral é a existencia dun numero reducido deste tipo de moradas por aldea, con independencia do tamaño desta, o que podería ter que ver co límite tolerado pola comunidade aldeá á instalación de caseteiros/as en terras incultas usurpadas a esta, como documenta Bouhier nas décadas de 1960/70. Nos capítulos seguintes teremos oportunidade de comprobar que a abundancia de casetos que documentamos nas fontes utilizadas está relacionada coa acusada polarización económica desta comarca que deixa a amplos segmentos da sociedade nunhas condicións de subsistencia moi precarias.


4.7 EMPRAZAMENTO E TOPONIMIA DOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN

Abel Bouhier sinalou o escaso efecto da orografía no emprazamento das aldeas da penichaira occidental, dada a súa relativa planitude. Aínda así observou a peculiar localización das aldeas dalgunhas parroquias poñéndoas en realación coas formas de organización da paisaxe agraria. É o caso da agrupacións de aldeas en zonas de eidos que se xuntan en confluencias de valgadas ou fondais sucesivos, ou en zonas de ladeiras de débil inclinación asucadas por meandros de ríos onde se forman confluencias de eidos en forma de lóbulos. Este tipo de agrupacións detectonounos tanto no norte da comarca, onde se misturan eidos cerrados con eidos de pequenas agras, como no sur, na zona central dos eidos de agras, se ben só ofrece casos concretos referidos á primeira zona: Bascoi (Mesía) sería exemplo de parroquia cuxas aldeas se agrupan nun lóbulo de confluencia ou festón de ladeira sucado polo río Samo, afluente do Tambre, mentres Lesta e Mercurín (Ordes) exemplificarían o caso de senllos fondais agrarios que acubillan a todas as aldeas de cada unha destas parroquias coo se pode ver nos planos deste autor que reproducimos[592].

Por outra parte, indica que na zona norte as aldeas grandes, neste caso de máis de 10 casas, non se sitúan en lugares privilexiados senón de maneira descontínua e salpicada a razón dunha ou dúas aldeas deste tipo por parroquia, ao sumo tres. Segundo o mesmo autor, estas aldeas non se atopan necesariamente no corazón dos eidos nunha posición de pivote, do mesmo xeito que as localidades máis pequenas non se ven desprazadas á periferia dos espazos cultivados. Neste sentido, Bouhier estima que hai que desbotar calquera idea de "colonización centrífuga, con espallamento de pequenos núcleos secundarios de poboamento arredor dun centro-chave principal", configuración da trama do hábitat e do poboamento que xa documenta a mediados do século XIX e cuxo orixe atribúe á confluencia de diferentes factores que lle resultaron difíciles de captar. De feito, considera que a trama do hábitat se mativo bastante estable dende aquela data, segundo puido comprobar con claridade no concello de Sobrado e cunha mostra máis limitada nos de Mesía, Ordes e Tordoia, estimando que a aparición de novas aldeas se movería entre o 5 e o 15% entre mediados do século XIX e mediados do XX, e que moitas entidades engrosaron o seu tamaño durante este período[593].

[592] BOUHIER, A., *Galicia…*, op. cit., pp. 243-247, 300.
[593] Ibídem, p. 250-254.

Planos 3, 4 e 5. Emprazamento das aldeas das parroquias de Bascoi (Mesía), Lesta (Ordes) e Mercurín (Ordes) segundo Abel Bouhier[594]



Pola súa parte, Alberto J. Pazo Labrador idenficou no concello de Tordoia distintas variantes atendendo a tres criterios: topografía, espazo agrario e vías de comunicación. Esta clasificación da década de 1980 pódese retrotraer ao período aquí estudado xa que as aldeas poideron cambiar de tamaño e mesmo de estrutura pero non de emprazamento, salvo as aparecidas con posterioridade a 1860. Estas últimas si poden alterar as porcentaxes que presenta este xeógrafo con relación ao período aquí estudado. Segundo o primeiro criterio, Pazo Labrador distinguía as seguintes tipoloxías: a) entidades sobre unha topografía pouco accidentada, onde domina a planitude; b) entidades sobre un outeiro ou cerro; e c) localización en pendente, sempre de carácter moderada. Segundo esta clasificación, a maioría das localidades situábanse no primeiro grupo (54,3%), como parece lóxico dado o predominio destes espazos, en segundo lugar (25,2%) os asentamentos situados en outeiros ou cerros e a pouca distancia (20,5%) os emprazados en pendente. En todo caso, dado que o territorio de Tordoia, como o do resto da comarca, se caracteriza pola súa suavidade topográfica, pódese dicir que a orografía non condicionou o emprazamento das aldeas[595].

En segundo lugar, atendedo ao espazo agrario, distingue entre o predominio do emprazameto no medio do *ager* (63,3%), é dicir, das agras –núcleos rodeados das terras de cultivo-, fronte á unha menos frecuente situación no contacto *ager-saltus* de localidades que reflectían con esta localización a complementariedade entre a economía agropecuaria e a forestal. Segundo este autor e como xa indicara Bouhier, o emprazamento no medio das agras non está en relación con tipo de estrutura da aldea[596]. Por último, en relación ás vías de comunicación, pon de relevo como cada núcleo de poboamento funciona como nó dunha rede radial de camiños que o comunican cos seus campos de cultivo e cos asentamentos veciños. As restantes vías de comunicación, de máis entidade que estes camiños veciñais, tamén incidiron no emprazamento dos asentamentos. Como vimos máis atrás, a substancial mellora destas vías, fundamentalmente no último cuarto do século XX, reforzaron ou deron lugar a novas poboacións modificando a xerarquía dos núcleos de poboamento que se poden atopar nas fontes utilizadas neste traballo para 1723 e 1860. Con todo, Pazo Labrador estima que esta circunstancia non debe ser sobrevalorada, particularmente nun territorio como o de Tordoia que nunca foi atravesado por camiños principais, salvo o que comunicaba Santiago con Carballo e que sucaba o extremo occidental deste concello por Anxeriz, a

[594] BOUHIER, A., *Galicia…*, op. cit., pp. 243 e 247
[595] PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía…*, op. cit., p. 215.
[596] Ibídem, p. 217.

parroquia, xa de por si, máis excéntrica da comarca. As melloras viarias viñeron, sobre todo, a reforzar núcleos preexistentes deste concello, pero non alteraron substancialmente e emprazamento destes[597]. É posible que os datos que ofrece Pazo Labrador se poidan facer extensivos con matices ao resto da comarca, particularmente aos concellos limítrofes de Tordoia polos flancos norte e sur (Cerceda e Trazo) e quizáis tamén a municipios marcadamente rurais como Mesía e Frades, mantendo máis cautelas ao respecto dos de Ordes e Oroso, nos que as parroquias atravesadas por unha vía principal como a de Santiago-A Coruña estaban mellor comunicadas e contaban con algunhas entidades de poboación máis desenvolvidas.

Outra cuestión que merece ser sinalada é a das aldeas repartidas entre dúas ou máis parroquias, que ao mesmo tempo tamén podían estar divididas en máis dunha xurisdición do Antigo Réxime ou concello constitucional. Mencionouse máis atrás o caso da Póboa de Mesía que en 1860 contaba con tres das súas sete casas na parroquia de Bascoi e catro na de Mesía. Outro exemplo de localidade deste tipo é o de Sigüeiro, neste caso dividida polo río Tambre e repartida entre as parroquias de Oroso e Barciela, xurisdicionalmente entre o couto do Deán e o couto de San Martiño durante o Antigo Réxime e no Réxime Liberal entre os concellos de Enfesta con 21 casas habitadas (hoxe integrado no de Santiago de Compostela) e Oroso con 22 fogares en 1860, respectivamente. Outra ponte sobre o Tambre tamén partía a aldea de Ponte Carreira que en 1860 distribuía os seus veciños entre tres parroquias e dous concellos. Na marxe dereita do río entre Gafoi e Ledoira, ambas do concello Frades, con tres e catro moradas, respectivamente, e na marxe esquerda en Pastor (Concello de O Pino) cunha soa casa habitada. A ponte fora construida na primeira metade do século XIX cando se trazou a estrada que une Santiago con Curtis, dándolle nome a esta localidade cuxos núcleos seguramente xurdiron ou potenciáronse despois da construción da ponte polo estímulo que supoñen estas infraestruturas viarias para o poboamento. Neste sentido o caso de Sigüeiro é paradigmático, sobre todo por estar nunha vía principal como a de Santiago-A Coruña: a suma dos veciños dunha e doutra parte da ponte ascendía a 43, igualando prácticmente en tamaño á vila de Ordes que nesa data rexitraba 46 casas habitadas[598]. En 1860 Sigüeiro xa evidenciaba con claridade un dinamismo económico reflectivo no seu peso demográfico. Pola súa parte, Pontecarreira crecerá máis tardíamente e conseguirá unha feira que aínda mantén ata converterse na actualidade, como a capital de Oroso, na localidade máis urbanizada e habitada do municipio de Frades[599].

A homonimia toponímica das aldeas desta comarca, como no resto de Galicia, é un fenómeno frecuente, sendo os topónimos máis repetidos aqueles que fan referencia a aspectos da paisaxe natural como masas árboreas de determinada especie (Carballal, Carballeira, Castiñeira, Fraga) ou a árbores individuais (Figueira, Piñeiro), a vías de comunicación (Corredoira, Costa, Cruceiro), á estrutura das aldeas (Casal, Vilar), a características do solo ou da orografía (Barreiro, Gándara, Outeiro), a edificacións destacadas por algunha razón (A Igrexa, Pazo, Torre, Casanova) ou a antigas formas do poboamento (Castro). Máis alá desta frecuente homonimia, no *Nomenclátor de 1860* detéctase a repetición de topónimos en parroquias limítrofes que induce a pensar que

[597] Á altura da década de 1980 só o 15% dos núcleos era atravesado polas principais vías de comunicación do concello, o 3% emprazábase en cruces de vías importantes, mentre o 82% restante estaba afastado destas vías (Ibídem, p. 219).

[598] A partir da fonte de 1723 non é posible coñecer se existía algunha localidade de nome Carreira ou similiar xa que nas freguesía de Ledoira e Gafoi os párrocos non indicaron o nome das aldeas.

[599] No nomenclátor de 2020 a localidade de Pontecarreira rexistra 164 habitantes na parte de Frades e 7 habitantes na parte de O Pino. A feira ten lugar os días 12 e 26 de cada mes. Pola súa parte, Sigüeiro rexistra 3.995 habitantes na parte de Oroso e 64 habitantes na parroquia de Barciela (Santiago de Compostela). [https://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=002001&ruta=nomenclator/nomenclator.jsp].

podería tratarse dunha mesma aldea repartida ente máis dunha freguesía, como os casos que indicamos máis arriba. Esta circunstancia dáse en 77 asentamentos, o 1,51% do total de 4.900 entidades de poboación, se ben habería que facer un traballo de campo para confirmar a sospeita que nun gran número de casos é probable que fose desbotada como puidemos comprobar nunha cata realizada a través do visor *Iberpix 4* do IGN. Destas 77 aldeas, parece probable que se trate da mesma localidade, cando non son casos xa comprobados, en 25 ocorrencias (0,51% do total). Os casos comprobados veñen dados polo coñecemento directo dos mesmos, como os mencionados máis arriba, e os casos probables polo feito de ser entidades situadas en parroquias limítrofes do mesmo concello nas que a distancia da capital municipal que indica o *Nomenclátor de 1860* difire en poucos metros cando non é a mesma. Neste tipo de aldeas non é infrecuente que exista un núcleo máis habitado nunha das parroquias e unha casa independente da mesma aldea pertencente na freguesía colindante, pero tamén pode ocorrer que a aldea teña unha distribución máis ou menos equitativa entre dúas parroquias[600]. A casa illada puido ter desaparecido e moitas destas aldeas xa non se atopan repartidas en distintos territorios segundo o actual *Nomenclátor de Galicia*. De poder confirmar que o 1,51% de aldeas se trataba dunha soa e non de dúas suporía un sesgo nos resultados de tamaños, pero nos inclinamos a pensar que o máis probable é que na maioría dos casos non se trate de tal cousa senón de dúas aldeas diferenciadas como comprobamos na cata mencionada, polo que entendemos que a cifra de aldeas repartidas entre máisdunha parroquia podería rondar o 0,51% dos casos, o que non sería sesgo significativo nos resultados globais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[600] Aldeas cun núcleo máis habitado nunha das parroquias e unha casa independente da mesma aldea nunha freguesía colindante son a mencionada Póboa de Mesía, O Peñasco, repartida entre Abellá (Frades) e Barbeiros (Ordes), Falmega entre Gándara e Romarís (Oroso), Garabanxa entre Moar (Frades) e Calvente (Oroso), Bouzamonte entre Ledoira e Añá (Frades), Vieiro entre Pasarelos e Calvente (Oroso) e Fontán entre Rodís e Xesteda (Cerceda). Aldeas cunha repartición máis ou menos equitativa entre dúas parroquias son Loureiro repartida entre Encrobas e Rodís (Cerceda), Mañufe entre Mercurín e Ordes (Ordes), Pedreira entre Mercurín e Lesta (Ordes) e os caos mencionados de Ponte Carreira e Sigüeiro.

5. ESPAZOS DE VIDA BAIXO TEITO: CASAS, PAZOS, IGREXAS, ERMIDAS E MUIÑOS

Ata aquí examinamos a organización do espazos rurais atendendo á parte física e política do territorio, así como á distribución dos asentamentos humanos sobre o mesmo. Nas liñas que seguen introducirémonos en distintos espazos interiores, edificacións nas que se desenvolvía boa parte da vida das comunidades humanas estudadas neste traballo atendendo ás funcións que lle eran propias. Tamén nos deteremos na súa fisionomía e exterior interior, sen desatender aspectos de carácter artístico que non deixan de ser manifestacións culturais destas sociedades que se concretan fundamentalmente na arquitectura relixiosa e pacega, xa que o resto de edificacións obvian calquera afán estético en favor da funcionalidade. Esas manifestacións artísticas que atopamos nos pazos e, sobre todo, en igrexas e capelas, executadas por mestres de obras de escasa formación teórica, representan a asimilación no ámbito popular de correntes artísticas da alta cultura, en especial do románico, do barroco e do neoclasicismo. Salvo no estudo de Vítor M. Migués sobre a arquitectura pacega da zona de Chantada a historiografía modernista galega non lle ten dedicado monografías específicas ás edificacións do Antigo pero non faltan estudos que teñan abordado a vivenda en artigos específicos sobre o tema ou en capítulos de monografías que abordan temas máis amplos[601]. Asemade existen traballos abordados dende outras disciplinas referidos a distintos tipos de arquitecturas que tamén son de gran utilidade[602].

[601] Un estado da cuestión en relación á vivenda en GONZÁLEZ HERAS, N., "La vivienda en la Edad Moderna: un repaso a la historiografía de los últimos años", en REY CASTELAO, O. e SUÁREZ GOLÁN, F. (coords.), *Los vestidos…,* op. cit., pp. 995-1016. Entre as publicacións do modernismo galego caben citarse: RODRIGUEZ FERREIRO, H., *La tierra…,* op. cit.; ROZADOS, A., "Aproximación al estudio de la vivienda rural en la Galicia de los siglos XVII-XVIII", *Pedralbes: Revista d'historia moderna*, Nº 11, 1991, pp. 109-118; PRESEDO GARAZO, A., *Os devanceiros dos pazos,* Santiago de Compostela, 1997; SAAVEDRA, P., "A vida cotiá da fidalguía pacega", en MEIJIDE CAMESELLE, G. et al., *V E VI Semanas Galegas de Historia: Morte e sociedade no noroeste peninsular. Un percorrido pola Galicia cotiá,* Santiago, 1998, pp. 373-396; SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit.; MIGUÉS, V. M., *As terras, as pousas e os vinculeiros. A fidalguía galega en Época Moderna,* Sada (A Coruña), 2002; MIGUÉS, V. M., *Pousas e fidalgos no Miño Medio: arquitectura, territorio e sociedade nos solares da Terra de Chantada*, Lugo, 2004; MIGUÉS, V. M., "Entre la casa institucional y la casa residencial: imagen social y justificación simbólica de la hidalguía en Galicia", *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 14, 2005, pp. 201-223); SAAVEDRA, P., "La vida en los pazos gallegos: entre la civilidad y la rudeza", C*hronica nova: Revista de historia moderna de la Universidad de Granada*, 2009, pp. 163-191; SOBRADO CORREA, H., "Las condiciones materiales de vida en el mundo rural gallego del siglo XVIII", en M. R. GARCÍA HURTADO, M. R. (Ed.), *La vida cotidiana en la España del siglo XVIII*, Madrid, 2009, pp. 181-205; VÁZQUEZ LIJÓ, J. M., *Luces sobre a Casa de Goiáns no Antigo Réxime,* Boiro (A Coruña), 2012; REY CASTELAO, O., "Casas y cosas en la Galicia occidental en el siglo XVIII", *Cuadernos de Historia Moderna*, Anejo XIV, 2015, pp. 211-233; SOBRADO CORREA, H., "Algunas notas acerca de la vida cotidiana del campesinado gallego en la Edad Moderna", *Revista Portuguesa de História,* t. XLVII, (2016), pp. 129-152;

[602] CASTILLO, A. del, *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia,* Ed. facs. a cargo de Alfredo Vigo e Lois Ladra Fernández, A Coruña, 2008; LLANO CABADO, P. de, *Arquitectura…* op. cit., vol I, p. 127; PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía* ..., op. cit.; MARTÍNEZ-BARBEITO, C., *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña,* A Coruña, 1978; GONZÁLEZ PÉREZ, C., "Os pombais galegos", *Cuadernos de estudios gallegos*, T. 33, Nº. 98, 1982, págs. 479-506; GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos de Galicia. Análisis documental,* Santiago de Compostela-A Coruña, 1992; MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I., *El hórreo gallego,* (2ª ed.), A Coruña, 1999; SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. XV. Comarca de Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo,* A Coruña, 2002.; MINGOTE RODRÍGUEZ, F., *A rede de igrexarios e a identidade dos territorios,* (tese de doutoramento inédita), A Coruña, 2015.

En primeiro lugar, e seguindo o fío do capítulo anterior, detémomnos na plasmación física das formas de hábitat e poboamento, as casas de morada, para atender a continuación outros tipos de edificacións que formaban parte da paisaxe do mundo rural, como igrexas, ermidas ou muiños que, asemade, aparecen recollidas no *Nomenclátor de 1860*. Estas arquitecturas son o legado patrimonial máis visible que nos queda a día de hoxe daquela sociedade, sobre todo no que se refire ás moradas das elites (pazos, casas grandes e reitorais) á arquitectura relixiosa e, e en menor medida, ás vivendas campesiñas tradicionais, moi alteradas no século XX ou construídas de nova planta durante esa centuria. Tamén se mencionarán outras estruturas como as torres, se ben desaparecidas na súa práctica totalidade, como un dos principais referentes ou fitos espaciais do mundo rural do Antigo Réxime.

As vivendas, o espazo doméstico, eran o lugar de habitación humana ou o "escenario vital da familia", en palabras de Hortensio Sobrado. Aparte de residencia eran núcleos de explotacións agropecuarias e, polo tanto, centros de produción nos que se misturan persoas e gando[603]. Ao longo do tempo fóronse configurando tipoloxías zonais condicionadas polos materiais disponibles, as condicións climáticas da zona e as necesidades do traballo agrícola. Tanto o *Catastro de Ensenada* como o *Nomenclátor de 1860* aportan información sobre a estrutura destas edificacións, como as medidas ou se eran casas terreas ou dun alto. O *Nomenclátor,* que non ofrece o primeiro dato, permite vincular o segundo ao tipo de aldea facendo posible reconstruír a aparencia dos asentamentos a mediados do século XIX en función do seu tamaño e establecer posibles relacións entre esa aparencia e as fórmulas de posesión da terra. Como diciamos, a día de hoxe é difícil atopar vivendas que conserven intacta a fisionomía tradicional e menos que daten da Idade Moderna ou da primeira metade do século XIX. De ser así, se non están en ruína atópanse moi alteradas estruturalmente, salvo no caso das vivendas das elites, como os pazos, as casas grandes e as reitorais que pese ás modificiacións que puideran ter sufrido nos últimos dous séculos aínda conservan exteriormente unha estrutura propia do período mencionado.

Aparte das moradas dos distintos grupos sociais, abordaránse toda unha serie de edificacións que desempeñaban funcións cardinais na vida das sociedades do pasado e que por iso sobreviviron ao paso do tempo con alteracións menos agresivas. É o caso da arquitectura relixiosa cuxa función vertebraba as comunidades rurais; unha función que ía máis alá do espiritual pois as celebracións e oficios relixiosos, xa fose a misa dominical, as confirmacións, as bodas ou os funerais, eran ocasións de socialización e de fortalecemento dos lazos veciñais da comunidade parroquial, dos vínculos clientelares, familiares e das redes de parentesco. Do mesmo xeito, as romarías celebradas nas ermidas que salpicaban o territorio eran eventos que congregaban a veciños e forasteiros favorecendo interrelacións que desbordaban o endogámico ámbito parroquial.

Por último, os muiños, máis alá da súa función esencial na transformación do alimento básico destas sociedades, tamén daban lugar a encontros veciñais nos que se propiciaban momentos lúdicos ou festivos meramente profanos que deixaron abundantes pegadas no folklore.

5.1 AS FONTES

Para este capítulo, aparte da metodoloxía habitual baseada nas fontes documentais, realizouse traballo de campo percorrendo o territorio comarcal para examinar edificacións que poidesen datar do período estudado. Froito deste traballo é o limitado material gráfico que ilustra as descricións que se fan no texto e, sobre todo, o máis abundante que forma parte do apéndice documental deste capítulo no que se documentan a totalidade das

[603] SOBRADO CORREA, H., "Algunas..., op. cit.

igrexas parroquiais e a práctica totalidade dos pazos e casas grandes construídos ou reconstruidas no período aquí estudado. Aparte das fontes directas, a bibliografía sobre o tema foi de inestimable axuda, toda vez que prescindimos de fontes primarias, como os protocolos notariais, que aportarían información de gran interese pero que non sería moi distinta á que aportan os autores citados ao longo deste apartado.

En canto ás fontes primarias utilizadas, os distintos libros que compoñen o *Catastro de Ensenada* facilitan datos sobre distintos tipos de edificacións. Os *Libros Reales* indican as medidas das casas e se son terreas, dun alto ou con sobrado. Nas *Respuestas Generales* aos *Interrogatorios* enuméranse os muiños que hai en cada parroquia e o número e tipo de pedras coas que moen. Para recabar esta información relativa a mediados do século XVIII realizouse unha cata nos libros desta fonte correspondentes a algunhas parroquias da antiga xurisdición de Folgoso, o que nos permite establecer comparacións coa información que facilita o *Nomenclátor de 1860.*

Como vimos no capítulo anterior, esta fonte é de gran utilidade para este capítulo xa que dá conta do número de casas habitadas e inhabitadas e se son terreas ou contan con máis andares. Permite poñer en relación o tipo de casa co tamaño dos asentamentos e coa súa distribución neste territorio, relación da que se obtén unha imaxe bastante axustada da fisionomía das aldeas. Tamén informa sobre as igrexas parroquiais, as ermidas e os muiños, pero neste punto presenta deficiencias como a omisión das ermidas e dos muíños salvo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Trazo, onde tampouco é exahustiva. Como vimos no capítulo anterior, as igrexas parroquiais localízanse cando así o permite a toponimia, xa sexa baixo o termo "Iglesia" ou "Eirege", circunstancia que se dá só en once das 75 freguesías. Tamén resulta sospeitosa a omisión dos batáns, cando sabemos da súa existencia a través de fontes secundarias, e o parcial rexistro dos casetos como se indicou no capítulo anterior.

Varios documentos do Arquivo Parroquial de Buscás (Ordes) permíten ilustrar distintos aspectos que se tratan ao longo deste capítulo[604]. Do *Libro de Fábrica* extraemos información sobre a reedificación da igrexa de orixe románica desta freguesía e outras intervencións como a renovación dos retablos ou a construción da espadana, procesos que xeraron tensións na comunidade parroquial, en particular entre o reitor e os fregueses, como nos relata con detalle don Josehp del Riego, párroco de Buscás durante medio século. Este caso serve de exemplo para un proceso que foi común en boa parte das igrexas parroquiais desta comarca e no conxunto de Galicia durante os séculos XVII e XVIII, fundamentalmente. Un *expediente xudicial para obrigar aos veciños que fabricaban tella a pagar o décimo sobre esta manufactura* promovido polo mesmo sacerdote en 1753 ante o Provisorato de Santiago dános noticia de como se obtiña ese material de construción nesa época con referencia a etapas anteriores. Por último, o *expediente xudicial de 1773 entablado por don Manuel de Novoa, sucesor de don Joseph del Riego* no beneficio de Buscás, contra os herdeiros deste para reclamarlle o pagamento das deterioracións que atopou na casa reitoral, apórtannos detalles de certos aspectos das moradas dos párrocos que compartían características coas vivendas da élite civil, a fidalguía dos pazos[605].

USC

[604] O Arquivo Parroquial de Buscás foi consultado na casa reitoral desta freguesía a finais da década de 1990 por xentileza do seu párroco don Manuel Otero. A nova máis recente sobre este fondo documental deste arquivo, que aínda non está depositado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago, é que se conserva na casa parroquial de Ordes.

[605] Expediente incoado polo provicario xeral do Arcebispado de Santiago, Dr. D. Antonio de Victoria y Ahumada, a instancia de don Manuel de Novoa, párroco de San Paio de Buscás, contra os herdeiros do seu antecesor, don Joseph del Riego, para que se fagan cargo dos desperfectos atopados na casa reitoral. APBsc, Papeis soltos.


5.2 A CASA DE MORADA CAMPESIÑA

As vivendas campesiñas desta comarca responden á tipoloxía xeral que Pedro de Llano tipificou como "casa das agras coruñesas" e que no traballo dirixido por José Ramón Solaruce e Xosé Fernandez se cualifica como "casa coruñesa" [606]. Presentan unha estrutura composta e compacta formada por un conxunto de dependencias agrarias autónomas, adosadas a un núcleo inicial de base rectangular onde se localiza a vivenda base do conxunto.[607]. Ese volume prismático inicialser de planta baixa –casa terrea- pero podía crecer en altura cando se lles aumentaba faiado ou un andar, converténdose neste último caso en casa dun alto. En ambos casos ese crecemento que con toda probabilidade respondeu a un proceso de evolución histórica da vivenda campesiña, como constataron Ángeles Rozados e Hortensio Sobrado a través da documentación notarial para a contorna rural de Santiago e as terras de Lugo, respectivamente[608], supuxo unha maior autonomía dos habitáculos e unha mellora substancial das condicións de hixiene e salubridade dos moradores que podían instalar os seus dormitorios na parte alta, máis illados das cortes[609].

Táboa 1. Vivendas en 1860 segundo o o tipo de casa

Edificios por aldea	Nº de aldeas	1 planta			2 plantas	Total 1 + 2 plantas	1 planta			2 plantas
		Casetos	Casas	Total			% Casetos	% Casas	% Total	%
1 a 4	691	96	1 124	1 220	416	1 636	5,87	68,70	74,57	25,43
5 a 10	355	194	1 506	1 700	661	2 361	8,22	63,79	72,00	28,00
11 a 15	62	80	473	553	214	767	10,43	61,67	72,10	27,90
16 a 19	15	15	119	134	121	255	5,88	46,67	52,55	47,45
20 ou +	6	17	50	67	106	173	9,83	28,90	38,73	61,27
Total	1 129	402	3 272	3 674	1 518	5 192	7,74	63,02	70,76	29,24

Gráfico 1. Porcentaxe dos tipos vivendas segundo tamaño das aldeas en 1860



[606] LLANO CABADO, P. de, *Arquitectura…* op. cit., vol I, p. 127; SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit..

[607] LLANO CABADO, P. de, *Arquitectura...*, op. cit., vol I, p. 127.

[608] ROZADOS, A., "Aproximación…, op. cit.; SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…*, op. cit., pp. 501-503.

[609] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., p. 236 e ROZADOS, A., "Aproximación…, op. cit.

Como é natural, as dimensións e a altura da casa estaban relacionados coas posibilidades económicas da familia pero tamén podían corresponderse co tamaño desta, como comprobou Hortensio Sobrado para as terras de Lugo[610]. Nas comprobacións do *Catastro de Ensenada* de principios da década de 1760 correspondentes a seis parroquias dos actuais concellos Frades, Ordes e Oroso arredor de sete de cada dez das vivendas declaradas eran "terreñas" (67,60%), é dicir de planta baixa, as restantes podían ser casas dun alto ou con sobrado, sendo minoritaria esta última tipoloxía[611]. O predominio das casas terreas era común no conxunto de Galicia e tamén na cornixa cantábrica, se ben en distinta proporción: na terra de trasdeza presentaba un peso case idéntico (66,6%) e nas de Lugo non superaban o 60% mentres que na contorna rural de Oviedo acadaban o 95%[612]. Un século despois, no *Nomenclátor de 1860,* nas 75 parroquias da comarca rexistráronse 5.192 vivendas das que 4.902 estaban habitadas temporal ou constantemente, é dicir, o 94,41%. Ao igual que se percibe na pequena mostra de mediados do século XVIII, en 1860 a maioría das casas de planta baixa seguían maioría (70,75 %), incluso nunha porcentaxe algo superior, e as restantes contaban con dúas plantas (29,24%), sen que se documente ningunha de tres ou más plantas como si ocorre en maior ou menor medida nos restantes partidos xudiciais da provincia da Coruña[613].

Na Táboa 1 ponse en relación o tamaño das aldeas coa tipoloxía e dimensións das casas que as integran. Os cálculos fixéronse a partir do total de casas (habitadas e deshabitadas), a diferenza dos do capítulo anterior no que só se tivo en conta o número de casas habitadas, de aí que non coincidan o número de aldeas e vivendas de cada grupo en relación ao visto naquel capítulo. Obsérvase con claridade que conforme aumenta o tamaño dos asentamentos diminúe a porcentaxe de casas de planta baixa. Xa que o tamaño da casa é un signo do nivel económico da familia que a habita, a conclusión parece clara: canto máis pequenas son as aldeas, maior é o peso de parceiros e arrendatarios, por tratarse de lugares acasarados, como vimos no capítulo anterior. Seguindo a clasificación de Bouhier, nos agregados sinxelos de 1 a 4 casas (61,20% das aldeas), tres de cada catro casas son terreas. Nas aldeas elementais de 5 a 15 casas (36,94%), as cifras son lixeiramente inferiores, arredor do 72 %, evidenciando que se trata de asentamentos nos que as economías máis precarias aínda teñen moito peso. No grupo de 16 a 19 casas (1,33% dos asentamentos), que segundo a clasificación do xeógrafo francés se engloba no das aldeas grandes, obsérvase certo equilibrio entre as vivendas terreas (52,55%) e as dun alto (47,45%), lixeiramente decantado cara as primeiras. Disto dedúcese que hai unha maior presenza de familias con economías máis desafogadas, xa sexa porque gozan de contratos forais ou porque son propietarios plenos das terras que traballan. Por último, no reducido número de localidades con 20 ou máis vivendas -6 núcleos que non suman máis do 0,53% do total- as casas de dous andares son maioría (61,27%). Hai que ter en conta que neste pequeno grupo se atopan núcleos de carácter protourbano como a vila de Ordes, Sigüeiro, A Calle de Poulo ou Baixa (capital de Trazo en 1860). Neles, aparte da presenza de labradores acomodados, hai que ter en conta que a mediados do século XIX xa pode atoparse unha pequena burguesía comercial, así como

[610] SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit., p. 497

[611] Para este cálculo utilizáronse as comprobacións dos libros reais de leigos e eclesiásticos das parroquias de Cardama, Oroso (concello de Oroso), Mesos, Vitre (Concello de Frades), Barbeiros e Ordes (Concello de Ordes) nos que se declaran un total de 179 casas.

[612] RODRIGUEZ FERREIRO, H., *La tierra…,* op. cit., p. 154; SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit., p. 496.

[613] O dato da provincia extráese do cadro resume nº 3 de "Edificios (1) por lo que respecta a su construcción, y albergues, "Nomenclátor de la provincia de La Coruña", en JUNTA GENERAL DE ESTADÍSTICA, *Nomenclátor…,* pp. 281 e ss.

oficiais das administracións que contan con vivendas acordes coa súa condición social. En definitiva, esta tabla permite que nos fagamos unha idea da fisionomía das entidades de poboacion: os agregados sinxelos –máis da metade do total das aldeas- están compostos maioritariamente por vivendas dun só andar, nas aldeas elementais, máis minoritarias, o peso deste tipo de casas é moi similar e nas aldeas grandes equilíbranse as casas dunha e dúas plantas, pero cun lixeiro vantaxe das dun andar. Entre estas últimas, só nas poucas localidades con 20 ou máis casas son maioritarias as vivendas de dúas plantas.

Na Táboa 1 os casetos desagregáronse das restantes vivendas dunha planta para poder tratalos aparte. Vimos no capítulo anterior como nos distintos concellos non se seguiu o mesmo criterio para catalogar estas vivendas, de xeito que as cifras que ofrece ao respecto o *Nomenclátor de 1860* son orientativas pero imprecisas. En total rexístranse 402 en toda a comarca no apartado de "Albergues, o sea barracas, cuevas, chozas, etc.", e o seu peso móvese entre o 8,20% e o 9,79% do total das casas habitadas, dependendo de que se inclúa ou non o Concello de Mesía onde non se anotaron este tipo de edificacións. Contando tamén coas casas inhabitadas o seu peso redúcese ao 7,94%. Como vimos, eran as vivendas das persoas máis pobres, mulleres solteiras ou viúvas na súa maioría, dedicadas ao xornal e nalgúns casos á costura ou a pedir polas portas. Tratábase de alpendres ou chozas consitentes en espazos dunha soa peza xa que as súas reducidas dimensións, vinte metros cadrados como moito, non permitían divisións interiores[614]. A diferenza do que ocorría coas restates casas dunha planta non se rexistra unha correlación clara entre o tamaño dos asentamentos e o da proporción de casetos, se ben obsérvase unha maior presenza destas infravivendas nas localidades de 5 a 15 casas e nas de 20 ou máis edificacións.

A Táboa e o Gráfico 2 representan os mesmos datos agrupados por concellos, o que nos permite coñecer a repartición territorial da tipoloxía das vivendas. En canto á proporción de casas de planta baixa, están por encima da media concellos do leste nos que vimos que os contratos de parzaría tiñan un peso importante, como Frades, outros nos que o tamaño medio das aldeas era reducido, e dicir, na que predominaban os agregados sinxelos en relación aos restantes concellos (Cerceda), outros, como Mesía, que reunían as dúas características mencionadas e, por último, casos como o de Tordoia que non responden á última característica e nos que non temos certeza sobre o peso da parzaría. Os concellos nos que as casas de planta baixa están por debaixo da media comarcal son os atravesados pola estrada Santiago-A Coruña e contan con entidades de maior tamaño (Ordes e Oroso), e o municipio que presentaba un maior tamaño medio das súas aldeas (Trazo), característica que comparte con Oroso. Resumindo, as casas dunha planta predominan claramente no leste e no norte da comarca, mentres no suroeste se dá un maior equilibrio entre casas dun andar e de dous andares, pero escorado cara ás do primeiro tipo.

Como veremos máis adiante, a mediados do século XVIII o *Catastro de Ensenada* do mesmo xeito que reflicte a desigual distribución da riqueza rústica, tamén rexistra a acumulación de vivendas en mans dalgúns individuos e a carencia de morada propia por parte doutros. Trátase neste segundo caso os parceiros e quizáis arrendatarios que non declaran vivenda e no caso dos primeiros de terratenentes que reparten o seu patrimonio en distintos lugares acasarados. Entre estes últimos pódense citar casos como os de don


[614] DUBERT GARCÍA, I., "Ilegitimidad, matrimonio y mercados de trabajo femeninos en la Galicia interior, 1570-1899", *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 24, 49-86, 2015, pp. 49-86. Hilario Rodríguez destacou o minúsculo tamaño dalgunhas casas a partir dos libros reais do Catastro de Ensenada, que se poderían conrresponder con este tipo de infravivendas (RODRIGUEZ FERREIRO, H., *La tierra …*, pp. 157-158. Pola súa parte Serrana Rial menciona o caso das mulleres solteiras ou viúvas que vivían "de sobre si" gañando a vida a través de oficios relacionados coa manufactura textil como o fiado e tecido do liño, o encaixe e outros (RIAL GARCIA, S. M., *O traballo…*, op. cit., p. 22 e pp. 95-106).

Antonio Tovar, don Bernardo Basandre ou don Pantaleon Bernardo y Aguiar que na fonte citada declaraban unha media de 14 vivendas cada un nas parroquias de Parada, Moar e Mesos respectivamente[615].

Táboa 2. Vivendas en 1860 segundo o número de plantas e por concellos

Concellos	Nº de aldeas	1 planta			2 plantas	Total 1 + 2 plantas	1 planta			2 plantas
		Casetos	Casas	Total			% Casetos	% Casas	% Total	%
Cerceda	187	19	556	575	178	753	2,52	73,84	76,36	23,64
Frades	148	118	464	582	165	747	15,80	62,12	77,91	22,09
Mesía	205	--	644	644	205	849	0,00	75,85	75,85	24,15
Ordes	231	156	514	670	275	945	16,51	54,39	70,90	29,10
Oroso	101	3	339	342	240	582	0,52	58,25	58,76	41,24
Tordoia	136	45	475	520	166	686	6,56	69,24	75,80	24,20
Trazo	121	61	280	341	289	630	9,68	44,44	54,13	45,87
Total	1.129	402	3.272	3.674	1.518	5.192	7,74	63,02	70,76	29,24

Gráfico 2. Porcentaxe dos tipos de vivendas por concellos en 1860



A maior parte das moradas dun alto, salvando os casos das vivendas das elites (pazos, casas grandes e reitorais), construíronse con posterioridade á época aquí estudada, en moitos casos no século XX, e resultan da evolución da casa terrea nun momento no que se van delimitando con máis claridade as funcións dos espazos domésticos[616]. Polo tanto, durante a época mencionada o crecemento máis habitual das casas terreas debeu ser en horizontal engadíndoselle construcións adxacentes nos lados maiores do núcleo inicial nas que se situaban as dependencias auxiliares da casa (cortellos, alpendres, forno...) dando lugar a planimetrías máis complexas. Este crecemento pode relacionarse co engrosamento da familia ou co cambio dos moradores adecuando a casa ás necesidades familiares, como ten sinalado Ángeles Rozados[617]. Esta mesma autora afirma que durante

[615] AGS, DGR, 1ª R., L. 64, fol. 5777v; AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1194, Sta. Eulalia de Moar; AGS, DGR, 1ª R., L. 63, fol. 5029.
[616] Ibídem, p. 236 e 268.
[617] "con el paso del tiempo, si no se ha ganado altura, se produce una incesante atomización de la casa mediante la proliferación de pequeñas estucturas de específicas funciones hasta convertir la vivienda campesina en un microcosmos de tamaño y extensión oscilante segundo la cantidad de actividades llevadas

os séculos XVII e XVIII a morfoloxía das viviendas, aínda non estaba ben definida e que contrastaba coas "casas bloque" do tipo dos casaríos vascos onde todos os elementos da explotación se agrúpan baixo un mesmo volumen externo.

Imaxes 1: Casas terreas na Rúa (San Paio de Buscás, Ordes) e na Adina Vella (San Pedro de Ardemil, Ordes)




Imaxes 2: Casas dun alto en Sta. Eulalia de Senra (Oroso) e San Cibrán de Vila de Abade (Tordoia)




Na "estrutura centrífuga" –expresión de Rozados- das casas desta comarca as dependencias engadidas son de menor altura que o núcleo central das casas terrreas para permitir a prolongación da cuberta mantendo o ángulo de desnivel do tellado, podendo chegar a ocultar a maior parte do perímetro do núcleo central. No caso das casas dun alto estes espazos auxiliares tamén son sempre terreos, destacando sobre eles a planta alta dedicada a cuartos dos moradores. Estas construcións adxectivas daban lugar a un dos elementos máis característicos destas vivendas como é o soportal das fachadas que ás veces presenta cuberta en archete, é dicir cunha maior elevación respecto á pendente do Tellado (vid. Imaxes 1)[618]. Estes soportáis, servían de lugar de traballo nos días de chuvia, daban acceso á porta principal queser de dúas follas, unha das cales se dividía horizontalmente pola metade. As ventás, tamén de dúas follas, eran escasas e de pequeno tamaño e repartíanse polos muros non tanto para dar luz como para buscar a mellor aireación xeral da casa, particularmente nas plantas altas onde podía non haber divisións interiores, de aí que nalgúns casos non garden ningún tipo de simetría. As casas terreas presentaban unha gran sinxeleza e precariedade de medios na súa construción, os muros

a cabo por el campesino" ROZADOS, A., "Aproximación …, op. cit. Estas ideas tamén poden atoparse en LLANO CABADO, P. de, *Arquitectura...,* op. cit., vol I, p. 127, e SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…,* op. cit., p. 65 e 108.

[618] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…,* op. cit., p. 108 e 155.

podían contar cun só van para iluminar únicamente a cociña que habitualmente carecía de cheminea, circunstancia común con outras zonas da Península e de Europa que creaba un ambiente cargado de fume[619]. Cando contaban con faiado, este utilizábase como dormitorio e lugar de almacenamento[620].

Non eran infrecuentes as casas con interior non compartimentado, sen apenas división entre as cortes e o espazo de habitación humana, "casas de pocas comodidades" como di Pascual Madoz, circunstancia que tampouco era estraña na Europa rural da Idade Moderna[621]. As casas terreas máis simples, pero compartimentadas, contaban con dúas estancias separadas por un tabique de madeira, unha para os animais e outra como espazo de habitación humana que compartía os usos de cuarto e cociña e no que se desenvolvían todas as actividades da vida íntima da familia sen os condicionantes do pudor que supuxo a posterior compartimentación dos espazos; en palabas de Hortensio Sobrado: "allí comían, se calentaban, dormían, y además se nacía o se moría, e incluso se amaba"[622]. Nestes casos a entrada principal era compartida por persoas e animais que, máis tardiamente, puido dar lugar a un corredor que atravesando toda a casa levaba á eira ou ao curral e servía de separación entre o espazo habitacional e as cortes. A cohabitación de humanos e animais conlevaba indubidables inconvenientes hixiénicos que favorecían a proliferación de enfermidades, pero tamén permitían o aproveitamento da calor que aportaban os segundos para calefactar o fogar e aforrábanlle tempo aos campesiños á hora de alimentalos, ordeñalos, atendelos nos partos e na enfermidade, etc[623].

A través da documentación notarial Ángeles Rozados e Hortensio Sobrado observaron unha evolución na configuración dos espazos tendente á compartimentación que dende a segunda metade do século XVIII permitiría unha maior intimidade individual e unha mellora das condicións de vida nos fogares[624]. Nos fogares campesiños dun alto reservábase a planta baixa para a corte e a cociña e na planta alta ou sobrado situábanse os dormitorios, nun espazo que inicialmente non estaba compartimentado. Ángeles Rozados apunta que nesta planta, que inicialmente se utilizaría como lugar sen divisións destinado ao almacenamento de cereal, irían aparecendo espazos separados por tabiques con funcións específicas: graneiro, habitáculo para apeiros e dormitorios. Estes últimos situaríanse nos lugares onde existía algunha ventá[625]. Pola súa parte, Hortensio Sobrado sinala que nas terras de Lugo durante os séculos XVIII e XIX comezan a documentarse dependencias adxectivas como cortes, alpendres e hórreos que antes non se documentaban ou eran menos habituais[626].

A cociña, habitualmente de terra batida, era o lugar da lareira, o fogar propiamente dito, que ardía sobre unha lousa de pedra arredor da cal xiraba a vida dos individuos dentro da casa. Co seu lume cociñábase o alimento de persoas e animais ao tempo que se

[619] Unha descrición de John Adams de 1779 dunha pousada galega sen cheminea dá unha idea dese ambiente cargado: No había chimenea. El humo asacendía y no encontraba otra salida que dos agujeros abiertos a través de las tejas del tejado … El humo, tan denso como es posible, llenaba cada rincón de la cocina, de modo que era difícil ver o respirar". Cito por SAAVEDRA, P., "El paisaje..., op. cit.. Tamén sobre a ausencia de chemineas PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía…*, pp. 222-223; SOBRADO CORREA, H., "Algunas …, op. cit.

[620] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…* op. cit., pp. 66 e 149.

[621] MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. XX (Gafoi); SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit., p. 497.

[622] Ibídem e SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…,* op. cit., p. 64 e ROZADOS, A., "Aproximación …, op. cit.

[623] SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit., p. 500.

[624] ROZADOS, A., "Aproximación …, op. cit. e SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit., p. 501.

[625] Ibídem.

[626] SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit., p. 502.

quencía a casa, función calefactora que compartía cos animais aloxados nas cortes[627]. Tamén servía para afumar embutidos e outras viandas e dende o momento no que se poñía o sol era o lugar de reunión familiar arredor da cal se ceaba e se parolaba ata que chegaba a hora de deitarse. Na cociña tamén se atopaba a porta do forno, no que se cocía a broa de millo pois o consumo do pan de trigo estaba reservado aos estamentos privilexiados. A estrutura do forno sobresalía de maneira semicircular no muro exterior da casa contrastando cos ángulos rectos do resto da edificación[628]. Cociña e cuarto eran espazos polivalentes nos que se podían atopar todo tipo de elementos, non so inanimados, relacionados coa vida campesiña (leitos, despensa, apeiros de labranza, ferramentas, fibras textís e mesmo curral de aves…), circunstancia que tamén se observa en rexións de Francia como a Baixa Auvernia[629]. Pola súa parte, as casas dun alto podían contar con faiado que nalgúns casos se utilizaba para labores de secado ou almacenaxe de patacas e de obxectos non relacionados coas labores agrícolas[630].

Rozados e Sobrado observaron a partir de documentación notarial que a moblaxe, se ben variaba en función das posiblidades económicas de cada familia, era en xeral escasa e austera predominando as arcas e huchas para almacear todo tipo de cousas, xa fosen alimentos, roupa ou papeis. Os armarios rareaban, sobre todo antes do século XVIII, igual que os asentos ou as mesas, xa que a súa función facíana "artesas mesa" multifuncionais. Os leitos, moitas veces compartidos por varios membros da familia, adoitaban ser de palla amoreada, esteiras ou tarimas sendo máis infrecuentes as camas situadas cerca do lume ou do gando para aproveitar a calor, nalgúns casos illadas por algún tabique ou cortina[631]. Nas casas dos campesiños acomodados observáronse melloras construtivas e de moblaxe e enseres na segunda metade do século XVIII, pero nas moradas dos máis humildes a escaseza de comodidades unidas ao reducido número de ventás e á ausencia de cheminea creaba un ambiente interior escuro e ennegrecido polo fume que invadía toda a vivenda, precariedade que chamou a atención de viaxeiros foráneos que deixaron descricións dese estado de miseria[632].

Alberto J. Pazo observou no Concello de Tordoia que a casaorientarse coa fachada principal cara o leste, tanto por razóns atávicas como por buscar protección contra o nordeste. Cando non era así procurábanse protexerse deste vento plantando árbores que fixesen de barreira. Do mesmo xeito, tamén se utilizaba máis barro no encintado dos muros norte e sur para protexelos do vento e da chuvia respectivamente. Respecto á orientación pode ocorrer que algunhas casas estean de costas aos camiños cando se prioriza que a fachada estea cara o leste antes que cara á rede viaria[633].

Aínda que é propio das casas das agras coruñesas que as dependencias auxiliares aparezan unidas a un núcleo prismático principal, algunhas destas construcións poden estar exentas contribuíndo cos hórreos a delimitar un patio aberto, curral ou eira. Unha destas dependencias é o alpendre ou pallote que pode adoptar forma cadrada ou rectangular e se atopa pechado por tres partes menos por unha na que o tellado se sostén sobre unha trabe de madeira apoiada sobre piares robustos de cachotería ou poste de madeira. Nel podía almacenarse a leña, as huchas de trigo e centeo, a herba, os apeiros de labranza e unhas dependencias especiais illadas do chan chamadas "barras" para almacenar patacas principalmente. Tamén se podían situar xunto a eles as pías onde bebía

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

627 Ibídem, p. 498.
628 SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., p. 109.
629 SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…*, op. cit., p. 498.
630 PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía* …, op. cit., pp. 222-223.
631 ROZADOS, A., "Aproximación …, op. cit. e SOBRADO CORREA, H., "Algunas …, op. cit.
632 SOBRADO CORREA, H., "Algunas …, op. cit.
633 ROZADOS, A., "Aproximación …, op. cit.

o gando[634]. Outro elemento propio da calquera casa campesiña era o palleiro contruído con palla de trigo e destinado á alimentación do gando ou para estrar as cortes por riba do toxo co fin de mitigar o dano das súas follas espinosas na pel dos animais. No arredor da casa atopábase a eira de mallar, un espazo preparado para separar o grao dos cereais de inverno co mazo ou manlle, tamén utilizado para mallar o liño ou para colocar o millo antes de retirarlle as follas ás espigas, tarefa coñecida como a esfolla[635].

Como material de obra utilízase o máis accesible da contorna con claro predomio do xisto que é o que ofrece o medio natural da maior parte da comarca. Aínda así, na zona oriental (concellos de Cerceda, Tordoia e Trazo) hai afloramentos e vetas graníticas (Sobre Tordoia que permiten a utilización exclusiva deste material nalgunhas aldeas e parroquias, se ben o máis común é a combinación de granito e xisto no grao no que abunde o primeiro en cada lugar. Na zona central e oriental o xisto é material de obra exclusivo da práctica totalidade das casas campesiñas. Independentemente do material utilizado, os muros son de cachotería, máis miuda no caso do xisto, nos que aparte dos materiais mencionados adoitan aparecer incrustacións de seixo, proba de que se utilizaba o material que se tiña a man. É habitual que a cachotería constituída con pezas irregulares de xisto se asente con barro e rachas, ofrecendo unha impresión de cachotería de escasa calidade construtiva, en particular na zona central e oriental na que os muros son xeralmente bastante ruíns. Nese sentido maniféstase o *Diccionario* de Pascual Madoz cando sinala a "pobre construción" das casas dalgunhas parroquias da comarca[636]. Co paso do tempo os muros de xisto adquiren unha pátina roxiza, marrón oscura ou mesmo negra, produto da oxidación deste mineral, o que unido a escaseza e pequeno tamaño dos vans lle daba a estas vivendas un aspecto moi basto.

Na zona occidental utilízase o granito de maneira xeneralizada nos linteis, xambas sobrepeitos e soleiras das ventás e portas traendo este material de fora cando non existe no propio lugar de construción. Na maior parte da zona central (Ordes e Oroso) e oriental (Mesía e Frades) tamén se emprega xisto para estas funcións, se ben se buscan vetas de xisto máis consistente que permiten labrar laxas ou bloques de maior tamaño que tamén se destinan aos esquinais. Pero en boa parte do territorio central e oriental os linteis e marcos das fiestras e portas das casas campesiñas son de madeira. Como é obvio, a madeira tamén era o material das ventás, contraventás, portas e vigas utilizándose máis o castiñeiro que o carballo pola súa maior ductilidade á hora de traballala[637]. A mediados do século XIX o xornalista Antonio María de la Iglesia incidía no feito de que os linteis fosen de madeira no concello de Ordes posto que "no hay canteras de piedra berroqueña, sino a leguas de distancia y las construcciones se hacen con marcos de madera en las ventanas. Las canteras que hay son de pizarra, aunque fuerte, de la que se construían firmes torres y castillos como el de Mesía"[638].

As cubertas de duas vertentes pouco pronunciadas e eixo paralelo á fachada eran de tella curva do país e carecían de canalizacións que recollesen as augas pluviais. Segundo Alberto J. Pazo debaixo das tellas colocábase palla trenzada que lle servía de acomodo a estas e illaba os tellados do frío e da calor[639]. Deben mencionarse os panos secundarios de tellado que cobren os corpos engadidos ao núcleo principal da edificación e que nas casas terreas son unha continuación do tellado de dito núcleo, unha das características máis típicas das casas das agras coruñesas. O armazón do teito facíase con

[634] Ibídem e SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…,* op. cit., p. 169.
[635] PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía* …, op. cit., pp. 222-223.
[636] Por exempo en Santiago de Bascoi (Mesía), *Diccionario,* op. cit., Tomo I, p. 120.
[637] PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía* ..., op. cit., p. 225.
[638] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Ordenes…, op. cit.
[639] PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía* ..., op. cit., p. 225.

vigas de madeira de castaño e uns traveseiros ou "concas" de madeiras menos nobres que o castaño[640]. As tellas podían fabricalas os propios labregos como se documenta nun auto xudicial promovido por don Joseph del Riego, párroco de Buscás en 1753 para obrigar aos veciños que fabricaban tella a pagarlle o décimo correspondente sobre esta manufactura:

> *… digo que de tiempo ynmemorial no se ha fabricado teja en dha feligresía de Buscás y solo avía los bestixios de un horno … su fábrica más de tres cientos años, el que redificaron ai algunos y bolvio a quedar así y en este presente año pareze que Estevan de Esmoris, Vizente Garavato, Diego de Bascoi, y otros mas becinos de dha feligresía como de fuera de ella pareze andan con la a manifeitura de la nomidada texa como tanvien en este mismo año otros mas feligreses de mi parte an dispueesto el yr a otras feligresías ynmediatas a fabricar la prezitada teja de la qual corresponde a mi parte la metad del diezmo y de la que se fabrica en su feligresía el diezmo por entero; la manera que lo hacen a la una de la de Santa Eulalia de Pereira, inmediata a la de Buscás, y en otras distintas partes del arzovispado que por la omision en concurriren unos i otros con dhos diezmos experimenta mi parte perjuicio …*[641]

A reanudación da fabricación de tella, que segundo se reitera neste expediente, abandonárase tempo atrás na parroquia de Buscás, estivo motivada por unha saraibada que destruíu os tellados das casas da comarca, como depoñen no seu descargo os veciños denunciados por don Joseph del Riego, comprometéndose a pagar o décimo da tella cando rematen de reparar os tellados das casas da parroquia:

> *… es cierto que el año pasado de cinquenta y tres hasta el presente no se fabricó texa alguna en dicha feligresía de Buscás y sólo con el motivo de el crecido y notorio granizo que la noche del díaa catorze de jullio pasado del presente año que caió en las espresadas feligresías y otras más de su circunferencia que no dexó fruto, güerta ni techo de casa que no arruinarse como es público y los avitadores de las casas todos quedaron a la ynclemencia sin aprovechamiento por lo que a fin de remediar este conozido daño, los que responden, Ygnacio Gomez y Frutuoso Vilariño, de la propia de Buscá,s determinaron fabricar, como lo hicieron, porcion de texa que fue reducida y por lo mismo la porcion de cada uno no llego a cubrir la sexta parte de las casas que avitan por lo qual rendidamente suplican a su merced dicho juez y a la parte que pide, se dignen hazerles remisión quita y perdon de la parte de diezmo de la texa de dho presente año y más subsiguientes hasta tener cubierto las casas de su avitacion que después, prosiguiendo en la fábrica, prometen y se obligan pagar el nominado diezmo según se hiciere en las feligresías de Poulo, Pereira, Hórdenes y más contorno de quienes para ello se ynformaran primero …*[642]

Naquelas parroquias nas que existían terreos arcilosos eran propicias para a proliferación de fornos de tella. Por exemplo, a mediados do século XVIII chegan a computarse na freguesía de San Mamede de Berreo (actual Concello de Trazo) ata dez

[640] Ibídem, p. 226
[641] Expediente xudicial incoado polo Provisorato do Arcebispado de Santiago a instancia de don Joseph del Riego, párroco de San Paio de Buscás, para obrigar aos veciños que fabricaban tella a pagar o décimo sobre esta manufactura, fol. 32 r. Arquivo Parroquial de Buscás, Papeis soltos.
[642] Ibídem, fols. 35 v. e 36 r.

fornos deste tipo e na parroquia de San Martiño de Oroso dous a mediados do XIX[643]. Nesa mesma data o xornalista Antonio María de la Iglesia menciona a existecia de fábricas de ladrillo e tella[644].

5.3 AS MORADAS DAS ELITES: PAZOS, CASAS GRANDES E RECTORAIS

Unha pequena parte das casas dun alto eran as moradas das elites rurais, é dicir, casas reitoriais, pazos e casas grandes nas que residían os párrocos, a fidalguía e familias afidalgadas con tratamento de "don". En tanto que vivendas que destacan sobre as do campesiñado eran construcións que tiñan especial relevancia na organización epacial das sociedades rurais, na liña das ermidas e igrexas parroquiais. Se estas eran referencia da esfera relixiosa e do poder eclesiástico, os primeiros representaban o poder social, económico e frecuentemente político, "elemento estruturante" dun determinado modelo social[645]. Ademais, eran parte intrínseca dunha determinada paisaxe emprazándose en localizacións xeralmente privilexiadas que as convertían en fitos da organización do espazo e que, como sinala Víctor M. Migués, foron elevadas por unha serie de autores a representacións xenuínas dun conxunto de valores étnico-culturais resultantes dunha determinada relación entre o home e a terra[646]. Asemade, as moradas fidalgas, aparte da súa función residencial, tiñan unha proxección simbólica que sinalaba a antigüidade e permanencia das liñaxes que as habitaban, é dicir, a Casa con maiúsculas en tanto que solar fundacional, "cabeza de vínculo" e sede dunha estirpe de alcurnia na que se idenficaba a casa como icona da nobreza dos seus moradores[647].

A práctica totalidade dos pazos desta comarca son construcións de época moderna que, a diferenza do que ocorre en boa parte dos que se espallan polo resto de Galicia, non conservan elementos anteriores ao século XVII, como torres, xa sexan medievais ou da primeira Idade Moderna[648]. Aínda así, consta que contaron con estruturas dese tipo o pazo de Vilacoba (Restande, Trazo) que segundo Martínez-Barbeito se levantou a partir dunha torre defensiva do século XVI, o de Boedo (Queixas, Cerceda), o de Codeseda (Leira, Ordes) que foi destruída por un incendio durante o século XIX[649], e as torres de Lestrobe (Benza, Trazo). Este edificio, hoxe desaparecido, foi casa principal dos marqueses de Montaos e condes de Graxal, señores xurisdicionais da maior parte do territorio occidental da comarca, xa se atopaba arruinado a mediados do século XIX segundo segundo informa o *Diccionario* de Madoz, que o cualifica de castelo. Pese ao que di Madoz e ao seu presumible abandono, Ángel del Castillo ofrece unha pequena descrición do mesmo o que indica que nas primeiras décadas do século XX aínda conservaba en pé a súa estrutura: "Gran caserón entre dos cuerpos de torres de planta rectangular en los extremos, obra al parecer del siglo XVII, pero de origen medieval, pues fueron antiguamente la principal

643 Unha parte desta parroquia pertencía ao couto de Sigüeiro de San Martiño en cuxo territorio se consignan catro fornos (AGS, CE, RG, L. 253, fols. 698 r. e 698 v.). No resto da parroquia, pertencente á xurisdición de Budiño, repartíanse os outros seis fornos (AGS, CE, RG, L. 253, fols. 711 e ss.). O fornos de Oroso son mencionados en MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 937.

644 IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Ordenes…, op. cit.

645 MIGUÉS, V. M., "Entre la casa…, op. cit..

646 "… la casa [fidalga] debe concebirse como parte de un todo, como el principal exponente de una compartimentación espacial que interpreta la construcción no ya como el centro de un patrimonio, sinó como un referente geográfico resultante de la articulación social de una comarca o región dadas." Ibídem.

647 Ibídem.

648 SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit, p. 262.

649 MARTÍNEZ-BARBEITO, C., *Torres …*, op. cit., p. 91, 141 e 393. Exceptuaríase desta afirmación a casa fidalga na que posou Filipe II en 1554, se ben, esta construción non responde ao que entendemos por pazo rural

fortaleza del estado de Montaos, hoy del conde de Grajal de Campos". Eugenio Carré confirma o seu estado ruinoso arredor de 1930[650].

Táboa 1. Torres, pazos e casas grandes da Comarca de Ordes[651]

Nome	Parroquia	Concello	Datación
Pazo das Lavandeiras	Cerceda	Cerceda	S. XVII-XVIII
Pazo de Gontón	Encrobas	Cerceda	S. XVII
Pazo de Meirama	Meirama	Cerceda	*
Torre de Boedo	Queixas	Cerceda	*
Pazo do Peñasco	Abellá	Frades	S. XVII
Pazo de Galegos	Galegos	Frades	S. XVII
Casa grande de Casal	Frades	Frades	S. XVIII
Casa de Queirís	Moar	Frades	*
Pazo do Lago	Castro	Mesía	S. XVII
Casa grande de Xanceda	Xanceda	Mesía	S. XVIII
Casa grande de Xemerás	Albixoi	Mesía	S. XVIII
Casa grande de Alvite	Mesía	Mesía	S. XVIII
Pazo de Recelle	Mesía	Mesía	S. XVII
Torre de Mesía	Bascoi	Mesía	S. XIII-XIV
Pazo de Codeseda	Leira	Ordes	S. XVII
Pazo dos Carrucheiros	Ardemil	Ordes	S. XVII
Pazo do Bidueiro	Ordes	Ordes	S. XVII
Casa grande de Parada	Parada	Ordes	*
Casa de Poulo	Poulo	Ordes	S. XVI
Casa do Xuíz	Deixebre	Oroso	S. XVIII
Pazo de Meimixe	Os Ánxeles	Oroso	S. XVII
Torres de Lestrobe	Benza	Trazo	S. XVII
Casa de Salgado	Campo	Trazo	S. XVIII
Pazo de Vilacoba	Restande	Trazo	S. XVII
Casa de Vilamide	Vilouchada	Trazo	S. XVI
Casa de Oa	Xavestre	Trazo	*
Casa de Castenda	Castenda	Tordoia	*
Casa de Pispieiro	Anxeriz	Tordoia	S. XVIII

* Non consta data de construción na bibliografía

Das fortalezas medievais documentadas só fican ruínas no caso da que tivo máis entidade, como o castelo de Mesía, e alicerces semiocultos pola vexetación como a torre de Buscás (Ordes) ou moi alterados polo uso agrario do terreo como nos casos das torres de Moscoso e Morgade (Ardemil, Ordes)[652] ou as de Sta. María de Castenda e Sta. María de Bardaos, ambas nas parroquias do mesmo nome do concello de Tordoia. Doutras torres só se conservan referencias documentais como no caso das de Mende e Folgoso (Pereira, Ordes) -que segundo Mª. del Rosario Valdés poderían ser diferentes denominacións da mesma fortaleza[653]- ou das de Lestrobe (Benza, Trazo). O feito de non constar a existencia de antigas torres na maior parte dos pazos da comarca, así como a fábrica moderna destes edificios na totalidade dos casos podería ser indicativo da orixe de boa parte da fidalguía desta comarca, é dicir, familias que non gañaron a súa presunta nobreza

[650] MADOZ, P., *Diccionario,* op. cit., …, p. 138; CASTILLO, A. del, *Inventario…,* op. cit., p. XX; CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, op. cit., p. 668.

[651] Non se inclúen as edificacións deste tipo datadas na segunda metede do século XIX. A datación está tomada de SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…,* op. cit. E MARTÍNEZ-BARBEITO, C., *Torres …* op. cit. Os pazos que carecen de datación non aparecen na primeira obra citada, pero si na segunda, sen que o autor indique a datación destes edificios.

[652] GARRIDO MARTÍNEZ, C., *Inventario de Xacementos Arqueolóxicos da Xunta de Galicia.* Inédito, depositado nos Servizos de Arqueoloxía da Xunta de Galicia. Ficha GA15059027, 1989. Cito por VALDÉS BLANCO-RAJOY, M. R., "Las fortalezas…, op. cit.

[653] VALDÉS BLANCO-RAJOY, Mª del R., "Las fortalezas ..., op. cit.

na Idade Media, xa fose por méritos militares ou por ser pólas menores de liñaxes importantes. En moitos casos, máis ben parece tratarse dese outro grupo máis numeroso da fidalguía galega que xurdiu en conxunturas expansivas da Idade Moderna que favoreceron a mobilidade social de membros do clero, avogados, escribáns e/ou oficiais señoriais ou da Coroa que souberon deseñar existosas estratexias vitais para fundar vínculos e morgados ou conseguilos por vía matrimonial e que acrecentaran os seus patrimonios en conxunturas de crise aproveitando a precariedade económica do campesiñado. O paso seguinte era construír un pazo ou casa grande, xeralmente pola segunda xeración, que evidenciase ese éxito económico e a súa integración na élite social[654].

Non é fácil marcar unha diferenciación rigorosa entre o pazo e a casa grande, como afirma Martínez-Barbeito, do mesmo xeito que non sempre é posible establecer o carácter netamente figalgo dos habitantes destas vivendas, a pesar de que o citado autor afirme a continuación como trazos definitorios dos pazos o feito de ser residencia de familias nobres e contar con labras heráldicas[655]. De feito, X. M. García Iglesias considera que o brasón, aínda que elemento distintivo dos pazos, non está presente necesariamente en todos eles, do mesmo xeito que estas edificacións poden ser de tamaño moi dispar, como se observa nesta comarca[656]. Algunhas das casas grandes sen brasón foron habitadas por familias afidalgadas das que consta o tratamento de "don" dos seus propietarios en inscricións da propia vivenda como na Casa de Salgado (Campo, Trazo) ou nas que se documenta o entroncamento con liñaxes da pequena fidalguía compostelá e do interior das actuais provincias da Coruña e Lugo, como é o caso dos Fandiño da casa grande de Xemerás (Albixoi, Mesía)[657]. Por outra parte, casas catalogadas como pazos carecen de brasón, como o de Meimixe (Os Ánxeles, Oroso) o do Lago (Castro, Mesía) ou o de Meirama (Cerceda), mentres que moradas que levan o nome de casa grande, como a de Xanceda (Mesía), si o teñen.

---

[654] Existen traballos referidos en concreto ao interior coruñés (PRESEDO GARAZO, A., "Da casa de labranza ao pazo: a pequena fidalguía rural da Galicia interior no Antigo Réxime" en *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 5, 1996, pp. 235-254) así como a outras comarcas (FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Púlpitos y escribanías: los orígenes de los linajes hidalgos en la tierra de Montes (siglos XVI-XVIII), en *Universitas. Homejaje a Antonio Eiras Roel,* Santiago de Compostela, 2002, pp. 235-254; MIGUÉS, V. M., "Entre la casa …, op. cit.) pero é unha cuestión coñecida e tratada para o conxunto de Galicia (SAAVEDRA, P., "A vida…, op. cit).

[655] "Término que coexiste en el tiempo con el de pazo y los ya expresados de fortaleza, torre o simplemente solar, es el de *Casa Grande.* Y también el de *Granja* … No parece que pueda establecerse una diferenciación rigurosa entre unos y otros … Ahora bien; según lo comúnmente aceptado, hoy es pazo den Galcia todo edificio levantado en el campo con destino a residencia fija o temporal de familias nobles, de proporciones que superan notoriamente al resto de las viviendas de cada aldea, que presenta rasgos suntuarios desusados en las moradas campesinas, simples vivideros de exclusivo carácter funcional; que ostenta signos heráldicos y que no siempre, sero sí a menudo, se completa con un portalón blasonado o no, con una capilla aneja, on un jardín y, como quiere el dicho tan extendido, con un palomar y un ciprés en sus inmediaciones" (MARTÍNEZ-BARBEITO, C., *Torres…,* op. cit., p. 4)

[656] "Outra cuestión que cómpre vincular con pazo é a carga de nobreza que se trata de inmiscir no seu ser; o tamaño, unha certa suntuosidade-que contrasta coa feitura austera da arquitectura popular-, a habitual presenza de pedras de armas, da un determinado ton que non esixe necesariamente que se cumpran tódolos matices sinalados. É dicir, un pazo pode ser de pequeno tamaño, ou austero na súa forma e ata carecer de pedra de armas … Pero en calquera caso, parece imposible imaxinalo sen unha mínima carga de nobreza imposta con intención de diferencia-lo construido dun contono en que a arquitectura popular presenta unas formas que, por outra parte, en certa medida o pazo asume." (GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos…,* op. cit., p. 14).

[657] Sobre a Casa de Salgado: SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…,* op. cit., 296 e sobre a casa de Xemeras, Cartulario de Bartolomé Fandiño (século XVIII), Arquivo Verea Fandiño.

Con todo, igual que a maior parte das casas campesiñas do período aquí estudado, moitas das moradas das elites daquel tempo ou desapareceron ou non presentaban características que as diferenzasen claramente das do campesiñado acomodado. O número de inmobles catalogados como tales por Carlos Martínez-Barbeito e Xosé Manuel García Iglesias representa o 0,53% do total de casas habitadas que se rexistran no *Nomenclátor de 1860* na Comarca de Ordes, unha proporción que está lonxe do 1,4% de familias con tratamento de "don" que se computaban nos *Libros personales* do *Catastro de Ensenada* en dez parroquias da antiga xurisdición de Folgoso (acuais concellos de Frades, Ordes e Oroso) a mediados do século XVIII. Asemade, manexando as mesmas cifras de pazos e casas grandes obtense unha media de 0,03% por km^2 e de 0,33 por parroquia ou, o que é o mesmo, unha morada deste tipo nunha de cada tres freguesías. Vítor M. Migués tamén constatou desproporción entre o número de pazos catalogados na comarca de Chantada e os fidalgos "fiscalizados" en 1762. Para explicar este desfase, Migués non considera cabal supoñer a desaparición dunha parte substancial destas construcións, inclinándose a pensar que un segmento da fidalguía ocuparía vivendas que no transcurso do tempo perderon os atributos e emblemas propios das moradas deste grupo social, o que dificultaría na actualidade a súa catalogación como casas nobres[658]. Exemplos claros disto son as casas de Albite (San Cristovo de Mesía) e Xemerás (Sta. Mariña de Albixoi) sitas no actual concello de Mesía e pertencentes as familias Ron e Fandiño respectivamente. Ruinosas na actualidade, na segunda documéntase unha capela nunha visita pastoral do século XVIII, símbolo inequívoco da pertenza dos seus moradores á élite fidalga ou afidalgada[659].

Se aos pazos e casas grandes lle sumamos as casas reitorais –entendendo que habería unha por parroquia- a proporción das moradas das elites elévase ao 2,06% do total das casas habitadas, o que suporía o 6,65% das casas dun alto. A distribución territorial sería de 0,13 casas/km^2 e 1,33 por freguesía, unha distribución bastante regular no conxunto do territorio comarcal como pode verse na táboa 2 na que os resultados por concellos se sitúan na media na salvo nos casos de Tordoia que se atopa por debaixo da media e Frades, Mesía e Trazo que se sitúan un punto por riba desta. Observando por grupos de concellos si que se fai máis evidente unha lixeira maior concentración de pazos e casas grandes na zona oriental (Frades e Mesía) que no resto da comarca.

Sinala Xosé Manuel García Iglesias a relación entre a fecundidade agrícola do territorio e a presenza de pazos[660]; de aí que a menor produtividade das terras de Ordes en relación ás de zonas de val e bibarras litorais e prelitorais sexa un dos factores que explican a inferior concentración de pazos nesta comarca en comparación cos que se poden atopar nas veciñas bisbarras do val de Barcia ou das mariñas da Coruña e Betanzos. A este factor hai que sumarlle o dunha climatoloxía fría e húmida que non favorecía a instalación neste territorio de familias que contaban con posesións noutras zonas de clima máis benigno. Porén, en comarcas da penichaira coruñesa de similares características ás de Ordes, como as de Arzúa e Melide, tamén se pode observar unha maior presenza de vivendas deste tipo, probablemente por factores propios destas bisbarras que se nos escapan[661].

[658] MIGUÉS, V. M., "Entre la casa …, op. cit.

[659] AHDS,Visitas, leg. 1264.

[660] "[d]unha forma moi natural adoita haber unha relación directa entre a fecundidade agrícola do medio –as posibilidades da súa terra nos cultivos: viño, millo …- e a existencia dunha determinada casa, froito directo desa riqueza … Por iso non é estraño que sexa nas zonas máis ricas nas que abunden e, en cambio, alí onde a terra é pobre difícilmente se asentan" (GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos…,* op. cit., p. 24)

[661] Nos mapas que sitúan pazos no territorio de Galicia é fácil observar as zonas de maior concentración deste tipo de vivendas, o que non é o caso da comarca de Ordes en contra da afirmación de C. Martínez Barbeito de ser a comarca de Ordes "[t]ierra de densas concentraciones de pazos" (MARTÍNEZ-

Táboa 2. Pazos, casas grandes e reitoriais na comarca de Ordes

	km²	Nº de parroquias	Nº de pazos	Total	Pazos /km²	pazos+rectorais	
						/km²	/parrroquias
Cerceda	114,3	6	4	10	0,03	0,09	1,67
Frades	81,5	12	4	16	0,05	0,20	1,33
Mesía	108,8	12	4	16	0,04	0,15	1,33
Ordes	160,1	13	5	18	0,03	0,11	1,38
Oroso	72,3	11	2	13	0,03	0,18	1,18
Tordoia	99,2	11	2	12	0,02	0,12	1,09
Trazo	125,8	10	5	15	0,04	0,12	1,50
Total	762,0	75	26	101	0,03	0,13	1,35

Estas construcións, aparte de ser as vivendas rurais da fidalguía ou de familias afidalgadas con funcionalidade residencial permanente ou temporal, xunto coas casas reitorais, eran á súa vez explotacións agropecuarias e centros administrativos de grandes ou medianos patrimonios rurais dos que unha variable porción da terra circundante era explotada directamente polos propietarios a través de criados ou parceiros e o resto era cedida aos campesiños a través de contratos agrarios, actuando como elementos estruturadores dun patrimonio e funcionando, en palabras de Vítor M. Migués, como "familia y empresa a la vez"[662]. De aí a vinculación de pazos e reitorais ás actividades agropecuarias e a existencia dalgunhas características concomitantes coas casas campesiñas como a presenza de cortes na plantas terrea e de construcións adxectivas como alpendres ou hórreos[663]. Por exemplo, a reitoral de Buscás contaba cun alpendre "mantenido de quatro postes de piedra pizarra" que rodeaba toda a casa.

Pero máis alá desta íntima imbricación no mundo rural, presentan toda unha serie de características que as diferencian das moradas dos labregos porque as posibilidades económicas destas familias, e tamén de parte dos párrocos, lles permitían construír vivendas máis amplas e confortables con materiais de máis calidade e dotalas dunha serie de elementos suntuarios relacionados co anterior cun claro fin simbólico e diferenciador que evidencian o seu superior status social en toda a contorna e pretenden representar un máis elevado grao de civilización: peche perimetral da finca con muro e portalón, cheminea de grandes dimensións, cabaleirizas exentas, capela e pombal. Todos estes elementos buscan destacar a distancia e preeminencia ao respecto das casas labregas manifestando cos muros que pechan as súas fincas "a súa non pertenza á comunidade aldea"[664]. Como afirma Antonio Presedo "non chega con ser fidalgo, senón que ademais hai que aparentar que se é"[665]. O peche perimetral tamén tiña un claro mensaxe simbólico na medida que illaba ao conxunto pacego das aldeas circundantes: era unha forma de sinalar que eran universos diferentes, en particular no ámbito cultural[666]. Por riba dos peches perimetrais, sen dúbida o elemento con maior carga simbólica das moradas

BARBEITO, C., *Torres…,* op. cit., p. 279). Para a nosa apreciaciación valémonos do mapa deste tipo que acompaña ao citado traballo de X.M. García Iglesias.

662 MIGUÉS, V. M., "Entre la casa …, op. cit.

663 "E é que no fondo, as estruturas básicas da arquitectura popular, coa súa íntima adaptación ao medio, son as que asume o pazo cambiando as medidas e engadindo unha serie de elementos que, se por un lado dan noticia do señorío que as promoveu e que as disfruta, por outra manifestan un modo de "estar" no campo; o campesiñado traballa e o señor vive de rendas e controla a súa propiedade. E iso tén a súa proxección natural nas construccións que, en cada caso, se dispoñen" (GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos…,* op. cit., p. 24).

664 SAAVEDRA, P., "A vida cotiá …, op. cit.

665 PRESEDO GARAZO, A., *Os devanceiros…,* op. cit. A este respecto tamén vid. MIGUÉS, V. M., "Entre la casa…, op. cit.

666 SAAVEDRA, P., "El paisaje…, op. cit.

fidalgas son labras heráldicas que adornan as súas fachadas evidenciando o estado nobre dos moradores. Outros elementos que aparecen no exterior destas casas e que non imos atopar en ninguna construción campesiña da zona son os balcóns nas fachadas principais ou os patíns e as solainas das fachadas meridionais que, aparte de ser elementos diferenciadores, responden a hábitos de lecer propios das elites rurais[667]. Aos patíns, e ás veces tamén ás solainas, accédese a través de escaleiras exteriores o que dota de acceso directo á planta superior, sen prexuízo da existencia de escaleiras interiores, outorgandolle autonomía con respecto á planta baixa[668]. En todo caso hai que advertir que estes últimos elementos son menos comúns que noutras comarcas debido ao menor número de días de sol e ás frías temperaturas desta que os facían menos aproveitables[669]. Na actualidade algúns destes elementos desapareceron como se comproba ao comparar o estado da casa da Bouciña, reitoral de San Paio de Buscás, co que presentaba en 1773 cando contaba con peche perimetral, portalón, pombal, patín, balcón e cabaleirizas exentas[670].

Como diciamos, trátase de vivendas construídas durante a Idade Moderna, melloradas ou levantadas nos séculos XVII ou XVIII, coincidindo con conxunturas económicas favorables para a fidalguía, e que puideron ser ampliadas no XIX e mesmo no XX. Non se trata de grandes casas cun afán estético destacable se as comparamos coas que se atopan en zonas próximas ou veciñas como os vales prelitoriais coruñeses e betanceiros –pénsese no maxestuoso pazo de Quiroga ou Torres de San Tirso, na Torre de Figueroa no veciño Concello de Abegondo ou no pazo das Cadeas (Herves, Carral)- ou os de Bergantiños, as Mariñas coruñesas ou as Mariñas de Betanzos, e xa non digamos nos vales prelitorais do sur de Santiago e as comarcas vitícolas ourensás. Polo tanto, no contexto galego son pazos medianos ou pequenos que nalgúns casos, pola súa sobriedade construtiva, poderían pasar por casas de labregos ricos se non fose porque aparecen catalogados como tales –pazo de Meirama (Cerceda)[671]- ou polas labras heráldicas que locen as súas fachadas ou os seus portalóns: casa grande de Parada (Ordes) ou pazos de Recelle (Mesía) e Casal (Frades)[672]. O mesmo podería dicirse da casa brasonada de Poulo na que posou Filipe II en 1554, único exemplo de morada fidalga datada no século XVI que se conserva na comarca, se ben este caso non responde á tipoloxía de pazo rural nin temos constatadas as alteracións que puido sufrir dende aquela época. En definitiva, a mediocridade da maior parte destas construcións en comparación coas do conxunto de Galicia parece evidenciar un status similar para os seus moradores no contexto da fidalguía galega. Aínda así, como ten sinalado Vítor M. Migués, a rusticidade dalgunhas destas casas non sempre é indicativa do nivel social dos seus propietarios e moitas veces esa tosquedade viña dada pola antigüidade do inmoble, o que na mentalidade da época lle outorgaba máis prestancia que a monumentalidade e a riqueza artística[673]. O mesmo autor sostén que aínda no caso de existir este tipo de diferenzas arquitectónicas entre pazos de distintas comarcas "compre ser moi coidadosos á hora de comparar niveis de vida duns e

[667] GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos…*, p. 23.
[668] ROZADOS, A., *Aproximación…*, op. cit.
[669] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., 193.
[670] "Y bolbiendo al referido portal y entrada del patio a la parte del vendaval se alla formada una cavalleriza devedida con un paredon de piedra pizarra en medio con sus pesebres mazizos de piedra y sus bordes de madera, tiene su puerta con marcos de madera, lintel y capialzado de lo mismo y la que le cierra en una oja su armazion se compone de dos aguas …Y a la parte del norte entrando por el referido portal se alla otra cavalleriza reduzida con su pesebre mazizo de piedra pizarra y bordes de madera, tiene su puerta con sus marcos de madera, lintel y capialzado de lo mismo" Na parte norte descríbense outras tres cabaleirizas. Expediente xudicial de 1773 incoado por don Manuel de Novoa, párroco de Buscás contra os herdeiros de don Joseph del Riego. APBsc. Papeis soltos, fol. 6 v.
[671] MARTÍNEZ-BARBEITO, C., *Torres…*, op. cit., p. 235, lam. 149.
[672] Vid. Imaxe 5.
[673] MIGUÉS, V. M., "Entre la casa …, op. cit.

doutros, pois se ben había excepcións, non será raro apreciar unha moderación e tosquedades máis comúns do agardado"[674].

Imaxes 3. Pazo de Vilacoba (Restande, Tordoia), o máis rico e equilibrado arquitectónicamente




Imaxes 4. Pazo de Meimixe, na parroquia dos Ánxeles (Oroso), de tamaño mediano, e pazo de Recelle na parroquia de Mesía (Mesía), similar a unha casa de campesiños ricos pero con brasón




A maior parte das casas das elites rurais da comarca son de planta máis ou menos rectangular, ás veces case cadradas como os pazos de Meimixe (Os Ánxeles, Oroso) ou Codeseda (Leira, Ordes), compositivamente moi sinxelas[675]. A diferenza da casa campesiña das agras coruñesas é raro que conteñan construcións auxiliares adosadas ao núcleo principal presentándonse como volumes rotundos e macizos, de maiores dimensións que as casas labregas e sen o xogo de volumes que viamos para estas[676]. Menos comúns son as plantas en forma de "L" –pazo de Vilacoba (Restande, Trazo)[677], pazo do Lago (Castro, Mesía), pazo do Bidueiro (Sta. María de Ordes) e casas grandes de Xanceda (Mesía)-, en forma de "U" – pazo do Peñasco (Abellá, Frades)- ou en forma de "T" –casa reitoral de Castelo (Trazo)- nas que si é posible observar xogo de volumes. Este tipo de plantas adoitan ser froito de remodelacións que se corresponden con distintas fases construtivas, de maneira que a un núcleo rectangular inicial se lle adosaron outros corpos tamén rectangulares en ángulo de 90º que deron lugar a plantas máis complexas[678]. No espazo interior que forman as plantas en "L" ou en "U" confórmase un patio no que se concentraba a vida da casa[679]. No caso das plantas rectangulares as cubertas son

[674] MIGUÉS, V. M., *As terras…;* op. cit., pp. 370-371.
[675] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., p. 294.
[676] Ibídem., p. 232.
[677] Vid Imaxe 4.
[678] GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos* …, op. cit., p. 24
[679] Ibídem, p. 26

habitualmente a catro augas e nas que teñen forma de "L", "U" ou "T" o deseño destas é máis complexo con seis e ata oito augas.

A diferenza das casas campesiñas, as paredes interiores das moradas das elites atopanse enlucidas con cal no peor dos casos[680]. En canto á distribución interna**,** na planta terrea pode situarse unha ampla cociña coa súa lareira -dependencia arredor da cal xiraba a vida do fogar- se ben as casas de máis porte poden ter dúas lareiras, unha no baixo e outra na pranta nobre como ocorre, por exemplo, no pazo do Bidueiro (Ordes). Na reitoral de Buscás a cociña atopábase ao norte segundo se entraba pola porta principal "y en ella formada una chaminea y horno cuxa chaminea se compone la canbota de madera, su cañon y cajún de piedra pizarra y a las espaldas de ha cozina se alla otra pieza que sirve de granero" que contaba cunha porta dende a que se accedía á aira. Como corresponde ás casas das elites a cheminea da lareira era grande "que comprehende no solo el sitio para hacer de comer sino tambien el horno y asientos para calentarse, la que tubo escesibo coste y es de mucho aprecio y utilidad". Dende a cociña accedíase a un pequeno cuarto que servía de aposento para o servizo doméstico: "retrete que sirve como para comodo de las criadas"[681]. Ao igual que nas casas campesiñas, a lareira é a estancia arredor da cal xira a vida doméstica, lugar de reunión no que os señores comparten cos criados a calor do lume[682]. Nos casos nos que a lareira se atopa na plantra baixa esta sepárase das cortes e da adega por un corredor ou ben por un tabique, como tamén vimos nas casas labregas, caso no que poden ser precisas dúas portas, unha para entrar na vivenda e outra para as cortes, ou non. Dende o exterior identifícase ben o espazo dedicado a cortes e cabaleirizas, adega e/ou despensa polas troneiras que permiten ventilación sen que apenas entre luz. No citado expediente relativo á casa reitoral de Buscás, que conta cunha porta que dá acceso a todas estas dependencias, descríbense así estas divisións: "... a la puerta principal de su entrada se allan dos divisiones de madera, parte dellas de castaño y parte dellas de alamo, la una divide la cozina y en ella una puerta de madera de alamo con su erraje correspondiente … y la otra division devide la cavalleriza y un cortijo (cortello) con sus puertas y erraje". Na parte baixa tamén había unha adega que contaba cunha porta que daba á aira[683].

Na planta superior ou planta nobre atópanse distintos cuartos de carácter máis privado entre os que están os dormitorios, ocasionalmente algunhas dependencias privadas dedicadas a oratorio ou a gabinete no que se pode atopar a pequena biblioteca e o arquivo da casa, e outra de carácter máis público, a sala, estancia principal e máis coidada estéticamente que pode facer de distribuidor dos restantes cuartos e na que se recibían ás visitas ou tiñan lugar as celebracións dos días de festa ás que se invitaba a parentes e amizades[684]. Esta individualización dos espazos, que contrasta coas casas campesiñas coetáneas, foi froito do proceso de crecemento e compartimentación destas vivendas que a principios da Idade Moderna eran máis pequenas e interiormente tan só contaban con espazos multifuncionais. Ese proceso respondía, como ten indicado Vítor M. Migués, á civilización dos costumes que se observa durante a Idade Moderna[685]. Como na maior parte dos casos se trata de pazos medianos ou pequenos carecen doutro tipo de estancias distintas ás descritas, como as que si se poden atopar nos grandes pazos e ricas reitorais doutras comarcas. Á planta alta da reitoral de Buscás subíase a través dunha curta

[680] Por exemplo, o interior da casa reitoral de San Paio de Buscás estaba enlucida de cal, mesmo a bodega. Expediente xudicial de 1773 incoado por don Manuel de Novoa … Ibídem.
[681] Ibídem, fol. 5 v.
[682] GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos …*, op. cit., pp. 24 e 28.
[683] Expediente xudicial de 1773 incoado por don Manuel de Novoa, Ibídem, fol. 5 r.
[684] Sobre a distribución interna destas casas ROZADOS, A., *Aproximación…*, op. cit. e MIGUÉS, V. M., *As terras…*, op.cit., pp. 349-372.
[685] MIGUÉS, V. M., *As terras …*, op. cit., p. 352.

escaleira próxima á porta de entrada. O primeiro que se atopaba era unha ampla sala que contaba cunha "lacena en la pared que devide el quarto, bestida de madera, sus mienbros y respaldo con sus puertas de lo mismo". Nesa parede atopábase unha porta que daba paso a un cuarto "y dentro de dho quarto a la parte del norte se allaun dormitorio devidido con una division de madera de alamo". Dende tamén se accedía a un gabinete "devidido con unas divisiones de madera de alamo parte de ellas y parte de ellas de castaño" onde cabe supoñer que se gardaba o arquivo parroquial. Ademais contaba con faiado no que tamén había unhas alacenas vellas. Na parte sur había unha porta que daba saída a un balcón "cuya puerta se compone de marcos de madera, lintel y capialzado de lo mismo, tiene su puerta y contrapuerta".

Como é natural, a cultura material de rectorais, pazos e casas grandes era máis rica que a das casas campesiñas reflectindo unha mentalidade e sensibilidade que os distinguía dos labregos, se ben a cantidade e suntuosidade da moblaxe e do enxoval variaba en función do nivel de instrución, sofisticación ou rusticidade que caracterizaba aos seus moradores dentro dos seus propios grupos sociais. En todo caso, e segundo comprobou Vítor M. Migués a partir dun bo número de inventarios de pazos de distinto rango de riqueza, no interior destas casas non se atopaban grandes luxos, podéndose falar en xeral de certa tosquedade na hixiene e dunha decoración limitada a pouco máis que cadros de temática relixiosa. Do que se infire que o estatus e opulencia dos seus moradores en relación co campesiñado da contorna manifestábase de forma máis marcada no exterior dos edificios que no interior. Ao igual que nas casas campesiñas, dado que a delimitación funcional das dependencias non era demasiado ríxida, había mobles que se podían atopar en calquera parte da casa, como "mesas, bancos, uchas, arcas, aparadores, taburetes, cadros, alacenas …." e mesmo catres ou colchóns, pero outro tipo de enxoval e moblaxe si era específico de deterninadas estancias como a roupa branca, cobertores, xergóns, catres e camas dos dormitorios, o enxoval da cociña (alacenas, aparadores, bocois, sellas, gramalleiras, potas, tixolas, fontes, botellas, escudelas, cuncas, cubertos …), os apeiros de labranza, pipas, bocois, cestos, etc. das adegas, sotos e pendellos[686]. En todo caso, e segundo Pegerto Saavedra, durante o século XVIII a cultura material das casas fidalgas prosperou nun "proceso de civilización" que continuará durante o XIX[687].

Entre os inventarios baleirados por Vítor M. Migués atópase un da pousa de Boedo, na parroquia de Queixas (Cerceda), do ano 1679 cuxo contido resume así o mencionado autor: "tan só o oratorio coas súas imaxes presentaba algún aderezo. Nada relativo ao ocio nin á hixiene –nin sequera un ouriñal-. Unha arquiña, seis candeeiros, unha mesa e un banco como mobles de conforto, e sete leitos, tres colchóns, dúas sabas, dúas mantas, unha colcha e catro almofadas no referente ao descanso. Un total de 35 materiais fronte aos 112 e 35 relativos á manutención e ao laboreo -812%-"[688]. Este inventario reflicte a cultura material –pobre en relación ao atopado por Migués nos inventarios doutras casas- dunha casa concreta nun momento determinado, pero dá unha idea do enxoval e moblaxe que se podía atopar nunha morada fidalga do último cuarto do século XVII que fora poderosa a principios da Idade Moderna no ámbito desta comarca.

Ao igual que vimos nas casas campesiñas o material de construción varía segundo as zonas da comarca. Na partes central e oriental os muros de carga son de xisto, se ben non tan ruín como o das casas labregas, e pódense atopar casos nos que parte dos muros

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

686 "Neste senso o tópico do requinte, luxo e exceso das vivendas nobiliarias, era algo moi restrinxido ao mundo cortesán ou a certa nobreza urbnita do século XIX … Unha vez máis, o pazo en canto vivenda manifesta o seu simbolismo máis no exterior que no interior. Solares, pousas, torres … "señoreaban" o seu privilexio máis nos seus muros, brasóns e chemineas que na súa moblaxe; máis na capela que nos seus ornatos, e con mellor efecto na súa sona que na súa realidade" Ibídem, p. 352 e pp. 371-372.

687 SAAVEDRA, P., "A vida cotiá…, op. cit.

688 MIGUÉS, V. M., *As terras…,* op. cit., 357.

son de cantería como no pazo do Lago (Castro, Mesía)[689]. En todo caso, os esquinais refórzanse con grandes bloques de pedra que, a diferenza do que ocorre nas vivendas campesiñas, son habitualmente de granito –con algunha excepción como a do pazo de Meimixe-, o mesmo que os vans. As ventás contan habitualmente con tornachuvias e, sobre todo na fachada principal, poden ter maineles ou montantes no piso superior, característica que axuda a situar a construción da casa nos séculos XVIII ou XIX. Tamén é habitual que os antepeitos das ventás sexan de grandes bloques de granito. Na zona oriental, onde como vimos o granito é máis abundante, a cachotería dos muros é deste material e por suposto os reforzos de esquinais e ventás.

Nas fachadas concéntranse os elementos decorativos. Como xa mencionamos, nos máis modestos o único elemento deste tipo son os brasóns –Parada e Recelle-, construcións nas que nin sequera chegaron a revocar as súas fachadas como si ocorre nas doutros pazos como os de Vilacoba, Galegos ou O Peñasco nos que se atopan enfoscadas e pintadas de branco, se ben podería presumirse que isto sexa unha mellora dos séculos XIX ou XX. Especial porte outorgan os balcóns de madeira ou ferro como os dos pazos do Peñasco (Abellá, Frades) –neste caso con teitume-, Meimixe (Os Ánxeles, Oroso), casa grande de Parada (Parada, Ordes) e pazo de Lavandeiras (Cerceda) ou as balconadas barrocas de tipo compostelán con balaustres de granito moldurados e soportadas por grandes ménsulas que loce o pazo de Codeseda (Leira, Ordes)[690]. Neste punto destaca sobre todos os demais o pazo de Vilacoba (Restande, Tordoia) con pórtico de cantería de cinco arcos de medio punto rebaixados que soportan un balcón con balaustrada de estilo compostelán. Este pórtico preside a fachada outorgándolle un equilibrio e unha beleza que converte a este pazo datado a finais do século XVII no edificio civil máis destacado e con maior riqueza compositiva de toda a comarca en canto a dimensións e calidade arquitectónica, "una de las más bellas casas solariegas de la provincia", en palabras de Martínez-Barbeito, seguido do de Galegos ao que o mesmo autor lle dedica similares palabras[691]. Tamén neste pazo atopamos o escudo de maior tamaño e mellor acabado de toda a comarca. Como xa dixemos, os brasóns son os elementos decorativos de carácter simbólicos máis característicos dos pazos e neles se plasman as supostas nobres liñaxes dos seus moradores a través de pezas heráldicas que se combinan de maneira variada nos cuarteis dos escudos reflectindo os entronques endogámicos das estirpes da fidalguía local: Becerra, Bermúdez, Caamaño, Espantoso, Leis, Lobeira, Montenegro, Moscoso, Mosquera, Pol, Ponte e Andrade, Rioboo, Varela, Vaamonde, Verea e Aguiar, Villardefrancos, entre outros[692]. Nalgunhas casas pódense atopar epígrafes con datas ou alusións ás persoas que as construíron ou fixeron melloras, como na casa de Salgado (Campo, Trazo): "Don Juan de Riboo: año de 1779", ou a distintcións obtidas polos moradores do pazo como o privilexio de poñer cadea na súa casa que a Coroa lle outorgou aos donos do pazo de Galegos (Frades) -don Antonio Mosquera Pimentel Ribadeneyra e a súa esposa dona Baltasara de Luna Lobera y Valladares- por aloxar á raíña Mariana de Neoburgo en 1690 na viaxe que a traía dende a súa terra natal cara a corte madrileña[693].

As fachadas das capelas pacegas tamén poden concentrar elementos decorativos, xa sexa na espadana ou no muro no que pode incrustarse o brasón da familia como no pazo do Bidueiro (Ordes). Estas capelas, que evidencian a relixiosidade destas familias e a

[689] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., p. 140.
[690] O pazo dos Carrucheiros (Ardemil, Ordes) tamén conta con ménsulas do mesmo tipo que o de Codeseda sobre as que segundo os actuáis propietarios existía unha balconada de madeira, hoxe substituída por unha galería de cemento pouco acorde co edificio.
[691] MARTÍNEZ-BARBEITO, C., *Torres…*, op. cit., p. 393 e 186.
[692] GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos…*, op. cit., p. 124.
[693] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., p. 296 e MARTÍNEZ-BARBEITO, C., *Pazos…*, op. cit., p. 86.

súa estreita vinculación co estamento eclesiástico, poden estar adosadas ao pazo –como no do Peñasco e Galegos (Frades)-, exentas mais dentro do perímetro murado –caso do pazo do Lago (Mesía) ou pazo de Lavandeiras (Cerceda)- ou fora deste, o que facilita que a comunidade da aldea na que se sitúa o pazo participe nas celebracións relixiosas. Á súa vez, as capelas que están fora do peche perimetral poden situarse nas proximidades deste -como no citado caso do Bidueiro, no de Codeseda (Leira, Ordes) ou no pazo de Meimixe (Os Ánxeles, Oroso)- ou a certa distancia, como a capela de Arxán fundada polos señores do pazo de Recelle (Mesía).

Nos portalóns tamén se poden atopar elementos decorativos e simbólicos sendo común que os dinteis conten con cornixas molduradas e estean coroados por pináculos. Máis excepcional nesta comarca é a presenza de brasóns como os do pazo de Galegos (Frades) ou na casa grande do Casal (Frades). As chemineas de grandes dimensións tamén se coroan con pináculos piramidais ou con bolas que nos indican que estamos ante unha casa da elite que conta no interior cunha gran lareira[694]. Características como estas tamén se poden atopar nalgunhas casas reitorais que contan con portóns, peche perimetral, grandes chemineas e pombais –como se poden ver nas de Xavestre ou Castelo no concello de Trazo e documentalmente na de Buscás (Ordes)- nun intento de asimiliación ás vivendas fidalgas das que, á súa vez, procedía boa parte do clero parroquial[695]. Entre as reitorais poden atoparse exemplos contruidos entre os séculos XVII e mediados do XIX, se ben unha parte non desprezable foron levantadas con posteriridade, mesmo no XX.

As construcións adxectivas como alpendres, palleiras ou hórreos dispóñense de xeito que delimitan o curral e a eira da casa ou ben aparecen adosadas ao muro perimetral, ou sobre el, como pode ocorrer no caso dos hórreos. Como é sabido o tamaño e o material de construción era indicativo da riqueza da familia. Canta máis pedra e máis claros tiña o hórreo máis fartura evidenciaba posto que isto era proporcional ao volume da colleita, de aí que os hórreos dos pazos, casas grandes e reitorais sexan de maior tamaño que os das moradas capesiñas, destacando entre eles o do pazo de Meimixe polas súas monumentais dimensións e a peculiar planta, diferente a todo o que se pode atopar na comarca.

5.4 HÓRREOS E POMBAIS

Aínda que nin no *Catastro de Ensenada* nin no *Nomenclátor de 1860* aparecen mencionados os hórreos, cremos oportuno dedicarlle unhas liñas en tanto que edificación auxiliar característica do mundo agrario do norte da Península Ibérica que toma a súa forma definitiva durante a Idade Moderna, momento no que o cereal americano se implantou neste territorio e se fixo precisa unha dependencia destinada ao seu almacenamento e secado a través dunha axeitada ventilación. Polo tanto, a adaptación do hórreo para esta función non é anterior ao século XVII. Algúns autores considérano produto da evolución de graneiros con orixe na prehistoria ou na época romana[696], sen que falten os que como López Soler ou Pracchi negan tal evolución para afirmar que a súa orixe sería funcional, é dicir, para almacenar millo maíz, e polo tanto vinculado á implantación deste cereal. O certo é que a maior parte dos hórreos que hoxe se poden atopar foron contruídos durante o século XIX e XX, subsistindo un número reducido dos

694 GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos…*, op. cit., p. 226

695 Ibídem., p. 17.

696 Ignacio Martínez trata as distintas teorías sobre as orixes do hórreo en Galicia que algúns autores consideran prehistórico e outros como un aporte romano, de cuxa época reproduce as descricións dos hórreos da Hispania romana que fixeron escritores latinos como Marco Terencio Varrón ou Plinio. Tamén trata as referencias medievais tanto incongráficas, como as que aparecen nas *Cantigas de Santa María* de Afonso X como as referencias documentais sobre esta construcción (MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I., *El hórreo…*,op. cit., p. 65 e ss.).

que se levantaron con anterioridade. Desde logo dos existentes na comarca de Ordes pode dicirse que a maior parte foron contruídos durante o século XX e algúns poden datar do XIX.

Hortensio Sobrado constatou na documentación notarial a aparición dos horreos nas terras de Lugo no 18,3% das casas do século XVII, mentres que no século XVIII xa se documentan na metade das vivendas[697]. Pola súa parte Ángeles Rozados constatou na contorna rural de Santiago que as mencións a estas edificacións non son anteriores ao século XVIII e que a partir desa época a maioría das vivendas campesiñas contan con edificacións deste tipo coexistindo "cabanas, hórreos, canastros, cabazos, etc." que presentan distinta estrutura e materiais de construción[698]. Outros autores estiman que antes da xeneralización da estrutura actual do hórreo, o graneiro común sería o "cabaceiro", construción circular de madeira ou polas entrelazadas do que hoxe non se conservan exemplos nesta comarca polo perecedeiro do seu material pero que aínda se documentan en fotografías da década de 1960. No momento en que se implantan os hórreos rectangulares, o cabaceiro seguiu utilizándose para secar outros produtos da horta como as cebolas[699].

A partir dos hórreos que subsisten na actualidade e seguindo a Ignacio Martínez pódense establecer varias tipoloxías con variacións dependendo da zona da comarca[700]. Segundo o material, as cámaras poden ser de madeira na súa totalidade, íntegramente de pedra ou mixtos, é dicir, unha combinación de ambos materiais. Os de madeira son os máis estreitos e simples e asimílanse frecuentemente ao tipo chamado "Mariñán. Nesta tipoloxía as cepas son de cachotería con tornarratos de grandes pezas de xisto mentres a cámara é toda de madeira. O armazón é de pezas grosas deste material mentres os costais fórmanse con de doelas de madeira horizontais que manteñen certa separación para permitir a ventilación e van reforzados con pontóns ou faixas verticais. A orientación destas táboas de madeira pode ser a inversa[701]. Nos mixtos, asimilables ao tipo "Mahía" –os máis abundantes na actualidade- combínase a pedra –granito na zona occidental e xisto na zona central e oriental- coa madeira. A pedra utilízase para as cepas prismáticas, para os tornarratos ou para soleiras macizas de cachotería que sosteñen a cámara, e tamén é o material do armazón da cámara constituído por piares, trabes e base. A madeira utilizase nas doelas e pontóns dos claros, é dicir, os para espazos que quedan libres entre os piares. Os penais poden contar con claros de madeira ou ser muros de pedra, segundo o tipo "Carral". Con frecuencia os hórreos presentan tornarratos corridos que fan as veces de base da cámara. Os accesos aos hórreos poden situarse nos penais ou nos costais. As cubertas, salvo excepcións, son a dúas augas con cubrición de tella curva do país e poden

[697] SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit., p. 503.

[698] ROZADOS, A., "Aproximación… op. cit. Mesmo en zonas de precoz implantación do millo como as rías atlánticas non se pode documentar o hórreo actual antes do século XVIII. Bouza-Brey localizou a data máis máis antiga (1721) nun hórreo de Marín e José Manuel Vázquez Lijó data documentalmente o hórreo do pazo de Goiáns (Boiro) na segunda metade do século XVIII (VÁZQUEZ LIJÓ, J. M., *Luces …,* op. cit., p. 86), na mesma época que se datan os famosos hórreos de Carnota e Lira, ou o do Mosteiro de Poio segundo Ignacio Martínez., quen tamén cita o traballo do profesor Arca Caldas sobre o Val do Vea no que dos 438 hórreos censados, só unha decena corresponderían ao século XVIII, datándose os restantes nos séculos XIX e XX. (MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I., *El hórreo…,* op. cit. pp. 94-103).

[699] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…,* op. cit., p. 226., PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía* …, 228. Pódese ver a fotografía dun cabaceiro datada en 1965 na parroquia de Buscás (Ordes) en HENNINGSEN, G., *Galicia…,* op. cit., p. 81.

[700] MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I., *El hórreo* …, op. cit.

[701] Reproducimos a definición que dá Ignacio Martínez da palabra "doela": "Las tablas convexas que forman el barril, bocoy, etc. También las tablas del piso Por similitud, las tablillas de los bastidores de los costales del hórreo mixto y de las paredes de los de madera. En un sentido más estricto se denominan "doelas" las dispuestas horizontalmente y "pontones" si son verticales. Ibídem, p. 382.

estar rematadas con sobrepenas nos pinches dos penais sobre os que se adoitan situar os tradicionais pináculos piramidais, cónicos ou torneados e cruces en cada un dos extremos.

Segundo o tamaño dos penais ou lados menores do hórreo pódense atopar dúas tipoloxías. A máis común de Galicia é aquela na que os penais son apreciablemente máis curtos en relación aos costais ou lados maiores. Nesta comarca obsérvase interpenetración de tipoloxías neste modelo que dan lugar a hórreos híbridos de difícil clasificación xa que combinan características dos tipos "Mahía", "Carballo", "Carral", "Mariñán" e mesmo "Fisterra", como o hórreo da casa de Pispieiro (Arxeriz, Tordoia)[702]. Con todo, as características de cada un destes tipos son máis acusadas conforme nos aproximamos ás comarcas nas que abundan cada unha desas tipoloxías.

Imaxes 5. Hórreo tipo Ordes na parroquia de Sta. Eulalia de Senra (Oroso) e pombal da reitoral de San Cristovo de Xavestre (Trazo)





Existe outra tipoloxía máis escasa e propia desta comarca, cualificada como tipo "Ordes" no traballo coordinado por Solaruce e Fernández e que non foi identificada como tal por Ignacio Martínez[703]. Neste tipo de hórreos os penais son notablemente máis anchos do habitual combinando características dos hórreos tipo "O Pino" –típicos deste concello limítrofe-, con outros que se poden atopar en Arteixo ou coas "hórreas" de comarcas pontevedresas como Lalín[704]. A planta inferior está pechada por muros e conta cunha porta e mesmo con ventás ou fachinelos horizontais para ventilar o que permite aproveitala para almacenamento de leña ou cortellos[705]. Na cámara ou parte superior combínase pedra e madeira, tal como explicamos para os hórreos mixtos, e os piares de cachotería son moi robustos. Aparte de contar cunha cámara de maior volume que a dos hórreos comúns, ás veces acadan unha altura considerable, poden ter cuberta a catro augas e presentan a peculiaridade dun balcón con balaustres de madeira que antecede á porta de entrada á que se accede por unha escaleira lateral ou frontal. Para os tornarratos utilízanse simplemente lousas de pedra e mesmo é frecuente que carezan deste elemento. En casos nos que presentan un gran tamaño a cámara pode contar con fiestras nos penais como o do

[702] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…,* op. cit., p. 61. A proximidade de Anxeriz con zonas onde se documenta a tipoloxía "Fisterra" podería acreditar que este hórreo non estea descontextualizado, como si o están outros deste tipo, un deles documentado por Solaruce e Fernández (dir) no lugar do Pazo (Ardemil, Ordes), p. 204, que segundo os propietarios foi trasladado alí dende Mazaricos. A uns 100 metros deste pode atoparse outro das mesmas características e probablemente coa mesma orixe. Tamén parece responder a similar casuística o que se atopa no lugar da Fonte en Xanceda (Mesía).

[703] Ibídem, p. 148

[704] Ibídem, p. 109.

[705] Ibídem, p. 41.

pazo de Meimixe na parroquia dos Anxos (Oroso). Na actualidade pódense atopar hórreos históricos deste tipo nos concellos de Mesía, Frades, Oroso e Ordes e na parte occidental atópanse hórreos se similares características pero datables na segunda metade do século XX[706]. Tamén é común que se adornen con pináculos e cruces nos extremos da parte superior dos tellados a dúas augas ou no vértice dos tellados a catro augas. Son expresión do éxito da implantación do millo nesta comarca, máis tardía que nas zonas litorais e prelitorais de Galicia, o que tamén podería indicar o carácter tardío da aparición deste tipo de hórreo.

Aínda que se conservan poucos[707], nos pazos e casas reitorais pódense atopar pombais que, máis alá da específica finalidade da cría de pombas e pichóns, tiñan un rol simbólico de prestixio xa que, visibles dende lonxe, evidenciaban a importancia da casa que contaba con excedentes de cereal para criar estas aves destinadas a consumo suntuario das elites en días de celebracións ou como obxecto de regalo, simbolismo recollido no popular refrán "Palomar, capilla y ciprés, pazo es" [708]. Teñen planta cilíndrica, cunha porta de acceso e con cuberta cónica debaixo de cuxo aleiro se sitúan as pequenas aberturas de entrada e saída para as pombas, así como unha soleira onde se poden pousar estas aves[709]. Entre os moitos que deberon desaparecer constatamos o caso do da casa reitorial de Buscás mencionado nun expediente xerado pola demanda interposta por don Manuel de Novoa, reitor desta parroquia, contra os herdeiros do seu antecesor[710].

5.5 ARQUITECTURAS DA AUGA: MUIÑOS E BATÁNS

Ademais das vivendas, no *Catastro de Ensenada* e no *Nomenclátor de 1860* documentáronse os muíños de rodicio, un inxenio fundamental para as economías agrarias co que se transformaba o cereal aproveitanto a forza dos cursos de auga. Como xa se indicou, o *Nomenclátor* só rexistra os muíños dos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Trazo. Entre as construcións relacionadas coa auga os muíños son os máis importantes e numerosos. Como veremos, na súa maioría trátase de edificacións de pequeno tamaño, planta rectangular e espazo único presentando solucións construtivas de gran simplicidade, o que non exclúe a existencia dalgúns exemplos de maior complexidade. Os muros son de cachotería miuda reforzada nos esquinais e no marco da porta de acceso, e no mínimo número de vans. As cubertas, de tella do país, poden ser dunha ou dúas augas[711].

Nas respostas xerais do *Catastro de Ensenada* correspondentes ás 21 parroquias que integraban a xurisdición de Folgoso compútanse 98 muíños, o que equivale a 4,67 por parroquia- que darían servizo a unha media de 10,79 veciños por freguesía, un número moi abudante que hai que poñer en relación coa riqueza de cursos fluviais de distinto caudal desta comarca que desaugan na conca do Tambre. De feito esas cifras están na liña das que documenta Ramón Falcón para toda esa conca fluvial: unha media de 5,75

[706] Ibídem.
[707] Pazo de Lavandeiras (Cerceda), pazo de Vilacoba (Restande, Tordoia), casa reitoral de Xavestre (Trazo). GONZÁLEZ PÉREZ, C., "Os pombais…, op. cit.
[708] VÁZQUEZ LIJÓ, J. M., *Luces* … op. cit., p. 85
[709] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., p.168,
[710] Expediente incoado polo provicario xeral do Arcebispado de Santiago, *Dr. D. Antonio de Victoria y Ahumada, a instancia de don Manuel de Novoa, párroco de San Paio de Buscás, contra os herdeiros do seu antecesor, don Joseph del Riego, para que se fagan cargo dos desperfectos atopados na casa reitoral.* APBsc, Papeis soltos.
[711] Ibídem, op. cit., p. 65

muíños por parroquia que darían servizo a uns 11,46 veciños cada un[712]. Aparte de ser o século XVIII o período de máxima difusión dos muíños, como afirma Falcón, coa conseguinte importancia económica destes inxenios, hai que ter en conta que o Tambre demarca esta comarca polo sur e sueste, en concreto 16 parroquias dos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Trazo. O funcionamento dos muíños podía estar condicionado pola estacionalidade do caudal estacional dos cursos fluviais e o seu usufruto estaba repartido en "pezas", é dicir, quendas nas que se distribuía o tempo de moenda entre os copropietarios. Dependendo das "pezas" que poseese cada copropietario o número de horas de moenda podía ser maior ou menor. Os veciños que carecían de "pezas" pagarían a "maquila" polo uso do muiño consistente nunha porcentaxe do cereal moido[713].

Táboa 9. Muíños rexistrados no *Nomenclátor de 1860*

	km2	parroquias	Casas habitadas	Muíños	Muíños/ parroquia	Casas /muíños
Frades	81,5	12	685	16	1,33	42,81
Mesía	108,8	12	792	6	0,50	132,00
Oroso	72,3	11	547	12	1,09	45,58
Trazo	99,2	11	604	9	0,82	67,11
Total	361,8	46	2 628	43	0,93	61,12

Ramón Falcón comprobou que entre mediados do século XVIII e mediados do XIX se produxo unha redución do número de muíños a causa da prolongada crise produtiva sufrida nese período, pero a diminución que se observa na comarca de Ordes, comparando os datos do *Catastro de Ensenada* cos do *Nomenclátor de 1860* é tan esaxerada que invita a pensar que se trata dun subrexistro deste tipo de edificacións na última fonte, aínda que o territorio que serve de base para mediados do século XVIII sexa moito máis reducido que o de mediados do XIX. Así, en 1860 compútanse 34 muíños nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e Trazo, o que equivalería a 0,73 muíños por parroquia (1,65 se hachamos a media de muíños por parroquia con muíño) que darían servizo a 61,12 veciños por parroquia. O caso da parroquia de Xavestre (Trazo) é un exemplo moi elocuente deste probable subrexistro xa que nas *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada* de mediados do século XVIII documentábanse 18 muíños, mentres no *Nomenclátor de* 1860 tan só aparece un[714]. Nesta fonte tampouco se rexistraron outros edificios con artefactos de tracción hidráulica, como os batáns, cando sabemos a través de Ramón Falcón que no río Chonia, ao seu paso pola parroquia de Xavestre (Trazo), se localizaban dous a mediados do século XVIII e posteriormente chegaríana existir sete dos que se conservan restos de tres deles na actualidade[715].

[712] FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia y usos del agua en el noroeste de Galicia a finales del Antiguo Régimen,* Santiago de Compostela, 2018 (Tesis doctoral inédita), p. 143

[713] RODRÍGUEZ FERREIRO, H., *La tierra …,* p. 159.

[714] FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia* …, p. 144.

[715] Ademais R. Falcón (Ibid, p. 316) informa que estes batáns, que eran propiedade dos irmáns Bartolomé e Fernando de Noya e outros consortes, só traballaban a metade do ano polo que declaraban uns 33 reais de vellón pola súa actividade. Segundo este mesmo autor no *Diccionario* de Madoz non se menciona ningún batán en Xavestre pero que L. Villar Folla-Cisneros chegou a documentar sete artefactos deste tipo (VILLAR FOLLA-CISNEROS, L., *As construccións da auga no Chonia* (trípitico), Trazo, 1999.

5.6 ARQUITECTURA RELIXIOSA: IGREXAS E ERMIDAS

5.6.1 As igrexas parroquiais

Aparte das casas de morada, a "casa de Deus" era a construción máis importante para os individuos que compoñían a comunidade parroquial. En ausencia de mosteiros, conventos e priorados de orixe medieval a arquitectura relixiosa limítaseás igrexas parroquiais e a un nutrido número de ermidas e capelas de distinta relevancia que se espallan polas freguesías da comarca. Nas igrexas parroquiais tiñan lugar os acontecementos relixiosos e sociais máis cruciais na vida dos individuos: o bautizo, polo que se entraba a formar parte da comunidade cristiá, o matrimonio polo que se fundaba unha familia unindo a existencia a outra persoa de por vida e as exequias fúnebres que bendecían a última viaxe. Na igrexa tamén se vivían outros momentos transcendentais como a despedida de seres queridos e era un dos principais lugares onde se buscaba a conexión coa divinidade por parte dos máis devotos, e pola xeneralidade dos fregueses nos momentos nos que a apelación aos santos ou ao altísimo era o último recurso na busca de remedios para as desventuras da vida. Asemade, o templo representaba a materialización da pertenza e continuidadade da comunidade parroquial posto que no seu interior, e máis tarde no seu exterior, repousaban os restos mortais das xeracións precedentes, dos devanceiros. No atrio, sobre todo se era cuberto como en Meirama (Cerceda), podían reunirse en concello aberto os fregueses para decidir cuestións que estaban fora do ámbito relixioso e na contorna da igrexaestar o campo da festa onde a comunidade rural gozaba dalgúns dos momentos máis felices do ano. Un nutrido número de ermidas de distinta relevancia que se espallan por toda a comarca compartían coas parroquiais algunhas destas funcións[716].

Os templos parroquiais desta comarca responden á tipoloxía típica do rural galego caracterizada no caso que nos ocupa por unha gran sobriedade estética con poucos exemplos que se desvíen deste modelo, se ben en boa parte das igrexas dos concellos occidentais se advirte maior complexidade arquitectónica e unha ornamentación máis coidadada en fachadas e ábsidas[717]. Estas ábsidas ornamentadas son de orixe románica do que se desprende que esa maior calidade arquitectónica da zona occidental ten raíces medievais. Aparte doutros factores, como o maior tamaño das parroquias occidentais, esta superior calidade arquitectónica de parte dos seus templos está en relación coa existencia *in situ* de afloracións e vetas graníticas que non existen na parte central nin na oriental, onde o material de construción predominante é o xisto. Pero fora das limitacións que impoñen os materiais de construción disponibles, como é o caso do xisto fronte ao granito, a sinxeleza da maior parte dos templos -mesmo pobreza nalgúns casos- pode reflectir os curtos recursos cos que contaban as fábricas parroquiais para contruír templos de maior calidade e amplitude. O reducido tamaño de moitos deles tamén hai que poñelo en relación coas baixas densidades de poboación que xa vimos.

Como é común no rural galego as igrexas forman conxunto cos cruceiros que se atopan a poucos metros destas e cos cemiterios que as arrodean. Como diciamos, en ocasións inclúese nese conxunto o campo da festa. O *Nomenclátor de 1860* tamén anota de maneira individualizada as ermidas que non forman parte dun núcleo de poboación, pero, ao igual que no caso dos muíños, só se fixo nos concellos de Frades, Mesía, Oroso e

[716] RODRIGUEZ LEMOS, A., *Religiosidad local en el Noroeste de la Península Ibérica: cultos populares y lugares santos, siglos XVII-XIX,* (tesis doctoral inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 2021, p. 372 e seguintes; CARDESÍN DÍAZ, J. M., "La religión como teoría organizadora de la experiencia de vida del campesinado", en VÁZQUEZ VARELA, J. M. et. al., *O feito relixioso na Historia de Galicia,* Santiago de Compostela, 1993, pp. 200-224.

[717] Sobre as igrexas de tipoloxía rural tradicional véxase MINGOTE RODRÍGUEZ, F., *A rede…,* op. cit., pp. 138 e ss.

Trazo. Como vimos máis atrás, os topónimos "Iglesia (La)", "Eirege" ou "Vila da Iglesia" de aldeas que aparecen no *Nomenclátor* tamén nos informan do emprazamento destes templos e nalgún caso no que a poboación non leva un destes nomes indícase no apartado "Su clase", cando se trata de iglesias solitarias ou acompañadas por unha casa. Xa se indicou que se localizan 10 illadas ou acompañadas por unha sóa casa deshabitada – 13,30% do total das 75 parroquias- e que as restantes formaban parte de entidades de poboación que podían ir dunha a 17 casas habitadas (49,33% do total de parroquias). Tamén vimos que a maior parte (78,37%) non superaban as seis casas e que o tamaño medio destas aldeas era de 4,14 casas. Non é infrecuente que se atopen en lugares elevados sen que falten exemplos nos que se localizan en zonas de val como a de Numide (Tordoia) o nas próximidades do curso do Tambre como a de Gándara (Oroso).

Imaxes 6. Exempos de igrexas parroquiais da Comarca de Ordes


Santiago de Ardemil (Ordes)


Santiago de Bascoi (Mesía)


San Xoán de Calvente (Oroso)


Santa Eulalia de Senra (Oroso)


San Lourenzo de Bruma (Mesía)


Sta. Mariña de Gafoi (Frades)


San Mamede de Berreo (Trazo)


Restande (Trazo)


Santa María de Castenda (Tordoia)

A igrexa tipo da comarca consta dunha soa nave rectangular carente de cruceiro e cun arco triunfal que dá acceso ao presbiterio, sobreelevado con respecto á nave. Aínda así, non faltan exemplos de naves con cruz latina –Chaián, Vilouchada e Xavestre no concello de Trazo- ou cruz grega como a de San Cristovo de Mesía. Asemade, algunhas naves presentan pequenos corpos laterais engadidos que dan lugar a unha planta cruciforme como nos casos de Queixas (Cerceda) ou Berreo (Trazo) nos que se sitúan pequenos altares[718]. As cubertas, xeralmente a dúas augas, son de tella curva e apóianse sobre estruturas de madeira. Nalgúns casos o espazo interior pode cubrirse con bóveda de canón como en Lesta (Ordes), Berreo (Trazo) ou Queixas (Cerceda), cubrición común nos presbiterios. Como diciamos, externamente caracterízanse por unha gran sobriedade ornamental na que os escasos elementos decorativos se concentran na fachada e particularmente nas espadanas. Os vans son alintelados na práctica totalidade dos casos salvo nos dous exemplos que conservan portadas románicas -Buscás no concello de Ordes e Gafoi no de Frades-[719] e noutros dous de época moderna: Bascoi (Mesía) cunha porta de arco de medio punto de grandes doelas do século XVII e Leira (Ordes). O número de ventás é moi reducido polo que a iluminación natural é escasa.

As fachadas tamén presentan a unha estrutura moi uniforme que responde á tipoloxía pentagonal típica do rural galego, caracterizadas no caso desta comarca por unha gran austeridade na maioría dos casos pese a concentrar os elementos decorativos do exterior. O esquema compositivo organízase a partir dun eixo central vertical no que se aliñan a porta, un van –xeralmente rectangular, aínda que tamén pode ter forma de óculo como na de Restande (Trazo) ou tratarse dun rosetón románico como nas Encrobas (Cerceda)- e unha fornela coa figura do santo ou santa titular[720]. Con frecuencia carecen de fornela e nalgúns casos esta substitúe á ventá. Fórmase deste xeito unha composición simétrica de forma pentagonal rematada na parte superior cunha cornixa a dúas augas interrompida e coroada por unha espadana ou unha torre campanario[721]. Nalgún caso esa cornixa remata de forma triangular sen que a interrumpa a espadana –Vila de Abade (Tordoia) Castelo (Trazo) e Rodís (Cerceda)-, caracteristica que se ve máis pronunciada cando se trata dun frontón propiamente dito, xa sexa triangular –Xavestre (Tordoia) e Chaián (Trazo)- ou curvo – Restande (Trazo) e Gándara (Oroso)-. As fachadas poden ser de perpiaño granítico, de cachotería ou dunha combinación de ambas técnicas construtivas. Neste último caso, exemplificado polas de Ardemil e Parada (Ordes), nas que o corpo central da fachada é de cantería e nel dispóñense a porta, unha ventá e a espadana, mentres as dúas franxas que o flanquean son de cachotería de xisto revocada.

Tamén dixemos que a inmensa maioría das fachadas están coroadas por unha espadana de cantería de dobre van con senllas campás que en moitas das igrexas é o único elemento destacable do exterior. Hai algúns casos cun só van (Bascoi, Bruma, Cabrui e Cumbraos en Mesía, Meirama en Cerceda e San Xoán de Tordoia) e poden contar dun ou dous corpos, se ben o corpo superior presenta un só van e carece de campá na práctica totalidade dos casos. Algunhas das igrexas con pequena espadana dunha soa campá como as de Bruma e Tordoia son templos de dimensións moi reducidas e representan o maior

[718] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., p. 286.

[719] Habería que engadir aos templos con portadas románicas o das Encrobas, se ben neste caso trátase dunha reconstrución contemporánea realizada a partir dalgúns restos románicos que se incorporou a esta igrexa ao ser reubicada para abrir no seu emprazamento orixinal a mina de lignitos que durante anos nutriu a central térmica de Meirama. Nas fotografías anteriores a ese traslado a igrexa aparece con simples portas alinteladas. Ibídem., p. 50.

[720] Merece mención o casos de Restande (Trazo) no que a fornela é substituida por un óculo cego sobre o que aparece a coroa real.

[721] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas…*, op. cit., p. 84 e 120.

grao de simplicidade arquitectónica que se pode atopar nas 75 parroquias da comarca. A espadana dalgunhas igrexas se desmarcan da sinxeleza dominante coroándose con frontóns curvos ou con frontón en peita –Gándara (Oroso) e Restande (Trazo)- e neste último caso cunha balaustrada que rodea toda a espadana e singulariza esta igrexa.

Son contados os templos nos que a fachada se coroa cunha torre campanario rematada por cúpula octogonal, todos salvo un radicados na zona occidental: Bardaos e Castenda no concello de Tordoia, Xavestre, Chaián, e a ermida de Santa Eufemia no concello de Trazo e Rodís no de Cerceda. Un caso serodio deste modelo, sito neste caso na zona central, é a parroquial da vila de Ordes construída entre 1862 e 1877 –polo tanto fora do marco cronolóxico deste traballo- que presentaba unha torre deste tipo ata que 1962 foi substituída polas dúas que na actualidade flanquean a fachada[722]. Nese momento tamén foi ampliada a nave central dun templo que presenta as maiores dimensións da comarca, en consonancia co número de habitantes que concentraba esta localidade dende mediados do século XIX. Por último, hai que sinalar os casos singulares nos que a espadana ou a torre está exenta como ocorre nas igrexas de Vilamaior (Ordes) e Berreo (Trazo), respectivamente. Como diciamos, os elementos ornamentais concéntranse nas espadanas e nos extremos do beiril das fachadas que adoitan presentar pináculos máis ou menos traballados con formas piramidais ou rematados con bolas. Fora disto, só atopamos as mencionadas portadas románicas de Buscás e Gafoi e os arcos cegos con función de fornela, tamén románicos, da parede traseira dalgunhas ábsidas. Os restantes vans son alintelados e poden presentar molduras máis ou menos traballadas.

Ás cabeceiras son sempre cadradas ou rectangulares e dunha sóa absida, con frecuencia de menor anchura e menor altura que a nave, en particular cando se trata de ábsidas medievais que non foron derrubadas nas reformas de época moderna. Como diciamos, algunhas destas ábsidas de orixe románica presentan no muro traseiro un arco cego típico desta zona formado por arquivoltas decoradas e sostido por columnas acubilladas que fan función de fornela na que se sitúa a figura do patrón o patroa[723]. É o caso das parroquiais de Morlán, Campo, Trazo, Benza e Xavestre no concello de Trazo e da de Buscás no de Ordes. Nestas cabeceiras medievais tamén é común atopar canzorros románicos, ás veces reutilizados nas reformas de época moderna, ou con contrafortes como en Morlán (Trazo). En canto aos restos medievais hai que mencionar os escasos arcos románicos que dan paso ao presbiterio como o de Buscás (Ordes) ou Campo (Trazo) e que nalgún caso poden ser de tipo apuntado como na parrquial de Santa María de Trazo.

Todas estas igrexas con de orixe románica foron remozadas durante a Idade Moderna grazas a conxunturas económicas favorables relacionadas fundamentalmente coa penetración do millo que xeraron rendas máis substanciosas ás fábricas parroquiais. Neste momento os templos viron ampliada a nave principal e adosáronselle capelas e sancristías que en moitos casos romperon a simetría do conxunto. Os concellos da zona occidental son os que contan con máis igrexas con elementos románicos (Campo, Benza, Morlán e Chaián)[724] pero o exemplo máis acabado deste tipo de templos de orixe medieval é a parroquial de San Paio de Buscás (Ordes), que foi remozada arredor de 1730. Por sorte, no *Libro de Fábrica* desta freguesía contamos co relato detallado que deixou o párroco don Joseph del Riego, amigo de documentar con detalle as súas iniciativas, e que ilustra como deberon ser as circunstancias que rodearon este tipo de reformas, a implicación que tivo nelas a comunidade parroquial e as tensións que xeraron. Segundo o testemuño de del Riego, a igrexa de Buscás foi reedificada "a cimentis" pois cando tomou posesión do curato en 1725 esta atopábase nun estado lamentable "muy de

[722] Ibídem, p. 188
[723] Ibídem, p. 282.
[724] SORALUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas...*, op. cit., p. 280.

peligro y amenzando ruina"[725]. Este reitor prosigue decindo que dende prinpicios do seculo XVII sucesivos visitadores, como o arcebispo Sanclemente, mandaran compoñer a igrexa, sen que os seus antecesores chegasen a cumprir o mandato. Finalmente, nunha visita do arcebispo Herrero Esgueva realizada en 1726 "viendo la indignidad de la iglesia", o prelado acordou co párroco trasladar o Santísimo e ás misas á capela de San Xosé, anexa á reitoral, co fin de vencer a resistencia dos fregueses a realizar obras que argumentaban que non eran precisas xa que a igrexa non caera nos últimos mil anos. Este mandato do arcebispo tamén xerou tensións cos fregueses que se oponían ao traslado do Santísimo[726]. Conseguida a aprobación do arcebispo, o párroco buscou o apoio de frei Joseph González, abade de San Martiño Pinario, mosteiro que tiña o padroado do beneficio de Buscás, e o asesoramento padre frei Francisco Velasco, amigo de del Riego e mestre de obras da Súa Maxestade, para iniciar a reedificación da igrexa. Nun texto escrito en 1732 polo devandito párroco dirixido aos seus sucesores relata os avatares e gastos da obra[727]:

> *Amigo carísimo y lector y sucesor mío, no puedo menos de decirte lo más brebe que pueda por no causarte molestia y para que me encomiendes a Nuestro Dios y Señor con algún sufrajio, como no teniendo la Fábrica de esta yglesia de Buscás más que 1.275 reales, como lo puedes ver en las quentas de atrás, y aún aver quedado para menesteres de dicha Fábrica 59 reales y 29 maravedís, hice sinó la fachada de la puerta principal, todo el cuerpo de la yglesia desde los cimientos, hízose toda la capilla maior, la sachristia (aunque yo lo diga hermosa) que antes no la avía, y querían oponerseme a que no la hiciese los feligreses, llené de sepulturas el cuerpo de la yglesia, que antes no las tenía y estaba indigno el suelo con oyos y cuestas, levanté la tribuna mas de un codo y la compuse, puse vidriera con sus redes, cubrí de madera los tres altares que antes no se podían ber, hice puertas nuebas con sus herraxes y cerraduras, sino la principal; puse tarimas en los colaterales y altar maior; comprose palo de yerro y ligón para abrir las sepulturas de clavos, cal, texa y madera y losas -considera lo que constaría- y otras mil zarandajas que para ponerlas aquí se necesitaba todo este Libro. En fin, puedo decirte y si necesario fuere jurártelo, pero bastante tendrás que te lo digan como estaba antes, que la hice toda de nuevo así de paredes como de lo que necesitaba de dentro; y aunque yo lo diga todo perfecto como lo puedes ber…*

Continúa dicindo que na obra se gastaron máis de 5.950 reais e, dado que a Fábrica só contaba cunha renda de 1.275 reais, dos que aínda quedou remanente, que o restante o puxo do seu peto, queixándose de que ningún fregués gastou "siquiera un ochavo para dicha obra. A mi se me pegó lo que Dios sabe además de los gastos de pan y bino y carne de los pedreros y carpinteros y otras mil cosas para que quedase todo perfecto … Dios me lo reciba el trabajo que tube en dicha obra y si se digera con indibidualidad las industrias y mañas que ube menester biendo que no havía caudal le

[725] APBuscás, Libro de Fábrica, fol. 81 v.
[726] "La capilla mayor muy de peligro y amenazando ruína y mando se traslade el Santísimo a la capilla de San Joseph y se conserve en ella durante no se reedifique dicha capilla mayor y estuviese asegurada la iglesia". Na mesma visita Herrero Esqueva manda que "no se celebren actos litúrgicos en Santa Eulalia de Faramilláns mientras no se repare la iglesia". Ibídem, fol. 81 v. e fols. 142 r.- 143 r. Santa Eulalia de Faramilláns era unha pequena parroquia anexa de Buscás que foi suprimida e integrada na matriz. Nunha visita de 1742 insístese na necesidade de que se arranxe a súa igrexa pois o teito está a caerse e exhórtase aos fregueses e ao Mosteiro de San Martiño Pinario, patrón da igrexa, a que o arranxen. Se non se repara en seis meses o visitador manda que o santísimo se traslade á capela de San Joseph.
[727] Ibídem, fols. 142 r.- 143 r.

admiraras; puedo decir con ingenuidad que la hice toda a mi costa, pues si yo no fuera estaba como antes; todo lo doy por bien empleado pues tengo a mi Esposa adornada." Aínda así, implicou á toda a comunidade parroquial nunhas obras que duraron dez meses nos que tivo que loitar contra ás resistencia dos fregueses:

> *Los más de los días me era preciso aiudar a lebantar las piedras, enseñarles a amasar la arena y cal y barro y otras mil cosas … los labradores iban para dicha obra como para el infierno, y tan tarde que me mataban; y aunque les reñía no por eso se enmendaban, y por su omisión faltaba muchas beces lo necesario a los oficiales y me era preciso dárselo yo; para traer las sepulturas adentro de la iglesia me costó mil discursos, porque decían todos que que no avían de entrar y otros mil desatinos y desafíos y me fue preciso ponerme a la angarilla y aiudar a los pedreros a entrarlas, pero después que bieron unas pocas entradas decían que entrasen todas … Sólo me falta componer la Cruz que la destruyeron por no saber andar con ella.*

Imaxes 7. Igrexa de orixe románica de Buscás reconstruida no século XVIII



A pesar da profunda transformación proxectada e dirixida polo cura Riego, este soupo apreciar o valor da portada e da fornela de arco e columnas da ábsida, todo románico, –circunstancia que non se deu en moitos outros casos, como en Meirama, por exemplo- conservándoos e convertendo este templo no mellor exemplo do románico da comarca. Estas reformas facíanse por fases e por sucesivos párrocos, se ben no caso de Buscás hai que dicir que nos case cincuenta anos nos que del Riego levou a parroquia se realizaron a maior parte das obras que lle dan á igrexa de Buscás a aparencia actual. Así, posteriormente encargou unha unha escultura de granito de San Paio, patrón da parroquia

inspirada na da fachada do convento de San Paio de Antealtares e que se instalou en 1737 na fornela da ábsida. Como por detrás desta ábsida pasaba o camino real que unía Santiago e A Coruña, a este San Paio rendíanlle os seus respeitos os transeúntes que circulaban por esa vía, do mesmo xeito que o facía a multitude de veciños da contorna que acudían anualmente á festividade que se celebraba na súa honra. No longo período durante o que rexentou esta parroquia o cura Riego acometeu outras obras de menor envergadura como a reforma e ampliación da reitoral e da capela de San Xosé, próxima a aquela no lugar da Bouciña, exemplos máis visibles das múltiples facetas da súa incansable labor pastoral. Pero a del Riego quedoulle pendente erixir a espadana para o campanario xa que o frontal da igrexa quedara coroada por unha cruz e a campá estaba colgada dunha árbore. A pesar de que nunha visita do ano 1742 se lle manda que a constrúa, o párroco morreu en 1773 sen chegar a realizar esta obra, que finalmente se executou en 1785[728]. As campás penduradas de ábores situadas no adro da igrexa non eran casos infrecuentes e na actualidade aínda se documenta o caso na igrexa de Vila de Abade (Tordoia) na que a campá principal colgad un carballo a pesar de que o templo conta con espadada coas súas respectivas campás[729].

No interior dos templos da comarca atopamos similar austeridade que no exterior, somente enriquecida polos retablos barrocos ou neoclásicos do presbiterio e dos laterais da nave que introducen plasticidade e cor a esta arquitectura tan sobria. Tamén é habitual que aos pes destes templos se levante unha tribuna ou coro alto de madeira reservado aos varóns. A cubrición habitual é un artesonado de madeira a dúas augas, se ben hai algún caso con bóveda de canón como en Queixas (Cerceda) ou Berreo (Trazo), neste caso con arcos faixóns. Os retablos dos laterais adoitan estar enmarcados en arcos acubillados nos muros de carga a modo de grandes fornelas ou excepcionalmente en capelas adosadas á nave principal. O exemplo de Buscás (Ordes) e do cura Riego volve a ilustrar a través dun caso concreto a incorporación de retablos barrocos a estes templos. Así expresaba en 1739 este singular sacerdote a sensación que lle producía ver a súa igrexa sen retablos unha vez rematadas as obras de reconstrución que rematara en 1732: "se quedó mi esposa sin retablo, que viene a ser la gargantilla y almendrillas de una dama, que si esto le falta por hermosa que sea, le hace mucha disformidad"[730]. Na visita pastoral que recibe en 1742 mándaselle "haga un retablo para el altar maior, acomodando el que tiene a los colaterales, especialmente al del evangelio"[731], pero o párroco de Buscás decide facer os tres retablos novos coas súas imaxes encargándollos, sen escatimar en gastos, a un dos máis recoñecidos retablistas composteláns do XVIII, Manuel de Leis, formado na órbita de Fernando de Casas e Simón Rodríguez[732]. Entre 1746 e 1750 consegue que se tallen e instalen tres retablos barrocos no altar maior e nos laterais cuxo importe ascenderá a 4.700 reais, dos que o párroco contribúe con 3.207 do seu peto, como fixera noutras ocasións.

Entre as 75 parroquiais da comarca debe destacarse a calidade arquitectónica das de Gándara (Oroso), Bardaos (Tordoia) ou Xavestre (Trazo) e en menor medida Castenda (Tordoia). Construidas íntegramente en boa cantería, nelas pode atoparse ornamentación barroca e neoclásica inspirada nas obras de Ferro Caveiro e Simón Rodríguez[733]. A de Xavestre, con restos románicos na cabeceira, é tamém a de maiores dimensións de toda a

[728] "haga un campanario poniendo en él la campana que está sobre un árbol". Ibídem, fol. 199 e fol. 296.
[729] Fernando Mingote atribúelle a este tipo de árbores un carácter simbólico (MINGOTE RODRÍGUEZ, F., *A rede…*, op. cit., p. 152.)
[730] Ibídem, fol. 182.
[731] Ibídem, fol. 199 v.
[732] FOLGAR DE LA CALLE, M.ª del C., "Leis, Manuel de", en OTERO PEDRAYO, R. (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega,* T. XIX, Gijón, 1974, p. 20-21.
[733] SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas...*, pp. 216-217, 248-249 e 291.

comarca despois da da vila de Ordes, quizáis en consonancia coa maior extensión desta freguesía (16,80 km^2) en comparación coa media comarcal (10,16 km^2).

En definitiva, a inmensa maioría das parroquiais desta comarca son obras realizadas integramente durante a Idade Moderna sen que falten exemplos do século XIX e mesmo do XX. Do mesmo xeito, a decoración interior correspóndese con esas etapas constando de retablos datados na sús maioría nos séculos XVII, XVIII e XIX, período no que tamén se lle adosaron sancristías aos muros dos presbiterios. É probable que substituíran a templos medievais que respondensen a unha estrutura similar á das igrexas de San Lourenzo de Bruma (Mesía) ou San Xoán de Tordoia, é dicir, de dimensións moi reducidas e gran rusticidade. Na citada obra corrdinada por José Ramón Solaruce e Xosé Fernández se encadra a primeira nun gótico tardío e podería ser exemplo fósil da estrutura de boa parte das igrexas medievais desta comarca que estarían construídas con muros de cachotería sen recebar, poucos e pequenos vans, fachadas exentas de decoración e porta alintelada na maior parte dos casos.

5.6.2 As ermidas e as capelas

Se as igrexas eran referentes espaciais e identitarios de toda a comunidade parroquial, as ermidas contaban cun importante significado no plano espiritual e da cultura popular. Adoitaban albergar as devocións máis aprezadas polas comunidades rurais e arredor delas celebrábanse romarías que supuñan un dos máis importantes fitos do ciclo festivo anual cuxo radio de atracción rebasaba os límites parroquiais na medida da sona do santuario[734]. No *Nomenclátor de 1860*, ao igual que ocorre cos muíños, só se rexistraron nos concellos de Frades Mesía, Oroso e Trazo e nin sequera todas, polo que o valor informativo desa fonte neste punto carece de valor. En total menciónanse once ermidas nos citados concellos, do que resultaría unha media próxima a tres ermidas por concello.

Estes templos presentan gran varibilidade de tamaño e calidade en consonancia coa importancia do santuario. A súa a tipoloxía é moi similar ao que acabamos de ver para as igrexas, pero de menor tamaño e maior simpleza e sobriedade ornamental. Como as parroquiais, constan de nave rectangular, fachada con porta, ventá/fornela e espadana e sanscristía adosada na parte posterior da nave[735]. Entre elas están as capelas dos pazos como as de San Xoán do Bidueiro en Ordes ou a do Rosario de Meimixe (Os Ánxeles, Oroso) ou aquelas que sen estar xunto ao pazo foron patrocinadas pola fidalguía local como a de Arxán en Mesía, promovida polos señores do pazo de Recelle. O clero parroquial tamén figura entre os promotores de pequenas ou medianas ermidas como a de Oa en Xavestre, obra do párroco don Andrés Botana Mosquera en 1709. A estas engádense as ermidas levantadas nos campos das feiras xa fose baixo o patrocionio dun particular –como a de Cerceda, fundada no século XVI por don Juan Álvarez Amor, receptor da Real Audiencia de Galicia- ou grazas ao capital reunido a través das esmolas dos feirantes. Outras ermidas están vinculadas a elementos naturais aos que se lle atribúen propiedades terepéuticas como a de Augas Santas en Chaián (Trazo)[736], levantada xunto a unha fonte destas características ou a de Santa Eufemia e San Mateo de Vilouchada (Trazo) que nas súas proximidades conta tamén coa súa fonte da santa e cunha pedra dos cadrís que segundo as crenzas populares cura do reúma e da esterilidade.

Nesta última celébranse as romarías máis importantes da comarca os días 16 e 21 de setembro dedicadas a senllos santos. O templo actual foi construído no século XIX en

[734] Sobre ermidas e capelas véxase MINGOTE RODRÍGUEZ, F., *A rede…*, op. cit., p. 195 e ss.
[735] Excepcionalmente a Ermida de Arxán (Mesía) conta cun rosetón pétreo. SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas...*, op. cit., p. 135.
[736] Citada en MINGOTE RODRÍGUEZ, F., *A rede…*, op. cit. pp. 208 dentro da tipoloxía de "Ermidas de fonte e braña".

estilo neoclásico e supera en dimensións a todos os da comarca con diferenza –deixando aparte a parroquial da vila de Ordes- o que lle valeu para que Eugenio Carré a cualificase como "Catedral de la Montaña"[737]. Con dimensións máis propias dos templos deste tipo deben destacarse en canto á súa calidade arquitectónica a ermida da Nosa Señora do Carme de Castenda (Tordoia) e a de Arxán (Mesía), emprazadas ámbalas dúas en fermosos paraxes naturais. Tamén debe mencionarse a ermida de San Roque (Frades) polo seu superior tamaño entre os santuarios da parte leste e por presentar a espadana no lateral dereito da fachada, único caso deste tipo entre os templos da comarca. Xunto a ela celebrábase unha feira que documentamos por primeira vez no primeiro cuarto do século XX conservándose a carballeira onde tiña lugar este encontro comercial[738].

Táboa 10. Ermidas da comarca de Ordes rexistradas no *Nomenclátor de 1860*

Concello	Parroquia	Advocación
Frades	Céltigos	Augasantas
Frades	Frades	San Nicolás
Frades	Moar	San Roque
Mesía	Castro	Nª Sª do Carme
Mesía	Olas	San Antonio
Mesía	Olas	San Isidro
Mesía	Visantoña	San Domingos
Oroso	Deixebre	A Santiña (La)
Oroso	Senra	San Roman
Trazo	Chaian	Sta Mª de Augusantas
Trazo	Trazo	San Roque

Ao igual que vimos en pazos, reitorais e casas campesiñas, o material de construción de igrexas e ermidas son os xistos e o granito variando a maior ou menor presenza de cada un destes materiais en función da accesibilidade a vetas graníticas da contorna. Na actualidade os muros de cachotería adoitan estar revocados e pintados de branco deixando á vista a cantería das fachadas e, no seu caso, dos esquinais, linteis e xambas dos vans. Nos templos da parte occidental (concellos de Cerceda, Tordoia e Trazo) as fachadas son de cantería na súa totalidade e en bastantes casos tamén as paredes laterais e as ábsidas. En todo caso, nesta zona os esquinais e os vans son sempre de cantería. No resto da comarca as fachadas poden ser de cantería pero son abundantes as de cachotería e o máis habitual é que os muros laterais e as ábsidas utilicen esta mesma técnica construtiva, xa sexa con granito, xisto ou unha mistura de ambos materiais en función da maior ou menor accesibilidade ao granito. Así, na zona central (concellos de Ordes e Oroso) o material predominante é o xisto, mesmo en moitas fachadas, con excepción da parroquial de Buscás íntegramente de perpiaño granítico. Os linteis e xambas de portas e ventás adoitan ser de granito, como tamén o son os esquinais dunha parte das igrexas e ermidas, pero non son infrecuentes os templos nos que tamén se utilizan grandes bloques de xisto para esquinais, linteis e xambas. Por último, na zona oriental (Mesía e Frades) tamén hai un predominio do xisto como material de construción, se ben poden atoparse máis fachadas de granito que na zona central.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[737] "La espaciosa y bella ermita, mejor iglesia, de Santa Eufemia, en esta feligresía, se conoce con el nombre de "Catedral de la Montaña". CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña"…, p. 672.
[738] Ibídem, p. 165.

Imaxes 7. Exemplos de ermidas da Comarca de Ordes



Ermida de San Roque
Sta. Eulalia de Moar (Frades)



Ermida de Augas Santas
Sta. María de Chaián (Trazo)



Ermida de San Roque
Santiago de Bascoi (Mesía)



Ermida de San Antonio
San Cristovo de Xavestre (Trazo)



Ermida de Arxán
San Cristovo de Mesía



Ermida de Santa Eufemia e San Mateo
San Vicenzo de Vilouchada (Trazo)

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

6. GRUPOS SOCIAIS E ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Como en case todas as comunidades da Europa Moderna, na comarca de Ordes estaban presentes membros dos clásicos tres ordes do Antigo Réxime. Pero se xurídicamente era así, na práctica a liña divisoria entre os modos de vida de uns e outros era bastante difusa e en moitas ocasións as diferenzas entre un rico labrador, un fidalgo mediocre e o un crego non ían moito máis alá do respeto social, co seu correspondente tratamento protocolario, que se lle debía a cada cal[739]. Nos *Expedientes de Hacienda* da Terra de Mesía de 1597 afirmábase ".... que todos los vecinos de cada una de las dhas felegresias son labradores que biben y se sustentan de lo que labran por su manos...". Século e medio despois, en 1752, a composición socioprofesional desta comarca non tiña variado moito. Nesta data xa podemos ir máis alá da simple apreciación de finais do XVI aportando datos concretos tomados dos *Libros Personales* do *Catastro de Ensenada*[740]. Pois ben, tan só se documentan os oficios complementarios imprescindibles para o funcionamiento dunha comunidade rural: xastres, tecedores/as, carpinteiros, zapateiros... exercidos polo 3% da poboación e concentrados no 12.6% dos fogares. Os grupos privilexiados, representados polo clero parroquial e unha fidalguía moi mediocre, supoñían o 4.4% dos fogares[741].

A definitiva implantación do réxime liberal a partir do segundo cuarto do século XIX puxo fin á sociedade do Antigo Réxime. Desaparecían as diferenzas estamentais e todos os individuos –campesiños, cregos e nobreza- pasaban a ser iguais ante a lei, sen privilexios que se fundamentasen no regulamento xurídico. Supoñía, por tanto, unha nova concepción da organización política da sociedade, teóricamente revolucionaria, na medida en que rachaba coa secular concepción teocrática dos tres ordes, pero cuns efectos prácticos pouco apreciables no mundo rural, habida conta das peculiaridades da "revolución burguesa" española. Os campesiños pasaban de considerarse vasalos de tal ou cal señor –ademais de súbditos do rei- a ser únicamente cidadans da nación, en pé de igualdade legal cos seus antigos señores. Como xa vimos, no mundo rural estes cambios tieveron o seu reflexo máis evidente nas novidades introducidas na organización do poder local, pero sobre todo na reforma do sistema tributario. Sen dúbida o maior alivio para eles foi a supresión do *diezmo a Dios* posto que as cargas vasalláticas, salvo a luctuosa, eran pouco pesadas. Pero como contrapartida viron crecer a presión fiscal do Estado –algo que xa sufriran durante a década ominosa- coa aparición de novos impostos como a Contribución rústica e urbana ou os consumos. Sen embargo, no que se refire ás detraccións do produto agrícola basadas no sistema de posesión da terra nada se viu alterado. Seguiron tendo que pagar anualmente as rendas que recaían sobre os terreos cultivados e os señores xurisdicionais viron confirmados os seus dereitos de propiedade sobre a terra poseída dentro dos seus señoríos, posto que cando nas Cortes de Cádiz se discutiu a abolición do señorío deixouse ben clara a distinción entre señorío xurisdicional e territorial, quedando este "en la clase de los demás derechos de propiedad particular", de

[739] SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *La vida...* op. cit., p. 17.

[740] As cifras que a continuación se relatan refírense a doce localidades (10 parroquias e un couto integradas na xurisdición de Folgoso máis a freguesía de San Clemenzo de Mercurín) que conservan os *Libros Personales* do *Catastro* de 1752 (A.R.G., *Catastro de Ensenada*: L. 300-303 (Barbeiros); L. 352-353 (Bean); L. 6076-6077 (Cardama); L. 2279-2280 (Galegos); L. 1780 L. (Mercurín); 1815-1816 (Moar); L. 2051-2053 (Oroso); L. 2143-2144 (Papucín); L. 2190 (Pereira); L. 2960 (Vilamaior); L. 3013-3014 (Vilarromarís); L. 2950 (Couto de Vilagudín).

[741] O clero supón 0.6% da población e o 3% dos fogares, mentres a fidalguía ten moi pouca presenza –1.42% dos fogares-.

maneira que a abolición só afectara ao primeiro arrancando "hasta la última raíz del feudalismo pero sin herir lo más mínimo el tronco de la propiedad"[742].

A quebra da Facenda Pública, un dos maiores problemas que os liberais españois herdaron do absolutismo fernandino, levou a buscar desesperadamente fontes de financiación que puideran reequilibrar o déficit presupostario do Estado. Por unha banda, a guerra carlista só veu a complicar as cousas, pero por outra doulle aos liberais cobertura moral para acometer a nacionalización dos bens eclesiásticos como única saída para sanear a Facenda Pública. Non hai que esquecer que a Igrexa erixírase no máis firme apoio ideolóxico, económico e sociolóxico de D. Carlos María Isidro. Cando este foi derrotado, e na medida en que os gobernos liberais non querían granxearse enimigos máis perigosos como a nobleza, a Igrexa Católica converteuse na gran prexudicada da "revolución burguesa" española. Perderon as súas grandes fontes de financiación: o décimo e as rendas da terra.

A xuízo de Ramón Villares, a desamortización tivo pouca transcendencia en Galicia se se compara co sucedido no resto de España. Os seus efectos recaeron de maneira case exclusiva sobre os bens eclesiásticos –90%- na medida que os montes comunais foron bastante respectados e os bens dos concellos eran moi escasos[743]. No caso particular da comarca de Ordes este efecto tivo que ser aínda moito máis inapreciable posto que os bens eclesiásticos eran moi reducidos. Na práctica, os efectos dalgunhas reformas liberais como a igualdade xurídica non foron moito máis alá da pura teoría da letra dos textos legais. A igualdade política afectaba a un reducido grupo social –pénsese no sufraxio censitario masculino- e a igualdade económica era unha cuestión que nin sequera foi tida en conta. Co réxime liberal os privilexados de dereito do Antigo réxime, nobreza e clero, seguiron a ser privilexiados de feito e só no mundo urbano e rexións desenvolvidas a burguesía irrumpiu como clase protagonista na escea política e socioeconómica insuflando certo pulo renovador e dinamizador. Nas comarcas pobres e rurais como a aquí estudada os cambios se limitaron aos efectos tributarios que supuxo a abolición do réxime señorial e dos dereitos fiscais eclesiásticos, e a implantación dos novos poderes municipais.

6.1 AS FONTES

Para o Antigo Réxime, os *Libros Personales do Catastro* son a fonte que mellor nos informa da configuración social, tanto do *status* de cada cabeza de casa –tratamento de "don" como das actividades económicas nas que se ocupa –agricultura, actividades complementarias da labranza, outros oficios...-. Para mediados do século XIX temos que conformarnos cos datos do *Padrón de Habitantes de 1752 do Concello de Frades*, a única fonte deste tipo que se conserva nos concellos da comarca, máis rico en algúns aspectos que a fonte do dezaoito pero tamén con carencias respecto a esta. O feito de que o Arquivo Municipal de Ordes non conserve esta fonte, prívanos de coñecer a sociedade da capital do partido xudicial, sen dúbida máis diversa que a exclusivamente rural de Frades.

A distribución social dos medios de produción téntase reconstruír a partir dos *Libros Reales* do *Catastro* de 1752 e a *Contribución rústica de 1852 do Concello de Frades*. Os datos que aportan estas fontes son de diversa natureza posto que no primeiro caso se trata da superficie consignada por cada declarante e as rendas pagadas e percibidas, no segundo das partidas declaradas e no terceiro do produto anual impoñible aos campesiños tanto polos seus bens como polo seu traballo e aos individuos con rendas cobrables no termo municipal de Frades. Como veremos o máis problemático é coñecer a

[742] Famosa cita dun discurso de Martínez de la Rosa que tomo de CAL Y CORTINA, R. M. G. de, op. cit., p. 121.
[743] VILLARES, R., *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo, 1994, pp. 62 e ss.

natureza dos contratros en virtude dos cales se cede o usufruto da superficie agraria e a extensión de terra que traballa cada veciño debido ao xeito no que aparecen declaradas parcelas e rendas nos *Libros Reales*.

Para o estudio das estruturas económicas do Antigo Réxime tamén é inexcusable a utilización do *Catastro de Ensenada*, tanto das *Respuestas Generales*, como da rica información dos *Libros Reales* de leigos e eclesiásticos. A partir de ambas fontes, combinando e comparando os datos que nos ofrecen, tentaremos aproximarnos ao mundo agrario desta sociedade rural. Non hai fonte máis completa que esta para coñecer a realidade agraria de Galicia, non só para finais do Antigo Réxime senón que, a falta doutra mellor, tamén para as primeiras décadas da era contemporánea. A súa información eclipsa á procedente de fontes relativas a períodos posteriores como o *"Diccionario" de Pascual Madoz*, fonte moi rica que aínda así está moi lonxe da cantidade e calidade informativa do *Catastro* ensenadino. De ahí que os datos do mencionado *Diccionario* só nos sirvan para coñecer algúns cambios operados nos noventa anos que separan a elaboración dunha e otra fonte, pero non para reconstruír unha imaxe tan completa do mundo rural como a que nos permite a de 1752.

Con todo, as *Respuestas Generales* ou *Interrogatorios*, aínda ofrecendo datos moi valiosos para o coñecemento da realidade socioeconómica do século XVIII, deben ser tomados con cautela posto que non deixan de ser unha información construída a partir de estimacións aproximadas de carácter global que nos dan un panorama pouco matizado e con frecuencia bastante inexacto. En calquera caso, ofrecen unha información sistemática insustituible no que se refire aos aspectos económicos (clases e rotacións de cultivos, rendementos agropecuarios, metroloxía local, rendas señoriais eclesiásticas e reais, feiras...), e cando non se conservan as *Respuestas Particulares*[744], poden compensar esta carencia na medida en que reproducen –aínda que sexa groseiramente- as dimensións e repartición do terrádego, permiten unha visión aproximada das estruturas sociais (número e nome dos fidalgos, oficiais señoriais, actividades complementarias da labranza...) e á realidade demográfica (número de veciños) de mediados do século XVIII. Por tanto, presenta os típicos inconvintes que acompañan a toda fonte fiscal: presentación sesgada dos datos que ofrece (ocultacións, infravaloración, inexactitudes...)[745], así como o carácter "formulístico" das súas declaracións, que se ben facilita a sistematización da información, leva nalgúns casos a xeneralizacións inexactas. Así, en función de que se tome unha ou outra xurisdición, a maior parte das respostas resproducen literalmente un texto tomado como patrón para todas as parroquias que a compoñen, cando hai cuestións que poden variar dunhas freguesías a outras, e, á inversa, cuestións que non deben ser diferentes entre parroquias veciñas, como o tipo de cultivos ou as súas rotacións, decláranse de xeito substancialmente distinto conforme o partido no que se inscriban[746]. Por todo iso deben ser complementadas cos *Libros Reales*, o cadastro propiamente dito, moito máis ricos en detalle e máis rigorosos nos datos, -sempre dentro dos parámetros dunha fonte fiscal- e a

[744] Das 26 parroquias que reúnen Folgoso e Poulo consérvanse no Arquivo do Reino de Galicia as *Respuestas Particulares* de 14 localidades: Barbeiros (L. 298-301); Bean (L. 350-353); Buscás (L. 527-530); Cadama (L. 676-677); Galegos (L. 1277-1280); Leira (L. 1520-1523); Mercurín (L. 1778-1781); Moar (L. 1813-1816); Oroso (L. 2049-2053); Papucín (L. 2141-2144); Pereira (L. 2188-2190); Vilamaior (L. 2957-2960); Vilarromarís (L. 3011-3014); Coto de Vilagudín (L. 2949-2950)

[745] PÉREZ GARCÍA, J. M., "Fuentes de control de los Catastros fiscales: las escrituras de protocolos" en EIRAS ROEL, A. et al., *Las fuentes...,* op. cit.

[746] Por exemplo, os veciños do Partido de Poulo din recoller unha sobrecolleita de nabos, mentres os das parroquias circundantes da xurisdición de Folgoso (Mercurín, Ordes, Pereira, Barbeiros e Vilamaior) omiten este cultivo e describen un tipo de rotación bastante máis simple que o dos pouleiros. Outros exemplos son a omisión do o cultivo promiscuo de fabas entre o millo, neste caso nas parroquias de Poulo ou a afirmación dos de Folgoso de que só se producen berzas nos meses de verano, cando os pouleiros afirman precisamente o contrario.

través dos cales é posible a reconstrución da superficie agraria, da cabana gandeira e das explotacións agropecuarias familiares. Sen chegar aos niveis de fraude das *Respuestas Generales* –só se declara o 22.5% da extensión total de Folgoso- a ocultación que fan da superficie parroquial non é pequena, un 54%[747].

A partir dos *Libros Reales* foron elaborados os *Resumenes Generales* ou *Mapas* que presentan os datos cadastrais a nivel parroquial e provincial. Esta fonte custodiada no AHN[748] ten sido moi criticada, senón desbotada, por algúns autores[749], se ben é aproveitable para algunhas cuestións como a gandería. Aquí tan só imos utilizar as cifras relativas a ese sector económico por ser uns datos que consideramos contrastados para a xurisdición de Folgoso, como se verá, e que xa foron utilizados a nivel galego por outros autores[750]. Son unha fonte cómoda que dá os datos globais a nivel parroquial e que tan só omite as proporcións de gando usufrutuado en réxime de parzaría –só declarado nos *Libros Reales*- detallando as cabezas de cada especie e as cantidades de femias e machos por grupos de idade. Dos *Expedientes de Hacienda* de finais do XVI correspondentes ás xurisdicións de Montaos (Folgoso) e Mesía poden extraerse escasos datos cuantificables para o estudio das estruturas económicas, sen embargo presentan algunhas apreciacións cualitativas que ilustran certas cuestións como a distribución dos bens de produción ou as utilidades da gandería. Por último, non debe deixarse de mencionar o *Compedio del Estado de Altamira* que cos seus concisos xuízos arroxa luz sobre temas que aparecen difusos no *Catastro.*

6.2 AS MINORÍAS SOCIAIS: ELITES RURAIS E CAMPESIÑADO CON OCUPACIÓNS COMPLEMENTARIAS

6.2.1 O clero

Esta comarca non foi atractiva para a implantación de casas do clero regular. Quizáis a circunstancia de estar pouco apartada do mundanal ruido debido ao seu emprazamento entre os centros urbanos máis importantes de Galicia que a convertía en zona moi transitada por todo tipo de xentes, amén de non ser unha terra propicia para detraer abondosas rendas agrarias, deberon desanimar a bieitos e cistercienses a asentarse nestas terras, de xeito que nin no medievo nin na época moderna atopemos mosteiros, priorados ou granxas monásticas. Por outra banda, a ausencia de núcleos vilegos explica o desinterese das ordes mendicantes nesta bisbarra. En consecuencia só imos atopar clero secular, xa sexan párrocos, capeláns, patrimonistas ou "mercenarios". Pódese afirmar que, polo menos desde o século XVIII, todas as parroquias da comarca de Ordes estaban provistas do seu párroco ou dalgún tenente-párroco ou capelán ao coidado da comunidade. Así se colixe dos informes de 1723 conservados no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago[751] e das *Respuestas Generales* do *Catastro de Ensenada*. Lonxe quedaban os tempos dos párrocos absentistas do século XVI tal como relataba en 1716 o rector de Barbeiros D. Lucas de Noboa, na breve historia que redactou sobre este beneficio:

USC

747 Xa indicamos que Pérez García estimou o grao de ocultación da superficie de cultivo decrarada nos Libros Reais dalgunhas parroquias do Salnés nun 30%; (PÉREZ GARCÍA, J. M., "Fuentes.... op. cit).
748 AHN, Mº. de Hacienda, Catastro, L. 7432 (Provincia de Santiago).
749 PÉREZ GARCÍA, J. M., "Algunas..., op. cit.
750 EIRAS ROEL, A., "Hautes terres..., op. cit., CORDEIRO TORRÓN, X. et al., "La distribución espacial del ganado en Galicia según el Catastro de Ensenada" en *Revista Gallega de Estudios Agrarios*, vol. 9, 1983, 71-83.
751 AHDS, Estadística, L. 13, *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías del Arzobispado*.

> *...Heste tiempo* (1556) *estos rectores de Barbeiros no tenían obligación de decir misa a sus feligreses, sino que de quince a quince dias, ni de residir para esto sino por un capellan (y lo mismo devia de ser en los demas) y los frutos de la cura poco mas valían que seis mil maravedis...*[752].

Sirva como exemplo saber que en 1752 as 20 parroquias que compoñían a xurisdición de Folgoso contaban con 32 cregos -media parroquial por baixo do par de curas- de maneira que cada freguesía tiña o seu rector, salvo as anexas, que supuñan a metade do total do clero de Folgoso. Os restantes eran capeláns e "mercenarios" ordenados a título de capelanía ou patrimonio[753]. Con todo, algúns párrocos estimaban necesario máis persoal relixioso; así e 1723 o cura de Sta. Mª. de Castelo dicía que non contaba na freguesía con ningún outro crego presbítero "*ni de orden sacro ni traza de eso, de lo que me pesa y a muchos nos pesa"*[754]. Os dereitos de presentación estaban en moitos casos en mans de laicos, en xeral nobles, xa fosen titulados como o conde de Altamira ou simples fidalgos, e a propia fidalguía local controlaba os dereitos de presentación de varios curatos e, desde logo, a práctica totalidade das capelanías. Os dereitos sobre un mesmo beneficio podían estar compartidos entre varios individuos e/ou institucións xeralmente relixiosas. Estes dereitos sobreviviron ao Antigo Réxime, e aínda foron confirmados polos Concordatos de 1851 e 1953.

Os cregos dos Arciprestados de Berreo de Arriba e Abaixo fundaran en 1648 a Confraría da Natividade da Nosa Señora con fin de garantir honras fúnebres dignas para os seus confrades. Este tipo de asociacións piadosas xurdiron en toda a diócese compostelá e foron animadas polas autoridades eclesiásticas como unha forma de incentivar o exemplo mútuo e a colaboración entre os clérigos; o modelo máis completo era, por suposto, o de Santiago de Compostela, ao que copiaban ou imitaban as asociación rurais[755]. Nun borrador dunha circular, non datada pero presumiblemente da segunda metade do século XVIII, dirixida aos *Señores Hermanos de la Ylustre Cofradia de la Natividad de Nuestra Señora*[756] e que tiña como finalidade revitalizala despois dun período de decadencia, recódanse cales son as obrigas e dereitos dos confrades:

> *Los que somos indiviuos de dha Cofradia eclesiastica estamos mutuamente obligados a sostenerla, conservarla y procurar su bien. No hay derecho para perjudicarla... Qualquiera eclesiastico antes de la edad de quarenta años dara de entrada 60 reales; de la edad de 40 a 45 años, ochenta reales, de 45 a 50 años cien reales, y aun se rebajan los diez reales de el antiguo plan. De 50 años a 55 determine la venerable cofradia que yo no lo decido, si quiere que de ningun modo se admita porque tuvo tiempo para entrar antes por hermano y se olvidaba de la Cofradia asta que vio le tenia cuenta o si delibera la Cofradia que precisamente para que consiga la admision de tal hermano sea solamente por votos secretos de havas (que a prevencion haiga) y con tal que tenga las dos*

[752] APBrb., Libro C (1673-1699), fol. 71 v. e ss.
[753] En total, catro capeláns, e 12 "mercenarios" (catro ordeados a título de capelanía, catro patrimonistas, e catro de menores ordes) que non sempre residían nas parroquias anexas. Estas parroquias eran S. Andrés de Lesta (anexo de Sta. Aia de Gorgullos), S. Salvador de Mesos (anexo de Sta. Mª. de Papucín), Sta. Aia de Pereira (anexo de Sta. Cruz de Montaos), Sto. Tomé de Vilarromarís (anexo de S. Miguel de Gándara).
[754] Archivo Histórico Diocesano de Santiago, Estadística, L. 13, Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías del Arzobispado, fol. 552.
[755] BARREIRO MALLÓN, B., "Las cofradías del clero y su organización", en REY CASTELAO, O. et al., *Cuatro textos, cuatro contextos. Ensayos de historia cultural de Galicia*, Santiago de Compostela, Mixia, 2004, pp. 103-165
[756] APBsc., Papeis soltos.

tercias partes de votos a su favor, mas dando cien reales y sin que se le de ornato ni su equivalente. Los demas cofrades no tengan mas obligacion que celebrar una misa a su fallecimiento por su anima y la Cofradia no mas que una vigilia y misa solemne de Requiem de die obitus en la capilla de Poulo

As principais fontes de financiación do clero parroquial da comarca de Ordes eran as percepcións debidas ao exercicio do seu ministerio –misas, honras fúnebres, aniversarios...-, e as rendas da terra percibidas polo arrendo dos iglesarios. O décimo e primicias tiñan un papel secundario na medida en que había que compartilas cos presenteiros ou con outros individuos e institucións. En 1752 nas parroquias de Folgoso os cregos só retiñan o 55% do cereal decimado e no mencionado informe de 1723 algúns curas queixabanse do exiguas que eran estas percepcións. A causa da pobreza dos veciños en moitos casos os oficios de defuntos tiñan que facerse "de balde" pola curtidade dos caudais da familia do defunto[757]. A "revolución liberal" supuxo un duro golpe para as economías do clero parroquial xa que deixaron de percibir o décimo e as primicias e non forón compensados polo Estado ata a firma do Concordato de 1851.

O illamento ao que se vían sometidas as comunidades campesiñas a causa da dispersión do hábitat e das malas comunicacións, así como o seu baixo nivel de instrución explica en boa medida que o papel do clero da Galicia rural durante o Antigo e o Novo Réxime fora moito máis alá da mera guía espiritual. De modo que o seu papel de resortes para o cotrol social destas comunidades dispersas era tan importante ou máis que a súa labor pastoral. E non só para os poderes do Estado, que durante o Antigo Réxime tivo neles colaboradores solícitos, senón tamén para os poderes locais –señores xurisdicionais e fidalguía- de cuxo engranaxe formaban parte. A fidelidade debida aos presenteiros e en moitos casos o parentesco coa propia fidalguía local era a clave desta dependencia. Dotados de maior instrución que os seus fregueses constituían a elite culta da maior parte das parroquias –ás veces exercían de mestres de primeiras letras- e xunto aos escribáns facían o papel de mediadores entre a comunidade rural e o resto do mundo: tal é o caso dun crego mercenario de Vilarromarís que en 1752 ocupaba o seu tempo como mestre de nenos[758]. Outra cousa é que estivesen capacitados tanto para facer isto axeitadamente como para dirixir espiritualmente aos campesiños xa que con frecuencia a súa formación e modos de vida distaban bastante do que era esixible para a súa misión de cura de almas. De ahí que non foran infrecuentes casos como o de Gregorio Bello, crego mercenario de Sta. Mª de Ordes, que gustaba dos praceres etílicos segundo afirma un visitador de 1671: "Gregorio Bello, clerigo merçenario, no compareçio ante mi temiendose del examen, y porque es gran bebedor..., [759]. Esta circunstancia viña compensada polo comportamento do rector da dita parroquia, D. Martín de Ínsua, segundo informa o mesmo visitador: "...buen estudiante y birtuoso ... jamás quiso allarse en juntas de clérigos ...", é dicir,"... comilonas (que) en Galicia es mui ordinario el haberlas donde se siguen grandes inconvenientes y disensiones..."[760]. Se ben a formación e comportamentos do clero rural

[757] Archivo Histórico Diocesano de Santiago, Estadística, L. 13, Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías del Arzobispado, fol. 725.
[758] AGS, DGR, L. XX.
[759] AHDS,Visitas, leg. 1264.
[760] Ibídem. Texto citado parcialmente por Pegerto Saavedra en SAVEDRA, P., *La vida cotidiana...*, p. 288. Na terceira parte da obra mencionada (pp. 275-301) hai un completo repaso a estas e outras cuestións relacionadas co clero rural. Este autor tratou este tema recentemente en SAAVEDRA, P., "Entre la teología y la labranza: el clero rural galiciano en los siglos XVI y XIX, *Cuadernos de Historia Moderna,* 46-2, 2021, pp. 441-486. Ademais deben citarse os traballos de Baudilio Barreiro sobre este tema: BARREIRO MALLÓN, B., "El clero de la diócesis de Santiago: estrutura y comportamientos, ss. XVI-XIX", *Compostellanum,* XXXIII (1988), pp. 469-508, e BARREIRO MALLÓN, B., "El clero de la Diócesis de

millorou notablemente durante o século XVIII os capeláns aínda deixaban bastante que desexar e, por exemplo, en 1723, o cura de Bardaos denunciaba que os seus capeláns non dicían as misas ás que estaban obrigados[761]. Nas primeiras décadas do século XIX o xornalista Antonio B. Fandiño facía graves acusacións contra algúns cregos da comarca como o párroco de Santa Mariña de Albixoi (Mesía) ao que cualificaba de "sentina de vicios y totalmente idiota para su ministerio, pues aun el latín no sabe traducir"[762].

Pero entre o clero comarcal tamén houbo homes ben formados e con un alto sentido do deber, como don Josehp del Riego, párroco de Buscás entre 1725 e 1773. Don Joseph, que deixou fonda pegada na súa parroquia, opinaba que "...no venimos a los curatos para comer y pasar buena vida, sino para cuidar de nuestra grey, y de nuestra Esposa la Iglesia y de sus regalías..." e exemplificou con feitos esta súa afirmación a través dunha incansable labor pastoral e de cuidado e defensa dos bens materiais da igrexa de Buscás. Desde que chegou á parroquia en 1725 propúxose non só mellorar formación espiritual dos fregueses senón tamén diñificar o estado dunha igrexa que atopou nun estado lamentable "muy de peligro y amenazando ruina". Para o primeiro fixo esforzos estériles dada a escasa colaboración dos fieis. Agotadas as vías persuasivas, e nun acto que só pode ser cualificado como exceso de celo pastoral chegou a recorrer ao provisor para que o autorizase a multar a aqueles que non aprenderan a doutrina polas boas, procedemento que chegou a levar a cabo[763]. Xa mencionamos máis atrás como emprendeu a reedificación do templo "a cimentis", e embeleceu o interior con tres retablos barrocos. Esta actividade construtiva é só o máis visible das múltiples facetas do seu incansable labor. Na defensa dos dereitos da igrexa de Buscás como "soldado de Jesu Christo y de mi Esposa (a Igrexa)", preiteou co mosteiro de San Martiño Pinario que como patrono do beneficio de Buscás esixía inxustamente o cobro duns décimos que non lle correspondían lexitimamente. O "cura Riego" saíu victorioso despois dun ruidoso preito que durou cerca de seis anos e no que gastou máis de 12.000 reais. Con motivo da súa victoria procesual publicou un *Manifesto*[764] no que expón so fundamentos xurídicos da súa defensa, dando mostras dun bo coñecemento de Dereito Canónico e dunha ampla cultura.

6.2.2 Nobreza absentista e fidalguía local

Co fin de reducir ao máximo o número de individuos exentos de tributar, os funcionarios que se encargaron da elaboración do *Catastro de Ensenada* foron moi remisos a recoñecer a calidade nobre de moitos membros da pequena fidalguía. Este debe ser o motivo de que tanto nas *Respuestas Generales* como nos *Libros Personales* as indicacións explícitas da condición fidalga dos individuos sexan escasas. En calquer caso, podemos deducir este feito a partir do uso do tratamento de "don" por parte dalgúns veciños, non moitos, pese a que a mediados do século XVIII este tramento non sempre leve implícita tal condición. Nesa época, excluídos os cregos, o "don" precede o nome do 1.4% dos cabezas de casa de Folgoso[765]. En moitos casos, as súas moradas non se

Santiago a través de las visitas pastorales, visitas ad limina, registros de licencias ministeriales y concursos a curatos", *Compostellanum*, XXXV (1990), pp. 489-515; e MIGUÉS, V. e PRESEDO, A., "Los privilegiados", en DUBERT, I., (coord.), *Historia de la Galicia…,* op. cit., pp. 269-317.

[761] AHDS, Estadística, L. 13, *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías del Arzobispado*, fol. 557.

[762] Cito por BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., "A esaxerada vida de Antonio Benito Fandiño", introducción a FANDIÑO, A. B., *A Casamenteira,* Ourense, 2000, p. 24.

[763] AHPBsc, *Papeis soltos*.

[764] RIEGO, J. del, *Manifiesto que hace D. Joseph del Riego, cura propio de S. Pelayo de Buscás contra el Real Monasterio de San Martín de la ciudad de Santiago...*, Santiago, c. 1750.

[765] Porcentaxe achada a partir das mencionadas dez parroquias e un couto que conservan os *Libros Reales* do *Catastro*.

distinguen demasiado das dos labradores ricos e as que poden recibir o nome de "pazo" non teñen moitos máis elementos decorativos que o blasón da fachada. Son, en definiva, o reflexo da mediocridade das elites laicas desta comarca que nada teñen que ver coa ostentosa fidalguía das ricas bisbarras do sur de Santiago (A Ulla, A Mahía...) ou das relativamente próximas mariñas coruñesas e de Betanzos[766]. Como adoita ser habitual, estas poucas familias se reparten os oficios de xuíz ordinario, escribáns, arrendadores de rendas de institucións eclesiásticas e nobreza, etc. Como xa indicamos nun capítulo precedente as labras heráldicas dos seus pazos infórmannos das liñaxes dos seus habitntes e dos entronques endogámicos desta fidalguía local: Becerra, Bermúdez, Caamaño, Espantoso, Leis, Lobeira, Montenegro, Moscoso, Mosquera, Pol, Ponte e Andrade, Rioboo, Varela, Vaamonde, Verea e Aguiar, Villardefrancos, entre outros. Pero, como tamén indicamos máis atrás, non tódalas vivendas destas familias locían brasón, de aí que o número de cabezas de casa con tratamento de "don" sexa superior ao da edificacións catalogadas como pazos, como tamén demostrou Vítor Migués para a zona de Chantada. Documéntanse casos concretos nos que a ascendencia fidalga dos habitantes dalgunhas casas non implica a presenza de brasón na súas fachadas[767].

Se houbera que destacar as linaxes económicamente máis poderosas sería suficiente con repasar a nómina dos pazos de máis empaque que aínda se conservan - Vilacoba (Restande-Tordoia), O Vidueiro (Sta. María de Ordes), Galegos (Galegos-Frades), ou a torre-pazo de Boedo (Queixas, Cerceda)- e, por suposto, outros desaparecidos como as torres e pazo de Lestrobe (Benza-Trazo). Algúns dos seus posuidores chegaron a engrosar as filas da nobreza titulada, coma os Marqueses de Montaos, donos deste último pazo; os Bermúdez da torre de Boedo que entroncaron cos marqueses de Hombreiro, ou os Mosquera Pimentel do pazo de Galegos que se converteron en Marqueses de Bóveda de Limia na primeira metade do XVIII cando o morgado dese pazo matrimoniou coa filla do primeiro marqués dese título[768]. Estes entronques supuxeron o traslado da residencia destas familias fora desta comarca. A mudanza non implicou a saída de Galicia no caso de don Antonio José Mosquera Pimentel que pasou a residir en Ourense onde, aparte de marqués consorte, ostentou o cargo de rexedor perpetuo da cidade[769]. Tampoco no caso dos Bermúdez que pasaron a residir na Coruña[770].

Caso distinto foi o dos señores de Montaos que pertencían a nun estrato nobiliario superior aos anteriores dende mediados do século XIV, época na que, como

---

[766] Sobre a mediocre fidalguía do interior da provincia da Coruña vid. PRESEDO GARAZO, A., "Da casa…, op. cit. Sobre a nobreza e a fidalguía galega teñen traballado fundamentalmente Antonio Presedo, Vítor Migués e Antonio Presedo, algúns dos principais traballos foron citados máis arriba: MIGUÉS, V. e PRESEDO, A., "Los privilegiados"…, op. cit., MIGUÉS, V. M., *As terras…,* op. cit.; PRESEDO GARAZO, A., *Os devanceiros…,* op. cit.; PRESEDO GARAZO, A., *A fidalguía galega: estudos sobre a reprodución social dos fidalgos na Galicia Moderna,* Santiago de Compostela, 2008; PRESEDO GARAZO, A., *A fidalguía galega ante a crise…,* op. cit.*;* PRESEDO GARAZO, A., *Nobleza…,* op. cit.

[767] MIGUÉS, V. M., "Entre la casa… Casos concretos desta comarca son o da casa grande de Xemerás (Albixoi-Mesía) da familia Fandiño, con aparencia e elementos pacegos desaparecidos, como a capela, pero sen que na actualidade se conserve brasón, e a casa grande de Alvite da familia Ron (San Cristovo de Mesía).

[768] MARTÍNEZ BARBEITO, C., *Torres…*,,op. cit. p. 296.

[769] Don Antonio José Mosquera Pimentel casou con dona Mónica Teresa Espinosa Berbetoros, filla do I marqués de Bóveda de Limia. Sobre esta familia véxase GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., A saga dunha estirpe ourensá: os Espinosa de Ourense, *Boletín auriense*., Año 35, t. 35 (2005), pp. 51-84; FERNÁNDEZ QUINTELA, X.M. e XUSTO RODRÍGUEZ, M., "A Casa dos Marqueses de Bóveda de Limia na cidade de Ourense", *Boletín auriense*., Año 35, t. 35 (2005), pp. 85-126; e PRESEDO GARAZO, A., Dinámica de casa y poder local en la ciudad de Ourense: don Juan Nicolás Espinosa Feijóo, I marqués de Boveda de Limia (1657-1743), *Obradoiro de Historia Moderna,* N. 29 (2020), pp. 189-220.

[770] MIGUÉS, V.M., *A fidalguía…,* op. cit., p. XX.

vimos, se documentan nas terras da que tomaron o seu patronímico e na que xa se movían na órbita do arcebispo de Santiago, razón pola que contaban con residencia nesta cidade, ademais doutras na Coruña e na vila de Caión[771]. Entre as estratexias de ascenso social desta liñaxe estivo a de conseguir empregos ao servizo da monarquía a principios do século XVI. Despois de diversas vicisitudes familiares, algunhas ben dramáticas, fóronse afastando dos seus domios galegos, asentándose a principios do século XVII en Valladolid, cerca da Corte, e posteriormente na vila leonesa de Grajal de Campos, cando se produce o entronque da Casa de Montaos coa dos condes de Grajal, casa de maiores dimensiones. A coroación do ascenso social desta liñaxe con raíces na comarca de Ordes darase cando o señorío de Montaos sexa elevado a marquesado por Filipe IV en 1626.

O caso dos Moscoso ten moitos paralelismos co dos Bermúdez de Montaos coa diferenza de que esta liñaxe adquiriu unha categoría superior e deu pasos similares nas estratexias de ascenso social con moita anterioridade. Aparte do seu papel protagonista nos episodios históricos da Galicia baixomedieval, a proba disto é o súa pronta entrada no grupo da nobreza titulada, case dous séculos antes que os Montaos, ao ser nomeados condes de Altamira por Enrique IV en 1455 e elevados á Grandeza de España en 1613 por Filipe III. Sen dúbida foron unha das linaxes de orixe galego mellor emparentadas coa alta nobreza española e uns dos cinco señores xurisdicionais máis importantes de Galicia. Polo mesmo, tamén se afastaron antes dos seus señoríos galegos e, en particular, do seu "solar fundacional", como o denomina o *Compendio del Estado de Altamira,* situado na xurisdición de Folgoso, máis concretamente na freguesía de San Pedro de Ardemil, onde durante a Idade Media posuíran un castelo no lugar de Moscoso, e de onde tamén tomarán o seu patronímico. En 1354 Lope Pérez de Moscoso pedía ao arcebispo de Santiago licenza para construír " hua casa forte enno Castro de Morgade, que he frigresia de San Pedro de Ardemil, enna terra que el ten da iglesia de Santiago". A solicitude foi atendida pero coa condición de que derrubase a vella torre de Moscoso: "o dito Lope Peres se obligou que derribe a sua casa que ora ten em Moscoso ata o primeiro sobrado, et que non labre nihua cousa que seia pera fortaleza ... et esto que o faça despois que a outra casa sobredita for de dous sobrados" [772]. O castelo de Morgade foi destruído durante a revolta irmandiña no século XV e xa non se volveu a reedificar de xeito que durante a Idade Moderna xa non se mencionan estas fortalezas dos Moscoso[773]. Como vimos, durante este período foi a torre de Folgoso a que funcionou sede administrativa da xurisdición do mesmo nome na que os condes de Altamira posuían, ademais do señorío, un extenso dominio territorial cuxa explotación tiñan cedida en foro e arrendo.

O absentismo da nobreza tiulada de primeira liña como os Moscoso e os Montaos foi algo común en Galicia dende finais do século XV e principios do XVI. Pero o afastamento do territorio da comarca de Ordes de toda a fidalguía que conseguiu entroncar con outras familias da nobreza provincial ou con simples familias fidalgas doutras zonas de Galicia parece sintomático. Este absentismo vese reflectido no *Catastro de Ensenada* na cantidade de terra declarada por individuos con tratamento de "don" que residen nas capitais do Reino ou noutras comarcas máis ou menos próximas, localidades situadas ao sur do Tambre ou más alá do val de Barcia. Por exemplo, en 1752 un dos individuos que posuían máis terras nas parroquias centrais da comarca, o mencionado señor do pazo de Galegos, marqués consorte de Bóveda de Limia, xa vimos que residía en Ourense. E o mesmo pode dicirse de fidalgos de menor relevancia como D. Juan de Otero y Noboa, maior declarante de terras das parroquias de Barbeiros e Oroso en 1752 que

[771] PRESEDO GARAZO, A., *Nobleza…*, op. cit., pp. 22-
[772] LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia…*, op. cit., pp. XX e GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., *El arzobispado...*, op. cit. 1996, p. 188.
[773] VALDÉS BLANCO-RAJOY, M. R., "Las fortalezas…, op. cit.

nesa data residía na de S. Xiao de Carballal (actual municipio de Santiago de Compostela) mentres a principios de século a súa familia aínda estaba aveciñada en Barbeiros[774]. Os invernos longos, fríos e moi húmidos destas terras deberon ser un factor determinante para que este grupo social non as elixise como lugar de residencia principal cando tiñan a fortuna de posuír outras casas en comarcas de clima máis benigno, a pesar da relativa proximidade da comarca de Ordes cos centros de poder tanto na Galicia do Antigo Réxime –Santiago e A Coruña- como da etapa liberal –A Coruña-. Outro motivo que seguramente pesou no afastamentos dalgunhas destas familias da pequena fidalguía foi a preferencia por residir en lugares cunha produción agraria máis voluminosa e variada que lles permitira disfrutar dunha calidade de vida superior.

A mediados do século XIX aínda é máis difícil identificar a estes individuos nas fontes documentais pois nesas datas o tratamento de "don" está máis xeneralizado na medida en se lle dá a toda unha serie de funcionarios e oficiais, como secretarios dos concellos, xuíces e notarios, así como a aqueles individuos que exercen profesionais liberais. De maneira que xa non se trata da mesma clase de privilexiados do Antigo Réxime -aínda que en moitos casos procedan das mesmas familias- senón que agora aparece un compoñente burgués máis forte do que se percibía a mediados do século XVIII. O novo réxime do Estado Liberal trouxo profundas transformacións políticas que supuxeron, entre outras cousas, a abolición dos señoríos para aquelas familias que os posuían pero, máis alá do golpe emocional á súa conciencia de clase, isto non supuxo un grave menoscabo económico na medida en que os ingresos procedentes do exercicio xurisdicional non eran a principal vía de ingresos destas casas, a diferencia do que ocorreu noutras rexións de España[775]. Por outra parte, esas transformacións da "revolución" liberal non implicou alteración algunha dos seus dominios territoriais, polo que o tránsito ao novo réxime non supuxo un menoscabo económico aprezable. De feito as desamortizacións eclesiástica e civil foron unha oportunidade para engrosar aínda máis a súa riqueza rústica materializada na percepción de rendas agrarias.

6.2.3 Actividades complementarias da labranza e outras ocupacións

O feito de que os fogares das elites –cregos e fidalgos- supuxesren tan só o 4.4% da veciñanza a mediados do século XVIII, xa evidencia que o "común" englobaba á práctica totalidade da poboación. Adicados á labranza,. case todos contaban con algún anaco de terra, propia ou usufrutuada a través de distintos contratos agrarios, tal e como afirmaban os "peritos" de Poulo en 1753 "...en esta feligresía y su término no hai jornaleros y todos son caseros y acendados, ayudandose unos a otros al cultivo de las haciendas..."[776], e só un 3% da poboación –12% dos fogares- exercía actividades complementarias. Un século despois, o Diccionario de Madoz tamén fai unha referencia moi vaga ás actividades complementarias da labranza:"La industria agrícola y los molinos harineros, ocupan a hombres y mujeres, algunas de estas se entretienen en el tejido de telas del país y en la elaboración de quesos y manteca"[777].

Antes de estudiar ás labores puramente agrarias, imos aproximarnos ás súas actividades complementarias, que no caso da comarca aquí estudada non eran outras que as estritamente necesarias para o normal funcionamento dunha comunidade rural. As *Respuestas Generales* do *Catastro* de 1752, na medida en que fan relación das ocupacións

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


[774] Era sobriño de D. Lucas de Noboa, rector de Barbeiros a principios de século e natural desta parroquia, onde tiñan fundado un vínculo. APBrb. Papeis soltos.
[775] PRESEDO GARAZO, A., *A fidalguía galega anta a crise do Antigo Réxime (1812-1868),* Santa Comba (A Coruña), 2006, pp. 33-45.
[776] AGS, DGR, 1ª R., L. 243, fol. 165.
[777] MADOZ, P, *Diccionario…*, op. cit., Partido Xucial de Ordes.

existentes en cada freguesía, aportan unha información valiosa con fiabilidade contrastada no caso das parroquias que conservan os seus *Libros Personales*. Dunha e outra fonte nos valemos para obter unha imaxe global desta cuestión. Os *Personales* revelan que a mediados do XVIII os "oficios" máis frecuentes destas comunidades rurais eran os de taberneiro e actividades anexas (siseiro e estanquilleiro) -18.31%-, xastre (18, 31%) e tecedor/a (15.49%), mentres os demais teñen unha presenza bastante máis reducida[778]. Na inmensa maioría son oficios "masculinos", é dicir, exercidos por varóns, xa que o papel reservado socialmente ás mulleres non inclúe moitas máis adicacións que as tarefas do agro e o fogar. Aquelas que declaran oficio son, en xeral, mulleres que viven "de sobre sí" –viúvas ou solteiras- que por contar con escasos ou nulos recursos de procedencia agrícola se ocupan en actividades como a de taberneira, cardadora de lá ou panadeira. As tecedoras son caso aparte posto que, salvo en dous casos, están casadas ou son mozas que viven na casa paterna, posto que a tenencia dun tear non está ao alcance das economías máis pobres. Para unha análise máis sistemática facemos tres grupos: actividades complementarias dos máis humildes, "oficios" de tipo medio, "oficios" relacionados co dereito e a administración de xustiza e administradores de rendas.

Táboa 1. Actividades complementarias en Folgoso e Poulo a partir das *Respuestas Generales*. 1752

Actividade	Nº	%
Taberneiro	32	18,6
Xastre	30	17,4
Carpinteiro	20	11,6
Tecedor/a	18	10,5
Zapateiro	16	9,3
Curtidor	12	7,0
Escribán	12	7,0
Ferreiro	9	5,2
Arrieiro	8	4,7
Cardadora	3	1,7
Panadeiras	3	1,7
Cerralleiro	2	1,2
Ferrador-albeitar	2	1,2
Canteiro	1	0,6
Prateiro	1	0,6
Mestre	1	0,6
Ciruxano-sangrador	1	0,6
Tratante en panos	1	0,6
Total	172	100,0

Gráfico 1. Actividades complementarias en Folgoso e Poulo a partir das *Respuestas Generales*. 1752



6.2.3.1 Os oficios dos máis humildes: xastres, zapateiros e teceláns

En 1752 a elaboración de roupa, zapatos, zocos e tecidos eran as actividades complementarias exercidas con máis frecuencia polos habitantes de Folgoso: 37% do total de individuos con oficios. Trátase, por tanto, de "... labradores que se exercitan el tiempo que les sobra de dicha labranza..." en tales ocupacións para suplementar os curtos ingresos que obteñen das tarefas agropecuarias. Cando chegaba o tempo das romarías, algúns xastres, zapateiros e teceláns exercían de gaiteiros[779]. E tamén en relación coas romarías debía estar o "oficio" de ermitán, practicado polo xastre Juan García na capela

[778] As porcentaxes teñen como base o número de individuos que se exercitan en oficios complementarios.

[779] Así o facían Roque Meijide, tecedor de Moar, Jacinto Rodriguez e Cayetano Gomez xastres de Vilamaior e Cardama, e Vicente Míguez, zapateiro de Galegos.

de S. Roque de Marzoa e por Manuel González na capela de Sta. Barbara da mesma freguesía.

Os oficios de xastre e zapateiro, na medida en que requerían unha mínima inversión eran as ocupacións dos máis pobres e exercíanse en moitas ocasións de maneira itinerante a través de emigracións estaciónais de corta e media distancia, algo que se ve facilitado pola facilidade de transporte das ferramentas e materias primas necesarias. A finalidade destes desprazamentos, que podían durar de catro a oito meses, non era tanto a reunión dun peculio como a posibilidade de sobrevivir un tempo fora do forgar a fin de restarlle unha boca á despensa familiar. Por exemplo, O *Catastro de Ensenada* informa que Andrés Paz, veciño da parroquia de Beán "viaxa deste oficio 4 meses al año"[780]. Algo máis desesperada parecía ser a situación destas xentes a finais do século XVI, tal como se relata nos *Expedientes de Hacienda* de Folgoso:

> ... (los) *vezinos e moradores que ai en las dichas dos felegresías* (Gándara e Vilarromarís) *son mui pobres casi todos ellos, que los más dellos no tienen lugares de suyo en que labrar y conpran el pan la mayor parte del año y alguno dellos son sastres y tezelanes y çapateros que no labran pan sino que se mantienen por sus ofiçios y se ban a bebir de unas partes a otras quando quieren y no ven asiento ninguno en ninguna parte...*[781].

Táboa 2. Ganancias dos diferentes oficios e actividades complementarias declaradas en 1752

		Ganancias				Ganancias	
	nº	**día**	**ano**	**Artes mecánicas**	**nº**	**día**	**ano**
Admdor. Renda tabaco	1	8		Canteiro	1	3	
Albeitar-ferrador	2		400	Cardadora de lana	3		33
Arrendatario de taberna	27		151	Carpinteiro	20	3	240
Veredeiro de tabaco	1	3		Cerralleiro	2		30
				Ciruxano	1		300
Xuíz	1		177	Curtidor	15		225
Escribán	13		276	Ferreiro	11	3,4	272
Escribán de nº	1		870	Gaiteiro	4		43
				Panadeira	3		47
Tablajero	1		300	Plateiro	1	8	
Taberneiro	26		109	Xastre	32	2,4	240
Tecedor/a	33	2	120	Zapateiro	16	3,4	299
Tratante panos	1		1 500				
Arriero	9		192				
Ermitán	2		70				
Mestre	1		50				
Propietario de pollino semental	12		446				
Xornaleiro	2	2					

Segundo as *Respuestas Generales,* o tecido de telas –lenzo con total seguridade-, compartido por homes e mulleres, ocupaba preferentemente aos primeiros (62%). No *Catastro* tan só se declaran as labores de tecido, pero en realidade o número de persoas

[780] AGS, DGR, 1ª R., L. 241, fol. 49.

[781] Estas aseveracións aparecen na maior parte das parroquias de Folgoso (AGS, EH, Leg. 130, carp. 9, Montaos)

implicadas na manufactura de lenzos era bastante maior, posto que o tecido é tan só unha das últimas fases do proceso, antes da cal foi precisa unha laboriosa serie de tarefas de transformación da planta que ocupaban a todos os membros da familia, incluídos os nenos. O feito de que os tecedores sexan maioritariamente varóns ven dado pola necesidade de certa forza física para o manexo do tear. No caso das familias nas que se declaran varios tecedores parece que se trataría de turnos no mesmo tear, aínda que non hai que excluir a posesión de máis dun tear nunha soa casa. Así, Roque Meijide, tecedor e gaiteiro, axudábase da súa muller no traballo do liño, e na casa do taberneiro de Frades, Jacobo Dominguez, matrimonio e fillo adicábanse a esta labor. Tampouco é infrecuente que os esposos das tecedoras se adiquen a algún outro oficio (zapateiros, xastres) ou a negocios como o de taberneiro ou a explotación dun "pollino semental". Cando chegaba o tempo das romarías, algúns xastres, zapateiros e teceláns exercían de gaiteiros. É o caso do mencionado Roque Meijide, tecedor de Moar, Jacinto Rodriguez e Cayetano Gomez xastres de Vilamaior e Cardama, e Vicente Míguez, zapateiro de Galegos. E tamén en relación coas romarías debía estar o "oficio" de hermitán, practicado polo xastre Juan García na capela de S. Roque de Marzoa e por Manuel González na capela de Sta. Barbara da mesma freguesía.

Non era frecuente que os zapateiros preparasen a materia prima que logo manufacturaban posto que como dixemos a este oficio adicábanse os máis humildes e o curtido de peles esixía certa inversión de capital e os talleres xeralmente eran herdados de pais a fillos. Dos 16 que se computan en Folgoso e Poulo a mediados do XVIII, tan só tres eran tamén curtidores. Tratábase dun oficio apropiado para esta comarca –sumaban o 7%- habida conta do peso que a gandería tiña na súa economía e da abundancia de cursos de auga que a arregaban, aínda que a maioría dos pelambres se localizaban á beira dos ríos máis caudalosos, Tambre e Lengüelle: na ribeira deste río ao seu paso polas parroquias de Oroso, Gándara e Vilarromarís poden atoparse ate sete curtidores e ás beiras do Lengüelle, nas parroquias de Lesta, Parada e Montaos, catro. Os restantes residen en Ardemil, Deixebre, Marzoa e Sta. Mª de Ordes. Unha actividade de similares características no que se refire a inversión en medios de producción, era a de ferreiro. Herdado de pais a fillos, e ben considerados socialmente, supoñían o 5% dos "oficios" de Folgoso e Poulo. Finalmente, os carpinteiros duplicaban en número aos ferreiros –11.6%- e tan só adicaban ao seu oficio uns catro meses do ano. Fora das actividades vistas ate aquí, rexístranse outras moi minoritarias pero suficientes nalgúns casos para atender as necesidades de boa parte da comarca. No é o caso dos mestres de primeiras letras, pois nas 28 parroquias que sumaban Poulo e Folgoso tan só se ocupaba desta tarefa un crego "mercenario" residente en Vilarromarís. Isto pode dar idea do alto índice de analfabetismo que se rexistraba, coma veeremos máis adiante. Outros oficios minoritarios eran os de cerralleiro ferrador-albeitar, canteiro, prateiro ou cirurxán-sangrador, que se moven entre o 1 e o 0.6%[782]. No caso das actividades relacionadas coa curación de doenzas hai que ter en conta que en moitos casos non se declararon cando non eran oficios cun recoñecemento oficial, como compoñedores/as e menciñeiros/as, amén das implicacións que algunhas destas actividades podían ter con prácticas esotericas alleas á ortodoxia católica. Por outra banda a relativa proximidade da cidade de Santiago podía mitigar, en certo modo, as carencias deste tipo.

En S. Xiao de Poulo, localidade máis crecida e con maior diversidade económica da comarca, podían atoparse individuos adicados a oficios que non se documentan nas restantes freguesías: ferradores e albeitares, en clara relación coas feiras e co transporte de

[782] Os dous ferradores-albeitares que se documentan residen en Poulo, a localidade na que celebraban as feiras de gando máis importantes da comarca. cerralleiro (2), ferrador-albeitar (2), canteiro (1) ou prateiro (1).

viaxeiros, negocios de venda de produtos alimenticios como a "groçería" que Benito de Uzal tiña dentro da taberna, ou a "cortaduría" onde Ignacio Cosmed daba abasto de carne cada domingo, dous ferreiros, un carpinteiro e un escribán. No ano 1761 engádense ademais cinco alquiladores de bestas, un arrieiro, un mestre de nenos, dous vendedores de clavos, un pedreiro, catro tecedores e un zapateiro.

6.2.3.2 Homes de leis e "oficios repúblicos"

No que se refire aos escribáns, en Folgoso e Poulo sumaban entre os de número, os reais e os notarios apostólicos, un total de 12. Fora dos sacramentos que presidían os ministros da Igrexa, os actos sociais máis solemnes dos homes e mulleres do rural tiñan como "oficiante" aos escribáns. Calqueira negocio xurídico, facer testamento, interpoñer unha demanda ou comparecer ante a xustiza, obrigaba a telos como intermediarios. En tanto que coñecedores do dereito xogaban un papel fundamental dentro das comunidades campesiñas que viña a refozar o poder das elites locais, pois entre elas adoitaban recrutarse estes individuos.

Fora dos sacramentos que presidían os ministros da Igrexa, os actos sociais máis solemnes dos homes e mulleres do rural tiñan como "oficiante" aos escribáns. Calqueira negocio xurídico, facer testamento, interpoñer unha demanda ou comparecer ante a xustiza, obrigaba a telos como intermediarios. En tanto que coñecedores do dereito xogaban un papel fundamental dentro das comunidades campesiñas que viña a refozar o poder das elites locais, pois entre elas acostumaban recrutarse estes individuos. En Folgoso e Poulo sumaban entre os escribáns de número, os reais e os notarios apostólicos, un total de 12. O individuo que ocupaba o oficio de Folgoso, Andrés Vázquez, veciño de Senra, engadía a este outros negocios: tiña arrendada a taberna desta parroquia e a feira de Folgoso[783].

Quen impartía xustiza era o meiriño ou xuíz ordinario, personaxe que en xurisdicións de certo tamaño como é o caso de Folgoso e, sobre todo, Mesía, acostumaba ser home con certa formación xurídica que podía ter ocupado antes algún oficio de escribán, administrador de rendas, etc. En Folgoso correspondíalle administrar as rendas do conde, aínda que o cobro do décimo estaba arrendado a outros individuos: en 1752 D. Andrés Vilarelle era o xuíz e administrador, mentres o seu irmán Juan era o depositario dos caudais. Outros oficios dependentes do conde eran o de e carceleiro ou o dos mordomos pedáneos en máis da metade das parroquias. En 1752 era o carceleiro Juan Mosquera, veciño de Pereira, parroquia onde se localizaba o lugar de Folgoso, centro administrativo da xurisdición.

Como diciamos, a mediados do século XVII era en S. Xiao de Poulo onde se documentan individuos adicados a oficios que non aparecen nas restantes freguesías como os administradores da renda de tabaco[784] e o xuíz do partido. No ano 1761 engádese un escribán máis con respecto a 1752. Na liña do que xa se ten indicado, durante o século XIX será a parroquia de Sta. María de Ordes a que comece a atraer este tipo de actividades. A través do coñecido suceso do apresamento de Porlier nun mesón desta parroquia sito no lugar de Merelle sabemos que, polo menos en 1815, xa se instalara un establecemento hosteleiro á veira da nova verea Santiago-Coruña. Xa en 1834-35, o establecemento da capital xudicial e municipal nesta freguesía traerá á nova "vila" toda

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[783] O titular da escribanía de número de Folgoso, Andrés Vázquez, estaba "...imposibilitado e impedido hace mucho tiempo..." (AGS, DGR, 1ª R., L. 251, fol. 611).

[784] D. Domingo Gonzalez, caixeiro administrador da renda de tabaco do partido de Poulo e agregados. En 1762 ademais do caixeiro aparecen dous veredeiros da mesma renda. Nesta data o caixeiro D. Antonio Joachin del Valle, declara unhas substanciosas ganancias persoales -3.300 reais anuais-, quizais porque a declaración non sexa tan fraudulenta como as restantes.

unha serie de individuos relacionados con diversas labores administrativas, xudiciais e policiais e outros servizos públicos[785]: desde un primeiro momento xuíz do partido, escribáns ou secretarios do xulgado, cartería de Correos[786], e máis tarde posto da Garda Civil. Pero tampouco hai que pensar que isto a converteu instantaneamente nun núcleo propiamente urbano. Máis ao contrario parece que mantivo un marcado carácter rural que nin os transeúntes que facían "parada e fonda" lograron avivar, a tenor do que di o *Diccionario* de Madoz a para mediados do século XIX: "pues a pesar de ser capital del partido no se encuentra en esta feligresía la animación que en otros puntos proporciona el establecimiento de juzgado"[787].

A imaxe que obtemos das actividades distintas da labranza no resto da comarca para mediados do século XIX é moito máis difusa que a dun século antes. O mencionado *Diccionario* dá apreciacións xenéricas que fan fincapé nos traballos preferentemente femeninos como o tecido ou a fabricación de manteiga e, por primeira vez nas fontes consultadas, á elaboración de queixos: "La industria agrícola y molinos harineros, ocupan á hombres y mujeres; algunas de estas se entretienen en el tejido de telas del pais y en la elaboración de quesos y manteca"[788]. Polo que respecta ás actividades comerciais destas comunidades campesiñas insiste na práctica ausencia doutras que non sexan aquelas de antigüidade inmemorial como "la compra y cambio de sus ganados y la importación de vinos de la provincia de Orense", ás que hai que sumar "algunas insignificantes tiendas de abaceria" e naturalmente "mercados y ferias mensuales como en los demás pueblos de Galicia; pero reducidas al beneficio del ganado, aperos de labranza y frutos del país, no concuren a ellos sino los vecinos de las feligresías inmediatas[789]".

6.3 EXPLOTACIÓNS AGRARIAS E RÉXIME DE PROPIEDADE DA TERRA

Como para tantos outros aspectos deste traballo, teremos que conformarnos cos datos que nos aporta o *Catastro de Ensenada*, posto que as fontes de mediados do século XIX non nos permiten coñecer nin sequera a superficie aproximada que traballaba cada campesiño. Dado que os cambios operados desde mediados do XVIII a mediados do XIX no que respecta ao réxime de propiedade desta comarca non parecen ser moitos, a imaxe que obtemos para a primeira data pode ser válida tamén para a segunda.

Táboa 3. Superficie en hectáreas declarada por veciños e forasteiros en Barbeiros e Oroso. 1752

		nº	Labrad.	Horta	Prado	Mte. C.	Mte. A.	Devesa
Superficie de veciños	**Has.**	63	87,2	1,1	7,0	113,2	240,2	6,9
	%		19,1	0,2	1,5	24,9	52,7	1,5
Superficie de forasteiros	**Has.**	61	54,1	1,1	6,3	95,0	169,9	2,7
	%		16,5	0,3	1,9	28,9	51,6	0,8
Total	**Has.**	124	160,4	2,4	14,8	233,1	462,8	11,1
	%		18,0	0,3	1,7	26,5	52,3	1,2
Superf./tot. vec. e forasteiros	**Has.**	124	1,3	0,0	0,1	1,9	3,7	0,1
Superf./tot. vec.	**Has.**		1,9	0,0	0,2	2,7	5,4	0,1

[785] Vid. LÓPEZ MORÁN, B., *A comarcalización…,* op. cit., p. 85-86.
[786] A mediados do XIX o correo "se recibe en la cartería de Ordenes, tres veces á la semana, de la estafeta de Santiago subalterna de la administracion de Orense" e desde alí se distribúe aos restantes concellos do partido (MADOZ, P., *Diccionario...,* op. cit., p. 896).
[787] Ibídem, p. 897.
[788] Ibídem, p. 896.
[789] Ibídem p. 896

A través do cálculo elemental de dividir o total da superficie declarada entre o número de asentos que aparecen nos *Libros Reales* de Sta. María de Barbeiros (Ordes) e San Martiño de Oroso (Oroso) obtemos o tamaño medio ideal da explotación agraria campesiña. A elección destas dúas freguesías non foi arbitraria, senón que se buscaron deliberadamente dúas zoas que presenten algún contraste de partida, -coa dificultade que isto supón nunha comarca que se caracteriza pola homoxeneidade xeográfica-, neste caso de altitude e demográficas: Barbeiros, a máis norteña, ten uhna altura media que supera case en 100 m. á de Oroso (300 m.) e a súa densidade de poboación estaba bastante por debaixo que a de esta. Barbeiros representaría a típica parroquia da "montaña" da penichaira coruñesa mentres Oroso, á beira do Tambre, era unha freguesía con elementos de transición aos vales prelitorais do sur de Santiago. Como era de esperar, as baixas densidades de poboación permiten unha ampla disponibilidade de terrádego que ten a súa mellor expresión nas dimensións medias da explotación agraria: 10.41 Has, das cales 2.09 Has. son de cultivo, 0.13 Has. están plantadas de *carballos* -devesas-, estando a monte as restantes -2.74 Has. de monte cerrado e 5.44 Has. de monte aberto[790]-. Trátase de explotacións de gran tamaño en relación coa media galega, aínda que na liña do que se rexistra no interior coruñés como a xurisdición do Xallas ou nalgunhas parroquias da parte noroccidental da actual provincia[791].

Táboa 4. Superficie en hectáreas declarada por veciños e forasteiros en Barbeiros e Oroso. 1752

		nº	Cultivo	Inculto	Total
Superficie de veciños	**Has.**	63	95,3	360,3	455,6
	%		20,9	79,1	100,0
Superficie de forasteiros	**Has.**	61	61,5	267,5	329,0
	%		18,7	81,3	100,0
Total	**Has.**	124	177,7	706,9	884,6
	%		20,0	80,0	100,0
Superf./tot. vec. e forasteros	**Has.**	124	1,4	5,7	7,1
Superf./tot. vec.	**Has.**		2,1	8,3	10,4

En calqueira caso as dimensións que se obteñen a partir do *Catastro* de 1752 distan bastante da realidade se se ten en conta o elevadísimo grao de ocultación que se rexistra nas súas declaracións –54% da superficie parroquial[792]-. Visto isto, non estrañará

[790] Estes datos se refieren ás parroquias de Sta. Mª de Barbeiros e S. Martiño de Oroso (ARG, *Catastro de Ensenada, Libros Reales* de legos e eclesiásticos 298-299 e 2049-2050). A extensión do cultivo e pasto supera ao coñecido para o litoral e vales prelitorais galegos –1.6 Has. no Salnés e 1.06 no val da Ulla- (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit.; REY CASTELAO, O., *Aproximación...,* op. cit.), e está na liña dos de Xallas –2.5 Has.- e o interior lucense –2.7 Has- (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit., p. 268; SOBRADO CORREA, H., *Vinculeiros, célibes y bastardos. Economía y organización familiar en las tierras lucenses, siglos XVI-XIX*, (Tese de doctoramento)d, Universidade de Santiago, 1997) pero lonxe do documentado noutras comarcas norteñas como Rentería –4 Has.de cultivo e pasto- (CRUZ MUNDET, X. R," Caserío, familia y explotación agraria en Guipúzcoa: el ejemplo de Rentería (1750-1845) en *Boletín da Asociación de Demografía Histórica,* XI, I, 1997, PP. 13-39*)*

[791] En Xallas a media de terra de cultivo se sitúa en 39.8 ferrados -2.10 Has.- (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...,* op. cit., p. 268), tamaño superado polas explotacións das parroquias de Queixeiro (Monfero), Moeche (Moeche), e Cambás (Aranga), onde nos atopamos con medias de 105.6, 53.7, e 214 ferrados respectivamente (REY CASTELAO, O., "Familia y acceso a la propiedad colectiva en dos comarcas de la Galicia atlántica" en *Preactas del Congreso Internacional "Historia de la Familia. nuevas perspectivas sobre la sociedad europea"*, Murcia, 1994.pp.721-731).

[792] As diferenzas entre Barbeiros e Oroso son moi grandes. Se Oroso cun 28% de ocultación se atopa na liña do calculado por Pérez García para o Salnés –30%- (PÉREZ GARCÍA, J. M., "Fuentes de control de los

que a proporción de terra cultivada sexa tan só do 9% da superficie real total, algo menos que o rexistrado no Xallas -10%[793]-.

Táboa 5. Escalas de tamaño das explotacións agropecuarias en Barbeiros e Oroso. 1752

Superficie agraria			Cabana gandeira					
Hectáreas.	**Nº Explt.**	**%**	**Cabezas**	**Nº. Explot.**			**Cabezas**	**Explot.**
				Vacún	**Equin.**	**Porc.**	**Ovicaprino**	
55-59	1	0,81	**10 a 15**	3	2		**40 a 49**	3
45-49	1	0,81	**9**	5		1	**30 a 39**	6
30-35	2	1,61	**8**	8			**20 a 29**	12
25-59	6	4,84	**7**	5	1	2	**10 a 19**	15
25-29	2	1,61	**6**	10	2	3	**9**	6
20-24	5	4,03	**5**	9	1	4	**8**	1
15-19	6	4,84	**4**	7	1	5	**7**	1
10 a 14	6	4,84	**3**	6	3	10	**6**	5
5 a 9	17	13,71	**2**	10	4	11	**3**	4
1 a 4	40	32,26	**1**	2	5	23	**2**	3
0,5 a 0,9	6	4,84	**total**	65	19	59	**1**	1
0,03 a 0,49	32	25,81	**0**	7	53	13	**total**	57
							0	15
TOTAL	124	100	**TOTAL**	72				72

Entre as dúas parroquias que serven de base a esta análise pódese observar que a explotación media de Barbeiros supera o tamaño da de Oroso nunha hectárea e media o que a priori resulta estraño se temos en conta a relación inversa que se dá entre as dúas freguesías respecto ao tamaño medio do grupo doméstico -5.3 individuos/fogar en Oroso, e 4.1 en Barbeiros. Este contraste non é tanto se apartamos do cómputo global as terras dos forasteiros, máis numerosas en Barbeiros pois nesta parroquia supoñen o 43% do total declarado e en Oroso se reducen ao 31.92%. Por outra banda as terras de Oroso pertencentes a forasteiros son maioritariamente monte (80%) e particularmente monte aberto, fronte ao 68.20% que adican a esta utilidade os veciños. Feito isto, atopámonos con que a distancia se acorta entre os tamaños medios de unha e outra freguesía, pero Barbeiros mantén a súa avantaxe. Os resultados dan un xiro radical se á hora de calcular as medias facémolo separando o monte do resto das dedicacións do terrádego. Atopámonos con que Oroso se pon en cabeza con 35.22 ferrados, deixando a Barbeiros en 23.43 ferrados[794]. A explicación parece clara: Barbeiros preséntase como unha parroquia onde a gandería e os recursos derivados do monte teñen un maior protagonismo, mentres en Oroso, con terras máis fértiles á beira do Tambre pode adicarse maior espazo ao cultivo. Isto á súa vez supón unha agricultura máis intensiva e, en consecuencia, a necesidade de maior número de brazos na xestión de cada facenda.

Pero a ampla disponibilidade de terra que idealmente corresponde á explotación media está lonxe de reflectir a verdadeira repartición da superficie agraria. En realidade, a partir dos *Libros Reales* das parroquias desta comarca é imposible coñecer con exactitude a superficie usufrutuada por cada veciño. Nesta fonte cada declarante sinala un conxunto de terras que poden ser de propiedade plena ou usufrutuadas en razón de cesión foral,

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Catastros fiscales: las escrituras de protocolos" en EIRAS ROEL, A. et al., *Las fuentes...,* op. cit.), en Barbeiros non se declara o 60% da superficie parroquial.

[793] BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit., p. 267.

[794] Respecto ao total de da terra declarada nos *Libros Reales*, a terra de cultivo, incluíndo prados e pastos suman o 17.46% en Barbeiros e o 25.90% en Oroso.

arrendo ou explotación *á ganacia*[795]. O problema está en que non se indica cales se disfrutan en cada unha das modalidades posibles. Para o caso da provincia de Mondoñedo, Pegerto Saavedra entendeu que as terras depostas polos declarantes eran aquelas sobre as que tiñan algún ou todos os dereitos de posesión –posesión do dominio útil en virtude de contrato foral ou propiedade plena, respectivamente-, mentres que as terras cedidas en arrendo terían sido conssignadas polo arrendador das mesmas, limitándose o arrendatario a indicar a renda. No caso dos *Libros Reales* das parroquias aquí estudadas parece que a forma de elaboralos foi algo distinta: non só se declaran as terras sobre as que se ten algún dereito posesivo senón tamén aquelas que se disfrutan en virtude de contrato arrendaticio, dado que as rendas declaradas ao final de cada asento refírense ás "alajas asta aquí declaradas" e raras veces son rendas forais.

En definitiva, as declaracións de bens raices que fai cada veciño non se teñen por qué corresponder nin coas terras que usufrutúa nin coas terras que lle son propias, de aí que sexa imposible determinar con exactitude o nivel de riqueza de cada cal. Aínda así coidamos que esta fonte permite unha aproximación válida a esta cuestión se se ten en conta que os que consignan terras non cargadas por rendas serán propietarios plenos, os que declaran terras e rendas, arrendatarios ou foreiros –sen excluir que teñan terras propias-, e os que declaran tan só gando sen terras, "caseiros" de explotacións cedidas *á ganancia.* Así pois, o descoñecemento da extensión real das explotacións non anula a utilidade dos datos que ofrece o *Catastro* de 1752, posto que a cantidade de terra decrarada, explotada o non directamente por cada decrarante, non deixa de ser un indicador da riqueza familiar, pois o que non se usufrutúa directamente aproveitase en forma de renda. Antes de analizar con máis detalle estas cuestións, e sen perdelas de vista, vexamos como aparece repartida a terra a través dos *Libros Reales* das parroquias de Barbeiros e Oroso. A través da escala de tamaños das explotacións declaradas nos *Libros Reales* pódese facer unha primeira aproximación ás fortes desigualdades que se rexistran entre os declarantes de terra.

Táboa 6. Escala de tamaños das explotacións de Barbeiros e Oroso segundo os *Libros reales.* 1752

Has	Declarantes	%	Has.	%
0	27	18,9	0	0
0,03 a 0,9	42	29,4	12,5	1,6
1 a 4	31	21,7	87,48	11,1
5 a 9	19	13,3	133,7	17,0
11 a 19	12	8,4	180,5	23,0
20 a 29	8	5,6	196,7	25,0
30 a 55	4	2,8	174,9	22,3
Total	143	100	785,8	100


Como pode observarse na Táboa , algo máis da metade das explotacións teñen dimensións que van das 0.03. ás 0.9 Has. reunindo tan só o 13% da superficie declarada. Se lles agregamos os veciños que non consignan terras[796] a cifra ascende ao o 70% dos declarantes. A outra cara da moeda resulta ser o control por parte de moi poucos –individuos con máis de 20 Has. que supoñen o 8% dos declarantes- da metade da

[795] Sobre as características de cada un deste tipo de cesións vid. VILLARES PAZ, R., *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1836*, Madrid, 1982, pp. 13. e do mesmo autor, "Caseiros, rendeiros e foreiros: sobre as formas de cesión da terra en Galicia" en *Encrucillada,* vol. 9, nº. 41, 1985, pp. 5-17.
[796] Foron excluídos os que non declaran terras, pero son rendistas, confrarías, algún crego, etc.

superficie consignada nestas dúas parroquias, dos que tan só 4 –poseedores de máis de 30 Has.- reúnen o 22% do terrádego.

De novo atópanse diferenzas entre Barbeiros e Oroso. Na primeira parroquia tan só o 60.7% dous veciños declaran terras, mentres na segunda esta cifra ascende ao 85.19%, o que parece indicar que no segundo caso estamos ante unha comunidade máis igualitaria onde existe unha mellor repartición da terra. Barbeiros, con menor abundancia de terras productivas dá lugar a unha sociedade máis estratificada onde as diferenzas de riqueza son maiores: os declarantes con explotacións de máis de 250 ferrados -22.80% do total- controlan o 42.1% do terrádego consignado, mentres a maioría dos declarantes –42%- posúen explotacións de superficies que van de 0 a 50 ferrados e que suman o 2.69%. En Oroso a situación é algo diferente: o 20.27% do terrádego é controlado polo 4% dos declarantes –2 individuos- mentres os posuidores entre 0 e 50 -46.94% do total- controlan tan só o 7.02% do terrádego. Así, nesta parroquia tan só dúas explotacións superan os 250 ferrados (4.08%) mentres en Barbeiros son 13 os que rebasan este tamaño (22.80%) e abarcan o 71.49% do total do terrádego declarado, mentres que 24 (42%) están entre cero e 50 ferrados, abarcando tan só o 2.69% do terrádego. Os restantes entre 50 e 250 abarcan o 25.82% restante, e o 61% entre o cero e 100 (73% 3n Oroso) e o 31.57% entre cero e 10 ferrados e o 19.29% entre cero e 5 ferrados. En Oroso as explotacións entre 100 e 350 abarcan o 69.63% do terrádego (13 explotacións, o 26.53% do total), mentres en Barbeiros fano o 88.03% (22 explotacións, o 38.60% do total. Por último, hai un elemento puramente social, sobre o que se falará máis adiante, que ven a corroborar a imaxe que se extrae dos *Libros Reales*, a cantidade de servizo doméstico rexistrada nunha e noutra parroquia: se en Barbeiros o 9.7% da poboación ten esta ocupación cunha media de 0.4 criados por fogar, en Oroso se reduce ao 3.4% e 0.2 criados por fogar.

Gráfico 2. Escalas de tamaño das explotacións de Barbeiros e Oroso segundo os *Libros Reales* do *Catastro de Ensenada,* 1752



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A través das *Comprobacións* dos *Libros Reales* de 1762 de 11 localidades[797], imos tratar de contrastar cunha mostra parroquial máis ampla as características vistas para Barbeiros e Oroso, obtendo unha imaxe global máis representativa sen necesidade de recorrer á traballosa explotación dos de *Libros* de 1752. Os datos que ofrecen as *Comprobaciones* non permite coñecer a superficie real que lle corresponde a cada declarante, posto que se limita a indicar o número de partidas declaradas en 1752 e os cambios acontecidos na masa patrimonial do declarante desde aquela data sen detallar a extensión nin calidade de cada partida. Como veremos máis adiante, a extensión de cada partida varía segundo o tipo de terra de que se trate -posto que non mide o mesmo unha parcela de monte que de labradío- e segundo a riqueza do declarante xa que as parcelas dos máis ricos adoitan ser de maior tamaño que as dos campesiños medios. A pesar das inexactitudes que se poden derivar das limitacións informativas das *Comprobaciones* simanquinas, consideramos que se ven compensadas pola amplitude da mostra, reflectindo de maneira correcta o grao de riqueza dos distintos grupos de declarantes que a continuación se detallan.

Táboa 7. Distribución das partidas entre veciños e forasteiros nas *Comprobaciones* do *Catastro.* Folgoso. (11 localidades) 1761

	Asentos	%	Nº partidas	%
Forasteiros	304	34,8	3 361	41,6
Veciños	570	65,2	4 713	58,4
Total	874	100	8 074	100

Táboa 8. Partidas de forasteiros segundo a distancia destes ás localidades de Folgoso (11 localidades) onde posúen terras. *Comprobaciones* do *Catastro* 1761

	Asentos		Partidas			
Distancias	**nº**	**%**	**nº**	**% de 3.343**	**% de 8.074**	**nº part./asento**
0-8 km.	173	57,3	1 184	35,4	14,7	6,8
8 e máis km.	129	42,7	2 159	64,6	26,8	16,7
total	302	100,0	3 343	100,0	41,5	11,1

En primeiro lugar imos ver as proporcións de terra declaradas por veciños e forasteiros a fin de evaluar o peso da superficie traballada a medias ou ao tercio. Como pode observarse na Táboa, os forasteiros -35% dos declarantes- consignan máis do 40% das partidas. Aqueles forasteiros residentes en parroquias limítrofes poden traballalas directamente, pero os demais terán que ter "caseiros" ao cargo das súas explotacións. Para agrupar a uns e a outros tomamos o límite dos 8 km., unha distancia suficientemente ampla como para que os que están domicilados en localidades máis lonxanas non traballen directamente as terras declaradas. Tan só o 15% das partidas pertencen a forasteiros do primeiro grupo (menos de 8 km.), o resto –27%- son declaradas por individuos que viven en localidades que rebasan tal distancia. Pode concluirse, por tanto, que algo máis da cuarta parte da terra está en máns de forasteiros, e é explotada a través de "caseiros" que é posible que a traballen a medias ou ao tercio.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


[797] Trátase de 9 parroquias e un couto correspondentes á xurisdición de Folgoso: Barbeiros (Sta Mª), Lesta (S. André), Moar (Sta. Aia), Marzoa (S. Martiño), Ordes (Sta Mª), Oroso (S. Martiño), Vilagudín (couto de), Vilamaior (Santiago), Vilarromarís (Sto. Tomé), e unha parroquia -Leira (Sta Mª)-do Partido de Poulo. A elección das parroquias ten que ver coa utilidade das súas declaracións para o cálculo que se pretende facer aquí e coa súa accesibilidade no momento en que se realizou a visita do AGS

Outro feito que se observa é que o número medio de partidas declaradas polos forasteiros que viven a menos de 8 km. –6.8- vese dobrada pola media dos que residen máis lonxe –16,7-[798]. Isto débese a que os forasteiros de parroquias limítrofes teñen, en xeral, parcelas soltas herdadas ou compradas que traballan eles mesmos, mentres os forasteiros de localidades lonxanas cando herdan unha ou dúas parcelas prefiren vendela ou permutala. Tan só aqueles que teñen terra suficiente para explotala de forma rendible a través de caseiros, colonos, ou foreiros manteñena dentro do patrimonio familiar.

Táboa 9. Escala por nº de partidas declaradas por cada veciño nas *Comprobaciones* do *Catastro*. Folgoso (11 localidades) 1761

	Asentos		Partidas	
	nº	%	Nº	Part./asentos
0 partidas	296	51,9	0	
1 a 10	101	17,7	421	4,2
11 a 20	80	14,0	1 208	15,1
21 a 30	54	9,5	1 314	24,3
31 a 40	23	4,0	833	36,2
41 y más	16	2,8	1 078	67,4
Total	570	100	4 854	8,5

Gráfico 3. Escala por nº. de partidas declaradas por cada veciño nas *Comprobaciones* do *Catastro de Ensenada* de 1761 (11 parroquias de Folgoso)



Xunto a esta alta porcentaxe de partidas en mans de forasteiros, algo máis da metade dos veciños non declaran terras e o 17% das declaracións conteñen entre unha e dez partidas. Sen embargo, de entre aqueles que non declaran bens inmobles, oito de cada dez teñen animais de labranza –xugada de gando vacún-, polo que terán que estar usufrutuando explotacións que non consignan e que estarán formadas a partir das terras dos forasteiros e parte das dos veciños que declaran grandes superficies. En xeral, as

[798] Aqueles que viven a máis de 30 km. cuatriplican esa media –34 partidas/asento-

terras cedidas nestas condicións formarían explotacións nas que ían incluídos a casa e parte do gando, pero a súa reconstrución a partir do *Catastro de Ensenada* non é posible. E pódese dicir máis: en 1752 eses veciños so consignaron gando non indicaron que pagaran rendas, o que está en consonancia co carácter verbal dos contratos "a medias" e "ao tercio".

Táboa10. Distribución dos veciños que non declaran terras nas *Comprobaciones* do *Catastro.* Folgoso (11 localidades) 1762

	Asentos	%
Con animais de labraza e outro gando	239	80,5
Sen animais de labranza pero con outro gando	44	14,8
Sen ningún tipo de gando	14	4,71
Total	297	100

Que a cesión do usufruto da terra, a través dos correspondentes contratos agrarios, poda equilibrar algo máis o tamaño das explotacións de uns e outros, non conleva unha repartición da riqueza, posto que a riqueza seguirá desigualmente repartida a través da exacción que supón o pago das rendas. Esta desigual repartición da riqueza cunha ampla base de desfavorecidos parece ser anterior ao propio proceso de polarización social vivido na globalidade de Galicia entre o século XVI e o XVIII, se facemos caso de testemuños cualitativos de finais do século XVI. Nos *Expedientes de Hacienda* de 1597[799] os veciños das distintas parroquias de Folgoso insisten neste feito con expresións similares ás utilizadas polos de Marzoa "...los quales todos heceto tres e otro dellos son muy pobres que no tienen boy ni baca, cabra ni ovexa de suyo ni lugares en que biban y biben, y labran muy poco pan, que no les llega a la mitad del año y algunos dellos son çapateros y tezelanes que no tienen asientos propios ny labranzas en que se puedan sustentar... "

En similares termos se expresan os de Moar que "biven en lugares agenos pagando mucha renta por ellos a sus dueños". Por iso consideran inxusto que sobre eles recaia o pago íntegro da cantidade encabezada en concepto de alcabala mentres os verdadeiros beneficiarios da produción agrícola, os rendistas, non entran no prorrateo de dita cantidade polo feito de non residir na parroquia. Así o explican os veciños de Barbeiros:

> *...que en esta felegresia no ai renta que se beneficie si no hes la renta del clerigo de la dha felegresia y del conde de Altamira de la sincura que tiene y la de los dueños de los lugares en que biben algunos de los dhos bezinos, la cual renta ... no se bende ni beneficia en la dha felegresia; se lleva a bender a la çibdad de Santiago y a la de La Coruña y Betanços y otros pueblos y dello no se les echa alcavala ni se paga cosa ninguna en la dha felegresia por se bender fuera de la dha felegresia...*

Máis de cento sesenta anos despois, os veciños de Pereira insistían na mesma cuestión nunha súplica que acompaña ás das Respuestas Generales de 1762 dirixida ao rei "a cuxa conozida benignidad y parternal amor de Su Magestad clama este pueblo":

> ...(en)*...el termino deste circuyto se allan las tierras cargadas de dominios y personas principales sen contribuir cosa alguna a S.M. (Dios le guarde), sí lo hazen los labradores ... y* (por) *no llegarles el fruto que de sus partes le queda para elimentarse por el año* (y) *consumir el fruto de las*

[799] AGS, EH, Leg. 130, carp. 9, Montaos.

rentas y sincuras, (para) *pagarlas en dinero se ven muy prezisados* (en) *desazerse y vender los ganados a menos prezio, rezelosos de que si no lo azen asi, expirimentan el rigor de la hambre*

6.4 AS RENDAS DA TERRA

Esta cuestión, máis que ningunha outra ten unha importancia transcendental na medida en que que a sociedade do Antigo Réxime ten o seu cerne vertebrador na renda, a través da cal unha parte do corpo social detraía parte da produción xerada polos grupos productores; de maneira que en función da renda se organizan, non só as actividades económicas, senón tamén o tipo de estrutura social. O Réxime liberal trouxo, sobre todo, cambios políticos e fiscais pero apenas alterou o réxime de propiedade da terra procedente do século XVIII, incluso despois dos reaxustes que supuxo a nacionalización dos bens do clero.

As rendas poden ser de natureza señorial, eclesiástica ou derivadas da cesión do usufruto da terra, pero case todas elas –salvo algunhas señoriais- recaen sobre a produción agropecuaria. En Galicia, en xeral as rendas señoriais da época moderna non eran moi pesadas e eran as rendas dominiais, e dicir, as pagadas como contraprestación da cesión do usufruto da terra, as que resultaban máis máis gravosas, e segundo os tipos (a longo ou corto prazo, a renda sabida ou proporcionais á colleita podían ser máis ou menos elevadas, pero en xeral atopábanse lonxe de exercer a presión coñecida para boa parte da Europa Occidental. As rendas señoriais xa foron analizadas nun apartado anterior, imos abordar aquí a caracterización do tipo de rendas dominiais que se dan nesta comarca e as modalidades de cesión do usufruto ás que responden e, por último, as rendas de orixe eclesiástica.

As Comprobacións simanquinas do *Catastro* omiten as rendas que se pagan como contraprestación do usufruto da terra, de aí que haxa que volver aos *Libros Reale*s de 1752 para abordar este tema, a pesar da pouca precisión que tamén manifesta esta fonte á hora de concretar o xeito da repartición da riqueza rústica e o tipo de rendas e contratos agrarios que as motivan. Xa adiantamos que esta fonte revela unha escasa presenza do foro, mostrando unha imaxe similar á da provincia de Mondoñedo onde se ten constatado o predominio do arrendo[800], e en aberto contraste coa imaxe que debuxou a historiografía tradicional para o conxunto de Galicia onde predominabao foro. Viuse este contrato agrario como máis frecuente e estendido de Galicia cargando sobre él a meirande parte da responsabilidade do atraso secular da economía galega e da precariedade do campesiñado. Sen que o diagnóstico fora errado no tema do atraso –aínda que por razóns que non sempre coinciden coas destes historiadores- no que se refiere á precariedade do campesiño foreiro ten sido revisado, sobre todo se se pon en relación coa situación de boa parte do campesiñado da Europa occidental[801].

En Galicia, as rendas abonadas polo campesiñado en pago da cesión do usufruto da terra eran, sen dúbida, a carga económica máis pesada para a economía familiar, aínda que segundo a súa natureza (a longo ou curto prazo, a renda sabida ou proporcionais á colleita podían ser máis ou menos gravosas, pero en xeral atopábanse lonxe de exercer a

[800] Na provincia de Mondoñedo a mediados do século XVIII, o foro afectaba a un 25% das terras, aínda que hai parroquias onde non pasaba do 2.7%; (SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830,* A Coruña, 1985, p. 389 e ss.).

[801] VILLARES PAZ, R., "Caseiros, rendeiros e foreiros: sobre as formas de cesión da terra en Galicia" en *Encrucillada,* vol. 9, nº. 41, 1985, pp. 5-17; e SAAVEDRA, P. E VILLARES, R. (eds.), *Señores y campesiños en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX. 2. Campesinado y pequeña explotación,* Barcelona, 1991.

presión coñecida para boa parte da Europa Occidental. Os *Libros Reales* de Barbeiros e Oroso parecen apuntar a hexemonía do arrendo a renda sabida, quizais fronte a unha escasa importancia do foro e sen esquecer a presenza das terras explotadas *á ganancia*. Antes de nada convén dicir que as rendas forais consignadas móvense en torno ao 7%; en segundo lugar, algúns dos veciños que non declaran terras ou declaran extensións exiguas posúen, sen embargo, xugada de bois –moitas veces en parzaría-, xunto a cabanas gandeiras nada despreciables; e, por último, que as terras dos declarantes forasteiros residentes en lugares afastados –é dicir que terán que estar traballadas por veciños destas parroquias- supoñen o 31% da superficie declarada en Oroso e Barbeiros.

Vexamos en primeiro lugar o tema da natureza das rendas declaradas nos *Libros Reales* do *Catastro* de 1752. Nalgunhas zoas de Galicia esta fonte permite coñecer con bastante esactitude o réxime xurídico no que se usufrutúan terras e gando, así como o tipo e importancia das rendas que pesan sobre as terras que non son de propiedade plena do campesiño. Non é o caso das parroquias aquí estudadas[802], onde a determinación da natureza das rendas e do montante das mesmas é unha das cuestións de máis difícil resolución, do mesmo xeito que tampouco é posible evaluar a proporción de terra de propiedade plena e daquela outra que se atopa cedida en virtude de contrato agrario.

Esta circunstancia vén motivada polo feito de que nas declaracións dos *Libros Reales* raras veces se indica o tipo de renda –é dicir, se se trata de foro, "renda sabida" ou *á ganancia*-, nin se establece relación entre a renda e o predio sobre o que recae. Polo contrario, a fórmula maioritaria é a enumeración e catalogación de cada unha das parcelas do declarante para a continuación, e aparte, facer enumeración das rendas, pero, como dicimos, sen indicar a parcela sobre a que pesa cada unha. Nesas relacións de rendas que aparecen na última parte dos asentos dos labregos, son poucas as que reciben o nome de foro –7.6%-, senón que o xeral é que reciban a denominación de "pensión"[803].

Ao noso entender, "pensión" refírese neste caso ás "rendas sabidas" de contratos de arrendamento, posto que de non ser así non tería sentido que en determinados asentos se especifique cales son rendas de "foro" e se declaren á parte as restantes "pensiones". Parece que de tratarse de "pensións forais" en todos os casos non se faría distinción nun mesmo asento de foros, censos e pensións. De ahí que, por eliminación, as pensións haxa que entendelas como as propias dos arrendamentos. É dicir, os declarantes do *Catastro* de 1752 enumeran as terras que traballan cando a cesión de esta se fai en virtude de contrato foral ou de arrendamento, mentres que as terras cedidas a "caseiros", á metade ou ao terzo das ganancias, son declaradas polo propietario das mesmas sen indicar a quen están cedidas nin a renda que percibe por isto. Tampouco os "caseiros" declaran a renda que pagan en consonancia co carácter verbal do contrato de cesión *á ganancia.*

Se se ten en conta o número de rendas pagadas, os foros suman o 7.58%, mentres que se atendemos ao montante en reais total pagado en concepto de renda da terra, o peso do foro ascende ao 11.5%. Dado que o foro non adoitaba ser máis gravoso que o arrendo, senón máis ben o contrario, haberá que concluir que as rendas forais que se declaran páganse por superficies de terra de maior extensión, mentres o que se paga en concepto de arrendo pode corresponder simplemente a unha ou varias parcelas. Isto é o que parece deducirse da ratio que resulta de dividir o montante global en reais de cada tipo de renda entre o número de rendas declaradas: o foro case duplica a media de reais pagada polas restantes rendas (Táboa). Así a media de reais pagada por renda foral é de 23 reais

[802] Non só en Oroso e Barbeiros, senón en todas as demais freguesías de Folgoso e do Partido de Poulo.

[803] Cada veciño enumera en primeiro lugar as parcelas que posúe e, ao final de cada declaración, faise relación das rendas pagadas "por las alajas asta aquí declaradas se paga de pensión..." indicándose o montante de cada renda e o nome do rendista ao que se lle paga. Só en casos excepcionais se pon a renda a continuación da parcela á que pertence.

mentres no caso das rendas de natureza indefinida que entendemos como as debidas a arrendos a media atópase en 14.3 reais.

Táboa 11. Rendas da terra pagadas en Barbeiros e Oroso. 1752

	Nº	%	Reais	%	Ratio reais/renda
Censos	6	3,0	128	4,3	21,4
Foros	15	7,6	347	11,5	23,1
Indefinidas	177	89,4	2 536	84,2	14,3
Total	198	100	3 011	100	15,2

Cremos que reforza esta idea o feito de que as rendas forais declaradas no *Padrón Calle-hita de 1708* sexan igualmente minoritarias, e que na maioría dos casos se trate de "rentas" a secas, "a medias", ou "al tercio". É verdade que as declaracións do *Padrón de 1708* son moi pobres e que no referente á explotación agropecuaria non din máis que o caudal do veciño en cuestión, se é propietario pleno ou paga renda e o tipo dela, pero, a falta doutra fonte máis completa, coidamos que son útiles para evaluar a *grosso modo* a presenza de cada modalidade de usufruto da terra. As explotacións estarían integradas en proporcións distintas por parcelas de propiedade plena xunto con parcelas arrendadas e de foro, sen excluir que existiran algunhas que responderan a un só tipo de posesión de maneira exclusiva. Parece que no Padrón optouse por caracterizar a explotación de cada campesiño co tipo de posesión dominante, de maneira que se as terras usufrutuadas en foro eran maioritarias, se indicou que a explotación do declarante estaba cedida en réxime foral; e o mesmo no caso de que as parcelas foran de propiedade plena ou arrendadas maioritariamente. Tendo en conta estas prevencións, pódese dicir que tanto propietarios plenos –9.73%- como foreiros –4.75%- eran un reducido grupo mentres a inmensa maioría traballaban as súas labranzas en virtude de arrendo –70.6%-[804]. Tamén se indican aqueles casos nos que a explotación está cedida "á ganancia" do tercio ou da metade e que supoñen o 11.5% do total[805], unha modalidade de cesión que non aparece no Catastro de 1752, o que non quere dicir que deixaran de existir a mediados do século XVIII. En definitiva, na explotación de cada veciño poderíanse atopar terras de propiedade plena do declarante, terras usufrutuadas en virtude de contrato foral –as menos- e terras poseídas a través de contrato de arrendamento –a maioría-, e nalgúns casos terras traballadas "á ganancia", aínda que estas últimas parece que se concentrarían en determinados campesiños que posuirían a practica totalidade da súa explotación tales condicións. Por último, debe dicirse que as rendas páganse na súa meirande parte en cereal –67%-, aínda que os ingresos en metálico, correspondentes ás pensións misas, non son unha cantidade despreciable –33%-. Entre os cereais, o trigo é o preferido –65% dos ingresos de cereal-, e o resto págase en centeo sen que apareza nin unha soa renda abonada con millo maíz.

No capítulo dedicado ao hábitat e ao poboamento rural adiantamos a exhaustiva información que aporta o párroco de Santiago de Bascoi e do seu anexo de San Martiño de Cabrui (Mesía) na enquisa de 1723 sobre *Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las*

[804] Cálculo realizado a partir das 9 parroquias que o permiten: Barbeiros, Cardama, Frades, Galegos, Montaos, Ordes, Papucín, Parada, Vilamaior. Nas parroquias veciñas que están ao sur do Tambre, (xurisdición de Budiño) a imaxe é substancialmente distinta pois as terras forais son bastante máis frecuentes.

[805] Este 11% refírese ás (11) parroquias de Mesos, Marzoa, Lesta, Deixebre, Senra, Gándara, Moar, Beán, Oroso, Pereira, Vilarromarís onde se precisan as rendas desta natureza. As rendas sabidas decláranse en especie sen indicar a tipoloxía. Polo contrario, nas parroquias onde se indican os arrendos e os foros apenas se indican rendas á ganancia –0.23%- pero hai un 14% de individuos que non declaran renda, onde probablemente se poda incluir unha cifra próxima a ese 11%.

feligresías del Arzobispado encargada polor arcebispo Herrero Esgueva[806]. Como vimos, eses datos permiten coñecer con exactitude o réxime de propiedade desas freguesías e cuantificar o peso da propiedade plena e dos distintos contratos agrarios, corroborando con cifras as apreciacións cualitativas que no mesmo sentido aportaban outros cregos da comarca. Pois ben, dos 82 veciños que habitan as dúas freguesías, once eran propietarios plenos de toda ou de parte da súa explotación (13,41%), pois seis deles tamén traballaban terras ao terzo da colleita, de xeito que somente cinco (6,10%) eran propietarios do todo o terreo que posuían. Os foreiros tamén eran unha minoría, en total nove (10,98%), a mesma cifra que se documenta para os contratos de arrendatarios. Os restantes labradores eran caseiros que traballan as terras en réxime de parzaría ao terzo da colleita, en total 48 cabezas de casa que supoñen o 58,54% dos fogares. Se a estes lles sumamos os seis propietarios plenos que tamén posúen a metade das súas explotacións en réxime de parzaría, o peso dos campesiños que traballan terras a través deste contrato ascende ao 64,63%". Como tamén vimos, da información aportada polo párroco de Vilamaior (Ordes), se deducía que a parzaría aínda presentaban un maior peso nesa freugesía, pois afectaría ao 88% dos labregos, mentres que os que traballaban terras de seu supuñan o 12% do campesinado, sen que se mencionen foreiro ningún.

Un século despois e a partir da *Contribución rústica do Concello de Frades* pódese facer un cálculo similar ao efectuado para 1752 na medida en que se declara o produto anual impoñible atribuído a rendistas e rendeiros. Se ben é unha fonte que está lonxe da riqueza informativa do *Catastro de Ensenada*, no que respecta á cuestión das rendas hai que dicir que é máis completa posto que distingue con máis craridade cada tipo de renda e declara tamén as rendas procedentes da parzaría (terras e casas). Sen embargo, para comparar os seus datos cos de 1752 hai que prescindir destas últimas (Táboa).

Táboa 12. Produto anual impoñible das rendas da terra na contribución rústica do concello de Frades en 1852

Rendas	Produto anual impoñible		Asentos		
	reais	%	nº	%	rs./asentos
Terras e casas	95 789	68,8	192	45,0	499
Pensións	24 973	17,9	195	45,7	128
Foros	16 626	11,9	30	7,0	554
Censos	1 803	1,3	10	2,3	180
Total	139 191		427	100	326

Táboa 13. Produto anual impoñible de pensións, foros e censos na contribución rústica do concello de Frades en 1852

Rendas	Producto anual impoñible		Asentos	
	Reais	%	nº	%
Pensións	24 973	57,5	195	83,0
Foros	16 626	38,3	30	12,8
Censos	1 803	4,2	10	4,3
Total	43 402	100,0	235	100,0

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En primeiro lugar, advírtase que ao igual que en 1752 faise distinción entre pensións e foros, o que ven a confirmar o exposto máis arriba acerca da interpretación

[806] AHDS, Estadística, L. 13.

destas palabras. Sen embargo a porcentaxe que corresponde a cada unha delas difire notablemente das dun século antes atopándonos agora cunha maior presenza de foros. Esta diverxencia pode ser debida a distintas razóns, comezando polo feito de tratarse de datos relativos a territorios non coincidentes. E, xa no terreo das hipóteses, podería deberse a un proceso de conversión en terras cedidas en parzaría de superficie que antes estaba arrendada, algo que por suposto non podemos afirmar por non estar contrastado.

En calquera caso o foro, pese a ter un peso máis importante que nas parroquias de Barbeiros e Oroso en 1752, non deixa de ser un contrato minoritario fronte ás pensións (Táboa): 38,3% fronte a 57,5% do montante en reais e 12,8% fronte a 83% no que respecta a asentos. Se se fai o cálculo tendo tamén en conta as rendas detraídas en concepto de parzaría (terras e casas) (Táboa), éstas se presentan como as protagonistas indiscutibles ao supoñer o 68,8% do montante en reais, aínada que no que respecta ao número de asentos se atopa lixeiramente por debaixo das pensións –45% fronte a 45.7%-. Neste cálculo o foro queda reducido ao 11.9% do montante en reais das rendas e ao 7% dos asentos. No que respecta á ratio reais/asento, ao igual que ocorría en 1752, os foros son os que presentan un cociente máis elevado –554 reais- seguido non moi lonxe da parzaría 449 e a bastante distancia de censos e pensións –180 rs. e 128 rs. respectivamente-. A interpretación debe ser a mesma, esto é, que as facendas cedidas en foro e parzaría son de maior extensión que as arrendadas ou afectadas por censos.

Como vemos, a información que aportan as distintas fontes en relación ao réxime de propiedad ofrece cifras moi diversas. Independientemente da súa maior ou menor exactitude, hai que ter en conta que se refiren a distintas localidades e a distintos momentos nos que é posible que non se dese unha coincidencia plena no peso da propiedade plena e de cada un dos distintos contratos agrarios. O que parece incontestable -salvo nos datos de mediados do século XIX correspondentes ao Concello de Frades- é que o foro tiña menor presenza que os contratos de arrendo e parzaría. Esta realidade contrasta coa coñecida a partir dos estudos que abordaron este tema en relación á Galicia da Idade Moderna nos que o contrato foral, máis favorable para o campesiñado –sobre todo a finais do Antigo Réxime- era o predominante. En todo caso, tampouco cremos que sexa unha particularidade propia da zona aquí estudada pois a mediados do século XX Abel Bohuier comprobou que o arrendo e a parzaría tiñan un peso importante nesta e noutras zonas de Galicia, polo que sería interesante saber se nesas outras áreas que documenta Bohuier tamén se rexistraba o mesmo fenómeno durante o século XVIII.

As fontes que manexamos neste traballo non explicitan as causas desta realidade polo que hai que aventurarse no terreo da hipótese para darlle unha explicación. A causa posiblemente radique nunha baixa rendabilidade da produción agraria das terras do conxunto desta comarca relacionada coas limitacións que impoñen os factores climáticos, como o amplo período de xeadas e a baixa temperatura media dos veráns, factores que non favorece a presenza nin a rendabilidade de cultivos termófilos como a vide. O estudo de Francisco Díaz-Fierros e Fernando Gil Sotres sobre a capacidade produtiva dos solos indica que só unha mínima parte destes (5,52% de clase B) ofrecen unhas aptitudes óptimas pero máis da metade (51,84% de clase B) non presentan grandes trabas para o desenvolvemento dos cultivos o que faría recaer fundamentalmente sobre os factores climáticos as barreiras a rendibilidade agraria[807]. Habida conta disto, é posible que os rendistas non estivesen dispostos a percibir rendas proporcionais á colleita moito máis baixas que as que cobraban noutras zonas máis feraces polo que a vía para conseguilo sería a de utilizar contratos agrarios que lle permitisen incrementar a proporción detraida sobre as colleitas. Fontes como o *Padrón calle-hita de 1708* ou a enquisa sobre *Lugares, frutos…* de 1723 non nos informan sobre esa proporción no caso do foro nin do arrendo

[807] DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. e GIL SOTRES, F., *Capacidad…*, op. cit., p. 58-61.

pero si no caso da parzaría que adoita ser do terzo, sen que falten exemplos da metade da colleita. Un contrato do que se valen tanto os campesiños ricos, a fidalguía, a alta nobreza como o conde de Altmira, outras institucións tradicionalmente foreiras comos os mosteiros[808]. Noutras zonas de Galicia durante o século XVIII o foro adoitaba detraer unha quinta parte da colleita, unha proporción que estaba lonxe dos contratos leoninos do terzo e da metade da colleita. En definitiva, o predominio da parzaría e mesmo do arrendo tería favorecido a existencia dunha ampla capa de campesiñado pobre asfixiado polas rendas agrarias –amén de rendas eclesiásticas como o décimo- á que aluden os párrocos que respostaron á enquisa do arcebispo Herrero Esqueva de 1723. A baixa rendabilidade da produción agraria tamén explicaría a dificultade para fragmentar as explotacións, o que obrigaría a que unha parte non pequena da poboación quedase excluída da posesión de terras de cultivo e tivese que empregarse tanto no servizo doméstico (7% da poboación a mediados do século XVIII) ou vivir en casetos dedicándose ao xornal e/ou a oficios complementarios distintos da labranza, cando non a pedir *ostiatem* polas portas como para sobrevivir.

6.4.1. O perfil sociolóxico dos rendistas

Para coñecer o perfil sociolóxico dos verdadeiros beneficiarios da produción agraria desta comarca imos valernos dos *Libros Reales* do *Catastro* de 1752 das parroquias de Barbeiros e Oroso. Algo menos das tres cuartas partes dos rendistas non residen nas freguesías de onde proceden os seus ingresos. A pesar do cal a porción de rendas que saen destas parroquias, aínda sendo a parte principal –61%-, non acada unha proporción tan elevada. A maioría destes forasteiros -65%- forman parte dos grupos privilexiados do Antigo Réxime, maioritariamente fidalgos -41%- e en menor medida persoas e institucións eclesiásticas: ademais de nove párrocos (dous das parroquias en cuestión) cobran algunha pensión as fábricas, capelas e cofradías de igrexas limítrofes ou próximas. As institucións compostelás están representadas polo Mosteiro de S. Martiño Pinario, Conventos de Santa Clara, S. Francisco e Belvís, e Colexio de Sancti Spiritus.

Táboa 14. Distribución social das rendas agrarias. Barbeiros e Oroso, 1752

	Rendistas		Don	Montante		Reais/ Nº Rendistas
	Nº	%		Reais	%	
Veciños	23	27,1	4	1 564	39,2	67,98
Forasteiros	62	72,9	26	2 424	60,8	39,09
Laicos	57	67,1		2 162	54,2	37,9
Eclesiásticos	28	32,9		1 825	45,8	65,2
Total	85	100	30	3 987	100	46,9

En realidade, a superioridade do compoñente laico (Táboa) é bastante clara tanto no que se refire ao número de perceptores (67% do total) como ao montante dos ingresos computado en reais que perciben (54%). En realidade, a superioridade do compoñente laico (Táboa) é bastante clara tanto no que se refire ao número de perceptores (67% do total) como ao montante dos ingresos computado en reais que perciben (54%). En consonancia co dito respecto da proporción de terra poseída por forasteiros, algo menos das tres cuartas partes dos rendistas non residen nas freguesías onde perciben ingresos. A pesar do cal a porción de rendas que saen destas parroquias, aínda sendo a parte principal –61%-, non acada unha proporción tan elevada.

[808] Por exemplo, no Padrón Calle Hita de 1708 aparece o Mosteiro de Sta. María de Sobrado percibindo rendas de parzería ao terzo da colleita.

Táboa 15. Distribución das rendas eclesiásticas. Barbeiros e Oroso, 1752.

	Rendistas		Montante		Reais/ Nº Rendistas
	Nº	%	Reais	%	
Curas	9	10,6	1 050	26,3	116,7
Conventos e Colexios	5	5,9	422	10,6	84,4
Fábricas de Igrexa	5	5,9	162	4,1	32,5
Capelas e Cofradías	9	10,6	190	4,8	21,1
Total Eclesiásticos	28	32,9	1 825	45,8	65,2

Táboa 16. Distribución das rendas de laicos. Barbeiros e Oroso, 1752.

	Rendistas		Montante		Reais/ Nº Rendistas
	Nº	%	Reais	%	
Conde de Altamira	1	1,18	613	15,4	613
Conde de Priegue	1	1,18	112	2,81	112
Total Nobreza titulada	2	2,35	726	18,2	363
Don	20	23,5	905	22,7	45,3
Resto	35	41,2	531	13,3	15,2
Total Laicos	57	67,1	2 162	54,2	37,9

Como é obvio dentro destes dous grupos aprécianse diferenzas substanciais. No grupo dos laicos a balanza iclínase con claridade a favor da fidalguía e nobreza titulada, e no dos eclesiásticos a maior parte dos ingresos vai parar a mans dos párrocos destas dúas freguesías que son os responsables da superior media de ingresos por perceptor dos rendistas relixiosos. Se se exclúen os curas das freguesías foráneas temos que corresponde aos párrocos unha media de 501 reais por cabeza. O groso dos ingresos dos párrocos conceptúase no capítulo de misas de pensión se exceptuamos as rendas decimais que non van aquí incluídas. Pero nin sumando estas últimas os párrocos conseguen ser os maiores perceptores, xa que dúas terceiras partes do décimo corresponde ao conde de Altamira en ambas freguesías. No montante dos cregos van incluídas primicias e oblata; as primeiras repártense co conde de Altamira na mesma proporción que o décimo. O conde de Altamira é o maior perceptor e os seus ingresos suman o 15% das rendas de ambas parroquias, iso sen contar as dúas terceiras partes do décimo que lle corresponden. Séguenlle os párrocos de Barbeiros e Oroso, o Convento de Belvís, o Conde de Priegue e algúns fidalgos de Coruña, Santiago e parroquias limítrofes. En xeral tratase de individuos ou entidades relixiosas (fábricas, capelas, cofradías) do mundo rural –68%-, os restantes están domiciliados preferentemente en Santiago –18%- sen que as outras cidades e vilas galegas teñan unha presenza apreciable: tan só se documentan dous rendistas de A Coruña, un de Mondoñedo e outro de Ferrol.

6.4.2. Outras rendas sobre a produción agraria

O décimo ou "diezmo a Dios" era unha das rendas máis antipáticas á que se vía sometida a produción agraria. Os perceptores podían ser tanto institucións como individuos laicos e relixiosos entre os que acostumaba estar o párroco; na diócese de Santiago, a meirande parte dos décimos era percibida polos párrocos, pero a media que lles correspondía era baixa, sendo o cabildo e o arcebispo, xunto co monsteiros grandes –Pinario, Antealtares-, e membros da nobreza e da figalguía os que máis se beneficiaban[809].

[809] REY CASTELAO, O., "El reparto social del diezmo en Galicia", *Obradoiro de Historia Moderna,* 1992, nº 1, pp. 145-162.

Este raras veces deixaba de percibir unha parte do décimo, no que case sempre se incluía a porción do "diezmero personal", é dicir un veciño a elección do crego que, obviamente, coincidía co maior contribuínte.

Na parte referida aos dereitos do conde de Altamira na xurisdición de Folgoso, xa vimos que os ingresos declarados en 1752 en concepto de décimo están moi por debaixo do recadado na realidade, polo tanto aquí tan só utilizaremos estes datos para coñecer o modo no que esta carga se repartía entre os distintos perceptores. No conxunto da xurisdición de Folgoso, sumando a parte do décimo que lles correspondía máis o "diezmero", aos párrocos percibían arredor do 55% do valor total que alcanzaba esta exacción eclesiástica segundo as *Respuestas Generales* de 1752: en todas as parroquias de Folgoso, salvo en Marzoa, os ingresos decimais do párroco ían desde a totalidade do detraído por este concepto (como en Mesos e Montaos) a porcións de maior ou menor tamaño. Na mencioanada de Marzoa tampouco o "dezmero" queda en mans do párroco, senón que vai a parar ao Colexio de Santi Spiritus de Santiago. No segundo lugar do "ranking" atopábase o conde de Altamira, que percibía o 23%, seguido a moita distancia polo Arcebispo de Santiago (5%), doutras institucións compostelás e dunha serie de particulares laicos de orixe fidalga, case todos foráneos da comarca, que, salvo raras excepcións, obtiñan cantidades minúsculas en distintas parroquias: ademais do Cabido de Santiago e do Colexio de Sancti Spiritus tamén percibían décimo os Colexios da Compañía e de Fonseca, os Convento de Santa Clara e Belvis, o Arcediago de Cornado, a Universidade, e unha serie de particulares laicos de orixe fidalga, case todos foráneos da comarca. Asemade, en Cardama os Conventos de Sta. Clara de Santiago, o de Belvís e o Colexio de Fonseca percibían a metade do décimo correspondente ás terras que posuían na citada parroquia, e noutras parroquias algúns particulares tamén obtiñan unha pequena parte do décimo en similares condicións.

Táboa 17. Perceptores do décimo en Folgoso. 1752

Perceptor	Veciñanza	Reais	%	Parroquias
Curas párrocos	parroquia	14 773	57,0	19 parroquias
(media curas párrocos)		778	-	
Conde de Altamira	Madrid	6 107	23,6	9 parroquias
Arzobispo de Santiago	Santiago	1 255	4,8	Moar, Papucín e Senra
D. Joseph de Montes	A Coruña	1 047	4,0	Beán
D. Vicente Pimentel	Santiago	795	3,1	Vilamaior
Colexio Sancti Spiritus	Santiago	686	2,6	Marzoa
Cabido de Santiago	Santiago	516	2,0	Pereira e Vilagudín
Marqués de Bóveda	Ourense	230	0,9	Deixebre e Galegos
D. Bernardo Riazos	Moar, Sta. Aia de	171	0,7	Moar
Dª. Micaela Sanchez	Santiago	165	0,6	Pereira
D. J. Mª. Vermudez	Ferrol	165	0,6	Pereira
Total décimo		25 910	100	

Como resulta obvio, entre os froitos decimados a estrela era o cereal que aportaba sumaba o 94% das ganancias seguido da reducida proporción que se tributaba polo liño –4%-. Os restantes produtos, que non decimaban en todas as parroquias, contribuían en cantidades minúsculas: as multiplicacións do gando lanar[810] supoñía o 1.7% do total, as do vacún 0.4%, e polos décimos miúdos o 0.1%[811]. Das multiplicacións do vacún só se paga polo décimo do leite a través da entrega dos chamados "pollos de la leche": por cada

[810] Non se declara únicamente en Sta. Cruz de Montaos e S. André de Lesta.


[811] Os "menudos" só se declaran no couto de Vilarromarís, polo que a cantidade que aparece na táboa non é representativa.

vaca leiteira pagaríase un polo ou a cantidade na que estivera valorado esta ave de corral. Só se declaran en Barbeiros, Bean, Frades, Marzoa, Mesos e Papucín. En Marzoa tamén se di pagar en concepto de décimo do leite polos rendimentos do traballo dos bois, algo que normalmente se paga a través das primicias.

Táboa 18. Composición dos ingresos por décimo en Folgoso segundo as *Respuestas Generales*. 1752

	Valoración en Reais	%
Trigo	6 702	25,9
Centeo	8 527	32,9
Maiz	7 618	29,4
Millo miudo	1 459	5,6
Total cereal	24 306	93,8
Liño	1 048	4,0
Cordeiros	443	1,7
Polos leite	90	0,3
Bois	12	0,1
Décimos miudos	10	0,1
Total global	25 910	100

Gráfico 4. Valor porcentual dos conceptos que compoñen os ingresos decimais en Folgoso segundo as *Respuestas Generales.* 1752



Entre as rendas eclesiásticas, só a oblata tiña como único perceptor ao parroco, as demais**,** tamén adoitaban corresponder a este ou repartirse nas mesmas proporcións que o décimo. Por esta carga, cada veciño casado pagaba un ferrado de centeo –nalgunhas parroquias engadíase un ou medio ferrado de trigo-, mentres a súa muller entregaba en torno a unha ducia de ovos. As viuvas pagaban medio ferrado de centeo e en torno a media ducia de ovos. En parroquias como Cardama ou Vilarromarís o párroco recibía ademais o día da festa do patrón a ofrenda dunha "torta" de pan por parte de cada veciño.

As primicias podían pagarse por veciño ou por "lugar", aínda que esta última modalidade é infrecuente –3% das parroquias-. Nalgunha parroquia como Mesos, non se paga este gravamen "por no estar en posesión de hacerlo"[812] e noutras algúns veciños e lugares poden estar exentos. O máis común é que se contribúa en ferrados de centeo –entre 1 e 5 por veciño- xunto con algún polo ou galiña. Se os bois cos que se traballa a terra son alleos –en parzaría ou alquiler- a cantidade a pagar pode verse reducida á metade. Ademais dos párrocos percibían parte das primicias da xurisdición o conde de Altamira (Gándara), o mosteiro de S. Martín Pinario (Deixebre, Papucín), o Conde de Priegue e o Cabido de Santiago (Pereira).

Pola súa banda, o Voto de Santiago, que ía parar as arcas das arcas do cabildo catedralicio compostelán e do arcebispo, pagábase en todas as parroquias. En concepto de Voto pagaba cada veciño en torno a oito cuartillos de centeo, como en toda a diócesis de Santiago[813], aínda que, en teoría, esta cantidade podía oscilar segundo se tratara de veciños con gando propio, en parzaría ou alquiler ou sen gando. Parece una renda pequeña, pero equivalía a varias racións de alimentación e era moi mal vista polos labradores, xa que non a consideraban lexítima nos seus obxectivos e, ademais, sumábase

[812] AGS, DGR, L. 241, fol. 1.
[813] REY CASTELAO, O., "El voto de Santiago en Galicia: regímenes contributivos e interpretación de sus series", *Compostellanum*, 1988, n- 3-4, pp. 385-488.

a outras rendas eclesiásticas, polo que o total remataba sendo relevante nas detraccións das colleitas.

6.5 O PARCELAMENTO

Máis atrás vimos os trazos fundamentais da organización do espazo agrícola, e aínda que este tema tería alí un bo acomodo, preferimos deixar o seu tratamento para este lugar polas implicacións que ten a organización espacial das explotacións cos dereitos de posesión e usufruto aos que están suxeitas. É dicir que a estrutura interna das explotacións, tanto da parte inculta como dos espazos cultivados, presenta particularidades que non son identicas en todos os lugares e que se reflicte nas características das parcelas.

No *Catastro* declaranse "piezas" que non sempre coinciden co que etendemos por parcela posto que poden comprender dentro do seu perímetro máis dunha utilidade agraria. Por tanto, tan só as pezas que teñen unha única adicación –labradío, prado, monte...- poden considerarse parcelas propiamente ditas, mentres que no caso das pezas mixtas tratarase de extensións de terra que se declaran en bloque por estar entregadas en arrendamento[814]. As primeiras, moito máis frecuentes –79.5%-, presentan, en boa lóxica, un tamaño moi inferior –4.7 fronte a 23.5 ferrados, 0.29 e 1.44 hectáreas respectivamente. A gran diferenza entre unhas e outras débese, por unha parte, á mesma circunstancia de incluirse nunha soa peza o que son dúas ou máis parcelas, pero sobre todo ao feito de que a maior parte das "piezas" inclúen unha porción considerable de monte; nestos casos quizais se trate de lugares entregados en arrendo ou acaserados nos que labradío e inculto formen un só lote de terras entregadas ao arrendatario[815]. Así, se no conxunto das parcelas con un único uso o monte supón o 69% da superficie declarada, no caso das "piezas" con máis dunha adicación, o monte ocupa a inmensa maioría do espazo agrario –87%-.

Táboa 19. Escala de tamaños das parcelas en relación co tamaño da explotación agraria (Barbeiros-Oroso). 1752

Tamaño Explotación	Casos	Hectáreas		
		A	B	C
0,03-4 Has.	73	0,15	0,58	0,24
5-9 Has.	19	0,29	0,79	0,39
11-19 Has.	12	0,29	1,60	0,53
20-29 Has.	8	0,45	2,27	0,94
30-55 Has.	4	0,43	3,40	0,95
Media en Has.	116	0,29	1,44	0,53
A = parcelas dunha soa especie e calidade **B** = "piezas" que inclúen parcelas de varias calidades e/ou especies **C** = A + B				

En calquera caso, se mire como se mire, as "piezas" e/ou parcelas presentan un tamaño medio moi superior ao rexistrado noutras comarcas de Galicia, incluso por riba das máis elevadas da provincia de Mondoñedo. Coidamos que tamén aquí é válida a interpretación de Pegerto Saavedra que considera para o caso mindoniense que é o réxime de propiedade quen determina a subdivisión dos espazos agrarios. É dicir, mentres o campesiño non sexa propietario ou foreiro, e por tanto non poda dispoñer con máis ou

[814] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía, política...*, op. cit., p. 220

[815] En este senso tense manifestado P. Saavedra para a provincia de Mondoñedo (SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía, política...*, op. cit., p. 220).

menos liberdade da terra que traballa, as parcelas apenas sufrirán particións. De aí as grandes diferenzas de tamaño entre as parcelas das comarcas onde predomina o foro, como a cercana xurisdición de Xallas[816], e aquelas onde o arrendo e a explotación *á ganancia* é maioritaria.

Do mesmo xeito que se ten comprobado para o resto de Galicia, o tamaño da parcela ten unha relación directamente proporcional co tamaño total da explotación, é dicir, que aqueles que posúen máis declaran "piezas" maiores (columna C da Táboa). Sen embargo, isto non se debe únicamente ao feito de que os maiores propietarios declaren nunha soa peza lotes de terras que inclúen varias parcelas, posto que se se observan os tamaños das parcelas propiamente ditas (columna A da Táboa) pode comprobarse que canto máis terra se posúe máis extensas son tamén as súas parcelas; se ben as diferenzas non resultan tan marcadas como no outro caso. O que realmente establece as disparidades do tamaño medio das parcelas de uns e outros son as porcións de monte e en particular de monte "cerrado" -tal como pode observarse na Táboa -, xa que no caso do terreo cultivado, se ben se dan desigualdades, estas non presentan un carácter tan pronunciado.

Táboa 20. Escala de tamaños das parcelas segundo a súa dedicación e en relación co tamaño da explotación agraria (Barbeiros-Oroso). 1752

Tamaño explotación	Cultivo	Inculto sen Mt. Cerrado	Total Inculto	Total Global
0,03-4 Has.	0,10	0,17	0,37	0,15
5-9 Has.	0,12	0,26	0,70	0,29
11-19 Has.	0,13	0,21	0,64	0,29
20-29 Has.	0,13	0,34	1,18	0,45
30-55 Has.	0,16	0,83	0,83	0,43
Media en Has.	0,12	0,37	0,71	0,29

Táboa 21. tamaño das parcelas segundo a súa dedicación. Barbeiros-Oroso. 1752

Tamaño Explotación	Total ferrados	Total parcelas.	Ferrados						Total	
			Labr.	Horta	Prado	Mt.C.	Mt.A.	Devs.	Ferrados	Has.
0,03-4 Has.	812,7	334	1,7	0,4	1,2	3,3	16,5	1,5	2,4	0,15
5-9 Has.	1 294,6	270	2,1	0,4	0,9	4,6	25,0	2,8	4,8	0,29
11-19 Has.	1 297,4	278	2,4	0,4	1,1	3,6	25,1	1,1	4,7	0,29
20-29 Has.	1 133,1	153	2,5	0,6	1,4	6,3	59,3	2,1	7,4	0,45
30-55 Has.	1 075,1	152	2,8	0,3	1,0	14,8	12,9	0,8	7,1	0,43
Total ferrados.	5 612,9	1 187	2,3	0,42	1,12	6,52	27,76	1,66	5,28	0,32

O tamaño medio da parcela é de 29 áreas[817], pero segundo o uso que se lle dé ao terrádego estas dimensións poden ir das 2.4 áreas das hortas ata os 165 do monte aberto. Pero dentro dunha mesma utilidade as diferenzas poden ser moi grandes dependendo do réxime xurídico que regule o seu desfrute. Estamos a referirnos ao monte. Entre as "porcións" de monte aberto e as parcelas do monte pechado a disparidade de tamaño é

[816] En Xallas o tamaño medio da parcela é de 580 m^2, é dicir, 0.58 Has (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisidicción...*, op. cit., p. 519). Sen chegar a tal grao de pulverización, pero cunha subdivisión moi superior á das nosas parroquias se atopa o caso da Ulla –0.13 Has.- (REY CASTELAO, O., *Aproximación...,* op. cit., p. 102), e o Salnés –en torno a 0.10 Has- (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit., p. 164). Na provincia de Mondoñedo poden atoparse tamaños moi dispares dependendo da comarca, e no litoral e prelitoral as parcelas son de maior tamaño (Ove, 0.36 Has) que na montaña (Xove, 0.047 Has.) (SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía, política...*, op. cit., p. 219).

[817] 8.6 ferrados, equivalentes a media hectárea no caso das "piezas" e parcelas conxuntamente.

considerable: 41.7 áreas o primeiro e 168 o segundo. Por tanto, fora do monte aberto, as dimensións medias das parcelas das restantes adicacións móvense entre as do monte pechado e as mencionadas para as hortas. Na medida en que o labradío é a utilización máis estendida entre as terras cultivadas, as parcela media deste conxunto de terreos –labradío, prados, horta- presentan uhnas dimensións –12 áreas- que veñen impostas polo predominio do labradío –12.9 áreas -, posto que a extensión das hortas prados e pastos é moito menor.

Táboa 22. Media de parcelas por declarante. Barbeiros-Oroso. 1752

Tamaño Explotación	Declarantes		Nº de "piezas" e parcelas			Nº "piez." e Parc./declarante		
	Nº	%	A	B	C	A	B	C
0,03-4 Has.	73	62,9	334	88	423	4,6	1,2	5,8
5-9 Has.	19	16,4	270	69	339	14,2	3,6	17,8
11-19 Has.	12	10,3	278	63	341	23,2	5,3	28,4
20-29 Has.	8	6,9	153	56	209	19,1	7,0	26,1
30-55 Has.	4	3,4	152	32	184	38,0	8,0	46,0
Total	116	100	1 187	308	1 496	10,2	2,7	12,9
%			79,3	20,6	100			
parcelas/veciño						13,3	3,5	16,8

A = parcelas dunha soa especie e calidade
B = "piezas" que inclúen parcelas de varias calidades e/ou especies de terra
C = A + B

Táboa 23. Media de parcelas por declarante e segundo as utilidades da terra. Barbeiros-Oroso. 1752

Tamaño Explotación	Nº Declarantes	Parcelas		Media de parcelas por declarante						
		Nº	%	Labr.	Horta	Prado	Mt.C.	Mt.A.	Devs.	Total
0,03-4 Has.	73	334	28,1	3,1	0,1	0,5	0,5	0,2	0,2	4,6
5-9 Has.	19	270	22,7	8,8	0,3	0,8	2,2	1,5	0,6	14,2
11-19 Has.	12	278	23,4	14,1	0,5	1,6	4,5	2,3	0,3	23,2
20-29 Has.	8	153	12,9	10,3	0,8	2,3	3,5	1,5	0,9	19,1
30-55 Has.	4	152	12,8	19,5	0,3	2,5	12,8	1,8	1,3	38,0
Total	116	1 187	100	6,2	0,2	0,8	1,8	0,8	0,4	10,2
%				61,0	2,4	8,0	17,6	7,5	3,5	100

Incluíndo monte aberto e pechado, o número medio de "piezas" que corresponden a cada declarante sitúase en pouco menos de 13, das que dez son propiamente parcelas[818]. Os valores que dan lugar a esta media crecen gradualmente entre as 6 parcelas dos posuidores que teñen as explotacións de menor tamaño –0.03 a 4 Has- ás 46 que resultan de media entre os catro declarantes de máis de 30 Has. Por adicacións da terra, as parcelas máis frecuentes son as de labradío –6 parcelas/declarante- e as máis infrecuentes as de horta e devesa –0.2 e 0.4 parcelas/declarante respectivamente-.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[818] O número de parcelas por veciño con terras e/ou gando é algo superior: 13.3 parcelas e 3.5 pezas (total 16.8), algo superio ás cifras da Ulla –11.6 parcelas por veciño (REY CASTELAO, O., *Aproximación...*, op. cit., p. 102), pero inferior ás 33 do Xallas (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit., p. 519) e ás do Salnés que segundo a explotación do declarante poden ir de 14 a 28 (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit., p. 164)

Gráfico 5. Tamaño das parcelas segundo a súa dedicación (Barbeiros-Oroso), 1752





Gráfico 6. Escala de tamaños das parcelas en relación co tamaño da explotación agraria (Barbeiros-Oroso). 1752



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

7. APROXIMACIÓN ÁS ESTRUTURAS ECONÓMICAS: AGRICULTURA E GANDERÍA COMO BASES DO SISTEMA PRODUTIVO

7.1 AS FONTES

Para o estudio das estruturas económicas do Antigo Réxime é inexcusable a utilización do *Catastro de Ensenada*, tanto das *Respuestas Generales*, como da rica información dos *Libros Reales* de leigos e eclesiásticos. A partir de ambas fontes, combinando e comparando os datos que nos ofrecen, tentaremos aproximarnos ao mundo agrario desta sociedade rural. As *Respuestas Generales* ou *Interrogatorios*, aínda ofrecendo datos moi valiosos para o coñecemento da realidade socioeconómica do século XVIII, deben ser tomados con cautela posto que non deixan de ser unha información construída a partir de estimacións aproximadas de carácter global que nos dan un panorama pouco matizado e con frecuencia bastante inexacto. En calquera caso, ofrecen unha información sistemática insustituible no que se refire aos aspectos económicos (clases e rotacións de cultivos, rendementos agropecuarios, metroloxía local, rendas señoriais eclesiásticas e reais, feiras...), e cando non se conservan as *Respuestas Particulares*[819], poden compensar esta carencia na medida en que reproducen –aínda que sexa groseiramente- as dimensións e repartición do terrádego, ou permiten unha visión aproximada das estruturas sociais (número e nome dos fidalgos, oficiais señoriais, actividades complementarias da labranza...) e á realidade demográfica (número de veciños) de mediados do século XVIII.

Por tanto presenta os típicos inconvintes que acompañan a toda fonte fiscal: presentación sesgada dos datos que ofrece (ocultacións, infravaloración, inexactitudes...)[820], así como o carácter "formulístico" das súas declaracións, que se ben facilita a sistematización da información, leva nalgúns casos a xeneralizacións inexactas. Así, segundo se tome unha ou outra xurisdición, a maior parte das respostas resproducen literalmente un texto tomado como patrón para toda a xurisdición, cando hai cuestións que poden variar dunhas parroquias a outras, e, á inversa, cuestións que non deben ser diferentes entre parroquias veciñas, como o tipo de cultivos ou as súas rotacións, decláranse de xeito substancialmente distinto conforme o partido no que se inscriban: por exemplo, os veciños do Partido de Poulo din recoller unha sobrecolleita de nabos, mentres os das parroquias circundantes da xurisdición de Folgoso (Mercurín, Ordes, Pereira, Barbeiros e Vilamaior) omiten este cultivo e describen un tipo de rotación bastante máis simple que o dos pouleiros. Outros exemplos son a omisión do o cultivo promiscuo de fabas entre o millo, neste caso nas parroquias de Poulo ou a afirmación dos de Folgoso de que só se producen berzas nos meses de verano, cando os pouleiros afirman precisamente o contrario.

Por todo iso deben ser complementadas cos *Libros Reales*, o cadastro propiamente dito, moito máis ricos en detalle e máis rigorosos nos datos, -sempre dentro dos parámetros dunha fonte fiscal- e a través dos cales é posible a reconstrución da superficie agraria, da cabana gandeira e das explotacións agropecuarias familiares. Sen chegar aos niveis de fraude

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

819 Das 26 parroquias que reúnen Folgoso e Poulo consérvanse no Arquivo do Reino de Galicia as *Respuestas Particulares* de 14 localidades: Barbeiros (L. 298-301); Bean (L. 350-353); Buscás (L. 527-530); Cadama (L. 676-677); Galegos (L. 1277-1280); Leira (L. 1520-1523); Mercurín (L. 1778-1781); Moar (L. 1813-1816); Oroso (L. 2049-2053); Papucín (L. 2141-2144); Pereira (L. 2188-2190); Vilamaior (L. 2957-2960); Vilarromarís (L. 3011-3014); Coto de Vilagudín (L. 2949-2950)

820 PÉREZ GARCÍA, J. M., "Fuentes de control de los Catastros fiscales: las escrituras de protocolos" en EIRAS ROEL, A. et al., *Las fuentes...*, op. cit.

das *Respuestas Generales* –só se declara o 22.5% da extensión total de Folgoso- a ocultación que fan da superficie parroquial non é pequena -54%-[821].

A partir dos *Libros Reales* foron elaborados os *Resumenes Generales* ou *Mapas* que presentan os datos cadastrais a nivel parroquial e provincial. Esta fonte custodiada no AHN[822] ten sido moi criticada, senón desbotada, por algúns autores[823], se ben é aproveitable para algunhas cuestións como a gandería. Aquí tan só imos utilizar as cifras relativas a ese sector económico por ser uns datos que consideramos contrastados para a xurisdición de Folgoso, como se verá, e que xa foron utilizados a nivel galego por outros autores[824]. Son unha fonte cómoda que dá os datos globais a nivel parroquial e que tan só omite as proporcións de gando en usufrutuado en réxime de parzaría –só declarado nos *Libros Reales*-detallando as cabezas de cada especie e as cantidades de femias e machos por grupos de idade.

Dos *Expedientes de Hacienda* de finais do XVI correspondentes ás xurisdicións de Montaos (Folgoso) e Mesía poden extraerse escasos datos cuantificables para o estudio das estruturas económicas, sen embargo presentan algunhas apreciacións cualitativas que ilustran certas cuestións como a distribución dos bens de produción ou as utilidades da gandería. Por último, non debe deixarse de mencionar o *Compedio del Estado de Altamira* que cos seus concisos xuízos arroxa luz sobre temas que aparecen difusos no *Catastro.*

7.2 A ECONOMÍA LABREGA: ESPAZOS AGRARIOS, GANDERÍA E FORMAS DE EXPLOTACIÓN

Se ben nas economías de Antigo Réxime o sistema produtivo descansaba sobre o sector primario, pode establecerse certa gradación entre elas en función do peso que tiñan os restantes sectores económicos. Xa vimos como nesta bisbarra as actividades correspondentes aos sectores secundario e terciario teñen unha exigua presenza, de maneira que agricultura e gandería aportan a práctica totalidade da producción. Ademais, ao longo das páxinas deste traballo temos insistido na condición de zona de transición das terras da comarca de Ordes, trazo que tamén vai caracterizar á súa agricultura e gandería. De aí que sexa difícil o seu encaixe nos dous grandes tipos de agricultura que en liñas xerais se distinguen para a Galicia de mediados do XVIII: a desenvolvida e intensiva do litoral e prelitoral[825], e a extensiva do interior[826]. Pódese dicir que esta comarca funcionaba a modo de ponte entre as dúas agriculturas descritas a *grosso modo,* e así o sistema agrario presentaba avances descoñecidos nas arcaicas economías de montaña do interior lugués pero non chegaba aos niveis de aproveitamento agropecuario que dende había máis dun século se puxeran en marcha na Galicia litoral e prelitoral. Neste senso

[821] Xa indicamos que Pérez García estimou o grao de ocultación da superficie de cultivo decrarada nos Libros Reais dalgunhas parroquias do Salnés nun 30%; (PÉREZ GARCÍA, J. M., "Fuentes.... op. cit).

[822] AHN, Mº. de Hacienda, Catastro, L. 7432 (Provincia de Santiago).

[823] PÉREZ GARCÍA, J. M., "Algunas..., op. cit.

[824] EIRAS ROEL, A. "Hautes terres..., op. cit., Cordeiro Torrón, X., et al., "A distribución espacial do gando en Galicia segundo o Cadastro de Ensenada" en *Revista Galega de Estudios Agrarios*, vol. 9, 1983, 71-83.

[825] Agricultura evolucionada de carácter intensivo na que a óptima complementariedade cunha gandería estabulada permite altos rendementos da terra e do agricultor; estudiada en monografías comarcais como as do Salnés (PEREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit.), A Ulla (REY CASTELAO, O., *Aproximación...*, op. cit.) ou o Morrazo (RODRÍGUEZ FERREIRO, H., *Economía y población rural en la Galicia atlántica. La jurisdicción del Morrazo en los siglos XVII y XVIII*, [Tesis doctoral inédita, Universidad de Santiago, 1982]).

[826] Agricultura de baixos rendementos por espazo cultivado e de ténue imbricación coa cabana gandeira, tamén explotada en réxime extensivo a costa das reservas alimenticias que aportan amplos espazos de terreo inculto (monte, terras en barbeito anual) que se pode situar no interior de Lugo estudiada nos traballos de SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón,* Santiago, 1979; PEDROUZO VIZCAÍNO, O., *El arciprestazgo…,* op. cit.; e SOBRADO CORREA, H., *Vinculeiros...,* op. cit.).

poden atoparse similitudes, unha vez máis, coa próxima comarca do Xallas ou coas zonas de transición ao interior da antiga provincia de Mondoñedo[827].

7.2.1 A distribución das dedicacións da superficie agraria en 1752

Para mediados do século XIX as fontes estatísticas non permiten coñecer esta importante cuestión. Unha vez máis, o *Catastro de Ensenada* se presenta como a única fonte que permite unha visión global e completa da distribución das dedicacións do terrádego. De xeito breve, e seguindo as instrucións que para a elaboración dos datos estatísticos tiñan que servir para á implantación da Única Contribución, as *Respuestas Generales* informan sobre os usos que se lle daba ao solo agrícola:

> *...huertas plantadas de hortaliza, tierras laborables, prados de regadio, y otros de secano o pasto, que es lo mismo, dehesas de S.M. y particulares, montes que producen leña y otros toxo vajo, y otros cumunes quanto al pasto, que por seren aridos y peñascosos no producen cosa alguna,...*[828]

Só os prados necesitaban ser irrigados nos meses máis secos do estío; o resto das terras, grazas ao alto nivel de humidade que permitía o "...quasi continuo veneficio del cielo..." eran de secano. Aparte desta xenérica clasificación en regadío e secano, fíxose unha segunda que atendendo á produtividade dividía a terra en tres calidades, salvo no caso das devesas que din ser só de primeira[829].

Táboa 1. Distribución porcentual da superfie agraria nas 21 localidades de Folgoso a partir das *Respuestas generales* do *Catastro* de 1752

	Labrad.	Horta	Prado	Total Cultivo	Monte	Devesa	Souto	Total Inculto	TOTAL
TOTAL	28,0	0,5	1,7	30,3	68,9	0,8	0,0	69,7	100

Táboa 2. Comparación entre a superficie declarada nas *Respuestas Generales* e nos *Libros Reales* das parroquias de Barbeiros e Oroso. 1752.

		Labrad.	Horta	Prado	Total Cultivo	Monte	Devesa	Total Inculto	TOTAL
Ferrados	***Respuestas Generales***	1 785	30	81	1 896	4 095	104	4 199	6 095
	Libros Reales	2 285	35	190	2 510	10 092	153	10 245	12 755
	Diferenza	500	5	109	614	5 997	49	6 046	6 660
%	***Respuestas Generales***	29,3	0,49	1,33	31,1	67,2	1,71	68,9	100
	Libros Reales	17,9	0,3	1,5	19,7	79,1	1,2	80,3	100,0
	Diferenza	21,9	14,3	57,4	24,5	59,4	32,0	59,0	52,2

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

827 BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit.; SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía, política...*, op. cit.

828 AGS, DGR, 1ª R, L. 251, fol. 611.

829 Sen embargo, logo nos Libros Reais decláranse devesas das tres calidades. Nas parroquias de Poulo tamén se declara o prado secano ou pasto como dunha única calidade, e menciónase a superficie "... ynutil por naturaleza..." que nada produce.

O contraste entre os datos procedentes das *Respuestas Generales* cos dos *Libros Reales* obriga a desbotar os primeiros pola gran discordancia entre uns e outros tanto en cifras absolutas como porcentuais. As *Respuestas* non só ocultan superficie senón que ademais non o fan en similares proporcións para as distintas especies de terra, de aí que a distribución porcentual presente discordancias inaceptables cos dos *Reales*. Así, se se agrupan por unha parte as terras de cultivo, e por outra as incultas poden observarse diferenzas de máis de dez en ambos grupos (Táboa).

7.2.1.1 As terras incultas: montes soutos e devesas

Tanto nas Respuestas Generales como nos Libros Reales, o máis evidente é o dominio do monte sobre a superficie cultivada: 80%[830]. Xa dixemos máis atrás que o monte non contaba con superficie arborada senón que estaba cuberto por vexetación espontánea moi tupida integrada por formacións vexetais propias da landa atlántica –fudamentalmente xestas, toxo e uces-.

Nas Respuestas Generales das parroquias de Folgoso fíxose unha clasificación simplista do monte que non respondía á realidade e asimilouse o inculto de primeira cos "montes que producen leña", -é dicir, os espazos incultos de xestal e toxal de tipo xigante (Ulex europoeus), o de segunda cos montes sen utilidade forestal que producen "toxo bajo" -toxo manso ou enano (Ulex nanus)-, e os de terceira co monte inútil " donde no se siembra cosa alguna, por seren secos, áridos e ynfrutiferos, por cuxa razón no les regulan cosa alguna..."[831]. E, aínda que tanto os de segunda e terceira "...producen alguna broza, solo sirve para el abono de las tierras y no le dan valor ni estimación alguna...". Na práctica, os veciños consignaron nos *Libros Reais* xestal e toxal das tres calidades, de maneira que esa identificación do monte inútil co de terceira calidade que se facía na pregunda 5ª das *Respuestas Generales* non se correspondía co que logo se aplicou á hora de catastrar a terra. Neste senso, foron moito máis claros os "peritos" do partido de Poulo que xa nos *Interrogatorios* estableceron unha clasificación do monte máis coherente co que logo habían de declarar:

> *...toxales, que los de primera calidad se rompen a los veinte años y su leña sirve para quemar los terrones, y se siembra de trigo que lo producen dentro de dichos veinte años, los de segunda se rompen a los veinte y cinco y los de tercera a los treinta y dentro de ellos tienen la dicha produción de trigo; jestales, que los de primera calidad se rompen a los ocho años, los de segunda a los doce y los de tercera a los diez y seis, y dentro de ellos producen la leña y trigo...*

Según as *Respuestas Generales* de Folgoso, máis da metade do monte declarado nesta xurisdición –63.7%- era de terceira e so o 10% de primeira. A intención fraudulenta destas cifras é tan evidente que non merecería máis comentario, posto que de acordo co que se di na pregunta número 5, ese 63.7% sería monte inútil, algo que é falso nunhas terras como istas nas que o rochedo sempre está cuberto de terra e na que, debido á suavidade do seu modelado, non existen riscos nin pendentes tan pronunciadas que non

[830] 82.85% en Barbeiros e 74.10% en Oroso.

[831] Esto decían os "peritos" de Barbeiros nos Interrogatorios de 1762 (AGS, DGR, 1ª R., L. 241, fol. 17). En 1752 os "peritos" de Sta. Mª. de Ordes declaraban "...los (montes) de tercera no producen cosa alguna por seren aridos y peñascosos e ynfrutiferos... y dichos montes de primera calidad consideran produciran de los treinta en treinta años seis carros de leña, los de segunda de los quarenta en quarenta produciran quatro carros de tojo bajo, y los de tercera nada por lo mismo que lleban dicho..." (AGS, DGR, 1ª R., L. 251, fol. 611).E en 1762 siguen insistindo no mesmo: "...los (montes) de tercera que no se cortan ni rompen por aridos y peñascosos, e ynfrutiferos, y por ello no le regulan cosa alguna...".Trátase neste último caso dos terreos de escasa profundidade, nos que está moi cerca a rocha.

permitan crecer a vexetación[832]. Pero xa se sabe que o fraude principal das declaracións do *Catastro* de 1752 radicou, máis que na ocultación de terras, na infravaloración da calidade das mesmas e dos seus rendementos[833]. Máis veraces parecen ser os *Libros Reales* de Barbeiros e Oroso que reducen preferentemente a cantidade de monte de terceira en beneficio do de segunda, o que non quere dicir que non se sigan infravalorando boa parte das terras.

A transcendencia que ten noutras áreas a distinción entre monte aberto e monte pechado[834], por corresponderse con monte comunal e monte privado respectivamente, aquí apenas ten relevancia na práctica. O monte aberto, chamado tamén monte de varas ou voces, poseído en réxime de pro-indiviso, en realidade está repartido entre os seus coposeedores e as súas condicións de desfrute non difiren das do monte pechado salvo no que respecta aos dereitos comunitarios de pasto do gando. Por tanto, os porcioneiros aproveitan as "voces" que lle corresponden como se de monte privado se tratara, ata o punto de que poden vendelo, cambialo ou trasmitilo en herencia, mentres que os veciños que non teñen participación neles, a diferenza do que ocorre cos montes comúns noutras áreas de Galicia, carecen doutro dereito que non sexa o pasto do gando, o único residuo comunitario que lle queda ao monte aberto desta e outras zonas, mentres os forasteiros sí poden ser copartícipes, algo impensable nas áreas de verdadeiro monte comunal.

Así se entende que nos *Libros Reales,* cada veciño declare as parcelas de monte que posee, xa sexa pechado ou aberto, indicando primeiro o nome e extensión total do mesmo e a continuación a porción que posee. O maior porcioneiro de cada monte, ademais de declarar isto dá o nome dos restantes coposeedores e as partes desfrutadas por eles. En consecuencia, e dado que os montes abertos son de maior extensión e neles participan maior número de porcioneiros, os seus asentos adoitan ser tamén máis longos - na medida en que se dan os nomes de todos os coposeedores e a superficie que lle corresponde a cada un[835]-. Trátase, en definitiva, dunha fase bastante avanzada no camiño da "privatización do patrimonio colectivo" que experimentaron as comunidades rurais durante o final do Antigo Réxime, e particularmente na época Contemporánea[836]. Nas parroquias de Barbeiros e Oroso no total do monte declarado nos *Libros Reales* corresponde a monte aberto o 65.7%, boa parte do cal está en mans de forasteiros, particularmente en Oroso.

---

[832] Os solos, en xeral desenvolvidos sobre xistos, teñen boa profundidade e unha adecuada retención hídrica, o que unido á debilidade das pendentes fainos cultivables na súa maior parte. (GPDTP, *Comarca de Ordes...*, op. cit., p. 125 e ss.).

[833] PÉREZ GARCÍA, J. M., "Fuentes.... op. cit.; "A agricultura..., op. cit.

[834] Esta cuestión en relación á importancia do aproveitamento do monte nas economías do interior de Galicia ten sido destacada insistentemente por distintos autores/as (REY CASTELAO, O., *Montes…*, op. cit., REY CASTELAO, O., "Familia..., op. cit.; SAAVEDRA P., "Os montes…, p 335 e ss.; y en publicaciones de tema más amplio: Bouhier, A.: *La Galice...*, op. cit., p. 807 y ss.; SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía, política...,* op. cit. p.143 y ss.)

[835] É dicir, o maior porcioneiro declara o nome do monte en cuestión, a superficie por él poseída e as superficies e o nome dos restantes coposeedores (por exemplo, Juan Pérez, veciño de Barbeiros, declara posuír "Otro [monte pechado] al sitio do Pedrouso, hace veynte y quatro ferrados de segunda calidad cerrada. De cuio monte pertenece al de este asiento nueve ferrados, y lo restante se divide entre D. Francisco Rivera, D. Andres Vazquez y Carlos Marzoa por yguales partes..."), mentres que os restantes porcioneiros tan só indican o nome do monte no que se sitúa a súa parcela e a extensión global deste, quén é o maior porcioneiro e a parte que lle corresponde ao declarante (p. ex. D. Fco. Rivera declara "... De otro [monte pechado] al sitio de Pedrouso que hace veinte y quatro ferrados le corresponde al de este asiento tres ferrados y se halla en el asiento de Juan Pérez y es de segunda calidad..."

[836] REY CASTELAO, O., "Familia..., op. cit.

Táboa. 3. Distribución do monte aberto e pechado en Barbeiros e Oroso segundo os *Libros Reales* en 1752

	Monte pechado				Monte aberto				Total
Calidades	**1ª**	**2ª**	**3ª**	**Total**	**1ª**	**2ª**	**3ª**	**Total**	**Global**
Ferrados	801,8	1 843,1	819,6	3 464,5	736,3	2 540,8	3 350,6	6 627,7	10 092
%	23,1	53,2	23,7	100,0	11,1	38,3	50,6	100,0	
% tot. Mont	7,9	18,3	8,1	34,3	7,3	25,2	33,2	65,7	100

Nunha cita literal das *Respuestas Generales* que foi transcrita máis atrás xa se indicaban as vías de aproveitamento do monte, é dicir, o seu sometemento a "rozas" cada certo tempo para ser posto en cultivo cerealeiro durante un ano. O monte alto de xestas, a diferenza do monte de toxo baixo, tiña aproveitamento forestal, de modo que antes de proceder ao cavado e queimado dos terróns cortábase a leña. Logo, tanto xestal como toxal, cavávase en primavera, queimábanse os terróns no verán e, no outono, semetábanse con algún cereal de inverno, preferentemente trigo de monte, variedade moi produtiva e nutritiva.[837]. Con todo, o cultivo do monte era unha tarefa ben ingrata polo "...mucho trabajo, afan, y desvelo, que trahe consigo su cultibo y cerradura, con la guarda de noche y día de los animales bravos..."[838].

Ademais o toxo, aparte de alimento para o gando, era un fertilizante primordial en tanto que compoñente principal do "...estrumen para abono de las tierras...", como o que se deixaba no propio monte sometido a rozas que "... sirve para quemar los terrones y cerrar las estibadas...". Pero non era posible outro aproveitamento forestal porque as árbores madereiras coma o pino, xa presentes nestes momentos nas Rías Baixas e vales prelitorais atlánticos como a Ulla[839], non se documentan ata mediados do século XIX. En 1860 mencionaos o escritor Antonio María de la Iglesia no artigo da revista *Galicia* que lle dedica ao concello de Ordes[840]. Porén, noutro artigo do mesmo ano referido á terra de Mesía –e aquí refírese a antiga xurisdición deste nome, é dicir a toda a parte oriental da comarca- di que "El ramo del pinar aun no figura", do que se deduce que a implantación do pino entrou polos concellos da parte central da bisbarra. Neste último traballo tamén informa que nesa terra hai "grandes rozas como las del Jallas; pero no hay tanta leña porque se consume mucho tojo y están bien bajos: por montes apneas se ven mas que *carpazas, queirogas* ó *queiroas* y pequeñas"[841].

A medidados do século XVIII O espazo arbolado reducíase ás devesas de carballos e aos escasísimos soutos de castiñeiros. Se ben nas *Respuestas Generales* dise que só hai devesas de primeira e segunda calidade, o caso e que nos *Reales* de Barbeiros e Oroso, nun novo intento de infravaloración da terra, tamén se declaran algunhas de terceira. Conxuntamente, devesas e soutos supoñen unha parte minúscula do terrádego total declarado posto que tanto nas *Respuestas Generales* como nos *Libros Reales* móvese en torno ao 1% do total do terrádego[842]. As devesas están plantadas a razón de 12-16 carballos por ferrado e son taladas e roturadas cada 20-25 anos nas terras de primeira calidade e cada 30-40 anos nas de segunda. Se se querían aproveitar estas superficies arboradas en espazos de tempo máis curtos "...en medio de no haber robles

[837] VILLANUEVA, V., "Agricultura" en CARRERAS Y CANDI, F. (dir.), *Geografía...,* op. cit., vol. I, tomo 1º, pp. 108-160. Nalgunhas parroquias de Poulo din sementar centeo en certos montes.
[838] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1165, S. Payo de Buscás.
[839] REY CASTELAO, O., *Aproximación...,* op. cit., p. 101; *Montes...*, op. cit., p. 106.
[840] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Ordenes…, op. cit.
[841] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Mesía…, op. cit.
[842] Nas *Respuestas Generales* suman o 1% -0.88% a devesa e 0.02% o souto- e nos *Libros Reales* de Barbeiros e Oroso non se declaran soutos, mentres as devesas abarcan o 1.2% do terrádego (3.72% en Oroso e 0.67% en Barbeiros).

considerables...", había que conformarse cos "...matorrales de carballedas y jestal..."[843]. Pero, a explotación madereira, moi limitada polas leis de plantíos reais, revirte escasos beneficios na comunidade como ten demostrado Ofelia Rey.[844]

Táboa 4. A devesa de carballos en Folgoso segundo as *Respuestas Generales*. 1752

Calidades	1ª	2ª	Total
Ferrados	171	320	491
%	34,8	65,2	100,0

A escasez dos soutos -só se declaran nas parroquias de Galegos, Papucín e Pereira- revela o escaso peso económico das castañas, tan importantes na dieta das comunidades do interior de Galicia. En xeral os castiñeiros, atópanse nos camiños "...en las margenes de las tierras de sembradura e ynmediaciones de las casas..." de ahí que a súa produción non se considere digna de estimación nin se cite en todas as parroquias[845]. Os castaños están plantados a razón de 8-10 pes por ferrado e poden rendir en produción de castañas de tres a un real por unidade de superficie segundo se trate de terras de 1ª, 2ª e 3ª.

Para mediados do século XIX as únicas referencias que se poden extraer do *Diccionario de Madoz* acerca do monte son as vagas mencións que se fan sobre o arbolado nalgúns concellos pero sen indicar de qué especies se trata. Así se mentres para o concello de Oroso se di que conta con "montes arbolados" e para Cerceda e Frades indícase que "no escasea el arbolado", ao respecto do concello de Mesía e Trazo manifesta que si "escasea el arbolado". Nas entradas dedicadas aos concellos de Ordes de Tordoia non fai referencia a a esta cuestión. Esta carencia pode suplirse coa información relativa ás parroquias pero esta tamén poden entrar en contradición coa información xeral que se aporta dalgúns concellos, polo que as freguesías dun mesmo municipio poden presentar algúns contrastes tanto neste aspecto como noutros. Por exemplo, se en Santatia de Gorgullos (Tordoia) se afirma que "El terreno participa de monte arbolado, en Santaia de Moar (Frades) se di que o arborado é "escaso" ou que en Santa Mariña de Gafoi (Frades) o monte está "poco poblado". Nalgún caso como en Sta. María de Ordes chega a apuntarse que o monte "carece de arbolado"[846]. A difrenza do *Catastro de Ensenada* que nada di da riqueza cinexética, en tanto que fonte fiscal, o *Diccionario* de Madoz informa que no partido xudicial de Ordes hai: "perdices, liebres y alguna caza mayor, con especialidad jabalies", unha riqueza que só foi de libre aproveitamento campesiño desde a desaparición do Antigo Réxime[847]. En 1860, o xornalista e escritor Antonio María de la Iglesia apórtanos unha visión máis detallada da paisaxe agraria e doutros aspectos da economía de mediados do século XIX, neste caso referida ao concello de Ordes. Menciona árbores frutais que no aparecían un século antes no *Catastro de Ensenada,* así como unha aparente maior presenza do castaño e do carballo, sendo de salientar a incipiente implantación do pino que comentamos máis arriba[848]:

Se va conociendo la necesidad de arbolado y se van viendo algunos pinares sembrados recientemente y se dan bien. El roble vive aquí, lo mismo que el laurel y

USC

[843] 1762, AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1165, S. Payo de Buscás.
[844] REY CASTELAO, O., *Montes*..., op. cit., p. 165 e ss.
[845] Non se declara a existencia de de castiñeiros nas parroquias en Barbeiros, Bean, Frades, Lesta e Vilagudín, e nas parroquias máis elevadas (c. 450 m.) e norteñas, Vilamaior e Mercurín, onde non se fai mención de ningún frutal.
[846] MADOZ, P., *Diccionario...,* op. cit., pp. 303, 1278, 937 e 812.
[847] Ibídem, p. 896.
[848] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Ordenes…, op. cit.

el castaño. El "vidueiro" o "vedugo" como acá llaman, es precioso y se eleva galantemente con sus troncos blancos que parecen pintados a propósito. Los arroyos tienen "ameneiros" a sus márgenes. Las retamas cierran las chousas; pero así y todo escasean mucho las leñas y maderas …

La "queiroa" o "carpazo" es de calidad tal, que pronto florece y fructifica después de su nacimiento; pero no así el tojo. Cuando la "monda" asesta sus golpes y se lleva hasta las raíces, las cápsulas de la flor seca de queiroa, despiden con abundancia sus menuditas semillas o "nebiña"; pero el tojo no, que apenas alcanza su florecimiento, cuando la monda fatal lo arranca de cuajo, así es que los labradores que después quieren tener tojo van a comprar su simiente a Bergantiños y con el trigo que siembran en la estivada, la mezclan, y de recogido el trigo, queda el tojo tan verde y lozano como los pinos …

A implantación do pino debeu darse de maneira máis temperá nos concellos da zona central posto que Antonio M. de la Iglesia di na mesma data ao respecto da zona oriental –terras da antiga xurisdición de Mesía- que "El ramo de pinar aun no figura". Para esta zona oriental tamén indica "haber arbolado en mayor escala" que na terra do Xallas. Esta afirmación tamén supón a existencia de maior presenza de arborado que a que reflicte o *Catastro de Ensenada* a mediados so século XVIII o que, de ser exacto, indicaría ou ben un aumento das masa forestal ou unha ocultación de parte da mesma polos "peritos" do *Catastro.* Así, de la Iglesia enfatiza a presenza de carballos supoñendo que "En lo antiguo debió haber aquí mucho roble" e lamenta as talas indiscriminadas de certas carballeiras por culpa das fábricas de curtidos e do atraso da Química: "Hay muchas talas de robles. Los compradores de los iglesadrios devastan de lo lindo; pero sacan produto de lo viejo y luego de los renuevos. Las malditas fábricas de curtidos arrasan la tierra para su *casca* y viene aquí á hacer grandes compras. No se que hace esa decantada química que no presenta una cosa mejor para el curtido, sin tener que apelar al roble. No hay antecristo mauor para el árbol sagrado de los Celtas". Tamén destaca a profusión de castiñeiros e doutras especies arbóreas: "El castaño se da también y en abundancia, y á su tenor, frutales, eligiendo parages á propósito y aun no eligiéndolos en muchas parroquias"[849].

7.2.1.2 Os cultivos e o repartición do espazo cultivado

A terra de cultivo -labradío, hortas e prados[850]- suma en 1752 algo menos do 20% do terrádego e dela proceden as producciónsfundamentais da alimentación humana e animal, entre os cales ten principal protagonismo o cereal, o produto estrela das economías rurais do Antigo Réxime. No seu lugar fixemos mención do carácter pouco benigno do clima comarcal por causa das frecuentes xeadas e o seu efecto limitador da diversidade de cultivos, circunstancia que propicia unha monotonía agraria próxima a das agriculturas de montaña nas que os cereais de inverno son os protagonistas indiscutibles. Así, as baixas temperaturas exclúen cultivos tan rendibles como a vide e as hortalizas redúcense á berza e ao nabo. Por calidades, as terras de 2ª clase son as máis numerosas, seguidas moi de preto polas de terceira, consecuencia da infravaloración fraudulenta da calidade do solo[851].

[849] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Mesía…, op. cit..

[850] Outros autores tamén entende como espazo cultivado as devesas e soutos, aquí preferimos agrupalos co monte.

[851] (PÉREZ GARCÍA, J. M., "Fuentes..., op. cit.). Os solos da maior parte das freguesías de Folgoso e Poulo son os mellores para o cultivo en relación cos do conxunto da actual Comarca de Ordes. O feito de que sexa

Salvo o insignificante espazo adicado a pastos e horta 1.8%, a práctica totalidade da terra de labor –17.9%[852]- adícase ao cultivo de cereal de inverno e primavera. En consecuencia o labradío constitúe o espazo agrario máis importante na medida que "...produce sin yntermision trigo, zenteno, mijo grueso y menudo o lino y navos...", e dicir, onde fructifican os cultivos fundamentais das economías labregas. A presenza do nabo como cultivo intercalar nas mellores terras e a das fabas como cultivo promiscuo entre o millo compón un pouco o arcaismo agrario destas terras[853].

Táboa 5. Terras de cultivo en Barbeiros e Oroso, *Libros Reales,* 1752

	Ferrados				%			
	1ª	**2ª**	**3ª**	**Total**	**1ª**	**2ª**	**3ª**	**Total**
Labradío	168,0	1 090,1	1 027,0	2 284,8	6,7	43,4	40,9	91,0
Horta	10,9	22,1	2,5	35,5	0,4	0,9	0,1	1,4
Prado	23,5	48,8	11,3	83,5	0,9	1,9	0,4	3,3
Pasto	4,4	76,8	25,0	106,2	0,2	3,1	1,0	4,2
Total	206,8	1 237,8	1 065,0	2 510,0	8,2	49,3	42,4	100,0

As hortas nada teñen que ver cos verxeis da Galicia atlántica meridional, posto que o carácter termófilo da maior parte dos produtos hortícolas fannos inviables "...a causa de lo frio y montañoso del terreno..." tal e como din os veciños de Folgoso. De ahí o espazo insignificante que se lle adica a esta utilidade -0.3%- no conxunto do terrádego. O único produto cultivado nestes pequenos espazos situados nas proximidades das casas son as berzas ou coles galegas "...que producen todo el año ... para el común consumo de cada uno...", e delas "...no se hace comercio sino para ayuda de la sustentacion de las personas y animales de serda..."[854]. Tamén podían atoparse esparexidos algúns frutais como pereiras[855] e maceiras pero de moi escasa producción, porque en xeral son "...silvestres y de ninguna utilidad..." polo que non se lles prestan especiais coidados e "... no estan echos sus plantíos con horden, sin coriosidad y se hallan por las marxenes e intermedios de todas las tierras..."[856].

A reducida superficie que reúnen espazos exclusivamente forraxeiros como o os prados de regadío "...que producen hierva de siega todo el año...", e os de secano "...que

a área de pendentes máis suaves -terras pardas de Lesta, Parada, Buscás, Vilamaior, Barbeiros-, algunhas situadas na conca do Lengüelle (parroquias de Ordes, Pereira, Montaos, e Oroso) e veigas do Tambre (Oroso, Gándara e Vilarromarís) permite que sexan cultivables na súa maior parte. Nos terreos de veiga é frecuente atopar solos de gley, debidos ao encharcamento dos cursos de auga (brañas, gándaras). Os solos menos evolucioneados (ranker pardo) atópanse nas terras altas do N. (Mercurín, Ardemil) ou non tan altas coma Senra (GPDTP, *Comarca*..., op. cit., p. 125 e ss.).

[852] 15.26% en Barbeiros e 24.42% en Oroso.

[853] O cultivo do nabo non se declara explícitamente na práctica totalidade das *Respuestas Generales* das parroquias da xurisdición de Folgoso, pero sí nas do Partido del Francés de Poulo –xurisdicción de Mesía-, cuña que se clava no interior de Folgoso, de ahí que poda afirmarse a súa presenza nas dúas xurisdicións, xa que, como é sabido, este cultivo non sempre se declara no *Catastro de Ensenada*, (Vid. SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía, política*..., op. cit., p.149). Á inversa, as fabas decláranse en Folgoso en non en Poulo, de onde procede a cita dos cultivos.

[854] En Folgoso din que as hortas só producen nos meses de verán ... "que en el termino no hay regla fixa en ponerla a causa de lo frio y montañoso del terreno por que unos años se pone en una parte y otros en otra, y, con todo, solo produce en tiempo de verano...", afirmación falsa se temos en conta que os de Poulo din o contrario. As citas proceden das *Respuestas Generales* de Poulo, Barbeiros e Leira, Ordes e Lesta.

[855] As pereiras cítanse no *Compendio do estado de Altamira*, omitíndose no *Catastro de Ensenada*.

[856] (AGS, DGR, 1ª R., L. 245, fol. 257) Tan só na parroquia de Mesos se declaran os rendementos dos frutais: se plantan 8 frutais por ferrado con uns rendementos de 25, 15 e 8 reais segundo se trate de terras de 1ª, 2ª ou 3ª calidade. Non se declara a existencia de frutais en Galegos nin nas parroquias máis elevadas (c. 450 m.) e norteñas, Vilamaior e Mercurín.

asimismo producen todo el año ... que no se les siega ni coge yerba alguna y solo el que los ganados se apasten en el...” -1.5% da terra declarada-, non fai mái que evidenciar a importancia que teñen as restantes superficies agrarias na alimentación gandeira[857]. Neste sentido, o monte xoga un papel fundamental na alimentación dos ovicápridos e équidos, e o labradío (millo, nabos) e horta (coles) sirve de complemento indispensable da alimentación procedente do prado/pasto que consumen o vacún e os porcos.

Xa indicamos que era a única especie de terra de regadío, pero “... que solo tiene riega en tiempo de ymbierno y no en el mas del año...”. A través pequenos regos que discorren polas veiras do herbal, se conduce a auga desde os innumerables regatos que derregaban estas terras é que se converten na esencia alimenticia dos hervais nos meses secos do inverno. A pesar de que o barbeito non era norma, podía “...dejarse algunas veces a prado la tierra (de labradío) que no produce fruto...”, e ao revés, os prados podían poñerse en cultivo cerealeiro cada certo tempo: “... el herbal regadío se rompe a los 8 años y se siembra de trigo y produce un ferrado de esta especie,[858] ...(el) pasto de pico... se rompe ygualmente a los 16 años y se siembra de trigo y produce otro ferrado de esta expecie...”.

Entre as producións que segundo o *Diccionario* de Miñano se dan nalgunhas parroquias da comarca nos anos vinte do século XIX aparece por primeira vez a pataca, a gran innovación agraria desa centuria no que se refire aos produtos agropecuarios. Da cata realizada en 26 freguesías da comarca e tan só se mencionan as producións en cinco delas. En catro (Barbeiros, Buscás, Frades e Galegos) menciónanse as patacas xunto co centeo, o liño, os pastos e o gando. Tan só en Beán se omite o tubérculo americano, omisión que ben pode ser fortuita do mesmo xeito que se deixa de citar de maneira xeral cereais que non podían estar ausentes como o trigo ou o maíz[859]. Máis exhaustivo, e xa para mediados do século XIX, é o *Diccionario* de P. Madoz, que fai apreciacións positivas sobre a calidade das terras de cultivo[860] e enumera as producións xa sexa por parroquias, concellos ou partidos xudiciais. Ao respecto do partido xudicial de Ordes dise que “Las producciones más comunes o casi únicas en este partido son: trigo, maiz, mijo, avena, patatas, varias legumbres, lino y algo de hortaliza y frutas”[861]. A ausencia do centeo nesta relación trátase evidentemente dunha omisión posto que nas entradas do *Diccionario* por parroquias ou concellos sempre aparece este cereal, xusto ao revés do que ocorre co millo miúdo, que nunca se cita, seguramente pola súa escasa importancia. Aparecen cultivos forraxeiros como a avena non consignados en 1752, e naturalmente a pataca. Se ben o tubérculo é citado en todas as entradas por concellos, salvo en Cerceda e Oroso, tan só se explicita no 40% das entradas por parroquias. Resulta difícil de creer que a estas alturas do século XIX a pataca fora descoñecida nalgunha das freguesías desta comarca. Outra cousa é que por parte dos informantes locais do *Diccionario* de Madoz non se lle dera a importancia económica que merece na medida en que se trataba dun produto de autoconsumo labrego que non entraba na composición das rendas da terra e que polo seu escaso valor apenas transcendía ao mercado, xusto ao contrario dos cereais.

[857] Nos anos 60 do noso século, Bouhier seguía insistindo en que o prado, pese a ser un cultivo de gran valor, era insuficiente para a alimentación dos animais, e así titula un dos capítulos de *La Galice:* “Le pré, bien de grande valeur, mais base insuffisante pour l’alimentation des animaux”, (BOUHIER, A., *La Galice...*, op. cit., p. 661).

[858] O de 2ª calidade se rompía aos 12 anos e o de 3ª aos 16 años (AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1187, Sta. Mª. de Leira).

[859] MIÑANO Y BEDOYA, S., *Diccionario Geográfico-Estadístico de España y Portugal,* Madrid, 1827.

[860] Por exemplo en Benza (Trazo) e Gorgullos (Tordoia) utiliza a mesma frase para aludir á calidade da terra de cultivo: “El terreno participa de monte arbolado y llanos de buena calidad destinados al cultivo” (MADOZ, P., *Diccionario...,* op. cit., p. XX)

[861] Ibídem, p. 896.

Estes poden ser algúns dos motivos que expliquen a extrana ausencia da pataca nalgunhas localidades. Nos textos de Madoz tamén se alude á fertilidade dalgunhas terras e á presencia de praderías de calidade. Así para o concello de Oroso indica que "El terreno participa de llanos fértiles, montes arbolados y buenos prados de pasto". Só nalgunha parroquia o terreo montuoso limita as zonas de cultivo como no caso da pequena e desaparecida freguesía de Arcai (hoxe integrada en Gorgullos-Trazo) onde "El terreno [es] montuoso y en gran parte inculto"[862].

Nos artigos publicados en 1860 por Antonio María de la Iglesia referidos a Ordes e á zona oriental –antiga xurisdición de Mesía- tamén se fan mencións aos terreos de cultivo a aos seus produtos con máis detalle que Pascual Madoz. Ao respecto de Mesía afirma que "Los produtos principales son el centeno, el trigo, el maíz (el centeno en lo labradío), y los comunes á la provincia … Hay frutales, repollos buenos, patatas, navos, etc.; pero la tierra es excelente para trigo si no fuese por que los montes son produtivos tambien dejándolos a monte, no hay duda que podrian recibir cultivo perenne y da gusto oir, como, de tercio, trae á un amo de propiedad cien ferrados de cosecha, un solo colono". Tamén menciona o cultivo de liño: "Lino mucho y hay ofrendas largas de este género en las iglesias y ermitas por donde paso" [863]. Pola súa parte, en relación a Ordes expon que:

> *Se dan hortalizas muy sabrosas y he visto árboles pavías de poco tiempo que causan admiración y viven al desabrigo, pues si se cuidara de arbolar convenientemente, se darían frutales tan delicados como aquéllos o más; pero ni de frutales, ni de arbolado se cuida casi nada en muchos sitios. Si Ordenes llegase a ser, como puede, una villa grande, se explotaría toda esta comarca en el ramo agrícola, como es capaz, y se tendrían produtos tan estimados como vienen a venderse a las grandes poblaciones; pero acostumbrados como estamos a ver nuestras riberas y "mariñas", nos parece que nuestras montañas nada valen, como si estuviesen sus poblaciones colocadas en la región de las nieves perpetuas…*[864]

Ao respecto dos pastos de monte di que non son tan abundantes como na terra do Xallas polo que se aproveitan as plantacións de trigo na súa primeira fase de crecemento para que as ovellas pasten co fin de rarear este cultivo: "Como los pastos de monte no son tan abundantes como en Jallas, echan las ovejas á pacer el trigo que ha nacido y en esta operación de ramonear andan hasta Marzo y Abril en que ya tomando fuerza dicho grano no permiten a las ovejas que entren en las *chousas.* Yo he visto estos días por todas partes las ovejas *manducándose* las puntas del trigo apenas nacido, y dicen aquí que sin esta operación el grano no se fortifica, ni produce tanto"[865]. Ao respecto dos prados considera que poderían ampliarse se se aproveitaran mellor os abundantes cursos de auga: "Hay, como en todas partes, buenas praderías y podría haberlas mejores, no desperdiciando tantas aguas como se dejan ir por "corredoiras" y "regatos", haciendo intransitable el paso muy a menudo"[866].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[862] Ibídem, pp. XX.
[863] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Mesía …, op. cit.
[864] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Ordenes…, op. cit.
[865] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Mesía …, op. cit.
[866] IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Ordenes…, op. cit.

7.2.2 Rotacións de cultivos

Esta cuestión ten particular importancia naqueles lugares nos que a terra de cultivo se organiza en agras e onde son as comunidades aldeás as que marcan os ritmos das rotacións. A mediados do século XVIII, na da comarca de Ordes, onde boa parte do terrádego está sometido a aquela fórmula organizativa, as terras producen unha soa colleita ao ano, a rotación de cultivos é bienal na totalidade das parroquias, e só se practica o barbeito largo nas terras de 3ª das parroquias orientais máis septentrionais e elevadas. Os "peritos" da Comarca son parcos na súa descrición das alternancias e tan so din que nas terras "...de primera y segunda calidad en uno (ano) lo hacen de trigo y en otro centeno o mayz, y las de tercera calidad un año producen centeno y otro mixo menudo…"[867].

Táboa 6. Rotacións de cultivos en Folgoso e Mercurín. 1752.

Folgoso excepto: Vilagudín, Mercurín e Vilamaior			**Couto de Vilagudín**		**Mercurín**	
Calidade da terra	**1º ano**	**2º ano**	**1º ano**	**2º ano**	**1º ano**	**2º ano**
1ª	trigo/centeo	maíz	trigo/centeo	maíz	trigo	maíz
2ª	trigo/centeo	maíz	centeo	millo miúdo	trigo	maíz
3ª	centeo	millo miúdo	centeo	millo miúdo	centeo	millo miúdo

Algo máis complexa é a rotación que se presenta nas parroquias do Partido de Poulo onde se declara unha rotación trienal na que está presente o nabo como cultivo intercalar entre os cereais de inverno e os de verán. Asímesmo estas declaracións son algo máis completas posto que indican cómo entra o liño nas rotacións, no segundo ano e simultaneamente co millo. A tenor destas declaracións, millo e liño repartiríanse de por metade a superficie arable nese segundo ano, outorgándolle a esta planta textil unha importancia nada despreciable no conxunto da producción. Fronte o que din os veciños de Folgoso, que declaran alternar centeo e millo miúdo nas terras de terceira calidade, en Poulo só se sementa centeo neste tipo de terras, e o millo miúdo comparte o terrádego de primeira e segunda co centeo no terceiro ano das rotacións. Estimamos oportuno reproducir na súa maior parte esta longa descrición polo valor que ten o proveitoso grao de detalle da súa información.

> *... el ferrado de tierra en sembradura de primera calidad se siembra de trigo el primer año..., alzado este se siembran navos ..., al siguiente año se siembra en medio ferrado de dicha tierra de primera calidad de linaza...; alzado dicho lino, se siembran navos ..., esto solo en medio ferrado de sembradura, y el otro medio ferrado se siembra de mijo grueso...; al tercer año se siembra el medio ferrado de dha. tierra de primera calidad de centeno..., alzado este se siembran navos..., y el otro medio ferrado se siembra de mijo menudo...*
>
> *… el ferrado de tierra de segunda calidad, se siembra de las mismas expecies que el de primera produce la tercia parte menos cada una de ellas dentro de los mismos tres años, el ferrado en sembradura de tercera calidad*

[867] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 251, fol. 611.

se siembra de centeno ..., alzado este, se cultiva y dexa em podridumbre hasta el siguiente año, y produce esta expecie sin yntermisión y no otra alguna[868]

En lugar dunha alternancia binaria como a de Folgoso –cereal de inverno/cereal de primavera-, aquí no segundo e terceiro ano sucédense nun único espazo físico cereais do mesmo tipo. É dicir, a folla onde o primeiro ano se sementou cereal de inverno, adícase no segundo ano e a partes iguais a un cultivo como o liño que ten un ritmo vital similar ao dos cereais de inverno, e outra metade a cereal de primavera. No terceiro ano, alí onde se sementou o liño bótase de novo cereal de inverno (neste caso centeo) e onde se sementou millo maíz, bótase agora millo miudo. No cuarto ano vólvese a comezar o ciclo sementando en toda a folla cereal de inverno. De ser correcta esta descrición da rotación, habería que habilitar, polo menos, tres follas por agra para equilibrar a produción de cereales de inverno e primavera por ano, xa que a combinación desta rotación en dúas follas ocasionaría anos con predominio de uns sobre os outros.

Táboa 7. Rotacións de cultivos nas parroquias do partido de Poulo

Calidades da terra	**1º ano**		**2º ano**			**3º ano**		
	1 ferrado de terra		**½ ferrado de terra**		**½ ferr. terra**	**½ ferrado de terra**		**½ ferr. terra**
1ª	trigo	nabos	liño	nabos	maíz	centeo	nabos	millo miúdo
2ª	trigo	nabos	liño	nabos	maíz	centeo	nabos	millo miúdo
3ª	centeo		centeo			centeo		

A presenza do nabo nas rotacións de Poulo permite afirmar que en Folgoso tamén estaba presente como cultivo intercalar, xa que o feito de que non se declare non é indicio da súa necesaria ausencia, tal e como constatou Pegerto Saavedra nalgunhas zonas da provincia de Mondoñedo[869]. Os "peritos" de Buscás coa intención de descontar dos rendementos o produto dos nabos din que este cultivo intercalar do nabo empobrece as terras, cando en realidade o seu efecto é o contrario.

...Algunas de estas tierras de primera y segunda calidad suelen sembrarse de nabos para la conserbación de los ganados en ynbierno, y su utilidad se refunde en el produto que llebamos declarado; por que la tierra que se siembra de trigo, mayz, con esta sobrecosecha de nabos lo siente y nunca produce aquello mismo que llebamos declarado, y por consiguiente no damos utilidad de dichos nabos...

En definitiva, as diferenzas entre as rotacións de Folgoso e Poulo reside na presenza exclusiva de centeo nas terras de terceira calidade e a existencia dunha nova combinación de cultivos no terceiro ano.

Non contamos con información para datar o momento de introducción da **pataca** na comarca de Ordes. Se se ten en conta que se trata dun cultivo de primavera e que polo tanto entra en competencia co maíz, hai que pensar que inicialmente debeu verse freada nas agras nas que se aplicaban rotacións ternarias, aínda que a existencia de "enclos" nas parroquias norteñas da comarca podería ter facilitado alí o proceso de penetración[870]. Nas


[868] (AGS, DGR, L. 243, fol. 165). En Buscás, tal e como se indica nas parroquias de Folgoso tamén se di alternar o centeo co millo miúdo nas terras de terceira calidade... "y aunque en el año yntermiso tal qual se siembra de mijo menudo, no produce cosa alguna considerable" (A.R.G., DGR, 1ª R., Leg. 1165, S. Payo de Buscás).
[869] SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía, política*..., op. cit., p. 149.
[870] Ibídem, p. 186.

fregresías do sur, zona das pequenas agras e rotacións ternarias (trigo ou centeo / nabos / maíz), as patacas iríanse sementando inicialmente entre o maíz para acabar roubándolle a este cereal parte da superficie agraria. Como veremos máis adiante, a dinámica demográfica, tan sensible ás conxunturas e innovacións agrarias, non inicia un despegue definitivo ata os anos vinte do século XIX. Este feito podería ser consecuencia da xeneralización da pataca como alimento campesiño –recórdese que en 1827 é citado no *Diccionario de S Miñano*-, de ahí que se poda aventurar que na comarca de Ordes a pataca debeu ter unha introducción tardía, un proceso paralelo ao documentado para a Galicia litoral.

7.2.3 A produción de cereal a partir das declaracións decimais en 1752

Por fortuna, na pregunta 16 das *Respuestas Generales* de Folgoso se declaran de maneira pormenorizada as cantidades brutas de cada especie de cereal que se paga en concepto de décimo, o que permite coñecer aproximadanente o peso porcentual de cada unha no conxunto da produción cerealeira[871]. A imaxe que se obten reflicte de maneira indirecta o estado evolutivo do sistema agrario comarcal: o millo se ben ten unha presenza importante (36%), aínda está lonxe de acadar o protagonismo que ten no litoral e vales prelitorais de Galicia[872], correspondéndolle a primacía indiscutible ao centeo (40%) e un papel bastante secundario ao trigo (19%); finalmente o millo miúdo pódese dicir que ten unha presenza puramente residual (5%). Sen embargo, rexístranse grandes diferenzas dunhas localidades a outras no que respecta á presenza do maíz e que van do 54% do couto de Vilagudín ate o 15% de Barbeiros. Tales contrastes poden responder a diferenzas altitudinais –sempre escasas- entre unhas e outras parroquias, de maneira que as máis elevadas e interiores teñen unha menor penetración do cereal americano. Pero esta condición non sempre se dá e aparecen casos de parroquias situadas na beira do Tambre, como Oroso (22%), que presentan unha baixa presenza de maíz, mentres outras máis elevadas e interiores como Lesta (43%) ocupan un bo posto no "ranking".

Gráfico 1. Composición porcentual da produción cerealeira segundo as declaracións decimais das parroquias da xurisdición de Folgoso en 1752



[871] Non se debe esquecer que as cantidades brutas poden estar infravaloradas polos propios párrocos, tal como parece revelar a discordancia entre os ingresos decimais que di percibir a Casa de Altamira no *Compendio* e o que se obtén a partir das declaracións das *Respuestas Generales*. A isto habería que sumar o posible fraude dos feligreses á hora do pago desta carga, porén, as proporcións que corresponden a cada especie deben estar próximas á realidade.

[872] Na xurisdición de Xallas a mediados do século XVIII o millo groso supuña o 40% da produción cerealeira, seguido polo trigo 32%, e o centeo 21.5% (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción....* op. cit. p. 295).

Polas ben coñecidas implicacións económicas e demográficas que tivo a extensión do maíz no Norte e Noroeste peninsular, este tema ten unha particular relevancia e foi obxecto de especial atención por parte da historiografía galega dos anos setenta[873]. No caso de Folgoso contamos ademais con algunhas apreciacións cualitativas pouco precisas das que se poden extraer algúns indicios sobre esta cuestión. O *Compendio...* (c. 1720) di que *... se produce mucho centeno, algún trigo y buena porción de maíz...*[874]. A pesar de tratarse dunha apreciación cualitativa pouco precisa, en liñas xerais reflicte unha imaxe similar á que se obten a partir dos datos decimais das *Respuestas Generales* que acabamos de ver. Sen embargo, na década anterior, o escrito dun veciño de Abellá –parroquia limítrofe de Barbeiros-, onde indica os prezos que acadou o cereal na crise de 1710 non menciona o millo maíz[875]. Sen consultar outro tipo de fonte como as escrituras notariais ou as contabilidades de institucións rendistas, non é posible chegar a un maior grao de concreción, aínda que cabe supoñer que o proceso que seguiu a implantación do cereal ultramariño na comarca de Ordes debeu ser similar á descrita noutros traballos referidos á áreas de transición ao interior: en contraste co ocorrido nas comarcas temperadas é húmidas do litoral e prelitoral, aquí a súa chegada debeu ser bastante máis tardía –último cuarto do XVII- e a súa propagación moito máis lenta, de maneira que a mediados do século XVIII aínda non se colmaran as súas posibilidades de extensión.

Táboa 8. Produción porcentual de cada especie na produción total de cereal en Folgoso. *Respuestas generales* do *Catastro* de 1752

Localidade	Trigo	Centeo	Maíz	Millo miúdo	Total
Vilagudín	22,6	18,8	54,1	4,5	100
Cardama	16,7	35,1	46,9	1,3	100
Deixebre	14,0	35,0	46,7	4,2	100
Montaos	16,2	34,0	46,7	3,1	100
Beán	18,4	36,8	44,1	0,7	100
Gándara	10,9	35,5	43,7	9,8	100
Lesta	30,5	22,2	42,9	4,4	100
Vilamaior	30,0	30,0	40,0	0,0	100
Senra	16,6	41,6	39,7	2,1	100
Papucín	15,8	39,6	39,6	5,0	100
Vilarromarís	12,2	46,5	39,1	2,2	100
Frades	13,6	40,9	36,4	9,1	100
Galegos	17,2	43,1	34,5	5,2	100
Pereira	18,9	37,9	33,7	9,5	100
Parada	24,8	34,7	33,1	7,4	100
Ordes	19,1	46,4	30,9	3,5	100
Mesos	22,6	37,7	30,2	9,4	100
Marzoa	17,0	47,6	27,2	8,2	100

[873] Cuestión que foi abordada fundamentalmente a través de fontes notariais. Unha visión global a nivel galego foi presentada por PÉREZ GARCÍA, J. M., "Aproximación al estudio de la penetración del maíz en Galicia" en *La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos,* Santiago, 1981, p. 117 e ss. Máis recentemente, SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "El maíz en el sistema agrario y en la alimentación en Galicia, siglos XVII-XIX", en *Obradoiro de Historia Moderna,* nº27, 2018, págs. 49-80.

[874] *Compendio...,* op. cit., fol. 22.

[875] Trátase de D. Pedro Vázquez Vaamonde, dono do pazo do Peñasco, que para dar idea da catastrofe de 1709-10 indica os prezos que acadaron os cereais no triste ano de 1710, vid. PÉREZ CONSTANTI, P., "Hambre y peste en 1709 y 1710. Un motín por la falta y carestía de granos" en *Notas viejas galicianas*, Santiago, 1925-27 (reed. 1993), p. 521.

Moar	17,4	55,8	23,3	3,5	100
Oroso	16,4	56,2	21,8	5,6	100
Barbeiros	17,8	53,3	14,8	14,2	100
Total	18,9	40,1	35,8	5,1	100

Pouco podemos dicir para mediados do século XIX pois as fontes estatísticas utilizadas neste traballo non fan referencia a esta cuestión. Obviamente a estas alturas o millo maíz está plenamente introducido en todas as parroquias, tendo desprazado por completo ao millo miúdo pero non ao trigo nin ao centeo que seguen a ser citados no *Diccionario de P. Madoz* en todas as localidades.

7.2.3.1 Rendementos agrarios

Para calcular a base impoñible da Única Contribución era preciso pescudar os ingresos dos contribuíntes, cuestión que se presentaba sumamente complicada nunha sociedade na que a inmensa maioría das ganancias procedían das actividades agropecuarias, bastante máis difíciles de evaluar e fiscalizar que as actividades dos sectores secundario e terciario. Para conseguilo, o primeiro que había que facer era coñecer a os rendementos agropecuarios medios.

Nas primeiras operacións, as de 1752, a base impoñible achouse a partir da produción agropecuaria bruta máis o xornal diario que se lle estimaba a un traballador do campo (2 reais ao día), o que supoñía unha clara sobrevaloración dos ingresos campesiños, en tanto que se estaba a fiscalizar dúas veces o mesmo concepto, xa que nos rendementos agropecuarios ía englobado o xornal do traballador agrario por conta propia –non xornaleiro- que en Galicia era maioritario. Esta foi unha das razóns que levaron a emprender as segundas operacións de 1762, nas que xa se tiña en conta esta cuestión. A solución adoptada para remedar o erro inicial foi a de calcular a base impoñible do labrego a partir do produto neto da explotación agropecuaria, isto é, os rendementos que quedaban unha vez que se descontaban do produto bruto os gastos de semente, traballo (xornal diario), e rendas sobre a terra (dezmo, e rendas pagadas ao directo dominio).

Táboa 9. Rendementos brutos dos produtos agrarios en 1752

Cereal				**Outros produtos**				**Monte e devesa**		
	Ferrados/ano				**Reais/ano**				**Reais/Carro**	
	1ª	**2ª**	**3ª**		**1ª**	**2ª**	**3ª**		**1ª (Leña)**	**2ª (Toxo)**
Trigo	5	3		**Liño**	8 fei.+ 48 ¼ liñaza			**Monte**	5	4
Centeo	6	4	3	**Nabos**	4			**Devesa**	6	4
Maíz	6	4	2	**Hortaliza**	25	15	9			
Millo miúdo	5	4	3	**Prado regadío**	26	16	8			
				Prado secano	15	5				

Nas *Respuestas Generales* de 1762 xa se daba o rendemento neto de cada produto que na maioría das parroquias quedaba reducido, cando menos, á metade. Os "peritos" de Buscás estimaron que descontados todos estes conceptos do produto bruto a ganancia do labrego era moi exigua:

> *... nos manda S.M. considerar los gastos y expensas del cultibo (y) quassi no nos atrevemos a cotexar una cosa con la otra porque en realidad queda la tierra muy deudora al sudor del pobre labrador. Unicamente, no estimando el*

valor de los estiercoles, ni el total del trabajo del labrador, sino es la semiente, diezmo, y lo que le puede caber al obperario labrador según su corto jornal al respecto de los ciento y veynte dias que por la referida Real Ynstrucción se les señala y el gasto de la labranza, hallamos mirado con toda reflexion, puede resultar a fabor del dueño de la propiedad en un ferrado de tierra labradia de primera calidad, un ferrado y medio de trigo, en el de segunda calidad un ferrado de trigo, y en el de tercera un ferrado de centeno, y lo mismo regulamos al ferrado de hortaliza y prados...

Táboa 10. Rendementos brutos e valor en reais do cereal e liño. Folgoso. 1752.

Rendementos				**Valor dos rendementos**		
	Ferrados/ano			**Reais/ano**		
	1ª	**2ª**	**3ª**	**1ª**	**2ª**	**3ª**
Trigo	5	3		25	15	
Centeo	6	4	3	18	12	9
Maíz	6	4	2	24	16	8
Millo miúdo	5	4	3	20	16	12
Liño	8 feixes e 48 quartillos de liñaza			40		
Media				25	15	10

Segundo as declaracións dos "peritos", os rendementos potenciais medios do labradío, incluíndo o liño, eran de 25 reais/ferrado na terra de primeira calidade, 15 reais/ferrado na de segunda en dez na de terceira. De eliminar o liño, os rendementos da terra de primeira calidade quedaban reducidos a 20 reais/ferrado. Os veciños de Folgoso din que este produto tiña pouca implantación nas súas parroquias[876]. O liño a pesar de cotizarse a prezos máis elevados coa o cereal tiña dous inconvintes: non se comía (e isto era unha cuestión fundamental nunha economía de autosubsistencia nada mercantilizada) e o seu cultivo –sin contar o seu proceso de transformación posterior- necesistaba cuidados tan especiais que o relegaban a un segundo plano fronte aos cereais. Esa reducción que se opera apartando o liño vese compensada pola sobrecolleita de nabos que non foi incluída na media anterior. Os veciños de Poulo fan equivaler os rendementos dun ferrado de superficie adicadao a naval, ao valor dun ferrado de centeo, é dicir 3-4 reais. Sexa como fose, os rendementos que se declaran están totalmente infravalorados[877].

Tamén o cultivo do millo daba máis traballo que os cereais tradicionais pero neste caso a súa superior produtividade facíano máis rendible. A súa superioridade nos rendementos non estaba tanto nun maior volume de produción por ferrado senón na necesidade de moita menos semente por unidade de superficie para obter os mesmos ou millores rendementos que os cereais tradicionais. En contrapartida, esixía un coidado intensivo que ocupaba máis horas nas xornadas do labrego: repetidas labores de arado y gradeo en Abril sementeira en Maio e escarda da malas herbas durante todo o ciclo de desenvolvemento[878].

[876] Na pregunta 11ª das *Respuestas Generales* de 1752, depois de enumerar os produtos que se recollen no término (coles gallegas, trigo, zenteno, mijo mayz, mijo menudo, abas, manzanas, castañas, lino, y huerta) declaran: "...que de lino, abas, castañas y manzanas es mui corta cantidad y por lo mismo dejan de ponerlo teniendo presente que las tierras que producen mas sembrandolas y ocupandolas de qualquiera otra expecie que de la de ninguna de estas..." (AGS, DGR, 1ª R., L. 251, fol. 611).

[877] PÉREZ GARCÍA, J. M., "Algunas..., op. cit.

[878] Por este motivo os "peritos" de Beán entenderon que para evaluar os seus rendementos netos debía ser rebaixado na mesma medida que os restantes cereais pese a ter menos gasto de semente: "...sin embargo que para la sementera necesita menos grano, respecto que esta diferencia la aplican a mayor gasto de coltura...", (AGS, DGR, 1ª R., L. 241, fol. 49).

Tanto os veciños de Folgoso como os de Poulo, estaban de acordo en que os rendementos da horta eran equivalentes aos do labradío:

> *...considerando el coste que tienen las plantas para ponerla, cultivo que necesita excesivo al labradío, y no tener estimación ni aver más que la precisa para el consumo de sus dueños, la consideran de igual estimación que el labradío respectivo a sus calidades tanto en el yntrinseco valor como despues de hecha la rebaja correspondiente...*

E os de Buscás dicían o propio respecto ao prado: "... para nosotros es lo mismo ser prado regadio que tierra labradia..." e ao prado de secano "... le damos la misma estimación que a un ferrado de labradío de tercera calidad...", máxime se se ten en conta que a terra que se agotaba se deixaba a prado, é dicir, a barbeito.

Táboa 11. Valor dos rendementos dos produtos de horta e prado

	Reais/ano		
	1ª	**2ª**	**3ª**
Hortaliza	25	15	9
Prado regadío	26	16	8
Prado secano	15	5	

Nalgunha parroquia como Lesta ou o couto de Vilarromarís se estimaba que os rendementos do prado regadío debía "... rebajarse en cada una de dichas tres calidades y a cada ferrado, real y medio, por el travajo de cogerla, regarla, y cerrarle...". Outras moitas freguesías non indicaron o valor dos prados ao entender que en tanto que formaban parte das expensas do gando, se refundía nos rendementos deste. E o mesmo respecto á horta xa que "... la más de la berdura gallega que en esta feligresía se coje es para los cerdosos como la mayor parte de los navos, regulando que queda libre de todas expensas de esta manera..." Só en Leira se indican os lapsos de tempo que teñen que transcurrir para poñer en cultivo as terras adicadas a prado. Os baixos rendementos que rexistran parecen indicar que para esta utilidade non se reservan as mellores terras "... el herbal regadío se rompe a los 8 años y se siembra de trigo y produce un ferrado de esta especie...", os de 2ª calidade rómpense aos 12 anos e os de 3ª aos 16, igual que o pasto de pico.

Máis arriba vimos como nas *Respuestas Generales* de Folgoso se facía unha clasificación do monte contradictoria co que logo se declarou nos *Libros Reales* na mediada en que se asimilaba monte de primeira a xestal, monte de segunda a toxal e monte de terceira a inútil e improductivo.

Táboa 12. Rendementos do monte en Folgoso. 1752

	Nº de	**Nº de**	**Valor en reais**		
calidade	**Carros leña**	**Ferrados Trigo**	**Carro leña**	**Trigo**	**Total**
1ª	5	5	20	25	45,0
2ª	4	4,5	8	22,5	30,5

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A posta en cultivo do monte, a pesar de ter un produto bruto nada despreciable supoñía unha inversión de traballo que o facía menos rendible que o cultivo de cereal en labradío; así o afirmaban os "peritos" de Buscás en 1762:

> *... a un ferrado de monte le consideramos, en medio de mucho trabajo, afan, y desvelo, que trahe consigo su cultibo y cerradura, con la guarda de noche y día de los animales bravos, libre de todos los gastos, en un ferrado en sembradura de primera calidad...*

Pola súa banda, os veciños de Ordes estimaban na mesma data que os rendementos do toxo tiñan que ser rebaixados no "...que se consume en estrumen para abono de las tierras, y lo que necesita el (monte) que se rompe para quemarle..."

As devesas de carballos acostuman estar plantadas a razón de 16 pes por ferrado, mentres os soutos de castiñeiros tan só coa metade. Sen embargo os rendementos de madeira que se declaran son os mesmos en ambos plantíos. Nas parroquias de Poulo din cortar as devesas en lapsos de tempo tan cortos que non dan tempo a o engrosamento do tronco dos carballos, por iso o que se corta son "matorrales de carballedas y jestal": "...un ferrado de tierra en sembradura poblada de robleda siendo de primera calidad, que por lo común se corta a los ocho años, en medio de no haber robles considerables, sino como matorrales de carballedas y jestal, produce tres carros de esta especie, el de segunda dos y el de tercera uno..." [879].

Táboa 13. Rendementos dos soutos de carballos por ferrado de terra. Folgoso. 1752.

	Calidade	Carros de	Ferrados de	Valor en reais		
		leña	Castañas	Carros leña	Castañas	Total
SOUTO	1ª	6	3	24	6	30
	2ª	4	2	16	4	20
	3ª		1		2	2
DEVESA	1ª	6	-	24	-	24
	2ª	4	-	16	-	16

7.3 GANDERÍA: ESPECIES E A SÚA IMPORTANCIA ECONÓMICA

A complementariariedade indisociable entre agricultura e gandería nos sistemas agrarios tradicionais –indicador do seu grao evolutivo-, así como o papel fundamental da segunda na cobertura de necesidades básicas das comunidades de interior, foron descritos con gran detalle polo escribán que en 1597 redactaba os *Expedientes de Hacienda* da Terra de Mesía:

> *...y los dhos bacas y bueis, cuya suma va declarado en cada fª, acen sus labranças y hesterco para sus sembrados y con la leche de dhas bacas sustentan sus hijos y familias y ansimesmo con las ovexas y cabras y menudos dellos azen dho hesterco y la leche la aprovechan para su sustento y de la lana se bisten a si y a sus mugeres e hijos e criados y de las yegoas, que son montesas, si sale algun potro o mula no saven moderar los que son y de lo ... susodicho como de las crias de bacas y ovexas e cabras, guebos, manteca y todo lo demas ...(*hacen)*... aprovechamiento para bender...* [880]

[879] AGS, DGR, 1ª R., L. 242, fol. 485.
[880] AGS, EH, Leg. 126, Mesía.

Así pois a gandería aporta elementos indispensables á agricultura -abono e forza de traballo-, ao tempo que boa parte dos propios animais se sustentaban de produtos cultivados –nabos, berzas, millo...-. O carácter de ponte que ocupa esta bisbarra entre a Galicia desenvolvida do millo e a Galicia atrasada do interior volve a evidenciarse no peso do sector pecuario na economía desta comarca e no grao de imbricación de agricultura e gandería. As comarcas máis desenvolvidas e máis densamente poboadadas contaban con unha cabana numericamente superior, aínda que en termos relativos o aporte do gando á subsistencia campesiña era porcentualmente máis importante nas zoas altas debido ás limitacións que padece a súa agricultura[881]. Por tanto, se na Galicia do Antigo Réxime o gando é unha das principais fontes de riqueza do campesiño, no caso das terras da penichaira coruñesa esta circunstancia é especialmente acusada, non tanto polo volume da cabana como polo aporte que tal actividade supón no conxunto da economía. Como din os *Expedientes de Hacienda,* os habitantes da comarca de Ordes, non só se alimentaban e vestían con produtos derivados do gando e abonaban e labraban as súas terras coa súa axuda, senón que ademais a súa principal fonte de dinerario viña da comercialización dos excedentes gandeiros.

Todas as fontes utilizadas para este traballo poñen de relevo a importancia da gandería na economía desta comarca. Nas primeiras décadas do XVIII, o Compendio del Estado de Altamira destaca este feito cando di que Folgoso "... abunda de muchos ganados mayores y menores, y críanse en ella muchas mulas...". As numerosas feiras de gando que se rexistran a mediados dese século, non fan máis que suliñar tal circunstancia.

A primeira cuantificación coa que contamos é a dos *Expedientes de Hacienda* de 1597, pese a que non computa aos porcos e aporta cifras redondeadas aproximativas, sirve para facer unha aproximación inicial á composición da cabana que non se diferenza moito do que imos ver a mediados do XVIII: clara superioridade dos ovicápridos (61.4%) e minoría dos équidos (6.3%), con un peso dos bóvidos (32.4%) superior ao que se rexistra no XVIII, en contra do documentado para outras comarcas de Galicia.

Táboa 14. Cabana gandeira do partido de Poulo en 1597 segundo os *Expedientes de Hacienda*

	CABEZAS				%			
	Equino	**Bovino**	**Ovino**	**Total**	**Equino**	**Bovino**	**Ovino**	**Total**
Poulo	20	100	200	320	6,3	31,3	62,5	100
Buscás	6	50	100	156	3,8	32,1	64,1	100
Ardemil	20	60	150	230	8,7	26,1	65,2	100
Leira	10	80	100	190	5,3	42,1	52,6	100
Total	56	290	550	896	6,3	32,4	61,4	100

Pero para facer unha valoración precisa da actividade gandeira desta comarca hai que recorrer de novo ao Catastro de Ensenada. Os *Resumes Generales* permiten facer unha aceptable reconstrución da cabana gandeira a nivel da xurisdición e calcular a explotación gandeira media naquelas parroquias nas que coñecemos o número de veciños a través dos Libros de Personal da mesma fonte. A través dos cálculos do prof. Eiras sobre a concentración xeográfica do gando a nivel do conxunto de Galicia[882], é posible situar a importancia deste sector económico en relación co seu entorno máis inmediato. A mediados do século XVIII, mentres a media galega está en 1.4 cabezas/Ha, na penichaira occidental é algo superior -1.7 cabezas/Ha-. Sen embargo, os datos obtidos para as parroquias aquí estudadas revelan unha densidade gandeira de 1.3 cabezas/Ha. algo máis

[881] EIRAS ROEL, A., "Hautes..., op. cit.
[882] Ibídem

baixa, o que debe poñerse en relación coa tamén débil densidade humana (28 hab./km2), para que a febleza destas cifras non leve a pensar nun escaso peso do gando na economía comarcal. O tamaño medio da explotación gandeira –21 cabezas/veciño,[883] aínda lonxe das 27 cabezas/veciño do conxunto da Penichaira occidental[884]- resulta ser neste caso un parámetro máis explícito.

Táboa 15. Cabana gandeira de Folgoso e de Barbeiros e Oroso segundo os *Mapas* e *Libros Reales* do *Catastro de Ensenada* en 1752

	Cabezas			Cabezas/veciño		%		
	Folgoso		Brb+Ors	Folgoso	Brb+Ors	Folgoso		Brb+Ors
	21 parr.	10 parr	*LR*	10 parr		21 parr.	10 parr.	
Vacún	4 739	2 413	352	4,7	4,4	22,1	22,3	23,0
Equino	1 242	623	76	1,2	0,95	5,8	5,8	5,0
Ovicaprino	13 435	6 669	948	12,9	11,9	62,6	61,7	61,9
Porcino	2 055	1 109	156	2,1	1,95	9,6	10,3	10,2
TOTAL	21 471	10 814	1 532	21,0	19,2	100,0	100,0	100,0

Táboa 16. Composición da cabana gandeira en relación a outras comarcas galegas. 1752

	Folgoso		Xallas		Penichaira Occidental		Penichaira Oriental		Galicia	
	cab./vec.	%	cab./vec	%	cab./vec.	%	cab./vec.	%	cab./vec	%
Vacún	4,7	22,3	3,8	13,72	6,2	22,5	3,2	20,1	2,7	22,31
Equino	1,2	5,8	2	7,22	?		?		?	
Ovicaprino	12,9	61,7	20,8	75,09	19,3	70,2	9,5	59,7	7,7	63,64
Porcino	2,1	10,3	1,1	3,97	2	7,27	3,2	20,1	1,7	14,05
TOTAL	21,0	100,0	27,7	100	27,5	100	15,9	100	12,1	100

Fontes: Galicia e Penichairas: Eiras Roel, A. (1984); Xallas: BARREIRO MALLÓN, B. (1977)

As explotacións gandeiras, cunha media de 19.2 cabezas –5.4 de gando maior e 13.8 de gando menor-, se ben non presentan contrastes de tamaño tan acusados como os vistos para o terrádego, non son alleas a estas desigualdades, en particular no que se refiere a aquelas especies que teñen na comercialización a súa principal finalidade: ovicápridos e équidos. Con relación ás cifras que coñecemos para a meseta interior galega, esta media atópase máis próxima á da penichaira oriental que á da occidental, e, desde logo, por riba da media galega[885]. Polo demais, a participación de cada especie no conxunto da cabana é, en líneas xerais, similar á que coñecemos para o da Galicia de mediados do XVIII cun predominio dos ovicápridos –62%-, un peso importante do vacún 22%- e un número moito menor de porcos –10%- e équidos –6%-.

Respecto á media de gando por explotación agraria poden observarse algunhas diferenzas entre os as parroquias de Barbeiros e Oroso a partir dos *Libros Reales*: 20.4 cabezas en Barbeiros e 15.37 en Oroso. Isto é debido á presenza en Oroso de maior número de explotacións declaradas por forasteiros que só declaran terra pero non animais, é dicir, a un cálculo enganoso do número de cabezas por explotación. En Oroso os forasteiros supoñen o 53.33% dos asentos, mentres que en Barbeiros tan só o 36.04%.

[883] Media referida ás dez parroquias e un couto que conservan os *Libros Personales* de 1752.
[884] EIRAS ROEL, A., "Hautes...
[885] Vid.
Táboa ; (EIRAS ROEL, A., "Hautes terres..., op. cit.); a ausencia do gando cabalar na s cifras de Galicia non altera demasiado os datos globais toda vez que esta especie gandeira é bastante escasa no conxunto galego; para a xurisdición de Xallas, (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción.....*, op. cit. p.374)

Máis real é a distribución de cabezas per cápita: aquí se revela o maior peso que ten a gandería nas economías familiares de Barbeiros (4.46 cabezas/individuo) fronte ás de Oroso (3.23 cabezas/individuo). En todo caso, as diferenzas desaparecen se atendemos ao número de cabezas por explotación gandeira.

Posiblemente boa parte desta cabana estivese destinada ao mercado urbano galego ou á exportación a Castela e Portugal. Só o porcino se cría para o autoconsumo familiar, o "porco familiar", sin que isto exclúa a comercialización dalgún que outro leitón. Neste senso coidamos que o volume da cabana vese infravalorada pola evidente ocultación do gando mular, unha especie granxeada específicamente para a exportación. Os seus criadores deberon considerar que non debían ser declaradas na medida en que se desfarían delas en breve, xa que é difícil de entender que ricos gandeiros coma Juan Pérez, de Barbeiros, que posúe un "pollino para padre de mulas" e que conta con 12 "yeguas parideras", non consigne ningunha mula, cando o trafego deste animal debía ser para el un substancioso negocio. Tanto este veciño de Barbeiros coma outros de varias parroquias obtiñan pingües beneficios derivados do seu "pollino para padre de mulas". O feito de que o *Compendio* diga que se crían aquí moitas mulas deixa ao descuberto a súa ausencia nas declaracións do *Catastro*. O máis seuguro é que as mulas, moito máis valoradas que os cabalos e eguas, fosen declaradas como potros e potrancas a fin de rebaixar a base impositiva dos gandeiros.

7.3.1 A composición da cabana gandeira

Conforme ás porcentaxes vistas, a composición interna da cabana ten como máis abundante ao gando menor (ovicaprino e porcino) -en torno ao 70% do total-, a moita distancia se atopa o bovino (22-24%). Polo tanto dicir que se trata dunha cabana gandeira ovina (62%) e vacuna (24%). O grupo de ovicápridos está constiuído na inmensa maioría por ovino posto que o caprino redúcese ao 10,45%, non chegando a alcanzar a media dunha cabeza por gandeiro. As amplas extensións de monte, en particular monte aberto, favorecían a proliferación dun gando como os ovicápridos que teñen nese espazo a súa fundamental reserva alimentaria. Pese a ser a especie máis abundante –62.6%[886]- cunha media de 13 cabezas por explotación, -por debaixo das 19.3 da penichaira occidental galega[887]- e determinar, na maior parte dos casos, as dimensións da cabana de cada veciño, ten unha desigual repartición social –63% das explotacións gandeiras[888]-, existindo unha correlación clara entre tamaño da explotación agraria e tamaño dos rabaños. A maioría dos rabaños teñen entre 9 e 19 cabezas, sen que falten casos que reúnen hasta 40 e outros de unha ou dúas. Cando algún gran propietario de ovino non declara terras trátase de "caseiros" que disfrutan das terras que traballan, xunto con parte da cabana gandeira, *á ganancia.* Tal é o caso de Jorxe Biaño, Antonia Fernadez ou Benito Carteiro, veciños de Barbeiros, con cabanas que oscilan entre 46 e 49 cabezas (maioritariamente gando ovino) e que non declaran nin un ferrado de terra na parroquia na que están aveciñados[889]. Por outra banda a amplitude da superficie dos montes abertos permite alimentar un bó rabaño de ovellas aínda en ausencia de terras. Este gando tan só é consumido polo labrego en datas moi sinaladas, de xeito que ou se venden nas feiras ou aos curtidores que teñen os seus "pelambres" ás veiras do Tambre e o Lengüelle.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[886] As porcentaxes refírense aos datos das 21 parroquias e un couto da xurisidicción de Folgoso que apenas difiren das obtidas dos *Libros Reales* de Barbeiros e Oroso (61.88%).
[887] EIRAS ROEL, A., "Hautes terres..., op. cit.
[888] A distribución de cabezas entre os 39 gandeiros que posúen gando desta especie en Barbeiros e Oroso é moi desigual e vai dos 40 ovellas de Antonia Fernaández, á única ovella que posúe Justo Mosquera. A media de cabezas por explotación con ovino é de 18.5.
[889] AGS, DGR, L. XX.

O vacún, -23% da cabana de Barbeiros e Oroso cunha media de 4.3 cabezas/veciño[890]-, é sen dúbida a especie gandeira máis completa para unha economía agropecuaria de autoconsumo: fundametal como forza de traballo en tanto que animal de tiro, fonte de abono e fonte alimenticia na medida que aporta produtos tan nutritivos como o leite nunha dieta campesiña de por sí endémicamente deficitaria. Por último, a comercialización das crías e do leite e produtos derivados[891] permite incorporar algúns cartos a estas economías nada monetarizadas, aínda que nalgunhas parroquias se insista en que as vacas non producían máis leite que aquela coa que amamantan aos cuchos[892]. O vacún alimentase nos pastos e coa forraxe (nabos, planta do millo e incluso fariña de millo) e segundo din os "peritos" de Ordes e Lesta "...las (vacas) del termino son pequeñas y sus crias infimas ... de cuya cantidad le rebajan por razón de la yerba que consume diez reales..."[893].


O feito de que o vacún sexa un animal imprescidible para un labrego que queira traballar a terra, é a causa de que ata nos fogares máis humildes se podan atoparse unha ou dúas vacas que, a falta de bois, poden servir tamén como animais de tiro[894] tal e como dicían os "peritos" de Buscás en 1762 "... raro labrador yndividuo dexa de tener un par de bueyes o bacas para la labranza...". Todas estas razóns convértena na especie máis repartida socialmente -70% dos fogares[895]- se ben existen algúns veciños que duplican a media. Salvando estas excepcións, claramente orientadas á explotación comercial, o resto dos veciños contan xeralmente cunha xugada de bois –frecuentemente en parzaría- para o traballo da terra e unha ou dúas vacas que lle aportan leite a unha dieta moi pobre e que lles permiten criar un ou dous cuchos para obter algúns cartos coa súa venda. Os becerros, separados da nai ao ano de nacer, adoitaban ser vendidos aos dous anos de idade: "... el novillo de un año ... que suele separarse de la madre asta completar los dos años de hedad..." [896]. Por iso non hay grades disparidades de tamaño entre as explotacións -máis da metades atopanse entre 5 e 9 cabezas e amaior explotación non supera as 15 cabezas sen que falten veciños cunha soa baca coa que tamén traballan a terra. A metade do vacún atopanse cedido en en réxime de parzaría. Trátase de animais de ambos sexos e de todas a idades. No cao dos bois sempre se trata de parellas destiñadas á labor das terras.

A finais do século XVI a cabana de equino non estaba estabulada senón que sobrevivía no monte en réxime de liberdade -"yegoas que son montesas"-, circunstancia que non hai que excluir para parte da cabana de mediados do XVIII, aínda que non contemos mencións neste senso.[897]. Especie máis minoritataria -6% da cabana-, móvese en torno a unha cabeza por explotación e presenta a repartición social máis desigualitario xa que está en mans dos máis ricos[898] ou dos profesionais do transporte de persosas ou mercancías -"alquiladores" e arrieiros-. Só o 22% dos veciños contan con algunha égua

[890] Fronte ás 6.2 do conxunto da Penichaira occidental.
[891] Só se atopa mención da elaboración de manteiga, mentres os queixos non aparecen citados ata mediados do século XIX (MADOZ, P., *Diccionario*..., op. cit., voz "Órdenes.)
[892] "...Y cuanto a la leche de las bacas no le regulamos mas util que el de la cria..." (AGS, DGR, 1ª R., L. 1165, S. Paio de Buscás).
[893] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1199 Sta Mª de Órdenes, e 1187, Sta. Mª de Leira.
[894] "... a la baca sin cría no le regulan utilidad alguna sino que alguna ayga que sirba para la labranza en caso que sustituya el trabajo de los bueis que entonces le regula lo mismo que estos..." (AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1187, Sta. Mª de Leira)
[895] Barbeiros 85.19%.
[896] AGS, DGR, 1ª R., L. Leg. 1187, Sta. Mª de Leira.
[897] AGS, EH, Leg. 126, Mesía.
[898] Aqueles que posúen algunha égua ou mula declaran as maiores explotacións agropecurias (media de cabana gandeira de 32.25 cabezase e explotación agraria de 144.86 ferrados, 8.89 Has.) (Barbeiros 253.54 ferrados de terra fronte aos 93.11 da media e 30.45 cabezas de gando fronte á media de 21). Os 52 exemplarese que hai en Barbeiros se reparte entre 11 individuos

ou mula e só tres gandeiros concentran o 44% das cabezas das parroquias de Barbeiros e Oroso, casos nos que parece segura a orientación comercial destas cabanas de équidos de tamaño medio. No caso dos "ricos" a posesión de bestas adoita ter unha unha finalidade de representación social como no caso das familias fidalgas[899] para quenes os équidos, ademais de cumplir funcións de transporte, son un símbolo claro de status social.

Gráfico 2. Composición da cabana gandeira en Folgoso segundo os *Mapas do Catastro de Ensenada,* 1752



Trátase de éguas, "parideras" ou acompañadas de potros/as de distintas idades, apenas se declaran mulas e fora do "pollino para padre de mulas", e non aparecen outros burros nin cabalos machos, moito menos rendibles económicamente[900]. No caso das mulas parece que se está a ocultar parcialmente a realidade debido ao seu maior valor económico tal como se induce das palabras do *Compendio* referidas á xurisdición de Folgoso: "crianse en ella muchas mulas"[901], e da propia existencia de 11 burros sementais destiñados a este fin noutras tantas parroquias de Folgoso e Poulo. Nos *Expedientes de Hacienda* de finais do XVI decríbese o sistema da trata de mulas e bacas que rexiu na comarca ata hai algunhas décadas:


> *...y que acaso que aya algunos en dha feligresia* (Sta. Mª de Ordes) *que conpren algunas mulas o bacas, las conpran fiadas unas en una parte y otras en otra y las conpran a su amigos que se las fian asta que las buelban a bender en las ferias siete e ocho leguas de sus casas y alli les echan la alcabala...*[902]

De maneira que as mulas, das que se desfán os gandeiros cando cumpren un ano, ou ben non se declararon no *Catastro*[903], ou se consignaron como potros e potrancas, moito máis baratos e, por tanto, con menos recargo na base impositiva da Única. A tenencia do *pollino para padre de casta* adoita estar en mans de labradores ricos que

[899] En Barbeiros, Dª. María Ares de Ledoira e Rosendo Marzoa.
[900] En Barbeiros tan só se declaran 4 mulas a pesar de existir na parroquia un "pollino para padre de mulas" en poder de Juan Pérez, segundo maior propietario territorial da parroquia, que aparte de ser dono do "pollino" que lle rendía pingües beneficios, tiña 12 éguas e tres potros dos cales dúas éguas e un potro as posuía en parzaría.
[901] *Compendio...,* op. cit., fol. 22.
[902] AGS, EH, Leg. 130, carp. 9, Montaos.
[903] Como o gando mular non deixa outra ganancia que a que se lle saca da súa venda, posto que non cría, a diferenza de todas as demais especies, nin aporta outro rendemento mentres non se leva ao mercado, moitos gandeiros deberon considerar que non tiña por qué declararse.

engrosan a súa fortuna con esta rendible industria. O burro en cuestión vive estabulado e está ben mantido a base de forrxe e cereal, e o dono ten dereito a percibir a cuarta parte das ganancias que se obteñan da venda da cría. Así o explican en 1762 os "peritos" de Leira: "...tambien ay un jumento castizo y de caballeriza... y rebajado el grano y pan con que se alimenta lo regulan en 100 reales... Es de advertir, que según el precio en que se pone la muleta o muleto a los seys meses, la quarta parte de su valor es y pertenece al dueño del pollino padre..." [904]. As éguas destíñanse maiormente á cría, e como din os veciños de Leira se non se se adican a este fin non teñen "...utilidad sino que sea de algún arriero...". Cada dous anos son rapadas e as crins aproveitanse ben para uso doméstico (fabricación de cordas...) ou se destiñan ao mercado: "... a una yegua... regulan por su cria y cerdas que se les cortan de dos en dos años a cada una cinquenta reales al año..." [905].

Gráfico 3. Composición da cabana gandeira en cabezas/veciño en Folgoso e Xallas segundo o *Catastro de Ensenada,* 1752



O porcino, pese a ter unha presenza porcentual escasa (arredor do 10%) é despois do vacún, o animal mellor repartido socialmente -presentes no 85.72% das casas con dúas cabezas por veciño-. No 70% dos caso móvese entre 1 e 3 cabezas, iguala a cifra da Penichaira occidental e está por riba da media galega –1.7 cabezas/veciño[906]-. Única especie destiñada ao autoconsumo na inmensa maioría dos fogares -o "porco familiar"- axústase no seu número ás necesidades de cada casa sen que apenas inflúa a maior ou menor riqueza patrimonial, de xeito que nin os labradores que declaran máis terras e gando superan os 5 cochos[907]. Esta é a causa de que o seu número non se incremente proporcionalmente co número total de cabezas da cabana gandeira familiar fronte ao que ocorre coas restantes especies, o que ven a suliñar a súa finalidade de autoconsumo. As femias criábanse ata os tres anos "... que despues ordinariamente suelen matarla y pare una bez al año por lo regular cuatro lechoncitos, los quales a los seis meses, separados de la madre, tasan cada uno en tres reales...". É dicir que dos leitóns que sobrevivían de cada camada, un quedaría na casa para consumo familiar, e os restantes se venderían na cidade

[904] AGS, DGR, 1ª R., Leg. Leg. 1187, Sta. Mª. de Leira.
[905] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1199, Sta. Mª. de Ordes.
[906] Como apuntou Pérez García, a presenza ten un marcado carácter estacional que pode rebaixar a porcentaxe de fogares con esta especie; (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo*..., op. cit., p. 217); isto parece estar claro en Oroso xa que os *Libros Reales* foron elaborados en marzo, xusto despois dos meses da matanza.
[907] Só Rosendo Marzoa de Barbeiros, o veciño máis rico da parroquia, ten 5 porcos na corte da súa casa.

ou nalgunha das múltiples feiras cercanas. Non se menciona en ningún lugar que se apacentaran nas devesas ou en outro lugar en liberdade, e todas as mencións que se fan da súa alimentación se refire ás coles, nabos e millo. Así en 1762 os "peritos" de Barbeiros queixabanse da escasa rendabilidade da súa crianza: "... en la especie de cerdos hes más costoso el aumento de algunos granos con que los substentan moderan o vaxan (que) la utilidad de cada uno..., e os de Leira indicaban os rendimentos do porcino entendéndose "... rebajada la arina que comen, pero no la verdura por averla ya rebajado en el capítulo doce (rendimentos da horta)..." [908].

No que se refire ás aves de corral, é sabido que no *Catastro* non se declararon pese a que sabemos da súa presenza. A súa granxeiría de algún modo viña imposta pola necesidade de pagar unha parte das rendas da terra neste concepto, xa fora entregando o propio animal (polos, galiñas, capóns) ou os seus derivados (ovos)[909]. Neste apartado pode incluirse, ademais, a cría de pombas, xeralmente non declarada e reservadas aos privilexiados paladares das elites locais como párrocos e fidalgos. Nas *Respuestas Generales* do *Catastro* manexadas neste traballo só atopamos a mención ao pombal do cura de San Paio de Buscás (Ordes). En 1752 declárase a produción do pombal: "… doce pares de palomas a las que regulan produciran al año setenta pares de pichones..." e nas comprobacións de 1762 afírmase:

> *...Hállase también un palomar propio del cura parrocho de esta feligresía para su diversión de palomas brabas o palominos que llaman, y aunque puede producir algunos pares de pichones de esta clase no le podemos regular utilidad porque aunque el dicho cura disfrute de de tales quales pares de pichones de esta clase, los paga doble con el fruto con que alimenta los pocos pares de palomas que tiene, y no sabemos que se utilice en nada dicho palomar y sólo regulamos el fundo que ocupa dicho palomar en seys reales de vellon cada año...*[910]

Por último, non deben deixar de citarse as colmeas que pese a "...no ser el paraje a proposito para la procreación y utilidad (de abellas) por falta de pasto...", a verdade e que o seu número non era despreciable[911] xa que no total das parroquias xurisdición de Folgoso sumaban un total de 1.253, é dicir unhas 63 por parroquia.

7.3.2 A abundancia do gando *posto á ganancia*

Ao igual que a terra, tampouco todo o gando é de titularidade plena dos seus posuidores, pero ao menos, neste caso, coñecemos en que proporción se posúe en parzaría –21.6%-. Trátase dunha porcentaxe moi elevada[912] que presenta diferenzas notables dunhas a outras parroquias e que parecen revelar distintos réximes de propiedade dos

[908] AGS, DGR, Leg. 1156, Sta. Mª. de Barbeiros, e Leg. Leg. 1187, Sta. Mª de Leira

[909] As rendas forais podían incluir o pago de dous capóns, tamén a primicia se pagaba en forma de capóns ou ovos e o pago dos dereitos de vasalaxe polas viuvas equivalía a unha galiña. O que non excluía que esas rendas foran convetibles a moeda.

[910] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1165, S. Payo de Buscás. Porén, en 1752 declararan a produción do pombal: "...con doce pares de palomas a las que regulan produciran al año setenta pares de pichones..."

[911] "... colmenas de abejas de cuyo número por ser limitado nos referimos a los asientos de los yndividuos... y regulamos a cada una dos reales de vellon por no ser el paraje a proposito para la procreación y utilidad por falta de pasto (AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1165, S. Paio de Buscás)

[912] Na Ulla a parzaría de vacún ascende ao 15.7% (REY CASTELAO, O., *Aproximación...,* op. cit. p. 724), mentres en Folgoso esta especie rexistra o 38.56% de parzaría. Sen embargo as cifras de Folgoso coinciden coas observadas en parroquias da montaña coruñesa como Cambás (Concello de Aranga) onde se documenta un 17.8% de gando en parzaría (REY CASTELAO, O., "Familia..., op. cit.)

medios de producción[913]. Queremos dicir que alí onde abunda a parzaría de gando pode que haxa unha maior presenza de cesións da terra en condicións similares, isto é, *á ganancia* da metade ou da tercia parte da colleita. No caso dos bois en parzaría a relación parece estar clara, tal e como indican os veciños da maior parte das parroquias de Folgoso, o propietario da terra entrega unha xugada ao caseiro co lote de terras que o último se compromente a traballar:

> *... por lo que mira a las más utilidades que provienen de la aparcería de los ganados que se practica en esta feligresía ... dijeron que aunque es cierto ay algunos bueyes de labor que se dicen dados en aparcería a barios sujetos y colonos, no les pueden dar ni consideran utilidad alguna compartibles por ser accidental su aumento como su minoración; y el fin principal a que se derige en esta dicha feligresía este convenio o pacto es más para la cultura y trabajo de las propias tierras de los dueños del ganado, o de otros amistosos y particulares respectos, que no por la utilidad y beneficio que les pueden dejar...*

O que queren dicir é que os rendementos dos bois en "aparcería" non se deben computar como beneficios do postor do gando, posto que, na medida en que son facilitados ao parceiro para traballar as terras do primeiro, tales rendimentos débense entender como incluídos nas rendas da terra que traballan os animais. Nisto insisten os "peritos" de Leira en 1762 cando din que os bois "... no se ocupan en carretas de alquiler, pero regulan a un par de ellos los mismos veinte y dos reales al año por lo que sirven para el labor de las tierras ... pero este beneficio es solo del que los tiene y no del dueño por no benirle de aí utilidad alguna, solo al que labra con ellos..." [914]. En realidade, se non é nas condicións anteditas, o contrato de cesión de bois non é propiamente de aparcería, posto que as xugadas non tiñan "multiplicaciones", de modo que, como ben explicou Pegerto Saavedra, os bois que non ían xunguidos á terra cedíanse en "alquiler", é dicir a cambio dunha renda sabida de cereal ou incluso de diñeiro[915]. Así o indicaban os veciños de Folgoso a continuación de falar da aparcería:

> *...y aunque saben que ai tal contrato en el que se da un par de bueyes por cierta prestación anual en las especies de de trigo, centeno o dinero, no pueden expresar los sujetos que lizitamente se interesan por estos medios o negociación, acerca de lo qual se remiten a las relaciones de unos y otros que tengan dado y recibido en ganado en esta conformidad..."*[916]

Pero nas declaracións dos *Libros Reales* ás que se remiten as *Respuestas Generales* chámanlle a todos os contratos "aparcería" sen distinguir os casos de "alquiler", o que contribúe a que máis da metade do vacún apareza usufrutuado en parzaría. No caso dos bois case sempre se trata de xugadas destiñadas á labor das terras posto que a arriería era un oficio infrecuente. As vacas cédíanse ao cuarto ou á metade das multiplicacións, é dicir, os tres cuartos ou a metade das ganancias obtidas das crías

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


[913] A parroquia de Barbeiros onde afecta case ao 30% do gando, contrasta coa baixa porcentaxe de Oroso, 6.30%. diferenzas que se van ver reproducidas en cada unha das especies e que parece confirmar o que xa temos insistido: que en Barbeiros a polarización socia é maior.
[914] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1187, Sta. Mª. de Leira.
[915] SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía, política...*, op. cit., p. 386.
[916] AGS, DGR, 1ª R., L. 251, fol. 611.

entregábanselle ao prestamista e o parceiro beneficiábase do leite e da cuarta ou media parte restante das crías.

Se ben a parzaría era un tipo de cesión que afectaba principalmente ao vacún, -cunha media de 38.6% pero que no caso de Barbeiros afecta case á metade deste especie, 48,8%[917]-. non estaba ausente nas restantes especies, probablemente polo motivo que xa indicamos: os propietarios que instalaban caseiros nas súas terras entregaban, xunto con estas, boa parte do gando vacuno, ovino e incluso porcino da explotación. Neste senso a parzaría perdía ese carácter meramente usurario que tiña nos casos nos que o postor tan só buscaba a inversión dun capital, e convertíase nunha condición necesaria para manter operativa unha explotación agraria cedida *á ganancia* a unha familia que podía non posuír máis que as roupas que os vestían. Esta circunstancia parece probala o feito de que algúns veciños declaren só gando, e que toda ou boa parte do mesmo se posea en aparcería. A parzaría de ovino –17%-, aínda que está moi por debaixo da media global, non deixa de presentar unha porcentaxe moi superior á rexistrada nas restantes comarcas de Galicia[918].

Táboa 17. Número e porcentaxe do gando en parzaría en Barbeiros e Oroso, 1752

	Nº de Cabezas		%
	Parcería	Total	
Vacún	136	352	38,6
Equino	10	76	13,2
Ovino	162	948	17,1
Porcino	23	156	14,7
Total	331	1 532	21,6



O equino destas características tampouco presentaba unha proporción nada despreciable –13.2%-. No caso dos usufrutuarios de bestas nestas condicións non se trata, como no caso das especies anteriores, de individuos de escaso caudal, senón de negociantes –tratantes, alquiladores- que a través deste sistema[919] podería compartir os riscos da morte dos animais, ou a necesidade dun préstamo puntual para ampliar a súa oferta. En todo caso os propietarios de equino, en tanto que representan ás elites parroquiais –salvo no caso dos alquiladores-, son os que recorren con menos frecuencia a esta forma de aproveitamento do gando no conxunto das especies. No caso do porcino, Barbeiros e Oroso presentan de novo diferenzas notables. En Barbeiros nada menos que o 18.9% se posúe nestas condicións, mentres en Oroso a presenza da parzaría de porcos é puramente testemuñal –un só caso-. De novo parece que estamos ante fogares de caseiros que todo o posúen *á ganancia*. Finalmente non debe deixar de mencionarse a parzaría de colmeas tamén estaba presente.

7.3.3 Rendementos gandeiros

Os rendementos do gando, calculados a partir do prezo que o animal acadaría no mercado, acostuman ser distintos segundo o sexo do animal. Obviamente sempre eran máis rendibles as femias que tiñan "multiplicaciones". Sen embargo de entre todos os animais o que maior prezo alcanzaba eran as mulas. Entre o gando menor o máis rendible é o porco, aínda que como xa indicamos destíñase preferentemente ao autoconsumo. Do

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[917] AGS, DGR, 1ª R., L. XX

[918] Non parece que houbera parceiros urbanos especuladores. RODRÍGUEZ GALDO, Mª X. e CORDERO TORRON, X., "Rentistas urbanos y capital usurario. La aparcería de ganado en Galicia en el siglo XVIII", en *Revista De Historia Económica,* vol. 2, nº3, 1984, págs. 287–294.

[919] Juan Pérez, maior gandeiro de Barbeiros e un dos maiores declarantes de terra, usufrutúa á ganancia dúas das quince éguas "parideras" que declara.

ovicaprino, o gando máis abundante, aproveitase a lá e as "multiplicaciones". Tanto a unha como as outras dan ganancias moi reducidas por cabeza, o que se ve compensado pola baratura da súa crianza apacentados en monte e pastos[920]. Os porcos teñen a maior valoración -29 reais- dos 2 aos 3 anos idade á que xa están cebados e listos para ser sacrificados. As femias, que crían a partir do ano e medio paren "...una bez al año, por lo regular cuatro lechoncitos, los quales a los seis meses, separados de la madre tasan cada uno en tres reales..."[921]

Táboa 18. Rendementos do gando en Folgoso segundo as *Respuestas generales*. 1752

Reais/ano	Éguas	Vacas	Ovellas/ cabras	Porcas	Colmeas	Bois
Crías	100	58	2	14	3	
Leite	10					
Libra de lá			1			
Labranza e carretos						30

Táboa 19. Prezo en reais do gando ás distintas idades no partido de Poulo segundo as *Respuestas generales*. 1752

	Bovino		Cabalar		Mular		Ovicaprino	Porcino
Idades	**machos**	**femias**	**machos**	**femias**	**machos**	**femias**		
6 meses	15	10	20	33	60	100		4
6 a 12 meses			31	55	85	150	4	12
1 a 2 anos	35	22	51	90	110	200	7	19
2 a 3	55	34	66	120	135	250	8	29
3 a 4	70	44	81	150	160	300		

Entre o gando maior diferéncianse os valores dos machos e as femias. No caso do bovino os bois acadan un prezo moi superior ao das vacas dos tres aos catro anos, idade á que son vendidos aqueles que foron utilizados como bois de xugada[922]. En 1752 como media anual estiman que unha vaca pode rendir uns 70 reais -60 polas crías e 10 pola leite e derivados-. As xugadas de bois "...no se ocupan en carretas de alquiler pero regulan a un par de ellos los mismos veinte y dos reales al año por lo que serven para el labor de las tierras..." –descontados os gastos de alimentación[923]- e no mesmo se valoran as vacas adicadas á labranza que "...en llegando al travajo, necesitan mucho cuydado para no desmerecer"[924] Xa se indicou que cando as vacas se usufrutúan en parzaría as tres cuartas partes das multiplicaciones corresponden ao postor e a parte restante e a leite e manteiga ao parceiro.

No equino, a diferenza do que ocorre co vacún, as femias son máis estimadas que os machos, incluso entre o mular que non ten "multiplicaciones", sendo a especie gandeira que acada valores máis elevados. Así, unha potranca de entre tres e catro anos, valorada en 150 reais, duplica o prezo dun "jaco" e triplica a o dun boi da mesma idade. Pero a maior a cotización de entre todas as especies da cabana gandeira correspóndelle ao gando mular, duplicando, tamén aquí, o prezo das femias ao dos machos –300 reais fronte

USC DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[920] A valoración máxima –8 reais- obtéñena dos dous aos tres anos.
[921] AGS, DGR, 1ª R., L. 1187, Sta. Mª. de Leira.
[922] En 1762 os bois de 3 a 4 anos se valoran en 70 reais, mentres as vacas fano tan só en 44.
[923] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1187, Sta Mª de Leira. En 1752 nas parroquias de Folgoso se valoran en 30 reais.
[924] AGS, DGR, 1ª R., L. 242, fol 845. En Ardemil, parroquia máis elevada das aquí estudiadas –500 m.- declaran uns rendementos moi inferiores para as vacas: 20 reais dos que 6 corresponden ao leite e manteiga.

a 160- cando teñen entre 3 a 4 anos, aída que segundo os "peritos" das *Comprobaciones* de Leira "...suelen venderse de un año..."[925] idade á que rexistran o 67% do valor máximo que poden acadar. A maior dificultade para conseguir con éxito o cruce entre égua e burro, así como o seu destiño aos mercados castelan e portugués son a causa dese maior prezo. Nas parroquias de Folgoso estiman unha media de 100 reais ao ano as ganancias que poden derivarse das "multiplicaciones" dunha égua, ao que hai que sumarlle o valor das crins despois da rapa á que se someten cada dous anos. Nas Comprobaciones de Buscás recordase que "Es de advertir, que según el precio en que se pone la muleta o muleto a los seys meses, la quarta parte de su valor es y pertenece al dueño del pollino padre..."[926]. Por último, as colmeas regulanse en 3 reais ao ano cada unha, aínda que en 1762 en Buscás se reduce este rendemento a 2 reais "... por no ser el paraje a proposito para la procreación y utilidad por falta de pasto..."[927].

A mediados do século XIX, o *Diccionario de Madoz, ao* igual que fai cos cultivos, se limita a dar unha relación xenérica das especies animais que se granxeaban na comarca. En referencia ao partido xudicial de Ordes dicía que se "cría ganado vacuno, lanar, caballar y de cerda", aínda que nalgúns concellos parece apuntar cara certa especialización no gando maior. Así, en Tordoia precisa "se cria ganado, prefiriendo el caballar y el vacuno"[928] e o mesmo en Trazo onde hai "vacuno, caballar y lanar, siendo preferible en muchas de sus feligresías el caballar"[929]. En Mesía ademais do vacún e cabalar tamén se cita como preferente o de cerda, e o mesmo en Cerceda, só que sen mencionar especialización en cabalar[930]. De todo isto pode e deducirse que os ovicápridos perden a primacía que tiñan a mediados do século XVIII a favor de especies máis rendible no mercado, en particular o vacún. Xa dixemos que a comercialización era a finalidade principal do gando –aparte da complementariedade coa agricultura- "con el cual y el sobrante de las cosechas concurren estos naturales a las ferias y mercados inmediatos"[931] segundo indica o *Diccionario de Madoz* respecto dos veciños de Frades.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[925] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1187, Sta. Mª de Leira.
[926] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1165, S. Payo de Buscás.
[927] AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1165, S. Payo de Buscás.
[928] MADOZ, P., *Diccionario...,* op. cit., p. 1265.
[929] Ibídem, p. 1278.
[930] Ibídem, pp. 812 e 303.
[931] Ibídem, pp. 579.

8. A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DURANTE OS SÉCULOS XVI-XIX: UNHA APROXIMACIÓN ÁS CONXUNTURAS

Vistas as características socioeconómicas da comarca, temos información suficiente para interpretar axeitadamente a evolución demográfica operada durante boa parte da Idade Moderna e primeiras décadas da Contemporánea. O estudio demográfico, ademais de revelar o número de homes e mulleres, permite descubrir comportamentos das comunidades humanas, mostrando o seu artellamento social e as respostas que lle dan ás distintas conxunturas económicas. Desde esta perspectiva nos sirve para facer unha aproximación, aínda que sexa indirecta, á probable evolución económica da comarca.

Hai máis de catro décadas que a historiografía galega ven prestando especial atención ao estudio demográfico de Galicia a través de estudios de ámbito comarcal que teñen reafirmado a idea de que no estudio das poboacións de tipo antigo as xeneralizacións para unha rexión ampla non adoitan ser recomendables, xa que as distintas zonas que a integran poden presentar distintos comportamentos. grazas a toda esta serie de traballos, hoxe sabemos que as dinámicas demográficas da Galicia litoral responden a ritmos e modelos ben distintos aos do interior, e que aínda dentro de cada unha destas dúas áreas poden sinalarse particularidades para as diferentes bisbarras que as compoñen. Non obstante, téñense feito esforzos de sistematización e territorialización distos comportamentos que permiten ter unha visión de conxunto da demografía galega na Idade Moderna, sen obviar, por isto, os matices comarcais. Dado que na actualidade temos un denso coñecemento dos comportamentos demográficos das poboacións galegas do Antigo Réxime[932], aquí non pretendemos abordar un estudio profundo de ampla base documental senón facer unha análise comparativa a partir da abundante bibligrafía existente a fin de situar a comarca de Ordes no contexto dos principais modelos demográficos de Galicia, engadindo unha peza maís ao "rompecabezas" demográfico da Galicia Moderna. Imos realizar a aproximación ao sistema demográfico desta bisbarra a traveso de duas vías: a análise sincrónica da estrutura poboacional -a traveso dos censos de 1787 e 1860-, e o estudio diacrónico da evolución demográfica dende finais do século XVI a mediados do século XIX a traveso de censos e recontos, por unha parte, e de varias series parroquiais, polo outro. A xurisdición de Folgoso sírvenos, unha vez máis, de referente extrapolable á toda a comarca.

8.1 AS FONTES

Os censos elaborados con criterios estatísticos, ademais de revelar as características estruturais das poboacións nun momento concreto da súa existencia, permiten albiscar retrospectivamente o comportamento do seu pasado inmediato. Pero durante a Época Moderna e na maior parte dos paises as fontes deste tipo son infrecuentes, cando non inexistentes. En España, a única que reúne estas características –o *Censo de Floridablanca* de 1787- sitúase ao final do período que aquí imos analizar; os restantes

[932] EIRAS ROEL, A., *Estudios sobre agricultura y población en la España Moderna,* Santiago, 1990; do mesmo autor, *La Población*..., op. cit.; SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., "As grandes tendencias comarcais na evolución da poboación galega [de comezos do XVII a mediados do XIX]" en *Das casas...,* op. cit, pp. 77-127), por citar algúns. Para un repaso das liñas da historiografía demográfica galega vid. PÉREZ GARCÍA, J. M., "*La* población de Galicia en el Antiguo Régimen: balance historiográfico y perspectivas de investigación" en *III e VI Semanas Galegas de Historia: A Guerra en Galicia. O rural no urbano na Historia de Galicia*, Santiago, 1996, pp. 395-411. PEREZ GARCÍA, J. M., "La dinámica de la investigación demográfica gallega desde 1973 a la actualidad", en REY CASTELAO, O. e SUÁREZ GOLÁN, F. (coords.), ***L****os vestidos…,* op. cit., pp. 423-454.

censos e recontos –salvo os de 1708, 1752, e 1761[933]- só permiten un seguimento aproximado da evolución demográfica, e aínda así presentan moitas dúbidas sobre a verosimilitude dos seus datos, como teremos oportunidade de ver. En consecuencia, o censo de 1787 é a fonte macroestatística do Antigo Réxime que goza de máis creto[934] e a única que permite obter unha completa visión de conxunto das características demográficas da comunidade que desexemos estudiar.

Hai que esperar a 1860, xa superada a época Moderna, para atopar outro censo con suficientes garantías de fiabilidade[935]. A traveso destas dúas fontes procederemos a unha primeira aproximación á realidade demográfica desta comarca en pleno tránsito da Idade Moderna á Contemporánea, tránsito que tampouco supuxo grandes cambios nas características do compoñente humano dunha comarca rural cuxa economía non sufriu moitas transformacións.

Os censos e recontos da etapa preestatística, interpretados á luz da crítica, deben tomarse coma indicadores de tendencias máis que coma datos veraces. Dende hai varias décadas os historiadores galegos veñen aproximándose críticamente a estas fontes e establecendo as prevencións a ter en conta con cada unha delas. Este traballo previo de crítica permite, hoxe en día, discriminar, de antemán, algúns recontos e outorgar certa confianza a outros[936]. Os Expedientes de Hacienda teñen unha calidade variable dependendo das áreas ás que se refiran de maneira que non é aconsellable facerlles un xuízo xeral para toda Galicia. Presentan dificultades de interpretación no que se refire ao cómputo do número de veciños pola confusión que se pode dar entre número de fogares e número de veciños fiscais[937]. A súa maior virtude é a de informarnos sobre un período para o que se carece doutra fonte demográfica.

Un traballo pioneiro do prof. Eiras deixaba en bo lugar ao Padrón Calle-Hita de1708, para a globalidade de Galicia[938], pero estudios posteriores teñen afinado a crítica evidenciando o seu alto grao de ocultación no que respecta a certos segmentos da

---

933 Nalgunhas comarcas, a riqueza dos datos demográficos do Catastro de Ensenada permiten tamén a reconstrución da súa estrutura de poboación; non é o caso da de Ordes, onde en xeral os *Libros personales* só indican a idade dos xefes de casa, e a maioría ou minoría de idade dos fillos varóns.

934 Polo que ten sido obxecto de maior número de estudios nos últimos anos: ademais da obra mencionada (EIRAS ROEL, A., *La población*...op. cit.) onde se publican os datos relativos a todas as xurisdicións de Galicia, caben citarse do mesmo autor: "Una primera aproximación a la estrutura demográfica urbana de Galicia en el censo de 1787", en VILLARES, R. (coord.), *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*, Santiago, 1988, pp. 165-177; "Galicia, estrutura y caracteres de la población en el Censo de Floridablanca" en VV. AA., *La población española en 1787: II Centenario del Censo de Floridablanca"*, Madrid, pp. 399-442; e para o conxunto de España, REHER, D.S. et al., *España a la luz del Censo de 1787,* Madrid, 1993.

935 O primeiro censo contemporáneo de España é o de 1857, sen embargo, non goza de moita creto entre os especialistas.

936 Así, obviamos comentar fontes desbotadas para a provincia de Santiago coma os censos de 1591, 1651, veciñanzas de 1711, 1717, e pouco fiables como o de 1769 (EIRAS ROEL, A., "Test de concordancia aplicado a la crítica de vecindarios fiscales de la época preestadística" en *Las fuentes*..., op. cit., pp.113-138; FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "La población de Galicia en la primera mitad del siglo XVII: los vecindarios de 1631 e 1651" en *Obradoiro de Historia Moderna: homenaje al profesor A. Eiras Roel en el XXV aniversario de su cátedra*. Santiago, 1990, pp.103-130).

937 En Galicia os dous autores que máis teñen traballado con esta fonte son P. Saavedra e J. Gelabert, o primeiro dos cales ten estudios de crítica que abordan cuestións como a mencionada problemática derivada do concepto de veciño fiscal, (SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., Economía, política..., op. cit., p. 50 e ss., e "Algúns..., op. cit.).

938 EIRAS ROEL, A., "Un vecindario de población y estadística de la riqueza de Galicia en el siglo XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1969 e posteriormente do mesmo autor "Test...", op. cit.; en este último artigo conclúese que nas cifras globais do Padrón "no se da una infravaloración de conjunto...sino inexactitudes (locais) de un y outro signo que dan lugar a una compensación"

poboación[939]. Sen embargo, a riqueza da súa información, sobre todo no que se refire ao estudio da fisionomía familiar, teno convertido en instrumento de necesaria referencia nos estudios de historia da familia. As cifras dos Libros Personales do Catastro de Ensenada de mediados do XVIII gozan dun considerable respecto, aínda recoñecéndoselle imperfeccións inevitables nunha fonte fiscal[940], e o Censo de Floridabanca de 1787 ten sido sempre a fonte preestatística máis apreciada[941].

Os restantes censos e recontos, xa sexan de iniciativa real ou eclesiástica, adolecen de serios defectos que desaconsellan tomar os seus datos coma certos[942]. Así para o século XVIII contamos con fontes de escasa fiabilidade coma o Censo de Aranda (1769)[943], o o Censo eclesiástico de 1791[944]. Para o século XVIII pode prescindirse destas fontes de dudoso creto, na medida que contamos con outras de prestixio contrastado. Sen embargo, vémonos na obriga de telas en conta coma vía de aproximación á demografía doutros períodos, coma os séculos XVI, XVII, e XIX/1, ante a ausencia doutra documentación censual minimamente fiable. Tal é o caso dos Expedientes de Facenda de 1597[945], as Memorias do Cardeal Jerónimo del Hoyo (1598-1607)[946], ou o Vecindario de la sal de 1631[947] para o XVII.

A mala conservación e difícil accesibilidade de boa parte dos arquivos parroquiais desta comarca reduce as posibilidades de contar con series completas para longos períodos, e, tanto máis, se imos cara atrás no século XVII. Das catro parroquias coas que traballamos neste estudio só a de Barbeiros[948] permite un achegamento aos inicios deste século. A súa representatividade é mínima, pero tamén a única posibilidade de aproximación a un período tan escuro documentalmente[949]. As fontes parroquiais teñen

[939] A infravaloración das cifras do Padrón de 1708, respecto á realidade, ten sido sinalada para comarcas coma Xallas (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit., pp.56-57), O Salnés (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit., p. 25 e ss.), ou A Ulla (REY CASTELAO, O., *Aproximación...,* op. cit., pp. 56-57); I. Dubert ten precisado que tal infravaloración se debe á ocultación de nenos varóns, criados e corresidentes, (Dubert Gacía, I., "La formación de las familias en la Galicia Rural de fines del Antiguo Régimen" en P. Gonzalvo Aizpuru et. ao., comp., *La familia en el mundo iberoamericano*, México, pp. 361-401).

[940] Baudilio Barreiro cree máis veraces as comprobacións de 1761 (BARREIRO MALLÓN, B., La jurisdicción..., op. cit., pp. 65 e ss.), mentres Pérez García despois de contrastar os datos de 1753 coas fichas de familia de varias parroquias do Salnés considera ao Catastro de Ensenada coma a fonte demográfica máis certeira do Antigo Réxime (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit., p. 26 e ss),

[941] Xa o prof. Eiras o conceptuou positivamente en 1977 (EIRAS ROEL, A., "Test..., op. cit."), e posteriormente ten profundizado no seu estudio mellorando, se cabe, a súa primeira opinión; polo contrario a súa fiabilidade ten sido cuestionada para comarcas coma O Salnés onde os datos parecen estar infravalorados (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...,* op. cit., p. 29 e ss.).

[942] Dependendo dos autores, a estas fontes se lles outorga o se lles nega verosimilitude.

[943] Ténselle achacado a sobrevaloración do número de habitantes (BARREIRO MALLÓN, B., La jurisdicción..., op. cit., p. 113), aínda que algún autor, coma Pérez García, lle teña outorgado a súa confianza parangonándoo ao Censo de Floridablanca (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit., p. 29 e ss.).

[944] Baudilio Barreiro considerao aceptable, sempre que se teña en conta a posible omisión dos "vecinos que nada representaban en el capítulo de ingresos parroquiales y … la población no sujeta al precepto de Confesión y Comunión por Pascua" (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción*...op. cit., p.94)

[945] Sometidos a crítica, pricipalmente, por Pegerto Saavedra ("Algúns..., op. cit.) e E. Gelabert (*Santiago...*, op. cit.).

[946] Eiras estima que, a pesar de ser unha fonte "sistemáticamente infravalorada..., a falta de otra alternativa, debe ser utilizada con grandes precauciones" (EIRAS ROEL, A., "Test..., op. cit) e José Manuel Pérez García o considera un "punto de partida bastante aceptable" (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit., p. 24).

[947] Vid. FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "La población..., op. cit.

[948] Os restantes arquivos (Buscás, Gándara e Vilarromarís) incorporan os seus datos a partir das décadas dos sesenta e setenta.

[949] Traballamos coas series parroquiais de Sta. María de Barbeiros, S. Paio de Buscás, S. Miguel de Gándara e S. Tomé de Vilarromarís que reunían 840 habitantes en 1752 e 878 en 1787. As series correspondentes a

unha dobre utilidade no que se refire ao estudio da evolución demográfica: a) son a única fonte útil para períodos deficitarios en de fontes "macroestatísticas" (censos, recontos, e veciñanzas) coma o século XVII e XIX/1; b) serven de test de validez destas últimas fontes. Claro está que as propias fontes parroquiais teñen que someterse aos seus propios test críticos de validez, pois é sabido que as omisións sistemáticas ou selectivas sonlle connaturais[950]. Para comprobar a seriedade das inscricións das actas sacramentais utilízanse principalmente tres métodos: análise do equilibrio intersexual dos bautizados, a anotación dos pávulos defuntos, o a concordancia das series das tres variables demográficas: natalidade, mortalidade, e nupcialidade.

Dado que o número de acabados de nacer de un e outro sexo gardan unhas determinadas proporcións ao nacer e nos primeiros anos de vida –105 nenos por cada cen nenas[951]-, a distribución intersexual no momento de nacer é un parámetro útil para evaluar a calidade do rexistro dos libros parroquiais de bautizados. Se tal proporción non se cumpre, haberá que desconfiar do rigor na anotación dos nados, xa sexa porque non se anotan aos que morren aos poucos días de nacer, ou por que se dá algunha discriminación de tipo sexual no rexistro dos nados, coma a subanotación de nenas. Para que se cumpa a mencionada proporción, é necesario contar cunha mostra abondosa. As parroquias coas que serven de base a este traballo, de xeito illado, non reúnen a mostra necesaria para cumprir tal proporción en períodos relativamente curtos, e aínda en conxunto presentan unha RM lixeiramente por debaixo da esixible: 103,38. En calquera caso, as RM rexistradas nas distintas fases cronolóxicas deste estudio, movense sempre dentro dos "límites de credibilidade" de Henry, aínda naqueles casos nos que as RM se presentan excesivamente baixas –en torno ao 96%[952]-.

As condicións de vida das poboacións do Antigo Réxime, a insalubridade das súas vivendas, e uns pésimos hábitos de hixene causaban o falecemento de boa parte dos nenos nos primeiros anos de vida a consecuencia de enfermidades e accidentes, ata o punto de que a mortalidade de párvulos (menores de 7 anos), constituía un dos compoñentes principais da mortalidade xeral[953] nos réximes demográficos antigos, e, en consecuencia, un dos principais motivos que limitaban as posibilidades de crecemento destas poboacións[954]. O maior problema que presenta o seu estudio é a dificultade para evaluala dado que o seu rexistro nos libros de actas sacramentais non foi unha práctica sistemática nin xeneralizada entre os párrocos.

Buscás de 1673 a 1850 fóronnos facilitadas polo profesor D. Antonio Eiras Roel. Queremos agradecer a súa amabilidade, así como as facilidades que nos ofreceron os párrocos D. Manuel Álvarez, D. Jesús Balo e D. Manuel Otero para a consulta da documentación que fundamenta parte deste estudio.

950 HENRY, L., *Manual...*, op. cit., p. 61 e ss.

951 Ibídem., p. 28-29. No momento da concepción, a probabilidade estatística de enxendrar un varón o unha muller é a mesma, é dicir do 50%, pero durante a xestación e parto se malogran máis nenas que nenos debido, ao parecer, a certas diferenzas sexuais na constitución física que fai máis vulnerables ás primeiras. Esas mesmas diferenzas actúan á inversa provocando a sobremortalidade dos varóns durante os primeiros años de vida, e reequilibrando a balanza cara ao sector femenino.

952 Excepto no período comprendido entre 1720-39, no cal a RM de Barbeiros se sitúa no 81,9%, e o de 1690-99 en San Miguel de Gándara e o seu anexo de Sto. Tomé de Vilarromarís, onde a RM se sitúa no 83,1, tres puntos por debaixo do 86 que establece Henry para as mostras de entre 100 e 400. Este desequilibrio favorable ás nenas podería deberse á existencia de un gran intervalo entre o nacemento e o bautismo, "la sobremortalidad de los recien nacidos de sexo masculino provoca en este caso un descenso sensible de la relación de masculinidad durante el período comprendido entre nacimiento y bautismo", (HENRY, L., Manual...op. cit., p. 78 e ss.). Non parece que sexa o caso das parroquias aquí estudiadas, xa que os nenos/as acostuman bautizarse ao día seguinte ou aos dos días de nacer coma moi tarde.

953 FLINN, M.W., *El sistema demográfico europeo, 1500-1820,* Barcelona, 1989, p. 134.

954 SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., "Datos para un estudio comarcal da mortalidade de *párvulos* en Galicia (fins do XVII-mediados do XIX)" en *Das casas...*, op. cit., p. 147-168.

En Barbeiros, os asentos de párvulos mortos rexistrados nos libros de defuntos comezan a aparecer nas últimas décadas do século XVII (dende 1670-79), sen embargo, ata a década de 1690 non son en absoluto representativos[955]. As cifras que se rexistran de 1690 a 1710 aínda padecen un sesgo importante xa que se moven en torno ao 25,88%. De 1720-29 a 1810-19 a media que se obten é de 32,14%. Estas cifras refirense á porcentaxe de párvulos anotados nos libros de defuntos, respecto ao número de nenos bautizados no mesmo período. As cifras obtidas dos libros de bautizados arroxan un 28,20% de nenos mortos, dato moito máis distante da realidade.

A relación intersexual rexistrada entre os párvulos mortos son favorables aos varóns tanto nos libros de defuntos coma nos dos bautizados[956]. Aparte do feito natural da sobremortalidade de varóns nos primeiros anos de vida, non haberá de desbotarse a circunstancia de que se anoten con máis frecuencia os decesos distos. A observación das curvas das tres variables, natalidade, mortalidade, e nupcialidade presentan movementos concordantes nos momentos de crise: aumento brusco da mortalidade e diminución dos nacementos e matrimonios coma resposta ou coma consecuencia de fame e/o a enfermidade. Os exemplos máis evidentes son as tres grandes crises do período estudado: 1710, 1769, e 1853 nas que se debuxan os clásicos rombos de crise; e outras de menor gravidade coma as de mediados dos anos corenta e pricipios dos cincoenta do século XVIII. En realidade, a evolución secular destas poboacións está balizado de crises que, sen ser tan dramáticas coma as tres mencionadas, hipotecaron a súa capacidade de desenvolvimento.

Pola contra, nos períodos expansivos, o descenso da mortalidade, ía acompañado dun incremento da nupcialidade e a natalidade. Se trata de fases cortas, debido á frecuencia das crises que as acababan truncando. Só a partir dos anos vinte do século XIX viviuse unha verdadeira etapa de crecemento sostido, debido ao definitivo empuxe da natalidade, e unha relativa estabilización da mortalidade. Esta situación mantívose ata 1853, o "ano da fame" no que tivo lugar a última gran crise do período estudado, e tamén de todo o século XIX. A tendencia que se apunta na segunda metade da década dos cincoenta semella sinalar cara a unha recuperación dos niveis de crecemento anteriores a esta última crise. As etapas de expansión máis forte son a mencionada do XIX, e os anos cincoenta e primeiros sesenta do XVIII, cunha verdadeira propulsión da natalidade, e un claro bache dos decesos que verá o seu fin nas crise dos sesenta.

8.2 CARACTERÍSTICAS ESTRUTURAIS DA POBOACIÓN A FINAIS DO ANTIGO RÉXIME

8.2.1 A estrutura demográfica en 1787

No exahustivo estudio dos censos de 1787 e 1860 que fixo o prof. Eiras Roel, tipifícanse varios modelos demográficos cos seus correspondentes subtipos nunha clasificación que engloba a todas as bisbarras do territorio galego[957]. Dentro deste sistema, a caracterización da estrutura demográfica da comarca de Ordes respondería ao modelo 7, chamado Valdeorras, que no interior coruñés ten un dos seus núcleos principais, o subtipo Arzúa[958]. Este modelo foi definido a partir do censo de 1787 coas seguintes características: "Población joven, I.V. 0.37. estrutura ampliada por la base. No regulación por la nupcialidad ni por la fecundidad. Regulación únicamente por la elevada

[955] 1,64% en 1670-79, 6,06% en 1680-89.
[956] Entre os libros de bautizados obtense unha RM do 129,60%.
[957] EIRAS ROEL, A., *La población...*op cit.
[958] En adiante, referirémonos a este modelo e ao seu subtipo, coas abreviaturas M-7-Valdeorras, e ST-7-Arzúa, respectivamente.

mortalidad, sin emigración apreciable. Elevada fecundidad e natalidad. Fuerte reproducción y crecemiento. Muy reducida vida media: edad media censual 26,51. Familia media 4.39"[959]. Trátase en definitiva do modelo máis novo de Galicia e que en 1860 aínda non presenta síntomas de madurez.

O coñecido alto grao de fiabilidade que se lle atribúe ao censo de 1787 hai que entendelo en relación a mostras humanas amplas coma as manexadas nos traballos mencionados para Galicia ou España, de xeito que, ao descender á microanálise comarcal ou parroquial, podemos atopar sesgos ou incongruencias que na análise de áreas amplas vense diluídos. Un dos controis máis palmarios sobre a fiabilidade dunha fonte demográfica é o exame do equilibrio intersexual que revelan os distintos segmentos da poboación a través dun indicador como a relación de masculinidade (RM).

Táboa 1. Equilibrio intersexual na xurisdición de Folgoso en 1787

Relacións de masculinidade				
Idades	**Solteiros/as**	**Casados/as**	**Viúvos/as**	**Total**
0-7	98,4			98,4
8-15	92,6			92,2
16-25	94,5	101,4		96,1
25-40	86,0	96,1	50,0	93,3
41-50	42,3	101,9	35,7	83,8
>50	53,8	108,8	68,4	87,2
TOTAL	92,9	100,0	58,8	92,6


A *RM* xeral presenta proporcións aceptables (92.6) e propias dunha poboación escasamente aberta. No que se refire á *poboación de 0-7 anos*, a elevada mortalidade que afecta con máis intensidade aos varóns nos primeiros anos de vida, reequilibra a desproporción favorable a estes no momento de nacer; aínda que tampouco hai que descartar unha ocultación de nenos co fin de eludir as súas futuras obrigas militares. Este mesmo motivo podería explicar a baixa *RM* que se rexistra na faixa de poboación de 8-16 anos (92,6), xa que non parece moi verosímil atribuíla a un precoz efecto da emigración masculina que, ademais, perdería intensidade no seguinte segmento de poboación (16-25 anos) se nos atemos á RM de 96,1 que rexistra esta cohorte. De non aceptar esa probable omisión de parte dos efectivos do sexo masculino, teríase que recorrer á forzada interpretación de admitir unha temprana incorporación dos adolescentes varóns a unha emigración de media distancia con destino ao servizo doméstico en comarcas próximas ou cara ao mundo urbano. Este desequilibrio se vería compensado na faixa dos 16-25 anos por unha máis tardía incorporación de mozas ao mesmo tipo de emigración. Un hipotético retorno aos lugares de orixe para contraer matrimonio explicaría ese incremento da masculinidade observado entre os 17 e os 25 anos (96,1) e, no caso dos solteiros, 94,5. Sen excluir que esta posibilidade poida ter estado presente, consideramos que a súa importancia non puido ser suficiente para desequilibrar de xeito tan irreguar as RM. A partir dos 26 anos as RM xerais manteñen un descenso progresivo só frenado na faixa dos maiores de 50 anos e as RM de solteros descenden ao 86 debido á incidencia da emigración masculina neste grupo.

Para obter unha visión de conxunto que exprese de forma gráfica a globalidade das características da poboación de Folgoso en 1787 resulta esclarecedora a observación da pirámide de poboación, antes de entrar nunha análise máis pormenorizada dos datos do censo. A gran amplitude da base e a forte contracción que rexistra a medida que se van ascendendo os chanzos revela unha gran xuventude orixinada por comportamentos moi

[959] EIRAS ROEL, A., *La población*...op cit. p. 257.

primitivos: gran dinamismo dos fluxos de entrada (natalidade) e saída (mortalidade) e inapreciable presenza de autoregulación. Con todo, as dimensións da base debéronse ver agrandadas xusto nos anos que precederon á elaboración do censo, grazas á óptima conxuntura económica que se deu aproximadamente entre os anos 1778 e 1787, o que se coñece como "interciclo labroussiano de boas colleitas"[960], e que propiciou un incremento da natalidade (reflectida nas cohortes entre 0-7 anos) e unha moderación sen precedentes da mortalidade xeral, tamén con efectos sobre mortalidade infantil das xeracións máis novas (0-7 anos). Coidamos que isto explica a desproporción entre o primeiro chanzo e segundo, éste último afectado por unha mortalidade infantil-xuvenil máis acusada nos anos previos ao "interciclo". A razón poboación de idade 0-7 anos/poboación de idade 8-16 permite unha aproximación comparada ao nivel de mortalidade xuvenil. Folgoso rexistra un valor superior á media galega -1.17 fronte a 1.08[961]-. Aínda así, a mortalidade infantil, máis acentuada sobre os varóns, foi suficientemente intensa como para nivelar, xa no grupo de 0-7 anos, o inicial desequilibrio intersexual favorable a aqueles no momento de nacer. Nas cohortes intermedias, este desequilibrio xa se inclina claramente a favor das mulleres, en particular entre os/as xoves solteiros/as, revelando que a emigración masculina, sen ser relevante, non está ausente nestes grupos.

Gráfico 1. Estrutura da poboación de Folgoso en 1787



A contracción que se observa na faixa de 41 a 50 anos é debida tanto ao maior efecto da mortalidade sobre as xeracións maduras –máis temperá nos varóns-, como ao estancamento demográfico do XVIII/1 que contrasta co espertar demográfico vivido nos

[960] Superados os efectos da dramática crise de 1769-70, a reactivación económica e demográfica propia dos períodos post-crise, viuse favorecida por unha sucesión de anos de boas colleitas debidas a un ciclo climático óptimo para a agricultura da Europa atlántica. Este "interciclo de baixos prezos" descuberto por Labrousse e explicado por Le Roy Ladurie en base as mencionadas razóns climáticas, ten sido bautizado co nome de quen o advertiu por primeira vez, Labrousse, e foi sinalado para Galicia polo prof. Eiras (EIRAS ROEL, A., *Estudios...*, op. cit., p. 26; LE ROY LADURIE, E; *La crisis de la economía francesa a finales del Antiguo Régimen,* 1942). A pegada da "gran crise" de 1769 queda así bastante desdebuxada por mor dos bos niveis de natalidade posteriores -tamén anteriores como veremos- malia o saldo tan negativo que se rexistrou nos anos da fame.

[961] EIRAS ROEL, A., *La población...*, op. cit., p. 548

anos cincoenta, tal como veremos máis detidamente. A natalidade incrementouse desde os primeiros anos 50 e só comenzou o seu declive a finais desta década, pero durante os sesenta, malia a súa tendencia á baixa, mantense en niveis que non se recuperarán ata os anos vinte do século XIX. Asemade, a mortalidade viviu un forte descenso durante os anos cincuenta e primeiros sesenta, pero a crise de 1763-65 e logo a de 1769 elevárona a niveis que parecían xa superados a estas alturas do século. Sobre o último chanzo da pirámide -maiores de cincoenta anos-, a mortalidade sempre exerce os seus efectos reductores con máis contundencia, neste caso coa agravante de que as persoas de máis idade pertencen as cohortes dezmadas polo "gran inverno" de 1710.

A evolución do *estado civil ás distintas idades* revela a presenza dun matrimonio non precoz (24.62 anos para as mulleres e 24.69 anos para os varóns), aínda que non tan maduro como o que se rexistra nunha rexión de nupcialidade restrinxida como Galicia (25.7 mulleres, 25.8 varóns)[962]. A soltería universal dos primeiros chanzos, non só sofre unha forte reducción a partir dos 25 anos, senón que cae a niveis testemuñais na cúspide da pirámide. A viuvez feminina é sempre superior á masculina debido á maior lonxevidade das mulleres, diferenza que se vai acrecentando a medida que ascendemos os últimos niveis da pirámide, motivo polo cal estes dous últimos chanzos amosan maior grosor no lado feminino. En conclusión, poboación moi nova caracterizada por primitivos patróns demográficos e polo tanto carente de mecanismos autorreguladores do crecemento.

8.2.2.1 Indicadores censuais

Vista a panorámica xeral da estrutura demográfica de 1787 por medio da súa pirámide de poboación, podemos descender a unha análise máis detallada con fin de aproximarnos algo máis ás súas características internas. Isto é posible a tráves da observación comparativa de distintos indicadores que poden extraerse de calquera fonte censual e que, se ben a nivel da microanálise comarcal adolecen da precisión e fiabilidade dos indicadores obtidos a partir doutras fontes, aportan os trazos xerais que definen a unha poboación nun momento determinado, coa posibilidade de contraste con outras poboacións coetáneas[963]. Neste senso, o primeiro que se pode dicir a nivel xeral é que, dada a xuventude e arcaismo da poboación de Folgoso vaise atopar máis próxima ás características globais da española que ás de Galicia, habida conta do alto grao de madurez que presenta esta última no contexto ibérico a finais do Antigo Réxime.

Como é sabido, o grao de envellecemento dunha poboación vén determinado pola intensidade dos fluxos de entrada e saída, natalidade e mortalidade, os mesmos que definen o nivel evolutivo no que esta se atopa, e o seu indicador máis palpable é o *índice de envellecemento* (I.V.)[964]. Tendo en conta que se consideran poboacións novas as que

[962] Este tipo de nupcias de escaso retraso se incluiría no que o prof. Eiras chama "matrimonio tendencialmente maduro, pero no muy tardío", o que se celebra cunha media de idade comprendida entre 24 e 27 años. No caso de Folgoso é máis serodio respecto á media de idade da poboación feminina española (23.7), pero maís temprano en relación á media masculina (25.4). As idades medias foron achadas por Eiras (EIRAS ROEL, A, *La población...*, op. cit. p. 195 e ss.) segundo a fórmula proposta por Louis Henry (HENRY, L., *Manual de Demografía Histórica*, Barcelona, 1983, p. 58).

[963] Para isto seguimos a metodoloxía utilizada polo prof. Eiras no seu traballo sobre este censo (EIRAS ROEL, A., *La población...*, op. cit.). A fin de situar comparativamente as cifras da nosa comarca de estudio tomamos como referencia as que se aportan no citado traballo para outras áreas máis amplas nas que se inclúe Folgoso, e coas que presenta similitudes e diverxencias, en concreto cos datos globais do modelo 7 (Valdeorras) e o seu subtipo Arzúa, e cos de Galicia e España.


[964] Obtense do cociente entre poboación maior de 50 anos e menor de 16. A demografía contemporánea, en consonancia co actual avellentamento da poboación e incremento da esperanza de vida, cataloga como vellos aos maiores de 60 anos, e mesmo aos maiores de 65. Polas mesmas razóns, pero en senso contrario, a demografía histórica toma como porta de entrada na vellez os cincuenta años, límite este que vén

presentan un I.V. inferior a 0,40[965] a poboación de Folgoso, cun I.V. de 0,33, sitúase con claridade entre as máis novas de Galicia, mesmo por debaixo do I.V. medio de España, e na liña de provincias castelás do interior como Ávila ou Soria (I.V. 0,34)[966].

Táboa 2: Grupos de idade en 1787

	<16	16-50	>50
Datos brutos	1.810	2.289	601
‰	385,1	487	127,9

Gráfico 2. Grupos de idade en 1787



A elevada natalidade evidénciase en indicadores como o de *individuos entre 0 e 7 anos por mil*[967], ou o *cociente poboación de idade 0-7/maiores de 50 anos*. En ámbolos casos as cifras de Folgoso apuntan cara a niveis de natalidade superiores ás medias galega e española (Vid. Táboa), pero inferiores ao do ST-7-Arzúa no que se refiere ao índice de *individuos entre 0 e 7 anos por mil*, debido probablemente a unha mortalidade infantil máis elevada en Folgoso. Esta idea parece reforzala o idéntico comportamento dos indicadores de fecundidade como o *cociente poboación de idade 0-7/número de mulleres casadas***,** que se situaría en valores máis moderados cós rexistrados nas restantes xurisdicións que integran o ST-7-Arzúa. Non se trataría, polo tanto, dun control activo da fecundidade, -como o retraso da idade de matrimonio, por exemplo-, senón do sesgo que sobre este indicador exerce esa altísima mortalidade de párvulos, ata o punto de situar falazmente a fecundidade dunha poboación tan nova coma esta por baixo da media galega. Que o indicador *poboación de idade 0-15 entre casadas* acurte distancias co ST-7-Arzúa e supere á media galega parece apuntar cara ao carácter marcadamente infantil, non xuvenil, desta mortalidade, que afectaría aos nenos de poucos anos, xa que, unha vez efectuada a "selección natural" sobre os grupos de idade máis vulnerables, veríase debilitada a súa intensidade.

Pero a mortalidade infantil é só un compoñente cualificado da elevada mortalidade xeral que afecta en distinta medida a cada grupo de idade. Así, a mortalidade xuvenil de Folgoso -suxerida polo *cociente entre poboación de idade 0 a 7 e poboación de idade 8 a 15*- atópase por riba das medias galega e española, e só algo por baixo de xurisdicións veciñas como Mesía,; o mesmo ocorre coa mortalidade de adultos -reflectida

corroborado polo propio censo de 1787 (EIRAS ROEL, A., *La población...*, op. cit. pp. 219-220) A maior número de vellos (maiores de 50 anos) e menor número de xoves (menores de 16), o índice será máis elevado, e viceversa.

965 "Se consideran poblaciones jóvenes las que muestran valores de I.V. inferior a 0,40; poblaciones con signos de vejez las de I.V. entre 0,40 y 0,50; y poblaciones viejas las que muestran un I.V. superior a 0,50" parámetros de Veyret-Verner tomados de EIRAS ROEL, A., *La población...*, op. cit. p. 225.

966 A efectos comparativos convén recordar os I.V. medios de Galicia (0,46), España (0,40), e Francia (0,51); a I.V. de Folgoso sitúase, incluso, por baixo da media do subtipo demográfico no que está inscrita, Arzúa (0,37). Para Galicia, o prof. Eiras Roel inclínase a considerar como "jóvenes las poblaciones con valores de I.V. de 0,40, e incluso ligeramente por encima de este cociente; poblaciones con signos de envejecimiento las que se aproximan a valores de 0,45, sin superar el 0,25; y poblaciones viejas a partir de 0,50" (EIRAS ROEL, A., *La población...*, op. cit. p. 225).

967 Indica de maneira aproximada os niveis de natalidade, á pesar de que non inclúe a aqueles que faleceron antes de cumprir os sete anos; segundo Eiras "aunque isto implique una hipótesis de mortalidad infantil invariante en el espacio, que no es enteramente cierta en el interior de la población gallega..., existe una correspondencia bastante satisfactoria entre el tamaño del grupo 0-7 y el grado de madurez de la población" (EIRAS ROEL, A., *La población...*, op. cit. p. 235-236).

no *cociente entre poboación de idade 41 a 50 e poboación maior de 50* (Vid. Táboa)- o que non fai máis que evidenciar o arcaísmo extremo da poboación desta comarca.

Táboa 3. Indicadores de natalidade en 1787.

	Folgoso	SM-7-Arzúa	Galicia	España
0-7‰	208	214	183	182
0-7/>50	1,62	1,46	1,14	1,25

Fonte: Eiras Roel (1996)

Táboa 4. Indicadores de fecundidade en 1787.

	Folgoso	SM-7-Arzúa	Galicia	España
0-7/casadas	1,93	2,26	2,00	1,74
0-15/casadas	2,07	2,15	1,93	1,90

Fonte: eiras roel (1996)

Táboa 5. Indicadores de mortalidade en 1787

	Folgoso	SM-7-Arzúa	Galicia	España
0-7/8-15	1,17	1,17	1.08	1,03
41-50/>50	0,89	0,80	0,77	0,82

Fonte: Eiras Roel (1996)

Táboa 6. Idade media e reemprazo xeracional (r.g.) en 1787

	Folgoso	SM-7-Arzúa	Galicia	España
Idade media	25,28	26,38	27,87	27,13
Reemplazo X.	1,16	1,15	1,03	1,07

Fonte: Eiras Roel (1996)

Táboa 7. Indicadores de emigración en 1787

	Folgoso	SM-7-Arzúa	Galicia	España
Mull./var. 16-25	1,04	1,10	1,16	1,03
Mull./var. 16-40	1,06	1,09	1,15	1,03
Sltras/sltros	1,08	1,01	1,08	0,94
Var. 16-40 %0	181	164	170	186
Mull. 16-40%0	192	178	195	191

Fonte: Eiras Roel (1996)

Táboa 8. Nupcialidade

	Folgoso	SM-7-Arzúa	Galicia	España
Solteiras %o	290	287	294	268
Casadas %o	186	183	182	189
Viúvas %o	43	40	46	45
celibato muller	8,10	9,98	13,93	10,2

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Fonte: Eiras Roel (1996)

Relación inversa cos valores da mortalidade garda a idade media, xa que o valor desta diminúe en función da intensidade dos fluxos de entrada (natalidade) e saída (mortalidade), e dicir, canto máis baixa sexa esta idade estaremos ante sistemas

demográficos máis primitivos, -como pode verse na Táboa , a de Folgoso é a máis baixa que se expón-. Á súa vez, a intensidade destes fluxos determina o índice de reemprazo xeracional, valor tendencialmente inverso do grado de madurez da poboación[968]-, de aí que en Folgoso se acaden valores superiores ás medias galega e española- e suxíre o *crecemento virtual* da poboación, positivo ou negativo, segundo sexa superior ou inferior á unidade. Non fai falla dicir que a nosa comarca supera sobradamente á unidade (Vid. Táboa).

A moi escasa emigración afectaba primordialmente aos mozos solteiros. É posible intuílo a través da *razón intersexual* rexistrada nas distintas idades, indicador que revela o nivel de ausencias masculinas nos distintos grupos de idade. Así a *razón intersexual de poboación de idade 16-25* de Folgoso é a máis equilibrada do ST-7-Arzúa, en coincidencia coa media española (vid. Táboa), e a proximidade deste índice á unidade evidencia a práctica ausencia de emigración masculina nesta comarca á luz dos datos de 1787. Como indicou o prof. Eiras, o feito de que os valores sexan algo superiores á unidade é debido fundamentalmente á ausencia de varóns novos ocupados no servizo das armas[969].

A *razón intersexual da poboación de idade 26-40*, indicador de emigración de varóns adultos, é, lixeramente superior ao índice anterior, e a *razón intersexual de indiviuos solteiros/as* (Táboa), reforzan a idea de que a emigración afecta únicamente a individuos novos solteiros. Este indicador pódese poñer en relación co de *mulleres de idade16-40%0*; a diferenza entre un e outro índice é en Folgoso dun 4%, moi por baixo do mínimo de 10% que estableceu o prof. Eiras para falar de "emigración relevante en términos demográficos"[970]. Este último é, a súa vez, un indicador de emigración feminina, fenómeno que á vista das cifras non semella ser relevante. Malia isto consideramos que non se debe descartar definitivamente, posto que se documentou certa movilidade feminina a través doutras fontes, alomenos dentro da comarca[971]. Trataríase de emigración de mozas solteiras a curta e media distancia para empregarse no servizo doméstico doutras parroquias ou nas cidades de Santiago ou Coruña. Nese caso os baixos índices de emigración de varóns estarían afectados á baixa por estas ausencias femininas

A nupcialidade, estimada a partir dun indicador inverso como a *proporción de mulleres solteiras por mil,* situaríase por riba da media galega, aínda sendo inferior a algunhas áreas do seu contorno de similares características demográficas (ST-7-Arzúa). Este indicador aparece garantido polos de viúvas por mil[972], celibato definitivo da muller[973], e proporción de casados/as por mil que sitúan o nivel de nupcialidade de Folgoso sobre os de Arzúa e Valdeorras, e, por suposto, de Galicia.

O tamaño da familia non ten relación coa natalidade senón coa fecundidade, e, sobre todo, coas prácticas hereditarias que condicionan decisivamente as estruturas familares e a corresidencia nun mesmo fogar de colaterais e ascendentes. O Censo de 1787 non indica ao número de lumes e polo tanto non pode calcularse o tamaño dos fogares. Sen embargo poden facerse estimacións que a nivel comarcal son arriscadas. Así

968 EIRAS ROEL, A., *La población...,* op. cit.
969 Ibídem, p. 238
970 EIRAS ROEL, A., *La población...,* op. cit. p. 239
971 Nas partidas de matrimonios dos arquivos parroquiais indícase, de cando en vez, que a contraínte estivo "servindo" noutra parroquia.
972 No caso de Galicia, esa maior proporción de viúvas é debida ao efecto da emigración de varóns casados, que, como vimos, non se dá na nosa comarca. Este indicador tamén garda relación coa esperanza de vida. A cifra superior de Folgoso respecto aos restantes partidos do seu modelo non se debería a esta circunstancia posto que a idade media feminina do modelo Valdeorras (26,95) é superior á de Folgoso. Así que hai que concluír que se debe a unha maior nupcialidade.
973 Porcentaxe de mulleres que permanecen célibes a partir dos 50 anos.

consideramos que o tamaño da familia que calculou o prof. Eiras para Folgoso (4,2) está por debaixo do real, posto que en 1752 era de 4,45, e non puido diminuír, en tanto que entre 1752 e 1787 a poboación desta xurisdición experimentou certo crecemento que ten que reflectirse no tamaño dos fogares. O propio Eiras recoñece que a súa avaliación do número de fogares ten un "carácter meramente aproximativo". En definitiva, estamos ante unha poboación caracterizada por un acusado arcaísmo demográfico: alta natalidade e fecundidade, alta mortalidade e moi escasa emigración, isto é unha poboación nova e dinámica.

8.2.2 A estrutura demográfica en 1860

Como xa vimos, á altura de 1860, a nova organización territorial do Estado xa fixera desaparecer as vellas xurisdicións do Antigo Réxime para substituílas por municipios que poucas veces reproducían a mesma agrupación parroquial das primeiras. O censo de 1860 preséntase en base a tal organización municipal e non detalla as cifras relativas a cada unha das parroquias do *Ayuntamiento Constitucional* en cuestión. Isto imposibilita a reconstrución da estrutura demográfica da antiga xurisdición de Folgoso, apenas trinta anos despois de que deixase de existir como tal. De aí que, á hora de facer un estudio comparativo das transformacións sufridas de 1787 a 1860 pola estrutura demográfica do mesmo espazo xeográfico atopemos un serio inconvinte. Tendo en consideración que Folgoso estaba integrada por vinte parroquias que logo se repartiron entre os municipios de Frades, Ordes e Oroso optamos por comparar os índicadores de Folgoso cos que resultan da agrupación destes tres concellos a fin de salvar este atranco na medida do posible.

A amplitude da base e o progresivo estreitamento que sofre a pirámide de poboación ata acadar o seu vértice amosa a xuventude desta población só regulada pola mortalidade e pouco ou nada pola fecundidade. A alta mortalidade infantil adivíñase na diferenza de amplitude que afasta o primeiro escalón do segundo, aínda que tampouco hai que esquecer que o número de nacidos entre 1853 e 1854 (nenos de 6 e 7 anos) sufriu unha moi forte caída a causa da crise do 53, de modo que a diferenza entre un e outro escalón será debida a: a) mortalidade infantil ordinaria, b) retraemento do número de nacementos arredor do ano 1853, e, c) mortalidade infantil extraordinaria causada pola mesma crise.

Táboa 9. Equilibrio intersexual en 1860

Relacións de masculinidade				
Idades	**Frades**	**Ordes**	**Oroso**	**Total**
0-7	106,4	110,2	99,6	106,5
8 a 15	101,9	110,4	107,4	107,2
16-25	71,2	80,5	72,8	76,2
25-40	86,4	94,2	86,5	90,2
41-50	84,3	93,8	76,3	86,7
>50	83,7	88,04	99,5	89,9
Total	88,7	95,9	90,16	92,47

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


A área feminina da pirámide, menos afectada pola emigración, e nada pola *Ley de quintas,* permite observar, con menos interferencias, a evolución demográfica dos anos anteriores a 1860. Non obstante, é convinte advertir antes que as RM das xeracións entre 6 e 11 anos son excesivamente altas no municipio de Ordes[974], o que parece revelar unha

[974] Ordes subministra o maior número de poboación, o que provoca unha fenda na pirámide tamén observada en Fisterra por Víctor Castiñeira (CASTIÑEIRA CASTRO, V., *Dinámica…*, op cit., p. 49.)

subanotación de nenas, fenómeno inverso ao observado en 1787. O maior desenvolvemento do brazo feminino dos 16 aos 25 años é consecuencia do forte incremento da natalidade que foi rexistrado entre 1835 e 1844. O seu paralelo masculino aparece moi mermado polas ausencias debidas á *Ley de quintas* e á maior participación dos varóns na emigración.

Os brazos correspondentes a aqueles que teñen entre 41 e 50 anos acúrtanse moito con respecto aos tramos anteriores. A causa non é tanto o maior efecto da mortalidade sobre os segmentos maduros da poboación, coma o contraste que se produce entre unha xeración nacida nun período de estancamento vexetativo (1810-1820)[975], e aquelas outras que viron a luz na etapa de pulo demográfico que se viviu a partir da década dos vinte, é dicir, os que en 1860 tiñan entre 16 e 40 anos. As diferenzas máis salientables que presenta a sección masculina da pirámide, respecto á do sexo oposto, son debidas, en principio, a comportamentos específicos dos varóns, coma o servizo militar, ou preferentemente masculinos, como a emigración; aos cales hai que engadir unha mortalidade de homes sempre máis temperá cá das mulleres.

Gráfico 3. Estrutura da poboación dos concellos de Frades, Ordes e Oroso en 1860



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Gráfico 4. Estrutura da poboación do concello de Frades en 1860

[975] Estas xeracións comprendidas entre os 41 e 50 anos corresponden a un período de afundimento da natalidade –anos 1810 a 1819- debido ao freo demográfico que supuxo a guerra contra o francés e a crise frumentaria de 1813.




Gráfico 5. Estrutura da poboación do concello de Ordes en 1860





Gráfico 6. Estrutura da poboación do concello de Oroso en 1860



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Non obstante, non debe excluírse a posibilidade de que exista emigración feminina nestas mesmas xeracións xoves. De feito, o contraste das pirámides correspondentes a Frades, Ordes, e Oroso podería estar indicando a existencia desa emigración en Frades e Oroso, mentres en Ordes non se daría tal fenómeno, e mesmo podería ser pólo de atracción de inmigración deste tipo con destino ao servizo doméstico. En calquera caso, a relativa proximidade de cidades como Santiago ou A Coruña podería explicar perfectamente este éxodo feminino entre os 16 e os 25 anos. A observación da pirámide de Ordes por tramos de idade de 5 anos incluso rexistra unha fenda acusada que apuntaría cara a ese probable éxodo feminino entre os 21 e os 25 anos. A explicación a este impacto tan puntual da emigración pode ser debido tanto á incapacidade económica de moitas explotacións familiares para absorber o traballo dos brazos que aportaban as amplas xeracións vidas ao mundo durante o baby-boom do segundo cuarto de XIX, como á mesma imposibilidade de colocalas no mercado matrimonial. Impúxose, entón, a procura de novos horizontes.

Que o fenómeno migratorio só afecte aos xoves entre 16 e 25 anos pode ter dúas lecturas: a) ou estamos diante dunha emigración temporal exclusivamente de solteiros que, unha vez que reuniron algún peculio en traballos urbanos ou coma xornaleiros en comarcas máis desenvolvidas, volven aos seus lugares de orixe para casar; b) ou simplemente ante o comezo da intensificación do fenómeno migratorio que sería, neste caso, contemporáneo ao momento de elaboración do censo, e polo tanto, exclusiva das xeracións máis xoves en idade laboral. Inclinámonos pola segunda posibilidade sen excluir a presenza, menos importante, da primeira circunstancia.


Con respecto a 1787, a estrutura demográfica de 1860 presenta algúns sinais de autorregulación que non existían na primeira data, pese a estar caracterizada aínda por un notable arcaismo. Se contrastamos as proporcións nas que comparece cada un dos tres grandes grupos de idade (xoves, adultos, vellos) pódese observar como diminuíu a proporción de mozos –aínda que tamén de vellos-, e se engrosou o grupo dos adultos. A mingua da proporción de vellos non sería resultado tanto dunha perda de lonxevidade ou dun incremento da mortalidad de adultos, senón dos reemplazos vacíos nacidos coas crises de principios de século[976].

Táboa 10. Grupos de idade en 1860

	1787	Censo de 1860		
	Folgoso	**Frd+Ord+Ors**	**Galicia**	**España**
0-15	385	351	315	348
16-50	487	535	536	523
>50	128	115	149	129

Elaboración propia: Concellos de Frades+Ordes+Oroso
Galicia, España: Eiras Roel, A. (1996)

Gráfico 7. Grupos de idade en 1860



Mantense o mesmo nivel de envellecemento da poboación (I.V. 0,33) de 1787, por causa de que tanto a poboación xove como a vella disminuíron en favor do grupo dos adultos[977]. Isto deberíase a un estancamento, ou pode que a unha lixeira diminución dos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[976] EIRAS ROEL, A., *La población*...op. cit. p. 458

[977] Calquera dos tres municipios presenta unha estrutura de poboación máis xove cá global do ST-7-Arzúa e M-7-Valdeorras, tamén cá española, e, por suposto a distancia dabondo dos tantos por mil de Galicia. Os distintos indicadores elaborados polo prof. Eiras non fan máis que corroborar esta primeira impresión. Así os *Índices de envellecemento* van do 0,28 de Ordes ao 0,38 de Oroso, cando a media galega se encontraba en 0,47 e a española en 0,37. O municipio máis dinámico, en termos demográficos, é o de Ordes, xa que a

niveis de natalidade nos anos anteriores á elaboaración do censo,[978] tal e como evidencian varios indicadores: a razón poboación de idade 0-7/poboación maior de 50 anos cun incremento insignificante (de 1,62 a 1,66), ou a poboación 0-7%0, que pasa de 208%0 en 1787 a 190%0 en 1860.[979]. Este estancamento da natalidade non levou emparellado un comportamento semellante da fecundidade lexítima, que, lonxe de reducirse, incrementouse lixeiramente[980]. Esta alta fecundidade tería permitido un vigoroso crecemento de non ser polos elevados niveis de mortalidade infantil-xuvenil, xa detectada a partir dos toscos indicadores de 1787 e confírmada en 1860, pese ao lixeiro madurecemento operado pola poboación durante este período intercensual.

Táboa 11. Fecundidade e mortalidade infantil

	Fr+Ord+Ors	ST-7-Arzúa	Galicia	España
0-7/casadas	1,23		1,04	1,01
0-15/casadas	2,27	2,22	2,02	1,91
0-7%o	190		162	185
mort. infnt.: 0-5/6-15	0,70		0,63	0,69

Fonte: Concellos de Frades+Ordes+Oroso: Elaboración propia
ST-7, Galicia, España: Eiras Roel, A. (1996)

A mortalidade tamén observou poucos cambios: a mortalidade xuvenil mantívose nos mesmos niveis, mentres a mortalidade de adultos diminuíu levemente[981]. Desto non se derivou un aumento da proporción de vellos debido a que as xeracións maiores de 50 anos pertencían á etapa das baixas natalidades do primeiro cuarto del século. Plasmouse todo isto nun discreto aumento da idade media da poboación[982], e nun imperceptible descenso do índice de reemprazo xeracional[983] o que ven a testemuñar, unha vez máis, o pouco que madureceu a estrutura demográfica dende 1787. O alto nivel no que se mantén a mortalidade xeral revela e subliña o arcaísmo desta poboación cunha mortalidade infantil superior á española e unha mortalidade de adultos bastante elevada.

Xa intuímos na pirámide de poboación como a emigración xuvenil comezaba a aparecer en escena arredor dos anos sesenta: evidénciao a razón intersexual da poboación de idade 16-25, indicador que sofre o cambio máis acusado dende 1787 -pasa de 1,04 a 1,31-, e contrasta co menor aumento da razón intersexual da poboación de idade 16-40 – 1,06 en 1787 e 1,11 en 1860-, e co nulo da razón intersexual global que se mantén en 1,08[984]. De xeito que a emigración afecta, case de modo exclusivo, á poboación xove que engrosa as populosas xeracións nacidas nos anos trinta e corenta, e que a converte nun

súa *poboación por mil de 0-5* anos (152%0) sitúase moi por riba do 129%0 dos seus compañeiros de modelo M-7-Valdeorras e mesmo da media española (142%0).

[978] Tal diminución da natalidade nos anos inmediatamente anteriores á elaboración do Censo, debeu ser consecuencia da crise de 1853, o "ano da fame".

[979] A *poboación infantil de 0-7 anos,* co Concello de Ordes de novo na cabeza (194%0), ten un peso moi superior ao rexistrado na globalidade de Galicia, situándose máis na liña da población española da época,

[980] O indicador *poboación de idade 0-7/casadas* pasa de 1,12 a 1,23, e o de *poboación de idade 0-16/casadas* pasa de 2,07 a 2,27.

[981] O *cociente poboación de idade 0-7/poboación de idade 8-15*, indicador da mortalidad xuvenil a penas variou: 1,17 en 1787 e 1,18 en 1860; e o *cociente de poboación de idade 41-50/poboación maior de 50*, indicador da mortalidade adulta, pasou do 0,89 ao 0,78.

[982] En 1860, os tres municipios rexistran unha idade media superior á de Folgoso en 1787 (25,28): Frades (26,39), Ordes (25,45), e Oroso (26,75).

[983] *Cociente entre poboación menor de 25 anos e poboación maior de 25 anos*: tan só diminúe en dous centésimas ao pasar de 1,16 en 1787 a 1,14 en 1860; reflicte o crecemento virtual da poboación.

[984] A *razón intersexual* de Oroso e Frades sitúase nos niveis máis altos do M-7-Valdeorras, e só Ordes se atopa por debaixo. No mesmo senso se comportan as proporcións de *varóns por mil* ou as *razóns intersexuales de individuos solteiros e casados*

fenómeno novo, apenas perceptible en 1787, feito subliñado polo indicador viúvas por mil que apenas se ve modificado –pasa de 43 a 44-. Xa indicamos, para 1787, que non se debe descartar a posibilidade da existencia de emigración feminina; agora o reiteramos para 1860 malia que o indicador mulleres de idade 16-40%0 mantense lixeiramente por baixo da media galega.

En calquera caso, o fenómeno migratorio atopábase aínda nuns niveis comparativamente insignificantes como o evidencian distintos indicadores: a *razón de individuos solteiros/as* era inferior a 1,15, índice baixo o cal a emigración é pouco relevante[985], e a *razón intersexual mulleres/varóns* tan só superaba a media española pero non a galega. Que o Concello de Ordes presente unha *razón intersexual* moi próxima á media española pode significar que apenas expulsa poboación, a pesar do forte crecemento demográfico constatado máis atrás. A explicación haberá de estar no crecente dinamismo económico do embrionario núcleo de poboación que está xurdindo no lugar escollido como capital municipal, e que se está a converter nun foco de atracción da poboación do contorno.

Os *índicadores de soltería* revelan unha nupcialidade apenas regulada, algo máis alta cá media galega, pero inferior á española. Únicamente o concello de Ordes presenta certa regulación en contradicción cos indicadores de fecundidade, o que pode ser consecuencia dos altos índices de descendencia ilexítima que se rexistran nesta comarca a estas alturas e que nos son coñecidos a través das fontes parroquiais[986]. Pola súa parte, este alto nivel de ilexitimidade ten que ver, entre outras cousas, co aumento da *soltería feminina* que pasa do 290 por mil de 1787, ao 321 por mil de 1860. Así pois, a nupcialidade reduciuse, fenómeno común á globalidade de Galicia a mediados do XIX, e que segundo o prof. Eiras é a "clave del arco de la evolución demográfica de Galicia en las décadas centrales del XIX" [987]...e o feito demográfico de maior calado deste período[988].

8.3 POBOACIÓN E POBOAMENTO A TRAVESO DE VECIÑANZAS, CENSOS, E RECONTOS

8.3.1 A evolución do número de veciños e habitantes

Según todas estas fontes, a xurisdición de Folgoso no tránsito do século XVI ao XVII partiría duns baixos niveis de poboamento –algo menos de 4 veciños/km^2-, e experimentaría un crecemento moi tenue durante o século XVII -en comparación co acontecido na Galicia atlántica no mesmo período-, de xeito que a principios do XVIII a densidade de poboación moveríase en torno aos 5 veciños/km^2 (16 habitantes/km^2). De ser correctos estes datos, durante o XVIII/1 teríase asistido a un forte crecemento que se atrofiaría no XVIII/2 para reactivarse de novo no XIX/1, aínda que sen o ímpetu vexetativo da primeira metade do século anterior. Os rexistros parroquiais, máis fieis á realidade que censos e recontos, contradín abertamente esta evolución demográfica: o XVIII/1, lonxe de ser un período de expansión, foi unha etapa de estancamento, mentres a segunda metade desta centuria, rexistrou fases de crecemento inaudito intercaladas por

[985] Umbral establecido polo prof. Eiras (EIRAS ROEL, A., *La población....*, op. cit. p. 413); Frades (l,l4), Ordes (1, 04), y Oroso (1,07). Véxase tamén, DUBERT GARCÍA, I., "Ilegitimidad, matrimonio y mercados de trabajo femeninos en la Galicia interior, 1570-1899", en *Obradoiro de Historia Moderna*, n. 24, 2015, pp. 49-86.

[986] As parroquias de Barbeiros, Buscás, e Sta. María de Ordes presentan uns índices de ilexitimidade arredor do 17% nas décadas centrais do século XIX; este é un fenómeno coñecido e xeral para boa parte de Galicia e que ten unha das súas causas na restricción da nupcialidade.

[987] EIRAS ROEL, A., *La población*...op. cit. p. 424

[988] Ibídem. p. 430

graves crises coma as dos anos sesenta. Xa veremos como esta distorsión da realidade demografica do XVIII que se obten a partir das fontes censuais se debe, sobre todo, á ocultación que padece ao Padrón Calle-Hita de 1708, sesgo sobradamente coñecido e denunciado na práctica totalidade dos traballos que o teñen utilizado.

Táboa 1. Poboación de Folgoso segundo as veciñanzas (20 parroquias): 1597-1708[989]

Ano	1597 (A)	1597 (B)	1607	1631	1708
Veciños	519	801	675	808	895
Habitantes* (vec. x 4.5)	*2 336*	*3 605*	*3 038*	*3 636*	*4 028*
Vec./km2	2,9	4,4	3,9	4,7	5,2
Hab./km2*	*13,7*	*21,1*	*17,8*	*21,3*	*23,5*

Táboa 2. Incrementos intercensuais de veciños

Períodos intercensuais	1597(B)-1631	1607-1631	1631-1708	1607-1708
total incremento veciños en %	0,87	19,70	10,77	32,59
incr. anual acumulativo por mil	0,24	7,52	1,33	2,80

8.3.1.1 O punto de partida: o tránsito do XVI ao XVII

Os Expedientes de Hacienda de 1597[990] aportan dous tipos de datos con utilidade demográfica (Vid. Táboa): a) as estimacións do número de veciños que fan as testemuñas representantes de cada parroquia e, b) o número de veciños fiscais que constan nos repartimentos de anos anteriores e se transcriben nos mesmos expedientes de 1597. Nas primeiras o número de veciños, en xeral, está claramente infravalorado tal como evidencia o seu contraste cos datos de J. del Hoyo[991], e as segundas non nos valen para comparar coa maioría das fontes restantes[992].

En resume, tanto declaracións das testemuñas coma repartimentos da alcabala ofrecen información de interpretación complexa, e a utilidade desta fonte se ve relativizada se os datos de cada parroquia non se someten a un elemental control de fiabilidade. Consideramos que isto é posible cotexando a un tempo listas de cotizantes e declaración de testemuñas, coas cifras de 1607, a fin de excluir as parroquias que presenten discordancias inadmisibles[993]. Só 13 das 20 parroquias superan o test, das cales resulta unha densidade de 3,59 veciños/km^2 en 1597 fronte aos 3,68 de 1607. A partir disto pode afirmarse con máis certeza que a densidade de poboación de Folgoso no tránsito do século XVI ao XVII se movía entre os 3,5 e os 4 veciños. Na ausencia de fontes máis fidedignas, valgan estas cifras coma a primeira aproximación posible á realidade demográfica deste período.

[989] Ningunha das fontes do século XVII indica o número de habitantes; os valores que ofrecemos son a proxección que se obtén de aplicar un coeficiente de conversión habitantes/veciños 4.5 seguindo as consideracións de Pegerto Saavedra (SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., "Algúns..., op. cit.), e tendo en conta que coincide co tamaño familiar que resulta dos datos do *Catastro de Ensenada* de 1752 correspondentes a Folgoso.

[990] AGS, EH, Leg. 130, carp 9., Montaos.

[991] HOYO, J. de, *Memorias…*, op. cit..

[992] Sobre estas cuestións vid. SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., "Algúns..., op. cit.

[993] Desbotamos aquelas parroquias cuio número de veciños presenta diferenzas maiores de catro veciños entre 1597 e 1608.

8.3.1.2 As fontes censuais do século XVII

O chamado "Vecindario de la Sal" de 1631[994] atribúe a Folgoso 808 veciños, o que equivalería a uns 4.7 veciños/km^2. De ser certa esta cifra o número de fogares teríase incrementado nun 19,7% respecto a 1607-, 7,5 por mil acumulativo anual (c.a.a.)-, aumento de difícil aceptación tratándose de lumes e para unha etapa de crise coma o primeiro cuarto do século XVII[995]. Esta evidente esaxeración do crecemento podería se consecuencia da coñecida infravaloración das cifras de 1607[996], aínda así coidamos que se pode encaixar mellor a cifra de 1631 se se interpreta como cómputo de veciños fiscais e non como lumes. Decimos isto porque o número de veciños do vecindario de la sal cadra bastante mellor co total de cotizantes de 1597 que co se extrae das Memorias de J. del Hoyo, e por outra banda o común carácter fiscal das fontes de 1597 e 1631 abonaría esta idea[997]. Deste xeito o primeiro cuarto do XVII revélase coma unha etapa de estancamento demográfico, algo ben probable toda vez que en Galicia a crise do seiscentos concentrou os seus efectos entre o último cuarto do século anterior e primeiro deste.

O contraste entre o Vecindario de 1631 e o Padrón Calle-hita de 1708[998] revela un crecemento do 10.76% -c.a.a. 1.,33 por mil-, neste caso demasiado tenue para unha etapa que, en conxunto e segundo as series parroquiais, foi de desenvolvemento demográfico. Isto parece reforzar a idea de que a cifra de 1631 se refire a veciños fiscais e polo tanto non é válida para ser comparada coa resultante do Padrón Calle-Hita[999], de modo que para calcular a evolución demográfica do século XVII haberá que conformarse co cotexo das cifras de 1607 e 1708. Daquela resulta un incremento global do 32,6% (c.a.a. 2,80 ‰), aceptable se temos en conta que por tratarse dun período demasiado longo (101 anos) engloba etapas de expansión intercaladas por outras de crise, pero que en conxunto presenta unha dinámica positiva, e dende logo máis da que se ofrece se partimos do Vecindario de 1731.

8.3.1.3 O século XVIII e primeira metade do XIX

Según resulta da confrontación dos datos do Padrón calle-hita de 1708 cos do Catastro de 1752[1000], no XVIII/1 o número de habitantes tería estado a punto de

[994] AGS, D.G.T., Leg. 1168; esta veciñanza está publicada íntegramente con crítica previa en Fenández Cortizo, C., "La población ..., op. cit.

[995] Non embargantes, algúns autores estiman que esta etapa de crise tivo en Galicia efectos locais non xeneralizables a determinadas rexións coma a provincia de Mondoñedo, onde entre 1587 e 1631 o crecemento estimado se move entre un 15% e un 20%, (vid. SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía, política*..., op. cit., p. 67 e ss.). En diante para referirnos ao crecemento anual acumulativo utilizaremos a abreviatura c.a.a.

[996] EIRAS ROEL, A., "Test ..., op. cit.

[997] Esta afirmación pode suscitar algunhas dúbidas posto que o imposto de 1631, na medida en que quería fiscalizar o consumo de sal, se interesaría por coñecer o número de células de consumo, isto é, fogares, pero outra cousa é o que entenderan as autoridades locales de cada partido acostumadas a elaborar listas de cotizantes, se temos en en conta que a dilixencia que encargaba a elaboración da veciñanza non excluía este método "...me a de remitir un testimonio de los vecinos y fuegos que esa ciudad tiene...y en esa conformidad an de benir todas las villas y ffras. por partidos y jurisdiciones declarando por maior y por menor la vecindad y fuegos de cada uno de los lugares y fras..." Cito por FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "La población..., op. cit.

[998] Padrón Calle-Hita de 1708, Mazo 4º, 22B, A.M.S.

[999] O Padrón Calle-Hita de 1708, tal como o seu nome indica, elaborouse fogar por fogar. Como veremos, esta fonte sofre ocultación de habitantes, pero non tanto de veciños, de xeito que resulta válida para revelar, con certa verosimilitude, a magnitude do crecemento que debeu experimentar esta comarca durante o século XVII.

[1000] Os datos de 1752 que ofrecemos para toda a xurisdición son unha estimación do número global de habitantes obtida da multiplicación do número de veciños que nos dan os Interrogatorios polo coeficiente de conversión habitantes/veciño 4.5 que se obten das 10 parroquias de Folgoso que conservan *Libros Personales* do *Catastro* no A.R.G.

duplicarse, rexistrando o maior desenvolvimento de todo o período aquí estudado: 42,5% (c.a.a. 8.08 ‰). De ser isto certo, poderíase explicar como consecuencia do estímulo demográfico do millo dende os inicios deste século. Pero é innecesario recorrer a tal interpretación posto que as mesmas series parroquiais de bautismos e defuncións se ocupan de desmentir semellante "euforia demográfica"; moi ao contrario, o XVIII/1 supón un ciclo de estancamento, balizado de crisis graves (1710, 1747) ou larvadas que non diron un respiro á poboación. Como xa anticipamos, a responsable dese inaudito e irreal vigor vexetativo do XVIII/1 é a forte ocultación de habitantes que afecta ao Padrón de 1708[1001].

Táboa 3. Poboación de Folgoso segundo censos e veciñanzas: 1708-1825

	10 Parroquias					20 Parroquias				
Ano	**1708**	**1752**	**1787**	**c. 1825**	**c. 1845**	**1708**	**1752***	**1787**	**c. 1825**	**c. 1845**
Veciños	500	541	-	547	485	895	993	-	1023	922
Habitant.	1691	2410	2443	2595	3224	2.961	*4.502*	4.703	4.976	6.070
Vec./km²	7,2	7,8	-	7,9	7,0	5,2	5,8	-	6,0	5,4
Hab./km²	19,5	27,9	28,2	30,0	37,3	17,2	*28,5*	27,5	29,1	35,5
Hab./Vec.	3,4	4,5	-	4,7	6,6	3,3	4,5	-	4,86	6,6

Táboa 4. Incrementos intercensuais de poboación (10 parroquias)

Períodos intercensuais	**1708-1752**	**1752-1787**	**1787-1825**	**1825-1845**	**1787-1845**
Total incremnt. habitant. en %	42,5	1,4	6,2	24,2	32,0
Incr. anual acumultv. por mil ‰	8,08	0,39	1,59	..10,91	...4,79

Os datos cos que contamos para o perído intercensal 1752-1787 ofrecen, a priori, máis garantías de certeza pola fiabilidade das fontes que o acoutan[1002]. Sen embargo, o inapreciable incremento demográfico que se rexistra entre unha e outra data –incluso negativo se prescindimos de parroquias como Oroso ou Vilarromarís- obriga a que nos preguntemos se a gravidade da crise de 1769-70 puido deixar unha pegada tan duradeira sobre a poboación, ata o punto de que en 1787 aínda non se tivera recuperado malia os ciclos extraordinariamente positivos que a antecederon e sucederon nas décadas dos cincuenta e oitenta, e que ben poderían ter permitido superar os niveis poboacionais de partida. É verdade que esta crise, a máis grave do período estudado, tivo un impacto fortísimo nestas parroquias: a mortalidade multiplicouse por seis e supuxo unha importante perda de efectivos, de xeito que a caída ou estancamento do número de habitantes entre 1752 e 1787 non é algo improbable, tal e como se ten constatado noutras áreas como o interior de Lugo[1003]. Con todo tampouco hai que desbotar que as cifras de 1787 relativas ás dez parroquias citadas estean algo infravaloradas[1004] posto que a mesma

A confrontación entre 1708 e 1752 fíxose só entre as parroquias que conservan documentación completa para ambalos dous momentos.

[1001] Os *Libros Personales* do *Catastro* de 1752 son unha fonte respetada, e no caso de Folgoso, nos merecen a maior fiabilidade, tendo en conta que as taxas das variables demográficas que resultan do seu contraste coas series parroquiais son as máis verosímiles de todas as que se poden achar para as parroquias aquí estudiadas.

[1002] Os datos de 1787 correspondentes ás 10 parroquias que nos serven de mostra para este período intercensal (vid nota 25), fóronnos facilitados amablemente polo profesor D. Antonio Eiras Roel.

[1003] SOBRADO CORREA, H., *Vinculeiros...*, op. cit. pp. 425 e ss.; PEDROUZO VIZCAÍNO, O., *El arciprestazgo…*, op. cit..

[1004] Algúns autores sinalan para este censo unha ocultación próxima ao 5% (SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *La Galicia del Antiguo Régimen. Economía y sociedad,* A Coruña, 1991, p.181) e o propio Eiras Roel ten sinalado os casos de cifras aberrantes desta fonte (EIRAS ROEL, A., La población..., op. cit., p. 48 e ss.)

pirámide que resulta desta fonte para toda a xurisdición de Folgoso parece revelar que as graves consecuencias da crise se viron compensadas polos mencionados ciclos de crecemento dos anos cincuenta e oitenta.


Como xa se indicou, os marcos espaciais aos que se refiren os censos da etapa liberal –concellos constitucionais- non coinciden coas vellas xurisdicións do Antigo Réxime, o seguimento demográfico das freguesías de Folgoso vese dificultado na medida en que ditos censos non detallan as cifras de habitantes por parroquia senón a nivel municipal, e os Dicionarios estatísticos de S. Miñano (c. 1825) e P. Madoz (c.1845)[1005] cubren malamente esa carencia posto que a súa fiabilidade e baixa. As dez parroquias que conservan datos para todo o período estudado mostran unha expansión demográfica entre 1787 e 1845 algo máis elevada do que revela o contraste das cifras de 1787 coas do Censo de 1860 relativas aos Concellos de Frades, Ordes e Oroso[1006]. Así, o número de habitantes que aporta o Diccionario de Madoz para mediados da década dos corenta mostra un incremento respecto a 1787 do 32% (c.a.a. 4.79 ‰), mentres o censo de 1860 se queda nun 30.7% (c.a.a. do 3.7 ‰).

Táboa 5. Poboación dos concellos de Frades, Ordes e Oroso: 1787-1860

Concellos				**1787-1860**	
	1787	**c. 1845**	**1860**	***% incremento***	***Crec. Anual acum.por mil***
Frades	2.716	3.900	3.289	21,1	2,6
Ordes	4.123	4.752	5.827	41,3	4,7
Oroso	2.490	2.321	3.073	23,4	2,9
TOTAL	9.329	10.973	12.189	30,7	3,7
HAB./KM2	29,7	35,0	38,8		

Cifras de 1787 Eiras, A. (1996)

Gráfico 8. Evolución da poboación de Folgoso segundo censos e veciñanzas 1607-1845



admitindo que "...el buen crédito de que goza más o menos unánimemente no significa que debamos suponerlo exacto" (EIRAS ROEL, A., *Estudios...*, op. cit., p. 14).

[1005] MIÑANO Y BEDOYA, S., *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal,* Madrid, 1827; Madoz, P. *Diccionario Geográfico-estadístico...,* op. cit. Ámbolos dous presentan cifras aberrantes para algunhas parroquias, tanto por defecto como por exceso, aínda que en conxunto predomina a infravaloración tal como evidencia o seu contraste con censo de 1860 no caso dos Concellos de Frades, Ordes, e Oroso. Recórdese que as parroquias da xurisdición de Folgoso repártense hoxe entre ditos concellos

[1006] Traballamos cos datos de 1787 relativos ás circunscricións municipais actuais elaborados polo prof. Eiras (EIRAS ROEL, A., *La población....* op. cit., p. 365).

As cifras de Miñano e Madoz, aínda sin ser exactas, marcan uns ritmos de crecemento para o XIX/1 que se verán confirmados polas series parroquiais: escaso incremento ata os anos vinte, debido á etapa crítica que supuxeron as primeiras décadas do século, e concentración do crecemento intenso xusto no período intercensal 1825-1845. O menor vigor do crecemento anual que se obten do contraste das cifras de 1787 e 1860 débese, con toda probabilidade, á perda de efectivos que supuxo a crise de 1853-54.

8.3.2 Número e dimensións dos fogares

Dende 1708 a maioría dos censos e recontos detallan o número de individuos, polo que a partir de tal data só comentamos este último dato obviando o movemento do total de fogares. O número de veciños adoita crecer a un ritmo moito menor có número de habitantes. Nesta comarca a creación de novos fogos coa súa correspondente explotación non tería por que suscitar grandes problemas, a priori, habida conta das posibilidades que ofrece a abundancia de terra en relación co escaso número de poboadores. Sen embargo, as fontes rexistran un débil crecemento da veciñanza, o que se tería reflectido nun engorde do tamaño medio dos agregados familiares cun incremento aproximado dun individuo por fogar cada 50 anos; de xeito que se a media está en torno a 3,3 en 1708, en 1752 se atopa en 4,5.

A mesma crítica feita máis atrás á fonte de 1708 explica as razóns deses dubidosos incrementos, polo que non é de recibo semellante aumento nos 44 anos que separan ao Padrón de 1708 do Catastro de 1752. Se nos detemos a contrastar as diferenzas de composición do agregado familiar nunha e noutra data resulta que as maiores diferenzas se rexistran no número de fillos e criados, de modo que ahí debe acocharse a principal ocultación[1007]. En conclusión, se temos en conta que o XVIII/1 supuxo un período demográficamente anodino, o tamaño dos fogares non tivo por qué crecer e, dado que os datos de 1752 nos merecen gran confianza, pódese pensar que o coeficiente de conversión desta data é perfectamente aplicable a 1708. Deste xeito se obterá un número de habitantes máis veraz para principios de século[1008].

Por último, dos datos do *Diccionario Estadístico* de P. Madoz resulta un tamaño familiar de 6,6, magnitude desorbitada que contrasta coas máis verosímiles do *Diccionario* de S. Miñano e do *Censo de 1860* que presentan uns fogares de 4,9 e 5,3 compoñentes respectivamente[1009]. En todo caso, e aínda que non admitamos incrementos tan espectaculares para etapas concretas, parece incontestable que as familias aumentaron as súas dimensións no conxunto do Antigo Réxime, en particular nas etapas de forte crecemento demográfico como a segunda parte do XIX/1, de maneira que en 1860 os fogares de Folgoso case contaban cun individuo máis respecto a cen anos atrás.

[1007] De 1708 a 1752 o aporte de fillos ao agregado doméstico pasa de 1,3 a 1,9 fillos/fogar e o de criados de 0,1 a 0,3 criados/fogar; os corresidentes (país, sogros, tíos, sobriños) experimentan un aumento moito menor. Isto xa foi apuntado por I. Dubert (DUBERT GARCÍA, I., "La formación de las familias en la Galicia Rural de fines del Antiguo Régimen", en GONZALVO AIZPURU, P. et al. [comp.], *La familia en el mundo iberoamericano,* México, 1992, pp. 361-401)

[1008] Tendo en conta esta circunstancia na táboa 1 aplicouse o coeficiente de conversión 4,5.

[1009] Entre 1845 e 1860 é imposible tal reducción nas dimensións familiares, toda vez que o fenómeno migratorio, que podería ter alixeirado os fogares, aínda non tiña unha presenza destacada tal coma se desprende da *relación de masculinidade xeral* (92,47) que se obtén do mencionado censo. A inexactitude dos datos de Madoz non se deberá tanto a unha esaxeración do número de habitantes coma á infravaloración do número de veciños, o que leva a que o cociente habitantes/veciños sexa tan elevado. O dato do *Censo de 1860* refírese conxuntamente aos municipios de Frades, Ordes e Oroso.

8.4 A EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA A TRAVÉS DAS FONTES PARROQUIAIS

Se para a globalidade de Galicia non se pode falar dun único comportamento demográfico, os rexistros parroquiais son os indicadores máis sensibles desta diversidade local. Como os primeiros estudios que utilizaron estas fontes se referían a comarcas da Galicia atlántica[1010], as dinámicas aquí observadas entendéronse xeneralizables ao resto do noroeste peninsular. Sen embargo, traballos posteriores[1011] obrigaron a rectificar esta visión evidenciando que a demografía da Galicia interior non respondía aos modelos e ritmos do extremo occidental do país. As orixes destas disparidades parten, en liñas xerais, de diferenzas socioeconómicas (sistema agrario, réxime de posesión e transmisión da terra, modelos da organización familiar...) que condicionan os camiños do desenvolvemento, e que en último termo non poden desligarse das características morfoclimáticas de cada rexión. Así, o clima temperado e húmido da Galicia litoral e vales prelitorais permitíu prontas innovacións no sistema agrario -introducción do millo co subseguinte proceso de intensificación agropecuaria- que, xa no XVII/2, fixeron posible un incremento inusitado da produción e do número de mulleres e homes[1012]. A esa primeira etapa de forte aumento poboacional seguiulle un XVIII/1 de crecemento moderado, un XVIII/2 de estancamento, e un XIX/1 de lixeira revitalización. Pola contra, o clima cru da Galicia interior dificultou a penetración do millo retrasando o seu despegue demográfico ata un século máis tarde, e, esta vez, como consecuencia da implantación doutro cultivo americano –a pataca- máis axeitado ás condicións morfoclimáticas das terras altas; despegue que, iniciado no XVIII/2, aínda se mantivo propulsado durante o XIX/1. Pero entre o modelo litoral-prelitoral e o modelo interior poden atoparse outros que, por darse en áreas de transición, comparten trazos comúns con ámbolos dous, ao tempo que presentan peculiaridades propias. Tal é o caso da bisbarra aquí estudada, ou doutras como as "zonas intermedias ou de transición" da provincia de Mondoñedo[1013].

8.4.1 A evolución secular das variables demográficas

Xa vimos, ao analizar as estruturas do último censo de poboación do Antigo Réxime (1787), que estabamos ante poboacións moi arcaicas, descoñecedoras dos mecanismos demográficos de control (nulo control da fecundidade e nupcialidade, presenza irrelevante da emigración), a mercé dos embates das catastrofes naturales con os seus mortíferas consecuencias (fame, epidemias...), e, por tanto, caracterizadas por intensos fluxos de entrada (alta natalidade), e saída (elevada mortalidade); un arcaismo demográfico que non pode ser alleo a un considerable atraso económico. De ahí que as curvas que se obteñen para as tres variables demográficas sexan o reflexo gráfico de tal primitivismo: liñas atormentadas nas que case non se describen movementos de tendencia unidireccional na longa duración.


[1010] BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit., (1973); PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo ...*, op. cit.*;* RODRÍGUEZ FERREIRO, H.**,** *A Xurisdicción do Morrazo: séculos XVII-XVIII***,** Pontevedra, 2003; REY CASTELAO, O., *Aproximación...*, op. cit.

[1011] PEDROUZO VIZCAINO, O., *El arciprestazgo...,* op. cit.*;* SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía rural antigua en la montaña lucense: el concejo de Burón*, Santiago, 1979, e do mesmo autor, *Economía, política...*, op. cit.

[1012] Non imos entrar aquí na acalorada discusión historiográfica sobre cal é o motor de arranque do desenvolvemento, se o crecemento demográfico ou o económico. Un estado da cuestión con toma de partido do autor pola prioridade económica pode atroparse en EIRAS ROEL, A., *Estudios...*op. cit.

[1013] Estas zonas ao igual que a comarca de Ordes "no conocían en barbecho el 1750, pero tampoco el maíz alcanzaba la importancia que tenía en el litoral o en los valles (da antiga provincia de Mondoñedo) ... son estas zonas las que presentan cotas más bajas en su punto de partida... (y) conocen a partir de 1670 un alza decisiva..., estancamiento de la primera mitad del XVIII y ... nueva fase alcista que se inicia hacia 1745, y se prolonga hasta 1825/30 –con la interrupción de 1768/75-", (SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía, política...,* op. cit., pp. 80 e ss.)

Gráfico 8. Evolución secular da poboación segundo as series parroquiais de Babeiros, Buscás, Gándara e Vilarromarís (1670-1859)




8.4.1.1 A evolución da natalidade

Tal como observou Pegerto Saavedra na área nororiental da actual provincia da Coruña[1014], -onde se sitúa a nosa comarca-, a curva dos bautizados presenta, dende principios dos anos corenta do século XVII, un alza considerable que acada a súa cota máxima na década seguinte e que ten o seu fin coas crises dos sesenta; recupérase por curto tempo entre finais dos sesenta e principios dos setenta para sufrir unha corta crise a mediados desta década. Nos últimos anos da década dos setenta volve a retomar un impulso que a crise finisecular conseguirá apagar.

En páxinas anteriores insistimos no estancamento demográfico da primeira metade do século XVIII, no que as consecutivas crises larvadas que balizaron este período, abortaron todo conato de repunte da natalidade. Tal é o que ocorreu entre 1729 e 1734, e, de novo, entre 1743 e 1745. Dende principios dos anos cincoenta deuse un impulso insólito ata entón, pero que declina a partir da crise de 1765, acadando os seus niveis máis baixos a raiz da de 1769. Superado este ciclo crítico, a natalidade recuperouse, aínda que sen o brío dos anos cincoenta. Entre 1770 e 1820 atravesará, polo menos, tres ciclos de crecemento coas súas caídas subseguintes. Particularmente malos foron os primeiros anos do século XIX. O ciclo depresivo da primeira década desta centuria viuse alongado a consecuencia da crise de 1813, que invertiu o suave repunte que tiña inciado a curva da natalidade. Finalmente, a partir de 1820 se iniciou unha dicidida etapa de crecemento, moi forte na década dos anos vinte, e cun ritmo máis pausado, e algunhas caídas, entre 1830 e 1851. Este crecemento da natalidade, acompañado do cambio na dinámica da mortalidade que xa describimos, permitirá un desenvolvimento demográfico sen precedentes nas tres parroquias estudadas.

[1014] Territorios das antigas provincias de Betanzos e A Coruña, xunto co NE da de Santiago, aínda que no caso ordense a intensidade dos incrementos é moito menor e non se observa un alza ininterrompida. Segundo o citado autor a serie de bautizados dun conxunto de parroquias deste área "...arranca de niveis máis baixos que na provincia de Mondoñedo..., manifesta unha temperá tendencia á alza, xa dende a década de 1630... Logo do estancamento de 1650-59, vén o verdadeiro despegue, posterior a 1670 e freado en 1690-99 e 1710-19. A partir de 1720 e ata 1830-39 o crecemento é practicamente continuo...", (SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., "As grandes..." op. cit., p. 87 e ss.).

Gráfico 9. Evolución da natalidade na longa duración segundo as series parroquiais de Babeiros, Buscás, Gándara e Vilarromarís (1670-1859)



A crise de 1853 foi un duro golpe a este crecemento, aínda que insuficiente para deter o definitivo impulso demográfico que se estaba experimentado nestas comunidades, tal coma parece evidenciar a rápida recuperación que operó a natalidade nos últimos anos da década dos cincoenta. En resume, natalidade sometida a fortes oscilacións e cun inremento débil no conxunto do período. Débil crecemento no XVII/2 e XVIII/2, crise e estancamento no XVIII/1 e impulso definitivo, aínda dentro da moderación, no XIX/1 a partir de 1820.

8.4.1.2 A evolución da mortalidade

Dado que a mortalidade de párvulos non se anota de xeito sistemático, tela en conta, á hora de estudiar a o seu movemento, pode distorsionar a verdadeira evolución desta variable ao indicar, falázmente, unha maior mortalidade naquelas etapas nas que foi anotada con máis regularidade, e viceversa. Se se introduce un índice de corrección tamén se pode estar distorsionando a realidade, xa que a mortalidade de párvulos non se incrementaba nos momentos de crise na mesma proporción que a mortalidade xeral. De xeito que optamos por analizar o comportamento desta variable tendo en conta únicamente a mortalidade de adultos.

Parece que na segunda metade do século XVII a mortalidade se incrementou en proporción ao aumento da poboación, particularmente en momentos de crise coma en 1664-65[1015]. Nas últimas décadas do século, as condicións económicas deterioraronse e as crises fixéronse máis frecuentes. Isto só era o preludio da situación que se vivirá ao longo do XVIII/1. Nos anos 83 e 85 a mortalidade acadou niveis máis altos do normal. Máis graves serán as crise dos noventa, en particular a de 1694-95, e, en menor medida, a de 1699.

A primeira metade do século XVIII é a etapa máis crítica do período estudado. Nos primeiros dez anos do século a mortalidade tivo un comportamento "normal", pero


[1015] Isto só pode observarse a través dos datos de Barbeiros.

coa crise de 1710, -que como veremos non se reflicte nos rexistros parroquiais coa súa verdadeira crueza- inaugurase unha longa etapa de estrangulamento vexetativo na que se sucederon, sen dar respiro, os malos anos. Entre 1729 e 1732 moderase levemente, e a partir de 1742 inicia unha tendencia á baixa –ininterrumpida polos malos anos de 1747-48 e 1753-54- que acadou os seus niveis máis baixos nos últimos anos da década dos cincoenta.

Se o XVIII/1 foi a máis longa etapa de dificultades, os anos sesenta foron a década máis dramática de todo o período aquí estudado. Entre 1763 e 1765 sucedéronse crises que recordaban ás vividas durante a primeira metade do século. Con estes precedentes, a fame negra de 1769 multiplicou os seus efectos ao cebarse sobre unha poboación moi debilitada por crises consecutivas. A maioría das mortes concentraronse en 1769, e 1770 só foi un ano de mortalidade alta, pero non catastrófica. Coma adoitaba ocorrer nas crises de tipo antigo, os anos que seguiron ao de 1769 foron de baixa mortalidade. En realidade, despois desta crise, a mortalidade entrou nunha fase de calma relativa se a comparamos con a do XVIII/1. As vicisitudes máis graves do fin de século foron a de 1782, precedida de dos anos malos, e a de 1794-95 con epílogo finisecular en 1797.

O mesmo ritmo de crises cíclicas mantívose, polo menos, ata o principio da segunda década do século XIX (1813-14). En 1802-3 sucedéronse dous anos malos, aínda que non tanto coma os de 1813-14 nos que a mortalidade se duplicou. Dende 1814 a 1840 vivíuse a fase máis tranquila de todo o período estudado: a mortalidade mantivose en niveis máis baixos que os rexistrados ao longo do século XVIII, e case non se viviron anos malos. A crise de 1840 fora precedida por dous anos relativamente negativos (1837 e 1839), pero non acadou a gravidade da de 1813-14. Dende 1851 a mortalidade incrementárase lixeiramente e a mortalidade de 1853 mortalidade só é superada pola crise de 1769-70.

Gráfico 10. Evolución da mortalidade de adultos na longa duración segundo as series parroquiais de Babeiros, Buscás, Gándara e Vilarromarís (1665-1859)




USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

8.4.1.3 Crises de mortalidade e prezos do grao

Acabamos de ver como a repetición cíclica de crises graves e larvadas truncaban os períodos de expansión demográfica e impedían que estes se alongaran o suficiente como para permitir un crecemento sostido da poboación. Eses trances catastróficos cíclicos destácanse ben nas series parroquiais: aumento brusco da mortalidade e

diminución dos nacementos e matrimonios coma resposta ou coma consecuencia de fame e/ou a enfermidade. Os exemplos máis evidentes son as grandes crises de 1710, 1747, 1813, 1853, e, por riba de todas elas, a de 1769 -todas debuxan os clásicos rombos de crise-. Outras de menor gravidade repártense ao longo de todo o período estudado. En realidade, a evolución secular destas poboacións está balizado de crises larvadas que sen ser tan dramáticas coma as cinco mencionadas, hipotecaron seriamente a súa capacidade de desenvolvemento, convertendo á mortalidade no principal –se non o único- mecanismo regulador destas poboacións. Esta característica, propia das demografías antigas máis arcaicas, extremadamente sensibles ás situacións agrarias negativas, queda ben patente se superpoñemos un indicador económico conxuntural como as cotizacións do cereal sobre a serie de defuntos[1016].

Gráfico 11. Evolución da mortalidade en relación cos presos do cereal as series parroquiais de Babeiros, Buscás, Gándara e Vilarromarís (1682-1820)



En xeral durante o século XVIII, máxima cotización e máxima mortalidade coinciden no mesmo ano civil mentres nas peores crises que se rexistran a finais do XVII non ocorreu así[1017]. Cando en 1695 o valor do cereal acadou en Compostela o seu valor máximo a causa dunha sucesión de anos de malas colleitas, as calamidades derivadas da fame xa se cobraran a maior parte das víctimas. Polo contrario, a maioría das defuncións dos últimos anos críticos do século producíronse ao ano seguinte de se rexistrar as máximas cotizacións. Pero tanto nun caso como noutro, o responsable da maior

[1016] Valémonos para isto das cotizacións de mercado de Santiago publicadas polo prof. Eiras (EIRAS ROEL, A. et USERO, R., "Precios..., op. cit.). A nosa comarca encádrase dentro do área de influencia da capital compostelá. Sobre a incidencia das crises de tipo antigo en Galicia vid. DUBERT GARCÍA, I., "La mortalité en Galice, 1600-1850" en *Annales de Démographie Historique,* 1996, 221-284; e EIRAS ROEL, A., *La población...*, op. cit., p. 87 e ss.

[1017] Os prezos se refirense ao 15 de maio, é dicir, son prezos de soldadura que "se aproximan más a los precios del año civil, cuya característica dominante es la de reflejar a partir de enerao los resultados de la cosecha del año precedente, concediendo mayor peso a los precios del primer semestre natural o civil", (EIRAS ROEL, A. et USERO, R., "Precios..., op. cit.). Na maior parte dos casos o nivel máis alto que acada a cotización do cereal coincide co ano de crise de mortalidade, o que indica que a crise de subsistencia ten a súa orixe nunha mala colleita do ano civil anterior. Se a agudeza das defuncións se rexistra ao ano seguinte da alta cotización quere dicir que a colleita do ano civil da cotización (seguinte ano-colleita), aínda que non ten sido tan mala coma a do ano precedente, teno sido de xeito suficiente coma para facer estragos nunha poboación debilitada polo fame do ano anterior. Se a crise de mortalidade se rexistra un ano antes ao da cotización máxima quererá dicir que os efectos mortíferos do fame teñen sido especialmente graves nos primeiros meses do ano-colleita (agosto-decembro).

frecuencia das crises neste momento foi o deterioro das condicións económicas nas derradeiras décadas do XVII[1018].

A relativa moderación do pico da mortalidade de 1710, en proporción á suba do cereal, ofrece unha imaxe enganosa que encubre o dramatismo do diluvio do ano anterior nunha comarca de por sí proverbialmente chuviosa. O feito de que nos rexistros parroquiais non se reflicta a súa verdadeira gravidade ven dado pola desbandada de famentos que na procura de algo que levar á boca tomaron rumbo cara as cidades fundamentalmene, onde acabaron morrendo a maior parte. O elocuente testimonio de D. Pedro Vázquez Vaamonde, dono do pazo do Peñasco de Avellá, lindante con Barbeiros, ven confirmar esta idea xa sinalada para outras bisbarras[1019]:

> *El año fue el más estéril que acuerdan los vivientes, en tanta manera, que llegó a valer el ferrado de trigo a veite y dos reales y el de centeno y mijo menudo a diez y ocho. Fue tanta la necesidad, que los pobres por este paraxe llegaron a comer las ortigas, labazos, brezos, cardos, liñaza y otras legumbres,...la mayor parte de la gente se echó a pedir ostiatim, y algunos a hurtar y robar...,y muchos de los naturales se retiraron a las ciudades donde se han muerto más de dos o tres mil personas de aquí al contorno, y algunos de ellos no había quien los llevase a las iglesias, y en algunos lugares se juntaron a trescientos y quatrocientos pobres. Y fue el año de la epidemia, que le pusieron los pobres este nombre...permita Dios Nuestro Señor, no venga otro semejante ...*"[1020]

Xa vimos como con esta calamidade se inaugura unha longa etapa de estrangulamento vexetativo na que se sucederon os malos anos. En 1734, 1747-48 coinciden, de novo, proporcións de mortalidade e cotizacións do cereal e en menor medida en 1753, mentres a alza de prezos de 1757, en pleno ciclo de euforia vexetativa, case non se reflectiu nos incrementos de mortalidade das nosas parroquias. Se o XVIII/1 foi a máis longa etapa de dificultades, os anos sesenta supuxeron a década máis dramática de todo o período estudado: as consecutivas crises superpuxeron os seus efectos entre 1760 e 1765 extenuando os organismos dos superviventes ata convertelos en campos abonados para que a fame negra de 1769 multiplicara tétricamente os seus efectos mortíferos[1021]. A maioría das defuncións concentráronse en 1769; 1770 só foi un ano de mortalidade alta, e coma adoitaba ocorrer nas crises de tipo antigo, os anos que seguiron viron caer bruscamente o número de decesos. En realidade, despois desta crise, esta variable entrou nunha fase de calma relativa se a comparamos co seu comportamento no

[1018] Graves serán as crises dos anos 83 e 85 e aínda maís as de 1694-95 e 1699. O mesmo ocorreu coas crises dos primeiros anos do setecentos. As máximas cotizacións rexistraronse en 1704, pero os peores efectos da crise vivíronse en 1705, a pesar de que non tivo as proporcións mortíferas que cabería esperar das cotizacións compostelás. No ano 1722 rexistráronse incluso máis mortos que en 1710 mentres a suba do prezo do grao foi un alza pouco significativa.

[1019] Como o caso da Ulla (REY CASTELAO, O., *Aproximación...*, op.cit., p. 63).

[1020] PÉREZ CONSTANTI, P., "Hambre y peste en 1709 y 1710. Un motín por la falta y carestía de granos" en *Notas viejas galicianas*, Santiago, 1925-27 (reed. 1993) p. 521; o cronista compostelano engade que das 347 persoas que faleceran nas casas habilitadas polo arzobispo Monroy para as víctimas da fame deste ano, 280 eran descoñecidas, e 67 procedían, na súa maior parte dos partidos xudiciais de Negreira, Ordes e Carballo. Para ter idea de como Santiago se converteu no "escenario da traxedia" de 1710 vid. o mencionado artigo de Pérez Constanti e o de EIRAS ROEL, A., "Hambre y peste en Santiago en 1710" en *Cuadernos de estudios gallegos,* XX (1965) pp. 243-255.

[1021] As crises de 1760-65 observan concordancia coas alzas do cereal, pero en 1769-70 rómpense as proporcións gardadas ate o de agora entre prezos e número de defuntos debido á extraodinaria gravidade que revestiu a mortalidade nestas parroquias.

XVIII/1. As vicisitudes máis graves do fin de século foron as de 1780-82, 1794-95 con epílogo en 1797, todas elas cos seus correspondentes picos de prezos.

A pesar da momentánea e vertixinosa caída das cotizacións compostelás nos primeiros anos do século XIX, a mortalidade mantívose en niveis altos. A última gran crise debida á carestía do cereal producíuse entre 1810 e 1814, no tempo da "francesada": os prezos acadaron o seu tope en 1812, pero os peores efectos da fame aínda se sufriron no ano seguinte. Dende 1814 a 1840 vivíuse a fase máis longa de moderación nas defuncións de todo o período estudado: mantivéronse en niveis máis baixos que os rexistrados ao longo de todo o século XVIII, e case non se viviron anos malos.


A década de 1850 veu recordar que as crises de tipo antigo aínda non se despediran definitivamente. Dende 1851 a mortalidade incrementárase lixeiramente, pero a perda da colleita de 1853, quizais aliada coa epidemia de cólera[1022], fixo deste ano o máis dramático dende 1769, cun ronsel que aínda cobrou algunhas víctimas no 1854 e 1855.

8.4.1.4 A nupcialidade

A nupcialidade é a variable demográfica menos sensible ás coxunturas, de modo que presenta unha liña menos atormentada e máis plana. Isto non quere dicir que se manteña inerte ante as distintas circunstacias. Nas parroquias aquí estudadas presenta variacións pouco acusadas, aínda que os seus efectos sobre a natalidade non se fan esperar durante moito tempo.

En Barbeiros, nos anos trinta e, de novo, nos corenta do século XVII tería experimentado curtos períodos de alza. En 1677 iniciouse un período de ascenso moderado que acada o seu máximo nos últimos anos da década dos oitenta, momento a partir do cal emprende un lento descenso. Nos primeiros anos do século XVIII experimentou un novo, pero curto, aumento. Durante todo en XVIII/1 estará moi condicionada polas contínuas crises que azotan ás poboacións destas parroquias, polo que as fortes alzas e descensos do movemento anual se compensan na longa duración dando lugar a unha liña bastante horizontal ao longo deste período.

Gráfico 12. Evolución da nupcialidade en Barbeiros, Gándara e Vilarromarís entre 1665 e 1859



[1022] Non contamos cos datos relativos aos prezos rexistrados durante a gran crise de mediados do XIX, aínda que aquí a responsable da fame negra foi, sobre todo, a perda da colleita da pataca, tubérculo que se tiña convertido en compoñente fundamental da dieta campesina. Pola súa parte, a epidemia de cólera afectou principalmente ás localidades próximas ao litoral e non tanto ao interior.

Só nos primeiros anos da década dos trinta se rexistrou un lixeiro repunte que a crise de 1733-34 se ocuparía de tronchar. A partir deste momento, e ata 1752 a nupcialidade non fará máis que perder forza. De 1752 a 1756, despois de dous anos nos que tiña diminuido a mortalidade, viviuse un curto período de euforia nupcial que vai reflictirse de inmediato na alza sen precedentes da natalidade, acompañada dunha fase de calma nas defuncións. En 1757, despois do "baby-boom" do ano 1756, e sen que medie crise algunha, este impulso demográfico perdeu forza. Parece, coma se a falta de vicisitudes que moderaran este crecemento, se tiveran encendido os mecanismos de autocontrol demográfico para frenar un crecemento que as estruturas socioeconómicas da comarca non poderían soportar durante moito tempo. De ahí que, agora, non sexan as crise as que frenan a nupcialidade –sí nos propios malos anos-; polo contrario, os ciclos de altas mortalidades orixinan a disolución de moitos matrimonios a causa da desaparición dun dos cónxuxes, isto fai que, nos períodos que siguen a estas etapas, o cónxuxe supervivente trate de reconstruír o núcleo conxugal contraendo novo matrimonio. Así pode entenderse que os niveis de nupcialidade repunten nos anos que siguen ás crises, coma ocorre tras as da década de 1760. Dende finais dos anos setenta éntrase nunha fase de baixa nupcialidade reflectida na curva de tendencia nunha valgada que ten o seu punto máis baixo nos últimos anos oitenta. Logo se inicia unha forte recuperación frenada a finais de século.

Dende este momento, a nupcialidade entra nunha etapa anodina, sen fortes fluctuacións –só en 1824 e 1825 hai un forte repunte- que será a tónica xeral de toda a primeira metade do século XIX, en contraste coa moderación da mortalidade, ou, quizais, debido a iso mesmo, pola diminución dos casos de segundas núpcias e sucesivas. Incluso, a partir de 1826, na etapa de maior crecemento demográfico, a nupcialidade presenta uns niveis máis baixos cos das dúas primeiras décadas deste século, dúas décadas que foran de crise e estancamento demográfico. Isto explica que o fulgurante despegue que experimenta a natalidade na década dos anos vinte, se frene unha vez que se inician os anos trinta. É dicir, a moderación nupcial de mediados dos anos vinte, se ben non diminuiu a media de bautismos por ano, polo menos conseguiu que non seguiran crecendo ao ritmo que viñan facéndoo dende principios desta década.

8.4.2 Interpretación da dinámica demográfica a través das medias decenais

Xa vimos como o impulso que se vive dende mediados dos anos setenta, coñecido para o conxunto das catro parroquias, comeza o seu declive coas crises finiseculares, pero non se apaga definitivamente ata o "gran inverno" de 1709-10. Dende aquela, a mortalidade mantívose en niveis altos e supuxo un freo á recuperación iniciada pola natalidade despois dos anos da fame. as frecuentes crises larvadas que balizaron este período abortáron todo conato de repunte do número de nacementos[1023]. Esta é a razón de que nos decenios comprendidos entre aquel triste ano de 1710 e o de 1749 se rexistren os saldos máis baixos de todo o período aquí estudado -saldo medio anual de 6,9-, sen contar os críticos anos de 1760-69 –saldo medio anual do 3-.

Na década dos cincoenta, quizáis a causa do estímulo da apreciable presenza do millo, natalidade e nupcialidade experimentaron o incremento máis acelerado de todo o século XVIII e, paralelamente, a mortalidade observou unha vertixinosa caída: o saldo

[1023] A partir de aquí, nos valeremos para o comentario dos saldos medios (nacidos-defuntos) que se obteñen decenalmente, xa que, na medida en que globalizan os comportamentos da natalidade e a mortalidade, son inmellorables indicadores das conxunturas demográficas. Á hora de manexar este indicador débese estar atento ás posibles inexactitudes de determinadas series en momentos concretos. Así coidamos que a mortalidade ten unha anotación bastante deficiente no último cuarto do século XVII, -a de párvulos simplemente non se rexistra-, o que esaxera as dimensións do crecemento vexetativo desta etapa –saldo medio anual do 16,4-, o segundo máis elevado despois do dos anos vinte do século XIX (vid. Táboa 6).

resultante foi o segundo máis positivo do século –16,4-. Estas tendencias víronse invertidas a consecuencia das consecutivas crises que se suceden nos sesenta –1760, 1763-65, 1769-. Con todo, e a pesar das crises, a natalidade mantívose en niveis elevados e a nupcialidade descendeu pero sen baixar ata os niveis dos que partira a principios dos cincuenta. Só a mortalidade se incrementou coa mesma intensidade coa que caera na década anterior.

Excepto no que se refire á mortalidade, as consecuencias da crise agraria de 1769 sufríronse nos primeiros anos setenta, tal como se evidencia no notable descenso da natalidade -media decenal de 27 bautizados fronte aos 32 da década anterior-. Pero estas variables tardaron pouco en recuperar tendencias positivas para o crecemento demográfico grazas aos anos de boas colleitas que se sucederon dende mediados dos setententa ata finais dos oitenta, o coñecido "interciclo labroussiano". Así se reflicte nas medias decenais de bautizados non só da última década mencionada, senón tamén na dos noventa –32,3-, aínda que os anos críticos que se viven dende 1793 rebaixan o saldo medio deste decenio –12,7- a causa do repunte da mortalidade.

Táboa 6. Medias decenais e cíclicas das variables demograficas 1670-1859 (Barbeiros, Buscás, Gándara, Vilarromarís)

DÉCADAS	Baut.	Difnt.	Matr.	Saldo	Décadas	Baut.	Difnt.	Matr.	Saldo
1670-79	24,7	9,9	5,4	14,9	**1760-69**	32,7	29,7	7,1	3,0
1680-89	29,3	13,4	8,2	15,9	**1770-79**	27,0	17,4	7,1	9,6
1690-99	33,1	15,1	6,8	18,0	***1760-1779***	***29,9***	***23,6***	***7,1***	***6,3***
1670-1699	***29,5***	***13,1***	***7,0***	***16,4***	**1780-89**	32,3	15,5	6,4	16,8
1700-09	26,7	13,6	8,5	13,1	**1790-99**	32,3	19,6	8,2	12,7
1670-1709	***28,8***	***13,2***	***7,4***	***15,5***	**1800-09**	29,5	20,4	8,4	9,1
1710-19	23,8	20,1	7,5	3,7	**1810-19**	32,1	22,9	8,5	9,2
1720-29	28,7	20,4	6,9	8,3	**1820-29**	40,0	20,2	8,1	19,8
1730-39	29,4	19,6	8,5	9,8	**1830-39**	38,5	21,6	7,7	16,9
1740-49	29,7	24,1	6,8	5,6	**1840-49**	37,7	15,9	6,3	21,8
1710-1749	***27,9***	***21,1***	***7,4***	***6,9***	***1820-1849***	***38,7***	***19,2***	***7,4***	***19,5***
1750-59	34,2	17,8	9,0	16,4	**1850-59**	37,4	20,3	8,2	17,1

O século XIX inaugurouse cun ciclo negativo que case abarca os primeiros vinte anos da centuria. Nos primeiros anos, a natalidade non fixo máis que descender, mentres o incremento da mortalidade –malos anos de 1802, 1810-11- presaxiaban a grave crise de 1813-14, adversidade que aplazou durante algún tempo o despegue que apuntaban os bautismos dende os derradeiros anos da década anterior. Por fin, no ciclo que vai dende os anos vinte ata os cincoenta, asístese á etapa de maior crecemento de todo o período aquí estudado -saldo de 19,5- grazas a unha forte alza da natalidade e, sobre todo, a unha moderación da mortalidade[1024] que non revivirá anos realmente críticos ate o de 1853[1025].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1024] Os datos parroquiais referidos ao século XIX son dignos de confianza, e presentan un riguroso rexistro da mortalidade de párvulos.

[1025] En efecto, a crise de 1853 foi un duro golpe a este crecemento, aínda que insuficiente para deter o definitivo impulso demográfico que se estaba a experimentar nestas comunidades, tal coma parece evidenciar a rápida recuperación que operou a natalidade nos últimos anos da década dos cincoenta

Táboa 7. Medias das variables demográficas (Barbeiros, Buscás, Gándara, Vilarromarís)

FASE	Bautismos	Defuncións	Matrimonios	"Saldo"
XVII/4º	29,5	13,1	7,0	16,4
XVIII/1	27,7	19,6	7,6	8,1
XVIII/2	31,7	20,0	7,6	11,7
XIX/1	35,6	20,2	7,8	15,4

Gráfico 13. Medias decenais de bautismos e defuncións entre 1670 e 1859 (series parroquiais de Barbeiros, Buscás, Gándara e Vilarromarís)





Gráfico 14. Medias de bautismos e defuncións entre 1670 e 1859 (series parroquiais de Barbeiros, Buscás, Gándara e Vilarromarís)



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resumindo, a dinámica demográfica secular destas catro parroquias da comarca de Ordes caracterízase por un mesurado despertar demográfico no XVII/2, crise e estancamento no XVIII/1, débil crecemento no XVIII/2, e impulso definitivo a partir de 1820, aínda que dentro da moderación se o poñemos en relación con outras rexións galegas. Na longa duración, natalidade e mortalidade vense sometidas a fortes oscilacións cíclicas, sen que isto supoña unha gran variación dos seus valores: a natalidade rexistra un incremento débil no conxunto do período –medias anuais de 29,5 en 1670-99, e 38,7 en 1820-49-, e a mortalidade mostra un aumento maior ao que sería proporcional con tal aumento dos nacidos[1026]. Co cal, a mediados do século XIX o réxime demográfico desta comarca é aínda moi arcaico, tal como confirma a estrutura de poboación que se obten do censo de 1860[1027].

8.4.3 A medición das variables demográficas a través de varios indicadores

É sabido que a fecundidade é o principal mecanismo de autoregulación co que contan as poboacións tanto antigas coma modernas. Se os datos do censo de 1787 reflicten unha poboación nada regulada, o control da fecundidade debía ser irrelevante nesta comarca a finais do século XVIII. Unha maneira tosca de medir esta variable evitando o método de reconstrución de familias é posible a través da ratio número de bautizados/número de matrimonios rexitrados nun período máis ou menos amplo[1028].

Táboa 8. Relacion bautismos/matrimonios: 1670-1859
(Barbeiros, Buscás, Gándara, Vilarromarís)

Períodos	Bautizados	Defuntos	Matrimonios	Saldo	Fecundidade xeral	Fecundidade lexítima*
1670-89	23,3	10,2	6,0	13,2	3,9	3,5
1690-1709	29,9	14,4	7,7	15,6	3,9	3,6
1710-29	26,3	20,3	7,2	6,0	3,6	3,7
1730-49	29,6	21,9	7,7	7,7	3,9	3,6
1750-69	33,5	23,8	8,1	9,7	4,2	4,4
1770-89	29,7	16,5	6,8	13,2	4,4	4,8
1790-1809	30,9	20,0	8,3	10,9	3,7	3,7
1810-29	36,1	21,6	8,3	14,5	4,3	3,9
1830-49	38,1	18,8	7,0	19,4	5,4	5,3
TOTAL	31,3	18,9	7,6	12,4	4,1	4,1

*A fecundidade lexítima non inclúe as series de Buscás

[1026] Isto debido á subanotación de defuntos no século XVII.

[1027] Mantense o mesmo nivel de *envellecemento da poboación* (0.33), e o *indice de reemplazo xeracional (cociente menores de 25 anos/maiores de 25 anos)* apenas varía (1,16 en 1787 e 1,14 en 1860).

[1028] HENRY, L., *Manual*..., op. cit., p. 80-81. Á hora de manexar este indicador é convinte non esquecer que nas épocas demográficamente adversas, a reducción dos seus valores pode verse esaxerada tanto pola acentuación do sesgo á baixa das series de bautizados, como polo aumento das segundas nupcias, todo isto en razón do incremento da mortalidade (EIRAS ROEL, A., *La Población*..., op. cit. p. 86). Vexamos: respecto do primeiro débese ter en conta que o frecuente subrexistro dos nenos que morren ao pouco de nacer aumenta na medida que o fai a mortalidade infantil, algo que ocorre nos momentos de crise -aínda que sexa en proporción menor á mortalidade xeral- do cal se infire que o sesgo da fonte (diferencia entre realmente nacidos e bautizados anotados) será maior canto máis se incremente a mortalidade.

Táboa 9. Relación bautismos/matrimonios: 1670-1859 (Barbeiros, Buscás, Gándara, Vilarromarís)

Fases	Fecundidade xeral	Fecundidade lexítima
XVII/2	4,2	3,8
XVIII/1	3,6	3,5
XVIII/2	4,2	4,3
XIX/1	4,6	4,4

*A fecundidade lexítima non inclúe as series de Buscás

Na globalidade do período aquí estudado -1670 e 1859- a media resultante de fillos por matrimonio foi de 4,1, aínda que fluctuou entre 3,6 e 5,4[1029]. Observando este indicador a través de fases longas se aprecia como no XVIII/1 o cociente bautismos/matrimonios diminuiu, pasando dos 4.2 bautizos/matrimonio rexistrados no XVII/4 aos 3,6, o que reforza a idea de que foi unha etapa de crise[1030]. No XVIII/2 vivíronse momentos de moi alta fecundidade, antes e despois da crise de 1769-70 cuxa pegada atenúa as cifras globais deste medio século. Unha conxuntura económica moi benigna, onde son evidentes os efectos multiplicadores do millo, puido levar á rebaixa na idade de matrimonio dos contraentes e a unha dieta máis nutritiva[1031] coas consecuencias que disto se derivan: mellora da fertilidade, diminución do número de embarazos frustrados e atenuación da mortalidade infantil. O mellor momento foi, sen dúbida, a década dos oitenta, na que se acada uhna media de 5 bautismos/matrimonio, o que dá idea do próspera que foi esta etapa favorecida polo "interciclo de boas colleitas" polo que non é estraño que do censo de 1787 se tire a mesma impresión. O XIX/1, cunha media de 4,6 bautismos/matrimonio, se presenta como a fase longa máis positiva do período estudado. Despois da caída que se rexistra nas primeiras décadas, e que se arrastraba dende a etapa final do século anterior, a fecundidade repunta, particularmente a partir de 1820, para acadar o seu punto álxido no último tramo do XIX/2 –5,4[1032]-. A medición comparada da intensidade do crecemento demográfico e dos factores que o determinan en cada momento (fecundidade, mortalidade, migración) non é posible a través da análise illada dos datos extraídos dos libros actas sacramentais, senón que para isto hai que recorrer á combinación daqueles datos cos procedentes das fontes censuais[1033].

As fontes censuais anteriores ao século XVIII son inservibles por que tan só indican cantidades de veciños sen informarnos sobre o número de individuos. Os resultados obtidos a partir do Padrón Calle-Hita de 1708 deixan ao descuberto unha vez

[1029] A fecundidade non varía moito no tempo, de ahí que esta oscilación deba ser entendida, sobre todo, como un sesgo da fonte nos valores máis baixos no senso que acabamos de explicar, e como efecto da fecundidade ilexítima nos valores máis altos do século XIX. A efectos comparativos pódese recordar que no cociente de 54 series de toda Galicia se move entre o 3,4 e 5,3 (EIRAS ROEL, A., *La Población...*, op. cit. p. 85), na provincia de Mondoñedo a fecundidade media é de 4,6 (SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *Economía, política...,* op. cit., p. 94), no Salnés móvese entre 3,1 e 4,7 (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit., tabla 3-15-B) e na Ulla entre 4 e 4,4 (REY CASTELAO, O., *Aproximación...,* op. cit., p. 41);

[1030] Esta reducción da fecundidade no XVIII/1 constátase en outras traballos relativos a distintas comarcas de Galicia (EIRAS ROEL, A.; SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P.; PÉREZ GARCÍA, J. M.; REY CASTELAO, O., Ibidem.); e se ben istos autores non o entenderon relevante, coidamos que, ao menos nos dous últimos casos, poderíase tratar dunha resposta de autorregulación demográfica despois da expansión poboacional destas comarcas no século XVII.

[1031] O valor nutritivo do millo (75% en proteinas vexetais, e 180% en lípidos) é superior ao dos cereais *tradicionais* (EIRAS ROEL, A., *Estudios...*, op. cit., p. 162).

[1032] O maior rigor dos párrocos na anotación dos bautizados contribúe, sen dúbida, á alza dos valores deste indicador, mentres o aumento da ilexitimidade a penas se ve reflectido.

[1033] HENRY, L., *Manual...,* op. cit., p 245 e ss.

máis a ocultación que afecta a esta fonte: unhas taxas de natalidade (53 ‰) e nupcialidade (17 ‰) inadmisibles para este momento, e unha taxa de mortalidade (27,5 ‰) por debaixo dos niveis esperables –neste caso por subrexistro de párvulos defuntos- reafirmannos na idea de que o número de habitantes que aporta non pode ser tido en conta para o estudio da evolución demográfica desta comarca.

Táboa 10. Taxas de natalidade, nupcialidade, mortalidade, e crecemento vexetativo (Barbeiros, Buscás, Gándara E Vilarromarís) : 1708-1791

			Media anual			Taxas por mil (‰)			
Ano censual	**nº de habitantes**	**década base ano censual**	**Bautiz.**	**Defunt.**	**Matrim.**	**Natalid.**	**Mortalid.**	**Nupcialid.**	**Crecemento vexetativo**
1708	512	1699-1708	27,3	14,1	8,7	53,3	27,5	17,0	25,8
1752	840	1743-52	30,8	22,6	6,9	36,7	26,9	8,2	9,8
1761*	887	1752-61	35,4	17,0	8,7	39,9	19,2	9,8	20,7
1787	878	1778-87	32,3	14,5	6,4	36,8	16,5	7,3	20,3
1845*	476	1836-45	22,2	8.9	3,7	46,6	18,7	7,8	27,9

*Os datos de 1845 só se refiren a Barbeiros e Buscás

Os indicadores investigados a partir dos *Libros de Personal* do *Catastro de Ensenada* de 1752 parecen ser os máis fiables: taxa de natalidade do 37,7 ‰, normal nun réxime demográfico antigo[1034], aínda que a taxa de mortalidade –26,4 ‰- resulta inferior aos parámetros esperables[1035], debido de novo á subanotación dos párvulos defuntos[1036], mentres a taxa de nupcialidade rexistra a habitual elevación –8,2 ‰- dos réximes demográficos debida á frecuencia das segundas e sucesivas nupcias por morte prematura dun dos cónxuxes.

As taxas que se obteñen a partir das cifras de poboación que aportan as revisións do *Catastro de 1761* evidencian a benignidade da década sobre a que se acharon as medias anuais de bautismos, defuntos, e matrimonios: a taxa de nupcialidade –9,6 ‰- supera por riba os parámetros de Henry, a de natalidade –39,9- atópase no límite superior, mentres a de mortalidade –19.2- está por debaixo deles, do que resulta un alto crecemento vexetativo -20,7 ‰-. AO longo deste traballo temos insistido no vertixinoso despegue que neste intre rexistraron a un tempo bautismos e matrimonios, mentres as defuncións tomaban a dirección contraria coa mesma intensidade. Se hai que darlle unha explicación, haberá que atribuílo ao apreciable nivel de penetración que neste momento ten acadado o millo, e que exerce agora o seu efecto de propulsor demográfico con máis claridade que no pasado.

A taxa de natalidade de 1787 –36,8 ‰- volve a niveis similares aos de 1752, mentres a da mortalidade –16,5 ‰- presenta unha clara diminución respecto aos períodos anteriores. Convén recordar que a base temporal a partir da que se acharon as medias anuais das variables demográficas 1778-1787-, correspóndese co "interciclo" de bonanza económica no que a mortalidade viviu a etapa de calma máis duradeira de todo o período estudado, polo que a elevada taxa de crecemento vexetativo –20,3 ‰ - hai que entendela nese contexto. Daquela, non é de estrañar que a estas alturas se intentara poñer en marcha certo control da fecundidade a través dunha incipiente diminución da nupcialidade, tal como revela a taxa correspondente –7,3 ‰- e o lixeiro retraso da idade matrimonial que se desprende do Censo de 1787.

[1034] Henry sitúa as *taxas de natalidade* antigas entre o 35 e o 40 por mil, (Ibídem, p. 247).
[1035] Segundo Henry debe moverse entre o 30 ‰ e 40 ‰; (Ibídem. p. 247).
[1036] Segundo os libros de defuntos, a mortalidade de párvulos supón na década de 1740 en torno ao 26,15% dos decesos (33,87% en Barbeiros, e 22,56% en Gándara-Vilarromarís).

Os datos demográficos do *Diccionario* de Madoz (c. 1845) -só aceptables para as parroquias de Barbeiros e Buscás- reflicten o cambio da tendencia demográfica experimentada no XIX/1. A taxa de natalidade –46,6 ‰- é a máis alta que se rexistra, pero agora non se trata de unha circunstancia momentánea como en ocasións anteriores, senón dunha situación que se mantén dende hai case tres décadas. Isto combinado cunha taxa de mortalidade moi baixa para unha demografía antiga –18,7 ‰- permite un crecemento espectacular -28 ‰-, que a pesar de isto non encende a autorregulación nupcial porque grazas á introducción da pataca na dieta campesiña, o equilibrio poboación-recursos aínda non se ve ameazado.

8.5 ALGUNHAS CUESTIÓNS DE HISTORIA SOCIAL A PARTIR DAS FONTES PARROQUIAIS

8.5.1 Ilexítimos e expósitos

A maior ou menor presenza de fillos nacidos fora do matrimonio está relacionada, non só co grao de rixidez da moral sexual de cada momento, senón tamén con razóns de tipo económico-demográfico que poden, incluso, relaxar ou endurecer a propia moral sexual. Neste senso, as fluctuacións da ilexitimidade poden ser un indicio dos cambios da conxuntura económica que repercuten sobre os comportamentos humanos. Así, en perídos desequilibrio poboación/recursos con emigración e control nupcial, aumentaban as posibilidades de concepcións extramaritais convertíndose no reducto incontrolado da fecundidade, o punto débil do control demográfico baseado na restricción da nupcialidade[1037].

En Europa a porcentaxe de ilexitimos a principios do século XIX movíase entre un 4 e un 7%, e menos do 2% antes do século XVII. Nada comparado coas cifras rexitradas en Galicia. Nas parroquias aquí estudadas e entre 1670 e 1759 os índices fluctúan entre 1,16 e 3,7%[1038]. O período 1760-99 é o que rexistra índices máis baixos. Dende principios do século XIX obsérvase un incremento paulatino que vai do 3% da primeira década do XIX ao 12,2% dos anos cincoenta do mesmo século. O rexistro de fillos de "padre incógnito" presenta maior peso en Barbeiros. Sen descartar que neste distinto comportamento teñan que ver diferenzas de tipo socioeconomico, creemos que o escaso número de ilexítimos que se rexistra en Gándara-Vilarromarís pode deberse á súa maior proximidade á cidade de Santiago (12 km.), motivo que podía facer máis frecuente o abandono destas criaturas nas portas da Casa de Expósitos ou dalgunha institución relixiosa compostelá. De feito, os ilexítimos que se rexistran en Gándara-Vilarromarís son fillos de veciñas doutras parroquias[1039].

[1037] Como afirma Flinn "la lucha por limitar las relaciones sexuales al matrimonio y por conseguir, al mismo tiempo, que las nupcias se contrajeran a una edad tardía, era una batalla pérdida, hasta cierto punto, tal como es la naturaleza humana" (FLINN, M.W., *El sistema...*, op. cit., p. 44). Pérez García, engade aos condicionamentos económicos o "resquebrajamiento de la vida moral para estas épocas" (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...,* op. cit., p. 112).

[1038] Pegerto Saavedra estima para a globalidade de Galicia que antes do 1630 a ilexitimidade ascendía a máis do 5% e entre 1630-50 se movía entre o 4 –6% para subir despois ata acadar valores entre o 7 e o 10% no primeiro tercio do XIX e ao 15-20% a mediados de dita centuria. (SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., La vida..., op. cit. p. 259). Nesta liña atópase Barbeiros.

[1039] En Barbeiros entre 1640 e 1679 os índices fluctúan entre o 1% e o 4,8%, nas últimas décadas do século XVII e pricipios do XVIII se observa un notable incremento que na primeira década do setecentos acada o 8% dos bautizados, e dende esta data ata 1779 fluctúa entre 4,8% e 1,2%. Entre 1780 e 1799 non se rexistra ningún caso, pero a partir de 1810 o incremento é imparable ata acadar o 15,09% na década de 1840-49. En Gándara-Vilarromarís os índices están moi por debaixo do habitual ata principios do XIX, ata o punto de que durante moitas décadas non se rexistra caso algún. Entre 1800 e 1839 o seu rexistro faise máis

Na segunda metade do XVIII, fronte ao ocorrido na globalidade de Galicia, diminuiu a ilexitimidade, quizais debido á mellora da conxuntura económica e a un aumento da nupcialidade posto que, como vimos, neste momento produce a dinámica demográfica sae do estancamento vivido na primeira metade do século.[1040]. O incremento sostido desta durante toda a primeira metade do século XIX revela un deterioro da situación económica que retraeu a nupcialidade e debeu forzar á emigración a unha parte da poboación masculina, dúas circunstancias que favorecen a ilexitimidade tal como afirma Pegerto Saavedra para a diócese de Lugo[1041].

Táboa 11. Número de ilexítimos e total de bautizados, 1670-1859 (Barbeiros, Gándara e Vilarromarís)

	Total Bautizados			Ilexítimos		
Fases	**Barbeiros**	**Gándara Vilarromarís**	**Total**	**Barbeiros**	**Gándara Vilarromarís**	**Total**
1670-1699	186	333	519	10	4	14
1700-1749	344	552	896	15	6	21
1750-1799	412	687	1 099	5	7	12
1800-1859	584	909	1 493	65	43	108
Total	1 526	2 481	4 007	95	60	155

Táboa 12. Porcentaxes de ilexítimidade, 1670-1859 (Barbeiros, Gándara e Vilarromarís)

Fases	Barbeiros	Gándara Vilarromarís	Total
1670-1699	5,38	1,20	2,70
1700-1749	4,36	1,09	2,34
1750-1799	1,21	1,02	1,09
1800-1859	11,1	4,73	7,23
Total	6,23	2,42	3,87

A veces estos/as rapaces/as podían chegar a ser recoñecidos/as polo pai, aínda que isto non era moi frecuente se non mediaba voda coa nai[1042], e cando se daba tal circunstancia, debíase xeralmente a que entre os proxenitores existía un compromiso previo de matrimonio, verbal ou ante escribán. Nestas ocasións, ao nacemento da criatura acostumaba seguir o matrimonio dos pais[1043], o que non quere dicir que non se deran

frecuente, pero sempre por debaixo do observado en Barbeiros, Ordes ou Buscás. En 1840-49 o 5,4% parece indicar o ascenso xeral que se dá en Galicia acadando un 10,9% na década de 1850.

[1040] Nos anos setenta e noventa producense lixeiros auxes da nupcialidade que poderían explicar o descenso da ilexitimidade

[1041] **"**A mediados de este siglo, cuando la emigración se generaliza entre los hombres jóvenes y la creación de nuevos hogares encuentra dificultades severas, en muchas parroquias, y en especial en las de la diócesis lucense, los ilegítimos pasaron a representar del 15 al 20% de los nacidos" (SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *La vida...* op. cit. p. 259)

[1042] Así en algún caso é o propio pai quen leva ao rapaz á igrexa, como fixo Esteban Méndez en 1819 en de Barbeiros; outras veces o pai acudía uns días despois ante o cura a recoñecer ao seu fillo: "en el día trece del mismo mes se presentó Felipe García, vecino de Papocín y le reconoción por hijo (al bautizado) a presenza de D. José Barreiro, Esteban Méndez y Francisco Sánchez, vecinos de esta feligresía" en 1836 (APBrb., Libro de Bautizados s.n. 1784-1851).

[1043] SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *La vida..,* op. cit. p. 260. En 1683, Librada de Bra, moza solteira de 26 anos bautizu ao seu fillo en Barbeiros, dous anos despois aparecía casada con Matías Mandayo. En 1855 Francisco Mendez lexitima a un neno ao casarse coa nai.

casos nos que o recoñecemento paterno viña moito despois e sen implicar o casamento dos proxenitores, como no caso dunha nena bautizada en Gándara en 1847 que é recoñecida polo seu pai despois de 26 anos, seguramente para asegurarlle os dereitos hereditarios que lle corresponderan.

Os ilexítimos podían bautizarse fora da súa vecindade para evitar a vergoña do "pecado" que dera lugar á concepción da criatura; isto cando non eran expostos nas portas de alguna casa[1044]. De aí que non sexa infrecuente que cando se bautiza a unha destas criaturas o cura detalle que a nai leva vivindo na parroquia uns seis meses, é dicir, dende os tres meses de xestación, momento a partir do cal pode facerse evidente o embarazo. Baudilio Barreiro observou na xurisdición de Xallas que os maiores índices de ilexitimidade se daban nas parroquias con maior presenza de fidalgos[1045], do que parece inferirse certa relación entre ilexitimidade e grao de polarización socieconómica: en sociedades igualitarias o matrimonio é máis doado para todos, mentres nas sociedades desigualitarias, ao tempo que moitas mozas non poden contraer matrimonio por falta de recursos, son víctimas propicias para os abusos sexuais dos poderosos da parroquia. Ésta pode ser unha clave máis que explique a maior ilexitimidade observada en Barbeiros, unha parroquia con fortes desequilibrios económicos. A mesma búsqueda de descendencia por parte de nais solteiras da que ten falado Pérez García[1046] non é máis que un recurso máis na procura da supervivencia, neste caso de cara á vellez, por parte das mulleres máis desfavorecidas o que, ao noso entender, non debe identificarse cunha manifestación de liberdade ou tolerancia sexual[1047].

Estas mozas solteiras con fillos poden seguir vivindo na casa paterna, pero en moitos casos aparecen como "caseteiras" na soa compaña do/a seu fillo/a, mulleres pobres que ganaban o seu pan como xornaleras, cando non da limosna[1048]. En 1752, época na que a ilexitimidade aínda non se disparara, o número de solteiras con fillos que viven "de sobre sí" en doce parroquias de Folgoso suman o 1.6% dos fogares, e se ben estas mulleres non deixaban de ser consideradas pobres "pecadoras" –como decía o cura de Gándara en 1699[1049]- eran toleradas dentro da comunidade. A soltería non é o único estado civil posible das nais de rapaces/as de "padre incógnito"; as viúvas tamén poden

[1044] Os expósitos no teñen por que ser necesariamente ilexítimos, aínda que pode presumirse que sí o eran na inmensa maioría dos casos.

[1045] BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit., p. 177.

[1046] Este autor ten detectado nas comunidades costeiras do Salnés a de verdaderos "sementales, hombres de buena presenza física y de familias bien conceptuadas dentro de la comunidad parroquial" que eran preferidos como pais de fillos ilexítimos nos casos en que estes eran buscados pola propia nai; (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*op. cit., p. 113).

[1047] En 1735, Martina Conde, moza solteira soltera de Barbeiros bautiza a unha nena de "padre incógnito, aunque en autos que se obraron ante la justicia desta jurisdicción de Folgoso, y declaración que la sobredicha Martina dio ante dha justicia, tengo noticia declaró ser el feto que trahía en su vientre de Rosendo de Marzoa, también soltero, hijo lexítimo de Gregorio de Marzoa y de Josepha de Verea, su muger, aora difunta, vezinos desta fª y lugar de la Fuente de los Lagos de ella; remítome a lo que conste de los dhos autos, y no quiero perjudicar a alguno..." (APBrb., Libro E, Bautizados)fol. 100 v.). En 1752 Rosendo Marzoa é o veciño máis rico de Barbeiros.

[1048] SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P., *La vida...* op. cit. p. 269

[1049] En 1699 o cura de Gándara bautizó unha nena "...hixa de unha pecadora que dijo llamarse María Bentura, vecina de la villa de Noya..." (APGdr, Tomo I, libro 1º).

ter fillos/as ilexítimos/as[1050] e incluso se pode dar o caso de que un fillo se declare ilexítimo por causa da nulidade do matrimonio dos seus proxenitores[1051].

Nestas parroquias, o abandono de nenos ás portas dalgún veciño con posibles que puidera bautizalos e crialos era unha práctica excepcional[1052] e o máis probable nestos casos debía ser que se levaran á Casa de expósitos do Hospital Real de Santiago dada á súa relativa proximidade. Esa mesma proximidade –12 km no caso de Gándara e Vilarromarís- propiciaba que os "conductores" do Hospital Real entregasen a estes nenos a familias destas freguesías para ser amamantados, unha carga mal compensada económicamente e, por iso, aborrecida polos campesiños[1053]. Así, os párvulos anotados nos libros de defuntos das mencionadas parroquias son preferentemente expósitos, e non só polo seu maior índice de mortalidade[1054], senón polo carácter probatorio que tiña a partida de defunción á hora de acreditar a morte do neno ante os administradores da Casa de Expósitos do Hospital Real.

Durante os primeiros dezaseis anos do século XVIII rexístranse nos libros de defuntos de Barbeiros (só entre 1714 e 1720) e Gándara-Vilarromarís os párvulos defuntos procedentes do Hospital Real. Descoñecemos a razón da concentración deste rexistro nestes anos, cando a lactancia e crianza dos pequenos nos fogares destas parroquias viría de moi atrás, e tería proseguido durante todo este século, e boa parte do seguinte[1055]. Os poucos que sobrevivían aos dous primeiros anos de lactancia podían residir tres anos máis nas casas nas que foran depositados, e nalgúns casos eran adoptados polas familias que os tiñan criado. Aínda que os Libros Personales do Catastro se declaran os expósitos que residen nalgúns fogares, non podemos saber se se trata de pequenos en idade de cría ou son nenos crecidos, adoptados pola familia en cuestión e con un status máis próximo ao de criados que ao de fillos. En realidade son moi poucos casos, -4-, o que equivale ao 0,7% das familias. Algúns, os menos, chegaban a idade adulta e formaban

[1050] En 1714 Francisca de Fosado, viúva, bautiza en Barbeiros a un fillo de "pai incógnito" apadrinado por D. Pascual Sánchez, receptor da Real Audiencia. En 1746 se bautiza en Barbeiros outro fillo de viúva (APBrb., Libro E, Bautizados).

[1051] Tal como ocorreu en Gándara onde en 1736 o cura declarou ilexítimo a un bautizado despois de dictar a nulidade matrimonial dos proxenitores por impedimento de parentesco de cuarto grao xa que os contraentes "por ser pobres no traxeron dispensa" (APGdr, Tomo I, libro 2º de Bautizados).

[1052] Así, por exemplo, unha mañá de 1718 o taberneiro de Barbeiros, Jacobo de Silva, atopou na súa porta un pequeno aterido de frío que morreu ao pouco tempo porque "no quería mamar" (APBrb., Libro E, Bautizados); ao ano seguinte a mesma situación se deu na porta de Andrés de Marzoa, veciño da mesma freguesía, e en 1781 Josepha Gómez levou á igrexa unha nena "que según dice la halló a su puerta al amanecer de dicho día..." (APBrb., Libro E, Bautizados).

[1053] Esta distribución forzosa, realizada polo mordomo pedáneo despois de que lle foran entregados os nenos polo "conductor", atopaba resistencia por parte da mulleres "abundantes de leche" elixidas como nodrizas e que adoitaba pertencer as familias con menos capacidade económica. (EIRAS ROEL, A., "La casa de expósitos del Real Hospital de Santiago en el siglo XVIII" en *Boletín de la Universidad de Santiago,* 75-76 (1967-68).

[1054] A mortalidade dos expósitos nos primeiros anos de vida era moi superior á dos fillos biolóxicos por que os coidados que se lles dispensaban acostumaban ser menos dilixentes, cando no de abandono e maltrato (Flinn, M.W., *El sistema...,* op. cit., pp. 64 e ss.*);* o prof. Eiras Roel ten estimado que morría como mínimo un 77% dos nenos depositados na Casa de Expósitos do Hospital Real de Santiago (EIRAS ROEL, A., "La casa...", op. cit.)

[1055] En Gándara-Vilarromarís, o rexistro de párvulos defuntos é moi deficente ata entrado o século XIX, de manera que os párvulos anotados en istos primeros anos do XVIII son exclusivamente os expósitos do Hospital Real, o que dá unha idea da altísima mortalidade destes pequenos. Cando un expósito do Hospital Real morría na casa na que fora depositado para a súa crianza, o seu corpo debía ser levado a Santiago e entregado no Hospital. Se o neno non pasaba dos dous meses se lle entregaba outro á nodriza. Para evitar a nova entrega xeneralizouse a práctica de enviar ao Hospital Real tan só o certificado de defunción expedido polo cura. (EIRAS ROEL, A., "La casa...", op. cit.). A concentración de anotacións nestos anos quizais teñan que ver con esta circunstancia.

as súas propias familias e nos libros sacramentais destas parroquias atopanse de cando en vez noivos e noivas que foran nenos/as expósitos/as.

8.5.2 A fluctuación estacional dos matrimonios

En xeral, nas comunidades rurais son os ritmos agrícolas os que explican a movilidade estacional dos matrimonios. Tampouco deben perderse de vista as razóns do mundo das mentalidades, como o maior ou menor respeto das prescripcións relixiosas que prohiben os matrimonios en determinadas datas do ano[1056], ou factores de carácter local, como as festas do patrón/a parroquial ou outro/a santo/a venerado/a.

O movemento estacional que se observa nas tres parroquias estudadas no conxunto do período ven corroborar o que acabamos de dicir: máximos en xaneiro, marzo, novembro e, sobre todo, febreiro, e mínimos en abril, xullo, e outubro. Isto é, os meses con maiores índices de nupcialidade correspóndense cos de menor actividade nas labores agrícolas e o baixo índice de abril pode ter que ver coa prohibición relixiosa de bendecir os matrimonios celebreados durante a Cuaresma[1057].

Táboa 13. Estacionalidade porcentual dos matrimonios: 1690-1859 (Barbeiros, Gándara e Vilarromarís)

	1690-1709	1740-1759	1790-1809	1840-1859	1690-1859
Xaneiro	14,3	8,7	8,7	14,6	11,4
Febreiro	16,3	15,5	21,7	14,6	17,2
Marzo	13,3	10,7	7,8	8,3	10,0
Abril	5,1	5,8	4,3	5,2	5,1
Maio	5,1	18,4	7,8	6,3	9,5
Xuño	10,2	3,9	7,0	7,3	7,0
Xullo	10,2	2,9	3,5	2,1	4,6
Agosto	3,1	1,9	8,7	7,3	5,3
Setembro	4,1	7,8	6,1	9,4	6,8
Outubro	6,1	4,9	2,6	4,2	4,4
Novembro	9,2	11,7	13,0	8,3	10,7
Decembro	3,1	7,8	8,7	12,5	8,0

Ao longo do período estudado obsérvanse variacións nestes ritmos: entre 1690 e 1709 e entre 1740 e 1759 a cubeta estival tiña o seu punto máis baixo en agosto, e dende 1790 a 1809 trasládase a Xullo. Os baixos índices de xullo poderían relacionarse tamén con unha hipotética emigración estacional a zonas onde a colleita de cereais de invierno se recolle un pouco antes. De ser así esta emigración tería aparecido a partir de 1740-1759. Ao mesmo tempo, as prescripcións relixiosas que prohiben a celebración de matrimonios en Advento, serían menos respetadas, de aí o progresivo aumento do número de matrimonios no mes de Decembro, que entre 1840 e 1859 se converte nun dos meses preferidos para a voda[1058], aínda que isto tamén podería ter relación coa perda de peso dos


[1056] Certas épocas do ano litúrxico son consideradadas "como de austeridad y durante las cuales, por eso mismo, no se imparten las bendiciones nupciales a los nuevos esposos, quienes, pasado ese tiempo, tienen que volver a la iglesia para recibir las bendiciones solemnes" (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...,* op. cit., p. 156); estas limitacións se refiren ao Advento (decembro), e a Cuaresma (marzo).

[1057] Xullo é o último mes de soldadura, e a finais deste mes e principios de agosto comezan as labores relacionadas coas colleitas de centeno e trigo. En decembro parece influir a negativa da Igrexa a "velar" os matrimonios celebrados durante o Advento.


[1058] Isto debe relacionarse coa celebración da festa do patrón de Vilarromarís (Sto. Tomé) no mes de decembro posto que en Barbeiros este continúa sendo un mes de baixa nupcialidade. Nesta parroquia tamén

cereais de invierno a favor do maíz. Mentres, o mes de outubro, no que se recolle o maíz, comeza a observar unha baixa nupcialidade a partir de 1740-59, momento a partir do cal este cultivo debeu comezar a adquirir importancia no conxunto da produción cerealeira.

Gráfico 15. Estacionalidade dos matrimonios: Barbeiros, Gándara e Romariz (1690-1859)



Gráficos 16-19. Estacionalidade dos matrimonios: Barbeiros, Gándara e Romariz (1690-1859)



En calquera caso cada parroquia presenta os seus propios ritmos. Así, en Barbeiros, rexístrase un dos momentos de máis baixa nupcialidade en marzo mentres en outubro non se da tal, fronte a Gándara-Vilarromarís que o rexistra en abril seguido por outubro fronte ao ocorrido na primeira parroquia, quizais polo menor peso que o maíz ten

pode ter que ver o feito xa apuntado da menor penetración do maíz, e por tanto do mantemento da importancia dos cereais de invierno que se sementan neste mes

nesta parrroquia[1059]. O máximo de matrimonios en novembro é máis destacado en Barbeiros que en Gándara-Vilarromarís.

8.5.3 As estratexias nupciais da familia

8.5.3.1 Endogamia e exogamia xeográfica e social dos matrimonios

Ás razóns socioeconómicas que pesan no ánimo das familias á hora de elixir parella para os/as seus/súas descendentes, hai que engadirlle o factor da distancia xeográfica. A veciñanza facilita o coñecemento do grao de horadez e riqueza das familias coas que se pode emparentar vía matrimonio, de aí que os pais sempre prefiran casar aos seus fillos/as con familias próximas. Ademais hai que ter en conta que a movilidade de corta distancia da maioría das xentes desta comarca tampouco favorecía o establecemento de relacións con familias de lugares moi apartados. Sobre o factor xeográfico tan só interfiren as mencionadas "razóns socioeconómicas" e, en menor medida, as prohibicións canónicas: "casar ben" supón emparentar con outra familia, polo menos, de igual nivel económico. Neste senso, aqueles cuxa fortuna se atopa dentro da media local, teñen máis onde elixir sen sair do entorno inmediato, e viceversa, canto máis rica é a familia máis lonxe ten que buscar unha parella que estea a altura dos seus descententes. Hai que ter en conta que os mesmos gustos dos contraentes xa se atopan condicionados por unha serie de prexuicios socieconómicos, o que non quere dicir que sempre coincidan cos dos pais: en 1802, Cecilia Méndez, veciña de Barbeiros, cásase con Rosendo Gómez, veciño de Buscás, contra a vontade da súa nai viúva, para o que necesita, en cumprimento da Real Pragmática de Carlos III, licencia da xusticia de Folgoso[1060]. Á hora de de dispensar as prohibicións canónicas relativas ao parentesco tamén poden interferir as circunstancias socioeconómicas das familias como lle ocorrera en 1736 á mencionada parella de Gándara que viu comooito meses despois de casarse se lle declaraba nulo o matrimonio por impedimento de parentesco de cuarto grardo xa que "por ser pobres non traxeron dispensa."[1061]

Parece que a maior ou menor movilidade xeográfica dos individuos apenas incide nos comportamentos matrimoniais. Así, por exemplo, algúns individuos de ambos sexos que residen en lugar distinto ao de orixe, volven a este en busca de esposo/a: non faltan os casos de mozos e mozas que despois de estar servindo en Santiago ou en outras parroquias, cercanas ou non, acaban encontrando parella na súa parroquia de orixe. Pero nunha comarca como esta, na que os movementos migratorios teñen pouca importancia, isto debeu ter escasa incidencia. En todo caso, as ondas concéntricas da nupcialidade, que van perdendo forza conforme nos alonxamos da parroquia de partida, delimitan, en certo modo, o grao da micromovilidade destas poboacións, orixinada fundamentalmente por unha banda por romarías e ferias, e por outra pola debida ao emprego no servizo doméstico en lugares distintos á propia aldea ou parroquia[1062].

Por último, a estes condicionantes dos comportamentos nupciais hai que engadir outro puramente demográfico e non menos importante: a densidade de poboación. Canto maior é a concentración de individuos fanse maiores posibilidades de elección de parella dentro da propia comunidade, e viceversa, de aí que a amplitude xeográfica do mercado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1059] En Barbeiros o mínimo está en marzo, aquí poderían ter que ver as restriccións da cuaresma. En maio, septembro e novembro están os restantes mínimos.
[1060] APBrb., Libro de Bautizados s.n., 1784-1851.
[1061] APGdr, Tomo I, libro 2º de Bautizados.
[1062] Isto último ten sido apuntado por Ofelia Rey para A Ulla, (REY CASTELAO, O., *Aproximación...*, op. cit. p. 47)

matrimonial teña aquí un factor determinante fundamental. Así se explica que en áreas densamente poboadas como as Rías Baixas e vales prelitorais como A Ulla se den índices de endogamia xeográfica superiores aos rexistrados nas comarcas do interior: na Ulla os matrimonios celebrados entre individuos da mesma parroquia chegan a acadar o 53,7%[1063] na Galicia atlántica en torno ao 70/80%, mentres na nosa comarca se move en torno ao 26% nas mesmas datas, o que nos leva a cualificala de endogamia relativa[1064].

A través das catas realizadas nas series de matrimonios de Barbeiros Gándara e Vilarromarís, se observa unha progresiva pero moi suave ampliación xeográfica do merdado matrimonial ao longo do período estudado. Se en 1690-1709 tan só en 3,06% dos contraentes residen a máis de 12 km. de distancia[1065], en 1840-59 esta cifra pasa ao 7,29%; e se no primeiro período sinalado o 71,40% vivían a menos de 5 km., no segundo fano o 65,6%.

Táboa 14. Distancia entre as parroquias dos contraentes. Nº de casos (Barbeiros, Gándara, Vilarromarís)

Distancias	1690-709		1740-59		1790-809		1840-59		Total
km.	varón	muller	varón	muller	varón	muller	varón	muller	
0	28		27		23		31		109
0-5	41	1	36	5	45	2	29	3	162
5 a 8	16	1	23		19		16	2	77
8 a 12	8		10		18	1	5	3	45
12 a 18	3		2		7		3		15
18 a 30			2			1	1		4
>30							3		3
Total	96	2	100	5	112	4	88	8	415

Neste senso obsérvase o fenómeno inverso ao rexistrado en bisbarras como A Ulla onde a endogamia xeográfica tende a incrementarse, quizais pola razón xa apuntada máis arriba de que o forte crecemento demográfico experimentado polas comarcas galegas máis occidentais permitía atopar parella con máis facilidade no entorno próximo. Na xurisdición de Folgoso, tal crecemento foi insignificante en relación ao coñecido para aquelas, o que obrigaba a ampliar o ámbito xeográfico da nupcialidade para atopar parella axustada ao "estado y condición" de cada cal. Baudilio Barreiro aportou un elemento máis a esta cuestión ao estimar que o número de matrimonios con foráneos non se debe únicamente ao tamaño demográfio da parroquia, senón que ademais deben ser tidas en conta "afinidades socio-económicas globales entre las parroquias, más que entre las familias y personas individualmente"[1066].

A tradición, viva nos ata hai algunhas décadas, de que a voda se celebre na parroquia de residencia da noiva, parece que perdeu algo de forza en 1840-59 respecto a 1690-1709 posto que a mediados do XIX o 8,30% dos enlaces se celebran na parroquia do noivo. En máis casos, a noiva é orixinaria doutra parroquia limítrofe ou cercana, pero

[1063] Ibídem, p. 47

[1064] Possou calculou un 73% de matrimonios celebrados entre contraentes da mesma parroquia, aínda que para valorar esta cifra na súa xusta medida, debe terse en conta o maior tamaño das parroquias francesas; tomo a cita de Ibídem, p. 46.

[1065] Dado que o tamaño das parroquias é variable de unhas comarcas a outras, e, incluso, dentro da mesma comarca, presentamos os datos en función das distancias que separan unha igrexa doutra. Os cálculos se teñen realizado a partir de *Atlas de Galicia*, editorial Sálvora, Santiago, 1982; escala 1:250.000.

[1066] Pon o exemplo de Entrecruces e Suevos e sigue dicendo que "aquellas afinidades provocan encuentros masivos en las ferias y fiestas, originando una primera y elemental segregación social comunitaria" (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...,* op. cit., p. 173).

reside “hace varios años” na freguesía na que se celebra a voda, e en alguna ocasión se explicita que o fai “serviendo”, isto é, ocupada no servizo doméstico. Se se ten en conta que este segmento de poboación supón en Folgoso o 7% do total dos habitantes, pode estimarse o grao de incidencia deste tipo de movilidade xeográfica sobre a nupcialidade. Esta circunstancia favorecía a exogamia parroquial, pero non comarcal, posto que o circuíto no que se moven os criados/as se circunscribe preferentemente ao entorno da súa localidade de orixe.

Táboa 15. Distancia entre as parroquias dos contraentes, 1690-1859 (Barbeiros, Gándara, Vilarromarís)

					TOTAL		
km.	**1690-1709**	**1740-59**	**1790-1809**	**1840-59**	**Varón**	**Muller**	**Total**
0	28,6	25,7	19,8	32,3	26,3	0	26,3
0-5	42,9	39,0	40,5	33,3	36,4	2,65	39,0
5 a 8	17,3	21,9	16,4	18,8	17,8	0,72	18,6
8 a 12	8,2	9,5	16,4	8,3	9,9	0,96	10,8
12 a 18	3,1	1,9	6,0	3,1	3,6	0	3,6
18 a 30	0,0	1,9	0,9	1,0	0,7	0,24	1,0
>30	0,0	0,0	0,0	3,1	0,7	0	0,7
Total	100	100	100	100	95	4,58	100

Caso especial é o da parroquia de Sta. Mª de Ordes, onde a partir dos anos trinta do século XIX se sitúa a cabeceira comarcal. A consecuencia disto convértese en polo de atracción demográfica a nivel comarcal e a exogamia xeográfica vese incrementada, especialmente nas décadas centrais do século XIX, aumentando os matrimonios de individuos –a veces os dous contraentes- que, aínda que residentes na nova vila, son oriundos doutros lugares. Por outra banda, aparece unha pequena burguesía de orixe foráneo, allea ao mundo rural, ocupada primeiro en oficios públicos relacionados co Concello, o xulgado ou a milicia (Garda Civil), así como profesinais liberais (médicos, abogados, boticarios...), que en sucesivas xeracións fornecerán tamén á burguesía comercial (mercerías, coloniais, ferreterías...) e política do nacente núcleo de poboación. Estes contraentes que constitúen agora unha nova clase social chegan en moitos casos de municipios do interior da actual provincia da Coruña (Boimorto, Arzúa, Melide...), e raras veces de fora de Galicia[1067].

En xeral ata ben entrado o século XIX os párrocos non anotaron as **aldeas** de onde procedían os contraentes. Tan só contamos con este dato para a parroquia de Ordes e durante os anos que van de 1791 a 1810, de maneira que a partir disto pode aquilatarse un pouco máis o nivel de observación. Os resultados indican que o número de contraentes da mesma aldea era moi reducido, 6.8% do total dos enlaces. Coforme acortamos distancias entre a residencia dos contraentes adoita aumentar a posibilidade de parentesco, ao tempo que diminúen o número de posibles candidatos a elixir, sobre todo a medida que se incrementa o nivel socioeconómico dos contraentes[1068]. Sen embargo, é superior o número de enlaces entre cónxuxes de aldeas cercanas –aprox. 1 km. de distancia- que entre as máis alonxadas. O 16,3% dos matrimonios que se celebran en Sta. María de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1067] Tan só se rexistra un caso de contraente/a non galego/a a principios do século XIX; trátase de Dª. Melchora Melcón, sobriña do párroco de Ordes, oriundos dunha parroquia próxima a Benavente, no Reino de León.

[1068] O parentesco nos graos canonicamente prohibidos evítase case sempre, xa que raras veces é necesaria a dispensa deste impedimento.

Ordes entre 1790 e 1810 son entre contraentes que residen en aldeas próximas, fronte ao 10,60% de casos en que esta distancia é maior.

8.5.3.2 A frecuencia das nupcias sucesivas: os viúvos/as voltos/as as casar

Os altos índices de mortalidade que caracterizan aos réximes demográficos de tipo antigo explican a frecuente disolución de un bo número de matrimonios a causa da desaparición dun dos cónxuxes, de maneira que ao longo do período aquí estudado, nun de cada seis matrimonios de Barbeiros, Gándara e Vilarromarís participan individuos que xa estiveron casados con anterioridade. Na longa duración, as oscilacións son escasas aínda que se observa un aumento no século XVIII, particularmente na súa segunda metade, para descender no XIX/1[1069]. Confírmase, por tanto, que o grao de "reincidencia nupcial" ía aparellado aos niveis de mortalidade, pois xa vimos como nas parroquias aquí estudadas o século XVIII se caracteriza polos seus altos índices de mortalidade, -mortalidade preferentemente catastrófica na súa segunda metade-, mentres que a partir dos anos vinte do XIX o número de defuncións entra nunha fase de moderación relativa.

Os homes tiñan máis facilidade para atopar unha nova muller[1070] e os enlaces destes eran vistos socialmente con mellores ollos que os das viúvas, que ademais podían estar nunha posición incómoda se se atopaban coa oposición de fillos crecidos. O viúvo ao cargo dun ou varios pequenos víase necesitado de axuda para poder procurarlles alimento sen desatender os especiais coidados das criaturas, polo que ou buscaban unha criada que se ocupara das labores domésticas e o coidado dos nenos ou decidían tomar de novo estado matrimonial, o que adoitaba ocorrer as máis das veces. En dous de cada tres enlaces deste tipo celebrados en Barbeiros, Gándara e Vilarromarís participa un varón viúvo[1071]. Esta proporción non sempre foi tan favorable aos varóns: no XVII/2 a participación de un e outro sexo gardaba certo equilibrio pero o tempo encargouse de rompelo, de manera que se incrementaron as segundas nupcias masculinas sen que ocorrera outro tanto coas femininas, as cales, chegado o século XIX incluso rebaixaron a súa participación neste tipo de matrimonios[1072].

O máis frecuente era que os/as viúvos/as se casaran con mozos/as solteiros/as: máis do 86% dos enlaces nos que algún dos contraentes non é primeirizo, son deste tipo. Circunstancia que se foi facendo máis corrente conforme pasaron os anos: se no XVII/2 en tres de cada catro enlaces deste tipo participaba un/unha solteiro/a, no XIX/1 superan o 90% (Táboa). Os matrimonios de viúvas con solteiros mantívose en similar proporción durante todo o período estudado –en torno ao 20% deste tipo de enlaces (Táboa)-, aínda que foron máis frecuentes no XVII/2, mentres que o núnero de casos nos que ambos contraentes acudían ao altar por segunda vez –máis frecuente entre os noivos/as de máis

[1069] A proporción global para todo o período é do 16% (Táboa). O índice máis alto obtense no XVIII/2 ao acadarse o 21% de enlaces nos que participan viúvos/as, mentres o nivel máis baixo rexístrase no XIX/1 con o 13.6% dos matrimonios. Estas cifras móvense dentro do abanico que vai do 23.5% da Ulla –23.5% (REY CASTELAO, O., *Aproximación...,* op. cit., p. 46) ao 15% do Salnés (PÉREZ GARCÍA, J. M., *Un modelo...*, op. cit., p. 117). Outras comarcas coruñesas presentan índices superiores aos rexistrtados nas nosas parroquias: Fisterra -22%- (Castiñeira Castro, V., *Dinámica...*, op. cit., p. 94), Xallas –21.9%- (BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...,* op. cit., p. 171). O comportamento respectivo de cada unha das parrquias que serven de base a este estudio presenta fortes contrastes: en Gándara-Vilarromarís, a frecuencia de matrimonios deste tipo –24,3%- casi triplica aos de Barbeiros –9,9%-; en Barbeiros, só a crise de 1769 eleva a proporción ao 20,3% no XVIII/2.

[1070] FLINN, M.W., *El sistema...*, op. cit., p. 50; como exemplo máis destacado cabe citarse o de Bernabé Reimondez, veciño de Barbeiros, que en 1730 casa por quinta vez.

[1071] En porcentaxe resultan ser o 11,9% de viúvos e o 5,2% de viúvas.

[1072] Durante o XIX/1, no 10.5% en dos enlaces participa un varón viúvo, mentres tan só no 3,2% dos casos faino unha viúva.

idade- foise reducindo, en especial cando entrou o século XVIII[1073]. Para o caso da Ulla, Ofelia Rey interpretou esta diminución proporcional de viúvas voltas a casar como consecuencia da reducción da mortalidade masculina, pero tamén a unha menor emigración de solteiros novos que permite un maior número de unións entre célibes[1074].

Táboa 16. Nº de casos de matrimonios nos que algún ou os dous contraentes son viúvos. 1650-1850 (Barbeiros, Gándara, Vilarromarís)

	Nº de casos			Nº. total enlaces con viúvos/as	Nº. total enlaces
	Vo.	Va.	Vº.+Vª.		
XVII-2	25	12	13	50	397
XVIII-1	35	10	5	50	281
XVIII-2	42	10	6	58	276
XIX-1	34	9	4	47	346
1650-7859	136	41	28	205	1 300

Táboa 17. Porcentaxes de enlaces nos que algún ou os dous contraentes son viúvos. 1650-1850 (Barbeiros, Gándara, Vilarromarís)

	% do total de enlaces con viúvo/a				% do total xeral de enlaces			
	Vo.	Va.	Vº.+Vª.	Total	Vo.	Va.	Vº.+Vª.	Total
XVII-2	50,0	24,0	26,0	100	6,3	3,0	3,3	12,6
XVIII-1	70,0	20,0	10,0	100	12,5	3,6	1,8	17,8
XVIII-2	72,4	17,2	10,3	100	15,2	3,6	2,2	21,0
XIX-1	72,3	19,1	8,5	100	9,8	2,6	1,2	13,6
1650-7859	66,3	20,0	13,7	100	10,5	3,2	2,2	15,8

Táboa 18. Distribución por sexo dos contraentes viúvos/as

	Número			% por sexos		
	varón	muller	total	varón	muller	total
XVII-2	38	25	63	60,3	39,7	100
XVIII-1	40	15	55	72,7	27,3	100
XVIII-2	48	16	64	75,0	25,0	100
XIX-1	38	13	51	74,5	25,5	100
1650-1859	164	69	233	70,4	29,6	100

8.5.3.3 Matrimonios "a troco" e consanguíneos

O matrimonio a troco, sen chegar a ser unha práctica habitual como noutras comarcas galegas[1075], non era descoñecido. Na medida en que esta práctica tiña a finalidade de salvagardar a integridade dos patrimonios familiares, hai que supoñer que era propio daqueles que contaban con algo que salvagardar. Dado que estamos ante unha comarca con unha desigual distribución da riqueza rústica, concentrada en mans de uns

[1073] Esta tendencia obsérvase noutras comarcas como a de Fisterra (CASTIÑEIRA CASTRO, V., *Dinámica…,* op. cit., p. 96). Nas nosas parroquias supoñían o 26% dos enlaces no XVII/2, mentres no XIX/1 reducíronse en dous tercios. En Barbeiros son máis frecuentes os matrimonios de viúvo con viúva –20%- fronte ao 10% de Gándara-Vilarromarís.

[1074] REY CASTELAO, O., *Aproximación...,* op. cit., p. 46.

[1075] Un caso paradigmático é o da Ulla (REY CASTELAO, O., "Mecanismos reguladores de la nupcialidade en la Galicia atlántica. El matrimonio a trueque", en *Obradoiro de Historia Moderna,* Santiago, 1990).

poucos, é de supoñer que sexan istos quenes practiquen tal modalidade de entronque familiar[1076].

A cifra global resultante do agregado dos datos das tres parroquias é do 2% no conxunto do período estudado, se ben en Barbeiros, na cata de 1690-1709 se rexistran catro casos –o que equivale a dous trocos- e que supón o 11% dos enlaces celebrados neste lapso de tempo. Se estas as extrapolacións que se obteñen das catas foran representativas do comportamento global, teríamos que se tería producido unha evolución cara a diminución deste tipo de unións que iría do 4,8% rexistrado na etapa 1690-1709 en Barbeiros, ao 2,1% de 1840-59[1077].

Sen reconstrución de familias non é fácil detectar este tipo de enlaces, a non ser que se celebren na mesma parroquia e dentro de un corto intervalo de tempo. De aí que poda presumirse que a súa presenza era maior do que reflicten os datos que ofrecemos. Ademais, debe terse en conta que, sendo unha práctica das elites rurais, á endogamia social acompañará a correspondente exogamia xeográfica, o que é un obstáculo máis para atopala. Aínda así, se detectan matrimonios deste tipo que se celebran na mesma parroquia no lapso de poucos días, ou, incluso, no mesmo día e, quizais, nunha única ceremonia naqueles casos nos que o cura os rexistra na mesma partida[1078].

Os matrimonios consanguíneos son moi infrecuentes, tan só se documentan en Barbeiros nas catas de mediados do século XVII, e no tránsito ao XVIII. Se trata de parentesco cognaticio de cuarto grao en todos os casos. Nestas dúas catas obtense globalmente un 5% de dispensas por parentesco deste tipo, aínda que tomando o conxunto das catas e, habida conta de que a partir de 1740 non se rexistran dispensas de parentesco, tan só se chega ao 1,9% de matrimonios con este impedimento. En Gándara-Vilarromarís só se documenta unha dispensa de parentesco de afinidade en 1768 que por estar fora dos perídos das catas non ten sido computada no conxunto.

8.5.4 A febleza do fenómeno migratorio

Os censos, recontos, e veciñanzas dan unha información global e imprecisa no que se refire aos movementos migratorios: poden revelar a intesidade destes, pero non a duración da ausencias, o carácter temporal ou definitivo ou os lugares de destiño. Neste senso, tan só as fontes parroquiais son algo máis precisas, aínda que a súa explotación tamén é moito máis custosa e pouco rendible cando a emigración é escasa. Ao longo deste capítulo, en particular na parte adicada ás estruturas demográficas de 1787 e 1860, fixemos mención da febleza do fluxo migratorio que se deducía destas fontes. Pero, aparte da movilidade temporal e definitiva que pode deixar pegada nas fontes censuais, hai outras que apenas teñen reflexo explícito na documentación, polo tanto máis difíciles de detectar. Unha delas é a emigración estacional, que abordaremos máis adiante, e outra a movilidade interparroquial.

8.5.4.1 A movilidade interparroquial de caseiros e criados

Referímonos ao cambio de domicilio entre parroquias limítrofes ou próximas, un fenómeno relativamente frecuente na comarca aquí estudada. Como vimos na parte relativa ao réxime de posesión da terra, dedúcese un predominio do arrendo e unha presenza non despreciable da cesión de explotacións á ganancia. Esta circunstancia, a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1076] Esta práctica mantívose viva nesta comarca ata datas relativamente recientes (años corenta deste século) entre os labradores ricos.

[1077] Nos protocolos notariais tamén se detecta esta práctica a partir de escrituras de apartamento nas que se cancela un compromiso deste tipo.

[1078] A maioría dos enlaces deste tipo que teñen sido detectados se celebran o mesmo día ou no mesmo mes. só nos que se rexistran na cata de mediados do século XIX media a distancia once meses.

diferenza do que ocorre cos contratos forais, non crea lazos tan fortes entre a terra e quen a traballa debido a que os contratos hai que renovalos con máis frecuencia, e o "amo" da terra ten moita maior capacide de maniobra para expulsar aos colonos e caseiros, en particular na terra cedida a medias ou ao terzo, nos que é suficiente avisalos cun ano de antelación.

A finais do século XVIII, un cura de Buscás comezou a elaborar un índice alfabético dos pais de familia "a fin de hallar más fácilmente las partidas bautismales de cada genealogía" nos libros sacramentais[1079]. Nas aclaracións que se fan para o bo aproveitamento da información do índice, ao final do mesmo afírmase que "algunos (veciños) suelen mudarse, o venir de nuevo, como caseros o por aforar lugar, o (por) tenerle en otra parroquia mudarse para ella, por cuya razón antecede o sigue en otras feligresías la filiación de algunos"[1080]. Pero estas apreciacións cualitativas non permiten cuantificar a intensidade deste movemento. Para facer unha evaluación do mesmo recorremos ás Comprobaciones dos Libros Reales do Catastro que se custodian en Simancas. Nesta fonte, xa utilizada no capítulo anterior, indícase cando un declarante abandonou as terras que traballaba 1752 para pasar a residir nunha parroquia cercana, detallando en máis da metade dos casos a parroquia de destiño.[1081].

Táboa 19. Cambios de residencia de 1751 a 1761 en Folgoso

	casos	**%**
Parroquias limítrofes	13	2,0
Distinta freguesía	10	1,5
	23	3,5
Ausente	10	1,5
Fóra do Reino	2	0,3
Santiago	1	0,2
Total cambios	36	5,5
Total veciños declarantes en 1761	651	100

Como pode verse na Táboa , nos dez anos que separan a elaboración do Catastro da súa revisión cambiou de parroquia o 5.5% dos veciños que declaraban terra e/ou gando en 1752. En realidade, todos aqueles que pasaron a unha freguesía veciña ou próxima -3,5% dos asentos de veciños-, en 1752 tan só tiñan gando, é dicir eran caseiros que non posuían terras en foro senón en arrendo ou, con máis seguridade, á ganancia. Dado que xa non residen na parroquia, despois do seu nome indícase que o gando declarado en 1752 xa non se atopa na localidade e, nalgunha ocasión, especifícase que o ex-veciño o levou consigo[1082]. Con toda seguridade trátase dunha movilidade na que participa o conxunto do agregado familiar para facerse cargo doutra explotación xa sexa por propio interese ou por vontade do "amo" da terra. En realidade son movementos de ósmosis sin efecto sobre o volume da poboación, pois mentres que uns mudan o seu domicilio á parroquia veciña,

[1079] Trátase de seis fólios cosidos sen data nin firma que pola letra e datas dos sacramentos "indizados" pode situarse a finais do XVIII. (A.P.Bsc., papeis soltos).

[1080] Así, neste mesmo documento se indica qué veciños abandonaron a parroquia e nalgúns casos o destino: Julián Gómez "mudose a otra feligresía", Ignacio Iglesia "mudose para Ardemil", Pedro Liñares "mudose a Leira", Domingo de la Fuente "mudose para Sta. Eulalia de Gorgullos", etc.

[1081] Entendemos que cando se indica "pasó a residir en otra felegresía" se especifical cal, trátase de parroquias senon limítrofes polo menos cercanas.

[1082] Como fixo Domingo da Poza cando abandonou a parroquia de Ordes para pasar a vivir en S. Román das Encrobas "a donde llevó su ganado" (AGS, DGR, 1º R., Leg. 1199, Sta. Mª. de Órdenes). Noutros casos tan só se indica que "el individuo de este asiento se paso a bivir a distinta feligresía y en el término no queda cosa alguna" (AGS, DGR, 1º R., Leg. 1225, Santiago de Villamayor).

outros fan o mesmo, pero á inversa. Este tipo de movilidade mantívose ata ben entrado o século XX, e durante do XIX aínda é a máis frecuente tal como se colixe de fontes como os Expedientes de quintas.

En 1752 tampouco decrararan terras a maior parte dos ausentes cuxo paradeiro non se indica[1083]. Nos casos de ausentes que naquela data rexistraran no Catastro terra e gando parece tratarse máis ben de emigración individual do titular dos bens que como se especifica na propias Comprobaciones están sendo explotadas por algún parente ou veciño. As mesmas circunstancias socioeconómicas apuntadas tamén favorecen un fenómeno habitual nas sociedades de Antigo Réxime como é a movilidade prematrimonial dalgunha xente nova ocupada no servizo doméstico antes de casarse. O feito de que nas partidas de matrimonio se mencione o envío de certificacións de soltería polos párrocos das freguesías onde residiron os contraentes, sirve para ter noticia da movilidade prematrimonial dalgunha xente nova. A non correspondencia da residencia dos pais coas do/a fillo/a que se casa parece delatar a mesma circunstancia. En xeral, trátase da residencia en parroquias limítrofes ou próximas[1084] e son poucos os que teñen residido fora do ámbito comarcal[1085], aínda que no é infrecuente que teñan residido en Santiago, en particular nas parroquias do norte da cidade (San Miguel dos Agros, S. Bieto do Campo, Sta. María do Camiño)[1086]. Non sempre se indica a súa ocupación no servizo doméstico, aínda que parece o máis probable se temos en conta que esta actividade ocupa ao 7% da poboación. Algunhas veces, estes/as mozos/as atopaban parella na parroquia na que estaban servindo "desde hace algún tiempo" ou incluso "desde muy niña" e non debía ser infrecuente que os dous noivos foran criados[1087].

Por último, hai algún caso de estancias en lugares afastados, como o dunha moza que se casa en Barbeiros en 1834 e que residira "algún tiempo en Santa Cruz de Ribadulla" ou o dun noivo estivo en Ferrol durante algúns -sen indicar que o fixera como militar- e que se casa en 1809. Algúns mozos, antes de tomar o camiño da emigración, celebraban compromiso de esponsais coa súa noiva para tratar de asegurar que esta lles gardase a ausencia , o que non sempre ocorría[1088].

[1083] Trátase dos dous veciños que están "fuera del Reino" e de cinco ausentes "sin saber su paradero" que en total suman pouco máis do 1%.

[1084] Como Agustín Porro, que se casa en 1753 en Barbeiros, e que estivera servindo algún tempo na veciña parroquia de Vilamaior. Ademais podíase ter pasado por máis dunha parroquia como unha moza de Barbeiros que se casa en 1760 e que "sirvió algunos meses en Santa Cruz de Montaos, Santa Eulalia de Pereira y San Martín de Marzoa" (APBrb., Libro F, Casados-Defuntos)

[1085] Nestes casos, trátase maioritariamente de mozos que estiveron no servizo das armas en rexementos sitos no propio Reino de Galicia. As ausencias debidas a emigración a lugares "fuera del Reino" son escasas, o que non fai máis que confirmar a escasa importancia do fenómeno migratorio a media e longa distancia. Tan só se computan dous casos de emigración a Portugal en Gándara e Ordes entre 1790 e 1809, outro "ausente fuera del reino" antes de 1766, e outro "ausente de la provincia" en 1853. En Barbeiros, en 1756, un mozo dice ter estado na Rioja por espazo de oito anos e medio, e outro, en 1762 estivera mes e medio en Castela.

[1086] Feito que se ve confirmado nos traballos sobre inmigración urbana (MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, E. et al., "Inmigración urbana en la Galicia del Antiguo Régimen: Santiago, Tuy y Ferrol a finales del XVIII" en EIRAS ROEL, A. et. REY CASTELAO, O. (eds.), *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica,* Santiago, 1994, vol. II. pp. 476-498.

[1087] Como Casimiro Blanco e Cristina Pérez que se casan en Barbeiros en 1827. A noiva era "hija ilegítima de Josefa Pérez, vecina de Sta. Eulalia de Faramilláns, pero residenta en esta (Barbeiros) desde su niñez, y de haberse proclamado el Casimiro Blanco en la de César, fue dimanado (sic) de haber servido en aquella en calidad de labrador por espacio de algún tiempo".

[1088] En 1743 unha moza de Vilarromarís que había celebrado esponsais "con outro mosso desta feligresía...", cansada de esperar para casarse "...por estar (o noivo) ausente deste reino...", recurrió "...ao Sr. Provisor e lles libró despacho para que (o párroco de Vilarromarís) lle casase" con un novo noivo.

8.5.4.2 Os desprazamentos estacionais: o caso da "Terra de Abaixo"

Trátase dun tipo de emigración moi difícil de detectar posto que raras veces deixa deixa pegada nas fontes. Por fortuna, os Expedientes de Hacienda de finais do século XVI, ademais de insitir no feito do abandono de boa parte dos fogares campesiños a causa da penuria dos tempos, aluden a un tipo de emigración propia de certos oficios complementarios como os de xastres e zapateiros[1089], circunstancia que tamén se indica en algún caso para mediados do século XVIII. A lonxitude do desprazamento é algo que non se indica e tanto podían dirixirse ás cidades galegas como buscar fortuna en vilas e urbes castelás.

A finais do seculo XIX e principios do XX dábanse nesta comarca desprazamentos de carácter estacional de ciclo corto a comarcas relativamente próximas, pero máis desenvolvidas, a "Terra de Abaixo" –vales prelitorais da Mahía, Ulla, Sar e Umia[1090]- co fin de realizar determinadas labores agrarias que demandaban numerosa mano de obra: "a gabea" do millo, é dicir, os traballos de preparado da terra na que se ía sementar este cereal. A modo de hipótese pode pensarse que estes movementos xa existirían desde o século XVIII, aínda que carecemos de testemuños documentais. O máis que sabemos é que desde mediados do XIX hai un establecemento definitivo de familias da "montaña" –así eran chamadas nos lugares de recepción- na "Terra de Abaixo" ocupados como caseiros[1091].

Os ritmos estacionais das variables demográficas que se rexistran nalgunhas décadas poderían apuntar cara esa hipótese. Así a estacionalidade de matrimonios e concepcións de mediados do século XVIII coincide únicamente nos mínimos de abril e outubro, o que podería indicar ausencia de varóns. No resto do ano, cada unha destas variables segue un movemento propio non coincidente. No caso das nupcias, parece responder con bastante claridade aos ritmos agrícolas e a motivos relixiosos o mínimo de decembro. As baixas cotas de abril e outubro en ambas variables coinciden coas épocas de labores do millo, pese a que o cultivo non ten unha penetración suficiente nestas parroquias como para provocar tales alteracións do calendario nupcial e conceptivo, en especial en Barbeiros, fegresía eminentemente centeeira.

Na época da sementeira e colleita do centeo e trigo –outubro, novembro, e xaneiro- e de xullo a pricipios de agosto, aparecen os mínimos nupciais sin que as concepcións o acusen en semellante medida. Esta particular oscilación das variables demográficas permite arriscar a hipótese da existencia de desprazamentos estacionais dos habitantes de Barbeiros, Gándara e Vilarromarís a comarcas onde o millo está suficientemente introducido como para necesitar de axuda en determinadas labores que esixen moita man de obra. Estes desprazamentos estacionais intrarexionais a comarcas relativamente próximas moito máis ricas, a fin de realizar os traballos agrícolas máis duros, sería, de terse producido, unha solución transitoria para soportar os últimos meses


[1089] "... y algunos son ofiçiales como sastres y çapateros que se ban y pasan a bebir a otras partes quando quieren...", (AGS, EH, Leg. 130, carp. 9, Montaos)

[1090] Estes son os destiños que se documentan nos *Expedientes de quintas* dos Concellos de Frades e Oroso na segunda metade do século XIX. "A terra de abaixo" é a denominación que as xentes da penichaira coruñesa dan tradicionalmente aos fértiles vales prelitorais que se estenden ao suroeste de Santiago. É unha deniminación vaga e de límites imprecisos pero comprende de forma aproximada as comarcas da Mahía, A Ulla, Padrón e Caldas de a través de testemuños orais que un bo número de xornaleiros/as da penichaira "baixaban" na primavera a estes lugares a "traballar á gabea" ou a "gabear". Algúns deles fóronse establecendo nestas zonas, primeiro como de maneira individual como criados e máis tarde familias enteiras como caseiros, polo menos dende mediados do século XIX.

[1091] En 1856 un mozo ausente reside en Pontesampaio dende hai máis de tres anos como "criado serviente", e en 1858 faino outro en "la tierra de vajo"; conforme se declara a continuación estes ausentárase "hace seis años más o menos" e que "hace dos meses se ausentaron su padre y familia a la tierra de vajo", (AMFrd., Expedientes de Quintas, Leg. 2, ano 1858, 2º reemplazo).

de soldadura. É dicir, a expulsión momentánea de poboación procedente de capas económicamente moi desfavorecidas como consecuencia dun réxime de propiedade que propicia estas situcións.

Mapa 1. A emigración á "Terra de Abaixo" documentada na segunda metade do século XIX



Elaboración: Diego Blanco Urbano

A finais do século XIX e principios do XX os desprazamentos con este destino se aumentaron coincidindo co período de maior intesidade da emigración americana, tanto na zona de emisión como na de acollida. A razón, tal como apuntou Ofelia Rey para A Ulla, é a de "cubrir huecos dejados por los emigrantes, encontrar esposa entre la abundante población femenina y asentarse en la Ulla"[1092]. Por tanto, neste momento trátase dun proceso de emigración en cadea non que emigrantes de zoas deprimidas cobren os hocos deixados por emigrantes de áreas máis ricas en relación ás primeiras. O contraste económico entre as comarcas do interior coruñés e os feraces e superpoboados vales prelitorais do Ulla, Tambre e Sar, facía estes lugares suficientemente atractivos como para abandonar os seus fogares en dirección a estas comarcas en busca dun millor nivel de vida. Deste xeito, moitos evitaron tomar o camiño tan prometedor como incerto, pero sen dúbida máis traumático, das descoñecidas terras do outro lado do Océano.

A través dos expedientes de quintas poden distinguirse dúas etapas de migración á "Terra de Abaixo", unha entre os anos cincuenta e sesenta, e outra a partir dos anos noventa, separadas ambas polo longo lapso de parada migratoria dos anos oitenta. A estas etapas poderíamos engadir unha terceira anterior que sería aquela que precedería a estas,

[1092] REY CASTELAO, O. e TURNES MEJUTO, R., "La emigración en la cuenca media del Ulla" en *Revista da Comisión do quinto centenario*, nº. 4 (1989), pp. 177-221. Estes emigrantes non só procedían da comarca de Ordes, senón doutras do interior coruñés: Arzúa, Sobrado, Visantoña, Curtis, etc., de ahí que a título de hipótese poda facerse extensivo a estas zoas o dito sobre a emigración estacional de Ordes.

consistente e que tería sido o xérmolo das ausencias definitivas. Os expedientes de quintas revelan como nos anos noventa os índices migratorios con destino a este punto acadan os seus valores máis altos, coincidindo co éxodo masivo que se dá cara América nas comarcas da "Terra de Abaixo". O noso estudio dos expedientes de quintas non sobrepasa o ano 1901, sen embargo todo apunta a que nas dúas primeiras décadas do presente século, este fluxo migratorio non só se mantivo, senón que aumentou cuantitativamente compartindo co destino americano o protagonismo deste periodo. Durante toda a segunda metade do XIX e pese a relativa proximidade de dous importantes núcleos urbanos de Santiago e A Coruña, os emigrantes da comarca de Ordes prefiriron os destinos rurais da "Terra de Abaixo", que non requerían outra cualificación que a do traballo da terra, ás ocupacións urbanas. A ocupación destes mozos residentes en Compostela indícase en varias ocasións e é a que cabería esperar: "criado serviente en el (lugar) de San Silvestre de la parroquia de S. Miguel dos Agros de Afuera de la Ciudad de Santiago"[1093]. Os Expedientes de quintas veñen a confirmar a debilidade do fenómeno migratorio durante todo o XIX/2 de maneira que o camiño do éxodo temporal ou definitivo é tomado por moi poucos –2.63% dos mozos en idade militar-. Os destinos tradicionais son os que se coñecen para o resto de Galicia -Castela, Cádiz e Portugal-, e en particular "a Terra de Abaixo", e ata finais do século XIX e principios do XX non cobra forza a emigración ultramariña con destiño a Cuba e Arxentina[1094].

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1093] AMFrd, Expedientes de Quintas, Leg. 3,. ano 1875.

[1094] O claro efecto da emigración nas últimas décadas do XIX e primeiras do XX percíbese claramente a través dos censos de poboación e en particular a través da análise das relacións intersexuais. Estes datos poden consultarse ao longo da obra de LÓPEZ TABOADA, J. A., *La poblablación de Galicia 1860-1991: crecimiento, movimiento natural y estrutura de la población de Galicia*, A Coruña, 1996.

9. A FAMILIA: TAMAÑOS, COMPOSICIÓN, ESTRUTURAS E PATRIMONIO DOS FOGARES

Coñecidas as características do réxime demográfico e o contexto económico no que se reproduce, é o momento de preguntarnos polos trazos da familia na comarca de Ordes durante o século XVIII e primeira metade do XIX. Nas últimas décadas, o estudio da familia ven atraendo a unha especial atención das ciencias sociais e humanidades debido ao seu papel cardinal na socialización dos individuos e no artellamento das propias sociedades, interese que ven motivado pola progresiva perda de ese papel no contexto no mundo desenvolvido[1095]. De aí que a análise da familia tradicional se ten convertido en materia propia dos historiadores, cando antes o fora dos antropólogos e sociólogos, ata o punto de poder afirmar que a bibliografía é inabarcable e, en xeral, de boa calidade, si ben é certo que moi dependente no caso español do modelo inglés da escola de Cambridge – con Peter Laslett como referencia- pola facilidade de aplícalo grazas a fontes como o *Catastro de La Ensenada*[1096].

Nas últimas décadas asistimos á desaparición dun modelo familiar que na Europa occidental perdurou con éxito durante varios séculos e que ten na familia do Antigo Réxime o seu clásico paradigma. Esa familia, ademais de ser o ámbito no que se desenvolvían a práctica totalidade dos aspectos da vida do individuo, funcionaba como célula de reproducción demográfica e unidade de produción e consumo do sistema. En tanto que motor dunha economía asentada sobre o sector primario e principal vía de transmisión dos valores vertebradores da comunidade, no seu seo concurrían dialécticamente todos os factores que configuraban a sociedade[1097]. Todas estas circunstancias poñen de relevo a transcendencia do seu estudo para a comprensión das comunidades do pasado, ao tempo que nos preveñen acerca da complexidade que entraña penetrar no seu interior e relacionar axeitadamente os elementos de tan diversa natureza (xeográficos, demográficos, socioeconómicos, mentais, políticos...) que a conforman. De ahí que non podan entenderse os comportamentos familiares sen ter en conta o contexto xeográfico e socioeconómico no que se desenvolven, e por isto, na súa análise non se deben perder de vista todas as cuestións ata aquí estudadas.

O papel cardinal que desempeñou a familia na socialización dos individuos e na articulación das sociedades tradicionais ten atraído, dende hai varias décadas, a atención

[1095] Véxase o avance entre a reflexión de REHER, D. S., "Familia y sociedad en el mundo occidental desarrollado: una lección de contrastes" en *Familias y parejas: paradojas y nuevas opciones, Revista de Occidente,* nº 199, 1997, pp. 112-132 e os volumes colectivos que recollen xa abundantes resultados: GARCÍA GONZÁLEZ, F. (coord.), *La Historia de la familia en la Península Ibérica: balance regional y perspectivas: «Homenaje A Peter Laslett»*, Cuenca, 2008; CHACÓN, F. e BESTARD, J. (eds.), *Familias. Historia de la sociedad española*, Madrid, 2011.

[1096] Nos últimos anos a demografía histórica rematou por centrase no estudio da familia sendo abundantes as publicacións e congresos sobre este tema desde os celebrados en Murcia en 1994, (*Historia de la familia: una nueva perspectiva sobre la sociedad europea.*, 3 vol. Murcia,1997) ou en Madrid en 1998 ("House and stem-family in Eurasian perspective", Sesion C-18 do XX Congreso Internacional de Historia Económica, Actas publicadas en Kioto, 1998). Véxase os estados da cuestión feitos por REY CASTELAO, O., Historical demography in Spain, 1960-2011", en FAUVE-CHAMOUX, A., BOLOVAN, I. e SOGNER, S. (eds.), *A Global History of Historical Demography. Half a Century of Interdisciplinarity***,** Peter Lang ed., Berna, 2016, pp. 603-616 e GARCÍA GONZÁLEZ, F. e CRESPO SÁNCHEZ, F. J., "Radiografía de un impulso compartido. La historia de la familia en España e Iberoamérica (2000-2015)", en REY CASTELAO, O. e COWEN, P. (coords.), *Familias en el Viejo y el Nuevo Mundo*, La Plata, Universidad de La Plata, 2017, pp.44-78.

[1097] Neste senso ten sido descrita como "célula de reproducción social, biológica, y económica, unidad de reproducción e consumo" (DUBERT, I.: *Historia de la familia en Galicia durante la Época Moderna, 1550-1830. Estrutura, modelos hereditarios y conflictividad.* A Coruña-Sada, 1992, p.12)

das Ciencias Sociais e das Humanidades que, a través dun incontable número de traballos, teñen posto de relevo a centralidade do grupo doméstico nos procesos de reprodución social. Se ben en España o grao de desaenvolvemento destes estudos é territorialmente dispar, a produción historiográfica en torno ao tema é moi nutrida, en particular a referida á época moderna, e nos últimos anos ten ampliado os seus horizontes cara outros aspectos das relacións sociais e económicas propias do universo familiar que rebasan o estrito ámbito corresidencial[1098]. En Galicia os primeros traballos viron la luz a finais da década de 1980[1099]; dende entón distintos estudos de ámbito comarcal teñen dedicado unha parte máis ou menos ampla á análise da familia, para ir completando un *puzzle* que, a día de hoxe, permite ter un aceptable coñecimiento dos contrastes do universo familiar galego do Antigo Régime. En España e fundamentalmente en Galicia, o estudo da historia da familia é unha liña de investigación seguida en particular por historiadores modernistas, de aí que teñamos un coñecemento máis completo do modelo familiar do século XVIII que do do XIX. Así, no caso galego non contamos para mediados do XIX cun traballo equiparable ao que elaborou Isidro Dubert para a época moderna o que nos impide contextualizar axeitadamente a familia ordense dentro do marco global galego. Entre outras cousas esta carencia é debida á propia ausencia de fontes referidas a territorios amplos –como é o caso do *Catastro de Ensenada*- que permitan un estudio destas características para os tres primeiros cuartos do oitocentos, posto que a conservación dos Padróns municipais é bastante irregular e os Censos de poboación publicados desde 1857 se limitan a indicar o número de veciños e habitantes por idades sen indicar as relacións de parentesco entre eles. Con todo, existen estudios de tipo local que dan algunhas pistas sobre cal é ese

[1098] A publicística española sobre a historia da familia durante a Idade Moderna é abundantísima. Citamos a continuación algúns traballos de síntese nos que se presentou o estado da cuestión no momento de ser publicados CHACÓN JIMÉNEZ, Francisco y HERNÁNDEZ FRANCO, Juan, (eds.), *Espacios sociales, universos familiares. La familia en la historiografía española.* Murcia, 2007; e GARCÍA GONZÁLEZ, Francisco (coord.) *La historia de la familia en la Península Ibérica. Balance regional y perspectivas «Homenaje A Peter Laslett»*, Cuenca, 2008; PÉREZ GARCÍA, José Manuel, "Familias y hogares en Galicia y en la Cornisa Cantábrica durante el Antiguo Régimen", en GARCÍA GONZÁLEZ, Francisco (coord.) *La historia… ,* op. cit., 57-84. Unha visión panorámica do tema no noroeste peninsular en SAAVEDRA, Pegerto, "Las lógicas de la organización familiar y reproducción social en la España cantábrica y noratlántica en el Antiguo Régimen", en *Historia y perspectivas de investigación. Estudios en memoria del profesor Ángel Rodríguez Sánchez,* Badajoz, 2002, 141-9.; y SOBRADO CORREA, Hortensio, *A gran Historia de Galicia. Tomo VI. A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). Poboación e economía. Vol. I,* A Coruña, 2007. 147-203; e SOBRADO CORREA, H. e DUBERT, I., "La familia y las edades de la vida", en DUBERT, I, (coord..), *Historia de la Galicia…,* op. cit., pp. 95-150. Para un repaso á evolución da metodoloxía da demografía modernista galega vid. PÉREZ GARCÍA, J.M.: "La población..., op. cit. Isidro Dubert, no seu traballo, facía un chamamento á necesidade de profundizar no tema a través de estudios comarcais desde novas perspectivas.

[1099] DUBERT GARCÍA, Isidro (*Los comportamientos de la familia urbana en la Galicia del Antiguo Régimen,. El ejemplo de Santiago de Compostela,* Santiago, 1987; *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna, 1550-1830: estructura, modelos hereditarios y conflictividad.* A Coruña-Sada, 1992), FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo ("A una misma mesa y manteles: la familia en Tierra de Montes en el siglo XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII (1982), 237-276; "En casa y compañía: grupo doméstico y estrategias familiares en la Galicia occidental a mediados del siglo XVIII", en BERMEJO BARRERA, J.C. (coord.), *Parentesco, familia y matrimonio en la Historia de Galicia,* Santiago de Compostela, 1989, 145-165; "Estrategias familiares y pequeña explotación campesina en la Galicia del siglo XVIII", en SAAVEDRA, Pegerto y VILLARES, Ramón (eds.), *Señores y campesinos en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX. 2. Campesinado y pequeña explotación,* Barcelona, 1991, 310-345); y SAAVEDRA, Pegerto ("Casa y comunidad en la Galicia interior, 1750-1860"; en BERMEJO BARRERA, J.C. (coord.), *Parentesco,* cit., 95-143. O universo familiar ten sido tratado en traballos dedicados a territorios específicos como en SOBRADO CORREA, Hortensio, *Las tierras…,* op. cit., pp. 33 e ss.; RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Delfina, *A terra...,* op. cit, pp. XX; LÓPEZ ÁLVAREZ, Mª José, *A terra...,* op. cit., p. 193 e ss.; GONZÁLEZ ABELLÁS, Isaac César, *La comarca…,* op. cit., p. 129 e ss..

modelo familiar en distintas comarcas galegas e que nos servirán para facer comparacións oportunas[1100].

No presente capítulo faise unha primeira aproximación ás características da familia ordense dos séculos XVIII e XIX seguindo a metodoloxía tradicional, é dicir, o estudio dos tamaños, composición e estruturas dos agregados domésticos a través das liñas marcadas por Peter Laslett,[1101] sen esquecer conceptos e ideas de autores como Henry, Flandrin, Hajnal etc., abordando a familia en tanto que comunidade de corresidentes.[1102]. Na última parte do capítulo engádese un apartado que rebasa a pura análise demográfica e no que se analizan as relacións entre agregado doméstico e explotación agropecuaria, pero quedan fora deste estudo algunhas cuestións fundamentais para a comprensión das características familiares como as fórmulas de transmisión patrimonial[1103]. En todo caso, o predominio dos contratos de arrendamento e parzaría réstanlle a este aspecto a importancia que tivo para as zonas nas que o foro era o principal contrato agrario.

9.1 AS FONTES

O *Catastro de Ensenada*, fonte vertebradora deste traballo, aporta outra vez a información máis valiosa, neste caso para o estudio das características internas do agregado doméstico. A pesar da súa gran utilidade non está exento de carencias se temos en conta que aporta menor riqueza de datos que noutras zonas, xa que non da o nome e idades de todos os membros do agregado etc. A maior deficiencia que presenta nas parroquias que serven de base a este traballo é a omisión do tipo relación -familiar ou non- entre o xefe de casa e algúns corresidentes, razón pola cal as chamadas estruturas *indeterminadas* teñen unha presenza moi superior á normal. Eliminar da mostra as parroquias que presentan esta deficiencia suporía reducila demasiado, de maneira que optamos por traballar con elas tendo en conta esta eiva.

Outras cuestións que se lle achacan aos estudios de Historia da familia que parten desta fonte son, por unha parte, o feito de limitarse ao estudio da familia corresidencial –por ser a que presenta esta fonte- sen revelar o entramado familiar en sentido amplo, e por outra, o de reflectir a imaxe estática propia das fontes censuais. Pero para dar resposta a estes temas antes de abordar o estudio da familia corresidencial nun momento concreto a través dunha fonte privilexiada como o *Catastro* é pretender, como dí un refrán tradicional, "poñer o carro antes que os bois". O *Catastro* tampouco descubre cuestións

[1100] Por exemplo os traballos de Mª Pilar Freire Esparís refírense aos concellos coruñeses de Brión e Padrón (FREIRE ESPARÍS, M. P., "Estructuras familiares, economía campesina y comportamientos matrimoniales en la provincia de A Coruña a finales del siglo XIX" en V.V.A.A., *Historia de la familia: una nueva perspectiva sobre la sociedad europea. Vol.: Familia, casa y trabajo*, Murcia, 1997, p. 531-540; FREIRE ESPARÍS, M. P., *A familia rural na Galicia contemporánea. O cambvio nas relación familiares nos concellos de Brión e Padrón (1850-1970),* Santiago de Compostela, 2008). Tamén existen traballos nos que, como neste coapítulo, se comparan os cambios habidos entre mediados do século XVIII e mediados do XIX: CASTIÑEIRA CASTRO, V. M., "O fogar no extremo occidental da Costa da Morte (1750-1850)" en *Historia Nova VI e VII: Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia,* Santiago, 1999.

[1101] Así, na análise das estruturas familiares partimos da clasificación de Laslett, pola súa maior versatilidade con relación a outras, e pola súa utilidade a efectos comparativos (LASLETT, P."Introduction: History of the Family" en *Household and Family in Past Time*., Cambridge, 1972*,* pp. 28 e ss.), e polos mesmos motivos prescindimos da de L. Henry (HENRY, L., *Manual* ..., op. cit., pp. 34 e ss.).

[1102] Sobre o criterio de *corresidencia* na definición da comunidade familiar vid. FLANDRIN, J-L., *Orígenes de la familia moderna,* Barcelona, 1979, p. 11 e ss. De aí que os térmos familia, fogar, fogo, casa, ou grupo doméstico deban entenderse como equivalentes.

[1103] En calqueira caso, pódese anticipar que o sistema hereditario desta comarca non se diferenciará moito do da veciña Terra de Santiago estudiado por I. Dubert e no que se rexistra un 25% de testamentos con mellora a mediados do s. XVIII, (DUBERT, I., *Historia...*, op. cit., p. 186);as escrituras coas que contamos neste momento, insuficientes para unha conclusión definitiva, revelan a mesma imaxe.

fundamentais do funcionamento familiar como o sistema hereditario ou, como xa se indicou no caso desta comarca, o réxime de propiedade e usufruto dos medios de producción, pero permite intuilos, o que non exime dun estudio destas cuestións a través das fontes adecuadas. Coidamos que a mellor avaliación do *Catastro* é responder a esta pregunta ¿qué outra fonte do Antigo Réxime ofrece máis por menos traballo?.

O *Padrón Calle-hita de 1708*, pese ás súas coñecidas deficiencias adiantadas no capítulo anterior, permite completar a imaxe das características da familia para principios do século XVIII. Nesta fonte, a ocultación dunha parte do agregado doméstico vai dar como resultado un menor tamaño medio do mesmo, ademais de incidir na representación que acadan unhas e outras estruturas.[1104]. Tampouco debe esquecerse a ausencia dos cregos nesta fonte.[1105].

O *Padrón de Habitantes de 1852* do Concello de Frades é unha fonte valiosa se se ten en conta que se trata dunha documentación que non se conserva na maioría dos concellos rurais. No caso concreto da Comarca de Ordes o arquivo municipal de Frades é o único que conserva padróns de habitantes de mediados do século XIX. A isto hai que sumarlle a súa riqueza informativa, superior incluso que a dos *Libros Reales* do *Catastro de Ensenada*. Na medida que indica a idade, estado civil, lugar de nacemento e emprego de cada un dos membros da familia, tanto varóns como mulleres, permite coñecer perfectamente a composición e estrutura interna dos fogares.

O maior problema que presentan as fontes da comarca de Ordes disponibles para o estudio deste tema durante os séculos XVIII e XIX ven dado pola non conservación de unhas e outras para idéntico espazo físico: se para mediados do século XIX só contamos cos datos das parroquias integradas no Concello de Frades, un século antes non se conservan os Libros Personales de todas as parroquias deste concello. De ahí que optemos por ampliar a mostra de mediados do XVIII a costa de fegresías doutros concellos que se comprendían dentro da antiga xurisdición de Folgoso.

9.2 CARACTERÍSTICAS XERAIS DO AGREGADO DOMÉSTICO EN 1708, 1752 E 1852

Acabamos de indicar que os datos de 1752 dan unha imaxe máis fidel da fisionomía familiar que os de 1708, de aí que nos pareza máis correcto presentar en primeiro lugar as características da familia de mediados de século para establecer logo as comparacións pertinentes cos resultados extraídos do *Padrón Calle-hita*. Unha vez máis o carácter de zona de transición desta comarca evidénciase nos aspectos demográficos, de maneira que a imaxe que se obtén da familia ordense en 1752 está máis preto da media global galega que de calquera dos dous principais modelos -oriental e occidental- que definiu I. Dubert.[1106]. Aínda que a relación entre estrutura e tamaño familiar non é unha regla xeral noutros lugares,[1107] pode afirmarse aquí de maneira concluínte. Así, o dominio da familia nuclear –66.6% dos casos-, vai impoñer en Folgoso un tamaño medio acorde con este tipo de estrutura –4.44 individuos/fogar-[1108]. O maior aporte desa media ven constituído polo

[1104] Así, o subrexistro de corresidentes emparentados alleos ao núcleo conxugal reduce o número de fogares con estrutura complexa, e a omisión da descendencia no caso dos fogares de pais e nais viúvos/as con fillos leva a un aumento dos solitarios a costa das estruturas nucleares.

[1105] BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...*, op. cit., p. 54.

[1106] (DUBERT GARCÍA, I., *Historia...*, op.cit., p. 400);. como xa anticipamos, na análise das estruturas familiares partimos da clasificación de Laslett, pola súa maior versatilidade con relación a outras, e pola súa utilidade a efectos comparativos (Laslett, P."Introduction..., op. cit.)

[1107] COLLOMP, A., "Menage et famille. Études comparatives sur la dimension et la structure du grupe domestique" en *Annales E.S.C.*, 1984, p. 783.

[1108] A mediados del siglo XVIII, el tamaño medio era de 4,12 en Celanova (RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Delfina, *A terra e as xentes. Nacer, vivir e morrer na comarca de Celanova ó longo da Idade Moderna*, A Coruña, 1999, 130), de 4,9 en Cea (LÓPEZ ÁLVAREZ, Mª José, *A terra de Cea no antigo réxime. Formas de vida nunha comarca de transición ourensá,* Ourense, 2007, 193) e de 4,18 hab./hogar en Monterrei,

núcleo conxugal principal –parella conxugal e fillos solteiros suman 3.49 individuos/fogar-[1109], e o 0.95 sobrante se reparte entre criados –0.31-, núcleos descendentes –0.30-, e restantes corresidentes, emparentados –0.20-[1110] ou non –0.12- co cabeza de familia-. As familias de estrutura complexa (extensas e múltiples) supoñen o 16.81% do total,[1111] mentres *solitarios* –7.26%-, estruturas indeterminadas 6.37%, e fogares *sen estrutura* –3%- son, como de ordinario, minoritarios.[1112].

Táboa 1. Estruturas familiares en Folgoso e Galicia en 1752

	Folgoso		% Galicia		
estructuras	**Nº**	**%**	**Global**	**Occidental**	**Oriental**
Solitarios	1	7,26	8,80	9,30	6,70
S.E.F.	17	3,01	3,30	3,40	2,90
Nuclear	376	66,55	62,50	64,20	57,30
Extenso	43	7,61	14,40	13,20	18,50
Múltiple	52	9,20	10,00	8,90	13,60
Indeterminada	36	,,37	0,70	1,00	1,00
I. Extensa	25	4.42			
I. Múltiple	9	1.59			
I. sen estruct.	2	0.35			
TOTAL	565	100	100	100	100

Fonte datos Galicia: Dubert, I.(1992)

Que non coñezamos o tipo de relación que existe entre o xefe e o 0.12 de corresidentes que orixinan o 6.37% de familias de estrutura indeterminada, non implica a inexistencia dunha relación de consanguinidade ou afinidade entre eles. De feito, en moitos casos, tal parentesco case se adiviña pola coincidencia de apelidos e a relación das idades de cabeza de casa e corresidente.[1113]. Se tomamos conxuntamente *troncais* e *indeterminadas* do mesmo tipo, as *múltiples* ascenden ao 10.80% e as *extensas* ao 12.04%, é dicir, un total do 22.83% de estruturas *complexas*. Os datos de 1708 ofrecen unha a imaxe familiar algo diferente, aínda que sen presentar contrastes aberrantes.[1114]. En xeral apréciase, ademais dun menor tamaño medio dos fogares –3.4 individuos/fogar- unha maior simplicidade das estruturas. En páxinas precedentes insistiuse no seguro subrexistro de certos membros do fogar -criados/as, corresidentes e fillos/as-, o que da lugar a ese menor tamaño medio e incrementa a proporción de fogares de *solitarios* e con estruturas *simples*; todo isto a pesar de eliminar do cómputo de 1752 aos cregos, un grupo social que suma unha pequena parte de agregados non complexos. De xeito que se en

(GONZÁLEZ ABELLÁS, Isaac César, *La comarca…,* op. cit., 129; e de 5,28 no interior de Lugo (SOBRADO CORREA, Hortensio, *Las tierras,* cit., 84).

[1109] Parella conxugal 1.69 (1 o xefe/a e 0.69 a cónxuxe).

[1110] Os parentes corresidentes poden ser colaterais (irmáns/as ou cuñados/as) –0.12-, ascendentes (pais/nais, sogros/sogras, tios/as) –0.06- ou descendentes (sobriños/as) –0.03-.

[1111] As estruturas extensas suman o 7.61% dos casos e as múltiples o 9.20%.

[1112] Datos relativos a 12 localidades (11 parroquias e un couto).

[1113] O feito de que esa alta proporción de familias de estrutura indeterminada sexa elevadísima en determinadas parroquias (Papucín, Vilamaior, Oroso, e Moar) parece evidenciar que se trata dunha deficiencia da fonte, circunstancia que se pode subsanar, en parte, ao agregar as indeterminadas ás múltiples e *complexas*.

[1114] Para a correcta comparación das cifras de 1708 coas de 1752 hai que eliminar aos cregos nesta última data xa que, tal como se indicou, estes non foron censados en 1708.

1752 *solitarios/as*, *S.E.F.* e *nucleares* sumaban o 74.4% do total de lumes, en 1708 esa cifra ascendería ao 82.3%.[1115].

O gran número de estruturas *indeterminadas* que se atopan en 1752 volve a ser un obstáculo para comparar os resultados de principios e mediados de século polas razóns xa mencionadas. En todo caso, os datos de 1708 invitan a pensar que nas *indeterminadas* de mediados de século non só se inclúen estruturas *complexas* senón tamén *nucleares*, de xeito que nesta data a porcentaxe que lles correspondía debía ser algo máis elevada que a revelada polos datos de 1752.

Táboa 2. Estruturas dos fogares en 1708 e 1752 (sen cregos)

	Número de familias			Familias en %		
	1708	**1752**	**1852**	**1708**	**1752**	**1852**
Solitarios/as	35	26	1	7,6	5,4	0,2
S.E.F.	7	9	9	1,5	1,9	2,0
Nucleares	335	326	300	73,1	67,2	65,6
Extensas	46	43	34	10	8,9	7,4
Múltiples	33	46	113	7,2	9,5	24,7
Complexas	79	89	147	17,2	18,4	32,2
Indet. Total	2	35	0	0,4	7,2	0,0
Total	458	548	457	100	100	100

Táboa 3. Diferenzas entre as porcentaxes das estruturas familiares nos períodos 1708/1752 e 1752/1852

	1752-1708	**1852-1752**
Solitarios/as	-2,3	-5,2
S.E.F.	0,3	0,1
Nucleares	-5,9	-1,6
Extensas	-1,2	-1,5
Múltiples	2,3	15,2
Complexas	1,1	13,8
Indet. Total	6,8	-7,2

Táboa 4. Estruturas dos fogares de frades en 1852 (incluidos cregos)

1852	**Nº**	**%**
Solitarios/as	7	1,5
S.E.F.	9	1,9
Nucleares	300	64,8
Extensas	34	7,3
Múltiples	113	24,4
Complexas	147	31,7
Total	463	100,0

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1115] Así, se en 1708 os solitarios sumaban o 7.6%, algo máis de dous puntos con respecto á cifra de 1752 –5.4%-; os *S.E.F.* apenas presentan diferenzas -1.5% en 1708 e 1.9 en 1752, mentres os nucleares pasan dos 73.1 de principios de século ao 67.2 de mediados da centuria.

Gráfico 1. Estruturas familiares na xurisdición de Folgoso en 1752




Gráfico 2. Estruturas familiares o Concello de Frandes en 1852






Gráfico 3. Distribución porcentual de estruturas familiares en 1708 e 1752 en Folgoso



USC


Gráfica 4. Distribución porcentual de estruturas familiares en 1752 (Xurisdiciòn de Folgoso) e 1852 (Concello de Frades)



Táboa 5. Aportes do fogares do Concello de Frades segundo a súa estrutura en 1852

	Esposas	Fillos/as	Fillos/as políticos		Netos/as	Ascendentes	Resto	Criados/as	Total
Solitarios/as	0	0	0		0	0	0	1,14	2,1
S.E.F.	0	0	0		0	0	1,88	0,22	2,8
Nucleares	0,81	2,15	0		0	0,01	0,02	0,07	4,1
Extensas	0,74	1,06	0,09		0,12	0,21	1,35	0,15	4,7
Múltiples	0,65	1,74	0,83		0,64	0,07	0,49	0,04	5,5
Total	0,74	1,9	0,21		0,16	0,04	0,27	0,08	4,4

Gráfica 5. Tamaños e aportes do fogar segundo a súa estrutura no Concello de Frades en 1852



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En xeral, sábese que en Galicia os núcleos corresidenciais do século XIX eran máis amplos que os dun século antes; polo menos é o que se desprende do cociente habitantes/veciños do censo de 1860.[1116]. Tamén nos concellos da comarca de Ordes se

[1116] EIRAS ROEL, A., *La Población de Galicia, 1700-1860: crecimiento, distribución espacial y estrutura de la población de Galicia en los séculos XVIII y XIX*, A Coruña, 1996.

observa esa circunstancia a partir sa mesma fonte, icluído o de Frades. Sen embargo isto non coincide cos datos extraídos do Padrón de habitantes de 1852 de dito concello onde as familias de Frades manteñen idéntico tamaño que un século antes as de Folgoso –4,4 individuos/fogar-. Con todo, descúbrense variacións nos distintos aportes da familia media: o núcleo conxugal -parella conxugal xunto cos fillos solteiros- manteñen practicamente o mesmo aporte que en 1752 –3,48 individuos/fogar-, mentres que os núcleos descendentes case duplican a súa presenza. Pero o cambio máis significativo ven dado pola diminución do aporte do servizo doméstico que pasa de 0,31 en 1752 a 0,08 criados/fogar en 1852. Os restantes cambios son insignificantes de maneira que os restantes corresidentes emparentados tan só aumentan dúas centésimas durante este período.[1117].

Porén, estes pequenos cambios nos distintos aportes tivo un maior efecto á hora de modificar o grao de importancia dunhas e outras estruturas facendo máis complexo o artellamento interno dos fogares. Así, as familias troncais pasan do 18,4% de 1752 ao 32,2 de 1852 e os solitarios practicamente desaparecen se se exclúen os cregos. As nucleares manteñen a súa primacía 65%, pese a diminuir en algo menos de dous puntos, o mesmo que as extensas. O salto máis espectacular é o que dan as múltiples ao pasaren do 9,5% de mediados do XVIII ao 24,7% dun século máis tarde, e son polo tanto as que contribúen a incrementar o peso dos fogares troncais., pero desde logo estanos a indicar un cambio substancial nos comportamentos familiares: unha maior permanencia dos fillos casados nos fogar paterno, un maior número de hermandades, etc. Cal é a causa deste incremento é algo ao que polo momento non podemos darlle resposta. A razón da desaparición dos fogares de estrutura indeterminada en 1852 non é outra que a maior precisión da fonte á hora de determinar os parentescos entre os integrantes dos fogares. En definitiva, se algo caracteriza á evolución seguida desde principios do século XVIII ata mediados do XIX é a tendencia ao aumento dos fogares de tipo troncal

9.3 XEFATURAS, TAMAÑOS E COMPOSICIÓN DO AGREGADO DOMÉSTICO

9.3.1 As xefaturas: distribución por sexo, idade e estado civil

Os estudios de Historia da familia teñen mostrado a maneira en que as características do/a xefe/a -idade, sexo, o estado civil- condicionan a fisionomía do agregado familiar, de aí o interese de adicarlle unha parte deste estudio. O feito máis destacado é o predominio absoluto dos fogares dirixidos por un varón –90.2% en 1708, 83.5% en 1752 E 88,3% EN 1852- sobre as casas rexidas por viúvas e solteiras, reafirmando o carácter acusadamente patriarcal da sociedade galega do Antigo Réxime e primeira metade do XIX.

Nos fogares gobernados por homes, que a partir de aquí chamaremos “fogares masculinos”, se son varios os varóns que conviven no fogar, a xefatura tende a residir no ascendente directo e, entre os homes da mesma xeración, sempre no irmán casado, de maneira que os varóns conservan a xefatura ata a súa morte, sendo excepcionais os casos nos que o pai lla cede a un fillo en vida, aínda que este estea casado en casa e sexa na práctica quen administra o fogar campesiño. Por tanto, a xefatura adoita estar en mans do varón da parella conxugal principal e só cando tal parella non existe, porque aínda non se constituíu ou porque se disolveu a causa da morte da esposa, pode estar en máns dun viúvo ou solteiro. Isto explica que en torno a tres cuartas partes dos fogares teñan ao seu fronte a un varón casado,[1118] e que os viúvos[1119] comanden xeralmente fogares trocais,

[1117] Só se dan lixeiras modificacións no interior deste último grupo: aumento de netos, colaterais e sobriños, e diminución de ascendentes e individuos sen lazos aparentes.
[1118] 78.1% en 1708, 68.7% en 1752, e 74,6% en 1852.

mentres os solteiros[1120] acostuman vivir sós ou en compañía dalgúns/as irmáns/ás.[1121]. Cando falece o pai, a xefatura raras veces pasa á nai cando non hai fillos/as casados/as –10.6% das xefaturas en 1752-, pero cando algún fillo varón cumple os 18 anos –ás veces incluso antes-[1122] adoita asumir a dirección familiar.

Táboa 6. Sexo e estado civil de os/as xefes/as de casa. 1752

	Mostra	Idade	% Fogares		Tamaño Fogares	
Estado Civil	**FOLGOSO**		**FOLGOSO**	**GALICIA**	**FOLGOSO**	**GALICIA**
Solteiro	20	33,8	3,54	3,70	2,85	2,45
Casado	388	43,1	68,67	64,20	4,88	4,92
Viúvo	47	57,8	8,32	8,90	4,57	4,22
Curas	17	45.4	3,00		3,70	
Total varóns	472	44.3	83,53	76,80	4,72	
Solteira	20		3,54	6,30	1,60	1,57
Casada	2		0,35	0,20	2,50	3,40
Viúva	71		12,57	11,80	3,40	3,40
Total mulleres	93		16,46	18,30	3,00	
Total	565		100	95,1	4,44	4,4

Fonte Galicia: Dubert, I. (1992)

Táboa 7. Distribución por estado civil dos/as xefes/as en 1708 e 1752, Folgoso (10 parroquias) e Frades (12 parroquias)

Xefes/as	Número			%		
	1708	**1752**	**1852**	**1708**	**1752**	**1852**
Solteiros	12	20	12	2,6	3,6	2,6
Solteiras	13	20	11	2,8	3,6	2,4
Casados	358	388	341	78,2	70,8	74,6
Casadas	0	2	2	0,0	0,4	0,4
Viúvos	32	47	53	7,0	8,6	11,6
Viúvas	34	71	38	7,4	13,0	8,3
varóns E.C. ?	4	0	0	0,9	0	0,0
mullrs. E.C. ?	5	0	0	1,1	0	0,0
Total varóns	406	455	406	88,6	83,0	88,8
Total mulleres	52	93	51	11,4	17,0	11,2
Total	458	548	457	100	100	100

No Padrón Calle-hita de 1708 non se indicou a idade dos individuos censados e nos Libros Personales do Catastro desta comarca tan só se fixo no caso dos xefes varóns, non así para as mulleres "...por evitar prolixidad...".[1123]. Dos datos de 1752 e 1852 resulta unha idade media global de 44 anos para a primeira data e de 49 para a segunda, aínda que dependendo do estado civil a media varía substancialmente. Así, a lóxica vital leva a

[1119] 8.3% en 1752 e 11,6 en 1852.

[1120] 2.12% en 1708 e 3.5% en 1752.

[1121] En Galicia a mediados do século XVIII: 66.4% de casados, 3.7% de solteiros e 8.9 de viúvos (Dubert García, I., *Historia...*, op. cit., p. 62).


[1122] Melchor de la Iglesia, veciño de Oroso, a pesar da súa minoría de idade é o cabeza de casa e ten baixo a súa xefatura á súa nai e irmáns. Só hai dous casos nos que a nai manten a xefatura a pesar de ter fillos/as casados na casa, 0.35% dos fogares.

[1123] Así se xustifica nas comprobacións da parroquia de Leira "que a todas nas mugeres que son comprehendidas en este libro personal no se les ha nombrado por sus nombres y apellidos con distinción de hedades como ni tampoco a las menores por evitar prolixidad..." (AGS, DGR, 1ª R., Leg. 1187, Sta. Mª. de Leira). Sí se da o nome das mulleres cabezas de casa e nalgunha parroquia, como Buscás, tamén se detalla nome, e idade de esposas e fillas.

que a viuvez predomine entre os maiores –idade media de 57.8 en 1752 e 59, 9 en 1852- e o celibato entre os máis novos –idade media de 33.8 en 1752 e 35.8 en 1852-, mentres os casados presentan unha idade media –43 en 1752 e 46, 9 en 1852- moi próxima á globais.

Acabamos de ver como a xefatura familiar estaba en mans dos varóns e, só cando éstes faltaban, se lle permitía á muller asumir a "rexencia" do fogar, de tal maneira que en 1752 os "fogares femininos" ascendían ao 16.5% do total en 1752 [1124] -algo por debaixo da media galega (19.2%)-, e en 1708 e 1852 movíase en torno ao 11%. Xa dixemos máis atrás que no relativo ao número de fogares, o Padrón de 1708 parece ser máis fidedigno que no tocante ao número de individuos, sen embargo deberon deixarse de anotar moitos fogares de viúvas e solteiras posto que a diferenza entre unha e outra data é difícil de admitir, sobre todo se se ten en conta que a mediados do XVIII non se aprecia, como xa se dixo, unha presenza importante de emigración masculina.

Gráfico 6. Distribución porcentual dos/as xefes/as por estado civil en 1752 (Folgoso) e 1852 (Frades)



As múlleres xefas de casa son maioritariamente viúvas e a súa proporción case se duplica de principios a mediados do século XVIII para volver a caer no XIX: 13% en 1752, 7% en 1708 e 8, 2% en 1852, por debaixo doutras comarcas da Galicia occidental. Viven soas ou acompañadas de fillos/as solteiros/as e que ceden a xefatura no momento que algún dos seus fillos contrae matrimonio e queda en casa. Nas contadas ocasións que estas manteñen a xefatura sobre fillos/as casados/as débese a que aínda permanecen no fogar algúns fillos solteiros. Neste tipo de familias a dirección do fogar por parte da nai mitiga os conflitos que se adoitan derivar da primacía do núcleo coxugal do irmán casado nos casos que este asume a xefatura.

As solteiras, mulleres que viven "de sobre sí" por carecer de familia ou recursos económicos que lles permita contar con servizo doméstico ou compensar a algún parente que as acolla, poden estar acompañadas por algún fillo/a que con sorte as asistirá na súa vellez. Supoñen un grupo minoritario, mal visto pola moral social difundida pola Igrexa, que varía pouco o seu peso entre as datas que manexamos, movéndose en torno ao 3% -2.8% en 1708, 3.6% en 1752, e 2,41 en 1852-, moito menos que en outras zonas galegas[1125].

[1124] 17% se excluímos aos cregos.

[1125] REY CASTELAO, O., «Les femmes seules du Nord-Ouest de l'Espagne : trajectoires féminines dans un territoire d'émigration, 1700-1860 » en *Annales de démographie historique*, 2006, n. 112, pp. 13-30.

Recapitulando, xefaturas maioritariamente masculinas, e "rexencias" femininas cando faltan varóns xurídicamente capaces. Nos fogares con varios homes, a xefatura tende a residir no ascendente directo e, entre os varóns da mesma xeración, case sempre no irmán casado, de ahí que o perfil do cabeza de casa sexa o dun home casado duns 44 anos como consecuencia do predominio maioritario dos casados -69%- sobre os viúvos –21%- e solteiros/as –10%- nas xefaturas dos fogares.


V.3.2. Tamaño medio, escalas de tamaños e aportes da familia en 1708 e 1752

No que atinxe ao tamaño medio dos fogares entenderáse millor a representatividade desa media se se bota unha ollada á escala de tamaños das familias (Táboa) que vai desde os fogares unifamiliares ata os escasos que están integrados por máis dunha ducia de individuos. Dado que en 1708 non se censaron todos os membros da familia, o resultado que se obtén é bastante enganoso, de ahí que parece máis indicado fiarnos da escala de tamaños que resulta dos datos de 1752. Segundo estes últimos se ben se poden atopar fogares de todas as dimensións ate un número máximo de de 12 membros, no 81.4% dos casos se trataba de familias de entre 2 e 6 individuos e o 40.6% entre 4 e 5. Os fogares que superan os 9 membros eran casos excepcionais e en coxunto non pasaban do 2%.

Táboa 8. Escalas de tamaño dos fogares en Folgoso en 1708 e 1752

	1708	1752	1708	1752
Tamaño	**nº**	**nº**	**%**	**%**
1	34	21	7,4	4,3
2	82	59	17,9	12,2
3	154	74	33,7	15,3
4	105	96	23	19,8
5	51	101	11,2	20,8
6	18	65	3,9	13,4
7	9	42	2	8,7
8	3	17	0,7	3,5
9	0	4	0	0,8
10	1	3	0,2	0,6
11		1		0,2
12		2		0,4
total	457	485	100	100

Gráfico 7. Escalas de tamaño dos fogares en Folgoso en 1708 e 1752



En 1708 dase unha maior concentración en determinados tamaños: as casas que reunían entre 2 e 4 individuos supoñían as tres cuartas partes do total, mentres non se rexistran fogares de máis de dez membros. O número de fogares unipersonais é moito máis frecuente que en 1752 –7.4% fronte a 4.3%-. Pódese dicir que de 1708 a 1752 se dá unha especie de desprazamento dos tamaños máis frecuentes cara valores máis altos da franxa onde se concentran os valores máis elevados. Se en 1708 a maioría dos fogares declaran estar entre 2 e 4 membros, en 1752 a concentración se produce en torno aos grupos de 4 a 5 individuos e, en menor medida, 3 que en conxunto reúnen ao 56% do total. En todo caso a mediados de século se dá unha maior dispersión como o demostra a anterior porcentaxe, inferior ao 75% de 1708, así como ao feito de que as familias de 6 e 7 membros non sexan porcentualmente despreciables e que os que superan o número de 8 membros conten con máis representación que en 1708.

Xa dixemos que son os distintos aportes que constitúen o agregado doméstico os que configuran a súa estrutura e tamaño. Desmenuzando o peso de cada aporte no

agregado medio os fillos son os que máis contribúen ao seu engrose xa que supoñen o 42.6% do total dos membros, seguidos de preto pola parella conxugal –38%-[1126] e a bastante distancia polos restantes aportes: 7% de criados, 2.8% de netos, 2.1 de fillos políticos, 4.7% doutros parentes e 2.8% de individuos cuxa relación co xefe descoñecemos.[1127]. O aporte de fillos observa un dos maiores contrastes detectados entre os datos de 1708 e 1752. Se a partir do *Padrón Calle-hita* resulta unha media de 1.25 fillos/familia, en 1752 supoñen o 1.87 por fogar. No capítulo anterior repetimos ata a saciedade que a primeira metade do século XVIII foi unha etapa de estancamento demográfico na que dificilmente os fogares poideron aumentar de tamaño, de ahí que a diferenza que se observa entre unha e outra data –incremento do 0.62- debe ser máis ben consecuencia da subanotación de parte dos fillos, pero non exclusiva nin preferentemente de varóns como se podería pensar, senón máis ben o contrario.[1128]. Son fillos menores maioritariamente –75%-[1129] e observan unha equilibrada distribución intersexual só lixeiramente favorable aos varóns –52%- no conxunto total de fillos/as, algo superior no grupo dos casados –54%-.

Táboa 9. Aportes do agregado doméstico en 10 parroquias de Folgoso 1708 e 1752 (sen curas)

	Nº de Indivíduos		%Individuos		Aporte/fogar		diferencia
	1708	**1752**	**1708**	**1752**	**1708**	**1752**	**1752-1708**
Xefe	458	485	29,34	22,34	1,00	1,00	0
Esposa	358	336	22,93	15,48	0,78	0,69	-0,09
Fillos/as	573	934	36,71	43,02	1,25	1,93	0,67
Xenros/noras	42	50	2,69	2,303	0,09	0,1	0,01
Netos	19	66	1,22	3,04	0,04	0,14	0,09
Parentes	63	98	4,03	4,51	0,14	0,2	0,06
Outros sen lazos	4	64	0,25	2,95	0,01	0,13	0,13
Criados	44	138	2,82	6,357	0,1	0,28	0,19
Total	1 561	2 171	100	100	3,41	4,48	1,07

En contra do que se observa para o monto total de fillos entre 1708 e 1752, a porción de fillos/as casados/as por fogar apenas variou na primeira metade do XVIII -movíase entorno ao 0.9 en ambas datas- o que parece reforzar a idea da subanotación de menores. Se a este aporte se lle engade o equivalente de xenros e noras e o relativo a netos do petrucio obtense o aporte total que sumaban os núcleos descendentes dos fogares extensos e múltiples -0.23 en 1708 e 0.33 en 1752-.[1130]. De novo a diferenza ven dada

[1126] O/a xefe/a supón o 22.5% e a esposa o 15.5%. A media individuos/fogar de cada un destes aportes é o seguinte: fillos 1.89, xefe 1 e esposa 0.69.

[1127] A proporción individuos/fogar é a seguinte: criados 0.31, netos 0.12, fillos/as políticos/as 0.09, colaterais (irmáns/ás, cuñados/as) 0.06, ascendentes e ascendentes colaterais (pais, sogros/as, tíos/as) 0.06, e descendentes colateriais (sobriños) 0.03.

[1128] En 1752 os fillos solteiros son o 94.7% mentres en 1708 ascendían ao 92.7%. Non é un indicador preciso pero sí aproximado do número de menores que había nos fogares. En 1752 o número de fillos varóns menores era do 75%. Respecto da ocultación de fillos en 1708 tense manifestado I. Dubert (Dubert García, I., "La formación..., op. cit.). A distribución intersexual dos fillos en 1708 era do 53% de varóns -relación de masculinidade do 113-.

[1129] Este 75% de fillos menores refírese aos varóns posto que no caso das mulleres non se indica esta circunstancia, sen embA.R.G.o tendo en conta a súa equilibrada distribución intersexual parece que esta proporción pode facerse extensiva a fillos e fillas.

[1130] En 1708 os fillos/as casados/as presentaban un aporte do 0.09, lixeiramente máis baixo que o 0.10 de 1752 e a distribución intersexual era favorable aos varóns ambas datas –53% en 1708 e 52% en 1752- o que advirte da superioridade dos fogares patrilocais.

polo menor rexistro de netos/as na primeira data, igual que ocorría cos/as fillos/as.[1131]. O feito de que non se documenten netos casados revela que nunca se rebasaba a convivencia de máis de tres xeracións baixo o mesmo teito.

Como é obvio a presenza de cónxuxes vai paralela ao número de xefes casados. Dado que este grupo perdeu peso absoluto e relativo no XVIII/1 tamén o fixo o aporte de cónxuxes –0.8 en 1708 e 0.7 en 1752-. En realidade isto non é máis que o reflexo dunha diminución global do número de parellas conxugais derivada do retroceso da nupcialidade e do incremento do número de viúvos/as como consecuencia dos tempos difíciles que se viviron na primeira metade do XVIII. Así se a porcentaxe de xefes se viu reuducida nun 11%, a referida ao total de indivuduos casados de ambos sexos pasou do 52% ao 36%.[1132]. A presenza dos restantes parentes, que por xunto supoñen entre o 4 e o 5 por cen do agregado, presenta unha notable atomización se se examina por separado cada un dos tipos vínculo familiar e se intentan ver as diferenzas entre o Padrón de 1708 e o *Catastro* de 1752. En 1752 o peso máis destacado correspondía a os/as colaterais (irmáns/as, cuñados/as) –0.11- que case triplicaban aos de 1708 –0.04-; esta diferenza entre unha e outra data pode deberse de novo ao subrexistro deste aporte pero non hai que excluir que a conxuntura económica que aconteceron durante o XVIII/1 levaran a unha menor saída dos irmáns, solteiros ou casados, da casa petrucial. O máis habitual é que se trate de irmás do xefe, solteiras ou viúvas, acompañadas en ocasións por fillos, que buscan na casa dun irmán mitigar o desamparo propio das mulleres "soas", mentres que cando son colaterais varóns adoita tratarse de menores.[1133]. Os/as fillos/as destas irmás xunto con aqueles/as sobriños/as do xefe que non están acompañados polos seus proxenitores suman o 0.04 do aporte tanto a principios como a mediados de século, aínda que o seu peso porcentual era maior en 1708 dado o menor tamaño do agregado doméstico.[1134].

Os ascendentes (pai, nai e sogro/a do xefe), tamén con igual peso no agregado a principios e a mediados de século –0.06-, presentan diferenzas notables na súa composición consonte o momento do que se trate. Así, se a mediados de século resulta excepcional a presenza de ascendentes varóns que non ostenten a xefatura, en 1708 é algo menos infrecuente.[1135]. Sempre son maioritarias as nais respecto das sogras como consecuencia da maior presenza de núcleos descendentes patrilocais: é dicir, na medida en que son máis frecuentes os fillos casados en casa que as fillas no mesmo estado, é o primeiro –mellorado en moitos casos- o que se ocupa da asistencia da nai viúva.[1136]. Os ascendentes colaterais (tíos e tías) teñen unha presenza inapreciable e pódese predicar o mesmo que para os anteriores no que respecta á súa composición sexual.[1137].

[1131] A pricipios de século o aporte de netos estaba en 0.04 e a mediados en 0.13. En 1752 hai un perfecto equilibrio intersexual entre netos e netas, aínda que algo favorable aos varóns se se inclúen no cómputo a parroquia de Mercurín e o couto de Vilagudín que pode deberse á mesma desigualdade que se dá entre nenos e nenas no momento de nacer. Os maiores de idade non sobrepasan o 6% dos varóns.

[1132] En realidade a diferenza non foi tan esaxerada se temos en conta que a base sobre a que se achou a porcentaxe de 1708 (poboación censada nesta data) está manifestamente infravalorada. Isto pode ser correxido se se calcula esa porcentaxe sobre o número de habitantes resultante da aplicación do índice de conversión habitantes/veciños de 1752 ao número de veciños de 1708 (2.015 habitantes en lugar dos 1561 declarados) a proporción de individuos casados/as en 1708 queda reducido ao 40.6%.

[1133] En 1752 o 80% dos colaterais eran mulleres –66% de irmás e 14% de cuñadas-, se ben en 1708 a presenza feminina era algo inferior: 72%. Os colaterais varóns qeu se declaran menores en 1752 ascenden ao 63.6%, nos restantes casos tampouco se indica que sexan maiores.

[1134] A distribución sexual deste apote está algo máis equilibrado: 55% de mulleres en 1752. Na metade dos casos trátase de menores que acompañan a nais viúvas ou solteiras tamén corresidentes no mesmo fogar.

[1135] Así, mentres en 1752 tan só se documentan dous petrucios (pai e sogro do xefe, respectivamente) que non son cabezas de casa, en 1708 o número ascende a 10 (4 pais e seis sogros).

[1136] En 1752 as nais supoñen o 72.4% do agregado de ascendentes, mentres as sogras se reducen ao 20.7%.

[1137] Supoñen o 0.01 en 1752 e o 0.002 do agregado en 1708 e na primeira data son mulleres no 66% dos casos.

O aporte que chamamos "outros" refírese a aqueles corresidentes cuxa relación con xefe non se declara na fonte, o que non quere dicir que non exista. De 1708 a 1752 dase un incremento brutal no seu número. A causas poden ser varias: por unha banda que en 1708 apenas se declararan estes individuos non emparentados co xefe e, por outra, que en 1752 non se omita o parentesco cando realmente existe, e finalmente, non hai por qué excluir un aumento real deste tipo de corresidentes, -aínda que nunca nas dimensións que se derivarían das cifras destas fontes-, a consecuencia do deterioro da conxuntura económica no XVIII/1 e da entrada como corresidentes de individuos ou familias enteiras empobrecidas nunha situación similar á dos criados.[1138].

De feito o recurso ao servizo doméstico en 1752 é moito máis frecuente do que se documenta para a xeneralidade de Galicia, acadando cifras máis próximas ao que ocorre na Europa Noroccidental. Supoñen un aporte do 0.31 no conxunto dos fogares, nada menos que o 7% da poboación de Folgoso, e están presentes no 20.53% das casas. Estes valores próximos aos do interior lucense –21% dos fogares-[1139] case duplican aos do conxunto de Galicia -3.4% de criados no total da poboación e 10.7% de fogares con este tipo de aporte-, e acadan as cifras europeas no que se refire a número de fogares con criados –19.7% na Francia de 1778-.[1140]. En ambas datas a distribución intersexual é equilibrada e a mediados de século o número de varóns menores non é despreciable –38%-.[1141].

En 1708 o número de criados declarados é moi inferior ao de 1752 e de novo se nos suscita a dúbida de se se trata dunha simple subanontación deste aporte ou hai detrás verdadeiras razóns que levaron a un incremento das persoas empregadas no servizo doméstico. Movéndonos sempre no terreo das hipóteses, non hai que descartar esta segunda posibilidade, tal e como fixemos para outros aportes do agregado. A explicación volve a ser a mesma: se no XVIII/1 se produxo un deterioro das condicións de vida das xentes desta comarca, tal como parecen evidenciar as series parroquiais, non é descabellado pensar que moitas familias que antes disfrutaban dunha posición relativamente desafogada, estiveran agora agobiadas polas débedas e se viran forzadas a colocar aos seus filos e fillas como criados nas casas daqueles que lograron superar as circunstancias negativas daquel período sen maiores males.

Finalmente debe citarse a presenza de expósitos do Hospital Real cuxo papel nas casas nas que foran acollidos non debía ser moi distinta da dos criados, aínda que o trato recebido debía variar en función da humanidade dos seus adoptantes. Xa vimos máis atrás como a proximidade destas parroquias á cidade de Santiago favorecía a entrega de expósitos nas casas dos labregos para ser amantados. Non sabemos se os que aquí se declaran son aínda lactantes ou están tomados en adopción polos fogares onde foran recollidos.[1142].

[1138] Neste grupo hai un lixeiro predominio das mulleres e a proporción de casados é do 12%.

[1139] SOBRADO CORREA, H., *Vinculeiros…*, op. cit., p. 892.

[1140] (DUBERT, I.: *Historia...* op. cit. p. 73 e ss. e DUBERT GARCIA, Isidro, "Criados, estrutura económica y social y mercado de trabajo en Galicia rural a finales del Antiguo Régimen", *Historia agraria: Revista de agricultura e historia rural*, n. 35, 2005, pp. 9-26.

). En total se documentan 177 criados repartidos en 116 familias nunha poboación total de 2.509 individuos.

[1141] En 1708 o hai un equilibrio perfecto mentres en 1752 se iclina lixeiramente cara o sexo feminino –51.8%-.

[1142] En total atópanse en 1752 tres rapaces en unha rapaza dos cales só se indica a minoría de idade no caso de dous varóns.

9.3.2 Tamaños e aportes dos agregados familiares segundo o sexo e estado civil do/a xefe/a en 1752 e 1852

Como as xefas de casa son sempre solteiras ou viúvas os fogares femininos presentan menor tamaño en 1752 –3 individuos/fogar-, aínda que non tan pronunciado un século máis tarde -4,2 individuos/fogar- debido ao aumento do número de fillos ilexítimos das solteiras e de fillos casados e criados nos fogares das viúvas. Ese menor tamaño ven dado fundamentalmente pola universal ausencia de cónxuxe, que priva a este tipo de agregados dun dos principais aportes humanos dos fogares. En 1752 poden engadirse outras razóns que non se aprecian no oitocentos: rareza de núcleos conxugais descendentes e menor presenza de servizo doméstico, circunstancia asociada a unhas bases materiais máis precarias coas dos varóns.

Esta xefatura en soidade –sen parella conxugal- non era unha situación socialmente desexable se o fogar non contaba no seu seo con ningún matrimonio, pero, sobre todo, se a cabeza de casa era unha muller que vivía "de sobre sí", situación que non aprobaban as autoridades eclesiásticas. Pese a que as solteiras teñen, ás veces, fillos na súa compaña -ao contrario do que adoita ocorrer cos varóns no mesmo estado-[1143] os seus fogares reúnen menos individuos que os dos segundos. Isto débese, sobre todo, a unha maior presenza de servizo doméstico e colaterais nas casas destes, circunstancia que raras veces se dá nos lumes de solteiras.[1144].

Tabla 10. Tamaño do fogar e aportes do mesmo segundo sexo e estado civil. 1752, Folgoso (12 parroquias)

	Tam.	Esposa/o	Fillos/as	Fills. Pol.	Netos	Criados/as	Ascndnts.	Resto
Solteiros	2,85		0,05			0,55	0,25	1,00
Solteiras	1,60		0,50			0,05		0,05
Casados	4,88	1	2,14	0,07	0,1	0,26	0,06	0,25
Casadas	2,50	1	0,50					
Viúvos	4,57		1,53	0,45	0,66	0,53	0,02	0,38
Viúvas	3,41		2,18	0,03	0,01	0,11		0,07

Táboa 11. Tamaño do fogar e aportes do mesmo segundo sexo e estado civil. 1852, Concello de Frades (12 parroquias)

	Tam.	Esposa/o	Fillos/as	Fills. Pol.	Netos	Criados/as	Ascndnts.	Resto
Solteiros	3,4					0,25	0,33	1,83
Solteiras	2,4		1,09					0,27
Casados	4,5	1,00	1,97	0,15	0,11	0,04	0,04	0,18
Casadas	4,0	1,00	2,00					
Viúvos	4,7		2,15	0,60	0,60	0,02		0,28
Viúvas	4,8		2,61	0,34	0,21	0,50		0,11
Total	4,4	0,74	1,95	0,21	0,16	0,08	0,04	0,22

No caso das viúvas dáse unha situación similar: maior número total de fillos/as en casa das viúvas pero máis fillos/as casados/as nos dos viúvos o que vai repercutir na superioridade do tamaño dos fogares destes últimos en 1752 polo aporte de noras, xenros e netos. Aínda que en 1852 se repite esta circunstancia, a maior presenza de servizo doméstico nas casas das viúvas leva a que o tamaño dos seus fogares supere lixeiramente

[1143] Tan só se dá un caso deste tipo en 1752

[1144] Ninguna muller ten baixo o seu xefatura a un ascendiente (directo ou colateral), nin tampouco a colaterais varóns; só se acompañan en algunha ocasión de irmás –2 casos- e sobriñas –1 caso-.

ás dos viúvos. Os restantes aportes -ascendentes, colaterais e descendentes- presentan diferenzas con menor peso no agregado (vid. Tabla e Táboa). Finalmente, se comparamos as familias das viúvas coas das solteiras obsérvase que as das primeiras dobran en tamaño aos das segundas tanto a mediados do XVIII como do XIX debido, sobre todo, ao maior número de aportes daquelas.[1145].

Gráfico 8. Tamaño e aportes dos fogares segundo o sexo e estado civil do/a xefe/a en 1752 (Folgoso)





Gráfico 9. Tamaño e aportes dos fogares segundo o sexo e estado civil do/a xefe/a en 1852 (Concello de Frades)



Segundo se trate de 1752 ou 1852 os fogares "masculinos" de maior tamaño son os dos casados -viúvos respectivamente, aínda que con poucas diferenzas- e seguidos a certa distancia polos solteiros (vid. Tabla e Táboa). Os puntos de diferenza que separan aos solteiros dos casados veñen dados polo aporte de esposas e fillos que se ven compensados nas casas dos primeiros cunha maior presenza de servizo doméstico, tíos, e outros. Os casados tamén aventaxan aos viúvos nos aportes de esposa e número de fillos/as solteiros/as pero os viúvos equilibran isto en certa medida grazas a que nos seus

[1145] 3.4 fronte a 1.6 en 1752 e 2.4 fronte a 4.8 en 1852. Proporcionalmente hai menos solteiras con fillos, e as que os teñen adoitan ter menos que as viúvas. Ademais o maior aporte do servizo doméstico a favor das viúvas resulta decisivo.

fogares hai máis fillos/as casados/as co conseguinte aporte de xenros/noras e netos/as. Ademais en 1752 os viúvos compensan a ausencia da esposa a través dos domésticos que duplican aos que se atopan nas familias dos casados, circunstancia inversa á de 1852.

Como conclusión xeral pode dicirse que a maior complexidade estrutural dos fogares "masculinos" –4.8 individuos/fogar en 1752 e 4.5 en 1852- determina a súa maior tamaño repecto aos "femininos".

9.3.3 A evolución dos aportes do fogar ao longo do ciclo familiar en 1752

Máis interesante que o tamaño e aportes que conforman o agregado medio é a situación de cada un dos aportes e tamaños ao largo do ciclo familiar. A través da idade do cabeza de casa pode realizarse unha proxección que nos aproxime idealmente a tal situación. Os *Libros Personales* do *Catastro* non permiten aplicar este análise aos fogares "femininos" posto que non ofrecen a idade das xefas de casa. Isto non supón tanto unha perdas cuantitativa –16% dos fogares- como calitativa, dado que deixa na penumbra a evolución e papel deste tipo de agregados dentro do ciclo vital das familias. Os 17 fogares de relixiosos tampouco teñen sido tenidos en conta aquí, dado que os seus peculiares características desaconsexan hacerlo conxuntamente cos laicos.

Táboa 12. Aportes do agregado doméstico nas distintas idades do xefe. Folgoso. 1752

Idade	Fogares		Tamaño	Esposa	Fillos/as		Nets.	Total fills.+nets	Criads.	Corres.
	nº	%	Fogar		solteirs.	casads.				
20-29	49	10,65	3,69	0,82	0,84	0,00	0,00	0,84	0,22	0,80
30-39	124	26,96	4,41	0,91	1,73	0,00	0,00	1,73	0,36	0,41
40-49	125	27,17	4,84	0,93	2,18	0,04	0,00	2,22	0,40	0,24
50-59	77	16,74	5,13	0,74	2,43	0,13	0,13	2,69	0,23	0,32
60-69	65	14,13	5,17	0,65	1,75	0,34	0,62	2,71	0,31	0,17
>70	20	4,35	5,90	0,70	0,85	0,60	0,85	2,30	0,60	0,70
xefes varóns	460	100	4,88	0,86	1,87	0,13	0,36	2,32	0,37	0,40
total xefes	565		4,44	0,69	1,80	0,09	0,12	2,01	0,31	0,43

Se algo é evidente é que a medida que madura o xefe aumenta o tamaño medio do agregado, por que, en xeral, as estruturas se van facendo máis complexas[1146]. Como non podería ser doutro modo, os aportes que determinen ese crecemento serán esposas, fillos e netos,[1147] de ahí que a ausencia o presenza de núcleo o núcleos conxugais nos agregados sexa decisiva á hora de determinar as dimensións familiares; criados e corresidentes só introducen algúns retoques interesantes en determinadas idades e estruturas.

Polo tanto, ao longo do ciclo familiar cada un dos aportes do agregado doméstico ten a súa propia evolución relacionada cos avatares e características do agregado en cada un dos momentos do ciclo ou, mellor dito, marcando esas mesmas características e avatares. Como diciamos, o caso das cónxuxes é un dos exemplos maís evidentes: a presenza ou non de cónxuxes modifica substancialmente as estruturas dos fogares é supón un aporte decisivo no conxunto do agregado e a súa evolución corre paralela ao cantidade de xefes casados que se rexistran en cada grupo de idade. Así o número de esposas dos cabezas de casa presenta o seu nivel máximo na franxa de idades que vai dos 30 aos 49 anos –0.92-, mentres entre os 20 e os 29 anos, onde a presenza de xefes solteiros aínda é moi importante, este aporte redúcese a unha media do 0.8 esposas/fogar.[1148]. A partir dos

[1146] Vid. táboa 7.

[1147] Fillos e netos vanse tratar de de maneira conxunta debido ás interaccións que se dan entre estes aportes.

[1148] En consecuencia o número de parellas conxugais principais, que na franxa dos 20 anos redúcese ao 8.79%, mentres na que vai dos 30 aos 49 acada o 52.7%.

50 anos faise evidente a presenza de matrimonios rotos por morte da esposa – media de 0.7 esposas/fogar-.[1149].

O aporte de fillos e netos experimenta un crecemento ininterrumpido –de 0.8 a 2.71- ata a orla de idade dos 60-69 anos, e a partir dos 70 presenta unha lixeira diminución. Ademais, ao longo do ciclo familiar o perfil distos varía progresivamente de modo que os fillos solteiros son o único aporte nas franxas de idade máis xoves –30 e 40 anos- e non deixan de aumentar ata que os xefes cumplen os 50-59 anos. A partir dos 40 anos do petrucio aparecen tímidamente os primeiros fillos casados –0.04- pero haberá que esperar ao grupo dos de 50 a 59 anos para que fagan a súa aparición os primeiros netos –0.13-. Tanto fillos casados como netos non deixarán de crecer a un ritmo imparable ata o final do ciclo familiar ao tempo que os fillos solteiros van abandonando os fogares. O incremento de fillos solteiros observado na primeira metade da franxa dos 50-59 anos respecto á anterior, terá que deberse a fogares nos que os maridos superan amplamente a idade das esposas, probablemente como consecuencia das segundas núpcias deles. A partir dos 60 anos este aporte descende en picado revelando a tendencia ao abandono do fogar por parte dos fillos solteiros despois de que algún dos seus irmáns se case e permaneza na casa petrucial, ben porque ten sido mellorado ou porque ten expectativas de selo. Os netos irán ocupando o lugar dos seus tíos solteiros, ou quizais máis ben empuxándoos a sair do fogar, ata equilibrar o seu aporte na fase terminal do ciclo familiar –0.85 en ambos casos-. En definitiva, os núcleos descendentes -fillo/a casado/a acompañado do/a seu/súa respectivo/a esposo/a e prole- responsables na inmensa maioría dos casos da complexidade dos fogares, vanse multiplicando vertixinosamente ao tempo que os fillos solteiros abandonan ou son expulsados dos fogares paternos.

O aporte dos restantes corresidentes, que inclúe tanto aos parentes como aqueles "outros" cuxa relación co xefe non se precisa na fonte,[1150] non observa unha dirección clara na súa evolución a través dos distintos grupos de idade. Se ben nas primeiras franxas a diminución non ofrece dúbidas, o repunte que se produce entre os 50 e 59 anos –debido ao aporte dos "outros"- rompe esa tendencia, recuperada só momentáneamente no seguinte grupo de idade, posto que a partir dos 70 anos o seu aporte se dispara ao 0.7-. Os parentes van diminuíndo progresivamente a medida que aumenta a idade do xefe, propensión que só se invierte na última etapa do ciclo familiar. Este aporte está constituído fundamentalmente por nais e irmáns/ás de xoves cabezas de casa, posto que a medida que os xefes van madurando as primeiras van falecendo, circunstancia que acelera o abandono distos fogares por parte de os/as irmáns/ás.

Xa se indicou que o servizo doméstico é moito máis frecuente –7% da poboación presente no 20.53% dos fogares- do que se documenta para a xeneralidade de Galicia.[1151]. Este motivo, a peculiaridade deste aporte, e, en particular, a súa importancia económica en conexión coas características da explotación agropecuaria, obrigan a adicarlle algo máis de atención a este grupo. Este aporte –0.31 criados/fogar-, ao contrario do que acabamos de ver para fillos/as e netos/as, non observa unha evolución progresiva nunha determinada dirección, senón que a súa presenza estará condicionada pola dos restantes

[1149] É sabido que a cantidade de matrimonios rotos a causa da morte do marido é sempre maior que a debida ao falecemento da esposa como o proba o feito de que o porcentaxe de viúvas cabezas de casa –12.57%- supere amplamente ao de xefes viúvos –8.31%-. Pero os *Libros Personales* das parroquias estudiadas non consignan a idade das mulleres polo que descoñecemos como se reparten estas na escala de idades.

[1150] Estes últimos non fan máis que introducir confusión posto que ao longo dos distintos grupos de idade presentan unha evolución zigzagueante cuxas claves non acadamos a interpretar. Xa se ten indicado máis atrás que istos "outros" podrían ser parentes en bastantes casos.

[1151] Recórdese que estes valores case duplican aos do conxunto de Galicia -3.4% de criados no total da poboación e 10.7% de fogares con criados-, e acadan as cifras europeas no que se refire a número de fogares con criados –19.7% na Francia de 1778-; (DUBERT, I.: *Historia...* op. cit. p. 73 e ss.).

aportes e polas conxunturas económicas que atravesan as familias ao longo da súa existencia. Polo tanto, esta variación haberá de interpretarse sen perder de vista o papel económico que xogan no seo dos fogares cubrindo os déficits de forza de traballo que se producen ao longo do ciclo familiar, sobre todo, ao desempeñar o papel que os irmáns célibes do petrucio xogan noutras áreas de Galicia.[1152]. Isto se constata, precisamente, se se pon en relación coa evolución que temos visto para fillos e netos.[1153].

Nas familias máis novas, o recurso aos criados non adquiere importancia ata que nacen os primeiros fillos, novas bocas que non aportan forza de traballo, senón todo o contrario: esixen especiais coidados e restan tempo ás labores agrícolas. Entón, aquelas familias cuxa capacidade económica llo permite recorren ao servizo doméstico en busca dunha axuda suplementaria para os traballos de labranza, ou para as labores domésticas. Temos visto como entre os 50 e 59 anos do petrucio se esgota o ciclo reproductivo das parellas do núcleo principal, moitas das cales xa teñen fillos crecidos e plenamente incorporados ás faenas do campo; neste momento pode prescindirse da man de obra allea ao núcleo conxugal, circunstancia que queda ben patente na reducción á metade do aporte do servizo doméstico nesta franxa de idade –0.2 criados/fogar-. Nos fogares de estrutura complexa cuxo cabeza supera os 60 anos, o nacemento dos primeiros netos, acompañada pola saída dos fillos solteiros, volve a producir un desequilibrio entre necesidade e disponibilidade de forza de traballo. A compensación virá dada de novo polo recurso aos domésticos que acadan a súa maior presenza dentro de agregados con xefes maiores de 70 anos –0.6 criados/fogar-.

Ademais do dito ata aquí, concurren nestes últimos grupos de idade outros factores socioeconómicos que axudan a comprender mellor esta concentración de criados nas súas casas. Vexamos: as familias de estrutura complexa desta comarca se apoian, como haberá oportunidade de demostrar, nunhas bases económicas máis sólidas que as restantes, e isto non é fruto da casualidade. Unha maior solvencia económica permite unhas mellores condicións de existencia, e, en consecuencia, unha esperanza de vida superior. Riqueza e lonxevidade son dúas circunstancias que, combinadas, conducen frecuentemente á práctica da mellora, cando non, á fundación de vínculos, e tanto a mellora como a vinculación de bens adoitan levar aparellada a convivencia nun mesmo fogar de varias xeracións. Se a isto engadimos que este tipo de familias, tanto pola maior necesidade de brazos para laborar unhas explotacións superiores á media, como por razóns de prestixio social, contan habitualmente con criados, poderá entenderse que, en conxunturas familiares nas que aumenta esa necesidade de forza de traballo, a concentración de domésticos sexa superior nas casas con xefes de idades máis avanzadas. Neste senso, o servizo doméstico actúa como un mecanismo reequilibrador entre o tamaño da familia e as dimensións da explotación agropecuaria, cuestión sobre a que abundaremos máis adiante[1154].

[1152] Tal é o caso do interior lucense onde a mellora larga dificulta o matrimonio dos fillos non privilexiados na repartición hereditaria condenándoos ao celibato definitivo e a vivir como "criados sin salario" na casa petrucial; (SAAVEDRA FERNÁNDEZ. P. *La vida...*, op. cit., p.244; SOBRADO CORREA, H. *Vinculeiros...* op cit,. p. 189 e ss.)

[1153] Vid. gráfico nº. 6; esta relación ten sido demostrada para Galicia por outros autores: I. Dubert opina que constitúen "una mano de obra sustitutiva de la fuerza de trabajo que en estado latente son los hijos", e que número de fillos e criados "está relacionada con el diferente grado de disponibilidades y de recursos materiales". (DUBERT, I.: *Historia...* op. cit.p.80 e ss); en parecidos términos Fernádez Cortizo, C.: "A unha misma, op. cit.

[1154] vid. FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Estrategias, op. cit.

9.4 AS ESTRUTURAS FAMILIARES EN 1708 E 1752

Xa vimos a distribución de estruturas familiares a mediados do XVIII. Nas liñas que siguen prestaremos atención individualizada ás características das familias que se agrupan baixo cada unha das tipoloxías definidas por P. Laslett e cotexaremos a súa representación a en 1708 e 1752.

9.4.1 Solitarios

A medio camiño entre a Galicia occidental e a oriental –aínda que máis preto desta última- supoñen o 7.1% dos fogares, quedando reducidos ao 5% se prescindimos dos cregos. A exclusión dos cregos permite a comparación correcta cos datos de 1708 –7.6%- revelando unha diminución deste tipo de agregados desde aquela data. Máis da metade dos solitarios son laicos/as solteiros/as –53%- que xunto cos cregos compoñen a inmensa maioría das estruturas solitarias –87%-. Os viúvos/as representan a porción restante, aínda que con gran desproporción a favor das mulleres –25%-. Estas, xunto coas soteiras supoñen algo máis da metade dos solitarios/as –56%- se se exclúen do cómputo aos curas[1155].

Táboa 13. Distribución dos solitarios por estado civil en Folgoso, 1752 (12 localidades)

	Nº	% de 40	% de 565	Idade	Criados	Tamaño
Curas	11	27,5	2,0	47,9	2,1	3,1
Solteiros	7	17,5	1,2	46,2	0,6	1,6
Solteiras	10	25,0	1,8		0,1	1,1
Viúvos	4	10,0	0,7	56,0	0,0	1,0
Viúvas	8	20,0	1,4		0,1	1,1
Total	40	100	7,1	49,1	0,7	1,7
Laicos	29	72,5	5,1	50,1	0,2	1,2

En 1752 o tamaño medio destes fogares non chega aos dous individuos -1.8- correspondendo o 0.8 ao aporte do servizo doméstico, de maneira que se apartamos do cómputo aos cregos, subgrupo que conta coa maior parte dos criados, o tamaño medio queda reducido ao 1.1. En consecuencia, os fogares dos curas triplican ese tamaño ao reunir unha media de 3 membros por fogar.[1156]. Este feito xa nos advirte das diferenzas internas que existen entre os distintos subgrupos que comparten esta estrutura e que veñen definidos polo sexo e estado civil do/a xefe/a. Tanto os solteiros solitarios, homes que se atopan ás portas da vellez –idade media de 50 anos- como os viúvos, xa anciáns, carecen de servizo doméstico, circunstancia que, xunto á propia soidade, é indicio dunha pobreza material que non desperta a "misericordia" de ningún parente ou veciño que os ampare nos últimos anos da súa vida.

9.4.2 Sen estrutura familiar (S.E.F.)

Tanto en 1708 como en 1752 eran o tipo de fogar máis infrecuente por tratarse, en xeral, de asociacións transitorias e inestables[1157]. No caso concreto dos fogares relixiosos non se daban estas caracteríscas, de ahí que, excluidos estes do 3% total de 1752, a

[1155] Sobre este tipo de fogares véxase SOBRADO CORREA, H., "Vivir en soledad en el mundo rural gallego del Antiguo Régimen", en GARCÍA GONZÁLEZ, F. (coord.), *Vivir en soledad: viudedad, soltería y abandono en el mundo rural (España y América Latina, siglos XVI-XXI)*, Madrid, 2020, pp. 23-60.

[1156] Salvo no caso dos tres curas de Vilarromarís, en todos os demais fogares de relixiosos *solitarios* hai, polo menos, un criado.

[1157] Sobre todo no caso dos irmáns orfos e solteiros que viven baixo o mesmo teito, e non tanto no de abó ou aboa, tío/a coidados por netos/as e sobriños/as respectivamente

porcentaxe quedara reducida ao 1.9%, máis próxima ao 1.5% de 1708. En 1752, o máis habitual é que se tratara de corresidentes emparentados (S.E.F. 1) –1.95%-, mentres os corresidentes ligados por outros lazos (S.E.F. 2) ou sen lazos aparentes (S.E.F.3), teñen unha presenza anecdótica.[1158]. No primeiro caso (S.E.F.1) trátase xeralmente de trátase agrupacións de irmáns solteiros/as –71%-cuia cabeza de casa é relixioso a metade das veces. É dicir, as circunstancias máis frecuentes para a constitución deste tipo de fogares son: a) sacerdotes que por razón da soidade que lles impón o seu estado célibe se acompañan dalgún irmán ou irmá no mesmo estado, e b) grupos irmáns solteiros nos que un deles ocupa o baleiro deixado polo pasamento –case sempre recente- do proxenitor falecido en último lugar, tal e como parece evidenciar a baixa idade media –31.7- dos xefes deste tipo de fogares.[1159]. No caso dos S.E.F. 1 e 2 trátase de persoas soas que buscan na compañía doutras en circunstancias similares unha situación de maior seguridade que a que proporciona o estado solitario.[1160]. Fronte o que ocorre na globalidade de Galicia,[1161] trátase habitualmente de xefaturas masculinas –88%- ao fronte de fogares integrados maioritariamente por mulleres, do que se deduce a dificultade de convivencia entre irmáns varóns en ausencia dunha autoridade clara e non cuestionada como era a do petrucio. Os outros irmáns tenden a emanciparse deste tipo de fogares ben a través do matrimonio ou do simple abandono da casa paterna vía emigración ou servizo doméstico.

Táboa 14. Características dos fogares S.E.F. en Folgoso, 1752

Nº	%	% Galicia	Idade	Criados	Colaterais	Sobriños/as	Outros	Tamaño
14	2.47	*2.3*	37.2	1.0	1.43	0.50	0.07	4.00

No caso dos cregos o máis normal é que estean acompañados por irmás e excepcionalmente por irmáns ou cuñadas-.[1162]. Dada a peculiaridade dos motivos que orixinan este tipo de fogares, as súas características tamén son substancialmente diferentes: non son asociacións tan inestables, e a idade media dos xefes –39.75 anos- e o tamaño dos agregados é superior –3.6-. Tendo en conta a importante presenza de cregos dentro deste grupo enténdese que se poda atopar unha media de un criado por casa; aporte que pese a verse reducido –0.67 criados/fogar- unha vez eliminados os relixiosos, segue a ser un dos máis altos que se rexistran nos distintos tipos de estrutura familiar. A explicación parece estar no intento de compensar cos criados a feminización que caracteriza a estes fogares, habida conta da repartición sexual das tareas dentro das explotacións agropecuarias. Esta notable presenza de servizo doméstico contrasta coa súa habitual ausencia no conxunto dos fogares galegos deste tipo, de modo que aquí reside

[1158] 0.88% os *S.E.F.*2 e 0.18% os *S.E.F.*3.

[1159] I. Dubert estima que a nivel de toda Galicia este tipo de fogares comeza a extinguirse no tramo vital que vai dos 20 aos 30 anos (DUBERT, I., *Historia...,* op. cit., p. 93).

[1160] Trátase de dous casos de tíos vivindo con sobriños/as e un só de corresidencia de cuñados/as no que o xefe é crego. No caso dos S.E.F.2 non hai que excluir que algúns destes corresidentes cuios lazos descoñecemos sexan, en realidade, criados.

[1161] DUBERT, I., *Historia...*, op. cit., p. 93.

[1162] D. Francisco Méndez, rector de Barbeiros, vive acompañado por cuñada e sobriños. Este caso podería ser catalogado como de estrutura extensa colateral, xa que con toda seguridade cuñada e sobriños forman un núcleo familiar. Sen embA.R.G.o como a fonte non especifica este extremo e dadas as características da xefatura preferimos incluíla neste lugar. O único caso de *corresidentes sin lazos aparentes* é o de D. Juan José Escudero, párroco de Bean, que convive co seu capelán.

unha das causas da súa maior tamaño –4 individuos/fogar- respecto aos da xeneralidade de Galicia.[1163].

9.4.3 Nucleares

Dous de cada tres fogares teñen estrutura nuclear de maneira que o predominio destes tipos familiares –66.6%- se sitúa incluso por riba da media da Galicia occidental.*[1164]*. Na medida en que esta circunstancia marca as características da familia media da comarca, tamaño medio .... móvense arredor das cifras que definen esas características. A idade media de 42.6 anos indica que se atopan na metade do camiño do ciclo familiar e os principais aportes son por esta orde fillos –2.25-, esposas –0.77 e criados –0.24-. A presenza de ascendentes e colaterais débese a que naqueles casos nos que en determinado tipode fogares con esta estrutura –viúvas con fillos- a xefatura reside no fillo maior solteiro, e como o parentesco dos corresidentes se define a partir do xefe o a propia viúva –nai do xefe- é considerada como ascendente e os/as irmáns/ás do xefe –fillos da viúva- son considerados como colaterais. A solución máis correcto é agregar estes aportes ao correspondente aos/ás fillos/as e obteremos as súas dimensións reais.Según a clasificación de Laslett, as agrupacións familiares con esta estrutura poden presentar varios subtipos: parella conxugal, parella conxugal con fillos e viúvo/a con fillos. Pese a que Laslett non contemplou a posibilidade de solteiro/a con fillos, coidamos que debe ser incluida tamén aquí tal como xa se ten feito noutros estudios de historia da familia.*[1165]*.

Táboa 15. Características dos fogares nucleares

Casos	% Folgoso	% Galicia	Tamaño medio	Idade media
376	66.6	62.5	4.29	42.6

Táboa 16. Principais aportes dos fogares nucleares

Cónxuxes	Fillos/as	Criados	Expósitos	Ascendentes	Colaterais
0.77	2.25	0.24	0.1	0.01	0.01

9.4.4 Parella conxugal

Pode tratarse de matrimonios novos que aínda non tiveron descendencia, de parellas maduras estériles ou de pais cuxos fillos faleceron ou xa abandonaron o fogar. Tendo en conta que a idade media dos xefes ronda os 40 anos parece que en boa parte dos casos se trata de matrimonios relativamnte novos que aínda non tiveron descendencia ou que perderon aos seus primeiros fillos.*[1166]*. Aqueles cuxa explotación agropecuaria llo esixe e permite –31%- contan con criados –0.48 por fogar- que veñen a cubrir a forza de traballo da descendencia inexistente, de maneira que o tamaño medio destes fogares se sitúa nos 2.48 individuos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1163] En Galicia este tipo de fogares presentan un tamaño medio de 2.66 individuos/fogar e o 93% dos casos carece de servizo doméstico (DUBERT, I., *Historia...,* op. cit., p. 93). En Folgoso están presentes no 50% dos fogares dos que supoñen o 25% dos seus membros.

[1164] Na Galicia occidental rexístrase un 64.2% de fogares *nucleares* e no conxunto do pais 62.5% (DUBERT, I., *Historia...,* op. cit., p. 96 e ss.)

[1165] Dubert englóbaos dentro do que chama "otras fórmulas", (Dubert García, I., *Historia...*, op. cit., p. 96).

[1166] No 50% dos casos teñen menos de 40 anos.

Táboa 17. Caracteristicas dos fogares de parella conxugal, Folgoso, 1752

Nº de casos	% Folgoso	% Galicia	Tamañ o medio	Idade media	Principais aportes	
					Cónxuxes	Criados
42	7.43	6.60	2.48	40.7	1	0.48

9.4.5 Parella conxugal con fillos

Con xefes que presentan unha idade media de 42.7 anos, está composta pola parella conxugal,[1167] os fillos –2.67-, e eventualmente criados –0.22-[1168] suma un tamaño medio algo superior á media xeral. Ao igual que na globalidade de Galicia é a estrutura familiar máis frecuente –44%-, de ahí que podamos dicir que representa a familia-tipo da comarca. O número de fillos incrementase progresivamente a medida que o xefe ten máis idade, desde o 1.57 fillos/fogar dos que teñen entre 20 a 29 anos ata os 4.67 dos que teñen máis de 70.

Táboa 18. Características dos fogares de parellas coxugais con fillos, Folgoso, 1752

Nº de casos	%	% Galicia	Idade media xefe	Principais aportes			Tamaño medio
				cónxuxes	fillos	criados	
249	44.07	41.70	42.69	1	2.67	0.22	4.89

9.4.6 Viúvos/as con fillos/as

Hai un desequilibrio intersexual moi acusado a favor das xefaturas femininas a consecuencia da máis temperá mortalidade dos homes, e esta é una das causas polas que o tamaño dos fogares a cargo dos viúvos é lixeiramente superior: a frecuente desaparición do cónxuxe varón a unha idade máis baixa que a das esposas frea antes o desenvolvemento das familias. Isto evidenciase no feito de que nos fogares de viúvas a media de fillos é de 2.2 mentres que nos das viúvos sitúase no 2.8, aínda que non debe descartarse o feito de que os fogares femininos deste tipo sexan abandonados antes polos fillos/as. Esta diferenza vese reforzada ademais por un peso lixeiramente superior dos criados nas casas de xefatura masculina –0.3 fronte a 0.1- que revela o maior desafogo económico destes fogares. Non está de máis recordar unha vez máis o mero papel de "rexentes" que corresponde a estas mulleres: ocupan a xefatura interinamente e ceden a dirección "oficial" da casa ao primoxénito unha vez que este acada a maioría de idade –as veces incluso antes-[1169] ou no momento que este forma un núcleo conxugal na casa petrucial.[1170].

Táboa 19. Características dos fogares de viuvos/as con fillos/as, Folgoso, 1752

Estado civil	Nº de casos	%	% Galicia	Idade media xefe	Aportes				Tamaño
					Fillos	Criados	Ascend.	Irms.	
viúvo	13	2,30	3.8	52.62	2.77	0.31			4.08
viúva	62	10,97	8.9		2.21	0.10	0.06	0.08	3.45
Total	75	13,27			2.31	0.13	0.05	0.07	3.52

[1167] Só en dous casos o marido está ausente e a muller asume a xefatura "interina" do fogar. Por tanto, esta variante de mulleres casadas ao fronte do fogar é excepcional.

[1168] Os criados están presentes no 17.7% dos fogares deste tipo e teñen unha distribución sexual equilibrada.

[1169] Melchor da Iglesia, veciño de Oroso, solteiro menor vive acompañado da súa seu nai e dous irmás e dos irmáns tamén menores (A.R.G., *Catastro de Ensenada*, L. 2051)

[1170] Como a clasificación de Laslett prima o núcleo se inclúe dentro do grupo de viúvas con fillos aqueles fogares encabezados por un fillo solteiro que convive cos irmáns e a nai viúva. Nestos casos pasa a un segundo plano o criterio de xefatura primado por L. Henry.

9.4.7 Solteiro/a con fillos

Pese a que este subtipo non foi contemplado por Laslett, a demografía galega non pode prescindir del, habida conta do peso que presenta a ilexitimidade nesta terra e do número de fogares deste tipo que propicia,[1171] e que en casos excepcionais ata poden estar constituídos polo pai solteiro e o fillo.[1172]. De calqueira xeito non deixa de ser unha fórmula moi minoritaria –1.8%- na línea do que ocorre no resto de Galicia, e unha vez máis a medio camiño entre as cifras da Galicia oriental e a occidental.

Táboa 20. Características dos fogares de solteiros/as con fillos/as, Folgoso, 1752

Estado civil	Nº de casos	%	% Galicia	Idade xefe	Aportes		Tamaño
					Fillos	Criados	
Solteiro	1	0,18		32	1.00	1.00	3.00
Solteira	9	1,59			1.11		2.11
Total	10	1,77	1,50		1.10	0.10	2.20

Poden acompañarse de máis dun fillo, aínda que isto non é o habitual, dado que se trata de mulleres de reducidos recursos, vense privadas de servizo doméstico en todos os casos. Distas circunstancias resulta un tamaño medio de 2.20 individuos que se distribúe en 1.1 individuos correspondente aos fillos e 0.1 correspondente ao criado do varón solteiro con fillo.[1173]. O predominio de fillos varóns podería estar relacionado co coñecido feito de que moitas destas mozas pobres, ante a evidencia de que non van atopar marido, buscan deliberadamente a descendencia como seguro de asistencia na vellez e a seguridade que ofrece un varón nunha sociedade patriarcal é sempre preferible á dunha filla. Precisamente polo valor engadido que teñen os fillos varóns para as súas nais solteiras tampouco debe excluirse o feito dunha ocultación destes para evitarlles unha eventual chamada a filas no futuro.[1174].

9.4.8 Estruturas complexas

Trátase de familias ás que ao núcleo conxugal se lle unen un ou máis corresidentes que poden constituír entre eles outro núcleo (múltiples) ou non (extensas). Se os corresidentes teñen algún parentesco co núcleo principal, estamos ante fórmulas que reciben propiamente o nome de extensas ou múltiples, mentres que se non consta dita relación, e aínda que teñan as estruturas mencionadas, se inscriben dentro das chamadas estruturas indeterminadas. O relación parentelar entre os membros do fogar é un elemento fundamental para a súa definición ou cualificación no esquema laslettiano, aínda que na práctica da convivencia a existencia ou non de parentesco entre o núcleo e os corresidentes parece que non sería tan transcendental.

[1171] I. Dubert incluíu este subtipo dentro dos *nucleares* baixo a denominación de "otras modalidades" (DUBERT, I., *Historia...,* op. cit., p. 96). Aínda que nestes casos o fogar non teña a súa orixe nun núcleo estritamente "conxugal", tal e como esixe Laslett, non parece que a efectos demográficos haxa diferenzas "de facto" entre un fogar deste tipo e, por exemplo, o dos/as viúvos/as con fillos.

[1172] Trátase de Sebastián Moscoso, veciño de Vilamaior. Cabe supoñer que se trata dun caso no que a nai faleceu e o pai se responsabilizou da criatura.

[1173] Trátase do criado que ten o pai solteiro que convive co seu fillo. A falta de terras e gando algunhas destas mozas sen recursos exercen oficios como o de taberneira, tal como Antonia Garabal na parroquia de Bean.

[1174] Aínda que o reducido da mostra non lle dá moita representatividade a datos tan concretos, coidadmos que non se debe de perder de vista que o feito de que as nove solteiras con fillos que se rexistran declaren tres fillos e dez fillas.

Cunha importancia bastante inferior á da media galega, son unha fórmula que aparece no 16.81% dos casos, aínda que, como indicamos máis atrás, se se lle agregan as indeterminadas complexas o resultado que se obten aproximase máis aos datos xerais de Galicia.[1175]. O tamaño medio das familias complexas é, por lóxica, superior ao das simples –5.8 individuos/fogar- e supoñen unha fase posterior ás nucleares dentro do ciclo familiar, de ahí que a idade media do xefe sexa tamén superior –47.5 anos-[1176] e que o número de fillos sexa menor que no caso das nucleares, posto que algúns deles xa terán sído do fogar paterno.

Táboa 21. Estruturas complexas. 1752

Estrutura	Nº	% Folgoso	% Galicia	Idade	Tamaño
Extenso	43	7.61	14.4	45.88	5,02
Múltiple	52	9.20	10.0	48.96	6,52
Complexas	1,00	16.81	24.4	47,52	5,84

Táboa 22. Aportes das estruturas *complexas* en Folgoso, 1752

Estrutura	Esp.	Fills.	Flls. pol.	Nets.	Criads.	Ascndt.	Colat.	Tíos/as	Sobrñ.
Extenso	0,65	1,23	0,30	0,47	0,58	0,35	0,26	0,14	0,05
Múltiple	0,85	1,83	0,63	0,69	0,27	0,19	0,44		0,17
Complexas	0,76	1,56	0,48	0,59	0,41	0,26	0,36	0,06	0,12

Unha vez máis as xefaturas femininas son excepción: trátase de viúvas que conservan a xefatura porque ademàis do fillo casado en casa teñen baixo a súa tutela outros fillos/as solteiros/as. Cando estes últimos abandonan o fogar a nai cede a xefatura ao fillo casado en casa ou ao xenro. En consecuencia, os fogares rexidos por unha viúva poden aparecer baixo dúas fórmulas: nuclear (viúva con fillos) ou múltiple descendente (viúva con fillo/a casasdo/a e fillos/as solteiros/as), pero non atopamos fogares extensos ascendentes do tipo A*, tal como ocorre no caso das xefaturas masculinas. Disto parece deducirse que na xefatura feminina pesa máis o papel tutelar dos fillos e que o control e administración do patrimonio familiar: unha vez que xa non hai fillos que tutelar parece que xa non ten senso a xefatura da nai viúva. neste senso a xefatura da nai viúva ten ten un papel arbitral entre os os fillos, a fin de que a xefatura dun deles non signifique o menoscabo dos lexítimos dereitos dos demais.

9.4.9 Familias con estrutura extensa

Xa vimos no caso das viúvas con fillos como a xefatura non sempre recae nun membro da parella conxugal; no caso das das estruturas ascendentes nas que o núcleo está constituído por un fillo casado, a xefatura reside, ás veces, no/a pai/nai viúvo/a. Segundo quen ostente a xefatura, a tipoloxía de Laslett os clasifican como ascendentes, no caso de que o fillo casado sexa o cabeza de casa, ou como ascendente A* na que a xefatura é

[1175] O número de estruturas indeterminadas é moi alto nalgunhas parroquias, creemos que a causa dunha incompleta anotación do parentesco entre os integrantes dos fogares. Pola coincidencia de apelidos e a relación de idades entre os distintos membros da familia pode adiviñarse tal parentesco. Por este motivo crecemos que é máis aconsellable asimilar os datos procedentes das estruturas indeterminadas ás extensas e múltiples. Deste xeito as proporcións que se obteñen concordan coas que se coñecen para o conxunto de Galicia (DUBERT, I., *Historia...*, op. cit., p. 100).

[1176] Como o cómputo da idade media faise a partir da idade do cabeza de casa, nas familias ascendentes se toma a idade do fillo casado, o que infravalora o resultado. O mesmo ocorre coas *múltiples ascendentes*. Se illamos esos casos, a idade media ascende a 55 anos no caso das extensas e 52 no caso das múltiples.

conservada polo pai/nai viúvo/a. Na comarca aquí estudada, o primeiro caso é excepcional no caso de pais varóns.[1177]. O máis usual é que os homes conserven a dirección familiar ata a súa morte, mentres as mulleres tan só a manteñen mentres teñen baixo a súa tutela a fillos solteiros. De xeito que estas últimas, ou ben constitúen fogares nucleares de viúva con fillos, ou ben de múltiples descendentes de pai viúvo con fillo casado, pero nunca extensas ascendentes tipo A*. En definitiva, se a viúva convive cun fillo casado conserva a xefatura só cando a acompañan outros fillos, en caso contrario a dirección familiar pasa ao fillo casado. Finalmente, as estruturas extensas colaterais, moi infrecuentes –0.71%-, veñen orixinadas pola presenza de irmáns e irmás dentro do grupo corresidencial. lugar aos fogares extensos colaterais que son bastante infrecuentes.

Táboa 23. Características dos fogares de estrutura extensa, Folgoso, 1752

Tipos	Nº de casos	%	% galicia	Idade media	Tamaño
Ascendentes	14	2.5	4.6	32,0	5,3
Ascendentes A	13	2.3	3.2	61,8	5,2
Descendentes	5	0.9	1.1	61,0	4,0
Colaterais	7	1.2	5.1	38,3	5,3
Ascendentes e colaterais	5	0.9	0.4	39,8	4,8
Total	43	7.8	14.4	46,0	5,1

Táboa 24. Aporte porcentual de fillos/as correspondente nas familias extensas

APORTES						% DO TOTAL DE FILLOS/AS					
solteiros/as		casados/as		total		solteiros/as		casados/as		total	
vars.	mull.	vars.	mull.	vars.	mull.	vars.	mull.	vars.	mull.	vars.	mull.
0,65	0,28	0,21	0,09	0,86	0,37	52,9	23	17,0	7,6	70,0	30,3
0,93		0,30		1,23		75,60		24,60		100	

Táboa 25. Restantes aportes das familias extensas en Folgoso, 1752

cónxs.	criados/as					
	varóns	mulleres	ascndentes	colaterais	dscndntes	outros
	0.14	0.21	0.20	0.29	0.09	0.33
Totais	0.35					

As estruturas extensas son xeralmente a última fase do ciclo familiar: antes de romperse o núcleo ascendente por morte dun deles puido haber unha estrutura múltiple, e desde logo houbo unha nuclear. Proba de que se trata da fase terminal do ciclo familiar é o feito de que a idade media dos cabezas de casa é a máis elevada de todas as estruturas familiares -55 anos-,[1178] e o tamaño medio algo máis baixo que o das múltiples pero maior que o das nucleares –5 individuos/fogar-. É dicir, supón o momento en que o fogar complexo está cedendo parte do seu agregado para dar lugar a outros fogares –simples na maioría dos casos- ata que chega o momento da definitiva extinción destes fogares cando se produce o reemplazo xeracional na xefatura. Cun total de 43 casos supoñen o 7.61% do total e as máis frecuentes son as de tipo ascendente, é dicir, aquelas nas que o corresidente é un ascendente dalgún dos integrantes do núcleo –4.78%-.

[1177] Só dous casos: Andrés de Astray, veciño de Vilamaior, casado de 36 anos vive acompañado polo seu pai e Joseph Mosquera, veciño de Pereira, casado de 40 anos ten ao seu sogro na casa (A.R.G., *Catastro de Ensenada*, L. 2959 e 2190).

[1178] Se se teñen en conta os fillos cabeza de casa das *extensas ascendentes* a idade media se reduce a 45.88 anos.

Unha evidencia máis de que estamos ante a última fase do ciclo familiar é que se dá aquí a unha proporción de fillos/as por familia –1.23 individuos/fogar- máis baixa que nas nucleares e múltiples.[1179]. Así, nas extensas ascendentes, o parente que as orixina nunca está acompañado/a por máis dun fillo, mentres algunhas descendentes nin sequera declaran fillos.[1180]. O aporte de netos/as –0.47-, preferentemente varóns,[1181] é algo máis baixo que nas múltiples. En realidade a maioría da descendencia destes fogares é masculina posto que case tres de cada catro fillos/as son varóns. Esta primacía dos varóns nos fogares extensos, é dicir con núcleos de corte patrilocal en moitos casos, virá dado polo peso da mellora no sistema hereditario que adoita primar ao varón. A proporción de fillos/as casados/as é do 25%, aínda que en realidade é superior se se ten en conta que nas estruturas extensas ascendentes o cabeza de casa non se computa como fillo.[1182].

Os fogares extensos desta comarca son en moitas ocasións casas de labradores acomodados polo que o recurso aos criados é bastante frecuente e, as máis das veces, necesario, en tanto que a avanzada idade de algúns petrucios fórzaos a abandonar as labores máis duras do campo. En consecuencia, pódese atopar algo máis dun criado por cada dúas familias –0.57 criados/familia- sendo este aporte o máis elevado de todas as estruturas se excluímos os cregos dos fogares de solitarios e S.E.F.[1183].

9.4.10 Múltiples

En proporción algo inferior á que a que se rexistra na globalidade de Galicia –9.20%- e, de novo, a medio camiño entre a Galicia oriental e occidental,*[1184]* aínda que algo máis perto desta última, reflicte de novo o peso da mellora na configuración das estruturas familiares. No ciclo familiar supón unha fase posterior á familia nuclear, aínda que as familias que chegan a adquirir esta estrutura son unha minoría. Na medida en que son unha etapa transitoria entre a estrutura nuclear e a extensa, a idade media dos petrucios é de 52 anos, mentres a dos cabeza de casa é lixeiramente inferior –48 anos-,*[1185]* pero o seu tamaño medio –6.5 individuos/fogar- é o maior de todos os tipos familiares debido á presenza baixo un mesmo teito de máis dun núcleo conxugal. Os agregados máis amplos –tamén os máis escasos- son os subtipos colateral e irmandade posto que poden reunir ata tres núcleos conxugais.

Nos ascendentes o núcleo principal está formado por un fillo casado con ou sen descendencia que ostenta a xefatura familiar e o secundario na maioría dos casos se integra pola nai viúva e os fillos/as solteiros/as.[1186]. En este subtipo dos múltiples, a idade media dos cabezas de casa é de 33.25 anos, é dicir o núcleo principal é un matrimonio

[1179] Para obter o aporte correcto de fillos por familia nos fogares ascendentes haberá de establecerse o parentesco entre os distintos membros da familia a partir do petrucio corresidente que pode ostentar a xefatura (extensa A*) ou non (A).

[1180] Casos de parellas coxugais con parentes descendentes dunha xeración non inmediata: abós/as con netos/as, tíos/as con sobriños/as.

[1181] Os varóns -69%- duplican ás mulleres o que, aparte do propio desequilibrio intersexual do momento de nacer, podería estar a evidenciar certa ocultación de nenas.

[1182] Os fillos varóns suman o 70% do total, proporción que se dá tanto entre os/as solteiros/as como casados/as.

[1183] A distribución intersexual dos criados inclínase lixeiramente cara o sexo feminino –56%- e a maior presenza de criados atópase nas ascendentes, particularmente nas A* -0.92 criados fogar-.

[1184] O total de fogares múltiples no conxunto de Galicia é de 10%; 8.9% na Galicia occidental e 13.6% na Galicia oriental (DUBERT, I., *Historia...,* op. cit., p. 400)

[1185] Petrucio e xefe coinciden no 81% dos casos –estructuras descendentes, colaterais e irmandades- fronte ao 19% dos ascendentes.

[1186] Dentro das combinacións posibles atopamos os seguintes tipos de núcleos secundarios ascendentes: un caso de un pai viúvo acompañado dunha irmá (tía do xefe), cinco casos de nais viúvas acompañadas de irmás (tías do xefe), e dous casos de sogra viúva acompañada de cuñados (tíos do xefe).

novo cunha media de fillos de 1.25 por fogar –recordar que a media dos nucleares é de 2.25- que están "en casa y compañía" de un dos petrucios xa víuvos ao que asisten como contrapartida de ser os millorados.

As múltiples ascendentes A*. O único que diferenza a esta estrutura das extensas A* é a presenza de fillos do cabeza xunto con irmáns/irmás dalgún dos cónxuxes do núcleo principal. Os irmáns/ás do xefe forman xunto ao petrucio un núcleo secundario ascendente, e o particularidade das múltiples ascendentes de tipo A* respecto das de tipo A é que a xefatura non coincide coa xeración máis antiga. Ao igual que se explicou para as extensas, a razón de que o petrucio conserve ou non a xefatura da casa ven dada polo sexo de aquel: é dicir que, se é varón, manterá a xefatura, ao menos nominalmente, ata á súa morte, e se é muller, vivirá baixo a xefatura dalgún dos seus fillos ou incluso dun xenro.[1187].

Táboa 26. Características dos subtipos de fogares de estrutura múltiple, 1752

Múltiple	Nº	% Folgoso	% Galicia	Idade	Tamaño
Ascendente	8	1,42	2.0	33,3	6,25
Descendente	38	6,73	7.1	52,2	6,42
Colateral	4	0,71	0.8	56,3	7,50
Fréreche	2	0,35	0.1	40,0	7,50
Total	52	9,20	10	49.0	6,52

Táboa 27. Aportes dos fogares de estrutura múltiple, 1752

Múltiple	Esposa	Fillos/as	Fillos/as políticos/as	Netos	Criados	Ascendentes	Colaterais	Sobriños/as
Ascendente	1,00	1,25	0,00	0,00	0,25	1,00	1,75	0,00
Descendente	0,82	1,95	0,76	0,87	0,32	0,00	0,05	0,05
Colateral	0,75	2,25	1,00	0,75	0,00	0,50	0,75	0,50
Irmandade	1,00	1,00	0,00	0,00	0,00	0,00	2,00	2,50
TOTAL	0,85	1,83	0,63	0,69	0,27	0,19	0,44	0,17

Táboa 28. Aporte de fillos/as, 1752

Aporte medio						% de fillos					
Solteiros		Casados		Total		Solteiros		Casados		Total	
Var.	Mull.	Var.	Mull.	Var.	Mull.	Var.	Mull.	Var.	Mull.	Var.	Mull.
0,75	0,44	0,35	0,29	1,1	0,73	41,0	24,0	19,1	15,8	60,1	39,9
1,19		0,63		1,83		65,0		34,4		100	

As múltiples descendentes pode considerarse que é son a fase que máis frecuentemente sucede á estrutura simple: o/a fillo/a dunha familia nuclear cásase "en casa" dando lugar a un núcleo secundario e polo tanto a unha familia múltiple. Suman o

[1187] Isto non debe levar a pensar que a nai quede relegada dentro do fogar unha vez que perde ao seu esposo, posto que nos casos nos que o marido fixo testamento, xeralmente lle reserva a ela o usufruto dos bens e ademais sempre pode dispoñer da metade dos gananciais e dos propios bens dotais. Nos casos de mellora é case universal a clausula de asistir ao cónxuxe sobrevivinte para asegurarlle unha vellez digna. Nas parroquias aquí estudiadas só se atopan dúas mulleres ao fronte dun fogar complexo: Dª. María Ares de Ledoira, veciña de Barbeiros e viúva de D. Joseph Pimentel, que vive acompañada dunha filla casada, outra solteira, catro fillos varóns, e un criado e unha criada; e Casilda Baamonde, víuva que vive cunha filla casada, o xenro, e outra solteira. Non é necesario repetir que este distinto papel do petrucio segundo sexa home ou muller evidencia o grao de "patriarcalidade" do mundo rural galego e a conseguinte papel secundario que ocupan as mulleres en todas as instancias de decisión.

5.3% do total, un pouco por baixo da media galega –7.10%-, aínda que se se lle agregan as ascendentes A* se equiparan ás cifras da Galicia occidental –6.7%-, e presentan o menor tamaño -6.42 individuos/fogar- de todas as múltiples debido a que o núcleo descendente non ten descendencia en moitos casos. Debe clarexarse que o aporte de fillos casados é menor que a unidade porque nun caso o parentesco entre os dous núcleos non é paterno filial seon de tíos a sobriños (descendente colateral).

A idade media do cabeza de casa –52 anos- evidencia que os núcleos secundarios teñen que ser matrimonios novos cuxa media de fillos (netos do xefe) é aínda baixa -0.87- pero que van crecendo a medida que crece a idade do petrucio, ao tempo que decrece o número de fillos do xefe. O aporte de criados é bastante baixo –0.32- en relación ás múltiples doutros tipos posto que a forza de traballo que aportan os membros das mesmas adoita ser suficiente para cubrir as necesidades da explotación familiar.

As múltiples colaterais e as irmandades (frereche) son estruturas tan infrecuentes que carecen de relevancia cuantitativa –0.35% do total-. No primeiro caso trátase de dous ou máis irmáns casados que conviven con pai e nai ou con un deles.[1188]. e no segundo de a asociación de dous ou máis irmáns/ás casados/as que conviven baixo o mesmo teito. Esta fórmula, tan habitual en paises como Francia, é excepcional nesta comarca e non responde ao modelo paradigmático da frereche xa que se trata de familias nas que xunto a un núcleo principal, formado por unha parella conxugal, convive un núcleo secundario constituído por unha irmá do xefe e un ou máis fillos desta. Cabe supoñer que se trata de mulleres viúvas ou solteiras que buscan amparo na casa dun irmán que ben podería ser a casa petrucial. Como xa se indicou máis atrás, os irmáns varóns exercen deste xeito unha labor asistencial coas irmás viúvas ou solteiras con fillos. Se ben a idade media do xefe se sitúa en 56.3 anos, se illamos os dous casos nos que a xefatura está a cargo do petrucio, aquela ascende a 75 anos. Pese á súa amplitude, -7.5 individuos/fogar- son familias que carecen de servizo doméstico.

Según a clasificación de P. Laslett, os fogares con estrutura indeterminada son aqueles nos que se descoñece a relación familiar entre un ou máis corresidentes e o xefe de casa. Xa indicamos que nalgunhas parroquias, o número de fogares deste tipo é máis alto do normal, descompesación que se ve reflectida nos datos globais das doce localidades que serven de mostra e que presenta unha porcentaxe do 6.37% cando a media galega é de 0.7%.[1189]. A explicación a este desaxuste non creemos que estea nun peculiar comportamento demográfico destas parroquias senón nunha deficiencia da fonte que nalgunhas parroquias omite sistemáticamente o parentesco dalgúns corresidentes co cabeza de casa, facendo imposible asignarlle a súa verdadeira estrutura. Sen embargo, boa parte dos casos presentan evidencias que deixan poucas dúbidas sobre o tipo de parentesco existente entre o xefe e estes corresidentes. Así tanto os apelidos coma as idades parecen evidenciar que en moitas ocasións se trata de pais e fillos, ou irmáns que víven baixo o mesmo teito.[1190].

[1188] Se trata de dous casos nos que xunto ao núcleo principal corresiden a nai, unha irmá e un sobriño do xefe. Entendemos que a irmá e o sobriño forman outro núcleo e a presenza da nai do xefe é o que convirte estes dous núcleos en irmandade. Aínda que se trata de tipos que entran aquí dun xeito un tanto forzado, tamén é certo que aplicando a lóxica "laslettiana" é aquí onde lles corresponde estar.

[1189] Tendo en conta que o número de *Libros Personales* que se conservan para a xurisdición de Folgoso é bastante limitado, prescindir das parroquias que presentan tal número de fogares de estrutura indeterminada aínda reduciría máis a mostra, de ahí que se decidira non excluílas.

[1190] En Papucín, boa parte dos moitos fogares indeterminados que se rexistran veñen ocasionados por casos como os de Francisco Pereiras de 34 anos que ten en casa a Joseph Pereiras de 28 anos (con seguridade irmáns), Pablo Calvo que vive acompañado por Andrés Calvo, Pedro Mosquera con Lucas Mosquera e Manuel Mosquera, Juan Sánchez con MA.R.G.arita Sanchez (A.R.G., *Catastro de Ensenada*, L. 2143). E o mesmo noutrasr parroquias como Vilamaior onde Antonio de Castro se aompaña por Simón de Castro,

Finalmente quedarían unha serie de casos onde tal relación non se intúe e que corresponderían a fogares que poden estar formados por asociacións de individuos non emparentados pero que teñen acordado convivir baixo o mesmo teito polas razóns que sexan. Supoñemos que se tratará dunha porcentaxe pequena na liña do que sabemos para a globalidade de Galicia –0.7 a 1%-. Entendemos que as estruturas indeterminadas poden asimilarse nas "determinadas" segundo sexan múltiples, extensas ou sen estrutura familiar.[1191]. Non debe ser casualidade que as proporcións deste tipo de familias nas parroquias onde tanto abundan coincidan cos parametros normais coñecidos para Galicia.

9.5 ESTRUTURAS E DIMENSIÓNS DO GRUPO DOMÉSTICO AO LONGO DO TEÓRICO CICLO FAMILIAR EN 1752

Máis atrás vimos a evolución dos aportes ao longo do ciclo familiar, agora imos analizar como esa evolución vai moldeando o tamaño e estrutura dos fogares desde os 3.7 individuos/fogar das familias con xefes entre 20 e 30 anos ata os 5.9 individuos/fogar da última etapa do ciclo familiar –xefes maiores de 70 anos-, ao mesmo tempo que varía o peso dunhas e outras estruturas familiares, aínda que neste caso sen seguir unha dirección unívoca. Dado que as estruturas dependen tanto dos aportes como do estado civil do cabeza de casa, imos a ter en conta o movemento deste último aspecto á hora de repasar a evolución dos fogares no teórico ciclo familiar.

Táboa 29. Distribución porcentual das estruturas familiares segundo a idade do xefe de casa, 1752

Idade	nº	%	Solit.	S.E.F.	Nucle.	Exten.	Múlt.	Indet.	Total
20-29	49	10,7	4,0	6,0	60,0	18,0	6,0	6,0	100
30-39	124	27,0	0,8	1,7	75,8	7,5	4,2	10,0	100
40-49	125	27,2	1,7	0,8	80,8	5,0	5,0	6,7	100
50-59	77	16,7	5,3	0,0	65,3	8,0	13,3	4,0	100
60-69	65	14,1	4,7	4,7	45,3	15,6	31,3	6,3	100
>70	20	4,4	0,0	0,0	31,6	21,1	42,1	10,5	100
total	460	100	2,7	2,0	67,4	9,8	11,6	7,8	100

No grupo dos que teñen entre 20 e 29 anos a soltería afecta ao 18.4% dos xefes, mentres a viúvez aínda non ten feito a súa aparición. Nuns casos se trata de mozos que xa constituíron o seu propio fogar, e noutros do primoxénito, casado ou solteiro, que tras a morte do pai faise cargo da dirección familiar. No primeiro caso poden dar lugar a estruturas de tipo nuclear, ben *parellas conxugais con fillos* ou sen eles, que suman o 52% dos agregados comprendidos nesta franxa de idade. No caso dos que permanecen no fogar paterno orixinar as seguintes estruturas: a) *viúva con fillos,* se o núcleo se organiza entorno á nai viúva, aínda que a xefatura estea en mans do fillo maior;[1192] b) se o xefe está casado dará lugar a estruturas *complexas* que poden ser *extensas ascendentes* -se non lle acompaña máis que un ascendente viúvo (nai ou sogra)-; ou *múltiples ascendentes,* se

Baltasar Ferreiro con Diego Ferreiro; Andrés Rial con Juan Rial (A.R.G., *Catastro de Ensenada*, L. 2959), ou Moar, Manuel Sánchez de con Dominga Sánchez (A.R.G., *Catastro de Ensenada*, L. 1815)....

[1191] No caso das múltiples é evidente posto que se dá esta estrutura cando hai corresidencia de dous núcleos, sexan ou non patrentes, pero non está tan claro no caso se trata de un corresidente de parentesco descoñecido, posto que tanto se pode tratar dunha estrutura nuclear (se o corresidente é fillo/a do xefe) como extensa (se o corresidente ten outro parentesco co xefe).

[1192] Xa vimos como incluso pode ser menor, caso de Melchor da Iglesia, veciño de Oroso, solteiro menor acompañado da súa seu nai e dos irmás e dos irmáns tamén menores.

ademais da nai corresiden con él outros irmáns que xunto á nai forman un núcleo secundario e ascendente. Finalmente, cando faltan pai e nai e conviven varios irmáns solteiros forman o que Laslett tipificou como *corresidentes emparentados* (*S.E.F.*1) –6%-; e por último os *solitarios* só supoñen un 4%.

Táboa 30. Aportes do agregado familiar segundo estrutura, 1752

Estructuras	Casos	Esposa	Fillos			Netos/as	Criads.	Corrsidents	Tamaño fogar
			Solteirs.	Casds.	Total				
Solitarios/as	41						0,71		1,71
C.L.S.	17		0,29		0,29	0,12	0,82	1,76	3,94
Nucleares	376	0,77	2,25		2,25	0,00	0,24	0,04	4,29
Extensas	43	0,65	0,93	0,30	1,23	0,47	0,58	1,86	5,02
Múltiples	52	0,85	1,19	0,63	1,83	0,69	0,27	2,77	6,52
Indeterminadas	36	0,83	1,75	0,03	1,78	0,06	0,19	0,22	5,61
Total extensas	68	0,76	1,34	0,19	1,53	0,31	0,44	1,25	5,16
Total múltiples	61	0,82	1,21	0,56	1,77	0,61	0,26	2,41	6,56
Total complexas	129	0,79	1,28	0,36	1,64	0,45	0,36	1,80	5,82

Táboa 31. Distribución porcentual das xefaturas familiares segundo a idade e estado civil dos cabezas de casa, 1752

	Solteiros	Casados	Viúvos	Total
Menores	100	0	0	100
20-29	18,4	81,6	0,0	100
30-39	2,5	94,2	3,3	100
40-49	0,8	96,7	2,5	100
50-59	6,8	77,0	16,2	100
60-69		65,6	34,4	100
70-79		71,4	28,6	100
> 80		80,0	20,0	100
?	12,5	75,0	12,5	100

En definitiva, trátase, por tanto, de mozos que teñen saído dos fogares paternos para constituír as súas propias familias, e sobre todo de xoves, solteiros ou casados que se teñen feito cargo da dirección familiar despois da morte do pai, de maneira que reúnen baixo a súa autoridade á nai e aos irmáns que aínda non se teñen emancipado. Como xa indicamos, os dous últimos tipos de estruturas tenden a ser bastante inestables pois se trata de estruturas conxunturais surxidas dun feito alleo á vontade do grupo corresidencial, como é a morte dos petrucios. Pola súa parte, as estruturas *complexas* tampouco terán gran futuro: a nai ou sogra pode morrer en poucos anos e os irmáns ou cuñados solteiros levantan o voo en canto teñen oportunidade. Este carácter transitorio faise bastante evidente ao observar a evolución que segue este tipo de estruturas no seguinte grupo de idade: incremento das parellas conxugais (con e sen fillos) do 52% ao 74%, reducción á metade das estruturas *complexas*, e caída a proporcións testemuñais dos casos de *viúvas con fillos*, *corresidentes emparentados* e *solitarios*[1193].

[1193] As estruturas *complexas* pasan do 24% ao 11.67%; as *viúvas con fillos* do 8% ao 0.8%; os *corresidentes emparentados* do 6% ao 1.67%; e os *solitarios* do 4% ao 0.8%.

Entre os 30 e os 39 anos a soltería redúcese ao 2.5% ao tempo que aparecen as primeiras parellas rotas por morte da esposa. Os *nucleares* experientan agora a súa maior incremento e as *complexas* inician un descenso que non tocará fondo ata o seguinte grupo de idade.[1194]. A escasa presenza dos *solitarios*, que acadan os seus niveis máis baixos, pode deberse, aparte do casamento da maioría dos varóns, a que aqueles que se manteñen solteiros poden estar integrados noutros fogares como criados ou corresidentes, ou en algún caso teñan tomado o camiño da emigración temporal.

Gráfico 10. Evolución porcentual do tipo de estruturas familiares nas distintas idades do xefe, 1752





Gráfico 11. Evolución dos aportes do agregado doméstico nas distintas idades do xefe. Folgoso, 1752



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ao chegar á década dos 40 anos o dominio dos casados é absoluto –96.67%-, os viúvos presentan un lixeiro descenso respecto á franxa anterior –2.5%-, e os solteiros supoñen unha proporción imperceptible –0.83-. Ese predominio dos casados se verá

[1194] Ibídem

reflectido sobretodo no máximo que acadan as estruturas *nucleares* –77.6%- e que contrasta co mínimo das *complexas* –8.8%-, mentres *solitarios* e *sen estrutura* apenas varían a súa case nula presenza. Nas troncais comeza a darse un fenómeno interesante: a substitución das ascendentes polas descendentes, debido ao relevo xeracional que xa experimentan algunhas familias, materialízase na paulatina desaparición de núcleos e aportes de corresidentes ascendentes (nais/sogras viúvas) e a aparición dos primeiros núcleos descendentes (fillos/as casados/as).

Chegados á cincuentena a novidade máis interesante é o brusco aumento da proporción de viúvos –16.2%-, tendencia que se manterá tamén na seguinte franxa de idade, o rebrote dos solteiros –6.76%- e o ascenso imparable das estruturas *complexas*; todo isto terá o seu reflexo, por unha banda, no incremento dos seguintes tipos de estruturas: a) *viúvos con fillos*, b) *extensos ascendentes*, c) *múltiples ascendentes*, e d) *solitarios*, e por outra, na brusca diminución de *parellas conxugais con e sen fillos*.[1195]. Ao chegar aos sesenta os solteiros xa non rixen ningún fogar e os viúvos teñen disparado o seu peso –34.4%-, as estruturas *complexas* superan por primeira vez ás *nucleares* –46.88% fronte a 45.31%- e reaparecen os fogares *sen estrutura,* agora baixo a fórmula de *corresidentes con outros lazos*. [1196] A diminución do grao de viúvez que se da na fase terminal do ciclo familiar –maiores de 70 anos- creemos que pode deberse á maior supervivencia daqueles anciáns que conservan ao/á seu/súa cónxuxe, xa que unha vez que morre un é fácil que non tarde en facelo o outro. Desaparecen agora os *solitarios* viúvos, os fogares *sen estrutura,* e os *viúvos con fillos*, as *nucleares* quedan reducidas ao 31% aínda que debe destacarse a importantante presenza de *parellas conxugais sen fillos* –15.79%-, mentres as *complexas* acadan agora o seu punto culminante –63.16%-.[1197].

Recapitulando, hai que destacar o predominio das estruturas *nucleares* ata que os petrucios non rebasan os 59 anos, momento a partir do cal as *complexas* toman o relevo. Sen embargo, non se pode esquecer o peso que ten na franxa de idade dos vinte anos as estruturas *extensas ascendentes*. En realidade estas últimas estruturas son moitas veces a continuación natural das *complexas* da última fase do ciclo familiar, entre unhas e outras só se ten dado o relevo xeracional na xefatura despois da morte do petrucio.[1198]. Nunhas e outras convive máis dunha xeración no mesmo fogar, coa diferenza de que nas últimas etapas do ciclo os fogares *múltiples* duplican aos *extensos* e na primeira os *extensos* triplican aos *múltiples*. Isto revela ata que punto é complicada a convivencia en fogares nos que o xefe non é o cabeza do núcleo máis vello e ten que isto hai que relacionalo cun sistemea hereditario no que predomina a partición máis ou menos igualitaria entre os herdeiros. Os *solitarios* teñen un comportamento zigzagueante ao longo das distintas

[1195] Os sesaxenarios, viúvos no 34.4% dos casos, viven sos nun 4.62% dos casos, e o resto, conforme se acompañe de fillos u outros descendentes, darán lugar a fogares nucleares de viúvo con fillos, extensos ascendentes (con un fillo casado), múltiples descendentes (con varios fillos, un dos cales está casado) ou corresidentes emparentados por outros lazos se conviven con un/a sobriño/a. Os casados que viven na sóa compañía do seu esposa rexistran agora o nivel máis baixo –1.54%- pero se duplica a proporción de parellas conxugais acompañadas por un fillo casado –múltiple descendentes- ata acadar o 18.75. Os viúvos con fillos pasan de 0.83% a 10.67%; os extensas ascendentes (A*= xefatura de pai viúvo) de 0.83% a 4%; as múltiples descedentes(A*=núcleo principal pai/nai viúvos con fillos) de 0 a 1.33%; e os solitarios de1.67% a 5.33%. Pola súa parte as parellas conxugais con e sen fillos descenden do 80% ao 54.67%.

[1196] Os *viúvos con fillos* suman o 6.25% dos casos; os *extensos ascendentes* o 9.38%; os *múltiples descendentes* de xefe viúvo o 6.25%; e os *corresidentes ligados por outros lazos* o 4.62%.

[1197] As extensas suman o 21.05% e as múltiples o 42.11%. O alto índice de *parellas conxugais sen fillos* a idades tan avanzadas ten difícil explicación, en todo caso ten que tratarse de matrimonios pobres que non teñen podido atraer a ningún parente co señuelo da herencia.

[1198] Isto mesmo apunta C. Fernández Cortizo, aínda que este autor, tendo en conta á xeración de máis idade (nai/sogra viúva), entende estas estruturas como a última fase do ciclo familiar; (FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "En casa ..., op. cit.

idades: presentes entre os xefes solteiros de 20 a 29 anos –4%-, sen importancia dos 30 aos 49 anos, acadan as súas maiores proporcións nas franxas dos 50 e os 60 anos. Os fogares *sen estrutura* tamén concentran os seus efectivos na vintena -*corresidentes emparentados* integrados por irmáns solteiros-, e nas franxa dos 60 –*corresidentes ligados por outros lazos* compostos de xefes viúvos acompañados de sobriñas ou netas-.

9.6 GRUPOS SOCIOPROFESIONAIS E TIPOS DE FAMILIA

Ate o de aquí fixemos un exame dos agregados familiares desde unha perspectiva estática e sen ter en conta máis elementos que as propias características estruturais dos mesmos. A imaxe puramente demográfica así obtida pode enriquecerse substancialmente se se introducen algúns elementos socioeconómicos que nos son coñecidos para cada familia como son a súa condición social e o oficio do xefe. Aínda que nunha comarca tan rural como a aquí estudada, a sociedade non presenta moita diversidade socioprofesional -poderíase afirmar como, fan as fontes, que todos son labradores, inclusos curas e fidalgos-, non faltan as desigualdades de riqueza e status social: por máis que o párroco traballe a terra coas súas mans, non deixará de ser ademais de guía espiritual da freguesía, o veciño que máis cereal ingresa ao ano en razón de distintos conceptos, do mesmo xeito que a adicación dalgúns veciños a certos oficios complementarios é un indicio de escasos recursos, circunstancias socioeconómicas unhas e outras que se van reflectir na estrutura e tamaño das familias.

Á hora de facer unha clasificación dos grupos sociais poderíase adoptar a clásica división dos tres ordes do Antigo Réxime, sen embargo, para unha análise deste tipo resulta esquemática e simplificadora e exceso. Para este estudio imos facer tres grandes grupos: por unha banda, ás familias que constitúen as elites parroquiais (cregos, "Don", oficiais da xustiza e labradores acomodados), por outra os oficios mecánicos e artesanais e finalmente os restantes labradores.

9.6.1 As elites parroquiais

9.6.1.1 O clero

Xa se apuntaron algunhas características dos seus fogares cando se estudiaron os fogares de solitarios e S.E.F.; agora imos tratar de maneira conxunta os distintos tipos de fogar a que se dan nas casas de ese 3% da poboación que suman os cregos destas parroquias. O celibato, condición obrigada da súa condición sacerdotal, é o que máis condiciona as estruturas e tamaños que se poden atopar nos seus fogares. O maís frecuente é que sexan solitarios ou sen estrutura familiar e[1199] de ahí que os seus fogares sexan de tamaño inferior á media –3.7 individuos/fogar-. O aporte con diferenza máis importante destes agregados son os/as criados/as –aporte do 1.94-, seguidos a moitoa distancia por parentes colaterais –aporte do 0.4-, irmás sobre todo, e descendentes colaterais –0.3 sobriños/fogar-.

Táboa 32. Características dos fogares de eclesiásticos, 1752

Estrutura					Criados/as			Colaterais			Sbrñs.	Outrs.
	Nº	%	Idade	Tamaño	Varn	Muller	Total	Varón	Muller	Total		
Solitarios	11	64,7	47,9	3,09	1,00	1,09	2,09					
S.E.F.	5	29,4	36,7	5,50	2,00	0,50	2,50	0,25	1,25	0,50		0,25
Extensa colateral	1	5,9	49,0	7,00					1,00		5,00	

[1199] Fora destas dúas fórmulas tan só se atopa un caso de extensa colateral: neste caso o núcleo ven formado por una cuñada do crego e un sobriño deste.

Total	17	100	45,4	3,71	1,12	0,82	1,94	0,06	0,35	0,41	0,29	0,06

O máis habitual é que sexan solitarios –64.7% dos casos-: curas cunha idade media máis elevada –47.9 anos- que compensan a ausencia de parentes corresidentes con criados/as –media de 2.1 criados/fogar-. O 23.6% das casas sen estrutura familiar presentan un tamaño superior á media comarcal –5.5 individuos/fogar-, son dez anos máis novos que os solitarios –media de 36.7 anos- e o aporte de criados é o máis elevado de calquera outro grupo social –2.5 criados/fogar-.[1200]. Salvo nun caso, trátase de corresidentes emparentados, é dicir, acompañados de colaterais –aporte de 1.5 de irmás/irmáns-.[1201].

Sonmentes atopamos un núcleo constituído por unha cuñada e cinco sobriños do cura, dando lugar neste caso unha estrutura extensa colateral. Aplicando a clasificación de Laslett, que como xa dixemos prima os núcleos á hora de definir as estruturas, o propio crego cabeza de casa termina sendo o corresidente que conviete este fogar en extenso colateral.

9.6.1.2 A fidalguía

Son a elite laica da sociedade parroquial e constitúen un grupo reducido que non supón máis do 1.4% dos fogares.*[1202]*. Como grupo diferenciado social e económicamente presenta peculiaridades acusadas no tamaño e composición do agregado doméstico. O máis destacado é a importante presenza dos criados –2.5 individuos/fogar- que teñen un papel fundamental na diferenciación do tamaño destas familias respecto da media xeral. AO igual que nas casas dos cregos é esa circunstancia, máis que ningunha outra, a que converte aos seus fogares nos de maior tamaño das parroquias aquí estudadas –media de 7 individuos/fogar- individuos/fogar-, incluso por riba dos fillos/as –1.75 individuos/fogar-*[1203]*.

Táboa 33. Estrutura dos fogares da fidalguía, 1752

Estruturas	Idade	Tamaño	Nº	%
Simples	22,0	4,00	3	37,5
Complexas	54,5	8,80	5	62,5
TOTAL	48,0	7,0	8	100

Táboa 34. Aportes dos fogares da fidalguía segundo a súa estrutura, 1752

Estruturas	Esposa	Fillos/as				Nets.	Criads.	Asdts.	Colat.	Asdts
		var.	mull.	total	Polít.					Colat.
Simples	0,00	0,67	0,33	1,00	0,00	0,00	1,33	0,00	0,67	0,00
Complexas	0,40	1,40	0,80	2,20	0,40	0,60	3,20	0,20	0,60	0,20
Total	0,3	1,13	0,63	1,75	0,25	0,38	2,50	0,13	0,63	0,13

Dúas de cada tres familias adoptan fórmulas complexas –62%- e o papel da muller nas xefaturas non é despreciable, algo máis da cuarta parte –37.5%-, o que parece reforzar

[1200] O grupo de criados/as garda equilibrio intersexual.

[1201] A excepción dáse na casa do párroco de Beán, D. Juan Jose Escudero, que convive co seu capelán., dando lugar a unha estrutura de *corresidentes sen lazos aparentes*.

[1202] Recordemos as reticencias dos funcionarios do *Catastro* a recoñecer o tratamento de "Don", e como exemplo temos o caso dalgúns individuos que utilizan o "Don" nas escrituras notariais, como Rosendo Marzoa, o máis rico de Barbeiros e que non se lles recoñece este tratamento nos *Libros Personales* do *Catastro*.

[1203] Síguenlle os colaterais –0.63-, descendentes –0.38-, fillos políticos -0.25-, ascendentes directos –0.13-, e ascendentes colaterais –0.13-.

a idea de que as nais viúvas manteñen a xefatura do fogar cando hai que salvagardar dereitos patrimoniais dos fillos/a solteiros en fogares nos que un dos irmáns está millorado ou é vinculeiro. Entre as estruturas simples danse as tres posibles –solitario, sin estrutura e nuclear- e o seu tamaño medio é máis baixo que o da media comarcal –4 individuos/fogar-. As complexas son maioritariamente extensas –4 de cinco casos- ficando tan só unha múltiple. O tamaño medio das troncais, con 8.8 individuos por fogar, duplica o tamaño medio da familia comarcal e tamén está moi por riba do correspondente á globalidade das familias complexas destas parroquias –5.84 individuos/fogar- a causa da importante presenza de criados/as, –3.2- o principal aporte humano destas casas, e fillos/as 2.2.[1204].

O número de fillos coincide practicamente co da media comarcal aínda que tomando por separado casados e solteiros os primeiros teñen un peso máis importante que na mencionada media –0.9 fronte a 0.25-, a consecuencia do maior número de núcleos secundarios que se atopan nestos fogares. Á súa vez, ese maior grao de complexidade estrutural ten orixe nun maior aporte de corresidentes, particularmente colaterais –0.73- sen esquecer aos ascendentes directos (nais viúvas) –0.13- e ascendentes colaterais (tíos/as) –0.13-.

9.6.2 As familias con actividades complementarias da labranza

Na análise pormenorizada das particulares estruturas dos distintos grupos sociais só nos resta dirixir a nosa atención cara aquelas familias nas que ao menos un dos seus membros desempeña unha actividade distinta da agricultura e a gandería, e que na inmensa maioría dos casos é complementaria desta. Por tratarse de actividades de diversa natureza e sobre todo con rendimentos económicos moi dispares, a aproximación máis adecuada sería a análise concreta do conxunto de familias relacionadas con cada tipo de oficio, pero isto está reñido coa necesaria visión de conxunto. Optamos pola vía de agrupar os fogares en varios grupos: a) oficios de artes mecánicas (zapateiros, curtidores, ferreiros..) , b) oficios relacionados co comercio e transporte de mercancías (taberneiros, arrieiros...), c) oficios relacionados coa lei e a xustiza (xuíz, escribáns), d) outros minoritarios.

Táboa 35. Características do fogares

Oficio	nº	Idade	Tam.
Xastres	13	41,1	3,92
Tecedores/as	11	33,0	3,36
Zapateiros	5	35,8	3,00
Total	29	39,1	3,55

Táboa 36. Aportes dos fogares de oficios de artes mecánicas, 1752

Oficio	Espsa	Fills.	Fills. Pol.	Nets.	Expsts.	Ascndts.	Tíos/as	Criad.	Outrs.
Xastres	0,77	1,46	0,15	0,23		0,08	0,08	0,08	0,08
Tecedores/as	0,73	1,27	0,09		0,09			0,09	0,09
Zapateiros	1,00	1,00							
Total	0,79	1,31	0,10	0,10	0,03	0,03	0,03	0,07	0,07

[1204] Colaterais 0.6, fillos políticos 0.4, ascendentes 0.2, ascendentes colaterais 0.2,

Por unha banda atópanse os oficios artesanais que representan aos estratos económicamente máis humildes da sociedade rural -zapateiros, xastres, tecedores-[1205] que constan de tres a catro individuos e teñen maioritariamente estruturas nucleares –80%-. As parellas conxugais sen fillos teñen unha presenza significativa –16.7%-, e unidas aos solitarios/as –6.67%- e aos/as viúvos/as con fillos –6.67%- se ocupan de aminorar o tamaño medio destes agregados –3.55 individuos/fogar-.[1206]. Os principal aporte ven dado polos fillos/as -1.31 fills./fogar- esposas –0.79- mentres os restantes corresidentes apenas se teñen relevancia cuantitativa.[1207].

Táboa 37. Estruturas dos fogares, 1752

Estruturas	Nº.	%
Solitario/a	2	6,67
Nuclear	24	80,00
Extensa	2	6,67
Múltiple	2	6,67
Total	30	100

Trátase de fogares con xefes relativamente novos -idade media de 39 anos- probablemente como consecuencia do carácter itinerante que teñen os oficios de xastre e zapateiro e a relativa forza física que esixe o manexo do tear. Os fogares de tamaño máis reducido son os dos zapateiros –3 individuos fogar- e os de maiores dimensións os dos xastres -3.92 individuos/fogar-. Moitos fogares teñen ademais desta ocupación outras non moito máis rendibles como a mencionada de gaiteiro ou a de dependente de taberna, ambas compatibles con estes oficios artesanais, ademais, en algúns casos, outros membros da familia se exercitan no mesmo oficio, en outro do mesmo sector, ou en outros que pouco teñen que ver.[1208].

Táboa 38. Aportes dos fogares relacionados co comercio, 1752

Oficio	Nº.	Idade	Tamañ.	Esps.	Fills.	Noras	Criads.	Ascedts.	Sobrñs.	Outrs.
Taberneiros	12	38,7	4,00	0,83	1,67	0,08	0,17	0,08	0,08	0,08
Arrieros	4	39,3	4,75	1,00	2,50		0,25			
Tratantes telas	3	37,0	3,67	1,00	1,00	0,00	0,33	0,00	0,33	0,00
Total	19	38,7	4,12	0,88	1,82	0,06	0,18	0,06	0,06	0,06

Cas actividades de tecedore/a e xastre, a de taberneiro/a,[1209] é unha das máis frecuentes. Como acabamos de ver son moitas veces artesáns ou mulleres soas, de

[1205] Xa vimos máis atrás como o oficio de gaiteitro practícase simultanemente por tecedores xastres e zapateiros, a excepción dun caso, de ahí que o incluamos no cómputo cos daqueles oficios. É, por tanto, un recurso suplementario de economías precarias como as dos oficios mencionados, habida conta de que os seus servizos só serían requiridos nos días de festa, abundantes na primavera e sobre todo no verán.

[1206] Os fogares de tamaño máis reducido son os dos zapateiros –3 individuos fogar- e os de maiores dimensións os dos xastres -3.92 individuos/fogar-.

[1207] Como é obvio neste grupo a presenza de criados é insignificantre, tan só Rosa Rey, tecedora e veciña de Beán, vive coa compañía dunha criada.

[1208] Entre os cinco fogares de zapateiros só un (parella coxugal sen fillos) ten como único ingreso a elaboración de calzado, nos restantes casos o mesmo cabeza de casa exerce oficios como gaiteiro e taberneiro ou a muller se adica á venda de telas, oficio este no que tamén se ocupa a muller dalgún tecedor como Roque Meijide de Moar, que ademais de tecedor é gaitero.

[1209] Por taberneiros referímonos os dependentes da taberna que, ás veces, son tamén os arrendatarios do establecemento, non se inclúen por tanto os arrendatarios que non a rexentan posto que adoitan ser, como xa vimos notables locais.

maneira que xa se pode supoñer que os seus fogares son de características similares aos daqueles: tamaño algo menor que a media comarcal –4 individuos/fogar- maioritariamente nucleares.[1210]. Poden agruparse con outros fogares nos que algún dos seus membros se adica ao comercio tales como tratantes de sal e viño, á sazón arrieiros, e de telas –supostamente lenzos-, os arrieiros[1211] posúen fogares algo máis amplos –4.8- a causa dun maior aporte de fillos –2.5- e criados –0.25-, e.pese a que os seus fogares son nucleares na totalidade. Os/as "tratantes de telas" posúen fogares aínda máis reducidos –3.67- en están presentes en fogares onde se practica outro oficio –taberneiros, tecedores, zapateiros-.

O segundo grupo de oficios de "artes mecánicas" é o formado por carpinteiros, ferreiros e curtidores. Presentan fogares con maior complexidade estrutural –27% de complexas e indeterminadas-, teñen máis criados por casa –0.47- e, en consecuencia, maior tamaño –4.87 individuos/fogar-. Sin embargo, non se trata dun grupo homoxéneo posto que os capinteiros presentan notables diferenzas con ferreiros e curtidores tanto no nivel de riqueza como no tipo de fogar,[1212] que os deixan a medio camiño entre o grupo anterior de artesáns e este no que os inluímos. Ferreiros e curtidores forman familias con un status socioeconómico superior ao dos restates oficios de artes mecánicas pero tamén do labrador medio: posúen unhas bases materiais máis sólidas, tanto no que se refire ás explotacións agropecuarias como á posesión dos medios de produción propios do seu oficio, xeralmente herdados de pais a fillos e que non están ao acceso de calquera individuo. Elementos que converten a estes fogares en privilexiados dentro do mundo dos oficios e que se reflicte na composición e tamaño dos seus agregados: 5.33 individuos/fogar con un 0.67 de criados. Non acostuman simultanear outros oficios –salvo a labranza da terra-, aínda que nalgunhas familias de carpinteiros as mulleres se adican á elaboración de pan para a súa venda o que reafirma o seu caracter de fogares comparativamente máis humildes.[1213].

Táboa 39. Características e aportes dos fogares de artes mecánicas, 1752

Oficio	Nº	Idade	Tamaño	Esposa	Fills.	Fills. Pol.	Nets.	Criads.	Outrs.
Carpinteiros	3	44,3	4,17	0,83	2,00			0,17	0,17
Curtidores	3	50,0	6,00	1,00	1,33	0,33	1,33	0,67	0,33
Ferreiros	6	42,8	5,00	1,00	1,83	0,17	0,17	0,67	0,17
Total	12	44,9	4,87	0,93	1,80	0,13	0,33	0,47	0,20

No grupo de individuos relacionados coa lei e a xustiza tamén se inclúen fogares de diferentes características, aínda que a mostra é tan reducida que non parece apropiado sacar conclusións a partir da mesma. En xeral trátase de estruturas nucleares cun tamaño medio que está por debaixo da media comarcal –3.7- a consecuencia do reducido tamaño

[1210] 75% de fogares *nucleares* e o 25% restante troncais. Por tanto o aporte fundamental é o dos fillos –1.67-, maioritariamente solteiros/as e menores dada a non moi madura idade media dos xefes 38.7, seguidos de lonxe por esposas –0.83- e criados –0.17-. Os restantes aportes que dan lugar a familias extensas carecen de importancia.

[1211] Os arrieiros declaran ser ademais labradores e un deles tratante en sal (Cardama) (os dous casos atópanse en Cardama) e o outro é á súa vez ferreiro e estanquilleiro

[1212] O tamaño dos seus fogares é inferior –4.17- debido a unha maior simplicidade estrucutural, posto que non teñen nin fillos casados nin netos, e o un menor aporte de criados. A comparación do tamaño das explotacións agrarias que coñecemos aínda é máis elocuente: 34.5 ferrados a carpinteiro de Oroso, 236 a do ferreiro de Barbeiros, e 231 a do curtidor de Oroso.

[1213] Trátase das mulleres dos dous carpinteiros de Papucín, Vicente López e Francisco Rey. Tan só o ferreiro de Cardama, Antonio Pereiro, é ademais arrieiro e taberneiro.

dos fogares dos escribáns .[1214]. Englobamos no socorrido título de varios un grupo de actividades de diversa índole e difícil encaixe nos grupos anteriorres pero que, salvo no caso do mestre de nenos, un crego patrimonista de Vilarromarís, teñen como común denominador a amplitude dos seus fogares–de 7 a 8 individuos/fogar- e a frecuencia das estruturas complexas–50%-. As ganancias derivadas do arrendo do décimo, do "pollino semental", [1215] e do oficio de prateiro[1216] resultan suficientemente substanciosas como para posuír boas explotacións agropecuarias que permiten manter a familias de gran tamaño. Como sempre, a presenza de criados é determinante para o maior engrose destes fogares. O feito de tratarse de fogares troncais na metade dos casos leva a que as idades medias se atopen por riba dos coarenta anos.

Táboa 40. Caracteristicas e aportes dos fogares de xefes con oficios relacionados coa xustiza, 1752

Oficio	Nº	Idade	Tamaño	Esposa	Fills.	Criads.	Colats.	Tíos/as
Escribáns	4	38,75	2,75	0,75	0,50	0,50		
Xuíz	1	50	5,00			2,00	1,00	1,00
Carceleiro	1	34	6,00	1,00	3,00	1,00		
Total	6	39,8	3,67	0,67	0,83	0,83	0,17	0,17

Táboa 41. Características dos fogares das restantes actividades

Oficio	Nº	Idade	Fogar
Arrendadatario rendas	3	50,7	7,33
Propietario de pollino	4	58,8	7,75
Prateiro	1	40,0	8,00
Mestre de nenos	1	42,0	1,00

Táboa 42. Aportes dos fogares das actividades restantes, folgoso, 1752

Oficio	Esposa	Fills.	Fills. Pol.	Nets.	Criads.	Ascdts.	Colat.
Arrendadatario rendas	1,00	2,33			1,67		0,99
Propietario de pollino	1,00	2,50	0,25	0,50	2,25	0,25	
Prateiro	1,00	3,00			2,00	1,00	

[1214] Os escribáns teñen un tamaño medio de 2.75 individuos fogar -en un caso trátase dunha parella conxugal sen fillos e en outro dun solitario- e tamén a súa idade media (38.75) é máis baixa que a media comarcal. A Sebastián Sánchez Carnero, veciño de Bean casado e cun fillo, o seu oficio de escribán non lle impide adicarse tamén á labranza.

[1215] Os propietarios de "pollinos sementais" son labradores ricos, cando non fidalgos. Boa mostra é o número medio de criados nestes fogares –2.5- e o feito de que as estruturas dos seus fogares son *complexas* en todos os casos. Exemplo de labrador-gandeiro rico é Juan Pérez, propietario do "pollino semental" de Barbeiros que con 583 ferrados de terra e 54 cabezas de gando é o segundo veció máis rico da parroquia. Agustín Rico de Mata y Mendoza, propietario do "pollino" de Vilamaior ten un fogar de 11 membros e D. Andrés García y Andrade, da mesma vecindade, ademais de posuír outro xumento ten arrendadas as rendas do conde de Altamira na mesma parroquia.

[1216] O prateiro Josehp Mosquera, veciño de Pereira, paroquia sita na metade do Camiño Real e na que se celebra a feira de Folgoso, decrara ganar 8 reais por día de traballo.

9.7 O PATRIMONIO FAMILIAR: GRUPO DOMÉSTICO E EXPLOTACIÓN AGROPECUARIA EN 1752

A cuestión que nos suscitamos neste apartado é saber en que medida o tamaño das explotacións agropecuarias influía nas dimensións e estrutura das familias, e ao revés, é dicir se as familias adaptaban as explotacións ás súas características e necesidades. A influencia pódese dar nos dos sensos: tendo en conta que nos atopamos nunha zona na que o arrendo e a parzaría teñen unha presenza destacada as familias terían suficiente capacidade de maniobra como para regular o tamaño da súa explotación en función da conxuntura a través tanto do arrendo de terras como do abandono das mesmas.

Vimos na primeira parte deste traballo como o tamaño medio das explotacións das parroquias de Barbeiros e Oroso ocultaba unha desigual repartición social da superficie. Agrupando as explotacións cos criterios de clasificación familiar que ata aquí temos aplicado aos agregados domésticos, ¿pode establecerse algunha conexión entre esa desigual repartición da superficie e os distintos tipos de fogar? Se é así, ¿en qué dirección se da tal influencia? A clásica teoría de Chayanov,[1217] sobre a relación entre tamaño familiar e dimensións da explotación, foi constatada, para o caso galego, por diferentes monografías comarcais de Historia rural. Sen embargo, a dirección das relacións que se establecen entre unha e outra na teoría chayanoviana ten sido cuestionada en Galicia para a provincia de Lugo, onde un sistema hereditario desigualitario impón unhas rixideces na transmisión do patrimonio que están reñidas coa elasticidade das explotacións.[1218]. En realidade, tal influencia non ten por que ser de senso único nin tan diáfana.[1219]. É verdade que unha explotación maior pode alimentar máis bocas, ao tempo que necesita máis brazos que a traballen; de ahí que dentro de agregados con grandes facendas podan convivir varias xeracións e incluso contratar criados. Á súa vez, unha explotación minúscula quizais non poda dar sustento suficiente a unha familia ampla ou de tamaño medio, polo que terá que evacuar parte dos seus efectivos, insertándoos, como criados, en familias máis ricas, empuxándoos ao camiño da emigración, ou fundando novos fogares sempre que un dos corresidentes contrae matrimonio. Pero non é menos verdade que, na ausencia dun dominio absoluto de prácticas hereditarias desigualitarias, poda ser a explotación a que se axuste ao crecemento do agregado doméstico a través da compra dalgunha parcela ou gando, e, sobre todo, da adquisición do usufruto de novas terras e animais.

Pero, ¿qué ocorre nas parroquias estudadas neste traballo? Xa se ten dito que as dimensións das explotacións agrarias que imos a analizar teñen pouco que ver coas reais, debido á forma en que os Libros Reais do *Catastro* de 1752 presentan os seus datos. Este desarreglo se debe, fundamentalmente, a dous sesgos: a) o derivado da intencionada ocultación de terreo por parte dos seus posuidores; a superficie consignada nos libros reais de Barbeiros e Oroso supón o 46% da extensión real destas parroquias, e a parte cultivada –incluido prado e pasto-, tan só, o 10%; de maneira que, a falta de datos concretos sobre o grao de ocultación da terra aproveitable, estas cifras poden dar unha idea da distancia entre superficie decrarada e superficie real; e, b) o debido á exclusión das terras de forasteiros do cálculo dos tamaños das explotacións medias que nos serven de base para

[1217] Chayanov, A.V.: *La organización de la unidad económica campesina.* Buenos Aires, 1974.

[1218] Chayanov defendeu para o campesiñado ruso que é o tamaño da familia o que regula o tamaño da explotación; P. Saavedra ten observado o contrario na antiga provincia de Mondoñedo; (Saavedra Fenández, P. : *Economía, política...* op. cit. p. 128); no mesmo senso deste último, e para o interior de Lugo, se ten manifestado SOBRADO CORREA, H.: *Vinculeiros...,* op. cit., p. 90. Para esta correspondencia no caso vasco Vid. Cruz Mundet, J.R., "Caserío..., op cit.

[1219] C. Fernández Cortizo matiza neste senso a teoría de Chayanov dando unha visión panorámica desta cuestión para toda Galicia a partir dos distintos datos comarcais, (FERNÁNDEZ CORTIZO, C.: "En casa..., op. cit.)

esta parte do estudio–39.46%-.[1220]. Sen embargo, consideramos que a segura discordancia entre as superficies obtidas e as reais non invalida estes cálculos aos efectos da análise ao que aquí imos sometelos, xa que o noso interese non se dirixe tanto aos valores absolutos, como ás relacións que se poden establecer entre uns e outros, e ás tendencias que a partir de tales relacións se observen. Posto que a terra decrarada por fogar, independentemente de que se corresponda ou non coa que realmente se usufrutúa, non deixa de ser un indicador da riqueza familiar, xa que a que non se labora de maneira directa aproveitase en forma de renda. A evolución paralela entre tamaño da cabana gandeira e dimensións da superficie expresada, parece abonar a idea de que as proporcións desta e riqueza familiar tamén gardan correlación (Táboa).

Tendo en conta estas prevencións podemos preguntarnos de novo sobre a relación entre estruturas do fogar, tamaños familiares, e dimensións das explotacións nas parroquias estudadas. Pois ben, tal e como ten sido constatado de maneira xeral, se observa a tendencia ao aumento da explotación conforme a estrutura familiar se fai máis complexa, e, en consecuencia, un paralelismo entre tamaño da explotación e tamaño do agregado doméstico (Táboa).[1221]. A mesma evolución se nota se illamos as distintas adicacións do terrádego en dous grupos: terra de cultivo e monte.[1222]. Se se examinan as dimensións das explotacións decraradas nos *Libros Reales* de legos en función dos tamaños familiares, o paralelismo na evolución é ben expresivo.

Táboa 43. Dedicacións da explotación media campesiña en hectáreas, 1752

	Divisor	Labrad.	Horta	Prado	Mt. P.	Mt. A.	Devesa	Total
Superf. total decrarada		160,4	2,4	14,8	233,1	462,8	11,1	884,6
Superf. tot./ tot. veciños	85	1,9	0,0	0,2	2,7	5,4	0,1	10,4
Superf.*/veciños laicos		72,0	0,9	5,2	69,6	228,4	4,5	380,5
superficie*/fogar	76	1,0	0,0	0,1	0,9	3,0	0,1	5,0
Superficie*/individuo	343	0,2	0,0	0,0	0,2	0,7	0,0	1,1

Táboa 44. Dedicacións da explotación media campesiña en hectáreas, 1752

	Cultivo	Inculto	Total
Superf. total decrarada	177,7	706,9	884,6
Superf. tot./tot. veciños	2,1	8,3	10,4
Superf.*/veciños laicos	78,0	302,5	380,5
superficie*/fogar	1,0	4,0	5,0
Superficie*/individuo	0,2	0,9	1,1

Máis interesante, aínda, é observar a superficie que correspondería a cada membro da unidade familiar: conforme a familia é máis ampla, dispón de máis terra por individuo. Isto admite, ao menos, dúas interpretacións non excluíntes: a) que a maior extensión da

[1220] Algúns veciños tamén terán que ter cedido o útil de parte da superficie agraria declarada dado o volume de terra declarado. O caso máis claro é o de Rosendo Marzoa, veciño de Barbeiros, que posúe unha explotación de 48,64 Has. e que debido a que a mostra de explotacións familiares non é moi ampla, altera as medias alí onde se atopa. Por esta razón temos considerado convinte excluilo tamén destes cálculos.

[1221] Ofelia. Rey ten observado o mesmo para outras parroquias do interior coruñés, (REY CASTELAO, O., "Familia ..., op. cit.)

[1222] Para observar esta tendencia, o monte debe ser tomado no seu conxunto, é dicir, monte cerrado e monte aberto, o que ven a confirmar a tese de Ofelia Rey de que o acceso ao monte común, alí onde está "privatizado", é un recurso fundamental nas economías familiares campesiñas, (REY CASTELAO, O., Ibídem).

superficie poseída por algunhas familias lles permite reunir agregados humanos máis amplos, ou b) que as familias que crecen máis, equilibran explotación e agregado a través da ampliación do tamaño da primeira, a costa das terras de peor calidade; os rendemientos decrecentes destas terras marxinais explicarían a necesidade de maior superficie por individuo. O feito de que o maior tamaño da explotación das familias máis amplas se consiga a costa do monte aberto e de maior número de cabezas de gando, volve a poñer de relevo a importancia do monte comunal "privatizado" e da gandería no equilibrio agregado doméstico/recursos económicos. Non obstante, os fogares con oito ou máis membros, se ben son os que presentan explotacións de maior tamaño en términos absolutos, reducen a superficie disponible por individuo con relación aos fogares de 7 membros. Ofelia. Rey ten interpretado este feito, en referencia a outras parroquias do interior coruñés, afirmando que a partir de certo número de membros o fogar se sobrecarga de nenos e vellos, de maneira que a maior disponibilidade de individuos non se traduce nunha forza de traballo proporcionalmente maior, particularmente nunha comarca na que o monte é sometido periódicamente a cultivo.[1223].

A cabana gandeira non se amplía nas mesmas proporcións que o número de membros da familia como demostra o feito de que a ratio cabezas de gando/individuo diminúa a medida que crece o agregado. A explicación podería estar na menor dependencia do gando da man de obra, na competencia alimenticia que algunhas especies, como o vacún ou o porcino,presentan ao sustento humano; pero tamén no feito de que algúns posuidores de bos rabaños de lanar se atopan entre os que decraran pouca ou ninguna terra o que descompensa o equilibrio terra/gando.[1224].

Táboa 45. Explotación agropecuaria segundo tamaño fogar. Barbeiros-Oroso. 1752

Membros fogar	Superficie Agraria/Fogar			Gando/Fogar		
	Cultv.	Inculto	Total	Maior	Menor	Total
1	0,10	0,04	0,14	4,00	0,25	4,25
2	0,05	0,25	0,29	2,17	4,58	6,75
3	0,40	1,69	2,09	3,13	12,88	16,00
4	0,87	3,30	4,17	5,56	14,38	19,94
5	1,02	4,43	5,45	4,67	14,92	19,58
6	1,49	6,01	7,50	8,15	19,54	27,69
7	2,22	8,40	10,62	8,60	24,00	32,60
>8	3,02	9,83	12,85	7,83	18,50	26,33

Táboa 46. Superficie e gando *per capita* segundo tamaño fogares. Barbeiros-Oroso, 1752

Membros fogar	SUPERFICIE AGRARIA /CÁPITA				GANDO/CAPITA			% Aparcer.
	Cultv.	Mt.C.	Mt.A.	Total	Maior	Menor	Total	
1	0,10	0,00	0,05	0,14	4,00	0,25	4,25	0,00
2	0,02	0,02	0,11	0,15	1,08	2,29	3,38	38,27
3	0,13	0,15	0,40	0,70	1,04	4,29	5,33	43,75
4	0,22	0,23	0,57	1,04	1,39	3,59	4,98	17,52
5	0,20	0,33	0,55	1,09	0,93	2,98	3,92	34,04
6	0,25	0,20	0,76	1,25	1,36	3,26	4,62	22,22
7	0,32	0,20	0,91	1,52	1,23	3,43	4,66	0,00
8 e >	0,34	0,14	0,92	1,43	0,87	2,06	2,93	3,80

[1223] Ibídem
[1224] vid. EIRAS ROEL, A. "Hautes..., op. cit.; e REY CASTELAO, O. Ibídem

Táboa 47. Explotación agropecuaria segundo idade do xefe. Barbeiros-Oroso, 1752

	SUPERFICIE AGRARIA/FOGAR					GANDOS/FOGAR		
Idade	**Cultv.**	**Mt.C.**	**Mt.A.**	**Total Mt+Dehesa**	**TOTAL**	**Maior**	**Menor**	**TOTAL**
20-29	1,62	0,23	3,82	4,05	5,67	6,00	11,00	17,00
30-39	0,82	1,39	0,43	2,92	3,74	5,31	10,08	15,38
40-49	1,01	0,99	2,27	3,26	4,27	5,70	14,09	19,78
50-59	0,95	0,45	5,67	6,12	7,07	4,80	15,80	20,60
>60	2,07	1,39	5,50	6,89	8,96	8,50	19,92	28,42

Táboa 48. Explotación agropecuaria segundo sexo e estado civil do/a xefe/a. Barbeiros-Oroso. 1752

	Superficie Agraria/Fogar			Superficie /cápita	Gando/Fogar			
Estado civil	**Cultv.**	**Inculto**	**Total**		**maior**	**menor**	**total**	**%maior**
Solteiro	1,45	2,50	3,95	1,48	4,33	0,33	4,67	30,95
Casado	1,11	4,35	5,46	1,13	6,10	15,54	21,63	0,54
Viúvo	1,46	5,40	6,86	1,50	6,71	15,14	21,86	4,39
Solteira	0,06	0,00	0,06	0,04	0,67	0,00	0,67	33,33
Casada	0,00	0,00	0,00	0,00	1,00	7,50	8,50	5,88
Viúva	0,72	3,34	4,07	0,89	3,00	13,67	16,67	2,00

En boa lóxica, as relacións que existen entre dimensións do grupo doméstico e tipo de xefatura non son alleas ás que se establecen entre explotación e familia. Así, os fogares de menor tamaño, como os femininos, contan cunhas bases materiais máis reducidas, particularmente no caso de solteiras e casadas con marido ausente. A súa mesma situación é consecuencia desta precariedade económica; no caso das célibes polo nulo interese que suscitaron no mercado matrimonial, e no das casadas polo feito de ter recorrido os seus maridos á emigración, unha saída límite na maior parte destas parroquias. As viúvas, poden decrarar explotacións nada despreciables se, como tutoras dos seus fillos menores, administran a totalidade do patrimonio familiar mentres os fillos varóns non acadan a maioría. Nos casos restantes, unha vez efectuadas as *partillas cos* fillos, pode quedarlles un patrimonio propio non moi cuantioso constituído pola dote ou a lexítima (corta ou longa), a metade dos gananciais e as mandas hereditarias que ao seu favor puidera deixar o marido. Entre os varóns, son os viúvos quenes posúen maiores cantidades de terra a causa do peso que teñen neste grupo os fogares troncais da última fase do ciclo familiar, e que reúnen, por tanto, todas as características que se indicaron máis atrás: maior esperanza de vida relacionada coa riqueza, estruturas familiares *complexas* vinculadas a prácticas hereditarias desigualitarias, e agregados de maiores dimensións con presenza de criados.


A evolución da explotación, ao longo do teórico ciclo familiar que reconstruimos nas páxinas precedentes, tamén parece responder aos avatares polos que vai pasando a familia, e ao peso dos distintos tipos de estrutura en cada etapa (

Táboa). Así, a relativa presenza de familias *complexas* nas primeiras fases do ciclo permite que moitas explotacións non teñan pasado aínda polo trance da partilla e que, en consecuencia, posean superficies de maior tamaño que as dos grupos de idade seguintes. Na treintena, a masiva presenza de fogares recentemente fundados sobre débiles bases económicas e con criaturas que aínda non necesitan tanto alimento como un adulto, explica o menor tamaño medio das súas explotacións. A partir dos corenta, as dimensións da explotación non deixarán de crecer nas sucesivas franxas de idade ata as

8.96 Has. que acada entre os maiores de 60 anos. A partir dos corenta moitas explotacións se completarán grazas á percepción das herencias paterna e materna, pero tamén a partir do arrendo o a compra de terras unha vez que se teñen consolidado as fráxiles bases económicas sobre as que se constitúen moitos novos matrimonios.[1225]. A cesión do usufruto do mencionado 31% da superficie decrarada por forasteiros, susceptiblle de ser repartidos entre os veciños en función das súas necesidades tras o contrato agrario correspondente, permitirá esta vía de axuste entre explotación e familia, máis flexible que a compravenda, e, desde logo, que a herencia. nas últimas fases do ciclo, a combinación de toda unha serie de factores (demográficos, económicos e sociais) permitirán manter case indivisos algúns patrimonios familiares. As conclusións expresadas máis atrás, ao respecto das familias de estrutura complexa con xefes de maior idade, veñen a ser confirmadas coa evolución que observa a explotación agropecuaria ao longo do ciclo familiar; e a mesma tendencia presenta a cabana gandeira e a superficie per cápita.

Atendendo ás características da explotación, en relación coa estrutura do fogar (Táboa , Táboa , Tábpa 123), descúbrense algúns detalles que non convén pasar por alto. Así, entre os subtipos das estruturas *nucleares* se observan fortes contrastes de riqueza conectados co seu comportamento demográfico: as parellas con fillos son as que decraran máis terreo –6.01 Has., mentres as *parellas conxugais sen fillos* decraran unha cantidade ínfima –0.71 Has, e os/as viúvos/as con fillos/as están nun término medio: 2.31 Has. nos casos de parellas conxugais que non teñen fillos na súa compañía, parece que sería a exigüidade das súas explotacións a que as tería obrigado a alixeirar os seus fogares, sobre todo, a través da colocación dos fillos como criados noutros fogares. Aquelas familias con bases económicas un pouco máis sólidas terían maior capacidade para axustar as explotacións á súas necesidades a través da compra ou o arrendo dalgunha parcela de terra.

Gráfico 12. Superficie agraria per cápita segundo o tamaño da familia



[1225] PÉREZ GARCÍA, J.M.,"Estructuras familiares, prácticas hereditarias y reproducción social en la Vega Baja del Esla (1700-1850)" en *Studia Historica, Historia moderna*, 16, 1997, pp. 257-289

Táboa 49. Explotación agropecuaria media segundo estrutura familiar. Barbeiros Oroso, 1752

	Superficie agraria/fogar					Gando/fogar			
	Cultv.	Mt. C.	Mt. A.	Total Mt.+ Devesa	Total	Maior	Menor	%Maior	Total
Solit.+S.E.F.	0,34	0,20	0,15	0,56	0,90	2,50	2,25	52,63	4,75
Nucleares	0,95	1,00	3,00	4,04	4,98	5,14	11,96	30,06	17,10
Extensas	1,62	0,63	3,45	4,46	6,08	4,86	16,43	22,82	21,29
Múltiples	1,46	1,21	4,47	5,72	7,17	7,90	27,10	22,57	35,00
Total complexas	1,53	0,97	4,05	5,20	6,72	6,65	22,71	22,65	29,35

Gráfico 13. Superficie agraria segundo a idade do xefe de casa





Gráfico 14. Tamaño da explotación agraria segundo a estrutura familiar (Barbeiros e Oroso). 1752



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 50. Superficie e gando per capita segundo a estrutura familiar. Barberos-Oroso, 1752

	SUPERFICIE AGRÍCOLA/CAPITA					GANDO/CAPITA			
	Cultv.	Mt. C.	Mt. A.	Total Mt.+ Devesa	TOTAL	maior	menor	%maior	TOTAL
Solit.+S E.F.	1,7	1,5	52,63	3,17	0,2	0,1	0,10	0,37	0,60
Nucleares	1,2	2,73	30,19	3,92	0,2	0,4	0,67	1,07	1,32
Extensas	1,1	3,59	22,82	4,66	0,4	0,1	0,76	0,98	1,33
Múltiples	1,1	3,66	22,57	4,73	0,2	0,2	0,60	0,77	0,97
Total complexas	1,1	3,64	22,65	4,71	0,2	0,2	0,65	0,83	1,08


Táboa 51. Cabana gandeira segundo a estrutura familiar. Barbeiros-Oroso, 1752

	Cabezas gando/cápita					% de especies				
	Vac.	Equ.	Ovi.	Cer.	Total	Vac.	Equ.	Ovi.	Cer.	TOTAL
Sol.+*S.E.F.*	1,08	0,58	0,75	0,75	3,17	34,0	18,0	24,0	24,0	100
Nucleares	1,00	0,19	2,32	0,41	3,92	25,0	4,8	59,0	11,0	100
Extensas	0,84	0,22	3,19	0,41	4,66	18,0	4,7	68,0	8,70	100
Múltiples	0,84	0,23	3,22	0,45	4,73	18,0	4,9	68,0	9,40	100

Táboa 52. Distribución porcentual das especies de gando en parzaría segundo as estrutras familiares. Barbeiros-Oroso, 1752

	Vacún	Equino	Ovino	Cerda	% Maior	Total
Sol.+*S.E.F.*	30,77	0,00	100,00	66,67	52,63	50,00
Nucleares	46,72	50,90	22,10	11,58	30,19	28,62
Extensas	18,52	0,00	0,00	0,00	22,82	3,36
Múltiples	8,06	0,00	5,04	6,06	22,57	5,43
Total complexas	11,24	0,00	3,53	4,35	22,65	4,81
TOTAL	39,47	37,41	18,33	13,04	29,27	23,85

Gráfico 15. Tamaño da explotación gandeira segundo a estrutura familiar (Barbeiros e Oroso). 1752



A elasticidade da cabana gandera, sobre todo grazas ao estendido recurso da aparcería do vacún, ilustra ben os avatares económicos das familias ao longo do ciclo familiar. Neste senso se observa unha evolución que non fai máis que reforzar o afirmado para a superficie agraria. A aparcería permite ampliar a cabana gandeira dunha forma máis barata e con menores riscos, aínda que sexa menos rendible ao tomador do gando. Pero quizais, cando se toman estes gandos á *ganancia,* interese máis dispoñer do leite das vacas que da rendibilidade que se deriva da venda das súas crías. Neste senso parecen apuntar os superiores índices de gando maior á ganancia que se dan nas familias *nucleares*, en particular, nas xoves *parellas conxugais con fillos*/as –2.77 cabezas/fogar- fronte ao 0.59 das *complexas* (Táboa). No que se refire ao gando menor tamén son os *nucleares* os que máis cabezas posúen baixo esta fórmula –2.48- fronte ao 0.82 das *complexas*. ¿Se acude á parzaría cando as parellas de escasos recurso teñen fillos pequeños que criar? É probable que así sexa. Ademais do proveito alimenticio derivado do vacún, non hai que esquecer que a partir de certa idade os nenos incorpóranse ao mundo do traballo como pastores, tanto de gando maior como menor, o que permite aos núcleos conxugais con descendencia reunir un número de cabezas de gando per cápita superior ao das parellas sen fillos ou os solitarios. En conxunto, as nucleares son as que presentan unha proporción máis alta de parzaría cun 46.72% de vacún, e un 28.67% do total do gando que posúen. Debido á necesidade de invertir toda a forza de traballo disponible no cultivo das súas pequeñas explotacións, o tamaño e composición da cabana gandeira dos solitarios e S.E.F. é a que presenta diferenzas máis acusadas coas restantes estruturas: un tamaño moito máis reducido –4.75 cabezas/veciño (3.40 os solitarios)- fronte á media xeral de 19.20 cabezas/veciño, e unha importante superioridade do gando maior -52.63% (94.12% os solitarios)-. Sen duda se debe á incapacidade dunha o poucas persoas para levar adiante unha explotación agraria e controlar ao mesmo tempo un rabaño de ovellas.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10. ALFABETIZACIÓN, ESCOLA E RENDA FAMILIAR

O estudio da alfabetización e dos seus condicionantes teñen sido obxecto de atención por parte dos historiadores galegos dende hai xa algúns anos a través de numerosos traballos referidos ben ao conxunto de Galicia[1226], ben a áreas máis concretas, que foron abrindo craros no nebuloso panorama que se divisa sobre os niveis de instrución e o acceso á cultura escrita por parte da poboación rural do Antigo Réxime, e, sobre todo, dando a coñecer as desigualdades. Por unha banda, os enormes desequilibrios por por sexo, revelando que Galicia tiña na Idade Moderna o maior analfabetismo feminino, como teñen demostrado os traballos de Margarita Sanz, Ofelia Rey e, sobre todo, Ana Sixto Barcia[1227]-, influidos, en gran medida, pola emigración masculina, que obrigaba a moitas familias a recorrer ao traballo das nenas. Por outra banda, no que se refire á alfabetización masculina, as importantes diferenzas entre a Galicia occidental e a interior –sempre, con excepcións- favorables á primeira, en especial nas áreas do cadrante sudoccidental[1228]-, e a desigual distribución da rede escolar, que non sempre era concordante cos niveis de alfabetización[1229], xa que, como se demostrou para o interior de Lugo, acadáronse niveis bastante altos de alfabetización dos homes no século XVIII pola existencia de numerosos clérigos –capeláns, patrimonistas- que obtiñan ingresos a maiores ensinando a ler e escribir[1230].

Neste capítulo imos sondear os niveis de alfabetización en distintos momentos, a súa evolución no tempo, a súa relación coa rede escolar, características socioeconómicas, tipo de familia, niveis de renda da poboación alfabetizada e organización do hábitat humano. Polo que se refire aos niveis de alfabetización reteñamos polo de agora a cifra que se extrae do Censo de 1860 –12%-[1231], un dos índices máis baixos de Galicia, país xa de por sí menos alfabetizado -20.3% da poboación- que as comunidades veciñas do norte peninsular[1232]. O sombrío panorama rexistrado na data final deste traballo e revelado pola

[1226] Xa a finais da década de 1980 GELABERT, J. E."Niveaux d'alphabétisation en Galice (1635-1900)", en *De l'alphabétisation aux circuits du livre en Espagne, XVI^e^-XIX^e^ siècles*, Paris, 1987, pp. 45-71; REY CASTELAO, O., *A Galicia clásica e barroca,* Vigo, 1998, p. 133 e ss. e *Libros y lectura en Galicia, siglos XVI-XIX*, Xunta de Galicia, 2003; P. Saavedra Fernández, *La vida...,* op. cit., p. 368 e ss.; BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., *Historia Contemporánea (ss. XIX-XX). Historia de la cultura gallega*, A Coruña, 1983, p. 43 e ss., entre outras.

[1227] SIXTO BARCIA, A., "La cultura y las mujeres. Una mirada a las gallegas de finales del Antiguo Régimen", en E. Serrano Martín (ed.), *De la tierra al cielo. Líneas recientes de investigación en Historia Moderna*, Zaragoza, CSIC, 2012, pp. 949-963; "Las campesinas y las letras. Alfabetización y analfabetismo en la Costa da Morte a finales del Antiguo Régimen", en Mª José Pérez Alvarez y Alfredo Martín (eds.*), Campo y campesinos en la España Moderna: culturas políticas en el mundo hispano*, Madrid, FEHM, 2012, pp. 1287-1298.

[1228] SANZ GONZÁLEZ, M., "Alfabetización y escolarización en Galicia a fines del Antiguo Régimen", *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 1, 1992, pp. 229-249, (resumo de tese de licenciatura) onde se fai un estudio do tema referido ao territorio da actual provincia de Pontevedra durante o século XVIII; tamÉN SIXTO BARCIA, A. M., *Cultura letrada e alfabetización no Baixo Ulla: séculos XVIII-XIX,* Valga (Pontevedra), 2017

[1229] REY CASTELAO, O., "Niveles de alfabetización na Galicia de fines do Antiguo Régimen", *Bulletin Hispanique*, T. 100, 1988, nº 2, p. 271-311; e SUÁREZ GOLÁN, F., "Niveles de enseñanza y estudiantes en la Galicia central del Antiguo al Nuevo Régimen", *Obradoiro de Historia Moderna,* N.º 16, 2007, pp. 307-332.

[1230] Así se demostra en SOBRADO CORREA, H., *Las tierras…,* op. cit., pp. 367.

[1231] Porcentaxe calculado sobre a poboación de ambos sexos maior de 5 años do partido xudicial de Ordes, correspondendo aos varóns un 25.3% e ás mulleres un 0.9% (véase Táboa). Na provincia da Coruña o nivel de alfabetización é do 19.8%, 34% os varóns e 8.0% as mulleres.

[1232] No censo de 1860 o 37.3% dos varóns galegos están alfabetizados pero só o 6.1% das mulleres, mentres no conxunto de España o están o 35% dos varóns e o 14.1% das mulleres; datos extraídos de REY CASTELAO, O., "Niveles..., op. cit. Unha análise máis pormenorizada da situación española nesta data en

fonte máis fiable que utilizamos, invita, se cabe, a rastrexar con máis curiosidade a situación da alfabetización nos séculos anteriores e a esmiuzar con máis detalle as conexións entre os factores socioeconómicos, o número de escolas e os niveis de instrución.

10.1 AS FONTES

Como acabamos de indicar, o censo de 1860 é a primeira fonte demográfica española que ofrece datos estatísticos minimamente fiables sobre os niveis de alfabetización a nivel municipal e para o conxunto do Estado. Para períodos anteriores hai que valerse de indicadores indirectos. Ata hoxe o máis factible para cuantificar de xeito aproximado as proporcións de alfabetizados durante o Antigo Réxime foron –con tódalas obxeccións que se lle queiran facer- a consideración da firma como dato revelador da aptitude para ler e escribir. As fontes dispoñibles para avaliar o número de asinantes son ben coñecidas e sería ocioso repetir aquí o exposto por outros,[1233] de modo que nos limitaremos a sinalar as consideracións concretas que presenta o seu manexo na área aquí estudada, prestando algo máis de atención a aquelas cuxa utilización para este fin foi escasa ata o momento.

O propósito de relacionar as tres variables contidas no título deste artículo a partir dunha mesma fonte só foi posible para mediados do século XVIII a través do Catastro de Ensenada e a partir da combinación do *Padrón de habitantes* e dos expedientes de *Contribución Rústica do Concello de Frades* para mediados do século XIX. o *Donativo de 1635*, utilizado xa con este fin por J.E. Gelabert,[1234] tan só permite relacionar nivel de riqueza e aptitude para firmar, pero non coñecer as características do agregado doméstico. Este grupo de fontes, xunto aos *Expedientes de Hacienda* de finais do século XVI, contrastadas nalgún caso cos datos obtidos a partir das escrituras de compravenda serviránnos para avaliar ata que punto o número de sinaturas consignadas nunhas e outras poden revelar os niveis reais de alfabetización así como a evolución dos mesmos.

Para esto último non cabe dúbida que as compravendas son, a priori, as máis idóneas habida conta de que a súa homoxeneidade no tempo e non espazo permite establecer as debidas comparacións entre distintas épocas e lugares. Efectuamos dous sondeos referidos a mediados dos séculos XVIII e XIX –1751/60, 1851/60- co fin de cotexar os seus resultados cos datos obtenidos a partir do Catastro de 1761 e do censo de 1860[1235]. Se ben a representatividade social desta fonte foi verificada para outras zonas de Galicia, alomenos a partir do século XVIII non parece que poida facerse extensiva á área aquí estudada se se ten en conta que a grande cantidade de desposeídos que se documentou non participarían neste tipo de transaccións. A comparación dos resultados do período 1851-60 cos datos do censo de 1860 así o evidencia posto que a proporción de asinantes nas escrituras de compravenda supón máis do dobre do nivel de alfabetización masculina revelado polo censo –56.9% fronte ao 25.3%-. Aínda así, como poderemos ver, esta circunsevolucitancia non invalida as escrituras de compravenda como indicador útil dos niveis de alfabetización e a súa evolución en distintos momentos dun mesmo espazo;

BOTREL, J. F. , "L'aptitude a communiquer: alphabetisation et escolarisation en Espagne de 1860 a 1920", en *De l'alphabétisation..., op.cit.,* pp.105-140.

[1233] Un completo repaso das fontes en REY CASTELAO, O., "Niveles..., op. cit., e GELABERT, J. E.op. cit.

[1234] GELABERT, J. E., "Niveaux..., op. cit.

[1235] Baleiráronse un total de 525 escrituras de compravenda. AHUS, Protocolos notariais, Distrito de Ordes, notarios: J. Botana Vaamonde (anos 1751-1760, protocolos 923-932), F.A. Rico Varela (anos 1756-1759, protocolos 1169-1170), A. Varela Vaamonde (anos 1755-1760, protocolos 1083-1088), F.I. Pérez Espantoso (ano 1751, protocolo 817), F. Pol España (anos 1853-1860, protocolos 908-915), I.J. Lavandeira (anos 1851-1855, protocolos 673-677). Por non estaren concluídos os labores de descrición arquivística desta documentación, advertimos da provisionalidade da numeración das referencias que se citan.

e en todo caso nos avisa de como deben ser ponderados os resultados obtenidos a partir delas e de como deben contrastarse cos procedentes doutras áreas.

Non é frecuente que os contribuíntes estampen a súa firma nos expedientes fiscais e, mesmo cando o fan, persiste a dúbida de se a proporción de asinantes é representativa do conxunto da comunidade, é dicir, se rubrican todos aqueles que o saben facer –por non entrar na discusión de se tódolos que asinan saben realmente ler ou ler e escribir-. O máis normal é que tan só rubriquen as testemuñas ou peritos que actúan en nome da comunidade, que sendo escollidos entre os veciños máis cualificados da mesma presentan un porcentaxe de sinaturas máis elevado que a do conxunto social, circunstancia que os invalida como mostra dos niveis reais da alfabetización pero non para sinalar a súa evolución no tempo ou indicar o nivel máximo de asinantes nun determinado momento. Tal é o caso dos *Expedientes de Hacienda* de finais do século XVI, do *Catastro de Ensenada*, ou a *Contribución Rústica* de mediados do século XIX.

Entre a documentación fiscal, o *Donativo de 1635* constitúe un caso especial pois nel se esixe a firma de cada contribuínte permitindo coñecer os niveis de alfabetización da sociedade no seu conxunto e en relación co nivel económico, tal como demostrou no seu día J.E. Gelabert para boa parte do territorio galego, non sen antes sinalar as principais obxeccións que se lle fixeron a esta fonte[1236]. A principal dúbida que se nos suscita no caso concreto do partido fiscal que aquí manexamos –Mesía-[1237], é se realmente asistiu a totalidade do vecindario de cada unha das parroquias á redacción dos seus expedientes fiscais. Tal sospeita fundaméntase no feito de que a documentación das 46 parroquias din estar redactadas en só dúas localidades –S. Cristobo de Mesía e Sta. Mª. de Barbeiros- distantes en máis de 25 kilómetros dalgunhas parroquias. Costa crer que todo o vecindario recorrera semellante distancia para comparecer ante as autoridades encarregadas de recadar o donativo. Sen embargo, en contradicción con isto e a favor da fiabilidade da fonte hai que constatar o feito de que algunhas desas parroquias máis lonxanas ao lugar da elaboración do expediente presentan os maiores porcentaxes de firmantes.[1238].

O *Catastro de Ensenada* é a outra fonte fiscal útil para se aproximar a niveis de alfabetización e renda, neste caso a mediados do século XVIII. Nalgunhas zonas de Galicia os veciños asinan ao final dos *Libros Reales* e/ou *Personales*, tal como ocorre nalgunhas das parroquias da área aquí estudada, pero non é práctica xeral, sen embargo adoitan facelo sempre nos chamados "autos diminutos" das *Comprobaciones* dos anos sesenta. Estes últimos expedientes constan de tres partes: a) "nombramiento de peritos" na que "todos los vecinos" constituídos "en forma de Concejo público" elixen aos "peritos" encarregados de elaborar as comprobacións, b) "declaración de los peritos" na que estes certifican ter cumplido fielmente co encargo, e c) "publicación" na que se pide a todos e cada un dos veciños citados nominalmente no documento e "otros más de que se compone esta citada feligresía", a aprobación das comprobacións e correccións efectuadas no Catastro, unha vez que lles foi "leído a cada uno su asiento y en particular partida por partida y en general el todo a todos ellos como asimismo los dos libros del vecindario" emprazando a asinar a aqueles que saiban facelo[1239]. Na medida que se invita a asinar a "todos los vecinos" presentes, tal como se fai nas escrituras notariais de carácter

[1236] Especialmente crítico Bennasar como se indica en GELABERT, J. E., "Niveaux…, op. cit..

[1237] AGS, Contadurías Generales, L. 105, fol. 813-863. O partido fiscal de Mesía, integra nesta fonte a 46 parroquias que se estenden máis alá do que se entende por comarca de Ordes ao incluír aos concellos de Boimorto, Cesuras, O Pino, Sobrado e Vilasantar. Queremos agradecer a J.M. Vázquez Lijó a axuda prestada na localización e xestións para a reprodución deste expediente e doutra documentación simanquina que serve de base a este traballo.

[1238] Caso das parroquias dos actuais concellos de Sobrado e Vilasantar.

[1239] AGS, DGR, 1ª Remesa, Leg. 1206, S. Julián de Poulo e Leg. 1199, Sta. Mª. de Ordes.

colectivo, presenta parecidas dúbidas acerca da súa representatividade[1240], se ben a xeral asistencia dos cabeza de casa a estes "autos" parece máis probable dado que se trata de coñecer a riqueza que a cada un se lle imputa con fines fiscais. Polo que respecta ás que aquí se utilizan, puidemos comprobar que non asinan a totalidade dos que saben facelo, algúns mesmo citados nominalmente na relación de veciños presentes[1241]. Aínda así e pese á ausencia destes alfabetizados, a proporción de asinantes non resulta aberrante de maneira que ao noso xuízo poden ser aceptados como indicadores aproximados dos niveis de instrución de mediados do século XVIII.

Pero a verdadeira utilidade dos "autos diminutos" de 1761 está en permitir identificar nas comprobacións dos *Libros personales* e *reales* ás familias e os patrimonios dos individuos supostamente alfabetizados. Os *Libros reales* desta fonte en xeral están lonxe do grao de detalle que presenta a de 1752 posto que se limitan a consignar o número total de "partidas"[1242] de cada declarante, indicándose soamente as características daquelas que en 1752 non se anotaran ou a descrición das cales non se axustaba á realidade, así como as de aquelas outras que cambiaran de mans, xa fose mediante compravenda , herdanza ou permuta. O número de partidas non ten unha correspondencia exacta co tamaño e valor da superficie agraria posuída por cada declarante se se ten en conta que canta máis superficie declara un individuo maior é o tamaño e a calidade das súas "partidas"[1243]. Con todo, cremos que é suficiente para reflectir o nivel de riqueza de cada veciño e é útil para a relación que aquí nos propoñemos establecer entre grao de alfabetización e patrimonio.[1244].

Para realizar a mesma operación a mediados do século XIX temos que recorrer á combinación de dúas fontes municipais: o *Padrón de habitantes* e a *Contribución rústica* do Concello de Frades[1245]. A *Contribución Rústica*, a diferenza do Catastro de Ensenada, non indica o patrimonio senón que xa presenta elaborado o produto anual impoñible de cada contribuínte, a partir do cal se pode estimar o seu nivel de riqueza; co Padrón de habitantes podemos coñecer as características do grupo familiar en 1852.

Polo que se refire ao coñecemento da rede escolar valémonos do Padrón Calle-hita de 1708[1246] e do propio *Catastro de Ensenada* na medida que unha e outra fonte indican a profesión dos veciños e por iso a do mestre. Para mediados do século XIX é de grande utilidade o *Diccionario Geográfico Estadístico de P. Madoz* a pesar das discordancias que presentan os datos conforme se tomen as entradas por parroquia, municipio ou partido xudicial.[1247].

[1240] REY CASTELAO, O., "Niveles..., op. cit.., GELABERT, J. E., "Niveaux..., op. cit.

[1241] É o caso dos mestres ou de individuos que han de ter unha mínima instrucción como o administrador da renda de Tabaco do partido de Poulo.

[1242] "Partida" equivale ás "piezas" dos reais de 1752, aínda que tamén pode referirse a outros bens raíces como casas e muíños. "Pieza" non é exactamente o mesmo que parcela anque, ás veces, poidan coincidir. ao respecto desta cuestión véxase SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía, política...,* op. cit., pp. 219 e ss.

[1243] Tal como demostraron os estudios de historia rural referidos a diferentes comarcas de Galicia incluída a aquí estudiada. O tamaño medio das pezas de terra declaradas en 1752 era de 0.29 Has.

[1244] Baleiráronse integramente as comprobacións dos *Libros personales* de 25 localidades e os reais de 15, así como os "autos diminutos" e asentos individuais dos asinantes doutras 5 localidades, unhas e outras correspondentes aos actuais municipios de Frades, Ordes e Oroso, AGS, DGR, 1ª Remesa, Leg.: 1449, 1150, 1152, 1153, 1156, 1159, 1164, 1165, 1169, 1172, 1180, 1181, 1187, 1192, 1194, 1199, 1201, 1202, 1206, 1215, 1221, 1221, 1225, 1226.

[1245] Archivo Municipal de Frades, Hacienda, Contribución Rústica, leg. 245 e Servicios, Población, Padrones de Habitantes, leg. 338).

[1246] Sobre esta fonte véase EIRAS ROEL, A., *La población...,* op. cit.,. p. 30 e ss.

[1247] A xuízo de Ofelia Rey esto se debería á "distinta percepción de los conceptos escuela e maestro por autoridades y vecinos" (REY CASTELAO, O., "Niveles..., op. cit.).

10.2 A EVOLUCIÓN DOS NIVEIS DE ALFABETIZACIÓN

O estudio da alfabetización masculina e feminina por separado é unha esixencia metodolóxica motivada tanto polo desfase abismal que separa a varóns e mulleres nos niveis de instrución, como pola maior abundancia de información que presentan as fontes sobre os primeiros na sociedad patriarcal do Antigo Réxime. Por iso, ao tratar a evolución dos niveis de alfabetización nos referimos á masculina indicando ao final o pouco que a documentación nos permite saber sobre o sector feminino.

A partir das escrituras de compravenda (Táboa 2) obsérvase como desde a metade do século XVIII á do XIX produciuse un incremento de asinantes de case 22 puntos –pásase do 34.9% ao 56.4%-. Supoñendo que se tratase das cifras reais –xa vimos que non - aínda estarían moi por debaixo dos niveis coñecidos para a mitade sur do litoral galego, situadas en torno ao 50%[1248], e na liña do documentado por M. Sanz para áreas rurais do interior pontevedrés –Sta. Xusta de Moraña- e mesmo por riba doutras como as xurisdicións de Achas ou Montes durante o século XVIII[1249]. Se a partir dos datos do censo de 1860 se fai unha extrapolación para un século antes tomando como referencia as cifras das escrituras de compravenda, resulta unha porcentaxe de alfabetizados –15.7%-, algo menos de tres puntos por riba do 13.2% de asinantes -incluídos curas- obtido a partir dos "autos diminutos" do Catastro de Ensenada. Esta distancia, que podería deberse ao feito xa indicado de que nos "autos diminutos" non asinan tódolos que saben facelo, permite observar que a marxe de erro desta fonte como indicadora dos niveis de alfabetización é reducida. Século e cuarto antes, segundo o *Donativo de 1635,* fano o 5.5% dos veciños laicos do partido fiscal de Mesía -6.4 contando só os actuais concellos de Frades, Ordes, e Oroso- cando no conxunto da provincia de Santiago o fai o 7.8% da poboación rural[1250].

Cremos que as sinaturas das testemuñas dos expedientes fiscais poden asimilarse ás dos mordomos de fábrica, indicador utilizado nalgúns traballos[1251] cos que se poden comparar. A finais do século XVI asinan nos *Expedientes de Hacienda* das 63 parroquias que reúnen os partidos de Montaos e Mesía o 18.9% das testemuñas. No *Catastro* de 1761 fano o 39% dos peritos e no *Padrón de habitantes de Frades* de 1852 o 52.2%. Polo tanto, a evolución seguida polas sinaturas das testemuñas e peritos non coincide coa que vimos (Táboa 3); neste caso o gran salto se daría no espazo temporal que abarca o século XVII e a primeira metade do XVIII e a explicación podería estar no acceso escalonado á instrución dos distintos estratos sociais na orde que marca a riqueza, aínda que non se debe descartar a presenza do sesgo que poidese introducir o eventual cambio dos criterios de elección de testemuñas e peritos ao longo deste período para expedientes administrativos dispares.

En conclusión, resulta evidente que os niveis de alfabetización creceron ao longo do período estudado calesquera que sexan as fontes consultadas, algo que non difire do que se sabe para o conxunto de Galicia. As fontes fiscais de 1635 e 1761 revelan casi unha duplicación do número de asinantes laicos que case se multiplican por dous neste primeiro tramo –do 6.4% ao 11.1%- e o mesmo ocorre no século que arranca en 1761 ao pasarse do 13.2% ao 25% do total varóns alfabetizados, incluído o clero. Os valores "inflados" das compravendas presentan un ritmo de crecemento bastante proporcional a este ao pasar do 34.9% de mediados do XVIII ao 56.4% da metade do XIX polo que o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1248] Como na península do Salnés (PÉREZ GARCÍA, J.M., *Un modelo...,* op. cit., p. 386).
[1249] SANZ GONZÁLEZ, M., "Alfabetización…, op. cit.
[1250] GELABERT, J. E., "Niveaux..., op. cit.
[1251] BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción...,* op. cit., p. 533, onde ao longo de todo o século asinan o 21.6% dos mordomos.

verdadeiro crecemento máis avultado non se produciu antes de 1760 ao igual que noutras zonas de Galicia[1252].

Porén, a evolución seguida polsd sinaturas das testemuñas e peritos dos *Expedientes de Hacienda* de finais do século XVI, do *Catastro de Ensenada* de 1760 e del *Padrón de habitantes de 1852* do concello de Frades non coincide con esta evolución (Táboa). Neste caso o gran salto teríase dado no espazo temporal que abarca o século XVII e a primeira metade do XVIII e a explicación podería estar no acceso escalonado á instrución dos distintos estratos sociais na orde que marca a riqueza.

Táboa 1. Alfabetizados no partido xudicial de Ordes segundo o *Censo de 1860*

Maiores de 5 años		**Só len**		**Len e escriben**		**Len e/ou escriben**	
	nº	nº	%	nº	%	nº	%
Varóns	12 221	407	3,3	2 688	22,0	3 095	25,3
Mulleres	14 334	52	0,4	71	0,5	123	0,9
Total	26 555	459	1,7	2 759	10,4	3 218	12,1

Táboa 2. Porcentaxe de asinantes nos varóns a partir das escrituras de compravenda

	Individuos	**Sinaturas**		**Don**	
	nº	**nº**	**%**	**nº**	**%**
1751-60	298	104	34,9	27	9,1
1851-60	321	181	56,4	48	15,0
Total	619	285	46,0	75	12,1

Táboa 3. Porcentaxes de testemuñas de testemuñas asinantes nos expedientes fiscais de 1588-97, 1761, e Padrón de Frades de 1852.

	Individuos	**Asinantes**	**%**
1588-97	175	33	18,9
1761	93	37	39,8
1852	46	24	52,2

Polo que se refire á alfabetización feminina convén recordar que en 1860 a proporción de maiores de 5 anos que sabían ler e/ou escribir non acadaba a unidade - 0.9%- cando en Galicia o facían o 6.1% e no conxunto do Estado o 14.1%.[1253]. As mulleres non deixaron pegada autógrafa nos expedientes fiscais e practicamente se pode dicir o mesmo da documentación notarial desta comarca, o que quere dicir que ningunha fonte presenta indicios de que a alfabetización feminina fose superior á que indica o censo de 1860. Nas escrituras de compravenda o 24.3% dos/das participantes son mulleres, se ben a súa presenza aumentou entre mediados do XVIII e XIX: 20% en 1751-60 e 28% en 1851-60. Do total das 223 mulleres que se mencionan nos dous períodos tan só documentamos as sinaturas de dous a mediados do século XIX, mentres na etapa estudada na centuria anterior nin unha soa das 83 que toman parte nalgunha transacción nos deixou a súa rúbrica.[1254].

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1252] Margarita Sanz González amén constatou para Pontevedra que o crecemento da segunda mitade do XVIII foi moi superior ao da primeira parte do século, SANZ GONZÁLEZ, M., "Alfabetización…, op. cit.
[1253] REY CASTELAO, O., "Niveles..., op. cit.
[1254] As dúas asinantes levan tratamento de "doñas" e residen na capital do partido xudicial, mentres no século XVIII no territorio da actual provincia de Pontevedra xa firmaban nas compravendas o 10.5%, M. Sanz, op. cit.

10.3 SINATURAS, FAMILIA E PATRIMONIO

A relación entre niveis de riqueza e alfabetización foi demostrada noutros traballos e a través de distintas fontes . Deixando aparte o coñecido traballo de Gelabert a partir do Donativo de 1635, o máis frecuente foi facelo a partir das escrituras de compravenda hachando por separado as proporcións de asinantes segundo sexan estes compradores ou vendedores ao entender que quen vende un ben raíz adoita estar nunhas condicións de inferioridade socioeconómica con respecto ao comprador. Tomando esta fonte para a zona aquí estudada, a distancia que separa a uns e outros no que respecta á presenza ou ausencia de sinaturas é maior que o observado noutras áreas. Así, no período 1751-60 se o 25.4% dos vendedores estampan a súa rúbrica, a proporción de compradores superaos en algo menos de 20 puntos –44.1%-. Outro elemento bastante revelador das diferenzas económicas entre os contratantes é a superior presenza de suxeitos con tratamento de "don" entre os compradores –16.8%- respecto aos vendedores –4.3%-.

Táboa 4. Porcentaxe de asinantes segundo sexan vendedores ou compradores

	Vendedores				Compradores			
Anos	**Individuos**	**Sinaturas**		**Don**	**Individuos**	**Firmas**		**Don**
		nº	**%**	**%**		**Nº**	**%**	**%**
1751-60	189	48	25,4	4,2	161	71	44,1	16,1
1851-60	203	111	54,7	8,9	180	109	60,6	24,4
Total	392	159	40,6	6,6	341	180	52,8	20,5

Un século despois, en 1851-60, a distancia entre uns e outros vese reducida a pouco máis da terceira parte –5.9 puntos- ao asinar agora o 54.7% dos vendedores e o 60.6% dos compradores. A este feito cabe darlle unha dobre interpretación. Podería estar revelando un acceso máis universal da poboación ao ensino, menos condicionado por factores socioeconómicos, pero tamén unha menor participación dos que menos teñen nas transaccións de bens raíces, como podería deducirse da duplicación dos "don" entre os vendedores. Inclinámonos pola primeira opción habida conta da mellora substancial que experimenta a rede escolar no transcurso do século que arranca de 1752, como veremos máis adiante. Así, a maior abundancia de mestres implicaría un teórico abaratamento dos seus honorarios facilitando o acceso á escola dun espectro social máis amplo. En consecuencia, o aumento de alfabetizados daríase, sobre todo, entre os sectores menos favorecidos da sociedade e en menor proporción entre os sectores medios-altos tal e como se desprende do superior incremento de asinantes no grupo dos vendedores, 29.3 puntos fronte aos 16.5 dos compradores. O incremento do número de individuos que preceden o seu nome co "don" a mediados do século XIX tería a súa orixe na crecente flexibilidade do uso deste tratamento.

A relación entre as características do agregado doméstico e a súa riqueza patrimonial foi demostrada con anterioridade para mediados do século XVIII a partir do *Catastro de Ensenada*. Engadimos agora a variable da alfabetización para esa mesma época e para un século despois a partir da *Contribución Rústica* e o *Padrón municipal de habitantes de 1852* do Concello de Frades. Pero antes de abordar esas épocas vexamos cal é a relación entre alfabetización e riqueza a partir do *Donativo de 1635*, algo que xa é coñecido para o conxunto da provincia de Santiago a partir do citado traballo de Juan E. Gelabert. Pois ben, despois de efectuar o mesmo cálculo para a zona aquí estudada e, tal como demostrou este autor, sinaturas e cantidade entregada como donativo gardan unha correspondencia inequívoca nunha sociedade marcadamente polarizada no económico.

Para velo é suficiente con constatar como a media de reais pagados por aqueles veciños que asinan triplica á dos que non o fan (Táboa 131). Pero a correlación resulta

aínda máis evidente si se poñen en relación as cantidades pagasdas e a porcentaxe de sinaturas dos seus pagadores (Táboa 132): a proporción de asinantes crece conforme aumenta a cantidade abonada ao rei. O gran número de pobres –19.9%-, máis do triplo da que resulta para o conxunto da provincia de Santiago -5.9%- dos cales ningún rubrica, contribúe a rebaixar a proporción global de asinantes aínda que a porcentaxe de sinaturas é en todos os tramos menor que o que nos presenta por Gelabert

Táboa 5. Donativo de 1635: asinantes y media de reais por veciño

	Reais pagados	Veciños	Media reales/vecino
Non asinantes	2296	1062	2,16
Asinantes	420	62	6,77
Total	2716	1124	2,42

Táboa 6. Donativo de 1635: escala de asinantes e reais por veciño

Reais pagados		Vecinos		Asinantes	
Tramos	**Media**	**Nº**	**%**	**Nº**	**%**
Pobres	0,0	225	19,9		0,0
1 a 2,5	1,5	561	49,7	21	3,7
3 a 5	3,4	229	20,3	13	5,7
6 a 9	6,7	88	7,8	18	20,5
10 a 50	21,0	25	2,2	10	40,0
Total	2,4	1128	100	62	5,5

Coas fontes fiscais que permiten conectar sinaturas e riqueza pódese obter unha imaxe máis nidia que a extraída das compravendas. Así, a partir do *Donativo de 1635* de Mesía obsérvase, tal como demostrou Juan E. Gelabert para a Galicia occidental, que sinaturas e cantidade entregada como donativo gardan unha correspondencia inequívoca nunha sociedade marcadamente polarizada no económico[1255]. Para velo é suficiente constatar como a media de reais pagados por aqueles veciños que asinan triplica á dos que non o fan -6.77% fronte a 2.16%- (Táboa 5). Pero a correlación resulta aínda máis evidente se se poñen en relación as cantidades pagadas e a porcentaxe de sinaturas dos seus pagadores (Táboa 6): a proporción de asinantes crece conforme aumenta a cantidade abonada ao rei. O gran número de pobres –19.9%-, máis do triple que no conxunto da provincia de Santiago -5.9%- ningún de os cales rubrica, contribúe a rebaixar a proporción global de firmantes; aínda así as porcentaxes de alfabetizados da Táboa 6 son inferiores en cada un dos seus tramos aos investigados por Gelabert para a Galicia occidental.

En 1761 o indicador de riqueza é o número de partidas declarado por cada veciño. Aquí as diferenzas entre a media de partidas consignadas por asinantes -18.8- e non firmantes[1256] -11.5- non gardan distancias tan marcadas como as que acabamos de ver para 1635, aínda que ao respecto disto deben recordarse as apreciacións que se fixeron máis atrás en relación ao maior valor das partidas dos que máis teñen. A isto hai que a

[1255] Os primeros tramos de contribución –de 0 a 2.5 reais a suman o 69.7% da veciñanza pagando unha media de 1 real- e cunha minoría do 10% que contribúe unha media de 10 reais o que supón o 41% do total dos 2716 reais con que contribúe o partido fiscal de Mesía.

[1256] En 1760 se entenderá por "non firmantes" aqueles que sendo citados nominalmente nos autos diminutos non rubrican. Para calcular a media de partidas dos asinantes excluímos a D. Joaquín Becerra, fidalgo de Sta. Mª de Ordes, que no contorno das 15 parroquias baleiradas reúne 484 partidas ocupando o primeiro lugar no "ranking" de riqueza e elevando a media de partidas por firmante a 24.8, máis do dobre que as dos non firmantes.

sumar outro elemento indicativo das diferenzas de fortuna entre asinantes e non firmantes: o número de individuos que non declaran terras, que se no conxunto global supoñen o 42% dos asentos, entre os asinantes redúcense ao 28%.

Táboa 7. *Donativo de 1635* do partido de Mesía: asinantes e media de reais por veciño

	Reais pagados	veciños	Media reais/veciño
Non firmantes	2296	1062	2,16
Firmantes	420	62	6,77
Total	2716	1124	2,42

Táboa 8. *Donativo de 1635* do partido de Mesía: escala de asinantes e reais por veciño

Reais pagados		Veciños		Asinantes	
Tramos	**Media**	**Nº**	**%**	**Nº**	**%**
pobres	0,0	225	19,9		0,0
1 a 2,5	1,5	561	49,7	21	3,7
3 a 5	3,4	229	20,3	13	5,7
6 a 9	6,7	88	7,8	18	20,5
10 a 50	21,0	25	2,2	10	40,0
Total	2,4	1128	100	62	5,5

Táboa 9. *Catastro de Ensenada* de 1761: partidas por declarante en 15 parroquias da comarca de Ordes

	Asentos	Nº de partidas	Media contribuínte	% sin terras
Total veciños	789	8899	11,3	42,3
Asinantes	76	1429	18,8	27,6
Non asinantes	101	1160	11,5	36,0

Táboa 10. *Contribución rústica* dos veciños do Concello de Frades en 1852

	Contribuíentes	Produto anual impoñible en reais	
		total	**media**
Total veciños	526	390182	741,8
Firmantes	43	39936	928,7

Táboa 11. Composición do agregado familiar segundo a aptitude para asinar do/a xefe/a na comarca de Ordes en 1761

	Número fogares	Esposa	Fillos/as	Fillos/as políticos.	Netos	Ascendentes e colaterales	Criads.	Outros	Total
Total poboación	1174	0,71	1,90	0,12	0,19	0,17	0,23	0,15	4,5
Total masculinos	987	0,85	2,07	0,13	0,21	0,18	0,20	0,15	4,8
Asinantes	102	0,80	2,26	0,10	0,25	0,24	0,52	0,23	5,4
Non asinantes	179	0,79	2,05	0,10	0,18	0,20	0,16	0,21	4,7

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os individuos que asinan non só posúen patrimonios máis crecidos senón que as súas familias tamén son de tamaño algo superior á media. En efecto, se o tamaño medio dos fogares daqueles que sendo citados non asinan nos "autos diminutos" se sitúa en torno aos 4.7 individuos/fogar, os lumes dos vecinos que nos deixaron a súa rúbrica reúnen

unha media de 5.4 individuos/fogar[1257]. As diferenzas veñen dadas en boa medida polo maior aporte de servizo doméstico que rexistran as familias destes últimos –0.52 fronte a 0.16 criados/fogar-[1258] o que é un indicio claro do maior nivel de riqueza dos primeiros. Fóra do aporte de criados, a diferenza na configuración dos fogares vén dada polo número de fillos -0.21 superior entre os firmantes- e pola suma de diversos aportes pouco significativos cuantitativamente (netos, ascendentes e colaterales). Ademais, a idade media dos asinantes é algo superior que a dos que non asinan –44.61 fronte a 46.20- algo que pode ter dúas explicacións non excluíntes: que entre os máis xoves o nivel de alfabetizados sexa superior e/ou que moitos anciáns que sabían asinar non o fagan por ter perdido esta destreza.

Táboa 12. Composición do agregado familiar segundo a aptitude para asinar do/a xefe/a no Concello de Frades en 1852

	Fogares	Esposa	Fillos/as	Fillos/as politics.	Netos	Ascendentes e colaterales	Criads.	Outros	Total
Total poboación	425	0,74	2,05	0,21	0,17	0,23	0,08	0,06	4,54
Total masculinos	374	0,83	2,02	0,21	0,17	0,24	0,06	0,06	4,60
Asinantes	43	0,79	2,26	0,16	0,14	0,58	0,14	0,05	5,12

Outra das cuestións que deben sinalarse é a maior presenza entre os signantes de individuos que se ocupan en actividades distintas da labranza, en xeral compatibilizadas con esta. Se en 1761 no conxunto da poboación os xefes de casa que exercen unha destas ocupacións supoñen o 13% do total, no caso dos varóns que estampan a súa firma no *Castastro de Ensenada* a proporción ascende ao 22.5%. é dicir que a práctica dun oficio levaría aparellada en máis casos o coñecemiento da lectura e escritura; de feito, dentro deste grupo o número de asinantes representaría o 29.9% se se apartan as parroquias nas que firma algún individuo destas características. A actividade distinta da labranza máis abondosa entre os asinantes é a de ferreiro –27.3%- e dos 10 ferreiros residentes nas 30 parroquias consultadas, 6 saben firmar.

En 1852 tan só logramos identificar a 43 individuos a partir das sinaturas contidas no Padrón municipal de habitantes e na *Contribución Rústica* do Concello de Frades. A mostra é reducida pero cremos que suficiente para comprobar de novo a relación entre alfabetización, familia e patrimonio. Nesta data a media por veciño do produto anual impoñible do concello de Frades é de 741.8 reais mentres que os asinantes declaran unha media de 186 reais máis -en total 928.7 reais- (Táboa 10). ao respecto da composición do agregado doméstico pode dicirse o mesmo que vimos para 1761: os fogares dos asinantes teñen un tamaño algo superior ao da media –5.1 fronte a 4.6 individuos/fogar- aínda quee a diferenza débese ao maior aporte de fillos, ascendentes e colaterales mentres que os criados, que agora teñen unha presenza social máis reducida, pasan a un segundo plano. Pola contra a proporción de fillos/as casados é menor entre os asinantes que na media xeral tal como se observa no aporte dos fillos políticos (Táboa 10).

En definitiva, é evidente a conexión entre alfabetización, agregado doméstico e patrimonio familiar tanto a mediados do século XVIII como á mesma altura do XIX pero non é a alfabetización a que afecta á configuración da familia. Pola contral, como vimos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1257] A media de individuos/fogar de todo o vecindario masculino de 23 parroquias (1174 veciños e 5247 almas) está en 4.8.

[1258] Decláranse criados no 15% do total dos fogares mentres a porcentaxe de fogares de asinantes con servizo doméstico ascende ao 26.5% e o de non asinantes ao 11.7% dos fogares. En 1752, a presenza de criados era superior en 12 parroquias da xurisdición de Folgoso: 0.31 criados/fogar presentes no 20.5% dos fogares.

no capítulo anterior é a riqueza a que permite contar con fogares máis amplos e por outra parte facilitar o acceso ao coñecemento da cultura escrita.

10.4 ALFABETIZACIÓN E TERRITORIO

En Galicia a baixa taxa de urbanización, a dispersión do hábitat rural e o mal estado da rede viaria xogaron en contra do proceso alfabetizador. Nunha comarca como esta, de hábitat moi disperso e cuxo maior núcleo de poboación non supera os 25 veciños en 1723, parecerá difícil apreciar diferenzas territoriais no que respecta aos niveis de alfabetización. Sen embargo, ao longo do período estudado sí se observan disparidades que non parecen casuais porque se atopan en relación co grao de comunicación e organización do hábitat humano. Así, través das distintas fontes manexadas, os maiores índices rexístranse naquelas localidades mellor comunicadas e que contan con núcleos de poboación máis concentrada, alomenos dende mediados do século XVIII.

A partir do *Donativo de 1635* do amplo partido fiscal de Mesía obsérvanse tamén niveis superiores -9.3% de firmantes- nas parroquias atravesadas por vías importantes (actuais concellos do Pino, Ordes e Oroso), mentres que as parroquias máis interiores e peor comunicadas presentan os niveis máis baixos -3.2%- (actuais concellos de Mesía, Frades, Cesuras), e en particular as adscritas ao actual concello de Boimorto -1.5% de firmantes-, o que tamén está en relación inversa coa proporción de pobres destes territorios. Excepción a isto último son cinco parroquias correspondentes aos concellos de Sobrado e Vilasantar que presentan ao mesmo tempo os máis altos índices de asinantes -10%- e de pobres -31%-, excepción tamén á regra de maior alfabetización segundo nivel de riqueza. Tanto os altos índices de Vilasantar-Sobrado como os baixos de Boimorto son corroborados polas sinaturas das testemuñas dos Expedientes de Facenda de 1588, 28% para os dous primeiros concellos e 4.8% para o último. Sen máis datos que estes para dar unha explicación, só podemos deixar no aire a cuestión de se co superior número de asinantes en Vilasantar-Sobrado terá algo que ver o importante mosterio cisterciense de Sta. María de Sobrado e o priorato benedictino de Sta. Mª. de Mezonzo situados dentro dos seus términos.

Como indica o *Diccionario* de P. Madoz, o camiño real Coruña-Santiago foi durante séculos a espiña dorsal da rede viaria da comarca. A partir das escrituras de compravenda de mediados do século XIX obsérvase que nas parroquias atravesadas por esta vía a proporción de asinantes se eleva ao 84%. E o mesmo revelan os "autos diminutos de 1761 nos que nestas parroquias o nivel de rúbricas casi duplica ao resultado global: 21.7% de asinantes legos fronte ao 11.1% global. Polo que respecta á organización do hábitat tamén se aprecian maiores niveis de alfabetización naquelas localidades que xogaron o papel de cabeceira comarcal entendendo por tal aquela que agrupa maior número de veciños e presenta máis diversidade de actividades económicas. Esta circunstancia dáse tanto a mediados do século XVIII como a mediados do XIX, pese a que non transcurso do século que separa ambas datas a “capital” cambiou de localidade.

En efecto, a localidade de Poulo sobresaía en número de veciños -25 en 1723-[1259] por riba das restantes aldeas grazas a unha maior, anque modesta, diversificación económica derivada da súa estratéxica posición no camiño que unía as cidades de Santiago, A Coruña e Betanzos. Nas escrituras notariais de 1751-60 presenta un 40% de firmas, 7 puntos por riba da media comarcal e nos "autos diminutos" un 26.3% de asinantes leigos. A finais dos anos sesenta do século XVIII o cambio de trazado da verea Coruña-Santiago deixou a Poulo fóra do seu itinerario,[1260] o que no século XIX levará á administración liberal a situar a capital do partido xudicial na parroquia de Sta. Mª. de

[1259] AHDS, Estadística, L. 13, *Lugares, frutos*, ..., fol. 575.
[1260] AGS, SS. Hacienda, Leg. 912.

Ordes que a estas alturas xa tomara o relevo de Poulo. Durante 1851-60 saben asinar o 88.6% dos veciños de Ordes -un século antes só o facían o 25%- mentres os "pouleiros" rexistran agora un 60% de firmantes, na liña da media comarcal –56.9%-. Para entender as altas porcentaxes da xove "vila" de Ordes debe terse en conta que desde que esta localidade asume a capitalidade xudicial, nela pasan a residir toda unha serie de individuos relacionados coa administración municipal e xudicial con un grao de formación que como mínimo inclúe o coñecemiento da lectura e escritura e que participan con frecuencia nas transacciones de bens raíces.

Táboa 13. Porcentaxe de sinaturas en escrituras de compravenda nos concellos do partido xudicial de Ordes, 1851-1860

Municipios		Sinaturas		Don	
	Varóns	Nº	%	Nº	%
Buxán	9	5	55,6	0	0
Cerceda	64	22	34,4	3	4,7
Frades	78	38	48,7	12	15,4
Mesía	21	11	52,4	5	23,8
Ordes	91	69	75,8	21	23,1
Oroso	29	14	48,3	4	13,8
Tordoia	22	13	59,1	2	9,1
Trazo	16	9	56,3	1	6,3
Total	330	181	56,4	48	14,5

Táboa 14. Testemuñas que asinan en *Expedientes de Hacienda* de Mesía (1588) e Montaos (1597)

Concellos	Tetemuñas	Sinaturas	
		Nº	%
Boimorto	21	1	4,8
Ordes/Oroso	36	4	11,1
Frades/Mesía	52	11	21,2
O Pino	9	3	33,3
Abegondo/Cesuras	21	4	19,0
Cerceda	4	1	25,0
Arzúa/Vilasantar/Sobrado	32	9	28,1
Total	175	33	18,9

Táboa 15. *Donativo de 1635* do partido fiscal de Mesía

Concellos	Nº parroquias	Veciños	Donativo	%	%	Media donativo
				Sinaturas	Pobres	
Boimorto	10	206	442	1,5	17,0	2,1
Mesía/Frades	18	442	846	3,2	29,6	1,9
Cesuras	5	57	209	3,5	3,5	3,7
Ordes/Oroso/Pino	8	281	949,5	9,3	6,0	3,4
Sobrado/Vilasantar	5	129	114	10,1	31,8	1,4
Total	46	1115	187	5,2	20,3	2,4

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

No censo de 1860 tamén se aprecian algúns contrastes pronunciados entre os municipios que integran o partido xudicial de Ordes. O máis destacado é a inferioridade que presenta o concello de Cerceda en canto ao nivel de instrución, territorio de orografía algo máis movida e mal comunicado coas vías principais: se o número de alfabetizados supón o 12% da poboación maior de 5 anos do partido xudicial, no caso do municipio

mencionado tal porcentaxe redúcese ao 4.6%. O que en principio podería parecer unha errata da fonte vese corroborado a través dos datos extraídos das escrituras de compravenda xa que no período 1851-60 asinan tan só o 34.9% dos veciños do término municipal en cuestión cando a media comarcal é do 56.4%.

Táboa 16. Alfabetización da poboación maior de 5 anos no partido xudicial de Ordes segundo o *Censo de 1860*

Municipios			Len		Len e escriben		Len e/ou escriben	
		Número		%	Número	%	Número	%
Buxán	Mulleres	2 041	9	0,4	9	0,4	18	0,9
	Varóns	1 522	86	5,7	373	24,5	459	30,2
Cerceda	Mulleres	1 780	0	0,0	0	0,0	0	0,0
	Varóns	1 590	0	0,0	155	9,7	155	9,7
Frades	Mulleres	1 572	7	0,4	9	0,6	16	1,0
	Varóns	1 308	50	3,8	346	26,5	396	30,3
Mesía	Mulleres	1 808	2	0,1	10	0,6	12	0,7
	Varóns	1 505	34	2,3	348	23,1	382	25,4
Ordes	Mulleres	2 550	10	0,4	30	1,2	40	1,6
	Varóns	2 393	26	1,1	488	20,4	514	21,5
Oroso	Mulleres	1 381	19	1,4	11	0,8	30	2,2
	Varóns	1 241	92	7,4	329	26,5	421	33,9
Tordoia	Mulleres	1 527	4	0,3	2	0,1	6	0,4
	Varóns	1 299	93	7,2	241	18,6	334	25,7
Trazo	Mulleres	1 675	1	0,1	0	0,0	1	0,1
	Varóns	1 363	26	1,9	408	29,9	434	31,8
Total		26 555	459	1,7	2 759	10,4	3 218	12,1

Outro dos desaxustes reseñables entre compravendas e censo é o que se rexistra coas cifras correspondentes ao concello de Ordes onde asinan o 76.7% dos participantes nas compravendas. A explicación parece estar na participación máis frecuente nas operaciones de compravenda de bens raíces dos individuos residentes na "vila" en detrimento dos procedentes do rural. Así os primeiros estampan a súa firma no 88.6% dos casos mentres os segundos fano no 69.1%. Con todo as cifras do rural seguen sen gardar proporción coas que revela o censo de 1860.

10.5 A REDE ESCOLAR

Se ben a escola non supuña a única vía de alfabetización -lémbrese a importancia da educación intrafamiliar-, pódese dicir que si era a máis efectiva en termos cuantitativos como demostraron outros traballos,[1261] polo que tendo en conta os baixos índices de 1860 non se pode esperar unha situación moi satisfactoria no que se refire á rede escolar. En efecto, nos anos corenta do século XIX os redactores do *Diccionario* de P. Madoz non poden ser máis claros no seu xuízo sobre a situación da instrución pública deste partido xudicial, que *...se halla en el estado más deplorable pues si bien hay 30 escuelas, todas ellas carecen de dotación así como de maestro con título de suficiencia, según los datos que tenemos a la vista; de ellos resulta que el número de los concurrentes es de 622 que está en razón a la población 1 a 33,6.*[1262].

A primeira noticia que temos sobre o número de mestres refírese a principios do século XVIII. De entre os 895 veciños que en 1708 reunían as 20 parroquias da

[1261] SANZ GONZÁLEZ, M., "Alfabetización…, op. cit.
[1262] MADOZ, P., *Diccionario…*, op. cit., p. 879.

xurisdición de Folgoso, só un declara a súa adicación ao ensino das primeiras letras[1263]. Máis seguros parecen os datos do Catastro de Ensenada pero non máis alentadores. Entre as *Respuestas Generales* e os *Libros personales* de 30 freguesías dos actuais municipios de Frades, Ordes e Oroso tan só se documentan 3 mestres tanto en 1752 como en 1761. Ningún dos rexistrados na primeira data continúa exercendo como tal nove anos máis tarde e só a parroquia de S. Xiao de Poulo mantén escola nas dúas datas.[1264].

Noutras áreas de Galicia a ausencia de iniciativa estatal en materia escolar foi suplida parcialmente por fundacións educativas de concellos, institucións relixiosas regulares, ou acaudalados benefactores, xa fosen fidalgos ou emigrantes enriquecidos. Pero a comarca aquí estudada carece de institucións municipais ata a implantación do réxime liberal, non conta con comunidade regular algunha, a fidalguía local é, en xeral, bastante mediocre e a emigración ten carácter anecdótico ata a segunda metade do século XIX. non hai, polo tanto, outra iniciativa educativa que a que poida partir do propio interese dos campesiños con certo desafogo económico, situación que non disfrutan boa parte dos labradores da comarca aquí estudada tal como xa se demostrou.

Das 30 escolas que menciona o *Diccionario* de P. Madoz (c. 1845) para todo o partido xudicial, só se indica o carácter público de dúas, o que fai supoñer que as restantes eran privadas, pagadas polos pais dos alumnos, temporais na maior parte dos casos e sen edificio propio, situación xeral para o conxunto da Galicia rural[1265]. Trátase de escolas mixtas, se ben o alumnado é masculino na súa inmensa maioría –89%-, quedando reducida a presenza feminina ao 3% se se exclúe do cómputo ao concello de Ordes[1266]. De ser correctas as cifras do mencionado municipio –34.2% de nenas entre o alumnado- puidese estar revelando unha maior asistencia feminina á escola naquelas áreas con núcleos de poboación máis concentrada e mellor comunicados co mundo urbano posto que as escolas de Ordes se sitúan nas parroquias atravesadas pola vía que une as cidades de Santiago e A Coruña –Sta. Mª de Ordes, S. Pedro de Ardemil e Sta. Mª de Leira-. En 1860 a situación mellorou no que respecta ao número de escolas públicas, aínda que non parece atribuíble á recente lei Moyano de 1858. Rexístranse agora en todo o partido xudicial 16 escolas situadas na súa práctica totalidade nas capitais municipais, o que non salva o problema presentado pola dispersión do hábitat de xeito que a ratio habitantes/escola –1931- segue por debaixo da media galega.[1267].

Dos maestros pouco máis podemos saber que o que documenta o *Catastro de Ensenada* para mediados do século XVIII. Dos seis localizados entre 1752 e 1761, dous de eles exercen ao mesmo tempo outras actividades distintas da labranza ligadas con frecuencia ao ensino –un notario e un crego-, pluriempleo obrigado pola curtidade dos ingresos xerados por esta actividade -unha media de 163 reais anuais-[1268]. ao respecto disto maniféstase o *Diccionario* de Madoz, que se ben non indica a cuantía dos salarios a mediados do XIX, tal como fai para outras zonas, tacha de "mezquinas" as retribucións dos mestres e entende que esta é a causa de que as escolas "estén servidas por maestros

[1263] AHUS, Padrón calle-hita de 1708, Ref. 28-2-1, mazos 1-4. Trátase da parroquia de Sta. María de Senra.
[1264] Margarita Sanz entende que na situación das escolas é máis decisivo o dinamismo económico da localidade que o seu número de habitantes, (SANZ GONZÁLEZ, M., "Alfabetización…, op. cit.).
[1265] MADOZ, P., *Diccionario…,* op. cit., p. 1278.
[1266] En Galicia o alumnado feminino supuña un 14% e na provincia da Coruña o 18.3% (REY CASTELAO, O., "Niveles..., op. cit.).
[1267] Datos tomados de BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R, *Historia …,,* op. cit., p. 43 e ss.
[1268] Margarita Sanz estima nun 46% o número de mestres que tiñan outro oficio e un soldo medio de 116 reais/ano (SANZ GONZÁLEZ, M., "Alfabetización…, op. cit.). Os soldos dos de Ordes, que oscilan entre os 130 e os 220 reais, están na liña do que calculou O. Rey para a actual provincia da Coruña –161 reais anuales- máis substanciosos que os de Pontevedra na medida que os mestres son máis escasos (REY CASTELAO, O., "Niveles..., op. cit.).

que carecen de título de suficiencia...” tan pouco instruídos que só “proporcionan algunos rudimentos” o alumnado[1269].

Táboa 17. Escolas do partido xudicial de Ordes segundo o *Diccionario* de Pascual Madoz (c. 1845)

Concellos	Escolas	varns.	mullrs.	Total	Habits.	Alumnos /escola	Hbt/escola	% nenas	% parroqs. con escola
Buxán	5	130	3	133	2 687	26,6	537	2,3	41,7
Cerceda	2	26	3	29	2 739	14,5	1 370	10,3	33,3
Frades	5	90	4	94	2 806	18,8	561	4,3	41,7
Mesía	4	82	6	88	2 635	22,0	659	6,8	33,3
Ordes	4	60	26	76	3 900	19,0	975	34,2	30,8
Oroso	2	?	?	35	2 321	17,5	1 161	?	18,2
Tordoia	?	?	?	?	4 869	?	?	?	?
Trazo	?	?	?	?	4 979	?	?	?	?
TOTAL	30			622	26 936	20,7	898		34,5

Xa se indicou que a mediados do século XIX tanto as escolas como os maiores índices de alfabetización se documentan nalgunhas das parroquias atravesadas polo camiño carreteiro que une as cidades de Santiago e A Coruña. Pola contra, Cerceda, o municipio de orografía máis movida, peor comunicado e con taxas máis baixas de alfabetización, presenta a ratio habitantes/escola máis alta do partido xudicial tanto en 1845 como en 1860 quedando ben patente a relación entre alfabetización, número de escolas e comunicacións.

Recapitulando, o número de escolas teríase multiplicado de xeito nontable no período comprendido entre 1708 e mediados do século XIX, se ben o gran impulso se daría despois de 1760, o mesmo que vimos cos niveis de alfabetización. Se a principios deste século tan só o 5% das parroquias contaba con mestre, a mediados eran o dobre –10%- e un século despois triplicaríanse -30%-, igualando a cifra obtenida por M. Sanz para a provincia de Pontevedra nesta última data. Isto último suporía unha mellora moito maior que a documentada nesa provincia se se ten en conta as cotas moito máis baixas das que se parte na comarca de Ordes[1270]. Do mesmo modo a ratio entre a poboación e o número de ensinantes reduciríase en algo máis da metade ao pasar dos 1749 habitantes/escola de 1760 aos 821 dos años corenta do século XIX, cifra esta última moi inferior ás coñecidas para o conxunto provincial e galego[1271]. Pero características xerais de Galicia especialmente acusadas nesta comarca como a dispersión do poboamento, a elevada pluviosidade ou o mal estado dos camiños, e outras máis particulares como a incapacidade económica de moitas familias que carecían de recursos para pagar ao mestre, e, sobre todo, que necesitaban do traballo dos pequenos -xa fose na súa propia explotación ou para colocalos como criados noutras casas-, dificultaron a asistencia de boa parte da poboación infantil á escola; de maneira que nesas mesmas datas segundo o *Diccionario* de Madoz a ratio alumnos/mestre atopábase en 20.7. O ensino das letras pola vía intrafamiliar só a tiñan asegurada os fillos varóns de familias fidalgas ou dalgúns campesiños acomodados aos que sempre lles quedaba tamén a opción da escola. A escola presentábase polo tanto como o axente máis igualador no acceso á instrución, o que debeu

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

[1269] MADOZ, P., *Diccionario…*, op. cit., pp. 812.

[1270] Datos das 36 parroquias de Frades, Ordes, Oroso. das 87 freguesías do partido xudicial disfrutan de escola o 34%. Na provincia de Pontevedra documéntanse mestres no 11.7% a principios do século XVIII e o 17% a mediados e 31.46% en 1845 (SANZ GONZÁLEZ, M., “Alfabetización…, op. cit.).

[1271] Ratio de 1019 alumnos/escuela para Galicia e 1154 para a provincia da Coruña (REY CASTELAO, O., “Niveles..., op. cit.).

permitir atenuar as diferenzas de formación entre ricos e pobres durante o último século que se estudia neste traballo. Aínda así, tal e como puxeron de relevo os propios redactores do *Diccionario*, a boa cifra do número de escolas de 1845 non debe ocultar o feito da escasa asistencia do potencial alumnado. E a isto hai que sumar a pésima preparación do profesorado e uns métodos de ensino pouco didácticos entre os que destaca a dificultade engadida que supuña para os nenos galegos aprender a ler e escribir nunha lingua para eles descoñecida como o castelán, tal e como denunciara no seu día o P. Sarmiento: non só os manuais escolares –se algunha vez chegaban a estas aldeas perdidas- estaban escritos en castelán senón tamén as escrituras notariais e procesos xudiciais que, a falta de aqueles, servíanlles de substitutivo e convertíanse nas primeiras e únicas letras que chegaba a coñecer boa parte dos afortunados que aprendían a ler.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

11. CONCLUSIÓNS

Como poidemos ver polo miúdo, a comarca de Ordes presentaba a mediados do século XVIII unha superficie de suave modelado cuberta na súa inmensa maioría por monte baixo de toxos, xestas e uces. De acordo coas baixas densidades comparativas que se rexistran, o espazo cultivado a mediados do século XVIII redúcese ao 20% da superficie agraria e presenta unha paisaxe na que se combinan os terreos cercados coas pequenas agras. Dentro das terras cultivadas, as adicadas á produción cerealeira apenas deixan espazo para as hortas e os prados. O monte, carente de superficie arborada, pode ser pechado –de titularidade individual de cada posuidor- ou aberto, é dicir comunal en teoría pero de aproveitamento privado na práctica, salvo no que se refiere aos dereitos de pasto.

Como na globalidade de Galicia, o mapa xurisdicional foi bastante estable durante toda a época moderna dándose por concluídas as desputas señoriais polo control territorial da Terra de Santiago e circunveciñas que caracterizaron a Idade Media. A mediados do século XVI a organización xurisdicional do territorio estaba practicamente fixada e así se mantivo ata o final do Antigo Réxime. A práctica totalidade do territorio comarcal estaba repartido entre o conde de Altamira, que controlaba o 33%, na parte central da comarca, o arcebispo de Santiago co 32% do territorio, fundamentalmente na parte leste, e o marqués de Montaos que "señoreaba" o 24 % na parte oeste. Nos dous primeiros intentos de implantación do Novo Réxime -a "etapa docenista" e o Trienio Liberal- aplicouse a xeneralización de demarcacións municipais para un territorio que descoñecera no pasado as institucións concellís. Da "etapa doceanista" (1812-1814) apenas temos noticias e sabemos que algún concello mantivo o nome das antigas xurisdicións, como é o caso de Folgoso, documentándose unha continuidade entre as autoridades locais do Antigo Réxime e as do novo. Durante o Trienio Liberal (1820-1821) nace o partido xudicial de Poulo integrado por unha serie de concellos que si se poden documentar. Despois da morte de Fernando VII en 1833 vanse dando os pasos precisos para a definitiva implantación do Estado Liberal e abórdase, antes de nada, a reorganización política do territorio segundo os criterios de racionalidade que propugnaba o liberalismo. Así, en 1834 se implantan os partidos xudiciais, entre eles o de Ordes, que agora terá a capital na localidade homónima, arrebatándolle o rol de cabeceira comarcal a Poulo.

Na medida en que a rede viaria é un dos elementos que vertebran o territorio, o seu estudo apórtanos unha visión máis completa da configuración deste e permítennos observar como as transformacións da primeira en relación con factores económicos e político-administrativos, incidíu na estrutura da paisaxe rural e na xerarquía dos núcleos de poboación. En todo caso no período aquí estudado foron máis as permanencias que os cambios pois como teñen demostrado Elisa Ferreira e Cárlos Nárdiz, a rede viaria galega dos séculos XVI, XVII e primeira metade do XVIII coincidía fundamentalmente coa da época medieval. Aínda así ao longo deste tempo uns camiños gañaron importancia e outros a perderon en función da construción de pontes ou o establecemento de barcas, da aparición de novos itinerarios así como pola aparición, desaparición ou perda de relevancia de feiras, santuarios, etc. Outros aspectos que incidiron na transformación dos camiños foron os avances técnicos dos medios de transporte que, ao tempo que os facían más rápidos, esixían melloras nos primeiros que permitiran a súa circulación en condicións óptimas.

Precisamente, o mal estado da rede viaria foi unha das preocupacións de arbitristas e ilustrados que vían niso unha barreira para o desenvolvemento económico a nivel rexional e estatal na medida que propiciaba unha fragmentación do mercado que no caso de Galicia se concretaba nunha inusitada proliferación de feiras con limitadas áreas de

influencia que dificultaban a entrada da produción primaria en circuítos comerciais máis amplos. Os camiños que levaban a estes encontros comerciais eran os máis transitados e as feiras adoitában emprazarse en nudos viarios do mapa de camiños medievais ou nas proximidades de camiños importantes. No marco das políticas reformistas dos Borbóns e como resposta a aquela vella demanda de arbitistas e ilustrados sobre a mellora dos camiños a Coroa concebíu na segunda metade do século XVIII un plan de renovación viaria para boa parte da península a través de "caminos rectos y sólidos" que non se coñecía dende época romana. Con este plan pretendíase poñer remedio ás eivas que bloqueaban o desenvolvemento dun mercado nacional e estímular económicamente os territorios atravesados por estes camiños, pero tamén conseguir un máis efectivo control político-administrativo do territorio dende Madrid como centro do poder. Este plan tivo unha execución moi limitada polo que na primeira metade do século XIX seguía habendo unha gran permanencia dos trazados medievais, como evidencia a *Carta Geométrica* de Domingo Fontán, rede sobre a que se van superpoñer as estradas dos séculos XIX e XX; con todo, puxo as bases para o trazado das estradas da época contemporánea. De maneira xeral e salvo en tramos curtos, os camiños reais do século XVIII e as estradas do XIX seguiron os itinerarios das vías antigas xa que as limitacións técnicas da enxeñaría de camiños e pontes desas épocas non permitiron desviarse demasiado dos vellos trazados. Aínda que as grandes transformacións se van producir a partir da segunda metade do século XIX, acomodando a rede viaria á realidade político-administrativa do Estado Liberal, constátase que nas zonas máis ruralizadas os cambios foron lentos e escasos ata as primeiras décadas do XX, como vimos na parte occidental desta comarca.

Segundo Carlos Nárdiz a circunstancia que máis trastocou a rede viaria galega na Idade Media foi o desenvolvemento da cidade de Santiago de Compostela como centro relixioso e político de Galicia a partir da *inventio* do sepulcro do apóstolo. Este feito incidiu de maneira especial nunha comarca como a de Ordes emprazada entre Compostela e as vilas e cidades litorais e prelitorais do noroeste de Galicia favorecendo a relevancia de camiños que dende Santiago se dirixían en dirección norte, nodeste e noroeste discurrindo por unha de penichaira que non presenta grandes pendentes, máis alá dalguhas elevacións algo pronunciadas nas zonas periféricas da comarca, e unha rede fluvial de moderado caudal, salvando o caso do Tambre. Así, no aspecto viario esta bisbarra preséntanse sobre todo como unha terra de paso porque dende o medievo e durante a época aquí estudada careceu de localidades con suficiente entidade para ser punto de destino dos transeúntes, salvo os lugares de celebración de feiras documentados que en todo caso non tiñan áreas de mercado demasiado amplas. Pola súa parte, a construción de pontes de pedra para salvar o Tambre en lugares topográficamente óptimos, como os casos de Ponte Albar (Trazo) ou Ponte Sigüeiro (Oroso), fixou certas rutas a partir da súa edificación, pontes que como o de Sigüeiro podería ter antecedentes romanos igual que parte do trazado do camiño que o atravesaba. Do mesmo xeito o establecemento de barcas facilitou a comunicación entre comunidades ribeiregas que necesitaban atravesar o Tambre para traballar terras que posuían ao outro lado do río ou para establecer relacións doutro tipo, como asistencia a feiras e romarías, entre outras.

Dende a creación do partido xudicial de Ordes en 1834, terá que trascurrir case un século para que as vías leste-oeste vaian converténdose en camiños transitables polo tráfico rodado de pasaxeiros. A partir dese momento poderase falar dunha verdadeira articulación viaria da comarca de carácter radial con centro na vila de Ordes, capital do partido xudicial, que, xa de por si, ocupa un lugar bastante centrado xeográficamente no conxunto da bisbarra. Na actualidade este carácter radial é moito máis marcado que a doutras comarcas da provincia da Coruña onde existe máis dun núcleo de similar importancia. A preeminencia económica e demográfica que acadou a capital do partido

xudicial de Ordes foi absoluta sen que puideran rivalizar con ela outras localidades que foran importantes nós de comunicación durante o Antigo Réxime como Poulo, A Pobra de Mesía ou Sigüeiro. Esta configuración radial estaba prefigurándose a mediados do século XIX como se constata no mapa de Francisco Coello de 1865 e como indica o *Diccionario* de P. Madoz cando se refire ás comuniacións do concello de Ordes: Los caminos vecinales dan paso en varias direcciones y los más enlazan con la vereda que desde Santiago se dirigen a la Coruña". As vías que unían as capitais municipais das zonas occidentais e orientais coa capital do partido xudicial eran simples camiños veciñais ou locais de tan mala calidade que non aparecen reflectidos na *Carta Geométrica de Galicia* de Fontán de 1834 pero publicado na mesma época que o *Diccionario* de Madoz e só parcialmente no mapa da provincia da Coruña de Francisco Coello de 1865.

De entre as vías que comunicaban Compostela co norte de Galicia a mellor documentada, e todo apunta que a máis transitada dende o medievo, foi a que unía esa cidade coa da Coruña, atravesando o actual territorio desta bisbarra cunha lixeira orientación cara o nodeste dividíndoo en dous espazos de similar extensión. No antigo camiño medieval a metade do traxecto, onde os transeúntes facían parada e/ou pernocta, situábase nas parroquias de Bruma e Poulo. A primeira é máis nomeada durante a Idade Media polo hospital alí existente, establecemento que no século XVI xa se atopa en Poulo, seguramente na aldea da Calle, localidade que durante o Antigo Réxime se converte na máis importante da comarca. Con todo, A Calle de Poulo non pasou de ser unha aldea grande que en 1723 tan só contaba con 25 veciños e en 1860 con 35 casas habitadas. Lugar de celebración da feira de máis negocio da bisbarra a mediados do século XVIII, tamén é nese momento o que presenta un tecido socioprofesional máis variado, sempre dentro da gran curtidade que neste punto caracterizou a este territorio no período aquí estudado.

O mencionado plan borbónico de mellora da rede viaria que parte do *Real Decreto de 1761, expedido para hacer caminos rectos y sólidos en España* proxectaba a intervención de varios camiños entre os que estaba este que unía A Coruña con Santiago de Compostela. Foi un dos tres que se chegaron a construír en Galicia na segunda metade do século XVIII convertendo a esta vía nunha das mellores do noroeste peninsular polas súas modernas características construtivas compartidas co camiño que continuaba dende Santiago a Tui, co acceso a Galicia dende a Meseta e cun tramo que ía dende a Coruña a Paiosaco (A Laracha). A súa execución supuxo o establecemento dun trazado completamente novo no tramo que atravesaba a comarca de Ordes, abandonando o vello camiño de orixe medieval que pasaba pola Calle de Poulo. Esta circunstancia tamén supuxo a paulatina perda de importancia desta localidade en favor do lugar da Igrexa da parroquia de Santa María de Ordes, por onde pasaba o novo trazado, unha pequena aldea que en 1723 só contaba con cinco veciños e que no plano levantado en 1775 para a construción deste camiño aparece representada con con sete casas. O estímulo económico dos camiños surtíu o seu efecto e en 1812 os veciños de Ordes obteñen licenza para celebrar unha feira mensual. Asemade en 1815 documéntase a casa de postas nesta localidade, se ben é moi probable que o traslado se producira pouco despois de rematado o novo camiño. Os estímulos económicos e demográficos do novo camiño sobre esta entidade de poboación acabarán coroados pola sanción político-administrativa do Estado Liberal que en 1835 a converte en capital do partido xudicial de Ordes. En consecuencia, no *Nomenclátor* de 1860 xa aparece con 46 casas habitadas, un tamaño pequeno se o comparamos con zonas máis poboadas e de hábitat máis concentrado pero grande en relación á maior parte das minúsculas aldeas desta comarca. En suma, vemos aquí un caso paradigmático no que a alteración da rede viaria incide en distintos aspectos da organización do territorio e concretamente na xerarquía dos núcleos de poboación.

As restantes vías que atravesaban a comarca están menos documentadas durante o período aquí estudado por tratarse de vereas de ferradura ou camiños de bestas de carácter máis secundario coas que enlazaban toda unha rede de vías veciñais e corredoiras que comunicaban internamente as parroquias ou unhas con outras. Contamos con referencias textuais e cartográficas dalgúns destes itinerarios para a Idade Moderna e información máis completa para mediados do século XIX a partir dos mapas Domingo Fontán e Francisco Coello á que hai que sumar as noticias que ofrece o *Diccionario* Madoz ao respecto. Como vimos, este último reflicte unha imaxe bastante negativa da rede viaria desta comarca, panorama que non é moi distinto ao que se documenta nas primeiras décadas do XX a partir da *Geografía General del Reino de Galicia* na que, salvo no caso da estrada Santiago-A Coruña, se destaca o mal estado duns camiños que só permitían a circulación de viandantes a pé ou montandos en bestas e a de carros do país que, como se indicou, eran máis pequenos que os actuais en proporción ao menor tamaño dos animais de tiro daquel tempo: "Estos caminos vecinales tienen solamente el ancho preciso para rodar una carreta de bueyes; denomínaseles *corredoiras* cuando van entre muros que cierran los terrenos. Hay multitud de caminos de esta clase que unen entre sí las diferentes parroquias y lugares. El chirrido de las carretas avisa al labrador que va a entrar en una *corredoira,* que detenga su carro y deje paso al que viene por ella."

O camiño, e logo estrada, Santiago-A Coruña serviunos para establecer unha divisoria leste-oeste para achegarnos por separado á rede viaria dunha das zonas oriental e occidental. As fontes textuais de época medieval e as cartográficas da época moderna constatan unha rede máis tupida na oriental dado que esta se sitúa entre Santiago e localidades litorais e prelitorais de maior relevancia como Betanzos, Pontedeume e Ferrol, así como outros portos das rías altas do Cantábrico. Ademais por esta zona tamén se comunicaba Compostela con vilas e cidades do interior como Vilalba, As Pontes de García Rodríguez ou Mondoñedo dende as que se podía continuar cara localidades de Asturias. Asemade sucaba este territorio o camiño que unía A Coruña con Arzúa e Melide, conectándoa co Camiño Francés, así como as vías que se dirixían cara o nodeste empalmando ou cruzando dende o último cuarto do século XVIII co camiño real Madrid-A Coruña. É de destacar a relevancia da vía que unía A Coruña con Arzúa pola que chegaba á cidade herculina o viño dos Ribeiros ourensáns, motivo polo que José Cornide o conceptúa de camiño importante. Como vimos, nesta área destacaba como nó de comunicacións A Pobra de Mesía, localidade que por esta circunstancia, por contar cunha feira documentada xa no século XVI e por ser cabeza da xurisdición de Mesía e logo capital do concello constitucional do mesmo nome reunía todas as condicións para terse desenvolvido como núcleo importante de poboación na zona leste da comarca. Paradoxalmente durante o período aquí estudado non superou as sete casas habitadas. Con posterioridade, as vías que atravesaban A Pobra perderon importancia e a construción dunha nova estrada que comunicaba de maneira directa a vila de Ordes coa estrada Santiago-Curtis deixouna completamente desprazada dentro do ámbito comarcal. Neste sentido, presenta grandes concomitancias coa Calle de Poulo que debido ao cambio do trazado do camiño Santiago-Coruña foi transferindo á nova vila de Ordes as funcións que desenvolvera durante o Antigo Réxime. Pero, ao igual que A Pobra de Mesía, aínda antes de que isto ocorrera, tampouco aproveitou unha serie de de condicións que poideron servir de estímulo económico e demográfico para ter un desenvolvemento parangonable ao de vilas da penichaira coruñesa atravesadas polo Camiño Francés como Arzúa ou Melide, factores como a celebración da feira de máis volume da comarca ou o feito de ser lugar habitual de parada ou pernocta parada dos transeúntes que se desprazaban entre Santiago e A Coruña. O mesmo pode dicirse de Sigüeiro, lugar da antiquísima ponte do mesmo nome, tamén con feira nas súas proximidades, capital do concello de Oroso

durante algún tempo e importante nó de comunicacións que en 1723 só contaba con cinco veciños e en 1760 con 22 casas habitadas. A propia vila de Ordes, que reunía todas as características anteditas e o feito de ser capital do partido xudicial dende 1834, non experimentou o crecemento esperable como manifesta a mediados do século XIX o *Diccionario* de Madoz na entrada dedicada a esta parroquia: "a pesar de ser capital del partido no se encuentra en esta feligresía la animación que en otros puntos proporciona el establecimiento de juzgado". A explicación á incapacidade de desenvolvemento destas localidades durante o período aquí estudado respondeu, ao noso entender, á conxunción de distintos factores que se abordarán máis adiante en relación coas feiras.

Como vimos, xa dende o medievo a rede viaria da zona occidental era menos densa que a da oriental e mesmo contaba con áreas, como boa parte do territorio do actual concello de Cerceda, que se atopaban realmente illadas por tratarse dun terreo máis montañoso que dificultaba que o atravesasen vías dignas de ser reflectidas na cartografía de mediados do século XIX. Estas vereas comunicaban a cidade de Santiago coa terra de Bergantiños e cos portos de Corme e Malpica. Algúns ramais tamén podían levar aos portos da Costa da Morte pero para estes existían outros camiños alternativos máis directos situados máis ao oeste. Na menor importancia destas localidades de destino en comparación coas que comunicaba a zona oriental e no feito de que estes itinerarios non tivesen continuidade cara a outras zonas, xa que morrían en vilas mariñeiras, debeu radicar a causa deste contraste. En definitiva, durante o período aquí estudado a rede viaria principal desta comarca é subsidiaria das necesidades de comunicación de Santiago de Compostela con outras vilas e cidades situadas ao norte, nodeste e noroeste desta bisbarra, rede pola que circulaban persoas e mercancías de longa distancia, sen que ningunha das localidades deste territorio chegase a ser punto de atracción por si mesmo para condicionar o trazado dos camiños que a atravesaban. De feito, en moitos casos foi ao revés, núcleos como Sigüiero, Poulo, Ordes, o Mesón do Vento ou A Ponte Carreira naceron e/ou creceron polo estímulo que surtíu a rede viaria principal alí por onde pasaba dando lugar ás típicas localidades de estrada cuxo plano se conforma lonxitudinalmente á beira daquela. Ese carácter subsidiario ao respecto de localidades extracomarcais permite afirmar que no período aquí estudado os camiños principais principais non deron lugar a unha verdadeira articulación viaria intracomarcal que comunicase aceptablemente a globalidade do territorio da actual bisbarra, en particular a zona occidental coa oriental. Só a vía Santiago-Coruña uníu de maneira directa localidades máis poboadas ou cruces de camiños como Sigüeiro con Poulo e posteriormente con Ordes; e o camiño Santiago-Betanzos conectou Sigüeiro coa Pobra de Mesía. Pero si hai que recoñecer o papel vertebrador desta rede viaria principal á hora de xerar áreas de mercado que articularon o territorio, é dicir a capacidade dos camiños importantes para propiciar a aparición de feiras que favoreceron a circulación de persoas e mercancías na corta distancia a través da conexión con vías que non aparecen reflectidas na cartografía pero que permitían o desprazamento das xentes do país dentro do ámbito comarcal. Ademais, máis alá deste ámbito, o certo é que os camiños principais tamén facilitaron a conexión do mundo rural co mundo urbano e do interior co litoral con todos os efectos enriquecedores que se derivan diso.

Para atopar vías leste-oeste que permitan falar dunha verdadeira articulación viaria intracomarcal hai que esperar ás primeiras décadas do século XX, e aínda nesa época se trata de estradas de mala calidade que dificultaban o tráfico rodado de pasaxeiros, en particular no Concello de Cerceda como se desprende das apreciacións relativas aos camiños que se poden atopar na *Geografía General del Reino de Galicia.* O certo é que antes da aparición do partido xudicial de Ordes en 1834 non era esperable outra cousa, toda vez que non existía ningunha realidade xeográfica nin político-administrativa que lle

dese entidade propia a un territorio que garda grandes similitudes coas actuais comarcas circundantes do sur, leste e oeste, comarcas coas que tampouco as separaba ningún accidente orográfico destacado que marcase división entre unhas e outras. Unha vez aparecido o partido xudicial hai que dicir que se irá tecendo unha rede viaria intracomarcal pero bastante de maneira moi lenta e tardía a pesar de que no mapa da provincia da Coruña de Celedonio Uribe de 1863 xa aparecen proxectados camiños, algúns nunca executados, que contribuirían a esa articulación. Haberá que esperar á segunda metade do século XX para atopar conformada a mencionada rede viaria intracomarcal de carácter radial a partir da vila de Ordes que como capital do partido xudicial adquire unha diversificación económica que lle outorga centralidade en relación aos espazos rurais do resto da comarca, características compartidas con outras vilas galegas como As Pontes, Monforte, Carballo ou Verín.

É sabido o gran número de feiras que se documentan en Galicia entre a segunda metade do século XVIII e primeira do XIX, circunstancia compartida pola comarca de Ordes que presenta unha media moi próxima á coñecida para o conxunto do noroeste peninsular durante ese período. As fontes manexadas non indican a orixe das dez feiras que tiñan lugar no tempo e no espazo estudados neste traballo, se ben contamos con ese dato para algunhas delas. Sabemos que a feira da Pobra de Mesía xa existía a finais do século XVI pero non o momento no que se orixinou, a diferenza da de Cerceda cuxa fundación si se documenta nesa época, como a doutros encontros comerciais que foron xurdindo nas centurias seguintes: a da Silva (Rodís-Cerceda) no XVII, a do couto de Monzo e Restande (Trazo) a finais do XVIII e a de Ordes a principos do XIX. Tamén no período aquí estudado desaparece a continuidade dalgúns deles, seguramente na primeira metade do XIX, como a mencionada de Monzo e Restande (Trazo) e a de Folgoso (Pereira-Ordes).

Sen minusvalorar a importancia das feiras noutras comarcas de Galicia de poboamento rural disperso, hai que destacar que o papel destes encontros foi de especial relevancia en bisbarras como a aquí estudada que careceron de núcleos de poboación que poidesen cualificarse de urbanos ata ben entrado o século XIX. Nelas se lle daba saída aos escasos excedentes de explotacións agropecuarias baseadas no autoconsumo, permitindo converter en numerario eses excedentes para satisfacer as cargas fiscais e tamén para adquirir nas propias ferias unha limitada cantidade de de bens e servizos. Nesta comarca o principal excedente das economías familiares era a gandería, polo que as feiras eran a súa vía de comercialización e, e consecuencia, o principal produto delas. A renovación técnica da agricultura e o auxe da exportación de gando vacún experimentado en Galicia durante o século XIX e primeiro terzo do XX reforzaron o protagonismo económico destes centros de intercambio durante ese período. Deste xeito concentraron a vida mercantil de espazos locais de economías marcadamente autárquicas nos que se podían intercambiar mercancías sen grandes desprazamentos. Asemade, para as comunidades campesiñas das parroquias nas que se emprazaban as feiras os gravames das transaccións tamén eran unha fonte de ingresos para facer fronte á fiscalidade real. Eses mercados mantiveron o seu apoxeo ata a segunda metade do século XX polo illamento propio do medio rural e a deficiente calidade da rede viaria así como pola estrutura socioeconómica de comarcas caracterizadas por un baixo grao de desenvolvemento económico e por unhas arcaicas canles de intercambio comercial. Pese a todo isto non hai que olvidar que en conxunto e durante o período aquí estudado o maior número de transaccións comerciais e o maior volumen da produción comercializada moveuse no ámbito local ou comarcal na medida en que o comercio interior de Galicia tiña lugar no marco das cidades e das ferias rurais ou urbanas.

Hortensio Sobrado considera que a aprezable expansión do comercio que se observou en Galicia durante o século XVIII viuse entorpecida por unha serie de eivas que obstaculizaron a articulación dun mercado rexional e favoreceron a súa fragmentación. En consecuencia, a inusitada multiplicación de feiras que se rexistra entre a segunda metade dese século e mediados do XIX son o resultado desa expansión constreñida por estorbos estruturais que perduraron por largo tempo. Así, a mellora parcial da rede viaria e dos sistemas de transporte que se experimentou no citado período non foi quen de estimular o comercio interior como cabería esperar. Tampouco favoreceu unha reestruturación máis racional do emprazamento e número destes encontros que xerase áreas de mercado de maior radio de influencia, tal como pretendían os encargados da administración de rendas da Facenda real, segundo se recolle nun informe de 1772 sobre as feiras de Galicia no que recomendaban que a distancia mínima entre feiras non debía ser inferior ás catro ou cinco leguas. De feito, boa parte dos encontros comerciais da comarca de Ordes estaban a unha distancia moito menor e así se mantiveron a maior parte deles durante o século XIX e a maior parte do XX. Por exemplo, como vimos, a finais do XVIII a feira de Folgoso (Pereira-Ordes) situábase a un cuarto de legua da da Calle de Poulo (Poulo-Ordes), a unha legua da da Garabanxa (Calvente-Oroso) e a dúas da da Pobra de Mesía e da Adina (Ardemil-Ordes).

Segundo Sobrado, os obstáculos estruturais que explicarían esta fragmentación do mercado, pese á mellora das vías e medios de comunicación, serían a débil xeración de excedentes produtivos comercializables polas economías campesiñas e a feble demanda de bens de consumo por parte das mesmas. A valoración deste autor sobre o escaso efecto da mellora viaria na articulación do mercado interior constátase con claridade na comarca de Ordes onde a construción do novo e moderno trazado do camiño carreteiro Santiago-A Coruña na década de 1770 non contribuíu a un artellamento máis lóxico dos mercados locais que se celebraban no percorrido desa vía ou nas súas proximidades. Así, a aparición da feira de Ordes en 1812 a consecuencia dese novo trazado só conseguíu acabar cunha feira de mediana importancia como a de Folgoso pero non coa de Poulo nin coa da Adina –máis tarde trasladada ao Mesón do Vento- que tiñan lugar a poucos quilómetros da de Ordes e que perduraron durante o século XIX, no primeiro caso, e ata a actualidade no segundo. Asemade, a nova organización municipal da totalidade do territorio que se implanta na década de 1830, lonxe de favorecer a racionalización do número e emprazamento destes encontros comerciais, propiciou a aparición doutros novos xa que cada concello quixo contar, como mínimo, con algún propio dentro da súa demarcación.

Nesta comarca, a mencionada carencia de núcleos de carácter urbano que articulasen o territorio foi suplida en certo modo polas feiras que xunto aos camiños funcionaron como elementos vertebradores do territorio, por máis que contribuisen a fragmentar o mercado interior. Como vimos, algúns destes encontros xeraron pequenas entidades de poboación que, no caso de ser elixidas capitais municipais, viron estimulado o seu crecemento e reforzaron a súa xerarquía funcional con respecto ás aldeas da contorna. Non foi así en todos os casos pero resulta evidente nas actuais localidades de Ordes e Cerceda e quizáis tamén en Sigüeiro, se ben neste caso a existencia de feira durante o período aquí estudado preséntase como unha mera hipótese en tanto que as fontes que manexamos non a documentan ata principios do século XX. En todo caso si se documenta dende finais do XVIII a feira do Vintecatro nas súas proximidades, na veciña parroquia de Barciela. Con independencia disto, o emprazamento desta localidade a carón da ponte sobre o Tambre que franquea o camiño que une Santiago coa Coruña e con outras cidades e vilas do norte de Galicia e a existencia dunha venta, segundo se documenta a mediados do século XIX no *Diccionario* de Pascual Madoz, tivo que contribuír ao seu crecemento entre esa data e finais do XVIII.

A confluencia de feiras e vías de comunicación como factores de desenvolvemento e de creación de espazos económicos si é manifesta noutras entidades de poboación como como O Mesón do Vento (Ardemil-Ordes) ou A Brea (Benza-Trazo) ás que se trasladaron as feiras da Adina e de Lestrobe, respectivamente, e que hoxe son os núcleos máis habitados despois das capitais dos seus correspondentes concellos. Pero isto non foi regra xeral pois ao mesmo tempo atópanse localidades situadas en nós de comunicacións importantes no pasado que contando con feiras e mesmo sendo cabezas de xurisdición e capital municipal non viron estimulado o seu desenvolvemento socioeconómico. O caso paradigmático é a Pobra de Mesía, pero pódense citar outros como Folgoso (Pereira-Ordes) ou A Garabanxa (Calvente-Oroso) nos que a conxunción dalgúns deses factores de dinamización non produciron ningún efecto. Estas entidades viron desaparecer as súas feiras en distintos momentos e permaneceron como simples aldeas que no contexto xeral do despoboamento rural das últimas décadas seguen perdendo habitantes. Este feito xa foi observado por Pegerto Saavedra ao sinalar que o carácter eminentemente rural das feiras non sempre propiciou o desenvolvemento dos lugares nos que se celebraban, nin sequera cando nalgúns deles recaeu a capitalidade municipal ao longo do século XIX. Neste sentido pódese aprezar contraste entre a zona occidental e a oriental desta comarca. Na primeira tres das catro feiras documentadas no período aquí estudado (Cerceda, A Silva e Lestrobe-A Brea) emprazábanse en localidades que na actualidade observan maior tamaño e desenvolvemento nos seus respectivos concellos, mentres que as entidades de poboación nas que tiñan lugar os dous encontros deste tipo da zona oriental son hoxe unha aldea minúscula (A Pobra de Mesía) ou un lugar deshabitado (A Garabanxa), segundo nomenclátor do IGE de 2020, cando no marco cronolóxico deste traballo ambas entidades estaban situadas nun nó viario e nunha verea reflectida na cartografía de mediados do século XIX e documentada dende o medievo. Disto dedúcese que nesta bisbarra a peor articulación viaria da zona occidental favoreceu o efecto dinamizador das feiras mentres a confluencia de camiños e feiras na zona occidental non produciu o mesmo resultado, salvo no caso de Ponte Carreira (Gafoi-Trazo) nunha etapa posterior á aquí estudada.

A Calle de Poulo, situada no centro da comarca, merece un exame máis detido na medida en que se trata dun caso particular que non encaixa nos dous modelos que acabamos de presentar. Como xa vimos, esta localidade beneficiouse das feiras que alí tiñan lugar e da súa envidiable situación a medio camiño entre Santiago e A Coruña, sendo durante o Antigo Réxime a entidade de poboación máis importante da comarca e chegando a acadar carácter protourbano durante os séculos XIX e XX. Recibiu un primeiro revés no momento en que deixou de estar a carón do mencionado camiño cando se lle se cambiou o trazado na década de 1770. Aínda así foi elixida capital do partido xudicial durante o Trienio Liberal (1821-1823), pero a raíz de perder esa categoría administrativa en 1834 quedou a medio camiño entre aldea e vila, observando un acusado proceso de ruralización nas últimas décadas do século XX a consecuencia dun novo desvío da estrada Ordes-Ponte Carreira que afastou definitivamente a esta localidade de calquera vía de comunicación transitada. Polo que respecta á vila de Ordes, na actualidade a localidade demográfica e funcionalmente superior de toda a comarca, emprázase nun lugar estratéxico da rede viaria, amén de situarse no centro do territorio comarcal, para asegurar o éxito da súa feira como lugar de intercambio comarcal. A capitalidade do partido xudicial que conseguíu en 1834, consolidouna como tal arrebatándolle a Poulo esa posición que exercara durante o Trienio Liberal (1820-1823). Ese recoñecemento político no contexto das reformas liberais da década de 1830 converteu a Ordes na primeira entidade de poboación con título de vila na historia desta comarca. A nova vila pasou a formar parte do elenco de localidades que se viron favorecidas por similares circunstancias como O Carballiño, A Estrada, Lalín, A Fonsagrada, Ponteareas, As Neves,

A Cañiza ou O Porriño que coa definitiva organización en municipios da totalidade do territorio na década de 1830 recibiron un impulso decisivo para o seu desenvolvemento ao ver recoñecida polo poder político a súa función artelladora do espazo. En todo caso, nin Poulo nos seus mellores tempos nin a vila de Ordes no período aquí estudado tiveron o desenvolvemento esperable da concurrencia de factores favorables cos que contaban, como xa se apuntou reiteradamente. Os exemplos de Poulo e Folgoso demostran ata que punto os espazos económicos era flexibles, como ten indicado Pegerto Saavedra, de xeito que o cambio dunha ruta podía incidir na aparición dunha nova feira que incidía no tránsito de mercadorías e, en última instancia, na distribución da poboación.

A incapacidade das localidades mencionadas para concentrar un número aprezable de habitantes e para observar un desenvolvemento socioeconómico que respondese aos mencionados factores que nelas confluían carece dunha explicación rotunda e concluinte. Non obstante, nas liñas que seguen preséntanse unha serie factores que serán tratados con máis profundidade nos seguintes capítulos e cuxa concurrencia pode axudar a desentrañar esa particularidade. O primeiro destes factores sería á tendencia xeral á dispersión extrema do hábitat e do poboamento da penichaira coruñesa. Por unha parte, esta dispersión viuse favorecida por un medio natural definido por unha orografía suave irrigada por unha rede hidrográfrica abondosa en ríos e regatos, o que permitía o establecimento de entidades habitacionais na maior parte do territorio. Por outra parte, o réxime de propiedade da terra, caracterizado polo predominio da parzaría e do arrendo, tamén estimulou a dispersión na medida en que propiciaba o establecemento de lugares acaserados.

O segundo factor estaría en relación con este último aspecto: o feito de que a maior parte dos contratos de parzaría fosen ao terzo e nalgúns casos á metade da colleita levaba a que os excedentes agropecuarios da maioría do campesiñado fosen exigüos, circunstancia agravada –e quizáis debida- á baixa produtividade destas terras derivada dos factores climáticos sinalados máis atrás. A curtidade dos excedentes das explotacións agropecuarias suxeitas a este réxime de propiedade limitaba moito a capacidade de intercambio dos seus levadores e, en consecuencia, a circulación do fluxo de mercancías nas feiras da comarca, dando lugar a unhas economías domésticas baseadas no autoconsumo ou, o que é mesmo, de carácter marcadamente autárquico. Esta mesma circunstancia tampouco favorecía a aparición de casas estables de compravenda de produtos –salvando as tabernas-, de xeito que a mediados do século XVIII só se documenten establecementos dese tipo na Calle de Poulo –unha cortaduría e unha tenda de grosería-, como xa dixemos a localidade máis crecida e con maior diversidade socieconómica da comarca, sen que por iso non deixase de ser unha aldea grande durante o Antigo Réxime no marco xeral de extrema dispersión do poboamento desta comarca e unha entidade de carácter protourbano a mediados do século XIX. Por todas estas razón, as limitacións da oferta e da demanda das economías rurais que sinalou Hortensio Sobrado para o conxunto de Galicia eran aquí máis marcadas, de aí que apenas existisen individuos que se dedicasen a tempo completo a tarefas que non fosen o granxeo de terras e animais, individuos con oficios artesanais ou doutro tipo que de existir en maior número e a tempo completo tenderían a habitar nesas localidades ben comunicadas e nas que se celebraban feiras, contribuíndo así ao seu desenvolvemento demográfico e socioeconómico.

Como último factor cabe citar a proximidade de cidades no norte e no sur da comarca, como Santiago de Compostela, A Coruña e Betanzos, ás que se podía chegar sen franquear accidentes orográficos salientables, o que permitía abastecerse ocasionalmente daqueles produtos que non se atopaban nas feiras da bisbarra. Todos os factores enumerados tamén deberon incidir no feito de que as feiras desta comarca tivesen un

volume de negocio bastante modesto se as comparamos, por exemplo, coas da provincia de Ourense onde unha economía rural moito máis rica e dinámica daba lugar a encontros comerciais de maior envergadura. Esa modestia era compartida cos doutras localidades da penichaira coruñesa como as das feiras da Illana (Fisteus-Curtis) ou de Menzonzo (Vilasantar) emprazadas nun territorio de similares características ao aquí estudado. O volume de negocio infírese da cantidade na que as comunidades parroquiais arrendaban os encabezamentos das feiras a mediados do século XVIII, cuxo valor medio era nesta comarca de 1.293 reais, se ben esa media oculta grandes diferenzas como a que había entre os 2.011 reais nos que estaba arrendada a de Poulo (Ordes) e os 280 da da Pobra de Mesía. O perfil dos arrendadores tamén era diverso nas mesmas datas podendo atopar un escribán, un fidalgo, un home de negocios e mesmo unha muller.

Noutra orde de cousas, as feiras funcionaron como referentes espaciais das xentes do rural na curta e media distancia. Sobre os traxectos percorridos para acudir a elas vimos que podían oscilar entre dúas e cinco leguas, é dicir, entre dez e vintecinco quilómetros. Aínda que non contamos con datos suficientes para correlacionar volume de negocio e área de influencia de cada feira parece lóxico pensar que unha cousa estaría en relación coa outra xerándose áreas de mercado de distinta magnitude. No que se refire ás transaccións vimos que a gandería, en particular a vacúa, era o principal produto que se comercializaba. A importancia desta produción na economía desta bisbarra tamén explica a transcendencia das feiras como vía de comercialización deste excedente pecuario. O emprazamento dalgunhas feiras da contorna situadas entre a penichaira coruñesa e os vales prelitorais, como a das Travesas (Beira-Carral) ou a de Paiosaco (Lestón-A Laracha), favorecían o intercambio de produtos da montaña por produtos de horta e nas feiras e mercados urbanos de Santiago, A Coruña e Betanzos, así como no comercio destas cidades, as xentes da penichaira podían atopar un surtido de produtos moito máis amplo ao que non todo o mundo tiña acceso.

Máis alá da súa dimensión económica as feiras eran ámbitos de sociabilidade de suma importancia para as comunidades rurais con compoñentes relixiosos, lúdicos e festivos que rompían a monotonía da vida rural. Nalgunhas delas coincidían xentes do val con xentes da montaña que podían presentar contrastes na súa idiosincrasia, usos e constumes, do mesmo xeito que ocorría nas feiras e mercados de Santiago, A Coruña e Betanzos onde entraba en contacto o mundo rural co urbano. A isto hai que engadirlle o aspecto festivo que caracterizaba a estes encontros comerciais, particularmente cando coincidían feiras e romarías ou unhas daban lugar ás outras. Asemade non hai que esquecer que unha parte do patrimonio etnográfico e histórico-artístico do mjndo rural está en relación con este tipo de actividades. Pénsese nas ermidas que se levantaron no lugar de celebracións das feiras -xa fose por iniciativa dun particular ou grazas ás esmolas dos feirantes- ou nas carballeiras, alpendres e edificios tabernas que aínda se conservan. Tamén perduran nalgúns casos as romarías na honra dos santos venerados nesas ermidas, celebradas en xeral no mes de setembro, despois da época da colleita. En definitiva, ao interese económico destes intercambios comerciais súmanselle outros aspectos relacionados coa cultura e as tradicións populares que poden analizarse dende unha perspectiva etnográfica ou antropolóxica.

Ata aquí detivémonos nas características poboacionais das localidades que foron cabezas de xurisdición, capitais municipais e de partido o nas que se emprazaron feiras. Nas liñas que seguen abordarmos o hábitat e o poboamento tendo en conta todas as entidades de pobación da comarca. Antes de nada conven recordar que o poboamento e o hábitat da España atlántica presenta peculiaridades que contrastan cos do resto da península ibérica, tanto polo elevado número de asentamentos como pola dispersión destes. Dentro deste contexto, en Galicia poden atoparse distintos graos de dispersión e de

organización da trama das entidades de poboación que están relacionadas con factores como a orografía, a densidade de poboación ou o grao de desenvolvemento do sistema agrario, entre outros. Na liña do que ocorríu na Galicia interior menos desenvolvida, a comarca de Ordes presentou históricamente un dos poboamentos máis dispersos do Noroeste peninsular, só por debaixo dos coñecidos para as montañas septentrionais, concretados a mediados do século XIX nos seguintes parámetros: un tamaño medio dos asentamentos de 4,3 fogares/aldea –cun 52,43% de aldeas de una a tres casas- e unha media de 1,5 fogares/km^2. Esta dispersión extrema do hábitat e do poboamento está en conexión cunha orografía suave que apenas condicionaba o emprazamento dos asentamentos, salvo por algún monte de mediana altura ou zonas de braña, pero tamén coa baixa humanización deste territorio, relacionada, á súa vez, cun limitado desenvolvemento agrario caracterizado pola importancia da gandería extensiva, por unha moderada introdución do millo a mediados do século XVIII e por un predominio do monte fronte ao espazo cultivado. Un panorama que contrasta radicalmente coa Galicia máis desenvolvida do litoral, vales prelitorais ou comarcas vitícolas do interior que experimentaron grandes transformacións no seu sistema agrario durante a Idade Moderna concretadas nunha agricultura intensiva de altos rendementos, estabulando o gando e ampliando o espazo cultivado. Estas transformacións traducíronse nunha intensa humanización do territorio que se materializou nun aumento do tamaño dos asentamentos e na concentración do hábitat pero que apenas afectou ao poboamento que mantivo a trama documentada xa no século XVI e que posiblemente tivese orixe medieval. Porén, na comarca que nos ocupa tanto o hábitat como o poboamento mantiveron unha trama moi dispersa, sen que iso exclúa certas alteracións derivadas do moderado crecemento demográfico rexistrado durante o século XVIII e primeira metade do XIX. Este hábitat, caracterizado por aldeas pequenas e pouco compactas, mantívose bastante estable durarante o período aquí estudado e, como vimos, só na segunda metade do século XIX comezou a agromar algún núcleo de poboación concentrada como a vila de Ordes. Dentro da comarca, aprecianse pequenas diferenzas norte/sur e este/leste, con maior dispersión no norte e no leste que non distorsionan a relativa homoxeneidade deste territorio e que, seguindo a Bohuier, parecen estar relacionadas coa organización da paisaxe agraria e coa alta presenza dos contratos de arrendo e parzaría.

Consideramos que un dos principais factores que están detrás desta configuración da trama de ocupación do territorio deben radicar limitada capacidade produtiva da terra condicionada por factores climáticos fundamentalmente –longo período de xeadas e veráns pouco cálidos- e duns solos nos que os de calidade óptima eran escasos, o que explicaría a atonía económica e demográfica que se observa durante o período estudado. Á súa vez, esta limitada produtividade dificultaría a fragmentación das explotacións agrarias, económicamente inviables se se reducía o seu tamaño. Non se trataría tanto dun bloqueo das particións hereditarias, como o que observou Hortensio Sobrado para as terras de Lugo –que tamén-, senón que aquí viría imposto en boa medida polos donos de grandes patrimonios, xa institucións relixiosas, alta nobreza, fidalguíaa ou capesiños ricos que tiñen cedida a terra ao campesinado a través de contratos de arrendo ou parzaría, circunstancia allea á maior parte de Galicia na que predominou un contrato enfitéutico como o foro. De feito, a abundancia dos contratos de parzaría ao terzo da colleita nalgunhas parroquias e tamén a relación dos mesmos coa dispersión do poboamento é explicitada por algúns párrocos na enquisa de 1723 sobre *Lugares, frutos.…* Pola contra, aquelas aldeas que rexistran un maior engrosamento no período estudado, como consecuencia do crecemento demográfico, posiblemente fosen aquelas nas que os campesiños gozaban de contratos de foro ou de terras en propiedade plena.

En definitiva, tanto os contratos de parzaría como os de arrendo tiveron que favorecer a proliferación de lugares acaseirados deixando en mans dos donos da terra a elección do lugar no que se habían de instalar os seus caseiros e colonos posto que a él lle correspondía asumir a construción das súas casas de morada, imposibilitando, a diferenza do que ocorre co foro, que a multiplicación das familias supuxese unha subdivisión das explotacións agrarias e, aínda menos, a libre constitución de fogares neolocais. Tamén son estes mesmos propietarios os que nos momentos de certa expansión demográfica poden decidir onde se constitúen novos fogares propiciando a creación de lugares acaseirados a costa de terras gañadas ao inculto. Isto non excluíu que permitisen un crecemento limitado destes lugares construíndo algunha nova casa para outras familias ou para fogares neolocais de descendentes da familia que xa traballaba as terras. Polo tanto, como observaron os medievalistas galegos para o mundo feudal, o exercicio do poder, no caso que nos ocupa caso meramente económico, incidiu na dispersión do poboamento e do hábitat. Pero esa extrema dispersión tamén puido obstaculizar o exercicio do poder político e relixioso, como sinalou Pegerto Saavedra, do que pode valer de exemplo a supeficial cristianización dos fregueses de Buscás (Ordes) que denunciaba a mediados do século XVIII o seu párroco, don Joseph del Riego, e as dificultades que se lle presentaron cando intentou catequizalos. Pegerto Saavedra tamén advertíu que a mera análise formal da evolución número de aldeas e fogares non reflicte certas cuestións relavantes da vida campesiña. Neste sentido entende que a extrema dispersión do hábitat e do poboamento de comarcas como a que aquí estudamos non excluiría a existencia dun marco colectivo para a organización do espazo e das actividades agropecuarias, cuestións que non poden coñecerse a través de fontes como as utilizadas habitualmente para o estudo do tema que nos ocupa pero que deberían contemplarse para ter unha completa visión do mesmo.

En definitiva, atopámonos ante un territorio cunha rede de asentamentos poboacionais moi dispersa e con escaseza de fortes contrastes no período que transcorre entre 1723 e 1860, reflexo do feble crecemento demográfico que se documenta nesta comarca, como se terá oportunidade de ver máis adiante. Tampouco hai que descartar que nesa escaseza de cambios teña incidido a debilidade das transformacións agrarias. Ambas circunstancias poden estar relacionadas á súa vez coa mencionada baixa produtividade da terra e coas limitacións do campesiñado que as traballaba en réxime de arrendo ou parzería para introducir melloras nas técnicas de explotación agraria que as fixeran máis produtivas. As únicas localidades que destacaron en tamaño durante o período aquí estudado -Poulo, Ordes e Sigüeiro- situáronse a carón da vía que comunicou as ciudades de Santiago coas da Coruña e Betanzos.

Despois de ocuparnos da forma de agruparse as unidades familiares ao longo do territorio baixamos outro chanzo no nivel de observanción para atender ás estruturas físicas, habitacionais ou non, que formaban parte das entidades de poboamento, isto é, as casas de morada e as outras arquitecturas adxacentes propias destes centros de produción e consumo que constituían os fogares integrantes dunha aldea ou dun lugar acaseirado. Esas estruturas arquitectónicas de carácter diverso nas que transcurría boa parte da vida da xente eran a parte física máis visible dunha explotación agropecuaria familiar e presentaban características propias dependendo do grupo social ao que pertencesen. Pero había outros espazos construtivos alleos ao fogar nos que tamén se desenvolvían actividades importantes da vida das comunidades aldeás ou parroquiais, dende as prácticas relixiosas e festivas que acollían ermidas e igrexas ata a moenda de cereais nos abundantes muíños que se podían atopar no curso dos pequenos ríos que irrigaban esta terra. Unha parte desas arquitecturas representan un dos poucos vestixios da cultura material do mundo rural Antigo Réxime aínda visibles, particularmente no que se refire á igrexas, ermidas, pazos, reitorais e casas grandes, pero tamén a outro tipo de edificacións,

como os muiños ou os hórreos. Das casas de morada campesiñas apenas sobreviven vivendas desa época ou da primeira metade do século XIX, e aquelas que poden conservar restos deses períodos foron moi alteradas, sobre todo dende o último cuarto do século XX, co fin de facelas máis confortables para os seus moradores. As poucas casas que conservan a estrutura orixinal son edificios abandonados hai bastantes décadas e, polo tanto, ruinosos, pero que aínda fican aí como testemuño daquel tempo.

A maior parte das características das primeiras poden analizarse a través da observación directa pero no caso destas últimas ese método ofrece información bastante parcial polas razón que acabamos de expoñer, se ben resulta útil para coñecer o material de contrución, a estrutura dos inmobles, o tipo e número de vans, etc. Fontes documentais que podemos atopar en arquivos parroquiais, o *Catastro de Ensenada* ou o *Nomenclátor de 1860* serven para iluminar algúns aspectos destas arquitecturas do pasado como vimos no capítulo correspondente. Outras fontes non utilizadas neste traballo para ese fin, como os protocolos notariais, enriquecerían aínda máis o coñecemento das funcións desas construcións e da vida que se desenvolvía dentro delas. A partir do *Catastro de Ensenada* sabemos que a maior parte das vivendas campesiñas de mediados do século XVIII eran terreas (67,60%), como tamén ocorría un século despois segundo o *Nomenclátor de 1860.* Pero nesta data podemos saber que a fisionomía arquitectónica das aldeas variaba segundo o seu tamaño, seguramente en relación cos tipos de contratos agrarios dos seus moradores, de xeito que nos agregados elementais de 1 a 4 fogares e nas aldeas elementais de 5 a 15 lumes predominaban as casas terreas e nas aldeas máis grandes dábase un equilibrio entre estas e as dun alto, e nas poucas localidades de máis de 20 vivendas predominan estas últimas. As casas dun alto aportaban claras melloras no modo de vida do campesiñado que as posuía. En moitos casos supuñan a ampliación en altura da primitiva casa terrea, o que podía ir acompañado do engadido de dependencias anexas en superficie ou "achegos", dando lugar á tipoloxía de vivenda coñecida como casa das agras coruñesas caracterizada por un variado xogo de volumes. Tamén sabemos da relativa presenza infravivendas, os casetos, no primeiro cuarto do século XVIII polas referencias ás persoas que as habitaban no cómputo vecinal de 1723, as persoas máis pobres da comunidade aldeá, mulleres soas na inmensa maioría. O *Nomenclátor de 1860* permítenos fixar unha cifra -seguramente inferior ao real polo subrexistro ou ausencia deste nalgúns concellos- que se movería arredor do 9% das vivendas.

No outro extremo, atopamos as vivendas das elites que, aparte do seu maior tamaño, presentan unha volumetría diferente a das casas campesiñas, máis rotunda e maciza, porque de partida se concibían como casas dun alto e que co paso do tempo tamén foron obxecto de ampliacións e modificacións que respondían aos gustos e modos de vida cambiantes dos grupos sociais que as habitaban. Nelas están presentes toda unha serie de elementos, decorativos ou non, que denotan o status que eses grupos ocupaban na sociedade do seu tempo. As características das vivendas das elites como os das casas campesiñas reflicten as condicións de vida dos seus moradores: a precariedade económica de boa parte dos labradores desta comarca e a mediocridade dunhas elites laicas e eclesiásticas que palidece fronte ao esplendor arquitectónico de pazos e reitorais de bisbarras máis ricas. E o mesmo pode dicirse da arquitectura relixiosa, moi sobria na súa maior parte se se compara coa de zonas veciñas máis feraces como a dos vales prelitorais e as das mariñas coruñesas e betanceiras. Dentro da propia comarca de Ordes obsérvanse contrastes neste tipo de edificacións que teñen que ver co acceso a materiais de construción de distinta calidade e quizáis tamén con outros aspectos que se nos escapan. Por exemplo, na parte máis occidental (concellos de Cerceda, Tordoia e Trazo), onde existen vetas graníticas, os campanarios dalgunhas igrexas parroquiais son torres de perpiaño, mentres na parte central e oriental da comarca as campás penduran de

espadanas de máis ou menos calidade nas que en moitos casos a técnica e material construtivos son mampostería e xisto. En todo caso, a maior ou menor calidade arquitectónica de ermidas e igrexas non influía na intensidade das vivencias espirituais dos fieis nin lle restaba importancia a estes edificios como referentes, non só relixiosos, das comunidades ás que pertencían. Por último, hai que mencionar as arquitecturas que albergaban muiños e batáns, inxenios que no primeiro caso cumprían un papel de fundamental na transformación do cereal, alimento básico destas sociedades, e no segundo caso no proceso de elaboración dos tecidos cos que se vestían ou amantaban aquelas xentes.

Os temas abordados ata aquí realizáronse dende a perspectiva da organización do espazo territorial con relación a unha serie de variables. Mesmo a aproximación á arquitectura fíxose en función do lugar que esta ocupaba no marco das entidades de poboamento ou no papel simbólico que representaban no espazo as igrexas, as ermidas, os pazos ou as torres. Nas liñas que seguen o territorio perde protagonismo en favor de aspectos tanto estruturais como conxunturais da economía e da sociedade desta comarca. Dado que para iso foi precisa a utilización de fontes que implican un maior esforzó no seu baleirado os datos que se ofrecen refírense á zona central da comarca: as parroquias que durante o Antigo Réxime conformaron a xurisidición de Folgoso e o partido do Francés de Poulo –pertencente á xurisdición de Mesía- e as que na década de 1830 se agruparon nos concellos de Frades, Ordes e Trazo. En primeiro lugar centraremos a atención na composición socioprofesional que nos ofrece o *Catastro de Ensenada* para mediados do século XVIII. Dado que na maioría das comunidades do Antigo Réxime a economía reposa enteiramente sobre o sector agropecuario, a ocupación da práctica totalidade dos habitantes destas terras era a labranza. Tanto en 1752 como un século máis tarde, a ocupación da práctica totalidade dos habitantes destas terras é a labranza. A mediados do século XVIII as actividades complementarias son infrecuentes posto que ocupan tan só ao 3% da poboación. En 1852, se ben a imaxe é menos nítida, non parece que as cousas tiveran cambiado moito fora da cabeceira comarcal. Documéntanse aqueles oficios necesarios para o funcionamento dunha comunidade rural -ferreiros, carpinteiros, curtidores-, e doutros, practicados polas xentes máis humildes –xastres, zapateiros, tecedores/as, gaiteiros-, as veces de forma itinerante, para complementar as escasas ganancias que obteñen dunha curta labranza. Esta rede de pequenos oficios era fundamental na economía rural, aínda que non dese lugar a unha economía de mercado, fora daqueles produtos que se vendían logo en pequenas feiras; resolvía necesidades diarias tanto de produtores como de consumidores, e era habitual en toda Galicia. Aparte deses oficios existían outros máis rendibles como o daqueles que se dedicaban ao arrendo da percepción de tributos ou rendas de diversa índole, civís ou eclesiásticas, ou ao exercicio de oficios repúblicos como os de escribán ou cargos representativos do poder señorial. Estas ocupacións adoitaban estar controladas por membros das elites locais que contaban coa capacitación necesaria para exercelas.

Unha elevada proporción da poboación, o 7%, ocupábase no servizo doméstico, o dobre que a media de Galicia, o que delata unha sociedade polarizada no económico como avalan outros indicadores como o réxime de propiedade da terra e a desigual repartición desta. Esa desigualdade ten no servizo doméstico un dos resortes reequilibradores entre o tamaño do fogar e recursos económicos familiares. En relación á polarización económica hai que recordar que en torno ao 42% dos declarantes das *Comprobaciones* do *Catastro* non consignan terras, pero sí gando de labranza, cifra que ascende a máis da metade da veciñanza se se ten en conta a aquelas familias que non contan con gando de labranza (7,7%) e aos que non declaran nin terras nin gando (1,56%). Esta circunstancia xunto co escaso número de rendas conceptuadas como foros no *Padrón Calle-hita de 1708* e na

información aportada por algúns párrocos na enquisa sobre *Lugares, frutos…* de 1723 revelan o reducido peso tanto dese contrato agrario de longa duración coma da propiedade plena. A imaxe obtida para mediados do século XIX no Concello de Frades presenta algunhas variacións aínda que non substanciais: pese a que se revela unha maior presenza do foro, se confirma a abundancia de familias que traballan as terras en virtude de contrato de parzaría. O predominio do arrendo e a presenza de explotacións traballadas en réxime de parzaría revela que estamos ante unhas comunidades na que unha ampla masa do campesiñado padece unha presión das rendas da terra maior que a coñecida para boa parte do Noroeste peninsular, e en particular para a Galicia desenvolvida onde o común é a cesión foral. Nestas condicións os campesiños non se arriscarían a facer innovacións, e os amos non terían prisa en promover cambios

Tendo isto en conta xa se adiviña que a explotación media –10.4 Has., incluído o monte- non é representativa da realidade se ben supón un parámetro que facilita as comparacións con outras áreas. Nese senso hai que dicir que o tamaño medio se sitúa por riba do coñecido para as áreas da Galicia litoral e prelitoral e na liña das restantes do interior coruñés, como non podía ser doutro modo se se ten en conta o baixo número de poboadores entre os que se repartiría idealmente a superficie agraria. A realidade é que existe unha minoría de grandes propietarios que organizan a cesión do usufruto das súas terras a través de lugares acaseirados traballados por arrendatarios ou parceiros sometidos a unha forte presión da renda. Unha posible interpretación da preferencia por este tipo de contratos que utilizan todo tipo de rendistas, laicos ou relixiosos como o mesmo mosteiro de Sobrado, pode estar relacionada cuns baixos rendementos da terra que animaría aos donos desta a establecer contratos máis flexibles que o foro á hora de establecer rendas altas que lles permitisen obter rendibilidades similares ás que se conseguían a través da cesión foral en terras que ofrecían unha produtividade mais elevada.

As características vistas para o sistema produtivo ao longo das páxinas precedentes poñen de relevo unha vez máis o carácter de comarca de transición. A imaxe de mediados do século XVIII obtida a partir do *Catastro de Ensenada* é moito máis rica e precisa que a que nos ofrece o *Diccionario* de Pascual Madoz un século despois. Así, sabemos que na primeira data o millo se ben estaba lonxe da omnipresencia que se documenta na Galicia litoral, non tiña acoutada a súa penetración tal como ocorría no interior lucense. E en consonancia con isto, o sistema agrario nin manifesta o grao de desenvolvemento e complexidade da Galicia desenvolvida nin está ancorado nas rotacións de ano e vez nin na produción centeeira. En xeral, trátase de rotacións binarias nas que se alterna o cereal de inverno co de primavera con unha sobrecolleita de nabos aparecendo o barbeito como algo residual. A gandería presentase como un recurso primordial para as economías máis precarias mercé á abundancia de monte, reserva nutricia ideal para a cabana de ovicaprino, e como un bo negocio para os tratantes de gando maior, en particular de équidos como as mulas. O campesiño pobre pode obter nas feiras locais algún numerario a costa do gando a fin de invertilo en cereal cando nos meses de soldadura se esgota o da despensa familiar, mentres os tratantes de mulas parece que se dirixen a feiras de máis envergadura onde deben obter bos beneficios. A desigual repartición da riqueza maniféstase de novo na elevada porcentaxe de gando *posto á ganancia* –21%-, que afecta a todas as especies.

Das características estruturais da sociedade do Antigo Réxime que acabamos de desenvolver pasamos a unha aproximación ao devir das conxunturas que se pode obter a partir das fontes demográficas. A pesar dos problemas de fiabilidade que presentan, censos, veciñanzas e recontos hai que tomalos como un punto de partida necesario para aproximarnos os niveis de poboamento dun área determinada en distintos momentos. A principios do século XVII a xurisdición de Folgoso presentaba uns baixos índices de

ocupación do territorio –entre 3.5 e 4 veciños/km^2- en relación á Galicia desenvolvida; circunstancia que, a pesar da expansión demográfica operada en varios momentos, se presentará como unha característica estrutural desta comarca. A evolución demográfica que se extrae do contraste deste tipo de fontes presenta bastantes dúbidas de verosimilitude debido aos sesgos que padecen. O caso do Padrón calle-hita de 1708 é o máis significativo, pero non todas as fontes censuais deben ser catalogadas por este patrón. Así, os Libros Personales do Catastro de 1752 resultan da maior fiabilidade e sitúan a densidade de poboación en 27.9 habitantes/km^2. Pola súa parte, o Censo de Floridablanca de 1787, a fonte demográfica máis completa do Antigo Réxime español, ofrece a "radiografía" dunha poboación que se revela moi arcaica, descoñecedora de mecanismos autorreguladores e, polo tanto, caracterizada por intensos fluxos de entrada (alta natalidade) e saída (elevada mortalidade), na medida que está a mercé dos embates mortíferos das catástrofes naturais (carestías, fames, enfermidades e morte). De ahí que as curvas que se obteñen para as tres variables demográficas a partir das series parroquiais sexan o reflexo gráfico de tal primitivismo: liñas atormentadas e de tendencias pouco definidas na longa duración.

As series parroquiais coas que traballamos, salvo no caso da freguesía de Barbeiros, no van máis alá do último cuarto do século XVII, polo que non podemos coñecer a dinámica demográfica dos primeiros anos desta centuria e da globalidade da anterior, problema común á maioría dos traballos galegos de demografía histórica. En xeral, sabemos que a nivel europeo o século XVI foi unha etapa de recuperación, idea que corroboran os traballos de Pegerto Saavedra e Juan E. Gelabert para a primeira metade do mesmo na provincia de Mondoñedo e a Terra de Santiago respectivamente, onde constatan a intensificación da roturación de terras, ao tempo que se incrementa o seu valor, e se subdividen as explotacións. Tendo en conta que a comarca aquí estudada se empraza na periferia norte da segunda, pódese pensar que o seu comportamento nesta etapa non debeu ser moi distinto do observado no conxunto da área compostelá. A grave crise que durante o século XVII sucedeu a esta fase de prosperidade, sacudiu con violencia a boa parte de Europa -como á España central e meridional-, se ben chegou con máis anticipo ao norte e noroeste da Península Ibérica –mediados do XVI-, tamén foi aquí máis curta. A recuperación, que xa se iniciara nos anos trinta e corenta do XVII nas comarcas do litoral e vales prelitorais, adquiriu un pulo inaudito grazas ás transformacións económicas derivadas da introducción do millo no seu sistema agrario. Rotacións complexas, roturación de novas terras, estabulación do gando co conseguinte aumento do abono natural, intensificación do traballo humán; en resumen: intensificación agraria e gandeira con resultado de incremento da produtividade por Ha. e indivuduo. Pero tamén debe terse en conta que o estímulo demográfico do millo v tamén veu polo seu mencionado maior valor nutritivo, o que permite alimentar o dobre número de bocas por Ha. Esta explosión demográfica mantívose na Galicia do millo –con algún ciclo intermedio de decaimento- ata os anos oitenta do seiscentos, durante a primeira metade do século XVIII iniciou un ritmo máis paseniño, para entrar no segunda parte desa centuria nunha fase de estancamento da que non sairá ata a segunda ou terceira década do XIX, grazas á aparición da pataca na dieta campesiña.

¿Qué se pode dicir ao respecto da incidencia do millo na dinámica demográfica da comarca aquí estudada?, ¿é posible atribuírlle o crecemento experimentado no século XVII cando á altura de 1752 este cultivo supón tan só o 36% do cereal decimado, unha proporción que xa se superaba nos inventarios do litoral a finais do XVII? Pérez García ten estudado como e cando penetrou o cereal ultramariño no noroeste peninsular. Así, na Galicia da transición ao interior parece que entrou con bastante retraso respecto ás comarcas pioneiras e o seu proceso de implantación foi bastante máis lento por razóns de

adaptación ao medio –sobre todo climatolóxicas-, ás que coidamos que se poden engadir outros coñecidos atrancos: alteracións das rotacións tradicicionais, limitación dos dereitos de vana pastura nunha comarca eminentemente gandeira-, ou os derivados dun réxime de usufruto da terra baseado maioritariamente no arrendo e na parzaría. O que si parece probable é a relación entre o fulgurante, aínda que breve, despegue vexetativo dos anos cincoenta do XVIII que se rexistra nas series parroquiais manexadas, cos efectos propulsores do millo, aínda que cabe preguntarse se esta é a única causa deste crecemento sen precedentes dos bautismos e matrimonios. Polo de agora, haberá que concluir que, globalmente, a gramínea americana tivo un efecto moi discreto sobre o desenvolvemento demográfico da comarca ordense, foran cales fosen os ritmos do seu proceso de aclimatación a estas terras.

Aínda en ausencia do millo, no segundo terzo do XVII, a conxuntura positiva que freou por algúns anos a mortalidade catastrófica debeu revitalizar igualmente a estas poboacións, claro que sen chegar á "euforia" das comarcas da Galicia do millo. Nos anos setenta rexistrouse unha nova revitalización na que o cereal americano, sin ser agora descoñecido, tampouco debeu de xogar un papel fundamental. Só así, no contexto dun vello sistema agrario apenas alterado, se explica que este crecemento non se sostivera durante moito tempo, en contraste co ocorrido na Galicia desenvolvida, e que os aspectos máis crus das dinámicas demográficas antigas non se viran atenuados. A poboación pois seguiu a mercé dos dramáticos azoutes da mortalidade e a catástrofe agrícola de 1709-1710, precedida dun período económicamente negativo, inagurou unha etapa de estrangulamento demográfico que se prolongará durante toda primeira metade do século XVIII, do que se sae na segunda metade deste, a pesar dos ciclos críticos que rexistran nesta última etapa.

Posto que no último cuarto do XVIII e primeira metade do XIX o crecemento demográfico que se observa nas parroquias estudadas dista moito do ímpetu coñecido na Galicia interior -onde a temperá aparición da pataca na dieta campesiña amortiguou as crises do tránsito de século-, pode dicirse que a implantación da "bela americana" debeuse efecutuar en Ordes dende principios do XIX, ao compás da Galicia atlántica. A priori, resulta paradoxal o retraso na introducción do tubérculo con relación á Galicia interior, posto que as condicións morfoclimáticas da penichaira coruñesa son idóneas para este cultivo. A explicación debe residir en que tales condicións, se ben freaban a penetración do millo, non a dificultaron na mesma medida que no interior de Lugo, onde o clima era bastante máis extremo; de maneira que a pataca esperou a facer a súa entrada no sistema agrario ata que non se esgotaron as posibilidades de extensión do cereal americano, factible a través ampliación da superficie de cultivo a costa das amplas reservas de inculto.

Así, a maior alza demográfica das parroquias aquí estudadas prodúcese a partir dos anos vinte do século XIX, no mesmo intre no que a fatigada poboación da Galicia máis próxima á costa se reanima por algún tempo grazas ao estímulo vivificante da pataca. Daquela, pode dicirse que a poboación destas parroquias acompasa os seus ritmos aos da Galicia atlántica na segunda metado do XVIII: despois do "interciclo de boas colleitas" de 1774-1788 atravesa a crise do tránsito de século, para vivir unha recuperación decidida na década dos vinte. Este primitivo comportamento demográfico vai unido a un evidente inmovilismo económico, e non pode explicarse únicamente en función das hostilidades que presentou o medio físico á penetración do millo e ás innovacións agrarias derivadas disto. Sen restar importancia a ese factor, pero tendo en conta a diferente dinámica demográfica que se observa en relación a áreas de trazos morfoclimáticos similares como a comarca do Xallas, coidamos que se deben valorar outras circunstancias como as características da estrutura da propiedade do solo: unha desigual repartición da riqueza

rústica, traducido en desvantaxosas condicións do usufruto da terra para boa parte do campesiñado, obrigaba a vivir a amplos sectores sociais nunha precariedade económica que os facía moi vulnerables ás conxunturas adversas, agravadas, á súa vez, pola escasa diversificación da produción agrícola. Calquera ano de malas colleitas se cobraba númerosas víctimas e frustraba as posibilidades de despegue demográfico. Esta precariedade debeu desanimar a aqueles labregos a arriscarse con experimentos agrarios innovadores nunha terra cuxas circunstancias medioambientais non aseguraban a curto prazo o éxito do modelo que se deu na Galicia do millo, por que niso podía ir a fame e o endebedamento da familia nos anos vindeiros. Por outra banda a importancia económica do gando, en especial nas economías familiares máis raquíticas, tampouco era moi compatible con esas novidades. A frouxedade do definitivo despegue dos anos vinte do século XIX con relación a outras comarcas que presentan certas concomitancias socieconómicas coa nosa, tamén debe ter que ver con un esquema explicativo similar. Hai que esperar ás últimas décadas do XIX e primeiras do XX para observar un crecemento decidido que só se verá freado polo efecto da emigración masiva que xurde como resposta de control demográfico.

Vistas as características estruturais socioeconómicas desta comarca e a súa evolución demográfica, que é indicativa das vicisitudes de variables económicas, descendemos un novo chanzo na análise da sociedade para adentrarnos no universo da familia en tanto célula básica daquela sociedade. Para ter unha completa percepción da familia, como unidade de produción e consumo, sería desexable poder analizar todos os factores (biolóxicos, económicos, mentais...) que concurren na configuración do agregado e das súas bases económicas. Aínda sen contar con todas esas claves, intentamos ao longo destas páxinas unha aproximación que permitira perfilar a imaxe da familia ordense dos séculos XVIII e XIX. As características do agregado doméstico en 1752 non presentan particularidades especiais ao respecto do panorama xeral galego: fogares cun tamaño medio de 4.4 individuos nos que predominaban aqueles de estrutura nuclear –66%-, seguidos das complexas –23%-, escasa presenza de solitarios –7%- e fogares sen estrutura familiar –3%-. Un século máis tarde o aumento dos fogares complexos –32.2%- a costa fundamentalmente dos solitarios, case inexistentes –0,2%- non alterou o tamaño da familia media.

En 1752, estas proporcións, lonxe de ser algo inmóvil, teñen distinta importancia nas diferentes etapas do ciclo familiar: os fogares *complexos* arrebatan o protagonismo aos *nucleares* nas últimas fases de aquel –73.69% entre os maiores de 70 anos- e manteñen un peso importante aínda despois do relevo xeracional que se produce nas xefaturas destas familias. Así , entre os fogares cuxos xefes teñen entre 20 e 29 anos, o peso das complexos é aínda do 30%, debido a que as estruturas que teñen herdado da fase terminal do ciclo familiar que os precedeu, aínda non se disolveron. Debe recordarse a importancia que teñen os criados no entramado familiar destas parroquias a mediados do século XVIII: cun 7% dos efectivos humanos, están presentes en algo máis do 20% dos fogares e supoñen un aporte do 0.31 individuos/fogar dentro do grupo doméstico. A súa presenza nas casas campesiñas haberá de interpretarse, sobre todo, como unha vía de búsqueda do equilibrio entre medios de produción e forza de traballo disponibles, de ahí que a súa importancia sexa o primeiro indicio de importantes desequilibrios de riqueza entre unhas familias e outras. Asemade, debe terse en conta que o peso dos criados nos fogares ao longo do ciclo vital da familia hai que conectalo coa ausencia ou aparición doutros aportes como fillos e netos, e, por último, non debe esquecerse o seu carácter de elemento de prestixio social entre as elites parroquiais, pero tendo en conta a súa menor significación respecto ao que ocorre no mundo urbano.

Comprobouse como as dimensións da explotación media ocultan fortes desigualdades de riqueza. Tales desigualdades reflíctense nas estruturas e tamaños das familias en orde a axustar efectivos humanos e recursos materiais, porque o que si está claro é que as explotacións aumentan as súas dimensións na medida en que as familias se fan máis complexas; e á inversa, que as familias poden ser máis complexas se o tamaño da explotación lles permite desenvolverse. Neste senso e como acabamos de indicar, o recurso ao servizo doméstico contribuirían a ese axuste tanto nas familias de orixe dos propios criados como nas de destino. De modo que, tendo en conta a súa importancia numérica nesta comarca, pode entenderse que o nivel de riqueza estea tan relacionado co número de fillos por familia, non tanto polo freo demográfico que poda exercer a miseria, como polo feito de que os máis pobres se teñan que "liberar" dalgunhas bocas colocando aos seus fillos como criados nas casas máis fortes. Pero tampouco haberá de desbotarse a posibilidade de que algúns agregados podan ir axustando a explotación ás súas dimensións a través da ampliación da superficie disponible adquirindo a propiedade ou o usufruto de terras e gando, sobre todo, a costa das importantes extensións de terra poseídas por forasteiros. En definitiva, non podemos asegurar que sexan as características do agregado doméstico as que determinan o tamaño da explotación nin que se dé, como na provincia de Lugo, o fenómeno inverso, como consecuencia dun ríxido sistema hereditario. Máis ben, parece que na comarca de Ordes tales paralelismos nin obedecen a unha sola causa, nin se dan nun único senso, senón que responden a complexos mecanismos nos que conflúen dialécticamente todos os factores que configuran tanto á familia como á explotación, e dos que só citamos os máis importantes: as características económicas do medio, o número de homes e mulleres, o sistema e tecnoloxía agrarios e outras cuestións sociais e mentais como as formas de transmisión do patrimonio en conexión coa riqueza e coa estrutura da familia de que se trate.

Por último, e sen abandonar a análise da familia e o seu patrimonio, abordouse un aspecto de orde cultural como é o acceso da poboación á lectura e á escritura. Para iso puxéronse en relación aspectos de orde material e cultural da sociedade campesiña da comarca de Ordes durante a Idade Moderna e primeiros anos da contemporánea para captar unha cuestión escorregadiza como son os niveis de alfabetización antes de 1860. A combinación de fontes de distinta natureza permite comprobar que a validez de unhas e outras pode variar en función de factores de tipo local que pasarían desapercibidos se se prescindise dun previo estudo socioeconómico da zona á que se refiren. Por exemplo, no caso das escrituras de compravenda isto parece claro na medida en que a súa representatividade social pode variar dependendo de que na sociedade sexan máis ou menos os que teñen bens raíces que comprar ou vender. Por iso o contraste de fontes diversas é a mellor guía para nos orientar neste neboento terreo.

Puidemos ver que a evolución positiva dos niveis de alfabetización durante a etapa estudada foi insuficiente para acadar en 1860 unha situación minimamente aceptable, en tanto que nesta data se rexistra na comarca de Ordes unha das taxas máis baixas de toda Galicia. Ao noso entender é nas súas particularidades socioeconómicas onde hai que buscar o principal factor explicativo de semellante retraso nos niveis de instrución. A conocida relación entre riqueza e nivel de alfabetización, comprobada por Gelabert para a Galicia de 1635, constátase en Ordes en 1761 e 1852. Por tanto, habida conta da desigual distribución da riqueza e da ampla masa de desposuídos que se rexistran a través de todo ese período, non deben estrañar os baixos niveis de alfabetización -prácticamente nula entre as mulleres- que se documentan tanto en 1860 como nos séculos anteriores. Pola súa parte, o maior tamaño que se constata para os fogares dos xefes de casa que saben asinar non depende do nivel de instrución destes senón de que ámbalas dúas circunstancias (alfabetización e familias máis amplas) ten orixe común no seu maior grao de riqueza,

máxime se se ten en conta que ese superior tamaño familiar vén dado con frecuencia pola presenza de servizo doméstico nas súas casas.

É coñecido o papel de freo que xogou a dispersión do hábitat na escolarización da poboación infantil e en consecuencia a súa incidencia negativa no proceso de alfabetización da sociedade. A acusada dispersión rexistrada nesta comarca tamén ten unha das súas causas na estrutura da propiedade da terra na medida que esta propiciou a proliferación de lugares acaserados. Ademais, as desigualdades dentro da comunidade campesiña repercutiron nunha menor cohesión e debilitaron a capacidade organizativa do corpo social o que en nada axudou á creación de escolas de iniciativa veciñal, sen que esta carencia fose suplida polo mecenado de individuos ou institucións con capacidade económica para crear fundacións educativas que permitisen o acceso dos pobres ás primeiras letras. ao mestre hai que pagarlle, pouco, é certo, pero para as economías familiares máis estreitas non deixa de ser un luxo cando existen outras prioridades e cando a man de obra infantil é un recurso importante na explotación agropecuaria. Por outra banda, as rixideces da sociedade do Antigo Réxime tampouco animaron a que os labradores máis pobres se interesasen en aprender algo que non lles ía ser de utilidade ao longo das súas vidas. Por último, debe recordarse que as escolas de mediados do século XIX tenden a establecerse en lugares ben comunicados e que reúnen máis poboación; así, aquelas localidades situadas á beira da vía de unión entre as ciudades de Santiago e A Coruña contan con máis escolas e presentan superiores niveis de alfabetización.

Recapitulando, se algo define a esta comarca é o seu carácter de espazo de transición entre a Galicia desenvolvida do litoral e vales prelitorais e a Galicia atrasada do interior lucense. Transición que se revela nos diferentes aspectos que foron tratados neste traballo: clima, paisaxe e sistema agrario, densidade de poboación, ritmos demográficos e características do agregado familiar. As terras destes sete concellos cuxo señorío estivo repartido entre o conde de Altamira, a Mitra compostelá e o marqués de Montaos e a durante o Antigo Réxime, atopábanse ocupadas na maior parte da súa superficie por monte baixo de toxos, xestas e uces. Polo tanto, e en consonancia coas súas baixas densidades humanas, o espazo cultivado organizado en pequenas agras e algúns "enclos" movíase en torno ao 20% da superficie. Durante o período estudado preséntase como unha rexión rural pouco poboada e de hábitat marcadamente disperso. A relativa proximidade e boa comunicación existente coas dúas concentracións urbanas máis importantes do período aquí estudado –A Coruña e Santiago- debeu ser a causa de que non se xerara ningún núcleo de poboación de tipo vilego. Con todo, o conxunto de casas que se agrupaban en torno á Calle de Poulo foi o único que se aproximou algo a aquelo, grazas ás feiras de gando e aos negocios "hosteleiros" que se beneficiban dos viandantes que transitaban o Camiño Real. En definitiva, camiños e feiras actuaban de elementos estruturadores do espazo e da xerarquía funcional das entidades de poboación.

Tratábase na práctica totalidade dunha poboación campesiña cuxa economía repousaba enteiramente sobre a agricultura e a gandería, sendo escasas as actividades complementarias da labranza, entre as que destacaban o traballo do liño e o exercicio itinerante dos oficios de xastre e zapateiro. Varios indicadores revelan unha desigual repartición da riqueza dentro destas comunidades campesiñas: por unha parte a abundancia de individuos empregados no servizo doméstico –7% da poboación en 1752-, a existencia de numerosos veciños que non declaran terras e o alto índice de gando –non so vacún- usufrutuado en réxime de parzaría –22%-. A agricultura está bastante condicionada por uns factores climáticas pouco benignos que limitan a variedade de cultivos e converten a gandería nun complemento necesario e de peso importante, panorama que apenas sofre cambios durante a primeira metade do século XIX, tal como se desprende do *Diccionario* de Pascual Madoz.

Os censos de poboación de 1787 e 1860 mostran unha estrutura demográfica pouco evolucionada e de nula autoregulación, características que comparte coas restantes xurisdicións da penichaira coruñesa coas que conforma o modelo demográfico Valdeorras-subtipo Arzúa que foi tipificado polo profesor Eiras. As baixas densidades humanas serán unha constante durante todo o período aquí estudado na medida en que o crecemento demográfico se viu permanentemente truncado por frecuentes crises que retrotraían á poboación ao punto de partida. Entendemos que isto é debido, por unha parte, á incompleta dieta alimenticia dos habitantes da comarca, tanto en cantidade como en calidade, dada a limitada diversidade de cultivos. E, por outra, á situación de miseria de amplos sectores sociais que por unha desigual repartición da riqueza e unha débil presenza de contratos forais –moderadamente favorables ao campesiño-, se ven sometidos a unha insoportable presión das rendas da terra. Aspectos que teñen o seu reflexo nas grandes superficies agrarias declaradas por algúns individuos no *Catastro de Ensenada,* mentres outros no posúen nin un ferrado, os mesmos que as traballan en parzaría e colocan aos seus fillos no servizo doméstico.

Os datos obtidos a partir das series parroquiais indican que a evolución da poboación na longa duración presenta un crecemento moderado no último cuarto do XVII en relación coa segura implantación do millo maíz, moderación que contrasta coa "euforia" demográfica da Galicia litoral e prelitoral-. O século XVIII foi unha etapa de estancamento na que crises consecutivas impediron un despegue decidido da poboación, pese aos enérxicos impulsos da segunda metade desa centuria. Haberá que esperar á década de 1820 para detectar un arranque demográfico definitivo relacionado con toda probabilidade coa introdución da pataca como cultivo alimenticio. A fisionomía dos grupos familiares responde ao coñecido para a globalidade de Galicia e presenta elementos de transición entre a Galicia oriental e a occidental: predominio dos fogares de estrutura nuclear –arredor do 66% en 1752 e 1852- e tamaño medio de 4.4 individuos/fogar, podéndose demostrar como as características de cada fogar están en estreita relación coas posibilidades económicas da familia e o papel que xoga o servizo doméstico no axuste entre unhas e outras.

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ABREVIATURAS

- **AG:** Arquivo de Galicia
- **AGS:** Archivo General de Simancas
- **AHDS**: Arquivo Histórico Diocesano de Santiago
- **AHN:** Archivo Histórico Nacional
- **AHUS**: Arquivo Histórico da Universidade de Santiago
- **AMFrd**: Arquivo Municipal de Frades
- **AMOrs**: Arquivo Municipal de Oroso
- **APBrb**: Arquivo Parroquial de Sta Mª de Barbeiros-S. Xiao de Poulo
- **APBsc**: Arquivo Parroquial de S. Paio de Buscás-Sta. Aia de Faramilláns
- **APGdr***:* Arquivo Parroquial de S. Miguel de Gándara-Sto. Tomé de Vilarromarís
- **APOrd**: Arquivo Parroquial de Sta. Mª. de Ordes
- **ARG:** Arquivo do Reino de Galicia
- **BUSC:** Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela
- **BNE:** Biblioteca Nacional de España

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

BIBLIOGRAFÍA

- AGUIRREAZKUENAGA, J. et URQUIJO, M. (ed.), *Perspectivas de historia local: Galicia y Portugal.* Bilbao, 1996.
- ALONSO ROMERO, F., "Las barcas del río Tambre (Galicia): Estudio comparativo con las barcas del Támega y otras embarcaciones fluviales", en *Jornadas de Estudo de Marco de Canaveses*, 1988-1989, Vol.1, pp.65-79.
- ANDRADE CERNADAS, J. M. "Las *villae* en la Galicia de la mutación feudal: el caso de Celanova", en *III e IV Semanas Galegas de Historia. A guerra en Galicia. O rural e o urbano na Historia de Galicia.* Santiago de Compostela, 1996, pp. 277-290.
- BARRAL MARTÍNEZ, M., *A visita de Isabel II a Galicia en 1858: Monarquía e provincialismo ao servizo da nacionalización*, Santiago de Compostela, 2012.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, J. R., *El carlismo gallego*, Santiago de Compostela, 1976.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R, e VILLARES PAZ, R. (dirs.), *A Gran Historia de Galicia,* A Coruña, 2007.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R., *Historia de la ciudad de La Coruña,* A Coruña, 1996.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R. *Historia Contemporánea (ss. XIX-XX)*, 4 vol., A Coruña, 1982-1983.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., "A esaxerada vida de Antonio Benito Fandiño", introducción a FANDIÑO, A.B., *A Casamenteira,* Ourense, 2000.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., *El carlismo gallego*, Santiago, 1976.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., *La Galicia del Antiguo Régimen. Enseñanza, ilustración y política*, Tomo IV de *Galicia Historia,* ed. Hércules, A Coruña, 1992
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., *La sociedad gallega contemporánea. Tradición y modernidad*, Tomo V de *Galicia Historia,* A Coruña, 1992.
- BARREIRO GIL, M. J., "O atraso económico e o sistema de transporte terrestre na Galicia do século XIX", *Revista galega de economía. Publicación Interdisciplinar da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais*, vol. 10, núm. 1, 2001, pp. 63-82.
- BARREIRO MALLÓN, B., "El clero de la Diócesis de Santiago a través de las visitas pastorales, visitas ad limina, registros de licencias ministeriales y concursos a curatos", *Compostellanum*, XXXV (1990), pp. 489-515.
- BARREIRO MALLÓN, B. e REY CASTELAO, O, *Pobres, peregrinos y enfermos: la red asistencial gallega en el Antiguo Régimen,* Santiago, 1998.
- BARREIRO MALLÓN, B. e REY CASTELAO, O, *Pobres, peregrinos y enfermos: la red asistencial gallega en el Antiguo Régimen,* Santiago, 1998.
- BARREIRO MALLÓN, B., "El clero de la diócesis de Santiago: estrutura y comportamientos, ss. XVI-XIX", *Compostellanum,* XXXIII (1988), pp. 469-508.
- BARREIRO MALLÓN, B., "Las cofradías del clero y su organización", en REY CASTELAO, O. et al., *Cuatro textos, cuatro contextos. Ensayos de historia cultural de Galicia*, Santiago de Compostela, Mixia, 2004, pp. 103-165.
- BARREIRO MALLÓN, B., *La jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII: población, sociedad y economía*, Santiago, 1977.
- BARREIRO MALLÓN, B., *Las ciudades y villas costeras del norte de Galicia en el contexto internacional del siglo XVI. Lección inaugural en la solenme apertura del Curso Académico 1999-2000 de la Universidade da Coruña,* A Coruña, 1999.
- BARRIOCANAL LÓPEZ, Y., *Xornadas galegas de Xoana I de Castela e Filipe o Fermoso: segunda viaxe a España, quinto centenario 1506-2006,* Ourense, 2007.

- BAZ, Mª J., "A lexitimación das casas nobiliarias galegas no tránsito á Idade Moderna" en *Galicia fai dous mil anos: o feito diferencial galego*, Santiago, 1998, pp. 31-72.
- BEIRAS TORRADO, X. M., "Notas previas para una Economía Política de la Ilustración gallega", en *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez,* op. cit., pp. 54-25.
- BERMEJO BARRERA, J.C., "Sobre las dimensiones significativas del espacio" en *Concepcions espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia*, Santiago, 1993, pp. 3-22.
- BLOCH, M., *La tierra y el campesino. Agricultura y vida rural en los siglos XVII y XVIII*, Barcelona, 2002.
- BOTREL, J.F., "L'aptitude a communiquer: alphabetisation et escolarisation en Espagne de 1860 a 1920", en en *De l'alphabétisation aux circuits du livre en Espagne, XVI^e^-XIX^e^ siècles*, Paris, 1987, pp.105-140.
- BOUHIER, A., *La Galice. Essai Géographique d'analyse et interpretation d'un vieux complexe agraire*, La-Roche-Sur-Yon, 1979.
- BOUHIER, A., *Galicia. Ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario.* Santiago de Compostela, 2001.
- BRANDALISE, V. H., "Tralos pasos de Domingo Fontán", *Murguía: revista galega de historia*, nº. 26 (xullo-dec. 2012); p. 27-77.
- BURGUEÑO, J. et al., "El poblamiento de Cataluña en 1860 a partir de la información del Nomenclátor de 1860", en DE LA RIBA, J., IBARRA, P., MONTORIO, R., RODRÍGUES, M. (Eds.), *Análisis espacial y representación geográfica: innovación y aplicación,* Zaragoza, 2015, pp. 531-539.
- CABEZA QUILES, F., *Os nomes de lugar: topónimos de Galicia a súa orixe e o seu significado*, Vigo, 1992.
- CAL Y CORTINA, R.M.G. de, *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*, A Coruña, 1998
- CARBALLAL LUGRÍS, J., *Porlier*, A Coruña, 1997.
- CARDESÍN DÍAZ, J. M., "La religión como teoría organizadora de la experiencia de vida del campesinado", en VÁZQUEZ VARELA, J. M. et. al., *O feito relixioso na Historia de Galicia,* Santiago de Compostela, 1993, pp. 200-224.
- CARDESÍN, J.Mª., "El mito de la comunidad campesina: ¿crisis de un agente de las Ciencias Sociales?" en *Concepcions espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia*, Santiago, 1993, pp.165-192.
- CARRÉ ALDAO, E., "La Coruña", en CARRERAS Y CANDI, F. (dir.), *Geografía General del Reino de Galicia*, Vol.VII, T.4º, Barcelona, s.a., A Coruña, 1980 (ed. fac).
- CARRÉ ALVARELLOS, L., *Las leyendas tradicionales gallegas,* Madrid, 1977.
- CARRERAS Y CANDI, F. (dir.), *Geografía General del Reino de Galicia*,.Barcelona, s.a., A Coruña, 1980 (ed. fac).
- CASTILLO, A. del, *Inventario de la riqueza monumental y artística de Galicia,* Ed. facs. a cargo de Alfredo Vigo e Lois Ladra Fernández, A Coruña, 2008
- CASTIÑEIRA CASTRO, V. *Dinámica sociodemográfica del Finisterre gallego (1600-1860)*, Universidade de Santiago, 1996 (tese de licenciatura inédita).
- CASTIÑEIRA CASTRO, V.M., "Evolución demográfica en el área de Fisterra (1600-1860)" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 6, 1997, pp. 221-238).

- CASTIÑEIRA CASTRO, V.M., "O fogar no extremo occidental da Costa da Morte (1750-1850)" en *Historia Nova VI e VII: Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia,* Santiago, 1999.
- CASTRO REDONDO, R., *Cartografía digital de Galicia en 1753. Jurisdicciones, provincias y Reino,* Santiago de Compostela, 2019.
- CASTRO REDONDO, R., *Entre colmos, rebolas e dobres varas de medir: conflitos por medidas na Galicia Moderna (séculos XVI-XIX),* Valga (Pontevedra), 2016.
- CASTRO REDONDO, R., *La conflictividad vecinal en la Galicia de fines del Antiguo Régimen: Los conflictos por medidas y límites,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2016.

–CAUCCI VON SAUCKEN, P., *El viaje del príncipe Cosimo dei Medici por España y Portugal*, Santiago de Compostela, 2004.

- CHACÓN JIMÉNEZ, F. y HERNÁNDEZ FRANCO, J., (eds.), *Espacios sociales, universos familiares. La familia en la historiografía española.* Murcia, 2007.
- CHANTADA ACOSTA, J.R., "Ordes", en OTERO PEDRAYO, R. (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, 1974, vol. 23, p. 55-59.
- CHANTADA ACOSTA, J.R., "Oroso", en OTERO PEDRAYO, R. (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, 1974, vol. 23, pp. 109-112.

–CHARPENTIER, E., *Les campagnes françaises à l'époque moderne,* París, 2021.

- CHAYANOV, A.V., *La organización de la unidad económica campesina.* Buenos Aires, 1974.
- COLLOMP, A., "Menage et famille. Études comparatives sur la dimension et la structure du grupe domestique", *Annales E.S.C.*, 1984, p.783.
- CONDE-GARCÍA, J., *Atlas de paisajes de la memoria: Galicia 1579-1865,* A Coruña, 2015 (tese de doutoramento).
- CORDEIRO TORRÓN, X., DOPICO, F., RODRÍGUEZ GALDO, Mª. X., "A distribución espcial do gando en Galicia segundo o Cadastro de Ensenada" en *Revista Galega de Estudios Agrarios*, vol. 9, 1983, 71-83.
- CRUZ MUNDET, J.R," Caserío, familia y explotación agraria en Guipúzcoa: el ejemplo de Rentería (1750-1845) en *Boletín da Asociación de Demografía Histórica,* XI, I, 1997, PP. 13-39*)*
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. *Contribución a la climatología agrícola de Galicia*, Santiago, 1971.
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. e GIL SOTRES, F., *Capacidad produtiva de los suelos de Galicia. Mapa 1 : 200.000,* Santiago de Compostela, 1984.
- DÍAZ-GARCÍA , F., La evolución metamórfica de las rocas máficas y ultramáficas del sector occidental del complejo de Ordes (Órdenes) (NW de España)". *Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe*, 1988, 12, pp. 141-149.
- DOPICO GUTIÉRREZ DEL ARROYO, F., "Os camiños da provincia de Santiago. Introducción ao estudio do transporte na Galicia do Antigo Réxime", en *Museo de Pontevedra*, Tomo XXXII, 1979, pp. 171-187.
- DOVAL ADÁN, Antonio, "La articulación comarcal y territorial de Galicia a principios del siglo XXI", en *Minius,* 2009, pp. 81-111.
- DUBERT GARCÍA, I, (coord.), *Historia de la Galicia Moderna. Siglos XVI-XIX,* Santiago de Compostela, 2012.
- DUBERT GARCIA, I., "Criados, estrutura económica y social y mercado de trabajo en Galicia rural a finales del Antiguo Régimen", *Historia agraria: Revista de agricultura e historia rural*, n. 35, 2005, pp. 9-26.

- DUBERT GARCÍA, I., "Espacio y comportamientos sociales en la Galicia de época moderna", en *Concepcions espaciais e estratexias territoriais na Historia de Galicia*, Santiago, 1993, pp. 139-164.
- DUBERT GARCÍA, I., "Ilegitimidad, matrimonio y mercados de trabajo femeninos en la Galicia interior, 1570-1899", *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 24, 49-86, 2015, pp. 49-86.
- DUBERT GARCÍA, I., "La formación de las familias en la Galicia Rural de fines del Antiguo Régimen" en P. Gonzalvo Aizpuru et. al., comp., *La familia en el mundo iberoamericano*, México, 1992, pp. 361-401).
- DUBERT GARCÍA, I., "La mortalité en Galice, 1600-1850", *Annales de Démographie Historique,* 1996, 221-284.
- DUBERT GARCÍA, I., *Los comportamientos de la familia urbana en la Galicia del Antiguo Régimen: el ejemplo de Santigo de Compostela en el siglo XVIII*, Santiago, 1987.
- DUBERT GARCÍA, I.: *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna, 1550-1830: estructura, modelos hereditarios y conflictividad.* A Coruña-Sada, 1992.
- EIRAS ROEL, A et USERO, R., "Precios de los granos en Santiago de Compostela y Mondoñedo" en *Las fuentes y los métodos: 15 trabajos de historia cuantitativa serial de Galicia.* Santiago, 1977, pp. 243-288).
- EIRAS ROEL, A, "Galicia, estructura y caracteres de la población en el Censo de Floridablanca" en V.V.A.A., *La población española en 1787: II Centenario del Censo de Floridablanca"*, Madrid, 1987.
- EIRAS ROEL, A. (dir.), *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal,* Santiago, 1990.
- EIRAS ROEL, A. (ed.): *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*, Santiago de Compostela, Xunta, 1992.
- EIRAS ROEL, A. e GELABERT GONZÁLEZ, J. E., "Contabilidades hospitalarias como fuentes de los transportes internos: costos de transporte del Real Hospital de Santiago", en EIRAS ROEL, A. et al., *Las fuentes y los métodos. 15 trabajos de historia cuantitativa serial de Galicia*, Santiago de Compostela, 1977, pp. 323-344
- EIRAS ROEL, A. et al., *Las fuentes y los métodos. 15 trabajos de historia cuantitativa serial de Galicia*, Santiago de Compostela, 1977.
- EIRAS ROEL, A. y REY CASTELAO, O. (eds.), *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica, 1500-1900*, Santiago de Compostela, Xunta, 1994.
- EIRAS ROEL, A., "El comercio de Galicia y con Galicia en la economía mundial del siglo XVIII. Para un estado de la cuestión", *Obradoiro de Historia Moderna*, núm. 17, 2008, pp. 155-178.
- EIRAS ROEL, A., "El señorío gallego en cifras. Nómina y ranking de los señores jurisdiccionales" en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* vol. XXXVIII, nº 103, año 1989, pp. 113-132).
- EIRAS ROEL, A., "Hambre y peste en Santiago en 1710" en *Cuadernos de estudios gallegos*, XX (1965) pp.243-255.
- EIRAS ROEL, A., "Hautes terres et basses terres en Galice: la concetration réxional du bétail", en *Élevaxe et vie pastorale*, Clermont-Ferrand, 1984, pp. 120-150.
- EIRAS ROEL, A., "La casa de los Expósitos del Real Hospital de Santiago en el siglo XVIII" en *Boletín de la Universidad de Santiago*, 75-76 (1967-1968).
- EIRAS ROEL, A., "Test de concordancia aplicado a la crítica de vecindarios fiscales de la época preestadística" en *Las fuentes...*, Ibid., pp.113-138.

- EIRAS ROEL, A., "Un vecindario de población y estadística de la riqueza de Galicia en el siglo XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 1969.
- EIRAS ROEL, A., "Una primera aproximación a la estructura demográfica urbana de Galicia en el censo de 1787", en R. Villares, coord., *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*, Santiago, 1988, pp. 165-177;
- EIRAS ROEL, A., *Estudios sobre agricultura y población en la España Moderna,* Santiago, 1990.
- EIRAS ROEL, A., *La Población de Galicia, 1700-1860: crecimiento, distribución espacial y estructura de la población de Galicia en los séculos XVIII y XIX*, A Coruña, 1996.
- ERIAS MARTÍNEZ, A., "A invasión francesa de 1809 vista desde Betanzos (I)", *Anuario brigantino*, Nº. 30, 2007, págs. 263-300.
- ESCRIGAS, G. (ed. lit.), *Viaxe da Raiña Dona Mariana de Neoburgo por Galicia (1690)*, Santiago de Compostela, 1998.
- FALCÓN GALIÑANES, R., *La importancia y usos del agua en el noroeste de Galicia a finales del Antiguo Régimen: las cuencas fluviales,* Santiago de Compostela, 2018 [tese de doutoramento inédita],
- FARIÑA JAMARDO, X, *Os Concellos Galegos*, A Coruña, 1990-1993.
- FARIÑA TOJO, J., *Los asentamientos rurales en Galicia,* Madrid, 1980.
- FEMBIELLA, L. e URGORRI, F., *El antiguo Camino Real de La Coruña a Santiago: el camino de Faro o camino Francés de Poulo,* A Coruña, 1992.
- FENÁNDEZ CORTIZO, C. "La población de Galicia en la primera mitad del siglo XVII: los vecindarios de 1631 e 1651" en O*bradoiro de Historia Moderna: homenaje al profesor A. Eiras Roel en el XXV aniversario de su cátedra*, Santiago, 1990.
- FENÁNDEZ CORTIZO, C., "A una misma mesa y manteles: la familia en Tierra de Montes en el siglo XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXIII (1982), pp. 237-276.
- FENÁNDEZ CORTIZO, C., "En casa y compañía: grupo doméstico y estrategias familiares na Galicia occidental a mediados del siglo XVIII", en Bermejo Barrera, J.C. (coord.), *Parentesco, familia y matrimonio en la Historia de Galicia,* 1989, pp.145-165.)
- FENÁNDEZ CORTIZO, C., "Estrategias familiares y pequeña explotación campesina en la Galicia del siglo XVIII", en Saavedra, P. e Villares, R. (eds.), *Señores y campesiños en la Península Ibérica, siglos XVIII-XX. 2. Campesinado y pequeña explotación,* Barcelona, 1991, pp. 310-345.
- FENÁNDEZ CORTIZO, C., "Estructura y composición del grupo doméstico en un medio urbano: Pontevedra a mediados del siglo XVIII" en *Jubilatio: homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Angel Rodríguez González.* Tomo I, Santiago, 1987, pp. 297-312.
- FENÁNDEZ CORTIZO, C., "Galicia occidental a mediados del siglo XVIII: crecimiento demográfico, economía agraria y sistema familiar" en *Pontevedra: Revista de Estudios Provinciales,* nº 4, 1988, pp. 49-59.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Aldeas y caseríos a tiro de mano de piedra: los asentamientos rurales en el arzobispado de Santiago (siglos XVI-XVIII)", *Espacio, Tiempo y Forma, Serie IV, H. Moderna,* t 7, 1994, 211-226.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Arrieros y traficantes en la Galicia rural de la época moderna", *Obradoiro de Historia Moderna*, nº. 17 (2008); p. 325-352.

- FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "El señorío rural gallego en tiempos de Felipe II", en EIRAS ROEL, A. (coord..), *El reino de Galicia en la monarquía de Felipe II*, Santiago de Compostela, 1998, pp. 379-408.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "La pequeña edad de hielo en Galicia: estado de la cuestión y estudio histórico", *Obradoiro de Historia Moderna*, N.º 25, 9-39, 2016.
- FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Púlpitos y escribanías: los orígenes de los linajes hidalgos en la tierra de Montes (siglos XVI-XVIII), en *Universitas. Homejaje a Antonio Eiras Roel,* Santiago de Compostela, 2002, pp. 235-254.
- FERNANDEZ CORTIZO, C., *La Tierra de Montes en el siglo XVIII: estructura demográfica y sistema familiar en una sociedad rural,* Santiago de Compostela, 2001 (tese de doutoramento inédita).
- FERNÁNDEZ CORTIZO, C. J., "Población rural, mundo urbano y migraciones", DUBERT, I., (coord.), *Historia de la Galicia Moderna. Siglos XVI-XIX,* Santiago de Compostela, 2012, pp. 39-93.
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. e SANDOVAL VEREA, F., "A evolución do hábitat no Ribeiro de Avia. Articulación dun territorio rural sobre a economía do viño", *Boletín Auriense*, Tomo 41-42, 2011-2012, pp. 577-617
- FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F., *Historia de San Clodio,* Santiago de Compostela, 2021.
- FERNÁNDEZ JUSTO, Mª. I., *La metrología tradicional gallega: aportación a los estudios sobre el medio rural*, Madrid, 1986.
- FERNÁNDEZ QUINTELA, X.M. e XUSTO RODRÍGUEZ**, M., "**A Casa dos Marqueses de Bóveda de Limia na cidade de Ourense", *Boletín auriense*, Año 35, t. 35 (2005), pp. 85-126.
- FERNÁNDEZ VEGA, L., *La Real Audiencia de Galicia, órgano de Gobierno en el Antiguo Régimen*, A Coruña, 1983.
- FERREIRA FERNÁNDEZ, *La comarca en la historia: una aproximación a la reciente historia jurídica de la comarca.* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2000.
- FERREIRA PRIEGUE, E. M., "La villa de Pontevedra y el comercio de Galicia en la primera mitad del siglo XVI", en EIRAS ROEL, A. (coord.), *El reino de Galicia en la época del emperador Carlos V*, Santiago de Compostela, 2001, pp. 581-606
- FERREIRA PRIEGUE, E., *Los caminos medievales de Galicia*, anexo nº 9 do *Boletín Auriense*, Ourense, 1988.
- FLANDRIN, J.-L., *Orígenes de la familia moderna,* Barcelona, 1979.
- FLINN, M.W., *El sistema demográfico europeo, 1500-1820,* Barcelona, 1989.
- FOLGAR DE LA CALLE, M.ª del C., "Leis, Manuel de", en OTERO PEDRAYO, R. (dir.),, *Gran Enciclopedia Gallega,* t. XIX, p. 20-21.
- FONTANA, J., *La crisis del Antiguo Régimen, 1808-1833,* Barcelona, 1979.
- FORTES LÓPEZ, A., *A viaxe xeométrica de Domingo Fontán***,** Santiago de Compostela, 2021.
- FRAGUAS FRAGUAS, A., "Emplazamiento de las ferias en Galicia a fines del siglo XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* 1968, p. 200-223.
- FREIRE ESPARÍS, M. P., *A familia rural na Galicia contemporánea. O cambio nas relación familiares nos concellos de Brión e Padrón (1850-1970),* Santiago de Compostela, 2008.
- FREIRE ESPARÍS, M.P., "Estructuras familiares, economía campesina y comportamientos matrimoniales en la provincia de A Coruña a finales del siglo XIX"

en V.V.A.A., *Historia de la familia: una nueva perspectiva sobre la sociedad europea. Vol.: Familia, casa y trabajo*, Murcia,1997, p. 531-540
- GABINETE DE PLANIFICACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALICIA [G.P.D.T.P.], *Comarca de Ordes: plan de desenvolvemento comarcal de Galicia*, Santiago, 1993.
- GALBÁN MALAGÓN, C. J., "Relaciones de poder y memoria de un linaje. La intervención de la Casa de Moscoso en la Compostela de los siglos XIV-XVI", *Madrygal*, 2015, 18 pp. 13-31.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ (dir) e FERNÁNDEZ SUÁREZ, E. (col.), *El Catastro de Ensenada de la provincia de Orense*, Madrid, 1989.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. *La organización administrativa territorial de la antigua provicia de Ourense a mediados del siglo XVIII,* Ourense, 1988.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., **"**A saga dunha estirpe ourensá: os Espinosa de Ourense", *Boletín auriense*, Año 35, t. 35 (2005), pp**.** 51-84.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., "Ferias y mercados en la provincia de Orense", *Boletín Auriense,* XVII (1987), pp. 131-203.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., "Las tabernas orensanas como monopolios y bienes del común en el Antiguo Régimen", *Boletín auriense*, T. 26 (1996), pp. 123-144.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., *As barcas e os barcos de pasaxe da provincia de Ourense no Antigo Réxime,* Ourense, 1999.
- GARCÍA GONZÁLEZ, F. (coord.) *La historia de la familia en la Península Ibérica. Balance regional y perspectivas «Homenaje A Peter Laslett»*, Cuenca, 2008.
- GARCÍA GONZÁLEZ, F., "Investigar historia rural en España y Francia en la época moderna. Immpulso y renovación desde la historia comparada", en en REY CASTELAO, O. e SUÁREZ GOLÁN, F. (coords.), ***L****os vestidos de Clío: métodos y tendencias recientes de la historiografía modernista española (1973-2013),* Santiago de Compostela, 2015, pp. 172-203.
- GARCÍA GONZÁLEZ, F. e CRESPO SÁNCHEZ, F. J., "Radiografía de un impulso compartido. La historia de la familia en España e Iberoamérica (2000-2015)", en REY CASTELAO, O. e COWEN, P. (coords.), *Familias en el Viejo y el Nuevo Mundo*, La Plata, Universidad de La Plata, 2017, pp.44-78.
- GARCÍA GONZÁLEZ, F.; BÉAUR, G. e E BOUDJAABA, F. (eds.), *La historia rural en España y Francia (siglos XVI-XIX): contribuciones para una historia comparada y renovada,* Zaragoza, 2017.
- GARCÍA IGLESIAS, X. M., *Pazos de Galicia. Análisis documental,* Santiago de Compostela-A Coruña, 1992.
- GARCÍA LOMBARDERO, J., *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen,* Madrid, 1973.
- GARCÍA ORO, J., et PORTELA SILVA, Mª. J., "La casa de Montaos en el siglo XVI. Vida y muerte en una casa señorial gallega" en *V e VI Semanas Galegas da Historia: Morte e sociedade no Noroeste peninsular. Un percorrido pola Galicia cotiá,* Santiago, 1998, pp. 61-98.
- GARCÍA ORO, J., *Galicia en los siglos XIV y XV,* A Coruña, 1987.
- GARCÍA ORO, J., *La nobleza gallega en la baja Edad Media,* Santiago de Compostela, 1981.
- GARCÍA ORO, J., *La nobleza gallega en la Baja Edad Media. Las casas nobles y sus relaciones estamentales,* Santiago de Compostela, 1981.
- GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, M., *Galicia incomunicada por red viaria en el siglo XVIII;* A Coruña, 1999.

- GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, M., *La red viaria interior de Galicia en el siglo XIX (1840-1865)*, A Coruña, 1995.
- GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE, M.J., *El camino de acceso a Galicia en el siglo XVIII.* A Coruña, 1987; do mesmo autor pero xa para o século XIX *La red viaria interior de Galicia en el siglo XIX (1840-1865)*, A Coruña, 1995.
- GELABERT GONZÁLEZ, J. E., "Aspectos del sistema de transporte entre Galicia y Castilla en los siglos XVII y XVIII", *Archivos Leoneses. Revista de estudios y documentación de los Reinos Hispano-Occidentales*, núm. 63, 1978, pp. 109-121.
- GELABERT GONZÁLEZ, J. E., "Niveaux d'alphabétisation en Galice (1635-1900)", en *De l'alphabétisation aux circuits du livre en Espagne, XVI^{e}-XIX^{e} siècles*, Paris, 1987, pp. 45-71
- GELABERT GONZÁLEZ, J.E., *Santiago y la Tierra de Santiago de 1500 a 1640: contribución a la Historia Económica y Social de los territorios de la Corona de Castilla en los siglos XVI y XVII*, Sada-A Coruña, 1982.
- GEORGE, P., *Geografía rural*. Barcelona, 1977.
- GONZÁLEZ ABELLÁS, I. C., *La comarca de Monterrei en el Antiguo Régimen. Economía, demografía y familia,* Santiago de Compostela, 2010.
- GONZÁLEZ HERAS, N., "La vivienda en la Edad Moderna: un repaso a la historiografía de los últimos años", en en REY CASTELAO, O. e SUÁREZ GOLÁN, F. (coords.), ***L**os vestidos de Clío: métodos y tendencias recientes de la historiografía modernista española (1973-2013),* Santiago de Compostela, 2015, pp. 995-1016.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, T., *Prácticas colectivas en las comunidades parroquiales de la Galicia interior, siglos XVI-XIX,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2018.
- GONZÁLEZ LOPO, D. L. e LÓPEZ LÓPEZ, R. J. (eds.), *Balance de la historiografía modernista: 1973-2001: actas del VI Coloquio de Metodología Histórica Aplicada (Homenaje al Profesor Dr. Antonio Eiras Roel*), Santiago de Compostela, 2003.
- GONZÁLEZ LOPO, D.L. e PRESEDO GARAZO, A., "A visita de Juan Manxón ó arcediago de Cornado en 1519" en *Cuaderno de Estudios Gallegos*, Tomo XLV, fasc. 110, 1998, pp. 31-72.
- GONZÁLEZ PÉREZ, C., "Os centros de intercambio tradicionais: feiras e mercados", en *Galicia. Antropoloxía,* V. 24, A Coruña, 1997, p. 326-365
- GONZÁLEZ PÉREZ, C., "Os pombais galegos", *Cuadernos de estudios gallegos*, T. 33, Nº. 98, 1982, págs. 479-506.
- GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., *El arzobispado de Santiago: una instancia de poder en la Edad Media [1150-1400]*, Sada-A Coruña, 1996, p. 188.)
- GONZÁLEZ, Mª C., *Galicia en 1571, población y economía: "Respuestas del reino al interrogatorio de Felipe II para el reparto de los moriscos granadinos",* Sada-A Coruña, 1982.
- GOUBERT, P., *Beauvais et le Beauvaisis contribution á l'histoire sociale de la France du XVIIe siècle*, París, 1960.
- HENNINGSEN G., "Informe sobre tres años de investigaciones etnológicas en España", *Ethenica: Revista de Antropología*, 1, 1971, p. 61-89.
- HENRY, L., *Manual de Demografía Histórica,* Barcelona, 1983.
- IGLESIA, A. de la, *El idioma gallego su antigüedad y vida*, A Coruña, 1886.
- IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Mesía, 15 de noviembre de 1860", *Galicia: revista universal de este Reino, nº 10,* pp. 135-136.

- IGLESIA, A. M. de la, "Galicia Rural. Ordenes, 20 de noviembre de 1860", *Galicia: revista universal de este Reino, nº 10,* pp. 153-154.
- IGLESIAS ESTEPA, R., *Las quiebras del orden cotidiano: comportamientos criminales en la sociedad gallega de fines del Antiguo Régimen,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2004; *Crimen, criminales y reos: la delincuencia y su represión en la antigua provincia de Santiago entre 1700 y 1834*, Vigo, Santiago de Compostela, 2007.
- JUANA LÓPEZ, J. de e PRADA RODRÍGUEZ, X., *Galicia Contemporánea,* Tomo V de *Historia de Galicia*, A Coruña, 1996.
- LASLETT, P."Introduction: History of the Family" en *Household and Family in Past Time*., Cambridxe, 1972, pp. 28 e ss.
- LE ROY LADURIE, E; *La crisis de la economía francesa a finales del Antiguo Régimen,* 1942.
- LEVI, G. "Sobre microhistoria" en BURKE, P. (ed.), *Formas de hacer Historia*, Madrid, 1993.
- LISON TOLOSANA, C., *Antropología cultural de Galicia,* Madrid, 1990.
- LITER MAGAYO, C., "Aproximación a la vida y obra del cartógrafo Tomás López", en *CT: Catastro,* Nº 8, 1991, pp. 21-27.
- LLANO CABADO, P. de, *Arquitectura popular en Galicia.* Santiago, 1989, vol II.
- LLINARES GARCÍA, M., *Os Mouros no imaxinario popular galego*, Santiago, 1990.
- LÓPEZ ALSINA, F., *La ciudad de Santiago de Compostela en la Alta Edad Media*, Santiago, 1988.
- LÓPEZ ANDIÓN, J.M., "Frades", en OTERO PEDRAYO, R. (dir.), *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón, 1974, vol. 14, pp. 19-20.
- LÓPEZ DÍAZ, M., "Alteraciones en el mapa jurisdiccional gallego durante la edad moderna: las desmembraciones eclesiásticas del siglo XVI", *Estudios mindonienses*, Nº. 7 (1991); p. 559-588.
- LÓPEZ FERREIRO, A., *Fueros municipales de Santiago y su Tierra,* Santiago, 1895. Edición de Herederos de López Ferreiro, Madrid, 1975.
- LÓPEZ FERREIRO, A., *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela.* Santiago, 1905-1911.
- LÓPEZ GÓMEZ, A., "El método cartográfico de Tomás López. El interrogatorio y los mapas de España", *Estudios Geográficos*, *57* (225), 1996, pp. 667–710.
- LÓPEZ GUZMAN, C. ET AL., *Galicia en comarcas: Bergantiños e Ordes*. A Coruña, 2005.
- LÓPEZ MORÁN, B., *A comarcalización histórica de Galicia no século XIX*, Santiago, 1995.
- LÓPEZ MORÁN, B., *El bandolerismo gallego en la primera mitad del siglo XIX*, Sada, A Coruña, 1995.
- LÓPEZ TABOADA, J.A., *La poblablación de Galicia 1860-1991: crecimiento, movimiento natural y estructura de la población de Galicia*, A Coruña, 1996.
- MARTÍN GARCÍA, A., "El Ferrol y su tierra durante el Antiguo Régimen. Un estudio sobre población y sociedad", *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 10, 2001, pp. 197-223.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, E. et al. "Inmigración urbana en la Galicia del Antiguo Régimen: Santiago, Tuy y Ferrol a finales del XVIII" en Eiras ROEL, A. et REY CASTELAO, O. (eds.), *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica,* Santiago, 1994, vol. II. pp. 476-498.
- MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, I., *El hórreo gallego,* (2ª ed.), A Coruña, 1999.

- MARTÍNEZ-BARBEITO, C., *Torres, pazos y linajes de la provincia de La Coruña,* Coruña, 1986.
- MEIJIDE PARDO, A., "El hambre de 1768-1769 en Galicia y la obra asistencial del estamento eclesiástico compostelano" en *Compostellanum,* X, 1965, pp. 213-255.
- MELÓN Y RUÍZ DE GORDEJUELA, A., *Los modernos nomenclatores de España (1857-1950)*, Madrid, 1958.
- MÉNDEZ MARTÍNEZ, G., "A representación da parroquia na cartografía antiga", en VVAA, *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro,* Santiago de Compostela, 2009, pp. 373-390.
- MÉNDEZ MARTÍNEZ, G., "Domingo Fontán (1788-1866) e a cartografía galega do século XIX", *Ingenium*, nº. 2 (primavera 1990), pp. 9-21.
- MÉNDEZ MARTÍNEZ, G., *Domingo Fontán*, Santiago de Compostela, 2005.
- MIGUÉS, V. M., "Entre la casa institucional y la casa residencial: imagen social y justificación simbólica de la hidalguía en Galicia", *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 14, 2005, pp. 201-223.
- MIGUÉS, V. M., *As terras, as pousas e os vinculeiros. A fidalguía galega en Época Moderna,* Sada (A Coruña), 2002.
- MIGUÉS, V. M., *Pousas e fidalgos no Miño Medio: arquitectura, territorio e sociedade nos solares da Terra de Chantada*, Lugo, 2004.
- MIGUÉS, V.M., *A fidalguía galega: un breve enxergar histórico a través da Casa de San Fiz de Asma e agregadas no Antigo Réxime*. Santiago, 1997.
- MINGOTE RODRÍGUEZ, F., *A rede de igrexarios e a identidade dos territorios* (tese de doutoramento inédita), Universidade da Coruña, 2015.
- MIRALBES BEDERA, M. R. e CASAS TORRES, J. M., *Mercados periódicos de Galicia. Distribución espacial, frecuencia, rango y área de influencia,* Santiago, 1974.
- MIRALBÉS BEDERA, M.R., *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*, Santiago, 1979.
- MORALEJO LASSO, A., *Toponimia gallega y leonesa,* Santiago de Compostela, 1977.
- MORENO FERNÁNDEZ, J. R., "La articulación y desarticulación de regiones económicas en la época de la Revolución Liberal", en *VII Encuentro de didáctica de la Historia Económica*, Murcia, 2003.
- NARDIZ ORTIZ, C., *El territorio y los caminos en Galicia. Planos históricos de la red viaria,* Santiago de Compostela, 1992.
- NÁRDIZ ORTIZ, C., *La construcción de los bordes de las carreteras de Galicia: la ordenación y el proyecto de las villas carreteras en la provincia de A Corula,* Santiago-A Coruña: 2008.
- NEVEUX, H.; DUBY, G.; JACQUART, J. e WALLON, A. (eds.), *L'âge classique des paysans, de 1340 à 1789*, Paris, 1975.
- O'FLANAGAN, P., *Xeografía histórica de Galicia,* Santiago, 1996.
- OTERO PEDRAYO, R. et al., D. *Domingo Fontán y su mapa de Galicia en el primer centenario de su publicación,* Santiago de Compostela, 1946.
- PAZO LABRADOR, A. et SANTOS SOLLA, X.M., *Poboación e territorio: as parroquias galegas nos últimos cen anos,* Santiago, 1995.
- PAZO LABRADOR, A. J., "O marco natural", en SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. XV. Comarca de Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo,* A Coruña, 2020, pp. 20-24.

- PAZO LABRADOR, A. J., *Geografía rural del Municipio de Tordoya,* Tordoia (A Coruña), 1987.
- PAZOS GÓMEZ, M., *Os camiños antigos do Concello de Oroso; guía do antigo Camiño Real ou "Inglés",* Oroso (A Coruña), 1996.
- PEDROUZO VIZCAÍNO, O., *El arciprestazgo de Narla en el Antiguo Régimen. Un estudio de historia rural*, (tese de licenciatura inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 1980.
- PEREIRA-MENAUT, G. e Ermelindo PORTELA SILVA, E. (eds.) *El territorio en la historia de Galicia: organización y control, siglos I-XXI*, Santiago de Compostela, 2015.
- PÉREZ ÁLVAREZ, Mª J., *Ferias y mercados en la provincia de León durante la Edad Moderna*, León, 1998.
- PÉREZ GARCÍA, J. M., "Familias y hogares en Galicia y en la Cornisa Cantábrica durante el Antiguo Régimen", en GARCÍA GONZÁLEZ, F. (coord.) *La historia de la familia en la Península Ibérica. Balance regional y perspectivas «Homenaje A Peter Laslett»*, Cuenca, 2008, pp. 57-84.
- PÉREZ GARCÍA, J. M., "Estructuras familiares, prácticas hereditarias y reproducción social en la Vega Baja del Esla (1700-1850)" en *Studia Historica, Historia moderna*, 16, 1997, pp. 257-289
- PÉREZ GARCÍA, J.M. "Fuentes de control de los Catastros fiscales: las escrituras de protocolos" en EIRAS ROEL, A. et al.; *Las fuentes y los métodos: 15 trabajos de historia cuantitativa serial de Galicia.* Santiago, 1977, pp. 83-92.
- PÉREZ GARCÍA, J.M., "A agricultura galega a mediados do século XVIII a través dos seus rendementos. Unha resposta alternativa", en *Revista Galega de Estudios Agrarios,* 6 (1982).
- PÉREZ GARCÍA, J.M., "Algunas reflexiones en torno a la utilización de los Resúmenes Generales de la Única" en *Cuadernos de Estudios Gallegos,* XXI (1979-80), pp.117-166.
- PÉREZ GARCÍA, J.M., "Aproximación al estudio de la penetración del maíz en Galicia" en EIRAS ROEL, A. et al., *La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos,* Santiago, 1981, p. 117 e ss.
- PÉREZ GARCÍA, J.M., "*La* población de Galicia en el Antiguo Régimen: balance historiográfico y perspectivas de investigación" en *III e VI Semanas Galegas de Historia: A Guerra en Galicia. O rural no urbano na Historia de Galicia*, Santiago, 1996, pp. 395-411.
- PÉREZ GARCÍA, J.M., *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen en la Galicia costera: la península del Salnés,* Santiago, 1979.
- PEREZ GARCÍA, J. M., "La dinámica de la investigación demográfica gallega desde 1973 a la actualidad", en REY CASTELAO, O. e SUÁREZ GOLÁN, F. (coords.), .), ***L**os vestidos de Clío: métodos y tendencias recientes de la historiografía modernista española (1973-2013),* Santiago de Compostela, 2015, pp. 423-454.
- PORTELA, E. e PALLARES, Mª del C., *Galicia. Historia II. Galicia en la época medieval*. A Coruña, 1991.
- POUSA DIÉGUEZ, R., "Del señorío medieval a la jurisdicción señorial en Galicia: transformaciones y cambios entre los los siglos XIV y XVI", *Medievalismo,* nº. 28, 2017, pp. 175-202.
- POUSA DIÉGUEZ, R., "Simbología y realidad de un condado bajomedieval: Trastámara", en OLIVERO GUIDOBONO, S. (coord.), *El devenir de las*

civilizaciones: interacciones entre el entorno humano, natural y cultural / coord. por, 2021, ISBN 978-84-1377-324-7, pp. 91-92.
- POUSA DIÉGUEZ, R., "Trastámara: el dominio tenencial de los Traba", en OLIVERO GUIDOBONO, S. (coord.), *El devenir de las civilizaciones: interacciones entre el entorno humano, natural y cultural* / coord. por, 2021, ISBN 978-84-1377-324-7, pp. 35-58
- POUSA DIÉGUEZ, R., *El señorío de San Pedro de Lobás en la Edad Moderna,* Ourense, 2016.
- PRESEDO GARAZO, A., "Dinámica de casa y poder local en la ciudad de Ourense: don Juan Nicolás Espinosa Feijóo, I marqués de Boveda de Limia (1657-1743)", *Obradoiro de Historia Moderna,* N. 29 (2020), pp. 189-220.
- PRESEDO GARAZO, A., "Da casa de labranza ó pazo: a pequena fidalguía rural da Galicia interior no Antigo Réxime" en *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 5, 1996, pp. 235-254.
- PRESEDO GARAZO, A., *A fidalguía galega anta a crise do Antigo Réxime (1812-1868),* Santa Comba (A Coruña), 2006.
- PRESEDO GARAZO, A., *A fidalguía galega: estudos sobre a reprodución social dos fidalgos na Galicia Moderna,* Santiago de Compostela, 2008.
- PRESEDO GARAZO, A., *Nobleza y régimen señorial en Galicia: la Casa de Montaos en los siglos XVI y XVII*, Santiago de Compostela, 2011.
- PRESEDO GARAZO, A., *Os devanceiros dos pazos,* Santiago de Compostela, 1997.
- QUIROGA BARRO, G., *Evolución dunha estructura agraria na Galicia interior: a terra de Viana do Bolo, 1600-1820,* Ourense, 1988.
- RUBIO PÉREZ, L., *La Bañeza y su tierra, 1650-1850. Un modelo de sociedad rural leonesa: (los hombres, los recursos y los comportamientos sociales)*, Universidad de León, 1987.
- REHER, D.S. et al., *España a la luz del Censo de 1787,* Madrid, 1993.
- REHER, D.S., "Familia y sociedad en el mundo occidental desarrollado: una lección de contrastes" en *Familias y parejas: paradojas y nuevas opciones, Revista de Occidente,* nº 199, 1997, pp. 112-132.
- REY CASTELAO, *A Galicia clásica e barroca*, Vigo, 1998
- REY CASTELAO, O. et TURNES MEJUTO, R., "La emigración en la cuenca media del Ulla" en *Revista da Comisión do quinto centenario*, nº. 4 (1989), pp. 177-221.
- REY CASTELAO, O., "Casas y cosas en la Galicia occidental en el siglo XVIII", *Cuadernos de Historia Moderna*, Anejos, nº. XIV, (*Condiciones materiales y vida cotidiana en el Antiguo Régimen*), 2015, pp. 211-233.
- REY CASTELAO, O., "El reparto social del diezmo en Galicia", *Obradoiro de Historia moderna,* nº I (1992), pp. 145-162.
- REY CASTELAO, O., "El *voto* de *Santiago* en *Galicia*: regímenes contributivos e interpretación de sus series", *Compostellanum*, 1988, n- 3-4, pp. 385-488.
- REY CASTELAO, O., "Familia y acceso a la propiedad colectiva en dos comarcas de la Galicia atlántica" en *Preactas del Congreso Internacional "Historia de la Familia. nuevas perspectivas sobre la sociedad europea"*, Murcia, 1994, pp.721-731.
- REY CASTELAO, O., "Historical demography in Spain, 1960-2011", en FAUVE-CHAMOUX, A., BOLOVAN, I. e SOGNER, S. (eds.), *A Global History of Historical Demography. Half a Century of Interdisciplinarity***,** Peter Lang ed., Berna, 2016, pp. 603-616.
- REY CASTELAO, O., "La lucha por el agua en el país de la lluvia (Galicia, siglos XVI-XIX), *Vínculos de Historia*, 1, 2012, pp. 45-72.

- REY CASTELAO, O., "La propiedad colectiva en la España Moderna" en *Studia Historica, Historia Moderna,* 16-1997, pp. 5-16.
- REY CASTELAO, O., "Mecanismos reguladores de la nupcialidad en la Galicia atlántica. El matrimonio a trueque", en *Obradoiro de Historia Moderna,* Santiago, 1990).
- REY CASTELAO, O., "Migraciones internas y medium-distance en Galicia, siglos XVI-XIX" en *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica,* Santiago, 1994, vol. II. pp. 27-60.
- REY CASTELAO, O., "Niveles de alfabetización na Galicia de fines do Antiguo Régimen", *Bulletin Hispanique,* T. 100, 1988, nº 2, p. 271-311.
- REY CASTELAO, O., *Aproximación a la historia rural de la comarca de la Ulla: siglos XVII-XVIII,* Santiago, 1981.
- REY CASTELAO, O., *El vuelo corto. Mujeres y migraciones en la Edad Moderna*, Santiago, 2021.
- REY CASTELAO, O., *Los mitos del Apóstol Santiago,* Gijón, 2011.
- REY CASTELAO, O., *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Santiago, 1995
- RIAL GARCIA, S. M.*, O traballo das mulleres na Galicia rural do Antigo Réxime*, Santiago de Compostela, 2009.
- RIAL GARCÍA, S., *Mujer y actividad económica en la Galicia moderna: la inserción de las mujeres en la produción económica rural y urbana,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2003.
- RÍO BARJA, F.X., *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Santiago, 1990
- RÍO REGOS, Mª J. del, *Estudio socioeconómico da Comarca de Ordes,* (tese de diplomatura inédita), Santiago de Compostela, 1989
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, D., "Aldeas y parroquias. La estruturación del territorio en la comarca celanovesa a lo largo de los tiempos modernos", en MORILLO REBOREDA, S. (ed.), en *Homenaxe á profesora Lola F. Ferro: estudos de historia, arte e xeografía,* Ourense: Universidade de Vigo, 2005, pp. 536-555.
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Delfina, *A terra e as xentes. Nacer, vivir e morrer na comarca de Celanova ó longo da Idade Moderna*, A Coruña, 1999.
- RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Delfina, *Demografía, familia y reproducción social en tierra de Celanova durante el Antiguo Régimen,* Ourense, 2015 (tese de doutoramente inédita).
- RODRÍGUEZ FERREIRO, H., *A Xurisdicción do Morrazo: séculos XVII-XVIII***,** Pontevedra, 2003.
- RODRÍGUEZ FERREIRO, H., *La tierra de Trasdeza: una economía rural antigua: población y economía de la antigua Jurisdicción de Trasdeza en la primera mitad del S.XVIII,* Santiago, 1973
- RODRÍGUEZ GALDO, Mª X. e CORDERO TORRON, X., "Rentistas urbanos y capital usurario. La aparcería de ganado en Galicia en el siglo XVIII", en *Revista De Historia Económica,* vol. 2, nº 3, 1984, pp. 287-294.
- RODRÍGUEZ GALDO, Mª X. e DOPICO, F., *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el siglo XIX,* Sada-A Coruña, 1981.
- RODRÍGUEZ GALDO, Mª. X. et CORDERO TORRÓN, X., "Rentistas urbanos y capital usurario: la aparcería de ganado en Galicia en el siglo XVIII", en *Revista Galega de Estudios Agrarios.*

- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., "Ferias en el Partido de Santiago de Compostela en 1813" en *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela,* nº. 75-76 (1967-68), pp. 357-384
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., *Las fortalezas de la Mitra compostelana y los"Irmandiños",* 1984.
- RODRIGUEZ LEMOS, A., *Religiosidad local en el Noroeste de la Península Ibérica: cultos populares y lugares santos, siglos XVII-XIX,* (tesis doctoral inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 2021.
- ROZADOS, A., "Aproximación al estudio de la vivienda rural en la Galicia de los siglos XVII-XVIII", *Pedralbes: Revista d'historia moderna,* ISSN 0211-9587, Nº 11, 1991, págs. 109-118.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. "Contribución al estudio del régimen señorial gallego", *Anuario de Historia del Derecho Español*, LIX (1990) pp. 103-184
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "As aportacións á Historia Moderna de Galicia desde mediados da década dos oitenta" en GONZÁLEZ BERAMENDI, J. (coord.), *Galicia e a historiografía*, Santiago, 1993, pp. 107-121.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "O hábitat no noroeste peninsular" en TORRES LUNA, Mª P. et al. (coord.), *Espacios rurais e sociedades campesiñas*, *Semata: Ciencias Sociais e Humanidades,* vol. 9, 1997, pp.173-194.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., "Régimen señorial y administración local en la Galicia de los siglos XVI-XVIII" en GALLEGO ANABITARTE, A., *II Simposio de Historia da Administración,* Santiago, 1994, pp. 29-62.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *A facenda Real na Galicia do Antigo Réxime*, Santiago, 1993,. pp. 17-37.
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Das casas de morada ó monte comunal*, Santiago, 1996
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830.* A Coruña, 1985,
- SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P., *Economía rural antigua en la montaña lucense: el concejo de Burón,* Santiago, 1979.
- SAAVEDRA VÁZQUEZ, Mª. C., *Galicia en el camino de Flandes*, Sada (A Coruña), 1996.
- SAAVEDRA, P., "A rede parroquial desde finais do século XV a mediados do XIX", en VVAA, *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro,* Santiago de Compostela, 2009, pp. 77-104.
- SAAVEDRA, P., "A vida cotiá da fidalguía pacega", en MEIJIDE CAMESELLE, G. et al., *V E VI Semanas Galegas de Historia: Morte e sociedade no noroeste peninsular. Un percorrido pola Galicia cotiá,* Santiago, 1998, pp. 373-396.
- SAAVEDRA, P., "Algunhas diversidades internas na Galicia dos séculos XVI-XIX: o hábitat, o sistema agrario e a herdanza", en ÁLVAREZ, R., DUBERT, F. e SOUSA, X. (eds.), *Língua e territorio,* Santiago de Compostela, 2006, pp. 103-129.
- SAAVEDRA, P., "El Catastro de Ensenada en Galicia: tierras menguantes, ganados bastantes, vecinos sobrantes", en Alberto Marcos Martín, A. (Coord.), *Hacer historia desde Simancas homenaje a José Luis Rodríguez de Diego*, Valladolid, 2011, ISBN 978-84-9718-644-5, pág. 685.
- SAAVEDRA, P., "El maíz en el sistema agrario y en la alimentación en Galicia, siglos XVII-XIX", en *Obradoiro de Historia Moderna,* nº27, 2018, pp. 49-80.
- SAAVEDRA, P., "El paisaje desde 1500 a 1850: la creación por los campesinos de un «viejo complejo agrario»", en PEREIRA MENAUT, G. e PORTELA SILVA, E., *El*

territorio en la historia de Galicia. Organización y control. Siglos I-XXI, Santiago de Compostela, 2015; pp. 154-249.
- SAAVEDRA, P., "La consolidación de las ferias como fiestas profanas en la Galicia de los siglos XVIII y XIX" en NUÑEZ RODRÍGUEZ, M. (ed.), *El rostro y el discurso de la fiesta*, Santiago, 1994, pp. 279.
- SAAVEDRA, P., "La vida en los pazos gallegos: entre la civilidad y la rudeza", Chronica nova: Revista de historia moderna de la Universidad de Granada, 2009, pp. 163-191.
- SAAVEDRA, P., "Las lógicas de la organización familiar y reproducción social en la España cantábrica y noratlántica en el Antiguo Régimen", en *Historia y perspectivas de investigación. Estudios en memoria del profesor Ángel Rodríguez Sánchez,* Badajoz, 2002, pp.141-149.
- SAAVEDRA, P., "Reforma fiscal y control del territorio: el Catastro de Ensenada -o "la confusión de Babel"- en Galicia", *Anuario de historia del derecho español*, Nº 77, 2007, pp. 771-844.
- SAAVEDRA, P., *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria. Sobre a división e o controldo territorio na Galicia moderna*, A Coruña, 2013.
- SAAVEDRA, P., *Galicia. Historia. T. III. La Galicia del Antiguo Régimen: economía y sociedad*, A Coruña, 1991
- SAAVEDRA, P., *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, 1994.
- SAAVEDRA, P., *Señoríos y comunidades campesinas: aportaciones a la Historia Rural de la España Moderna,* A Coruña, 2003.
- SAAVEDRA, P., "El mundo rural", en DUBERT, I., (coord.), *Historia de la Galicia Moderna. Siglos XVI-XIX,* Santiago de Compostela, 2012, pp. 151-216.
- SAAVEDRA, P., "Entre la teología y la labranza: el clero rural galiciano en los siglos XVI y XIX, *Cuadernos de Historia Moderna,* vol. 46, nº. 2, 2021, pp. 441-486.
- SÁNCHEZ PARDO, J. C., *Territorio y poblamiento en Galicia entre la Antigüedad y la Plena Edad Media.* (Tese de doutoramento inédita), Universidade de Santiago de Compostela, 2008.
- SANTOS SOLLA, X.M., "Fiestas, ferias y mercados de Galicia" en NUÑEZ RODRÍGUEZ, M. (ed.), *El rostro y el discurso de la fiesta*, Santiago, 1994, pp. 279-309).
- SANZ GONZÁLEZ, M., "Alfabetización y escolarización en Galicia a fines del Antiguo Régimen", *Obradoiro de Historia Moderna,* nº 1, 1992, pp. 229-249.
- SAURÍN DE LA IGLESIA, R. M., *Antonio, Francisco y Benigno de la Iglesia: una biografía intelectual,* Santiago de Compostela, 2003.
- SAZ SÁNCHEZ, M. Á., CREUS NOVAU, J. y CUADRATS PRATS, J. Mª (2004), «La Pequeña Edad de Hielo en Galicia. Reconstrución de las temperaturas de Labacolla entre los siglos XVI y XIX», *Xeográfica*, 4, pp. 141-161.
- SEIJAS MONTERO, M., *Las Tierras de Trasdeza en el siglo XVIII: dominio del Priorato de Carboeiro*, Pontevedra, 2001; LÓPEZ ÁLVAREZ, Mª José, *A terra de Cea no antigo réxime. Formas de vida nunha comarca de transición ourensá,* Ourense, 2007.
- SEIJAS MONTERO, Mª., "As características estructurais da poboación de Trasdeza e Carboeiro no século XVIII" en *Historia Nova VI e VII: Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia,* Santiago, 1999.

- SIXTO BARCIA, A., "La cultura y las mujeres. Una mirada a las gallegas de finales del Antiguo Régimen", en SERRANO MARTÍN, E. (ed.)**,** *De la tierra al cielo. Líneas recientes de investigación en Historia Moderna*, Zaragoza, 2012, pp. 949-963.
- SIXTO BARCIA, A., "Las campesinas y las letras. Alfabetización y analfabetismo en la Costa da Morte a finales del Antiguo Régimen", en PÉREZ ALVAREZ, Mª J. y MARTÍN, A. (eds.*), Campo y campesinos en la España Moderna: culturas políticas en el mundo hispano*, Madrid, 2012, pp. 1287-1298.
- SIXTO BARCIA, A., *Cultura letrada e alfabetización no Baixo Ulla: séculos XVIII-XIX,* Valga: Concello de Valga, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Xunta de Galicia), 2017.
- SIXTO BARCIA, A., e SUÁREZ GOLÁN, F., "¿De villa a ciudad? La conversión de las villas gallegas en capitales municipales, (1750– 1850)", en FERREIRA, A. et al. (Coord.), *I Congresso Histórico Internacional As Cidades na História: População. Cidade Moderna*, vol. III, 2, Guimarães, pp. 147-168.
- SIXTO BARCIA, A., *Mujeres y cultura letrada en la Galicia moderna,* [tese de doutoramento inédita], Santiago de Compostela, 2015.
- SOBRADO CORREA, H., "Algunas notas acerca de la vida cotidiana del campesinado gallego en la Edad Moderna", *Revista Portuguesa de História,* t. XLVII, (2016), pp. 129-152.
- SOBRADO CORREA, H., "Algunas reflexiones en torno a la peculiaridad de los caracteres estructurales de la Galicia interior en el Antiguo Régimen (1640-1850)" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 2, 1993, pp. 185-206.
- SOBRADO CORREA, H., "Economía campesina, prácticas sucesorias desigualitarias y familia troncal en la Galicia de la Edad Moderna" en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 7, 1998, pp. 201-224.
- SOBRADO CORREA, H., **"**La historia rural en la España de la Edad Moderna, 1973-2013: retos actuales y perspectivas de futuro", en REY CASTELAO, O. e SUÁREZ GOLÁN, F. (coords.), ***L****os vestidos de Clío: métodos y tendencias recientes de la historiografía modernista española (1973-2013),* Santiago de Compostela, 2015, pp. 487-503.
- SOBRADO CORREA, H., "Las condiciones materiales de vida en el mundo rural gallego del siglo XVIII", en GARCÍA HURTADO, M. R. (ed.), *La vida cotidiana en la España del siglo XVIII*, Madrid, 2009, pp. 181-205.
- SOBRADO CORREA, H., "Obstáculos estruturales al desarrollo de los intercambios comerciales en la Galicia de la Edad Moderna", *Obradoiro de Historia Moderna*, núm. 17, 2008, pp. 303-324.
- SOBRADO CORREA, H., *A gran Historia de Galicia. Tomo VI. A Galicia do Antigo Réxime (ca. 1480-ca. 1835). Poboación e economía. Vol. I,* A Coruña, 2007.
- SOBRADO CORREA, H., *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna: economía campesina, familia y herencia, 1550-1860.,* A Coruña, 2001.
- SOBRADO CORREA, H.*, Vinculeiros, célibes y bastardos. Economía y organización familiar en las tierras lucenses, siglos XVI-XIX*, (Tesis doutoral inédita), Universidade de Santiago, 1997.
- SOBRADO CORREA, H., "Vivir en soledad en el mundo rural gallego del Antiguo Régimen", en GARCÍA GONZÁLEZ, F. (coord.), *Vivir en soledad: viudedad, soltería y abandono en el mundo rural (España y América Latina, siglos XVI-XXI)*, Madrid, 2020, pp. 23-60.

- SOBRADO CORREA, H. e DUBERT, I., "La familia y las edades de la vida", en DUBERT, I., (coord.), *Historia de la Galicia Moderna. Siglos XVI-XIX,* Santiago de Compostela, 2012, pp. 95-150.
- SOLARUCE BLOND, J. R., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (dir.), *Arquitecturas da provincia da Coruña. Vol. XV. Comarca de Ordes: Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo,* A Coruña, 2020.
- SOUTO GONZÁLEZ, X. M., "Encol do hábitat e do poboamento: o caso de Galicia". *Cuadernos de Estudios Galegos*, 98, (1982), pp. 7-63.
- SUÁREZ GOLÁN, F., "Niveles de enseñanza y estudiantes en la Galicia central del Antiguo al Nuevo Régimen", *Obradoiro de Historia Moderna,* N.º 16, 2007, pp. 307-332.
- TORRES LUNA, Mª. P. de, et al, *Geografía de Galicia*, A Coruña, 1986.
- TORRES LUNA, Mª. P. et PAZO LABRADOR, A.J., *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*, Santiago, 1994.
- URGORRI CASADO, F. "Puentes y caminos en la provincia de La Coruña", *Revista.* Instituto "José Cornide" de estudios coruñeses, vol. 5-6, 1969-1970, pp. 199-246.
- VALDÉS BLANCO-RAJOY, M. R., "Las fortalezas medievales que jalonaban la ruta jacobea entre Santiago y Betanzos", en CRIADO DE VAL, Manuel (ed. lit.), *Caminería Hispánica. Actas del VIII Congreso Internacional.* Madrid: 2008, pp. 1-19.
- VÁZQUEZ CERNADAS, Mª. C., *Comarca de Ordes-Val do Dubra: estudio demográfico socioeconómico y repercusiones espaciales. (Serie Estudios Comarcales nº. 3)*, A Coruña, 1989.
- VÁZQUEZ LIJÓ, J. M., *Luces sobre a Casa de Goiáns no Antigo Réxime,* Boiro (A Coruña), 2012.
- VEIGA ALONSO, X. R. *Poder e política na Galiza vilega, 1790-1833.* Provincias de Lugo e Mondoñedo, A Santiago de Compostela, 2017.
- VILA FARIÑA, X. L., *Vida y obra de Domingo Fontán*, Pontevedra, 2004.
- VILLANUEVA, V., *Organización del cultivo y de la Sociedad Agraria en Galicia y en la España Atlántica,* edición, estudios preliminares y notas de J.A. Durán, Madrid, 1989.
- VILLARES PAZ, R., "Caseiros, rendeiros e foreiros: sobre as formas de cesión da terra en Galicia" en *Encrucillada,* vol. 9, nº. 41, 1985, pp. 5-17.
- VILLARES PAZ, R., *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo, 1994
- VILLARES PAZ, R., *La propiedad de la tierra en Galicia,* 1500-1836, Madrid, 1982.
- VVAA, *A parroquia en Galicia: pasado, presente e futuro,* Santiago de Compostela, 2009.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FONTES IMPRESAS

- ÁLAMO, M. DEL e PÉREZ DE URBEL, J (transcrición); SÁNCHEZ CANTÓN, F. J. e PITA ANDRADE, J. M. (ed. lit), *Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755)*, Santiago de Compostela, 1950.
- APONTE, V. de, *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia.* Introducción y edición crítica a a cargo de Díaz y Díaz, M.C., García Oro, J. et. al. , p. 29.
- BORROW, G., *Viaxe por Galicia,* Vigo, 2015.
- *Compendio del Estado de Altamira*, manuscrito anónimo de c. 1724, originalmente no Arquivo parroquial de S. Vicenzo de Vimianzo, e do que coñecemos unha copia mecanografiada gracias á amabilidade do prof. Dr. Pegerto Saavedra.
- ESCRIBANO, J. M., *Itinerario español, o guía de caminos para ir de Madrid a todas las ciudades y villas más principales de España; y para ir de unas ciudades a otras; y a algunas cortes de Europa,* 2ª ed., Madrid, 1760.
- HOYO, J. del, *Memorias del arzobispado de Santiago,* edición de B. Varela Jácome e A. Rodríguez González, Santiago, s.a.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE), *Nomenclátor de las ciudades villas, lugares, aldeas y demás entidades de población de la provincia de La Coruña,* Madrid, 1973.
- LABORDE, A. de, *Itinéraire descriptif de l'Espagne*, París, 1827-1831.
- LABRADA, L., *Descripción económica del Reino de Galicia,* Ferrol, 1804; (reed.) Vigo, 1971.
- LARRUGA, J., *Memorias políticas y económicas sobre los frutos, comercio, fábricas y minas de España,* Madrid, 1789.
- MADOZ, P., *Diccionario Geográfico-estadístico de España y sus posesiones de Ultramar. Galicia*, Madrid, 1986. Reed. fac. a partir do orixinal publicado ca. 1845.
- MIÑANO Y BEDOYA, S., *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal,* Madrid, 1827.
- PÉREZ CONSTANTI, P., *Notas viejas galicianas*, Santiago, 1925-27 (reed. Santiago, 1993).
- PORTO, J. do, *Reseña histórica de los últimos acontecimientos políticos de Galicia,* Madrid, 1946.
- RADA y DELGADO, J. de D. de la, Viaje de SS.MM. y AA. por Castilla, León, Asturias y Galicia, verificado en el verano de 1858, Madrid, 1860.
- RIEGO, J. del, *Manifiesto que hace D. Joseph del Riego, cura propio de S. Pelayo de Buscás contra el Real Monasterio de San Martín de la ciudad de Santiago...,* Santiago de Compostela, ca. 1750.
- SARMIENTO, M., *Viaje a Galicia, 1745.* Edición de J .L. Pensado, Salamanca, 1975.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

FONTES CARTOGRÁFICAS

- LÓPEZ, T., *Mapa Geográphico del Reyno de Galicia: contiene las pronvincias de Santiago, Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Orense y Tuy. Dedicado al excelentísimo señor don Joseph Moñino, conde de Floridablanca …,* Madrid, 1784.

- FONTÁN, D., *Carta Geométrica de Galicia dividida en sus provincias de Coruña, Lugo, Orense y Pontevedra y subdividida en partidos y ayuntamientos presentada en 1854 a S. M. la reina gobernadora doña María Cristina de Borbón* por su Secretario de Estado y del despacho de lo Interior. Levantada y construida en la escala del cien milesimo por el Dr. D. Domingo Fontan Director del observatorio Astronómico de Madrid ... ; grabada bajo la dirección del autor en 1845 por L. Bouffard (París).

- MARÍN, A., *Mapa Geográfico de el Arzobispado de Santiago: Dividido en treinta y seis Arciprestazgos : Contiene las Provincias de Santiago, Coruña y parte de la de Betanzos, Lugo y Tui. Dedicado al Exmo. Sr Dn. Fr Rafael de Velez..*,, Santiago de Compostela, 1825.

- COELLO DE PORTUGAL Y QUESADA, F., *La Coruña por el Coronel de Ingenieros D. Francisco Coello. Las notas estadísticas e históricas han sido escritas por D. Pascual Madoz. Madrid, 1865.*

PUBLICACIÓNS E RECURSOS ELECTRÓNICOS

- CAMARGO SÁNCHEZ, C., "Domingo Fontán, viaje a Sargadelos", *Blog da Fundación Domingo Fontán:* https://www.fundaciondomingofontan.es/viaje-a-sargadelos.html

- CENTRO NACIONAL DE INFORMACIÓN GEOGRÁFICA (CNIG) E INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL DE ESPAÑA (IGN): *Visualizador cartográfico IBERPIX*: https://www.ign.es/iberpix/visor/

- XUNTA DE GALICIA, *Nomenclátor Toponímico de Galicia*: https://www.xunta.gal/toponimia-e-nomenclator

- XUNTA DE GALICIA, Instituto Galego de Estatística. *Nomenclátor Estatístico de Galicia:* https://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?paxina=003003&ruta=nomenclator/nomenclator.jsp

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

FONTES HISTÓRICAS DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS

1. ARQUIVOS E BIBLIOTECAS XERAIS DO ESTADO

1.1. ARCHIVO HISTÓRICO NACIONAL (AHN)

- Fondo Ministerio de Hacienda: Sección Catastro, Resúmenes Generales, Libro 7432; Fondo Ministerio de Hacienda: Serie General, Leg. 1373
- Sección Consejos, Leg. 2919-2920, 3ª peza; Leg.
- Sección Estado, Leg. 176

1.2. ARCHIVO GENERAL DE SIMANCAS (AGS)

- Expedientes de Hacienda: Montaos ,Leg. 130
- Expedientes de Hacienda: Mesía, Leg. 87 e Leg. 126
- Donativo de 1635, XXX
- Secretaría Superintendencia de Hacienda: Leg. 911-915
- Dirección General de Rentas, 1ª Remesa, Leg. 2063, carp. nº 4
- Contadurías Generales, Leg. 105; fol. 813-863
- Real y Única Contribución, Catastro de Ensenada, Dirección General de Rentas, 1ª Remesa:
  - *Respuestas Generales* (1752):
    - –Ardemil (S. Pedro), libro 245, fol. 257
    - –Barbeiros (Sta. Mª.), libro, 241, fol. 17
    - –Beán (Sta. Mª.), libro 241, fol. 49
    - –Buscás (S. Paio), libro 242, fol. 485
    - –Cardama (Sta. Mª.), libro 241, fol. 241
    - –Deixebre (Sta. Mª.), libro 241, fol. 136
    - –Frades (S. Martiño), libro 241, fol. 115
    - –Galegos (S. Martiño), libro 241, fol. 83
    - –Gándara (S. Miguel), libro 241, fol. 67
    - –Leira (Sta. Mª.), libro 243, fol. 47
    - –Lesta (S. André), libro 241, fol. 227
    - –Marzoa (S. Martiño), libro 241, fol. 99
    - –Mercurín (S. Clemenzo), libro 166, fol. 773
    - –Mesos (S. Salvador), libro 241, fol. 1
    - –Moar (Sta. Aia), libro 241, fol. 211
    - –Montaos (Sta. Cruz), libro 251, fol. 595
    - –Ordes (Sta. Mª.), libro 251, fol. 611
    - –Oroso (S. Martiño), libro 241, fol. 369
    - –Papucín (Sta. Mª.), libro 241, fol. 405
    - –Parada (Sta. Mariña), libro 251, fol. 565
    - –Pereira (Sta. Aia), libro 241, fol. 147
    - –Poulo, (S. Xiao), libro 243, fol. 165
    - –Senra (Sta. Aia), libro 241, fol. 351
    - –Vilagudín (Couto), libro 241, fol. 31
    - –Vilamaior (Santiago), libro 2413, fol. 33
    - –Vilarromarís (Sto. Tomé), libro 241, fol. 163

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

– *Comprobaciones* (1761):

– Barbeiros (Sta. Mª.), leg. 1156
– Beán (Sta. Mª.), leg. 1159
– Buscás (S. Paio), leg. 1165
– Cardama (Sta. Mª.), leg. 1169
– Leira (Sta. Mª.), leg. 1187
– Marzoa (S. Martiño), leg. 1192
– Moar (Sta. Aia), leg. 1194
– Ordes (Sta. Mª.), leg. 1199
– Oroso (S. Martiño), leg. 1201
– Papucín (Sta. Mª.), leg. 1202
– Pereira (Sta. Aia), leg. 1221
– Poulo, (S. Xiao), leg. 1206
– Vilagudín (Couto), leg. 1225
– Vilamaior (Santiago), leg. 1225
– Vilarromarís (Sto. Tomé), leg. 1226

1.3. BIBLIOTECA NACIONAL DE ESPAÑA (BNE)

– Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII]. Informes de Antonio Felipe Rodríguez sobre os arciprestados de Berreo de Arriba e Barbeiros e de Joseph Vicente de Mazoa sobre o arciprestado de Berreo de Arriba contidos en LÓPEZ, T., *Diccionario geográfico de España: La Coruña y Lugo* [manuscrito].

2. ARQUIVOS XESTIONADOS POLA XUNTA DE GALICIA

2.1. ARQUIVO DE GALICIA (AG)

– Fotografía Aérea y Terrestre, S.L. 1992-07-12 ES.GA.15078.AG/2.3.4.1.1//G06071 /227
– Inventario do Patromonio Moble de Galicia, Plano alzado da Ponte Albar. Planeiro PV05668.

2.2. ARQUIVO DO REINO DE GALICIA (ARG)

– Real Intendencia de Galicia. Catastro de Ensenada, *Libros personales* de leigos e eclesiásticos:
  - Barbeiros (Sta. Mª.), libros 300 e 301
  - Beán (Sta. Mª.), libros 352 e 353
  - Buscás (S. Paio), libros 529 e 530
  - Cardama (Sta. Mª.), libros 676 e 677
  - Galegos (S. Martiño), libros1279 e 1280
  - Leira (Sta. Mª.), libros 1522 e 1523
  - Mercurín (S. Clemenzo), libros 1780 e 1781
  - Moar (Sta. Aia), libros 1815 e 1816
  - Oroso (S. Martiño), libros 2051 e 2052
  - Papucín (Sta. Mª.), libros 2143 e 2144
  - Pereira (Sta. Aia), libros 2190 e 2191

- Vilagudín (Couto), libros 2950 e 2951
- Vilamaior (Santiago), libros 2959 e 2960
- Vilarromarís (Sto. Tomé), libros 3013 e 3014

– Real Intendencia de Galicia. Catastro de Ensenada, *Libros reales* de leigos e eclesiásticos:
  – Barbeiros (Sta. Mª.), libros 298, 299
  – Oroso (S. Martiño), libros 2049-2050
  – Papucín (Sta. Mª.), libros 2188 e 2189
  – Pereira (Sta. Aia), libros 2141 e 2142

– CORNIDE SAAVEDRA, J., *Informe sobre los caminos de Galicia 1785-1786*, Leg. 216.

3. ARQUIVO E BIBLIOTECA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1.1. ARQUIVO HISTÓRICO DA UNIVERDIDADE DE SANTIAGO (AHUS)
– Padrón Calle-hita de 1708: Ref. 28-2-1, mazos 1-4

Protocolos notariais, Distrito de Ordes[1272]:
  – J. Botana Vaamonde (anos 1751-1760, protocolos 923-932)
  – F.A. Rico Varela (anos 1756-1759, protocolos 1169-1170)
  – A. Varela Vaamonde (anos 1755-1760, protocolos 1083-1088)
  – F.I. Pérez Espantoso (ano 1751, protocolo 817)
  – F. Pol España (anos 1853-1860, protocolos 908-915)
  – I.J. Lavandeira (anos 1851-1855, protocolos 673-677)

1.2. BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO (BUSC)
– *Censo General de la población de España según el recuento verificado en 25-12-1860 por la Junta General de Estadística. Madrid, 1863. Signatura: 29.464*
– *"Nomenclátor de la provincia de La Coruña", en JUNTA GENERAL DE ESTADÍSTICA,* Nomenclátor que comprende las poblaciones, grupos, edificios, viviendas, albergues, etc., de las cuarenta y nueve provincias de España: dispuesto por riguroso órden alfabético entre las provincias, partidos judiciales, ayuntamientos, y entidades de población*, Tomo II, Madrid, 1864, pp. 95-283.*

4. ARQUIVO MUNICIPAL DE FRADES (AMFRD)
– *Hacienda, Contribución Rústica, leg. 245*
– *Servicios, Población, Padrones de Habitantes, leg. 338*

USC DE COMPOSTELA

5. ARQUIVOS ECLESIÁSTICOS

5.1. ARQUIVO HISTÓRICO DIOCESANO DE SANTIAGO (AHDS.):

[1272] Cando se consultou esta documentación estaba en proceso de organización e descrición polo que as referencias que se citan eran as provisionais daquel momento.

– Visita pastoral de 1671, Sección General, Leg. 1264
– Estadística, L. 13, Lugares, frutos, iglesias, capillas, etc. de las feligresías del Arzobispado

5.2. ARQUIVO HISTÓRICO DE SAN PAIO DE ANTEALTARES (AHMP)

– Fondo Condado de Altamira, *Resumen de la Bulla confirmatoria de la concordia entre el conde de Altamira y el Arzobispo de Santiago*, 22 de xaneiro de 1554, , leg. 3-A-1, doc. nº 4, fol. 2r-3v.

5.2. ARQUIVOS PARROQUIAIS

5.2.1. Arquivo Parroquial de Santa María de Barbeiros-San Xiao de Poulo (APBrb):

– Libro A. Bautizados, casados, defuntos (Barbeiros-Poulo). 1610-1665
– Libro B. Bautizados, casados, defuntos (Barbeiros-Poulo). 1642-1687
– Libro C. Bautizados (Barbeiros- Poulo). 1673-1699
– Libro D. Casados e defuntos (Barbeiros)(Poulo ata 1711). 1673-1699
– Libro E. Bautizados (Barbeiros)(Poulo ata 1711). 1700-1784
– Libro F. Casados e defuntos(Barbeiros). 1730-1833
– Libro penúltimo de bautizados (Barbeiros) 1784-1851
– Libro último de bautizados (Barbeiros) 1851-1997
– Libro último de defuntos (Barbeiros) 1833-1997

5.2.2. Arquivo Parroquial de San Paio de Buscás (APBsc)

– Tomo I: Libro 1º e 2º de bautizados (1639-1732); Libros 1º e 2º de defuntos (1633-1733), Libros 1º e 2º de casados (1635-1733)
– Tomo II: Libro 3º de bautizados (1732-1787); Libro 3º de defuntos (1733-1781); Libro 3º de casados (1733-1814)
– Libro I de bautizados (1788-1852)
– Libro II de bautizados (1853-1861)
– Libro I de casados (1815-1861)
– Papeis do Xulgado de Folgoso

5.2.3. Arquivo Parroquial de San Miguel de Gándara-Sto. Tomé de Vilarromarís (APGdr):

– Tomo I : Libros 1º, 2º e 3º de bautizados (1661-1814); libros 1º e 2º de defuntos (1648-1814); libros 1º e 2º de casados (1661-1814)
– Libro 4º de bautizados (1814-1841)
– Libro 5º de bautizados (1842-1852)
– Libro 6º de bautizados (1852-1881)
– Libro 3º de defuntos (1814-1852)
– Libro 4º de defuntos (1852-1909)
– Libro 3º de casados (1814-1855)
– Libro 4º de casados (1855-1909)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2.4. Arquivo Parroquial de Santa María de Ordes (APOrd)

– Libro 2º de casados: 1782-1855

APÉNDICES

1. APÉNDICE CARTOGRÁFICO

Mapa 1. Localización e límites aproximados das parroquias da sede iriense ca. 950 nas que aparecen *Montanis* e *Marzola*[1273]




Mapa 2. Localización e límites aproximados das arciprestados da diocese compostelana en1177 nentre os que que aparece o de *Montanis*[1274]




[1273] Elaboración de Diego Blanco a partir da reconstrución de LÓPEZ ALSINA, F., *La ciudad…*, op. cit., p. 165.
[1274] Elaboración de Diego Blanco a partir da reconstrución de Ibídem, p. 166.

Plano 1. "**Plano del camino nuevo de La Coruña para Santiago desde el lugar de Canedo a el Puente Sigüeiro…"** elaborado por Fernando de Gáver (1770), Centro Geográfico del Ejército, Archivo Cartográfico y de Estudios Geográficos, p. 183.




USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Mapa 3. Camiño medieval ou "camiño francés de Poulo" (en vermello) e novo trazado do camiño entre Canedo e Sigüeiro[1275]




[1275] Detalle da reconstrución de FEMBIELLA, L. e URGORRI, F., *El antiguo..*, op. cit.. Anexo final.

Mapa 4. Plano dos camiños do arciprestado de Berreo de Arriba remitido a Tomás López[1276]




[1276] BNE, Gabinete de Manuscritos, Relaciones geográficas enviadas a Tomás López, [século XVIII].


Mapa 5. Mapa de Tomás López (1784). Camiños entre Santiago, Bergantiños, A Coruña e Betanzos ao seu paso pola Comarca de Ordes.




Mapa 6. Estrada Santiago-A coruña na a partir da *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán (1845)



Mapa 7. Camiños da parte oriental a partir da Comarca na *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán (1845)



Mapa 5. Camiños da parte occidental da comarca a partir da *Carta Geométrica de Galicia* de Domingo Fontán (1845)



USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2. APÉNDICE ESTATÍSTICO

2.1. Capítulo 1

2.1.1. Xurisdicións do Antigo Réxime da Comarca de Ordes coas súas parroquias, extensión e adscripción aos actuais concellos

Táboa 1. Xurisdición de Budiño

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Trazo	Berreo	7,5	Conde de Altamira

Táboa 2. Xurisdición das Encrobas

Concello	Parroquia	km²	Señores xurisdiocionais
Cerceda	Cerceda	13,8	Marqués de Astorga
Cerceda	Encrobas	23,1	Marqués de Astorga e D. Lucas Sanchez de Boado
Cerceda	Queixas	21,9	Marqués de Astorga e D. Lucas Sanchez de Boado
Total km²		66,3	

Táboa 3. Xurisdición de Folgoso

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdiocional
Frades	Frades	9,3	Conde de Altamira
Frades	Galegos	6,8	Conde de Altamira
Frades	Mesos	5,0	Conde de Altamira
Frades	Moar	7,5	Conde de Altamira
Frades	Papucín	6,8	Conde de Altamira
Ordes	Barbeiros	13,7	Conde de Altamira
Ordes	Beán	8,7	Conde de Altamira
Ordes	Lesta	11,8	Conde de Altamira
Ordes	Mercurín	14,9	Conde de Altamira
Ordes	Montaos	10,6	Conde de Altamira
Ordes	Ordes	10,0	Conde de Altamira
Ordes	Parada	11,9	Conde de Altamira
Ordes	Pereira	11,2	Conde de Altamira
Ordes	Vilamaior	9,3	Conde de Altamira
Oroso	Cardama	5,6	Conde de Altamira
Oroso	Deixebre	5,0	Conde de Altamira
Oroso	Gándara	6,8	Conde de Altamira
Oroso	Marzoa	6,2	Conde de Altamira
Oroso	Oroso	10,0	Conde de Altamira
Oroso	Senra	8,1	Conde de Altamira
Oroso	Vilarromarís	6,9	Conde de Altamira
Total km²		186,1	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4. Couto redondo de Gorgullos

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Tordoia	Gorgullos	22,6	Arcebispo de Santiago

Táboa 5. Couto de Meirama

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Cerceda	Meirama	11,8	Bernardo Basandre

Táboa 6. Xurisdición de Mesía

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Frades	Abellá	12,5	Arcebispo de Santiago
Frades	Aiazo	5	Arcebispo de Santiago
Frades	Añá	5	Arcebispo de Santiago
Frades	Céltigos	3,7	Arcebispo de Santiago
Frades	Gafoi	5,6	Arcebispo de Santiago
Frades	Ledoira	4,3	Arcebispo de Santiago
Frades	Vitre	10	Arcebispo de Santiago
Mesía	Albixoi	7,5	Arcebispo de Santiago
Mesía	Bascoi	10,6	Arcebispo de Santiago
Mesía	Boado	7,3	Arcebispo de Santiago
Mesía	Bruma	2	Arcebispo de Santiago
Mesía	Castro	4,5	Arcebispo de Santiago
Mesía	Cumbraos	8,7	Arcebispo de Santiago
Mesía	Lanzá	5	Arcebispo de Santiago
Mesía	Mesía	14,4	Arcebispo de Santiago
Mesía	Olas	7,6	Arcebispo de Santiago
Mesía	Visantoña	11,3	Arcebispo de Santiago
Mesía	Xanceda	16,2	Arcebispo de Santiago
Ordes	Ardemil	21,8	Arcebispo de Santiago
Ordes	Buscás	13,1	Arcebispo de Santiago
Ordes	Leira	15	Arcebispo de Santiago
Ordes	Poulo	8,1	Arcebispo de Santiago
Oroso	Ánxeles	7,5	Arcebispo de Santiago
Oroso	Calvente	4,3	Arcebispo de Santiago
Oroso	Pasarelos	4,4	Arcebispo de Santiago
Total km²		215,4	

Táboa 7. Xurisdición de Montaos

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Tordoia	Castenda	13,1	Marqués de Montaos
Tordoia	Leobalde	4,8	Marqués de Montaos
Tordoia	Numide	5,9	Marqués de Montaos
Trazo	Benza	8,7	Marqués de Montaos
Trazo	Campo	11,2	Marqués de Montaos
Trazo	Castelo	6,8	Marqués de Montaos
Trazo	Chaian	7,7	Marqués de Montaos
Trazo	Morlán	10	Marqués de Montaos
Trazo	Trazo	10	Marqués de Montaos
Trazo	Vilouchada	7,4	Marqués de Montaos
Trazo	Xavestre	16,8	Marqués de Montaos
Total km²		102,4	

Táboa 8. Couto de Monzo e Restande

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Trazo	Monzo	6,2	Prior de Sta. Mª de Sar
Trazo	Restande	6,9	Prior de Sta. Mª de Sar
Total km²		13,1	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 9. Xurisdición de Rus

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Tordoia	Viladabade	28,6	Mº de San Martiño Pinario

Táboa 10. Xurisdición de Sigüeiro do Deán

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Oroso	Trasmonte	7,5	Deán de Santiago

Táboa 11. Xurisdición de Sobrado

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Mesía	Cabrui	13,7	Mº de Sta. María de Sobrado

Táboa 12. Xurisdición de Vilarprego

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Cerceda	Rodís	26,9	Marqués de Montaos
Cerceda	Xesteda	16,8	Marqués de Montaos
Tordoia	Andoio	6,5	Marqués de Montaos
Tordoia	Bardaos	9,2	Marqués de Montaos
Tordoia	Cabaleiros	15,9	Marqués de Montaos
Tordoia	Tordoia	3,1	Marqués de Montaos
Total km²		51,5	

Táboa 13. Xurisdición de Xallas

Concello	Parroquia	km²	Señor xurisdicional
Tordoia	Anxeriz	16,1	Arcebispo de Santiago

2.1.2 Parroquias dos actuais concellos da Comarca de Ordes, extensión e adscripción xurisdicional durante o Antigo Réxime

Táboa 14. Concello de Cerceda

Parroquia	km2	Xurisdición do A.R.
Cerceda	13,8	Encrobas
Encrobas	23,1	Encrobas
Xesteda	16,8	Vilarprego
Meirama	11,8	Meirama, couto de
Queixas	21,9	Encrobas
Rodís	26,9	Vilarprego
TOTAL	114	

Táboa 15. Concello de Frades

Parroquia	km2	Xurisdición do A.R.
Abellá	12,5	Mesía
Aiazo	5	Mesía
Añá	5	Mesía
Céltigos	3,7	Mesía
Frades	9,3	Folgoso
Gafoi	5,6	Mesía
Galegos	6,8	Folgoso
Ledoira	4,3	Mesía
Mesos	5	Folgoso
Moar	7,5	Folgoso
Papucín	6,8	Folgoso
Vitre	10	Mesía
TOTAL	81,5	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 16. Concello de Mesía

Parroquia	km2	Xurisdición do A.R.
Albixoi	7,5	Mesía
Bascoi	10,6	Mesía
Boado	7,3	Mesía
Bruma	2	Mesía
Cabrui	13,7	Sobrado
Castro	4,5	Mesía
Cumbraos	8,7	Mesía
Lanzá	5	Mesía
Mesía	14,4	Mesía
Olas	7,6	Mesía
Visantoña	11,3	Mesía
Xanceda	16,2	Mesía
TOTAL	109	

Táboa 17. Concello de Ordes

Parroquia	km2	Xurisdición do A.R.
Ardemil	21,8	Mesía
Barbeiros	13,7	Folgoso
Beán	8,7	Folgoso
Buscás	13,1	Mesía
Leira	15	Mesía
Lesta	11,8	Folgoso
Mercurín	14,9	Folgoso
Montaos	10,6	Folgoso
Ordes	10	Folgoso
Parada	11,9	Folgoso
Pereira	11,2	Folgoso
Poulo	8,1	Mesía
Vilamaior	9,3	Folgoso
TOTAL	160	

Táboa 18. Concello de Oroso

Parroquia	km2	Xurisdición do A.R.
Ánxeles	7,5	Mesía
Calvente	4,3	Mesía
Cardama	5,6	Folgoso
Deixebre	5	Folgoso
Gándara	6,8	Folgoso
Marzoa	6,2	Folgoso
Oroso	10	Folgoso
Pasarelos	4,4	Mesía
Senra	8,1	Folgoso
Trasmonte	7,5	Sigüeiro
Vilarromarís	6,9	Folgoso
TOTAL	72,3	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 19. Concello de Tordoia

Parroquia	km2	Xurisdición do A.R.
Andoio	6,5	Vilarprego
Anxeriz	16,1	Xallas
Bardaos	9,2	Vilarprego
Cabaleiros	15,9	Vilarprego
Castenda	13,1	Montaos
Gorgullos	22,6	Gorgullos, C.R.
Leobalde	4,8	Montaos
Numide	5,9	Montaos
Tordoia	3,1	Vilarprego
Viladabade	28,6	Rus
TOTAL	126	

Táboa 20. Concello de Trazo

Parroquia	km^2	Xurisdición do A.R.
Benza	8,7	Montaos
Berreo	7,5	Montaos
Campo	11,2	Montaos
Castelo	6,8	Montaos
Chaian	7,7	Montaos
Monzo	6,2	Monzo e Restande
Morlán	10	Montaos
Restande	6,9	Monzo e Restande
Trazo	10	Montaos
Vilouchada	7,4	Montaos
Xavestre	16,8	Montaos
TOTAL	99,2	

2.1.3. Arciprestados e parroquias dos actuais concellos da Comarca de Ordes

Táboa 21. Arciprestado de Abegondo

Parroquia	km^2	Concello	Xurisdición do A. R.
Bruma	2	Mesía	Mesía

Táboa 22. Arciprestado de Bama

Parroquia	km^2	Concello	Xurisdición do A. R.
Gándara	6,8	Oroso	Folgoso
Vilarromarís	6,9	Oroso	Folgoso
Total	13,7		

Táboa 23. Arciprestado de Bergantiños

Parroquia	km^2	Concello	Xurisdición do A. R.
Anxeriz	16,1	Tordoia	Xallas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 24. Arciprestado de Barbeiros

Parroquia	km²	Concello	Xurisdición do A. R.
Abella	12,5	Frades	Mesía
Aiazo	5	Frades	Mesía
Añá	5	Frades	Mesía
Céltigos	3,7	Frades	Mesía
Frades	9,3	Frades	Folgoso
Gafoi	5,6	Frades	Mesía
Galegos	6,8	Frades	Folgoso
Ledoira	4,3	Frades	Mesía
Mesos	5	Frades	Folgoso
Moar	7,5	Frades	Folgoso
Papucín	6,8	Frades	Folgoso
Vitre	10	Frades	Mesía
Albixoi	7,5	Mesía	Mesía
Bascoi	10,6	Mesía	Mesía
Boado	7,3	Mesía	Mesía
Cabrui	13,7	Mesía	Sobrado
Castro	4,5	Mesía	Mesía
Cumbraos	8,7	Mesía	Mesía
Lanzá	5	Mesía	Mesía
Mesía	14,4	Mesía	Mesía
Olas	7,6	Mesía	Mesía
Visantoña	11,3	Mesía	Mesía
Xanceda	16,2	Mesía	Mesía
Barbeiros	13,7	Ordes	Folgoso
Vilamaior	9,3	Ordes	Folgoso
Ánxeles	7,5	Oroso	Mesía
Bean	8,7	Oroso	Folgoso
Calvente	4,3	Oroso	Mesía
Cardama	5,6	Oroso	Folgoso
Marzoa	6,8	Oroso	Folgoso
Pasarelos	4,4	Oroso	Mesía
Senra	8,1	Oroso	Folgoso
Total	256,7		

Táboa 25. Arciprestado de Dubra

Parroquia	km2	Concello	Xurisdición do A. R.
Viladabade	28,6	Tordoia	Rus

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 26. Arciprestado de Berrero de abaixo

Parroquia	km²	Concello	Xurisdición do A. R.
Rodis	26,9	Cerceda	Vilarprego
Xesteda	16,8	Cerceda	Vilarprego
Andoio	6,5	Tordoia	Vilarprego
Arcai		Tordoia	Arcai, C.R.
Castenda	13,1	Tordoia	Montaos
Monzo	6,2	Trazo	Monzo e Restande
Restande	6,9	Trazo	Monzo e Restande
Bardaos	9,5	Tordoia	Vilarprego
Benza	8,7	Trazo	Montaos
Berreo	7,5	Trazo	Montaos
Cabaleiros	15,9	Tordoia	Vilarprego
Campo	11,2	Trazo	Montaos
Castelo	6,8	Trazo	Montaos
Chaian	7,7	Trazo	Montaos
Gorgullos	22,6	Tordoia	Gorgullos, C.R.
Leobalde	4,8	Tordoia	Montaos
Lesta	11,8	Ordes	Folgoso
Morlán	10	Trazo	Montaos
Numide	5,9	Tordoia	Montaos
Tordoia	3,1	Tordoia	Vilarprego
Trazo	10	Trazo	Montaos
Vilouchada	7,4	Trazo	Montaos
Xavestre	16,8	Trazo	Montaos
Xesteda	16,8	Cerceda	Vilarprego
Total	252,9		

Táboa 27. Arciprestado de Berrero de arriba

Parroquia	km²	Concello	Xurisdición do A. R.
Cerceda	13,8	Cerceda	Encrobas
Encrobas	23,1	Cerceda	Encrobas
Meirama	11,8	Cerceda	Meirama, couto de
Queixas	21,9	Cerceda	Encrobas
Ardemil	21,8	Ordes	Mesía
Buscás	13,1	Ordes	Mesía
Leira	15	Ordes	Mesía
Mercurín	14,9	Ordes	Folgoso
Montaos	10,6	Ordes	Folgoso
Ordes	10	Ordes	Folgoso
Parada	11,9	Ordes	Folgoso
Pereira	11,2	Ordes	Folgoso
Poulo	8,1	Ordes	Mesía
Deixebre	5	Oroso	Folgoso
Ledoira	9,3	Frades	Mesía
Oroso	10	Oroso	Folgoso
Trasmonte	7,5	Oroso	Sigüeiro
Total	219		

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.3.Capítulo 4

2.3.1. Número de veciños e aldeas das parroquias da Comarca de Ordes con datos útiles naenquisa *Lugares, frutos …* de 1723

Táboa 1. Concello de Cerceda

Parroquia	Nº veciños	Nº aldeas	Casas/adea
Rodís	117	30	3,90
Xesteda	60	17	3,53
Total	177	47	3,77

Táboa 2. Concello de Frades

Parroquia	Nº veciños	Nº aldeas	Casas/adea
Aiazo	30	6	5,00
Añá	32	8	4,00
Gafoi	30	6	5,00
Mesos	15	4	3,75
Total	107	24	4,46

Táboa 3. Concello de Mesía

Parroquia	Nº veciños	Nº aldeas	Casas/adea
Bascoi	31	18	1,72
Cabrui	56	17	3,29
Castro	19	8	2,38
Cumbraos	35	12	2,92
Xanceda	48	11	4,36
Total	189	66	2,86

Táboa 4. Concello de Ordes

Parroquia	Nº veciños	Nº aldeas	Casas/adea
Ardemil	96	26	3,69
Bean	52	8	6,50
Buscás	61	23	2,65
leira	51	15	3,40
Mercurín	42	15	2,80
Ordes	95	17	5,59
Parada	44	16	2,75
Pereira	44	5	8,80
Poulo	51	6	8,50
Total	536	131	4,09

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5. Concello de Oroso

Parroquia	Nº veciños	Nº aldeas	Casas/adea
Deixebre	27	10	2,70
Oroso	60	11	5,45
Trasmonte	32	5	6,40
Vilarromarís	29	7	4,14
Total	148	33	4,48

Táboa 6. Concello de Tordoia

Parroquia	Nº veciños	Nº aldeas	Casas/adea
Andoio	33	12	2,75
Bardaos	49	17	2,88
Cabaleiros	51	12	4,25
Castenda	44	13	3,38
Leobalde	21	4	5,25
Numide	27	6	4,50
Restande	53	8	6,63
Total	278	72	3,86

Táboa 7. Concello de Trazo

Parroquia	Nº veciños	Nº aldeas	Casas/adea
Benza	45	7	6,43
Berreo	43	9	4,78
Campo	49	12	4,08
Castelo	29	8	3,63
Chaian	63	12	5,25
Monzo	29	7	4,14
Morlán	43	10	4,30
Trazo	33	5	6,60
Vilouchada	29	8	3,63
Total	363	78	4,65

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2.2. Número de casas habitadas e aldeas das parroquias e concellos da Comarca de Ordes segundo o *Nomenclátor de 1860*

Táboa 8. Concello de Cerceda

Parroquias	km²	Casas habitadas	Aldeas	Aldeas /km²	Veciños /km²	Casas /aldea
Cerceda	13,8	108	38	2,8	7,8	2,84
Encrobas	23,1	174	40	1,7	7,5	4,35
Meirama	11,8	69	24	2,0	5,8	2,88
Queixas	21,9	50	19	0,9	2,3	2,63
Rodís	26,9	121	30	1,1	4,5	4,03
Xesteda	16,8	187	36	2,1	11,1	5,19
Total	114,3	709	187	1,6	6,2	3,79

Táboa 9. Concello de Frades

Parroquias	km²	Casas habitadas	Aldeas	Aldeas /km²	Veciños /km²	Casas /aldea
Abellá	12,5	109	26	2,1	8,7	4,19
Aiazo	5	48	9	1,8	9,6	5,33
Añá	5	62	10	2,0	12,4	6,20
Céltigos	3,7	33	8	2,2	8,9	4,13
Frades	9,3	61	12	1,3	6,6	5,08
Gafoi	5,6	57	9	1,6	10,2	6,33
Galegos	6,8	48	8	1,2	7,1	6,00
Ledoira	4,3	44	14	3,3	10,2	3,14
Mesos	5	29	6	1,2	5,8	4,83
Moar	7,5	77	14	1,9	10,3	5,50
Papucín	6,8	65	17	2,5	9,6	3,82
Vitre	10	52	15	1,5	5,2	3,47
Total	81,5	685	148	1,8	8,4	4,63

Táboa 10. Concello de Mesía

Parroquias	km²	Casas habitadas	Aldeas	Aldeas /km²	Veciños /km²	Casas /aldea
Albixoi	7,5	64	19	2,5	8,5	3,37
Bascoi	10,6	44	25	2,4	4,2	1,76
Boado	7,3	74	18	2,5	10,1	4,11
Bruma	2	13	1	0,5	6,5	13,00
Cabrui	13,7	71	22	1,6	5,2	3,23
Castro	4,5	33	10	2,2	7,3	3,30
Cumbraos	8,7	66	17	2,0	7,6	3,88
Lanzá	5	36	7	1,4	7,2	5,14
Mesía	14,4	116	29	2,0	8,1	4,00
Olas	7,6	65	18	2,4	8,6	3,61
Visantoña	11,3	113	19	1,7	10,0	5,95
Xanceda	16,2	97	21	1,3	6,0	4,62
Total	108,8	792	206	1,9	7,3	3,84

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 11. Concello de Ordes

Parroquias	km²	Casas habitadas	Aldeas	Aldeas /km²	Veciños /km²	Casas /aldea
Ardemil	21,8	134	32	1,5	6,1	4,19
Barbeiros	13,7	46	15	1,1	3,4	3,07
Beán	8,7	62	12	1,4	7,1	5,17
Buscás	13,1	78	25	1,9	6,0	3,12
Leira	15	67	16	1,1	4,5	4,19
Lesta	11,8	32	12	1,0	2,7	2,67
Mercurín	14,9	42	16	1,1	2,8	2,63
Montaos	10,6	71	24	2,3	6,7	2,96
Ordes	10	157	19	1,9	15,7	8,26
Parada	11,9	59	13	1,1	5,0	4,54
Pereira	11,2	63	16	1,4	5,6	3,94
Poulo	8,1	63	10	1,2	7,8	6,30
Vilamaior	9,3	59	21	2,3	6,3	2,81
Total	160,1	933	231	1,4	5,8	4,04

Táboa 12. Concello de Oroso

Parroquias	km²	Casas habitadas	Aldeas	Aldeas /km²	Veciños /km²	Casas /aldea
Ánxeles	7,5	70	9	1,2	9,3	7,78
Calvente	4,3	29	9	2,1	6,7	3,22
Cardama	5,6	48	8	1,4	8,6	6,00
Deixebre	5	28	8	1,6	5,6	3,50
Gándara	6,8	24	5	0,7	3,5	4,80
Marzoa	6,2	37	10	1,6	6,0	3,70
Oroso	10	103	11	1,1	10,3	9,36
Pasarelos	4,4	29	5	1,1	6,6	5,80
Senra	8,1	83	17	2,1	10,2	4,88
Trasmonte	7,5	51	7	0,9	6,8	7,29
Vilarromarís	6,9	45	12	1,7	6,5	3,75
Total	72,3	547	101	1,4	7,6	5,42

Táboa 13. Concello de Tordoia

Parroquias	km²	Casas habitadas	Aldeas	Aldeas /km²	Veciños /km²	Casas /aldea
Andoio	6,5	45	11	1,7	6,9	4,09
Anxeriz	16,1	75	13	0,8	4,7	5,77
Bardaos	9,2	84	20	2,2	9,1	4,20
Cabaleiros	15,9	104	16	1,0	6,5	6,50
Castenda	13,1	58	14	1,1	4,4	4,14
Gorgullos	22,6	97	21	0,9	4,3	4,62
Leobalde	4,8	24	4	0,8	5,0	6,00
Numide	5,9	33	7	1,2	5,6	4,71
Tordoia	3,1	14	5	1,6	4,5	2,80
Viladabade	28,6	96	25	0,9	3,4	3,84
Total	125,8	630	136	1,1	5,0	4,63

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 14. Concello de Trazo

Parroquias	km²	Casas habitadas	Aldeas	Aldeas /km²	Veciños /km²	Casas /aldea
Benza	8,7	54	8	0,9	6,2	6,75
Berreo	7,5	53	9	1,2	7,1	5,89
Campo	11,2	48	11	1,0	4,3	4,36
Castelo	6,8	43	12	1,8	6,3	3,58
Chaian	7,7	69	16	2,1	9,0	4,31
Monzo	6,2	26	8	1,3	4,2	3,25
Morlán	10	49	11	1,1	4,9	4,45
Restande	6,9	46	10	1,4	6,7	4,60
Trazo	10	44	6	0,6	4,4	7,33
Vilouchada	7,4	34	9	1,2	4,6	3,78
Xavestre	16,8	138	21	1,3	8,2	6,57
Total	99,2	604	121	1,2	6,1	4,99

2.2.3. Número e tamaño das aldeas de parroquias da Comarca de Ordes e os seus incrementos entre 1724 e 1860

Táboa 15. Concello de Cerceda

Parroquia	Nº aldeas		Nª veciños		Veciños/aldea		Incrementos en %		
	1723	1860	1723	1860	1723	1860	Aldeas	Veciños	Veciños /aldea
Rodís	29	24	115	112	3,97	4,67	-17,24	-2,61	17,68
Xesteda	19	24	63	69	3,32	2,88	26,32	9,52	-13,29
Total	48	48	178	181	3,71	3,77	0,00	1,69	1,69

Táboa 16. Concello de Mesía

Parroquia	Nº aldeas		Nª veciños		Veciños/aldea		Incrementos en %		
	1723	1860	1723	1860	1723	1860	Aldeas	Veciños	Veciños /aldea
Bascoi	15	25	23	44	1,53	1,76	66,67	91,30	14,78
Cabrui	16	22	55	71	3,44	3,23	37,50	29,09	-6,12
Castro	8	10	19	33	2,38	3,30	25,00	73,68	38,95
Cumbraos	12	17	34	66	2,83	3,88	41,67	94,12	37,02
Xanceda	11	21	48	97	4,36	4,62	90,91	102,08	5,85
Total	62	95	179	311	2,89	3,27	53,23	73,74	13,39

Táboa 117. Concello de Ordes

Parroquia	Nº aldeas		Nª veciños		Veciños/aldea		Incrementos en %		
	1723	1860	1723	1860	1723	1860	Aldeas	Veciños	Veciños /aldea
Ardemil	22	32	99	134	4,50	4,19	45,45	35,35	-6,94
Bean	8	12	52	62	6,50	5,17	50,00	19,23	-20,51
Buscás	17	25	55	78	3,24	3,12	47,06	41,82	-3,56
Mercurín	14	16	41	42	2,93	2,63	14,29	2,44	-10,37
Ordes	17	19	95	157	5,59	8,26	11,76	65,26	47,87
Parada	16	13	44	59	2,75	4,54	-18,75	34,09	65,03
Poulo	6	10	51	63	8,50	6,30	66,67	23,53	-25,88
Total	100	127	437	595	4,37	4,69	27,00	36,16	7,21

Táboa 18. Concello de Oroso

Parroquia	Nº aldeas		Nª veciños		Veciños/aldea		Incrementos en %		
	1723	1860	1723	1860	1723	1860	Aldeas	Veciños	Veciños /aldea
Deixebre	11	8	44	28	4,00	3,50	-27,27	-36,36	-12,50
Gándara	2	5	21	24	10,50	4,80	150,00	14,29	-54,29
Oroso	11	11	66	103	6,00	9,36	0,00	56,06	56,06
Trasmonte	5	7	32	51	6,40	7,29	40,00	59,38	13,84
Vilarromarís	6	12	27	45	4,50	3,75	100,00	66,67	-16,67
Total	35	43	190	251	5,43	5,84	22,86	32,11	7,53

Táboa 19. Concello de Tordoia

Parroquia	Nº aldeas		Nª veciños		Veciños/aldea		Incrementos en %		
	1723	1860	1723	1860	1723	1860	Aldeas	Veciños	Veciños /aldea
Andoio	12	11	33	45	2,75	4,09	-8,33	36,36	48,76
Bardaos	17	20	49	84	2,88	4,20	17,65	71,43	45,71
Cabaleiros	12	16	49	104	4,08	6,50	33,33	112,24	59,18
Castenda	13	14	43	58	3,31	4,14	7,69	34,88	25,25
Leobalde	4	4	21	24	5,25	6,00	0,00	14,29	14,29
Numide	6	7	27	33	4,50	4,71	16,67	22,22	4,76
Total	64	72	222	348	3,47	4,83	12,50	56,76	39,34

Táboa 20. Concello de Trazo

Parroquia	Nº aldeas		Nª veciños		Veciños/aldea		Incrementos en %		
	1860	1723	1860	1723	1860	1723	Aldeas	Veciños	Veciños /aldea
Benza	7	8	45	54	6,43	6,75	14,29	20,00	5,00
Berreo	9	9	43	53	4,78	5,89	0,00	23,26	23,26
Campo	12	11	49	48	4,08	4,36	-8,33	-2,04	6,86
Castelo	8	12	29	43	3,63	3,58	50,00	48,28	-1,15
Chaian	12	16	63	69	5,25	4,31	33,33	9,52	-17,86
Monzo	7	8	28	26	4,00	3,25	14,29	-7,14	-18,75
Morlan	10	11	43	49	4,30	4,45	10,00	13,95	3,59
Restande	8	10	53	46	6,63	4,60	25,00	-13,21	-30,57
Trazo	5	6	33	44	6,60	7,33	20,00	33,33	11,11
Vilouchada	8	9	29	34	3,63	3,78	12,50	17,24	4,21
Total	86	100	415	466	4,83	4,66	16,28	12,29	-3,43

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.4. Capítulo 5

Táboa 1. Tamaño das aldeas con igrexa rexistradas en Cerceda no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Clasificación	Casas habitadas
Rodís (San Martín)	Iglesia (La)	Iglesia parr. y casa	1

Táboa 2. Tamaño das aldeas con igrexa rexistradas en Frades no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Clasificación	Casas habitadas
Abellá (San Esteban)	Iglesia (La)	Iglesia parr. y casa	1
Añá (SantaMaría)	Iglesia (La)	Aldea	11
Ayazo (San Pedro)	Iglesia (La)	Aldea	3
Céltigos (San Julián)	Iglesia (La)	Aldea	2
Gafoi (Santa Marina)	Iglesia (La)	Aldea	3
Ledoira (San Martín)	Iglesia (La)	Aldea	1
Vitre (San Juan)	Iglesia (La)	Aldea	0
Gallegos (San Martín)	Iglesia (La)	Iglesia parr. y casa	0
Moar (Santa Eulalia)	Iglesia (La)	Iglesia parr. y casa	0
Media			

Táboa 3. Tamaño das aldeas con igrexa rexistradas en Mesía no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Clasificación	Casas habitadas
Albijoy (Santa Marina)	Iglesia (La)	Aldea	6
Boado (Santiago)	Iglesia (La)	Aldea	8
Cabruy (San Martin)	Iglesia (La)	Aldea	4
Castro (San Sebastián)	Iglesia (La)	Aldea	1
Cumbraos (Santa María)	Iglesia (La)	Aldea	10
Juanceda (San Salvador)	Iglesia (La)	Aldea	4
Mesía (San Cristobal)	Iglesia (La)	Aldea	1
Olas (San Lorenzo)	Iglesia (La)	Aldea	1
Visantoña (San Martín)	Iglesia (La)	Aldea	1
Media			

Táboa 4. Tamaño das aldeas con igrexa rexistradas en Ordes no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Clasificación	Casas habitadas
Beán	Iglesia (La)	Aldea	1
Lesta	Iglesia (La)	Aldea	1
Montaos	Iglesia (La)	Aldea	1
Pereira	Iglesia (La)	Aldea	1
Barbeiros	Iglesia (La)	Iglesia parroquial	0
Media			

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5. Tamaño das aldeas con igrexa rexistradas en Oroso no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Clasificación	Casas habitadas
Calvente (San Juan)	Iglesia (La)	Aldea	10
Cardama (Santa María)	Iglesia (La)	Aldea	1
Gándara (San Miguel)	Iglesia (La)	Aldea	3
Oroso (San Martin)	Iglesia (La)	Aldea	17
Pasarelos (San Román)	Iglesia (La)	Aldea	11
Ángeles (San Mamed)	Iglesia (La)	Iglesia parroquial	0
Trasmonte (San Esteban)	Iglesia (La)	Iglesia parroquial	0
Media			

Táboa 6. Tamaño das aldeas con igrexa rexistradas en Tordoia no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Clasificación	Casas habitadas
Andoyo (San Mamed)	Iglesia (La)	Aldea	6
Leobalde (San Cristobal)	Iglesia (La)	Aldea	1
Tordoya (San Juan)	Iglesia (La)	Aldea	3
Villadabad (San Ciprian)	Iglesia (La)	Aldea	7
Media			

Táboa 7. Tamaño das aldeas con igrexa rexistradas en Trazo no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Clasificación	Casas habitadas
Berreo (San Mamed)	Iglesia (La)	Aldea	3
Campo (San Juan)	Iglesia (La)	Aldea	2
Chayan (Santa María)	Iglesia (La)	Aldea	5
Restande (Santa María)	Iglesia (La)	Aldea	3
Vilouchada (San Vicente)	Iglesia (La)	Aldea	2
Media			

Táboa 8. Muíños fariñeiros rexistrados en Frades no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Cantidade
Abellá (San Esteban)	Carballa	
Ayazo (San Pedro)	Dapedra	1
Ayazo (San Pedro)	Dasmestas	1
Ayazo (San Pedro)	Nuevo	1
Céltigos (San Julián)	Molino de abajo	1
Céltigos (San Julián)	Molino Nuevo	1
Frades (San Martín)	Cupeno	1
Frades (San Martín)	Gaitera	1
Ledoira (San Martín)	Lamela	1
Moar (Santa Eulalia)	Ponte	1
Gallegos (San Martín)	Meifonso	2
Gallegos (San Martín)	Veiga	2
Vitre (San Juan)	Maruzo	2
Total		16

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 9. Muíños fariñeiros rexistrados en Mesía no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Cantidade
Boado (Santiago)	Pedreiras	1
Boado (Santiago)	Salgueiroy	1
Cabruy (San Martin)	Gandarela	1
Cabruy (San Martin)	Nuevo	1
Castro (San Sebastián)	Junqueiras	1
Cumbraos (Santa María)	Pousada	1
Total		6

Táboa 10. Muíños fariñeiros rexistrados en Oroso no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Cantidade
Ángeles (San Mamed)	Prado	1
Ángeles (San Mamed)	Puente	1
Cardama (Santa María)	Mesto	1
Deigebre (Santa María)	Mosqueras	1
Oroso (San Martin)	Carricova	1
Oroso (San Martin)	Telleiro	1
Oroso (San Martin)	Vivano	1
Pasarelos (San Román)	Mesto	1
Senra (Santa Eulalia)	Carballo	1
Senra (Santa Eulalia)	Lamoso	1
Marzoa (San Martín)	Recousiño de abajo	2
Total		12

Táboa 11. Muíños fariñeiros rexistrados en Trazo no *Nomenclátor de 1860*

Parroquia	Lugar	Cantidade
Berreo (San Mamed)	Molino Nuevo	1
Campo (San Juan)	Batan	1
Campo (San Juan)	Bogalleira	1
Castelo (Santa María)	Castelo	1
Chayan (Santa María)	Campelo	1
Javestre (San Cristobal)	Cregos	1
Monzo (San Martin)	Monzo	1
Morlan (Santa María)	Molino del Cura	1
Vilouchada (San Vicente)	Prado	1
Total		9

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.4. Capítulo 7

Táboa 1. Repartición en ferrados da superficie cultivada nas parroquias da xurisdición de Folgoso segundo as *Respuestas Generales* do *Catastro de 1752*

	HORTA				LABRADÍO				PRADO REGADO				PRADO SECANO				TOTAL CULTIVO
	1ª	2ª	3ª	Total	1ª	2ª	3ª	Total	1ª	2ª	3ª	Total	1ª	2ª	3ª	Total	
Barbeiros	8	6	6	20	50	95	750	895	14	7	14	35	5	8	7	20	970
Beán	4	6	8	18	30	200	1160	1390	8	12	16	36	5	10	11	26	1470
Cardama	3	4	3	10	108	400	600	1108	4	6	8	18	5	7	8	20	1156
Deixebre	2	4	10	16	100	100	154	354	4	6	6	16	8	6	14	28	414
Frades	2	4	5	11	50	94	214	358	5	8	9	22	3	7	10	20	411
Galegos	2	4	6	12	30	100	400	530	6	10	20	36	4	6	8	18	596
Gándara	4	4	14	22	130	220	948	1298	6	8	8	22	10	12	30	52	1394
Lesta	2	4	2	8	30	200	606	836	4	6	2	12	4	8	4	16	872
Marzoa	3	6	8	17	40	80	400	520	4	6	8	18	5	10	30	45	600
Mesos	3	2	5	10	20	150	160	330	4	6	5	15	4	3	4	11	366
Moar	4	6	6	16	60	100	400	560	9	20	12	41	10	15	25	50	667
Montaos	6	4	3	13	80	970	390	1440	3	7	10	20	5	5	8	18	1491
Ordes	13	6	11	30	146	600	434	1180	6	16	8	30	15	35	50	100	1340
Oroso	3	3	4	10	90	400	400	890	3	4	7	14	3	4	5	12	926
Papucín	3	6	4	13	50	250	480	780	2	3	4	9	2	3	5	10	812
Parada	6	10	2	18	299	786	1104	2189	10	6	4	20	12	6	6	24	2251
Pereira	3	6	9	18	140	260	500	900	3	8	10	21	6	8	12	26	965
Senra	3	4	8	15	86	50	10	146	4	6	10	20	8	10	14	32	213
Vilagudín	2	2	2	6	30	80	120	230	8	2	3	13	6	4	5	15	264
Vilamaior	4	5	6	15	10	60	300	370	2	2	4	8	6	16	18	40	433
Vilarromariz	6	4	4	14	80	300	300	680	6	8	4	18	2	5	5	12	724
TOTAL	86	100	126	312	1659	5495	9830	16984	115	157	172	444	128	188	279	595	18335

Táboa 2. Repartición en ferrados da superficie de monte, devesa e souto nas parroquias da xurisdición de Folgoso segundo as *Respuestas Generales* do *Catastro de 1752*

	MONTE ÚTIL				DEVESA			SOUTO				TOTAL INCULTO	TOTAL CULTIVO+INCULTO
	1ª	2ª	3ª	Total	1ª	2ª	Total	1ª	2ª	3ª	Total		
Barbeiros	340	900	1650	2890	8	16	24					2914	3884
Beán	130	460	2410	3000	3	3	6					3006	4476
Cardama	1464	1000	1000	3464	8	14	22					3486	4642
Deixebre	145	1182	1070	2397	14	23	37					2434	2848
Frades	80	350	2406	2836	4	8	12					2848	3259
Galegos	100	400	470	970	18	24	42	2	3	3	8	1020	1616
Gándara	56	180	956	1192	16	24	40					1232	2626
Lesta	50	166	1384	1600	6	8	14				10	1624	2496
Marzoa	400	700	1302	2402	4	14	18					2420	3020
Mesos	80	500	738	1318	4	6	10					1328	1694
Moar	50	250	1249	1549	1	20	21					1570	2237
Montaos	100	200	1800	2100	8	15	23					2123	3614
Ordes	80	640	1288	2008	16	20	36					2044	3384
Oroso	105	390	710	1205	10	70	80					1285	2211
Papucín	120	450	2650	3220	3	5	8	1	2	2	5	3233	4045
Parada	198	489	1306	1993	10	17	27					2020	4271
Pereira	50	250	1500	1800	8	7	15				5	1820	2785
Senra	70	650	650	1370	5	7	12					1382	1595
Vilagudín	80	300	620	1000	8	5	13					1013	1277
Vilamaior	100	1000	900	2000	2	2	4					2004	2437
Vilarromariz	400	500	500	1400	15	12	27					1427	2151
TOTAL	4198	10957	26559	41714	171	320	491	3	5	5	28	42233	60568

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3. Repartición porcentual da superficie agraria nas parroquias da xurisdición de Folgoso segundo as *Respuestas Generales* do *Catastro de 1752*

	Labradío	Horta	Prado	Total Cultivo	Monte	Devesa	Souto	Total Inculto	TOTAL
Barbeiros	23,0	0,5	1,4	25,0	74,4	0,6	0,0	75,0	100
Beán	31,1	0,4	1,4	32,8	67,0	0,1	0,0	67,2	100
Cardama	23,9	0,2	0,8	24,9	74,6	0,5	0,0	75,1	100
Deixebre	12,4	0,6	1,5	14,5	84,2	1,3	0,0	85,5	100
Frades	11,0	0,3	1,3	12,6	87,0	0,4	0,0	87,4	100
Galegos	32,8	0,7	3,3	36,9	60,0	2,6	0,5	63,1	100
Gándara	49,4	0,8	2,8	53,1	45,4	1,5	0,0	46,9	100
Lesta	33,5	0,3	1,1	34,9	64,1	0,6	0,4	65,1	100
Marzoa	17,2	0,6	2,1	19,9	79,5	0,6	0,0	80,1	100
Mesos	19,5	0,6	1,5	21,6	77,8	0,6	0,0	78,4	100
Moar	25,0	0,7	4,1	29,8	69,2	0,9	0,0	70,2	100
Montaos	39,8	0,4	1,1	41,3	58,1	0,6	0,0	58,7	100
Ordes	34,9	0,9	3,8	39,6	59,3	1,1	0,0	60,4	100
Oroso	40,3	0,5	1,2	41,9	54,5	3,6	0,0	58,1	100
Papucín	19,3	0,3	0,5	20,1	79,6	0,2	0,1	79,9	100
Parada	51,3	0,4	1,0	52,7	46,7	0,6	0,0	47,3	100
Pereira	32,3	0,6	1,7	34,6	64,6	0,5	0,2	65,4	100
Senra	9,2	0,9	3,3	13,4	85,9	0,8	0,0	86,6	100
Vilagudín	18,0	0,5	2,2	20,7	78,3	1,0	0,0	79,3	100
Vilamaior	15,2	0,6	2,0	17,8	82,1	0,2	0,0	82,2	100
Vilarromariz	31,6	0,7	1,4	33,7	65,1	1,3	0,0	66,3	100
TOTAL	28,0	0,5	1,7	30,3	68,9	0,8	0,0	69,7	100

Táboa 4. Décimos pagados nas parroquias da xurisdición de Folgoso segundo as *Respuestas Generales* do *Catastro de 1752*

	CEREAL DECIMADO (en ferrados)					OUTROS (en reais)				
Parroquias	**Trigo**	**Centeo**	**Maíz**	**Millo miudo**	**Total Cereal**	**Liño**	**Cordeiros**	**Polos**	**Bois**	**Décimos Miudos**
Barbeiros	80	240	50	64	434	40	12	12		
Beán	100	200	180	4	484	200	40	18		
Cardama	38	80	80	3	201	20	12			
Deixebre	40	100	100	12	252	50	4			
Frades	30	90	60	20	200	30	12	10		
Galegos	40	100	60	12	212	20	16			
Góndora	20	65	60	18	163	12	4			
Lesta	110	80	116	16	322	30				
Marzoa	50	140	60	24	274	50	24	12	12	
Mercurín	100	90	100		290		8			100
Mesos	60	100	60	25	245	50	16	12		
Moar	50	160	50	10	270	50	8			
Montaos	62	130	134	12	338	50				
Ordes	165	400	200	30	795	70	90			
Oroso	35	120	35	12	202	20	20			
Papucín	80	200	150	25	455	60	40	24		
Parada	60	84	60	18	222	36	30			
Pereira	72	144	96	36	348	66	22			
Senra	48	120	86	6	260	40	10			10
Vilagudín	30	25	54	6	115	16	16			
Vilamaior	120	120	120		360	100	50			
Vilarromariz	22	84	53	4	163	16	8			
TOTAL	1412	2872	1964	357	6605	1026	442	88	12	110

Táboa 5. Cabana gandeira das parroquias de Folgoso segundo os *Resúmenes Generales* do *Catastro de Ensenada, 1752*

	GANDO MAIOR				GANDO MENOR				TOTAL
Parroquias	**Vacún**	**Cabalar**	**Mular**	**Total**	**Lanar**	**Cabrío**	**Cerda**	**Total**	**CABEZAS**
Barbeiros	262	48	5	315	581	48	113	742	1057
Bean	274	56	2	332	683	142	119	944	1276
Cardama	198	47	1	246	523	129	96	748	994
Deixebre	111	17	2	130	334	55	23	412	542
Frades	194	57	2	253	411	133	107	651	904
Galegos	151	27	1	179	290	83	75	448	627
Gándara	136	46	1	183	319	0	81	400	583
Lesta	305	63	6	374	692	121	60	873	1247
Marzoa	213	83	5	301	522	74	115	711	1012
Mesos	155	19	3	177	299	16	61	376	553
Moar	277	94	3	374	637	76	132	845	1219
Montaos	200	60	4	264	561	31	63	655	919
Ordes	461	73	12	546	1136	171	168	1475	2021
Oroso	101	23	5	129	186	91	44	321	450
Papucín	277	83	4	364	658	212	171	1041	1405
Parada	287	88	13	388	892	127	131	1150	1538
Pereira	301	43	1	345	652	60	71	783	1128
Senra	264	53	12	329	600	272	137	1009	1338
Vilagudín	69	17	2	88	180	46	29	255	343
Vilamaior	322	107	26	455	715	90	146	951	1406
Vilarromariz	181	27	1	209	529	58	113	700	909
TOTAL	4739	1131	111	5981	11400	2035	2055	15490	21471
% do total	22,1	5,3	0,5	27,9	53,1	9,5	9,6	72,1	100

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.5. Capítulo 8

Táboa 1. Ilexitimidade: cifras absolutas e porcentuais, 1670-1859 (Barbeiros, Gándara,Vilarromarís)

	Barbeiros			Gándara+Vilarrom.			Brb+Gdr+Vlr		
Décadas	Bautiz.	Ilexítimos		Bautiz.	Ilexítimos		Bautiz.	Ilexítimos	
	nº	nº	%	total	nº	%	nº	nº	%
1670-79	61	1	1,64	97	1	1,03	158	2	1,27
1680-89	66	5	7,58	106		0	172	5	2,91
1690-99	59	4	6,78	130	3	2,31	189	7	3,7
1700-09	48	4	8,33	127		0	175	4	2,29
1710-19	63	2	3,17	103	4	3,88	166	6	3,61
1720-29	84	2	2,38	88		0	172	2	1,16
1730-39	87	4	4,6	101	2	1,98	188	6	3,19
1740-49	62	3	4,84	133		0	195	3	1,54
1750-59	94	2	2,13	155	3	1,94	249	5	2,01
1760-69	85	1	1,18	131		0	216	1	0,46
1770-79	87	2	2,3	134		0	221	2	0,9
1780-89	65	0	0	147	4	2,72	212	4	1,89
1790-99	81	0	0	120		0	201	0	0
1800-9	91	2	2,2	139	5	3,6	230	7	3,04
1810-19	84	7	8,33	120	5	4,17	204	12	5,88
1820-29	103	11	10,7	171	3	1,75	274	14	5,11
1830-39	119	17	14,3	155	4	2,58	274	21	7,66
1840-49	106	16	15,1	168	9	5,36	274	25	9,12
1850-59	81	12	14,8	156	17	10,9	237	29	12,2
Total	1777	102	5,74	2481	60	2,42	4007	155	3,87

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 2. Movemento anual de bautismos(Barbeiros, Buscás, Gándara e Vilarromaris)

ANOS	Barbeiros	Índice anual	ANOS	Barbeiros	Gándara-Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índice anual
1607	4	52,1	1665	3	11			39,1
1608	1	13,0	1666	6	9			78,1
1609	1	13,0	1667	3	14			39,1
1610	6	78,1	1668	5	10			65,1
1611	4	52,1	1669	6	15			78,1
1612	3	39,1	1670	11	8			143,2
1613	3	39,1	1671	6	8			78,1
1614	4	52,1	1672	8	15			104,2
1615	1	13,0	1673	6	9	11	26	82,2
1616	3	39,1	1674	4	11	9	24	75,9
1617			1675	2	6	9	17	53,7
1618			1676	2	9	11	22	69,5
1619			1677	7	10	10	27	85,3
1620			1678	6	6	12	24	75,9
1621			1679	9	15	9	33	104,3
1622			1680	7	7	11	25	79,0
1623			1681	2	6	15	23	72,7
1624			1682	5	13	16	34	107,5
1625	2	26,0	1683	7	7	5	19	60,1
1626			1684	7	12	11	30	94,8
1627			1685	8	12	12	32	101,1
1628			1686	10	12	16	38	120,1
1629	5	65,1	1687	6	12	12	30	94,8
1630	3	39,1	1688	8	14	13	35	110,6
1631			1689	6	11	10	27	85,3
1632			1690	7	13	15	35	110,6
1633			1691	8	16	20	44	139,1
1634	1	13,0	1692	6	10	10	26	82,2
1635	2	26,0	1693	5	15	20	40	126,4
1636			1694	4	15	12	31	98,0
1637			1695	8	11	15	34	107,5
1638	5	65,1	1696	6	15	13	34	107,5
1639	1	13,0	1697	3	15	16	34	107,5
1640	7	91,1	1698	9	8	9	26	82,2
1641	3	39,1	1699	4	12	11	27	85,3
1642	5	65,1	1700	6	11	5	22	69,5
1643	10	130,2	1701	3	14	10	27	85,3
1644	9	117,2	1702	5	11	14	30	94,8
1645	8	104,2	1703	5	12	13	30	94,8
1646	11	143,2	1704	3	10	10	23	72,7
1647	10	130,2	1705	4	8	11	23	72,7
1648	7	91,1	1706	4	15	8	27	85,3
1649	13	169,3	1707	5	14	11	30	94,8
1650	14	182,3	1708	9	19	6	34	107,5
1651	12	156,3	1709	4	13	4	21	66,4
1652	5	65,1	1710	2	5	6	13	41,1
1653	8	104,2	1711	5	15	8	28	88,5
1654	15	195,3	1712	10	7	5	22	69,5
1655	9	117,2	1713	5	9	9	23	72,7
1656	7	91,1	1714	7	14	6	27	85,3
1657	9	117,2	1715	5	13	6	24	75,9
1658	14	182,3	1716	7	14	6	27	85,3
1659	3	39,1	1717	2	4	9	15	47,4
1660	8	104,2	1718	8	10	6	24	75,9
1661	11	143,2	1719	13	12	10	35	110,6
1662	12	156,3	1720	6	9	10	25	79,0
1663	7	91,1	1721	10	10	11	31	98,0
1664	11	143,2	1722	11	8	10	29	91,7

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANOS	Barbeiros	Gándara-Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índice anual	ANO	Barbeiros	Gándara-Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índice anual
1723	8	8	11	27	85,3	1781	6	17	9	32	101,14
1724	9	10	9	28	88,5	1782	11	18	11	40	126,42
1725	10	8	15	33	104,3	1783	6	14	9	29	91,7
1726	7	5	12	24	75,9	1784	6	16	8	30	94,8
1727	7	10	14	31	98,0	1785	9	17	12	38	120,1
1728	7	8	13	28	88,5	1786	7	12	11	30	94,8
1729	9	12	10	31	98,0	1787	7	14	10	31	98,0
1730	13	6	22	41	129,6	1788	7	15	16	38	120,1
1731	8	12	10	30	94,8	1789	8	10	6	24	75,9
1732	11	8	9	28	88,5	1790	7	15	9	31	98,0
1733	13	13	17	43	135,9	1791	8	12	17	37	116,9
1734	11	16	8	35	110,6	1792	7	8	9	24	75,9
1735	6	8	9	23	72,7	1793	11	13	11	35	110,6
1736	6	12	10	28	88,5	1794	7	10	8	25	79,0
1737	7	10	4	21	66,4	1795	13	13	14	40	126,4
1738	4	9	9	22	69,5	1796	12	14	8	34	107,5
1739	8	7	8	23	72,7	1797	8	11	11	30	94,8
1740	7	15	12	34	107,5	1798	16	14	11	41	129,6
1741	5	13	8	26	82,2	1799	7	14	5	26	82,2
1742	2	12	7	21	66,4	1800	14	16	13	43	135,9
1743	10	14	9	33	104,3	1801	9	16	10	35	110,6
1744	10	15	8	33	104,3	1802	5	8	4	17	53,7
1745	5	16	16	37	116,9	1803	10	9	10	29	91,7
1746	8	10	8	26	82,2	1804	4	19	14	37	116,9
1747	10	11	12	33	104,3	1805	3	12	9	24	75,9
1748	1	6	7	14	44,2	1806	5	14	7	26	82,2
1749	4	21	15	40	126,4	1807	9	15	8	32	101,1
1750	9	8	9	26	82,2	1808	3	15	5	23	72,7
1751	6	12	7	25	79,0	1809	6	15	8	29	91,7
1752	10	16	15	41	129,6	1810	5	14	9	28	88,5
1753	6	10	7	23	72,7	1811	7	12	12	31	98,0
1754	7	18	7	32	101,1	1812	13	14	13	40	126,4
1755	8	17	10	35	110,6	1813	5	12	11	28	88,5
1756	17	24	7	48	151,7	1814	11	17	13	41	129,6
1757	9	14	8	31	98,0	1815	10	8	13	31	98,0
1758	12	18	10	40	126,4	1816	10	7	13	30	94,8
1759	10	18	13	41	129,6	1817	8	11	12	31	98,0
1760	7	14	8	29	91,7	1818	2	11	8	21	66,4
1761	11	13	10	34	107,5	1819	13	14	13	40	126,4
1762	10	12	9	31	98,0	1820	13	7	9	29	91,7
1763	9	13	10	32	101,1	1821	6	19	15	40	126,4
1764	11	12	11	34	107,5	1822	16	12	14	42	132,7
1765	6	13	16	35	110,6	1823	5	14	15	34	107,5
1766	9	9	14	32	101,1	1824	12	21	12	45	142,2
1767	11	21	9	41	129,6	1825	8	21	11	40	126,4
1768	11	16	7	34	107,5	1826	12	16	10	38	120,1
1769	7	8	10	25	79,0	1827	7	21	19	47	148,5
1770	4	11	2	17	53,7	1828	12	21	9	42	132,7
1771	6	11	10	27	85,3	1829	12	19	12	43	135,9
1772	6	10	4	20	63,2	1830	9	17	5	31	98,0
1773	9	19	4	32	101,1	1831	9	15	9	33	104,3
1774	7	10	12	29	91,7	1832	14	12	10	36	113,8
1775	8	17	6	31	98,0	1833	18	15	11	44	139,1
1776	9	10	6	25	79,0	1834	8	13	11	32	101,1
1777	5	14	8	27	85,3	1835	15	19	13	47	148,5
1778	9	12	6	27	85,3	1836	8	18	14	40	126,4
1779	7	20	8	35	110,6	1837	19	19	12	50	158,0
1780	9	13	9	31	98,0	1838	11	10	17	38	120,1

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO	Barbeiros	Gándara-Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índice anual
1839	8	17	9	34	107,5
1840	15	12	8	35	110,6
1841	6	23	8	37	116,9
1842	9	21	15	45	142,2
1843	12	6	4	22	69,5
1844	6	20	14	40	126,4
1845	16	34	11	61	192,8
1846	13	12	9	34	107,5
1847	12	13	13	38	120,1
1848	12	16	12	40	126,4
1849	5	11	9	25	79,0
1850	12	15	10	37	116,9
1851	9	20	14	43	135,9
1852	4	13	10	27	85,3
1853	4	9	18	31	98,0
1854	4	12	12	28	88,5
1855	16	10	18	44	139,1
1856	4	16	8	28	88,5
1857	5	20	19	44	139,1
1858	13	21	15	49	154,9
1859	10	20	13	43	135,9

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3. Movemento anual de defuncións (Barbeiros, Buscás, Gándara e Vilarromaris)

ANOS	Barbeiros	Gándara-Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índices anuais	ANOS	Barbeiros	Gándara-Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índices anuais
1629	5				94,5	1687	2	6	4	12	64,0
1630	1				18,9	1688	4	2	3	9	48,0
1631						1689	4	5	4	13	69,4
1632	1				18,9	1690	3	4	4	11	58,7
1633	3				56,7	1691	4	0	1	5	26,7
1634						1692	2	6	5	13	69,4
1635						1693	7	6	5	18	96,1
1636	2				37,8	1694	3	17	10	30	160,1
1637	2				37,8	1695	9	7	8	24	128,1
1638						1696	4	0	4	8	42,7
1639	4				75,6	1697	1	1	6	8	42,7
1640	6				113,4	1698	5	4	6	15	80,0
1641	2				37,8	1699	8	6	5	19	101,4
1642	1				18,9	1700	4	5	5	14	74,7
1643	3				56,7	1701	3	1	8	12	64,0
1644						1702	3	7	6	16	85,4
1645						1703	2	6	0	8	42,7
1646						1704	6	2	6	14	74,7
1647						1705	7	8	5	20	106,7
1648	1				18,9	1706	1	3	7	11	58,7
1649	2				37,8	1707	6	3	4	13	69,4
1650	1				18,9	1708	3	6	5	14	74,7
1651	1				18,9	1709	7	4	3	14	74,7
1652	2				37,8	1710	10	10	15	35	186,8
1653	0					1711	7	6	6	19	101,4
1654	1				18,9	1712	5	6	5	16	85,4
1655	0					1713	6	14	2	22	117,4
1656	5				94,5	1714	3	7	8	18	96,1
1657	9				170,1	1715	4	6	5	15	80,0
1658	2				37,8	1716	6	8	2	16	85,4
1659	3				56,7	1717	6	10	4	20	106,7
1660	2				37,8	1718	6	14	5	25	133,4
1661	4				75,6	1719	7	5	3	15	80,0
1662	4				75,6	1720	6	7	7	20	106,7
1663	3				56,7	1721	6	3	3	12	64,0
1664	10				189,0	1722	15	11	1	27	144,1
1665	9	4			97,0	1723	8	3	7	18	96,1
1666	2	1			22,4	1724	7	8	14	29	154,7
1667	2	0			14,9	1725	7	10	3	20	106,7
1668	3	1			29,9	1726	4	4	2	10	53,4
1669	3	5			59,7	1727	7	10	8	25	133,4
1670	1	3			29,9	1728	6	9	4	19	101,4
1671	5	2			52,2	1729	7	10	7	24	128,1
1672	3	3			44,8	1730	4	13	3	20	106,7
1673	2	2	6	10	53,4	1731	8	4	3	15	80,0
1674	3	0	8	11	58,7	1732	9	5	3	17	90,7
1675	0	2	6	8	42,7	1733	15	13	4	32	170,8
1676	3	0	9	12	64,0	1734	10	12	3	25	133,4
1677	4	4	0	8	42,7	1735	6	7	7	20	106,7
1678	2	4	4	10	53,4	1736	3	8	5	16	85,4
1679	3	2	5	10	53,4	1737	3	6	4	13	69,4
1680	0	6	4	10	53,4	1738	3	12	4	19	101,4
1681	7	2	5	14	74,7	1739	9	3	7	19	101,4
1682	7	2	1	10	53,4	1740	5	20	11	36	192,1
1683	3	9	0	12	64,0	1741	4	7	11	22	117,4
1684	5	1	4	10	53,4	1742	7	13	5	25	133,4
1685	8	6	10	24	128,1	1743	8	13	8	29	154,7
1686	5	4	11	20	106,7	1744	2	0	7	9	48,0

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANOS	Barbeiros	Gándara-Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índices anuais	ANOS	Barbeiros	Gándara-Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índices anuais
1745	2	11	1	14	74,7	1804	3	7	3	13	69,4
1746	1	10	4	15	80,0	1805	9	7	3	19	101,4
1747	17	9	20	46	245,5	1806	3	13	4	20	106,7
1748	6	14	11	31	165,4	1807	9	8	3	20	106,7
1749	4	7	3	14	74,7	1808	8	10	3	21	112,1
1750	8	6	10	24	128,1	1809	3	14	6	23	122,7
1751	4	8	12	24	128,1	1810	3	16	7	26	138,7
1752	6	7	7	20	106,7	1811	9	14	5	28	149,4
1753	7	15	4	26	138,7	1812	5	8	3	16	85,4
1754	5	13	1	19	101,4	1813	14	28	4	46	245,5
1755	6	7	2	15	80,0	1814	7	11	9	27	144,1
1756	3	3	2	8	42,7	1815	5	6	2	13	69,4
1757	8	3	2	13	69,4	1816	5	9	1	15	80,0
1758	3	5	5	13	69,4	1817	2	3	6	11	58,7
1759	9	4	3	16	85,4	1818	7	6	9	22	117,4
1760	7	9	7	23	122,7	1819	5	7	13	25	133,4
1761	8	6	3	17	90,7	1820	5	4	8	17	90,7
1762	4	6	6	16	85,4	1821	5	3	6	14	74,7
1763	8	12	5	25	133,4	1822	3	10	9	22	117,4
1764	6	11	8	25	133,4	1823	6	13	10	29	154,7
1765	12	10	6	28	149,4	1824	3	11	2	16	85,4
1766	5	8	2	15	80,0	1825	2	6	12	20	106,7
1767	12	2	4	18	96,1	1826	5	8	11	24	128,1
1768	1	8	6	15	80,0	1827	9	8	8	25	133,4
1769	57	35	23	115	613,7	1828	4	8	7	19	101,4
1770	5	11	20	36	192,1	1829	1	9	6	16	85,4
1771	4	4	3	11	58,7	1830	5	18	8	31	165,4
1772	2	3	4	9	48,0	1831	4	7	5	16	85,4
1773	6	3	11	20	106,7	1832	7	15	4	26	138,7
1774	6	7	3	16	85,4	1833	5	10	9	24	128,1
1775	5	13	2	20	106,7	1834	2	9	6	17	90,7
1776	9	5	4	18	96,1	1835	4	8	12	24	128,1
1777	6	10	5	21	112,1	1836	5	9	7	21	112,1
1778	5	3	2	10	53,4	1837	4	10	7	21	112,1
1779	2	7	4	13	69,4	1838	1	10	5	16	85,4
1780	7	8	8	23	122,7	1839	2	15	3	20	106,7
1781	5	6	4	15	80,0	1840	3	22	7	32	170,8
1782	5	13	3	21	112,1	1841	1	8	3	12	64,0
1783	7	6	0	13	69,4	1842	2	10	3	15	80,0
1784	3	7	5	15	80,0	1843	5	5	5	15	80,0
1785	4	5	4	13	69,4	1844	6	7	9	22	117,4
1786	4	2	0	6	32,0	1845	4	3	7	14	74,7
1787	7	2	7	16	85,4	1846	2	5	4	11	58,7
1788	9	6	5	20	106,7	1847	2	6	4	12	64,0
1789	4	5	4	13	69,4	1848	3	5	7	15	80,0
1790	5	7	6	18	96,1	1849	3	4	4	11	58,7
1791	7	3	2	12	64,0	1850	6	2	7	15	80,0
1792	3	11	4	18	96,1	1851	6	10	2	18	96,1
1793	11	7	4	22	117,4	1852	6	5	2	13	69,4
1794	8	12	5	25	133,4	1853	18	21	2	41	218,8
1795	11	11	4	26	138,7	1854	7	5	3	15	80,0
1796	3	11	3	17	90,7	1855	4	10	3	17	90,7
1797	5	16	5	26	138,7	1856	1	7	2	10	53,4
1798	11	0	3	14	74,7	1857	1	7	5	13	69,4
1799	8	7	3	18	96,1	1858	1	6	2	9	48,0
1800	9	7	6	22	117,4	1859	4	6	2	12	64,0
1801	5	4	4	13	69,4						
1802	10	8	11	29	154,7						

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4. Movemento anual de matrimonios (Barbeiros, Buscás, Gándara e Vilarromaris)

ANOS	Barbeiros	Gándara Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índice anual	ANOS	Barbeiros	Gándara Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índice anual
1628	2				107,5	1686	1	4	2	7	89,6
1629	2				107,5	1687	2	4	2	8	102,4
1630	2				107,5	1688	2	5	4	11	140,8
1631	0					1689	2	5	3	10	128,0
1632	0					1690	4	1	2	7	89,6
1633	0					1691	0	5	0	5	64,0
1634	1				53,8	1692	0	5	5	10	128,0
1635	4				215,1	1693	1	3	4	8	102,4
1636	6				322,6	1694	0	3	4	7	89,6
1637	1				53,8	1695	5	5	2	12	153,6
1638	1				53,8	1696	0	1	3	4	51,2
1639	0					1697	0	2	0	2	25,6
1640	3				161,3	1698	2	2	4	8	102,4
1641	2				107,5	1699	1	2	2	5	64,0
1642	1				53,8	1700	2	6	5	13	166,5
1643	3				161,3	1701	2	2	2	6	76,8
1644	5				268,8	1702	3	7	4	14	179,3
1645	2				107.5	1703	2	1	0	3	38.4
1646	1				53,8	1704	0	0	3	3	38,4
1647	3				161,3	1705	3	6	5	14	179,3
1648	4				215,1	1706	3	4	3	10	128,0
1649	1				53,8	1707	6	1	3	10	128,0
1650	1				53,8	1708	2	5	2	9	115,2
1651	1				53,8	1709	0	1	2	3	38,4
1652	2				107,5	1710	0	1	3	4	51,2
1653	3				161,3	1711	5	2	1	8	102,4
1654	1				53,8	1712	3	1	5	9	115,2
1655	1				53,8	1713	1	3	4	8	102,4
1656	3				161,3	1714	0	2	2	4	51,2
1657	2				107,5	1715	5	2	2	9	115,2
1658	2				107,5	1716	0	0	2	2	25,6
1659	1				53,8	1717	5	3	1	9	115,2
1660	3				161,3	1718	1	10	4	15	192,1
1661	4				215,1	1719	1	2	4	7	89,6
1662	1				53,8	1720	0	2	7	9	115,2
1663	0					1721	1	4	1	6	76,8
1664	2				107,5	1722	1	2	2	5	64,0
1665	0	2			39,8	1723	1	2	3	6	76,8
1666	1	4			99,6	1724	1	3	5	9	115,2
1667	1	2			59,8	1725	0	8	5	13	166,5
1668	2	1			59,8	1726	0	2	2	4	51,2
1669	1	2			59,8	1727	2	2	0	4	51,2
1670	0	3			59,8	1728	2	3	2	7	89,6
1671	0	1			19,9	1729	1	5	0	6	76,8
1672	6	8			278,9	1730	2	2	8	12	153,6
1673	0	4	1	5	64,0	1731	3	4	3	10	128,0
1674	0	0	2	2	25,6	1732	6	6	2	14	179,3
1675	0	0	1	1	12,8	1733	3	6	4	13	166,5
1676	0	2	5	7	89,6	1734	1	1	2	4	51,2
1677	2	6	4	12	153,6	1735	1	5	2	8	102,4
1678	1	0	1	2	25,6	1736	2	2	3	7	89,6
1679	0	2	7	9	115,2	1737	2	4	1	7	89,6
1680	1	5	6	12	153,6	1738	2	5	2	9	115,2
1681	1	2	1	4	51,2	1739	0	0	1	1	12,8
1682	5	1	2	8	102,4	1740	1	6	0	7	89,6
1683	0	3	1	4	51,2	1741	2	4	4	10	128,0
1684	3	3	3	9	115,2	1742	4	2	4	10	128,0
1685	4	3	2	9	115,2	1743	0	2	2	4	51,2

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANOS	Barbeiros	Gándara Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índice anual	ANOS	Barbeiros	Gándara Vilarrom.	Buscás	TOTAL	Índice anual
1744	1	5	4	10	128,0	1802	1	6	1	8	102,4
1745	2	3	4	9	115,2	1803	1	3	1	5	64,0
1746	3	2	0	5	64,0	1804	2	3	3	8	102,4
1747	0	3	0	3	38,4	1805	1	2	3	6	76,8
1748	0	2	2	4	51,2	1806	2	3	2	7	89,6
1749	3	1	2	6	76,8	1807	2	2	4	8	102,4
1750	0	1	1	2	25,6	1808	1	4	3	8	102,4
1751	4	8	3	15	192,1	1809	3	11	4	18	230,5
1752	4	3	4	11	140,8	1810	3	0	3	6	76,8
1753	3	3	3	9	115,2	1811	0	4	1	5	64,0
1754	2	6	2	10	128,0	1812	1	2	6	9	115,2
1755	2	2	8	12	153,6	1813	2	4	3	9	115,2
1756	5	5	3	13	166,5	1814	2	6	6	14	179,3
1757	2	3	5	10	128,0	1815	2	7	4	13	166,5
1758	1	0	3	4	51,2	1816	3	5	1	9	115,2
1759	3	0	1	4	51,2	1817	1	2	2	5	64,0
1760	2	5	3	10	128,0	1818	2	4	2	8	102,4
1761	2	2	0	4	51,2	1819	5	0	2	7	89,6
1762	6	5	11	22	281,7	1820	0	6	2	8	102,4
1763	2	2	1	5	64,0	1821	5	3	1	9	115,2
1764	1	4	3	8	102,4	1822	3	2	3	8	102,4
1765	0	1	1	2	25,6	1823	1	0	4	5	64,0
1766	1	5	1	7	89,6	1824	5	7	1	13	166,5
1767	1	1	1	3	38,4	1825	4	9	2	15	192,1
1768	2	3	2	7	89,6	1826	0	2	2	4	51,2
1769	0	3	0	3	38,4	1827	1	1	4	6	76,8
1770	0	5	0	5	64,0	1828	1	4	0	5	64,0
1771	2	5	1	8	102,4	1829	2	4	2	8	102,4
1772	3	5	0	8	102,4	1830	1	0	2	3	38,4
1773	1	0	3	4	51,2	1831	6	3	0	9	115,2
1774	2	3	3	8	102,4	1832	2	5	1	8	102,4
1775	1	6	0	7	89,6	1833	0	2	4	6	76,8
1776	2	7	2	11	140,8	1834	1	6	8	15	192,1
1777	7	2	3	12	153,6	1835	0	6	2	8	102,4
1778	0	3	1	4	51,2	1836	1	1	3	5	64,0
1779	1	0	3	4	51,2	1837	2	6	2	10	128,0
1780	2	3	1	6	76,8	1838	3	0	2	5	64,0
1781	1	2	4	7	89,6	1839	1	7	0	8	102,4
1782	0	2	4	6	76,8	1840	0	2	2	4	51,2
1783	2	4	5	11	140,8	1841	0	0	1	1	12,8
1784	4	5	0	9	115,2	1842	0	2	1	3	38,4
1785	0	3	2	5	64,0	1843	3	2	1	6	76,8
1786	1	0	3	4	51,2	1844	7	5	2	14	179,3
1787	1	4	3	8	102,4	1845	1	1	5	7	89,6
1788	1	0	3	4	51,2	1846	2	1	1	4	51,2
1789	2	0	2	4	51,2	1847	1	3	3	7	89,6
1790	2	2	2	6	76,8	1848	2	5	1	8	102,4
1791	0	3	1	4	51,2	1849	0	6	3	9	115,2
1792	1	4	3	8	102,4	1850	1	6	4	11	140,8
1793	2	2	3	7	89,6	1851	1	2	6	9	115,2
1794	5	3	2	10	128,0	1852	3	1	6	10	128,0
1795	4	5	6	15	192,1	1853	2	2	17	21	268,9
1796	5	2	0	7	89,6	1854	3	3	9	15	192,1
1797	5	2	1	8	102,4	1855	4	2	5	11	140,8
1798	3	7	2	12	153,6	1856	2	2	5	9	115,2
1799	1	2	2	5	64,0	1857	3	4	7	14	179,3
1800	1	3	3	7	89,6	1858	4	5	2	11	140,8
1801	3	4	2	9	115,2	1859	2	3	6	11	140,8

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.6. Capítulo 9

Táboa 1. Estruturas familiares en Galicia e Folgoso en 1752

	Folgoso		Galicia				Folgoso		Galicia		
Estructuras	**Nº**	**%**	**Total**	**Occid.**	**Ornt.**	**Estructuras**	**Nº**	**%**	**Total**	**Occid.**	**Ornt.**
SOLITARIO						**EXTENSO**					
Viúvos	4	0,71	0,90	1,00	0,60	Ascendente	14	2,48	4,60	4,80	5,60
Viúvas	8	1,42	1,80	2,00	1,50	Ascendente*	13	2,30	3,20	3,20	2,90
Solteiro	19	3,36	1,60	1,40	1,90	Descendente	5	0,88	1,10	1,00	0,90
Solteira	10	1,77	4,40	4,90	2,70	Colateral	6	1,06	5,10	4,00	8,80
Total	41	7,26	8,80	9,30	6,70	Ascdt. e Colat.	5	0,88	0,40	0,20	0,30
						total	43	7,61	14,40	13,20	18,50
SEN ESTRUCTURA FAMILIAR											**MÚLTIPLE**
S.E.F. 1	11	1,95				Ascendente	8	1,42	2,00	1,00	3,80
S.E.F. 2	5	0,88				Descendente	38	6,73	7,10	6,70	8,20
S.E.F.3	1	0,18				Colateral	4	0,71	0,80	0,60	1,40
total	17	3,01	3,30	3,40	2,90	Fréreche	2	0,35			
NUCLEAR						total	52	9,20	10,00	8,90	13,60
Parella Conxugal	42	7,43	6,60	6,80	5,80	**ESTRUCTURA INDETERMINADA**					
Parella + fillos	248	43,89	41,70	42,50	39,10	Extensas	25	4,42	69,44		
Viúvo/a + fillos	76	13,45				Múltiples	9	1,59	25,00		
Solteiro/a + fillos	10	1,77	1,50	2,10	1,40	S.E.F.	2	0,35	5,56		
total	376	66,55	62,50	64,20	57,30	total	36	6,37	0,70	1,00	1,00
						TOTAL	565	100	100	100	100

Fonte Galicia: Dubert, I. (1992)

Táboa 2. Aportes do agregado familiar segundo a estrturura deste. Folgoso (12 parroquias), 1752

estructuras	**nº de casos**	**Esps.**	**Fillos**			**Net.**	**Criad**	**Ascdt.**	**Colat.**	**Tios e Sobrñ.**	**Outros**	**Total Corrs.**	**Tamaño fogar**
			solt.	**casd.**	**total**								
Solitarios/as	41						0,71						1,71
S.E.F.	17		0,29		0,29	0,12	0,82		1,24	0,41		1,76	3,94
Nucleares	376	0,77	2,25		2,25	0,00	0,24	0,01	0,01	0,00		0,04	4,29
Extensas	43	0,65	0,93	0,30	1,23	0,47	0,58	0,35	0,26	0,19		1,86	5,02
Múltiples	52	0,85	1,19	0,63	1,83	0,69	0,27	0,19	0,44	0,17		2,77	6,52
Indeterminadas	36	0,83	1,75	0,03	1,78	0,06	0,19	0,03	0,08	0,00	1,64	0,22	5,61
Total extensas	68	0,76	1,34	0,19	1,53	0,31	0,44	0,24	0,21	0,12	0,38	1,25	5,16
Total múltiples	61	0,82	1,21	0,56	1,77	0,61	0,26	0,16	0,38	0,15	0.49	2,41	6,56
Total complexas	129	0,79	1,28	0,36	1,64	0,45	0,36	0,20	0,29	0,13	0,43	1,80	5,82

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3. Aportes dos fogares en 1708 e 1752. Folgoso (10 parroquias)

	Nº de Individuos			%			APORTES/FOGAR			diferencia 17052-1708
	sen curas			sen curas			sen curas			
	1708	1752	1752	1708	1752	1752	1708	1752	1752	
Xefe	458	485	500	29,3	22,3	22,4	1,00	1,00	1,00	0,00
esposa	358	336	336	22,9	15,5	15,1	0,78	0,69	0,67	-0,09
fillos/as	573	934	934	36,7	43,0	41,9	1,25	1,93	1,87	0,67
Xenro/nora	42	50	50	2,7	2,3	2,2	0,09	0,10	0,10	0,01
Netos	19	66	66	1,2	3,0	3,0	0,04	0,14	0,13	0,09
					0,0			0,00		
Pais/sogros	26	29	29	1,7	1,3	1,3	0,06	0,06	0,06	0,00
Colaterais	18	50	57	1,2	2,3	2,6	0,04	0,10	0,11	0,06
Tíos/as	1	6	6	0,1	0,3	0,3	0,00	0,01	0,01	0,01
Sobriños/as	18	13	18	1,2	0,6	0,8	0,04	0,03	0,04	-0,01
Outros sen lazos	3	60	61	0,2	2,8	2,7	0,01	0,12	0,12	0,12
								0,00		
Criados	44	138	168	2,8	6,4	7,5	0,10	0,28	0,34	0,19
Expósitos	1	4	4	0,1	0,2	0,2	0,00	0,01	0,01	0,01
TOTAL	1561	2171	2229	100	100	100	3,41	4,48	4,46	1,07

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Durante o período estudado a Comarca de Ordes preséntase como unha terra de transición entre as zonas máis desenvolvidas e as máis atrasadas de Galicia. A súa climatoloxía limitou a agricultura dando especial importancia á gandería. O crecemento demográfico foi débil, o que se traduciu en baixas densidades de poboación, nunha dispersión extrema do hábitat e do poboamento e na carencia de núcleos urbanos. En consecuencia, a organización do territorio recaía en camiños e feiras. As diferenzas de riqueza dentro do campesiñado foi máis acusada que noutras zonas de Galicia como consecuencia dun réxime de propiedade no que o foro tivo unha presenza reducida. As características das familias reflicte esa polarización económica, o que tamén parece ser a causa dun dos niveis máis baixos de alfabetización do noroeste peninsular.